

# Bibliografía analítica da lingua galega (2004)



FRANCISCO GARCÍA GONDAR (DIR.)  
CRISTINA BLANCO GONZÁLEZ  
AMPARO CEREIXO SILVA  
DÉBORAH GONZÁLEZ MARTÍNEZ  
DAMIÁN SUÁREZ VÁZQUEZ



**Bibliografía analítica  
da lingua galega (2004)**





# Bibliografía analítica da lingua galega (2004)

FRANCISCO GARCÍA GONDAR (DIR.)  
CRISTINA BLANCO GONZÁLEZ  
AMPARO CEREIXO SILVA  
DÉBORAH GONZÁLEZ MARTÍNEZ  
DAMIÁN SUÁREZ VÁZQUEZ

Xunta de Galicia  
Santiago de Compostela  
2006

COLECCIÓN CADERNOS DA BILEGA Nº 1

**Responsables da edición**

AMPARO CEREIXO SILVA

FRANCISCO GARCÍA GONDAR

**Edita**

XUNTA DE GALICIA

SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA

CENTRO RAMÓN PIÑEIRO PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

**Coordinador Científico**

MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

**Director Técnico de Lingüística**

GUILLERMO ROJO

**Deseño e maquetación**

ANTONIO GS

**Imprime**

LITONOR

ISSN: 1887-276X (Cadernos da BILEGA)

ISBN: (Caderno 1) 978-84-453-4494-1

Dep. Legal: C-3381-2006

## Índice xeral

LIMIAR .....	9
Contido e organización da bibliografía .....	13
Signos, abreviaturas e acrónimos empregados .....	17
Publicacións periódicas citadas .....	21
Bibliografía .....	27
Clasificación temática .....	29
Repertorio bibliográfico .....	37
Traballos xerais e obras de consulta .....	37
Fonética e fonoloxía .....	70
Morfoloxía .....	74
Sintaxe .....	83
Pragmática .....	88
Análise do discurso .....	90
Lexicoloxía .....	92
Lexicografía .....	119
Onomástica .....	130
Dialectoloxía .....	155
Sociolingüística .....	174
Lingüística histórica e crítica textual .....	251
Psicolingüística e neurolingüística .....	316
Didáctica do galego .....	317
A tradución .....	326
A interpretación .....	337

A dobraxe .....	338
Tecnoloxías da linguaxe .....	339
Traballos sobre variedades non xeográficas do galego .....	350
<b>Índices</b> .....	<b>359</b>
Índice de autores .....	359
Índice de ámbitos .....	368
Índice de períodos .....	369
Índice de variedades .....	370
Índice de identificadores .....	371
Índice de vocábulos .....	376



## LIMIAR

O repertorio bibliográfico que poñemos nas mans do lector inaugura a colección *Cadernos da BILEGA*, destinada a acoller seccións específicas (acoutadas cronoloxicamente ou por algún outro criterio) da *Bibliografía Informatizada da Lingua Galega (BILEGA)*.<sup>1</sup> Con ela tratamos de responder aos numerosos requirimentos que se nos veñen facendo –dende que se esgotou o *Repertorio bibliográfico da lingüística galega*–<sup>2</sup> para ofrecermos en edicións impresas información bibliográfica actualizada sobre a nosa lingua. Elaborámolo pensando nun público amplo, non limitado aos investigadores, os profesores de lingua e literatura ou os lingüistas que traballan como técnicos nos diferentes eidos da normalización do galego; aínda así, algunhas das sinopses que ofrecemos foron redactadas cun nivel técnico (consonte co grao de especialización dos traballos que tratan de resumir) que as fai dificilmente comprensibles para aquelas persoas que carezan dunha formación filolóxico-lingüística específica.

A cantidade de información que arestora atesoura a BILEGA (aproximadamente equivalente a unhas 6000 páxinas impresas) e a súa constante actualización non fan rendible unha edición en papel de toda a base de datos; por outra banda, estou convencido de que o futuro deste tipo de publicacións se acha no formato dixital e na difusión a través da Internet. Porén, se o que se pretende é servir información ao maior número posible de persoas, coido que hoxe aínda constitúe unha estratexia razoable compatibilizar a difusión pola rede da totalidade da base de datos coa edición en papel de seccións específicas da mesma.

Este primeiro número dos *Cadernos da BILEGA* está dedicado á produción xerada no ano 2004, incluídos os traballos reeditados nese ano e os recursos dixitais cuxa publicación se iniciara previamente, pero que aínda seguían a desenvolverse entón. A limitación a un período concreto e a pretensión de exhaustividade explican os dous anos de adiamento con que aparece. É habitual que moitas publicacións periódicas saian ata un ano e medio despois da data que lles corresponde e por iso xulgamos asisado deixar pasar ese lapso antes de cerrarmos esta monografía.

---

1 Este recurso dixital, que comezamos a desenvolver en 1994 como proxecto de investigación do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (CRPIH), está dispoñible na Internet dende novembro de 1998 no enderezo <<http://www.cirp.es/bdo/bil/>> e ofrécese arestora na versión 2.1.

2 GARCÍA GONDAR, Francisco (dir.) et al., *Repertorio bibliográfico da lingüística galega desde os seus inicios ata 1994 inclusive*, Santiago de Compostela, Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, 1995.

Debo salientar tamén que a información aquí ofrecida inclúe de forma sistemática edicións dixitais difundidas a través da Internet. Inserirímolos convencidos de que arestora xa non é posible elaborar un bo recurso de información bibliográfica sen ter en conta esta nova canle de difusión do coñecemento. A estratexia adoptada nos últimos anos por diversas institucións galegas e non galegas de dispoñibilizar na rede traballos previamente publicados en papel, ou mesmo traballos difundidos exclusivamente pola Internet, fai que o número de publicacións en liña xa sexa notorio e que previsiblemente siga a crecer nos próximos anos. No momento de redactar estas liñas, un 11% das entradas da BILEGA tiña, polo menos, unha edición en liña non venal e, con referencia ao ano 2004, os datos que aquí presentamos amosan 308 entradas na mesma situación, o cal representa algo máis do 38% do total.

Para a elaboración deste repertorio adoptamos os mesmos criterios empregados na BILEGA e por esta razón non se pode considerar unha bibliografía selectiva que acolla só traballos académicos de investigación. Contén tamén outros contributos de carácter divulgativo ou de opinión que, malia xulgárense menos relevantes dende a perspectiva académica, poden resultar útiles a persoas sen unha formación filolóxico-lingüística específica ou permiten reflectir máis obxectivamente o estado de opinión sobre cuestións idiomáticas aínda suxeitas a discusión, nomeadamente nos eidos da normativización e da normalización social da lingua; alén diso, inclúe aleatoriamente referencias de traballos pertencentes a outros campos científicos<sup>3</sup> que poden ser de utilidade para a investigación / coñecemento do léxico galego ou dos textos medievais. O noso obxectivo é a exhaustividade no campo dos estudos lingüísticos, malia sabermos de antemán que constitúe unha meta difícil de acadar. Debido a esta amplitude, mantemos a clasificación das entradas nalgunha das dúas categorías que se utilizan no campo da BILEGA referido ao tipo de traballo (*investigación vs. divulgación / opinión*), coa pretensión de facer posible a consulta selectiva da bibliografía segundo o nivel de coñecementos filolóxico-lingüísticos dos usuarios. Emporiso, cómpre recoñecer que a explotación selectiva dun recurso deste tipo resulta moito máis doada e efectiva na consulta en liña. Quen coñeza ben a BILEGA sabe que, simplemente limitando as buscas con algunha das dúas categorías que acabo de mencionar, pode obter resultados semellantes aos que lle fornecería unha bibliografía selectiva especializada ou ben de carácter unicamente divulgativo.

Na recolleita e clasificación dos traballos evitamos calquera tipo de exclusión e procuramos aplicar os valores utilizados para clasificar as entradas (os mesmos que se empregan na BILEGA para facilitarlles aos usuarios a restrición das buscas)

---

<sup>3</sup> Trátase de traballos procedentes, principalmente, da *etnografía*, da *historia* e da *ecdótica* ou *crítica textual*; este último é o campo da *filoloxía* en que conflúen os saberes lingüísticos e literarios.

sen condicionamentos ideolóxicos (entre eles, os glotopolíticos, que tanta relevancia tiveron e teñen aínda no noso ámbito cultural). As ausencias ou os erros de clasificación que se poidan detectar serán sempre froito da nosa ignorancia e non debidos a exclusións ou avaliacións motivadas por algunha outra razón. Como director da BILEGA, creo poder asegurar que en ningunha outra bibliografía sobre a lingua galega das ata agora publicadas se puxo tanto empeño en evitar este tipo de exclusións que, por desgraza, aínda se exercen en nome de criterios científico-académicos, no mellor dos casos.

Non é posible lembrar aquí as moitas persoas coas que estamos en débeda por facilitarnos información ou materiais que contribuíron a resolver algún dos moitos problemas bibliográficos que xorden a cotío ou por participaren directamente na construción da base de datos. Merecen especial mención as bolseiras que, xunto cos autores deste caderno, traballaron previamente na BILEGA: María Teresa Araujo García, Inés Diz Gamallo, Eva Domínguez Noya, Susana García Rodríguez, María Teresa Monteagudo Cabaleiro e Pilar Vázquez Grandas. Nestas páxinas perduran aínda bastantes pegadas do seu labor e, persoalmente, manteño unha viva lembranza dos devezos con que asumimos o desenvolvemento inicial da BILEGA e do *Corpus de Referencia do Galego Actual* (CORGA). Tamén quero testemuñar o meu agradecemento a Meike Lippert, da Universidade de Tréveris, e a Paulo Malvar Fernández, que traballaron como colaboradores externos na elaboración dalgúns sinopses. Grazas aos administrativos do CRPIH e aos sucesivos responsables da biblioteca do Centro, sempre coa mellor disposición para tramitaren as nosas solicitudes e localizaren os traballos que precisabamos consultar. A Guillermo Rojo débolle non só a confianza e constante alento, senón tamén a súa xenerosidade por estar sempre disposto a compartir comigo os seus moitos saberes de informática; el é o responsable dos programas que serviron para xerar os índices deste caderno. Por último, a miña gratitude para Xavier Varela Barreiro, Xesús Ferro Ruibal, Luís Alonso Girgado e Marisol López Martínez, por saberen estimar a contribución á difusión e ao estudo do idioma galego que trata de facer a BILEGA e animarme a perseverar no seu desenvolvemento.

Francisco García Gondar  
Nadal de 2006



## CONTIDO E ORGANIZACIÓN DA BIBLIOGRAFÍA

Os 1550 asentos bibliográficos (incluídas as recensións) de que consta este repertorio aparecen organizados en 803 entradas. A información de cada entrada reproduce, agás nalgúns detalles pouco relevantes, a que había na BILEGA o 31/12/2006. Isto significa que non se ofrecen só datos de edicións de 2004, senón a historia editorial completa de cada traballo. Por esta razón, ademais das 602 entradas con traballos publicados por primeira vez nese ano, hai outras 201 que corresponden a reedicións de traballos publicados previamente e a algúns recursos dixitais cuxa publicación na Internet comezou nos anos inmediatamente anteriores a 2004<sup>1</sup>, pero que aínda seguían en fase de desenvolvemento nese ano. Tamén se poden achar algúns asentos bibliográficos dos anos 2005 e 2006 que constitúen reedicións de traballos publicados en 2004.

A xeración inicial do texto e dos índices levouse a cabo en agosto de 2006, momento en que a BILEGA contiña 762 entradas con edicións de 2004. Porén, durante os meses que dedicamos á composición do texto entraron na base de datos outras 41 referencias dese ano, que non quixemos renunciar a incluír no repertorio. Como xa non era posible modificar a ordenación inicial, pois iso nos obrigaría a xerar de novo o texto e os índices, tivemos que duplicar, e mesmo triplicar, a numeración dalgunhas entradas para inserirmos no lugar adecuado as novas referencias. Por desgraza, temos constancia de que aínda están pendentes de publicar algúns traballos que sairán con data de 2004, o cal fai imposible acadarmos o obxectivo de ofrecer unha relación completa da produción correspondente a ese ano.

Os criterios adoptados para a ordenación das entradas foron os seguintes (na orde en que se citan):

- Tema primeiro (dos cinco que, como máximo, se lle poden asignar a un traballo na BILEGA).
- Nome(s) do(s) autor(es).
- Título (figurando en primeiro lugar os artigos ou capítulos de monografías e logo as monografías).

---

1 É o caso dos corpus que se citan nas seccións temáticas 9211 e 9212.

O repertorio de 273 temas que empregamos para a clasificación dos traballos é unha versión simplificada do correspondente tesouro da BILEGA, que consta dun total de 543 entradas. Utilizarmos este último implicaría presentar moitas seccións temáticas sen ningunha entrada, o cal xulgamos que non tiña sentido. Por outra banda, cando a un traballo se lle asignou máis dun tema, os datos completos do mesmo aparecen só na sección correspondente ao primeiro tema, mentres que nas demais seccións só se dá a referencia numérica que o identifica.

A información de cada entrada aparece organizada do seguinte xeito:

- Datos bibliográficos: autor(es), título(s), edición(s).
- Caracterización do traballo segundo os parámetros de TIPO, ÁMBITO, ENFOQUE, PERIODO(S) ESTUDADO(S), VARIEDADE(S) ESTUDADA(S).
- Sinopse.
- Recensións.

Procuramos que a información ofrecida sexa o máis completa posible e que os datos propiamente bibliográficos resulten transparentes, razón pola que é frecuente que nos datos de edición recorramos ao emprego de corchetes para incluír elementos que non aparecen no orixinal. A información bibliográfica amosa un grao de detalle intermedio entre a que acostuma a aparecer nunha ficha catalográfica e a que habitualmente se atopa nas citas de traballos académicos, xeralmente máis concisa. Entre os aspectos que pensamos que poden resultar menos comprensibles, salientamos estes dous:

a) Coa inclusión da abreviatura *fac.* nas edicións en liña queremos indicar que a paxinación do texto publicado na Internet coincide coa do texto impreso previamente, polo que a edición dixital se pode interpretar como unha edición facsímile. É unha información que coidamos útil para aquelas persoas que necesiten botar man dunha cita tirada dalgúns deses traballos, pois poderán facelo identificando a referencia na edición dixital como se estivesen a consultar a edición impresa.

b) Cando unha recensión ou nota de publicación dun traballo forma parte dunha recensión máis ampla, fanse constar primeiro as páxinas desta última e logo, entre corchetes, as páxinas específicas dedicadas ao traballo en cuestión, sempre que foi posible a consulta do texto.

Para as edicións en liña tratamos de ofrecer os mesmos elementos de cita que para as edicións impresas (lugar de edición, editorial ou institución editora, ano e páxinas), engadindo o nome do portal (de habelo), o enderezo web, a indicación

do formato do texto e a última data en que visitamos a páxina. Porén, cando o traballo aparece publicado pola mesma editorial ou institución que o editou en papel, prescindimos de repetir os datos (o mesmo que se fai nas reedicións en papel) e indicamos unicamente o enderezo web, o formato e a data de consulta. Por desgraza, o ámbito da edición na Internet aínda amosa un grao de estandarización que xulgamos baixo e isto dificulta a elaboración da referencia bibliográfica para este tipo de publicacións.<sup>2</sup>

Na caracterización dos traballos utilizamos os seguintes valores:

- 1) TIPO: investigación, divulgación / opinión.
- 2) ÁMBITO<sup>3</sup>: xeral / panrománico, iberorrománico, galego, portugués, castelán, asturiano-leonés.
- 3) ENFOQUE: sincrónico, diacrónico, ambos os dous.
- 4) PERÍODO(S) ESTUDADO(S): prerromance, galego antigo (galego-portugués), galego medio, galego moderno.
- 5) VARIEDADE(S) ESTUDADA(S), cuxos valores se organizan tendo en conta as catro principais dimensións da variación intraidiomática que habitualmente se consideran nos estudos lingüísticos (ademais da temporal): espacial, sociocultural, situacional e de medio<sup>4</sup> (vid. os valores no índice final de variedades).

As sinopses conteñen referencias internas a outras entradas da bibliografía que son citadas no traballo que é obxecto do resumo ou que están relacionadas con el; tamén poden conter referencias a rexistros da BILEGA, cando o traballo citado

---

2 Por exemplo, é moi frecuente que non se indique nin o lugar, nin a data de publicación, datos que nós tratamos de restituír, cando nos resultan coñecidos, presentándoos entre corchetes. Por outra banda, aínda é moi habitual ignorar o feito de que regulamentariamente as publicacións dixitais constitúen edicións distintas das impresas e, por esta razón, poden ser identificadas cun número específico (ISBN ou ISSN, segundo os casos) distinto do asignado ao mesmo texto publicado en papel.

3 Téñase en conta que os traballos que estudan exclusivamente o período do galego antigo (ou galego-portugués) tamén se clasifican dentro do ámbito galego. Os que, ademais de estudaren o período galego-portugués, analizan algún outro período do portugués aparecen clasificados dentro do ámbito portugués.

4 A caracterización dos traballos a partir da diferenza lingua oral / lingua escrita non está implementada arestora na BILEGA, de tal xeito que se inclúe aquí como información suplementaria á que se pode encontrar na base de datos.

non forma parte deste repertorio pero é posible localizalo na base de datos, onde se poderán consultar os detalles sobre as súas edicións e contido.

Como complemento da bibliografía, ofrecemos seis índices que tratan de facilitar a localización dos traballos en función de criterios distintos ao temático: autores (incluídos os autores de recensións), ámbitos, períodos, variedades, identificadores e vocábulos estudados. Porén, debemos advertir que este último, cuxa utilidade cremos que é evidente, non é un índice exhaustivo, pois unicamente recolle as voces, expresións ou elementos gramaticais que foron incluídos nas correspondentes sinopses.



## SIGNOS, ABREVIATURAS E ACRÓNIMOS UTILIZADOS

(=) = nome dunha serie ou colección

? = dato sen confirmar

[ ] = dato que non figura no orixinal

[=] = título dun volume de revista

[A.] = sinopse elaborada polo autor do traballo

A = Cancioneiro da Ajuda

a. / aa. = ano / anos

ACOurense = Arquivo da Catedral de Ourense

ACSantiago = Arquivo da Catedral de Santiago de Compostela

act. = actualizada

ACTui = Arquivo da catedral de Tui

adx. = adxectivo

adv. = adverbio

AGAL = Associação Galega da Língua

AHDSantiago = Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela

AHDTui = Arquivo Histórico Diocesano de Tui

AHNMadrid = Arquivo Histórico Nacional (Madrid)

AHPOurense = Arquivo Histórico Provincial de Ourense

AHRG = Arquivo Histórico do Reino de Galicia (A Coruña)

AHUS = Arquivo Histórico Universitario (Santiago de Compostela)

al. = alemán / alemá

ALGa = Atlas Lingüístico Galego

ALPI = Atlas Lingüístico de la Península Ibérica

amb. = ámbito

ant. = antigo

apdo. / apdos. = apartado / apartados

ár. = árabe

art. = artigo

AS = Principado de Asturias

ASPantealtares = Arquivo do Convento de San Paio de Antealtares (Santiago)

AS-PG = Asociación Socio-Pedagóxica Galega

ASPGP = Associação Sócio-Pedagógica Galaico-Portuguesa

ast. = asturiano

aum. = aumentada

B = Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa, cod. 10991

berc. = berciano

berc. = galego do Bierzo

BILEGA= Bibliografía Informatizada da Lingua Galega: Versión 2.1 (<http://www.cirp.es/bdo/bil/>)

*Signos, abreviaturas e acrónimos utilizados*

- BNE* = Biblioteca Nacional de España (Madrid)  
*BNG* = Bloque Nacionalista Galego  
*BOE* = Boletín Oficial del Estado  
*bras.* = portugués do Brasil  
*BUP* = Bacharelato Unificado Polivalente  
*C* = Galego moderno  
*CA* = Cancioneiro da Ajuda  
*ca.* = circa  
*cap.* / *caps.* = capítulo / capítulos  
*[CAPES]* = sinopse elaborada a partir da información que aparece na base de datos CAPES (<http://www.capes.gov.br/>)  
*cast.* = castelán / castelá  
*CBN* = Cancioneiro da Biblioteca Nacional (antigo Colocci-Brancuti)  
*CC.AA.* = Comunidades Autónomas  
*CCir* = complemento circunstancial  
*CDir* = complemento directo  
*CD-ROM* = disco compacto  
*cf.* = compárese  
*CIPM* = Corpus Informatizado do Portugués Medieval  
*CLUVI* = Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo  
*CO* = provincia da Coruña  
*CODOLGA* = Corpus Documentale Latinum Gallaeciae  
*col.* = columna, -as  
*colab.* = colaborador, -a  
*conx.* = conxunción  
*coord.* / *coords.* = coordinador, -a / coordinadores, -as  
*CORGA* = Corpus de Referencia do Galego Actual  
*corr.* = corrixida  
*CSM* = Cantigas de Santa María  
*dix.* = dixital  
*dir.* = director, -a  
*doc.* / *docs.* = documento / documentos  
*docum.* = documentación  
*DOG* = Diario Oficial de Galicia  
*DRAE* = Diccionario de la lengua española (Real Academia Española)  
*DSG* = Demanda do Santo Graal  
*DVD-ROM* = disco versátil dixital  
*E* = galego medio  
*ed.* / *eds.* = editor, -a / editores, -as; edición / edicións  
*ESO* = Ensino Secundario Obrigatorio  
*et al.* = e outros  
*etim.* = etimoloxía  
*EXB* = Educación Xeral Básica  
*f.* = folla / follas

*facs.* = facsímile  
*FN* = frase nominal  
*fol.* = folio / folios  
*fr.* = francés / francesa  
*fras.* = fraseoloxismo  
*GA* = Galicia  
*gal.* = galego / galega  
*gal.-ast.* = galego de Asturias  
*gal.-port.* = galego-portugués  
*gót.* = gótico  
*hid.* = hidrónimo  
*IAN/TT* = Instituto dos Arquivos Nacionais / Torre do Tombo (Lisboa)  
*ibid.* = ibidem  
*ide.* = indoeuropeo, -a  
*il.* = ilustración / ilustracións, ilustrador, -a  
*ILG* = Instituto da Lingua Galega (Santiago de Compostela)  
*inc.* = incipit  
*inf.* = información  
*ingl.* = inglés / inglesa  
*inv.* = investigador, -a  
*it.* = italiano  
*lám.* = lámina / láminas  
*lat. clás.* = latín clásico  
*lat. vg.* = latín vulgar  
*LE* = provincia de León  
*loc.* = locución  
*LU* = provincia de Lugo  
*M* = galego antigo (= galego-portugués)  
*MDGA* = Mesa prá Defensa del Galego de Asturias e da Cultura da Comarca  
*med.* = medieval  
*[M.L.]* = sinopse elaborada por Meike Lippert (Universidade de Tréveris)  
*mod.* = moderno  
*moder.* = moderador/a  
*ms.* = manuscrito  
*MSG* = Mapa Sociolingüístico de Galicia  
*N* = Pergamiño Vindel  
*n.v.* = edición non venal  
*nº / núms.* = número / números  
*org. / orgs.* = organizador, -a / organizadores, -as  
*OU* = provincia de Ourense  
*P* = prerromance  
*p.* = páxina / páxinas  
*[P.M.F.]* = sinopse elaborada por Paulo Malvar Fernández (Universidade de Santiago de Compostela)

*Signos, abreviaturas e acrónimos utilizados*

*P1* = 1ª persoa singular

*P2* = 2ª persoa singular

*P3* = 3ª persoa singular

*PatRom* = Patronymica Romanica

*PCC* = Proxecto Curricular de Centro

*PO* = provincia de Pontevedra

*port.* = portugués / portuguesa

*PP* = Partido Popular

*pron.* = pronome

*PT* = Portugal

*public. / publics.* = publicación / publicacións

*RAG* = Real Academia Galega (A Coruña)

*rec. / recs.* = recensión / recensións

*red.* = redactor, -a

*reed.* = reedición

*res.* = resumo; resumido / resumida

*resp.* = responsable

*rev.* = revisada

*RTVG* = Radio Televisión de Galicia (Santiago de Compostela)

*Sal.* = Salamanca

*s.d.* = data de publicación sen especificar

*s.l.* = lugar de publicación sen especificar

*s.n.* = editorial sen especificar

*san.* = sanabrés

*séc. / sécs.* = século / séculos

*sep.* = separata

*sg.* = singular

*SNL* = Servizo de Normalización Lingüística

*subst.* = substantivo

*suf.* = sufixo

*SUX* = suxeito

[*TESEO*] = sinopse elaborada a partir da información que aparece na base de datos TESEO (<http://www.mec.es/teseo>)

*TILG* = Tesouro Informatizado da Lingua Galega

*TMILG* = Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega

*tr.* = tradutor, -a / tradutores, -as

*trad.* = tradución

*trans.* = transcritor, -a / transcritores, -as

*UE* = Unión Europea

*V* = Cancioneiro da Biblioteca Vaticana, cod. *Vat. Lat. 4803*

*v.* = volume / volumes

*vs.* = fronte a

*ZA* = provincia de Zamora

## PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS CITADAS

<i>A Estrada</i>	<i>A Estrada: Miscelánea histórica e cultural</i> , A Estrada, Pontevedra, Museo do Pobo Estradense Manuel Reimóndez Portela.
<i>A Nosa Terra</i>	<i>A Nosa Terra: Idearium das Irmandades da Fala</i> , A Coruña, Imp. Nós.
<i>A Trabe de Ouro</i>	<i>A Trabe de Ouro: Publicación galega de pensamento crítico</i> , Santiago de Compostela, Sotelo Blanco.
<i>Aemilianense</i>	<i>Aemilianense: Revista internacional sobre la génesis y los orígenes históricos de las lenguas romances</i> , Logroño, Fundación San Millán de la Cogolla.
<i>Agália</i>	<i>Agália: Revista internacional da Associação Galega da Língua</i> , Ourense / A Coruña, Associação Galega da Língua (AGAL).
<i>AICL</i>	<i>Anuário Internacional de Comunicação Lusófona</i> , Lisboa, Federação Internacional de Ciências da Comunicação.
<i>Alcuentros</i>	<i>Alcuentros: Revista cántabra de lenguas minoritarias = Revista cántabra de lenguas acaecias</i> , < <a href="http://www.alcuentros.org">http://www.alcuentros.org</a> >.
<i>Alfa</i>	<i>Alfa: Revista de Lingüística</i> , São Paulo, SP, Fundação para o Desenvolvimento da Universidade Estadual São-Paulista (UNESP).
<i>Anuario Brigantino</i>	<i>Anuario Brigantino: Historia - Etnografía - Bellas Artes - Administración municipal - Actualidades</i> , Betanzos, A Coruña, Concello de Betanzos.
<i>BAL</i>	<i>Boletín de Administración e Língua</i> , Santiago de Compostela, Escola Galega de Administración Pública.
<i>BAu</i>	<i>Boletín Auriense</i> , Ourense, Museo Arqueolóxico Provincial.
<i>BBAHLM</i>	<i>Boletín Bibliográfico de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval</i> , Barcelona, Asociación Hispánica de Literatura Medieval.
<i>BBPMMatosinhos</i>	<i>Boletim da Biblioteca Pública Municipal de Matosinhos</i> , Matosinhos, Biblioteca Pública Municipal.
<i>BCPMHAOr</i>	<i>Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense</i> , Ourense, Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos.
<i>BGLi</i>	<i>Boletín Galego de Literatura</i> , Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.
<i>BHS</i>	<i>Bulletin of Hispanic Studies</i> , Liverpool, Liverpool University Press.
<i>Biblos</i>	<i>Biblos: Revista da Faculdade de Letras da Universidade de Coimbra</i> , Coimbra, Universidade de Coimbra.
<i>BMPLu</i>	<i>Boletín do Museo Provincial de Lugo</i> , Lugo, Deputación Provincial de Lugo.
<i>BOPontevedra</i>	<i>Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra</i> , Pontevedra, Deputación Provincial de Pontevedra.
<i>BRAE</i>	<i>Boletín de la Real Academia Española</i> , Madrid, Real Academia Española.
<i>BRAG</i>	<i>Boletín da Real Academia Galega</i> , A Coruña, Real Academia Galega.
<i>Brigantium</i>	<i>Brigantium</i> , A Coruña, Museo Arqueolóxico e Histórico.

Publicacións periódicas citadas

<i>Cadernos de Lingua</i>	<i>Cadernos de Lingua</i> , A Coruña, Real Academia Galega.
<i>Cadernos do CNLF</i>	<i>Cadernos do CNLF</i> , Rio de Janeiro, Círculo Fluminense de Estudos Filolóxicos e Lingüísticos, < <a href="http://www.filologia.org.br">http://www.filologia.org.br</a> >.
<i>Cadernos do Povo</i>	<i>Cadernos do Povo: Revista Internacional da Lusofonia</i> , Pontevedra / Braga, Fundación Europea «Viqueira» / Instituto de Estudos Lusogalaicos.
<i>Campo del Tablado</i>	<i>Campo del Tablado: Revista asturgalaica de cultura</i> , Castropol, Asturias, Sociedad Asturgalaica de Amigos del País.
<i>Cartafol de libros</i>	<i>Cartafol de libros.</i> , [s.l.], Vieiros, < <a href="http://www.vieiros.org/publicacions/veredicion.php?Ed=38">http://www.vieiros.org/publicacions/veredicion.php?Ed=38</a> >.
<i>Cátedra</i>	<i>Cátedra: Revista eumesa de estudos</i> , Pontedeume, A Coruña, Concello de Pontedeume.
<i>CEG</i>	<i>Cuadernos de Estudios Gallegos</i> , Santiago de Compostela, CSIC, Instituto «Padre Sarmiento de Estudios Gallegos».
<i>CFG</i>	<i>Cadernos de Fraseoloxía Galega</i> , Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Secretaría Xeral de Política Lingüística, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, < <a href="http://www.cirp.es/pub2/index.html">http://www.cirp.es/pub2/index.html</a> >.
<i>CLAC</i>	<i>Círculo de Lingüística Aplicada a la Comunicación (CLAC)</i> , Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Facultad de Ciencias de la Información, Departamento de Filología Española III, < <a href="http://www.ucm.es/info/circulo/index.htm">http://www.ucm.es/info/circulo/index.htm</a> >.
<i>CLCHM</i>	<i>Cahiers de Linguistique et de Civilisation Hispaniques Médiévales.</i> , Paris, Université de Paris-XIII, Séminaire d'Études Médiévales Hispaniques.
<i>Compostellanum</i>	<i>Compostellanum: Revista trimestral de la Archidiócesis de Santiago de Compostela</i> , Santiago de Compostela, Archidiócesis de Santiago.
<i>Cotaredo</i>	<i>Cotaredo: Revista cultural e turística do Concello de Forcarei</i> , Forcarei, Pontevedra, Concello de Forcarei, Concellería de Cultura, < <a href="http://www.forcarei.net/html/cotaredo/">http://www.forcarei.net/html/cotaredo/</a> >.
<i>Crítica del Testo</i>	<i>Crítica del Testo</i> , Roma, Viella.
<i>CRLN</i>	<i>Comparative Romance Linguistics Newsletter</i> , College Station, TX, Texas A&M University, Department of Hispanic Studies, < <a href="http://www.csd.tamu.edu/~crln/">http://www.csd.tamu.edu/~crln/</a> >.
<i>Cuadrante</i>	<i>Cuadrante: Revista cultural de la Asociación Amigos de Valle-Inclán</i> , Vilanova de Arousa, Casa da Cultura, Asociación Amigos de Valle-Inclán.
<i>Cultura Neolatina</i>	<i>Cultura Neolatina: Rivista di Filologia Romanza</i> , Modena, Mucchi.
<i>DAb/A</i>	<i>Dissertation Abstracts International: Abstracts of dissertations available on microfilm or as xerographic reproduction. Section A: The Humanities and Social Sciences</i> , Ann Arbor, MI, University Microfilms International.
<i>Diacrítica</i>	<i>Diacrítica: Revista do Centro de Estudos Humanísticos</i> , Braga, Universidade do Minho.
<i>Diario de Galicia</i>	<i>Diario de Galicia: Periódico de la mañana, telegráfico, noticiero y de información cultural</i> , Santiago de Compostela.
<i>Educación en Galicia</i>	<i>Educación en Galicia: Revista mensual</i> , Santiago de Compostela, Alameda.
<i>El Extramundi</i>	<i>El Extramundi y los papeles de Iria Flavia: Revista trimestral fundada y dirigida por Camilo José Cela</i> , Iria Flavia, Padrón, A Coruña, Fundación Camilo José Cela.
<i>El Pueblo Gallego</i>	<i>El Pueblo Gallego: Diario de la mañana</i> , Vigo.

<i>Entrambasauguas</i>	<i>Entrambasauguas.</i> , Uviéu, Academia de la Llingua Asturiana, Secretaría Llingüística del Navia-Eo.
<i>Epos</i>	<i>Epos: Revista de filología</i> , Madrid, UNED.
<i>Espéculo</i>	<i>Espéculo: Revista de Estudios Literarios</i> , Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Facultad de Ciencias de la Información, < <a href="http://www.ucm.es/info/especulo/">http://www.ucm.es/info/especulo/</a> >.
<i>Estudios Humanísticos</i>	<i>Estudios Humanísticos: Filología</i> , León, Universidad de León.
<i>Estudios Mindonienses</i>	<i>Estudios Mindonienses: Anuario de estudios histórico-teolóxicos de la Diócesis de Mondoñedo-Ferrol</i> , Ferrol, A Coruña, Centro de Estudios da Diócese de Mondoñedo-Ferrol.
<i>Estudis Romànics</i>	<i>Estudis Romànics</i> , Barcelona, Institut de Llengua Catalana.
<i>Estudos Lingüísticos</i>	<i>Estudos Lingüísticos</i> , São Paulo, SP, Grupo de Estudos Lingüísticos do Estado de São Paulo, < <a href="http://www.gel.org.br">http://www.gel.org.br</a> >.
<i>Faro de Vigo</i>	<i>Faro de Vigo: Periódico mercantil, agrícola e industrial</i> , Vigo.
<i>Galicia Histórica</i>	<i>Galicia Histórica: Revista bimestral</i> , Santiago de Compostela, Tip. Galaica.
<i>Galicia-Vi</i>	<i>Galicia. Diario de Vigo</i> , Vigo.
<i>Galicien Magazin</i>	<i>Galicien Magazin: Zeitschrift der Deutsch-Galicischen Gesellschaft</i> , Trier, Galicien-Zentrum.
<i>GLN</i>	<i>Guía dos Libros Novos</i> , Santiago de Compostela, Noroeste.
<i>Grial</i>	<i>Grial: Revista galega de cultura</i> , Vigo, Galaxia.
<i>Ianua</i>	<i>Ianua: Revista Philologica Romanica</i> , [s.l.], Romania Minor, < <a href="http://www.romaniaminor.net/ianua/">http://www.romaniaminor.net/ianua/</a> >.
<i>Innovación Educativa</i>	<i>Innovación Educativa: Revista de ciencias de la educación</i> , Santiago de Compostela, Departamento de Didáctica e Organización Escolar.
<i>Inventário</i>	<i>Inventário: Revista dos Estudantes do Programa de Pós-Graduação em Letras e Linguística da Universidade Federal da Bahia</i> , Salvador, BA, Universidade Federal da Bahia, < <a href="http://www.inventario.ufba.br/">http://www.inventario.ufba.br/</a> >.
<i>KDGK</i>	<i>Kanagawa Daigaku Gengo Kenkyu [= Estudios Lingüísticos da Universidade de Kanagawa]</i> , Kanagawa, Kanagawa Daigaku Gaikokugo Kenkyu Senta [= Universidade de Kanagawa, Centro de Estudos Lingüísticos].
<i>La Voz de Galicia</i>	<i>La Voz de Galicia</i> , A Coruña, La Voz de Galicia.
<i>Language and Literature</i>	<i>Language and Literature: Journal of the Poetics and Linguistics Association</i> , Harlow, Longman.
<i>Language Design</i>	<i>Language Design: Journal of Theoretical and Experimental Linguistics</i> , Granada, Universidad de Granada, Departamento de Lingüística General, < <a href="http://elies.rediris.es/publicaciones.html#revistas">http://elies.rediris.es/publicaciones.html#revistas</a> >
<i>Lengas</i>	<i>Lengas: Revue de Sociolinguistique</i> , Montpellier, Université Paul-Valéry, Centre d'Études Occitanes.
<i>Lethes</i>	<i>Lethes: Cadernos Culturais do Limia</i> , Ourense, Centro de Cultura Popular do Limia.
<i>LLBA</i>	<i>Linguistics and Language Behavior Abstracts</i> , San Diego, CA, Sociological Abstracts.
<i>Llengua i Dret</i>	<i>Revista de Llengua i Dret</i> , Barcelona, Escola d'Administració Pública de Catalunya.

Publicacións periódicas citadas

<i>Lletres Asturianas</i>	<i>Lletres Asturianas: Boletín oficial de l'Academia de la Llingua Asturiana</i> , Uviéu, Academia de la Llingua Asturiana.
<i>Logos</i>	<i>Logos: Boletín católico mensual da «Deus Fratresque Gallaeciae»</i> , Pontevedra.
<i>Lucensia</i>	<i>Lucensia: Miscelánea de cultura e investigación</i> , Lugo, Biblioteca do Seminario Diocesano.
<i>Madrygal</i>	<i>Madrygal: Revista de estudos gallegos</i> , Madrid, Universidad Complutense, Titulación de Filología Románica, < <a href="http://www.ucm.es/BUCM/revistasBUC/portal">http://www.ucm.es/BUCM/revistasBUC/portal</a> >.
<i>Medioevo Romanzo</i>	<i>Medioevo Romanzo</i> , Bologna, Il Mulino.
<i>Moenia</i>	<i>Moenia: Revista lucense de lingüística &amp; literatura</i> , Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións.
<i>Murguía</i>	<i>Murguía: Revista Galega de Historia</i> , Santiago de Compostela, Asociación Galega de Historiadores/as / Colectivo Murguía.
<i>Nós</i>	<i>Nós: Boletín mensual da cultura galega. Orgao da Sociedade «Nós»</i> , Ourense / A Coruña / Santiago, Sociedade Galega de Publicacións «Nós».
<i>Novas CTNL</i>	<i>Novas CTNL: Boletín da Coordinadora de Traballadores e Traballadoras de Normalización da Lingua</i> , [Santiago de Compostela], CTNL.
<i>NRO</i>	<i>Nouvelle Revue d'Onomastique</i> , Paris, Société Française d'Onomastique.
<i>O Cartafol</i>	<i>O Cartafol: Revista do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago</i> , Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Normalización Lingüística, < <a href="http://ocartafol.usc.es/">http://ocartafol.usc.es/</a> >.
<i>Paremia</i>	<i>Paremia</i> , Madrid, Asociación Cultural Independiente.
<i>Philologus</i>	<i>Revista Philologus.</i> , Rio de Janeiro, RJ, Círculo Fluminense de Estudos Filológicos e Lingüísticos, < <a href="http://www.filologia.org.br/">http://www.filologia.org.br/</a> >.
<i>PLN</i>	<i>Procesamiento del Lenguaje Natural: Revista</i> , Madrid, Sociedad Española para el Procesamiento del Lenguaje Natural, < <a href="http://www.sepln.org/revistaSEPLN/revisePLN.htm">http://www.sepln.org/revistaSEPLN/revisePLN.htm</a> >.
<i>Pontenorga</i>	<i>Pontenorga: Revista de estudos sociolingüísticos</i> , Pontevedra, Deputación de Pontevedra.
<i>Quaderns d'Italià</i>	<i>Quaderns d'Italià</i> , Barcelona, Istituto Italiano di Cultura de Barcelona / Universitat Autònoma de Barcelona / Universitat de Barcelona / Universitat de Girona, Àrees de Filologia Italiana.
<i>RAEI</i>	<i>Revista Alicantina de Estudios Ingleses</i> , Alicante, Universidad de Alicante, Departamento de Filología Inglesa.
<i>Raigame</i>	<i>Raigame: Revista de Arte, Cultura e Tradicións Populares</i> , Ourense, Deputación Provincial, < <a href="http://www.depourense.es/web/cultura.htm">http://www.depourense.es/web/cultura.htm</a> >.
<i>Razón y Fe</i>	<i>Razón y Fe: Revista mensual hispanoamericana de cultura</i> , Madrid, [s.n.].
<i>RDTP</i>	<i>Revista de Dialectología y Tradiciones Populares</i> , Madrid, CSIC, Instituto «Miguel de Cervantes».
<i>RDV</i>	<i>Res Diachronicae Virtual: Boletín de la Asociación de Jóvenes Investigadores de Historiografía e Historia de la Lengua Española</i> , [s.l.], Asociación de Jóvenes Investigadores de Historiografía e Historia de la Lengua Española (AJIHLE), < <a href="http://home.pages.at/resdi/">http://home.pages.at/resdi/</a> >.
<i>REMiñ</i>	<i>Revista de Estudios Miñoranos</i> , Gondomar, Instituto de Estudios Miñoranos.
<i>RER</i>	<i>Revista de Estudios Rosalianos</i> , Padrón, A Coruña, Fundación Rosalía de Castro, Centro de Estudios Rosalianos.



<i>Revista de Etnografía</i>	<i>Revista de Etnografía</i> , Porto, Museu de Etnografía e História.
<i>Revista do GEL</i>	<i>Revista do GEL: Grupo de Estudos Lingüísticos do Estado de São Paulo</i> , São Paulo, SP, Contexto.
<i>Revista do GELNE</i>	<i>Revista do Grupo de Estudos Lingüísticos do Nordeste</i> , Fortaleza, CE, Universidade Federal do Ceará.
<i>RFE</i>	<i>Revista de Filología Española</i> , Madrid, CSIC, Instituto «Miguel de Cervantes».
<i>RFPort</i>	<i>Revista de Filología Portuguesa</i> , São Paulo, SP, Vieira.
<i>RFR</i>	<i>Revista de Filología Románica</i> , Madrid, Universidad Complutense, Facultad de Filología, Departamento de Filología Románica, < <a href="http://www.ucm.es/BUCM/revistasBUC/portal">http://www.ucm.es/BUCM/revistasBUC/portal</a> >.
<i>RGaF</i>	<i>Revista Galega de Filoloxía</i> , A Coruña, Universidade da Coruña, Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística, Área de Filoloxías Galega e Portuguesa.
<i>RGEc</i>	<i>Revista Galega de Economía: Publicación Interdisciplinar da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais</i> , Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.
<i>RGEN</i>	<i>Revista Galega do Ensino</i> , [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, < <a href="http://www.edu.xunta.es/ftpserver/portal/DXPL/revistagalega/">http://www.edu.xunta.es/ftpserver/portal/DXPL/revistagalega/</a> >.
<i>RILib</i>	<i>Revista Internacional de Lingüística Iberoamericana</i> , Frankfurt am Main, Veruert.
<i>RItOn</i>	<i>Rivista Italiana di Onomastica</i> , Roma, Società Editrice Romana.
<i>RJb</i>	<i>Romanistisches Jahrbuch</i> , Berlin / New York, NY, Walter de Gruyter.
<i>RLex</i>	<i>Revista de Lexicografía</i> , A Coruña, Universidade da Coruña, Facultade de Filoloxía, Departamento de Filoloxía Española e Latina.
<i>RLP</i>	<i>Revista de Língua Portuguesa: Arquivo de estudos relativos ao idioma e literatura nacionais</i> , Rio de Janeiro, RJ, [s.n.].
<i>Romania</i>	<i>Romania: Revue trimestrelle consacrée à l'étude des Langues et des Littératures Romanes</i> , Paris, Société des Amis de la Romania.
<i>RPh</i>	<i>Romance Philology</i> , Berkeley / Los Angeles, CA, University of California.
<i>RSEL</i>	<i>Revista Española de Lingüística: Órgano de la Sociedad Española de Lingüística</i> , Madrid, Sociedad Española de Lingüística.
<i>Temas de O Ensino</i>	<i>Temas de O Ensino de Linguística, Sociolinguística e Literatura</i> , Pontevedra / Braga, Fundação Europeia Viqueira / Instituto Internacional da Lusofobia
<i>Tempos Novos</i>	<i>Tempos Novos: Revista mensual de información para o debate</i> , Santiago de Compostela, Atlántica de Información e Comunicación de Galicia.
<i>Terminology</i>	<i>Terminology: International journal of theoretical and applied issues in specialized communication</i> , Amsterdam / Philadelphia, PA, John Benjamins.
<i>Terra e Tempo</i>	<i>Terra e Tempo: Revista galega de pensamento nacionalista</i> , A Coruña, Fundación Bautista Álvarez de Estudios Nacionalistas.
<i>TSPAÉ</i>	<i>Trabalhos da Sociedade Portuguesa de Antropologia e Etnologia</i> , Porto, Universidade do Porto, Sociedade Portuguesa de Antropologia e Etnologia.
<i>Verba</i>	<i>Verba: Anuario Galego de Filoloxía</i> , Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.

*Publicacións periódicas citadas*

<i>Viceversa</i>	<i>Viceversa: Revista galega de tradución</i> , Vigo, Universidade de Vigo, Departamento de Filoloxía Galega / Asociación de Tradutores Galegos.
<i>VKR</i>	<i>Volkstum und Kultur der Romanen: Sprache, Dichtung, Sitte</i> , Hamburg, Seminar für romanische Sprachen und Kultur an der Hamburgischen Universität.
<i>ZRPh</i>	<i>Zeitschrift für romanische Philologie</i> , Tübingen, Max Niemeyer.

# **BIBLIOGRAFÍA**



## CLASIFICACIÓN TEMÁTICA

Presentamos a seguir o repertorio de temas empregado na clasificación das entradas bibliográficas. Este repertorio é unha versión simplificada do tesouro de temas que arestora se utiliza na versión 2.1 da BILEGA. O asterisco que aparece entre parénteses a continuación dalgúns temas indica que nesta monografía non lle foron asignados a ningunha entrada bibliográfica. Se os incluímos nesta relación é para mantermos a coherencia da xerarquía que utilizamos como criterio organizador desta listaxe de temas.

### 1 TRABALLOS XERAIS E OBRAS DE CONSULTA

- 11 Información bibliográfica e biobibliográfica (\*)
  - 111 Repertorios e notas bibliográficas de carácter xeral
    - 1111 Repertorios e notas bibliográficas sobre campos específicos
  - 112 Catálogos
  - 113 Notas biobibliográficas
- 12 Congresos e homenaxes (\*)
  - 121 Congresos
  - 122 Homenaxes
- 13 Caracterizacións xerais do galego
  - 131 A posición do galego na Romanía
    - 1311 Galego e portugués
- 14 Obras xerais de consulta (\*)
  - 141 Gramáticas
  - 142 Manuais para a aprendizaxe do galego
  - 143 Dicionarios de dúbidas, prontuarios ortográficos e guías de estilo
  - 144 Dicionarios (\*)
    - 1441 Dicionarios monolingües
    - 1442 Dicionarios bilingües/multilingües
- 15 Historiografía da lingüística galega (\*)
  - 151 A lingüística galega anterior ao século XIX

*Clasificación temática*

- 152 A lingüística galega do século XIX
- 153 A lingüística galega do século XX
- 154 A contribución doutras disciplinas
- 16 Estudos comparativos galego / ...
- 161 Estudos contrastivos galego / ...

**2 FONÉTICA E FONOLOXÍA: TRABALLOS XERAIS**

- 21 Vogais
- 22 Consoantes
- 23 A sílaba (\*)
- 24 O grupo fónico
- 25 Fonética sintáctica (\*)
- 26 Fonoestilística
- 27 Sistemas de transcripción fonética / fonolóxica

**3 GRAMÁTICA, PRAGMÁTICA, LINGÜÍSTICA TEXTUAL E ANÁLISE DO DISCURSO**

**31 Morfoloxía (\*)**

- 311 Formación de palabras
- 312 Clases de palabras (\*)
  - 3121 Substantivo
  - 3122 Adxectivo
  - 3123 Artigo (\*)
  - 3124 Pronomes (\*)
    - 31241 Pronome persoal
    - 31242 Demostrativo
    - 31243 Posesivo
    - 31244 Indefinido (\*)
    - 31245 Numerais (\*)
    - 31246 Relativo, interrogativo e exclamativo
  - 3125 Adverbio
  - 3126 Preposición
  - 3127 Conxunción
  - 3128 Verbo
  - 3129 Interxección (\*)

**32 Sintaxe (\*)**

- 321 Concordancia e orde de palabras
- 322 A frase
- 323 A oración (\*)
  - 3231 A oración simple (\*)
    - 32311 Estrato sintáctico
    - 32312 Estrato semántico
    - 32313 Estrato informativo
  - 3232 A oración composta (\*)

- 32321 Oracións coordinadas
- 32322 Oracións subordinadas substantivas (\*)
- 32323 Oracións subordinadas adxectivas
- 32324 Oracións subordinadas adverbiais
- 33 Historiografía da gramática galega**
  - 331 Informes sobre proxectos de investigación gramatical
- 34 Pragmática**
- 35 Lingüística textual (\*)**
- 36 Análise do discurso**
  
- 4 LEXICOLOXÍA, LEXICOGRAFÍA E ONOMÁSTICA**
  - 41 Lexicoloxía (\*)**
    - 411 Estructuras léxicas
    - 412 Renovación do léxico
      - 4121 Neoloxismos
      - 4122 Préstamos
      - 4123 Cultismos (\*)
      - 4124 Arcaísmos (\*)
      - 4125 Hipergaleguismos
      - 4126 Vulgarismos (\*)
      - 4127 Eufemismos e disfemismos
      - 4128 Onomatopeas (\*)
      - 4129 Fantasmas léxicos (\*)
    - 413 Fraseoloxía
      - 4131 Locucións, modismos e frases feitas
      - 4132 Proverbios e refráns
      - 4133 Adiviñas
      - 4134 Dicionarios/vocabularios de fraseoloxismos
      - 4135 Didáctica da fraseoloxía
    - 414 Traballos onomasiolóxicos
    - 415 Traballos semasiolóxicos
    - 416 Traballos lingüístico-etnográficos
    - 417 Notas léxicas
    - 418 Traballos non lingüísticos con información léxica (\*)
      - 4181 Etnografía e antropoloxía
      - 4182 Xeografía (\*)
      - 4183 Ciencias naturais
      - 4184 Outros ámbitos
  - 42 Lexicografía (\*)**
    - 421 Historiografía da lexicografía galega
      - 4211 Informes sobre proxectos lexicográficos
      - 4212 Crítica lexicográfica
    - 422 Dicionarios xerais

## *Clasificación temática*

- 423 Outros repertorios léxicos xerais
- 424 Vocabularios de terminoloxía científico-técnica
- 425 Vocabularios de terminoloxía xurídico-administrativa
- 426 Outros vocabularios sectoriais
  - 4261 Vocabularios de xergas
- 427 Vocabularios dialectais
- 428 Glosarios
- 429 Outros repertorios léxicos
- 43 **Onomástica** (\*)
  - 431 Toponimia (\*)
    - 4311 Traballos etimolóxicos
    - 4312 Outros traballos sobre topónimos
    - 4313 Repertorios de topónimos
  - 432 Antroponimia (\*)
    - 4321 Traballos etimolóxicos
    - 4322 Traballos sobre xentilicios
    - 4323 Traballos sobre alcumes
    - 4324 Outros traballos sobre antropónimos
    - 4325 Repertorios de antropónimos
  - 433 Onomástica literaria
  - 434 Socio-onomástica
  - 435 Historiografía da onomástica galega (\*)
    - 4351 Informes sobre proxectos de investigación onomástica (\*)

## **5 DIALECTOLOXÍA E SOCIOLINGÜÍSTICA**

### **51 Dialectoloxía: Traballos xerais**

- 511 Areas dialectais do galego
  - 5111 Recolectións de textos orais
- 512 As fronteiras do galego
- 513 Traballos xerais sobre fenómenos dialectais
- 514 Traballos sobre falas
- 515 O galego na cartografía lingüística
- 516 Os dialectalismos na literatura (\*)
- 517 Historiografía da dialectoloxía galega
  - 5171 A contribución dos etnógrafos

### **52 Sociolingüística: Traballos xerais**

- 521 A situación lingüística de Galicia
  - 5211 Bilingüismo e diglosia
  - 5212 Competencias, usos e actitudes lingüísticas: Traballos globais
    - 52121 Ámbito do ensino
    - 52122 Ámbito da administración pública
    - 52123 Ámbito dos medios de comunicación
    - 52124 Ámbito relixioso



- 52125 Ámbito socioeconómico
- 52126 Ambito da literatura
- 52127 Outras análises sociolingüísticas (\*)
  - 521271 Traballos sobre grupos de idade
  - 521272 Traballos sobre zonas xeográficas
    - 5212721 Traballos sobre zonas do galego exterior
  - 521273 Traballos sobre comunidades de emigrantes
- 5213 Traballos sobre a variación lingüística
- 5214 Contactos interlingüísticos (\*)
  - 52141 Contacto do galego co castelán
    - 521411 Alternancia galego / castelán
    - 521412 Interferencias galego / castelán (\*)
      - 5214121 Interferencias do castelán no galego
      - 5214122 Interferencias do galego no castelán
  - 52142 Contacto do galego con outras linguas distintas do castelán (\*)
    - 521421 Alternancia galego / outras linguas distintas do castelán
    - 521422 Interferencias galego / outras linguas distintas do castelán (\*)
      - 5214221 Interferencias doutras linguas distintas do castelán no galego (\*)
      - 5214222 Interferencias do galego noutras linguas distintas do castelán
- 5215 Escritos reivindicativos a prol do galego
  - 52151 Traballos historiográficos sobre a reivindicación do galego
- 522 Planificación e política lingüística
  - 5221 A constitución do galego estándar
    - 52211 A normativización do galego escrito
      - 522111 Propostas de normativización
      - 522112 Os debates sobre a normativización: Estudos historiográficos
        - 5221121 Debates anteriores ao ano 1970
        - 5221122 Debates posteriores ao ano 1970
      - 522113 Notas ortográficas
      - 522114 Sistemas de transliteración ao galego
    - 52212 A codificación da pronuncia (\*)
    - 52213 A codificación gramatical
    - 52214 A codificación do léxico
    - 52215 A contribución dos escritores á conformación do estándar
    - 52216 A normalización dos topónimos
    - 52217 A normalización dos antropónimos (\*)
    - 52218 Os dialectos galegos e a conformación do estándar
  - 5222 A normalización do galego: Traballos globais
    - 52221 Aspectos xurídicos da normalización
    - 52222 A normalización no ensino
    - 52223 A normalización na administración pública

- 52224 A normalización nos medios de comunicación
- 52225 A normalización no ámbito relixioso
- 52226 A normalización no ámbito socioeconómico
- 52227 A normalización noutros ámbitos
- 52228 A normalización de zonas xeográficas (\*)
  - 522281 A normalización das zonas do galego exterior
- 52229 Os servizos de normalización e os servizos lingüísticos
- 523 Sociolingüística interaccional e etnografía da comunicación
- 524 Lingua e identidade
- 525 Historiografía da sociolingüística galega
  - 5251 Informes sobre proxectos de investigación sociolingüística (\*)

## **6 LINGÜÍSTICA HISTÓRICA E CRÍTICA TEXTUAL**

- 61 Gramáticas históricas e outros estudos globais**
- 62 Orixe e formación do galego**
  - 621 O latín da Gallaecia e o proceso de romanización (\*)
  - 622 Influencias substratísticas e superestratísticas
  - 623 Os primeiros textos galego-portugueses
- 63 Historia externa do galego**
- 64 Historia interna do galego (\*)**
  - 641 Cambios fonéticos e fonolóxicos
  - 642 Cambios morfolóxicos
  - 643 Cambios sintácticos
  - 644 Historia do léxico e etimoloxía
- 65 Crítica textual: Traballos xerais**
  - 651 Crítica textual: Traballos específicos
    - 6511 Edicións de textos literarios ou paraliterarios
    - 6512 Edicións de textos científico-técnicos
    - 6513 Edicións de documentos notariais: Normas de transcripción (\*)
      - 65131 Edicións de coleccións documentais
      - 65132 Edicións de documentos soltos
    - 6514 Edicións doutros tipos de textos
  - 652 Traballos de diplomática, codicoloxía e escriptoloxía
- 66 Historiografía da lingüística histórica e a filoloxía galegas**
  - 661 Informes sobre proxectos de investigación de lingüística histórica

## **7 PSICOLINGÜÍSTICA E NEUROLINGÜÍSTICA**

## **8 DIDÁCTICA DO GALEGO, TRADUCIÓN, INTERPRETACIÓN E DOBRAXE**

- 81 Didáctica do galego: Traballos globais**
  - 811 Programacións (\*)
  - 812 Didáctica do galego: Materiais didácticos (\*)
    - 8121 Cursos de galego

- 8122 Dicionarios escolares
  - 8123 Materiais para a aprendizaxe da lectura e a escritura (\*)
  - 8124 Materiais para a aprendizaxe do léxico (\*)
  - 8125 Outros materiais didácticos
  - 8126 Informes sobre materiais didácticos
  - 813 Propostas didácticas e experiencias pedagóxicas
  - 814 Outros traballos de didáctica da lingua
  - 82 A tradución: Estudos xerais**
    - 821 A tradución: Estudos específicos
      - 8211 A tradución de textos literarios
      - 8212 A tradución de textos científico-técnicos
    - 822 Problemas da tradución
    - 823 A tradución xurada
    - 824 A tradución asistida (\*)
    - 825 Didáctica da tradución
    - 826 Historia da tradución
      - 8261 Catálogos de traducións
  - 83 A interpretación**
  - 84 A dobraxe**
- 9 TECNOLOXÍAS DA LINGUAXE**
- 91 Recursos de axuda á edición**
    - 911 Verificación ortográfica: Recursos, informes e estudos
    - 912 Verificación gramatical: Recursos, informes e estudos (\*)
    - 913 Verificación estilística: Recursos, informes e estudos (\*)
  - 92 Lingüística de corpus (\*)**
    - 921 Recursos (\*)
      - 9211 Corpus monolingües
      - 9212 Corpus multilingües
    - 922 Informes e estudos
  - 93 Tradución automática: Recursos, informes e estudos (\*)**
  - 94 Recuperación de información: Recursos, informes e estudos**
  - 95 Extracción de información: Recursos, informes e estudos (\*)**
  - 96 Tecnoloxías da fala (\*)**
    - 961 Síntese da fala: Recursos, informes e estudos
    - 962 Conversión de texto a fala: Recursos, informes e estudos
    - 963 Recoñecemento da fala: Recursos, informes e estudos (\*)
    - 964 Sistemas de diálogo home/máquina: Recursos, informes e estudos (\*)
  - 97 Lexicografía computacional: Recursos, informes e estudos**
- 10 TRABALLOS SOBRE VARIEDADES NON XEOGRÁFICAS DO GALEGO**
- 101 O galego dos textos literarios e paraliterarios
  - 102 O galego dos textos científico-técnicos
    - 1021 O galego dos textos xurídico-administrativos

*Clasificación temática*

- 103 O galego dos medios de comunicación
- 104 O galego dos textos relixiosos (\*)
- 105 Xergas
- 106 Outras variedades non xeográficas do galego

# REPERTORIO BIBLIOGRÁFICO

## ► 1 TRABALLOS XERAIS E OBRAS DE CONSULTA

### 11 Información bibliográfica e biobibliográfica

#### 111 Repertorios e notas bibliográficas de carácter xeral

1. BARBIERI, Mario / BELTRAN, Vicenç / AVENOZA, Gemma / SOUTO CABO, José António / LÓPEZ CASAS, M. Mercè / GUTIÉRREZ GARCÍA, Santiago / VALLÍN, Gema: “Literatura galega medieval”, *BBAHLM*, 18, 2004:325-370.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. PME

Boa bibliografía analítica constituída nesta entrega por 145 entradas, con traballos de análise literaria, crítica textual, análise lingüística e históricos; malia o que anuncia o título, algúns están dedicados a textos non literarios. Tamén ofrece traballos de interese para o galego a sección do mesmo número titulada “Literatura portuguesa medieval” (p. 371-417) con 148 entradas. Ata o nº 14 (2000) inclusive ambas as seccións se publicaban nunha única dedicada á literatura galego-portuguesa medieval. As dúas seccións poden consultarse agora en liña na base de datos aloxada en <<http://griso.cti.unav.es/medieval/ahlm/principal.html>>.

2. HOLTUS, Günter (ed.): *Romanische Bibliographie 2002: I. Teilband: Verzeichnisse, Sprachwissenschaft, Register*, Tübingen, Max Niemeyer, 2004, XVI + 338 p. (= Supplement zu Band 118 der *ZRPh*).

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 4. MEC

Repertorio bibliográfico clásico dentro da romanística, que inclúe bibliografía específica sobre o galego nas p. 189-190 (entradas núms. 3222-3256).

3. REGUEIRA FERNÁNDEZ, Xosé Luís: “Current Studies in Galician Linguistics”, *CRLN*, 53, 2004:11-14. | [Ed. en liña n.v.]: College Station, TX, Texas A&M University, Department of

Hispanic Studies, [2005], <<http://www.csdl.tamu.edu/~crln/2004bibs/bib.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 22/09/2004].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. P MEC

Nota bibliográfica con 82 entradas correspondentes fundamentalmente a traballos publicados no ano 2003.

4. TOL, Sijmen (ed.) / OLBERTZ, Hella (ed.) / JANSE, Mark (ed.) / Regueira Fernández, Xosé Luís (colab. para a sección do galego): *Bibliographie linguistique de l'année 2000 et complément des années précédentes = Linguistic Bibliography for the Year 2000 and Supplement for Previous Years*, Publiée par le Comité International Permanent de Linguistes sous les auspices du Conseil International de la Philosophie et des Sciences Humaines, Dordrecht / Boston / London, Kluwer, 2004, CIV + 1561 p. | [Ed. en liña]: 2005, <<http://www.springer.com/>>, [Consulta: 12/08/2006].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 4. MEC

Vid. principalmente as seccións “Portuguese, Galician = Portugais, galicien” (p. 450, entrada nº 7074), “Old Galician-Portuguese = Ancien galicien-portugais” (p. 450-451, entradas núms. 7075-7083), “Modern Galician = Galicien moderne” (p. 454-458, entradas núms. 7128-7208).

## 1111 Repertorios e notas bibliográficas sobre campos específicos

Vid. as entradas 518, 668.

## 112 Catálogos

5. BOULLÓN AGRELO, Ana Isabel: “Catálogo dos documentos éditos en galego anteriores a 1260”, *Cadernos de Lingua*, 26, 2004:5-46.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Relación de máis dun cento de documentos notariais escritos en galego entre 1227-1260, procedentes maioritariamente de coleccións de distintos mosteiros e editados en época moderna. O catálogo está organizado cronoloxicamente e facilita información sobre a data do documento (día, mes e ano no caso de se teren todos os datos), a(s) referencia(s) bibliográfica(s) da(s) edición(s) (indicando as sucesivas reproducións), información sobre o contido (venta, doazón, etc.), a expresión literal da data que consta no documento, a expresión literal do notario e observacións.

6. TATO PLAZA, Fernando R. / BOULLÓN AGRELO, Ana Isabel: “Fontes para o estudo da lingua medieval”, en Rosario Álvarez e Antón Santamarina (eds.), (*Dis*)*curso*s da escrita: Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza, [A Coruña], Fundación Pedro Barrié de la Maza, [2004]:709-770 (= *Biblioteca Filolóxica Galega / Instituto da Lingua Galega*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. PME | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO), LINGUA LITERARIA

Utilísima compilación dividida en dúas partes. Na primeira recóllense unhas 500 referencias bibliográficas que corresponden a unha gran parte dos textos non literarios galegos da época medieval editados ata o momento (2003), co obxectivo de facilitar o estudo da lingua dese período. Para cada referencia ofrécese a seguinte información (malia que neste aspecto non existe total homoxeneidade ao longo do repertorio): 1) número de documentos transcritos; 2) ámbito cronolóxico; 3) referencia xeográfica; 4) lingua(s) en que están redactados os textos; 5) arquivo onde se conserva a documentación 6) referencias internas (remisión para outros autores que tratan a mesma colección documental, recensións que conteñen valoracións críticas da obra); 7) existencia de índice antroponímico e/ou toponímico. Canto á tipoloxía e á lingua dos textos recollidos, os autores precisan que “o interese específico pola lingua galega levounos, en principio, a darlles preferencia ós documentos redactados nesta lingua. Pero é evidente que, por un lado, as principais coleccións documentais comezan a existir contra o século IX ou X, e non tiña sentido couta-la súa integridade, ou dar conta unicamente dos documentos en galego. Por outra parte, é tamén necesario o estudo do latín medieval para a evolución histórica da nosa lingua, pois atopamos moitos testemuños romances nos documentos latinos [...]. De maneira que, en definitiva, damos preferencia ós documentos privados, pois son os máis interesantes desde o punto de vista lingüístico, do séc. VIII ó XV. Con todo, recollemos tamén as máis importantes compilacións de documentos reais, pero no[n] pretendemos tal exhaustividade para os traballos que reproduzan algún documento solto deste tipo, e o mesmo criterio se tivo en conta para os documentos eclesiásticos como as bulas ou os textos pontificios. Por outro lado, non se inclúen apéndices documentais que unicamente reproduzan documentos xa publicados, sen ningún tipo de modificación (como nova lectura, corrección de erros, etc.)” (p. 713). Sinalan tamén que a súa vontade “é poder poñer nun futuro próximo ó dispor dos interesados este repertorio, actualizado periodicamente, na páxina web do Instituto da Lingua Galega” (p. 714). Na segunda parte inclúese unha relación non exhaustiva das fontes literarias medievais, concretada nos manuscritos e nas edicións de conxunto, xunto coas referencias internas sobre editores que traballaron sobre o mesmo texto.

## 113 Notas biobibliográficas

7. “Cunha, Celso”, en *Gran Enciclopedia Galega - Silverio Cañada*, XIII (CRUZ-DIAR), Lugo, El Progreso / Diario de Pontevedra, [2004]:47-48.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO

Ofrece os principais datos biobibliográficos do filólogo brasileiro Celso Ferreira da Cunha (1917-1989), entre os que se achán varias contribucións moi relevantes á filoloxía galego-portuguesa medieval.

8. “Don Juan Domínguez Fontela”, *BCPMHAOr*, XV/1, 1945:4-7. | [Ed. facs. dix.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Promoción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO

Nota necrolóxica en que se subliñan, entre outras, as contribucións de Juan Domínguez Fontela á diplomática galega, dentro da súa ampla e variada investigación histórica.

9. “Ebeling, Walter”, en *Gran Enciclopedia Galega - Silverio Cañada*, XIV (DIAS-EME), Lugo, El Progreso / Diario de Pontevedra, [2004]:47-48.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO

Síntese biográfica de Friedrich Wilhelm Walter Ebeling (1904- ), discípulo de Fritz Krüger e membro da Escola etnolingüística de Hamburgo que puxo en práctica nas décadas de 1920 e 1930 o método etnográfico-lingüístico “Wörter und Sachen” (Palabras e cousas) nun relevante conxunto de investigacións sobre diversos territorios hispánicos, entre eles o galego. Saliéntase o valor que aínda hoxe ten a investigación que levou a cabo Ebeling entre 1928-1933 na parte oriental da provincia de Lugo: *Untersuchungen über Folklore und Dialekte der Provinz Lugo* (1930, vid. BILEGA 1349).

10. GONÇALVES, Elsa: “Aurelio Roncaglia: un modo di essere filologo”, en Patrizia Paradisi e Cecilia Robustelli (eds.), *La filologia romanza oggi: Atti della Giornata di Studio in onore di Aurelio Roncaglia (Modena 19 ottobre 2002)*, Modena, Mucchi, [2004]:56-63.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO

A partir do contacto persoal da autora co filólogo italiano Aurelio Roncaglia (1917-2001) na Universidade La Sapienza de Roma entre os anos 1969 e 1976, lembra a súa contribución á filoxía portuguesa (incluídos os estudos que lle dedicou á literatura galego-portuguesa medieval) e o método de traballo que adoptou no eido da crítica textual.

11. LORENZO FERNÁNDEZ, Xaquín: “Don Vicente Martínez-Risco y Agüero”, *BRAG*, XXX/351, 1969:261-265, 1 il. | [Nova ed. n.v.]: en Xaquín Lorenzo, *De varia etnográfica: Edición conmemorativa do Día das Letras Galegas 2004*, [A Coruña], La Voz de Galicia / Caixanova / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, [2004]:148-152 (= *Biblioteca Gallega*).

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO

Breve nota biobibliográfica sobre Vicente Risco.

12. LORENZO, Ramón: “Bio-bibliografía de Dieter Kremer”, en Ana Isabel Boullón Agrelo (ed.), *Novi te ex nomine: Estudos filolóxicos ofrecidos ao Prof. Dr. Dieter Kremer*, [A Coruña], Fundación Pedro Barrié de la Maza, [2004]:13-31 (= *Biblioteca Filolóxica Galega / Instituto da Lingua Galega*).

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO

Exhaustiva nota biobibliográfica deste romanista alemán, profesor da Universidade de Tréveris, onde dirixe o Galizien-Zentrum e promove os estudos sobre o galego. No traballo de investigación do profesor Kremer saliéntase a súa contribución á antroponimia medieval románica, campo en que vén impulsando a través do proxecto internacional PatRom (*Patronymica Romanica*), iniciado en 1987, a elaboración dun dicionario histórico dos apelidos románicos e en que ten dedicado algúns relevantes estudos á antroponimia medieval galega e portuguesa.

13. PARDO DE GUEVARA Y VALDÉS, Eduardo: “Frei Martín Sarmiento. Unha aproximación ó grande ilustrado galego”, *RGEN*, 16, 1997:139-150, il. | [Ed. facs. dix.]: en *Revista Galega do Ensino: Décimo aniversario (1993-2003)*, [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia,



Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Política Lingüística, [2004], 1 CD-ROM. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2004], <<http://www.edu.xunta.es/ftpserver/portal/DXPL/revistagalega/rge16.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 30/06/2006].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO

Aproximación á figura de Fr. Martín Sarmiento como persoa e como ilustrado. Os seus estudos sobre a lingua galega sitúano como “precursor da filoloxía moderna” (p. 148) con obras como o *Onomástico Etimológico de la Lengua Gallega [1769]* (1923, vid. BILEGA 793).

14. RAMOS, Maria Ana: “Aurelio. Un ricordo”, en Patrizia Paradisi e Cecilia Robustelli (eds.), *La filologia romanza oggi: Atti della Giornata di Studio in onore di Aurelio Roncaglia (Modena 19 ottobre 2002)*, Modena, Mucchi, [2004]:149-154.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO

Lembranza do filólogo italiano Aurelio Roncaglia (1917-2001) a través dos recordos da relación científica persoal que a autora mantivo con el durante o seu período de formación en Roma, nomeadamente verbo do traballo de investigación sobre o *Cancioneiro da Ajuda* que alí desenvolveu.

15. SARMIENTO, Fr. Martín / DOMÍNGUEZ FONTELA, Juan [ed.]: “Fray Martín Sarmiento: Su autobiografía”, *BCPMHAOr*, VII/155, 1924:153-172. | [Ed. facs. dix.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Promoción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO

Edición dunha autobiografía escrita por Martín Sarmiento en 1768, catro anos antes da súa morte. Reproduce unha copia con anotacións debida ao padre José de Goyanes, contemporáneo do autor. Sobre a procedencia e localización do manuscrito, o editor apenas explica que foi “descubierto casualmente con otros notables MM.SS. pertenecientes a uno de los más grandes monasterios benedictinos gallegos”, escondido “tras las cubiertas de pergamino de un voluminoso VARIOS” (p. 154).

16. SILVA, Maximiano de Carvalho e: “Sousa da Silveira e os estudos galegos no Brasil. Um depoimento”, en Maria do Amparo Tavares Maleval (org.), *Estudos Galegos 4*, Niterói, Rio de Janeiro, Universidade Federal Fluminense, Núcleo de Estudos Galegos, 2004:163-173.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO

Céntrase na figura do brasileiro Álvaro Ferdinando Sousa da Silveira (1883-1967) e a súa relación coa cultura galega a partir dunha viaxe realizada a Portugal e Galicia.

17. TAVANI, Giuseppe: “Profilo biobibliografico di Aurelio Roncaglia”, en Patrizia Paradisi e Cecilia Robustelli (eds.), *La filologia romanza oggi: Atti della Giornata di Studio in onore di Aurelio Roncaglia (Modena 19 ottobre 2002)*, Modena, Mucchi, [2004]:23-30.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO

Ademais dunha semblanza do home, ofrece un breve repaso da investigación sobre os textos medievais románicos desenvolvida en Italia por Aurelio Roncaglia (1917-2001), presentando tres exemplos de interpretación textual, procedentes doutros tantos traballos, que poden dar idea da rigorosidade

da súa achega á filoloxía románica. Un deles é o referido á interpretación da secuencia *flores do verde pino* da cantiga de amigo B 568 / V 171 (Inc.: *Ay flores, ay flores do verde pino!*) de Don Denis, que ofrece no traballo "Ay flores, ay flores do verde pino!" (1984, vid. *BILEGA* 11689).

Vid. tamén a entrada 548.

## 12 Congresos e homenaxes

### 121 Congresos

18. O Cancioneiro da Ajuda, *cen anos despois: Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón os días 25-28 de maio de 2004*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, 2004, 698 p. (= *Colección de difusión cultural*; 41).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Entre os relatorios presentados neste congreso, teñen interese filolóxico-lingüístico os seguintes, que poden acharse como entradas independentes neste caderno: "O Cancioneiro ideal de D. Carolina" de Ana Maria Ramos [entrada 79]; "Estado actual de los estudios sobre el *Cancioneiro da Ajuda*" de Harvey L. Sharrer [entrada 663]; "Carolina Michaëlis e a crítica do texto, cen anos despois da edición de Halle" de Giuseppe Tavani [entrada 569]; "*O proceso da ama*: Passado e presente de uma polémica trovadoresca" de Yara Frateschi Vieira [entrada 177]; "D. Carolina Michaëlis e o texto de escárnio e de maldizer" de José Luís Rodríguez [entrada 568]; "Repetita iuvant?" de Giulia Lanciani [entrada 573]; "Textos alfonsíes en la edición del Cancioneiro da Ajuda de Carolina Michaëlis (Halle, 1904): Comentarios críticos, biográficos e histórico-literarios" de Juan Paredes Núñez [entrada 591]; "*Pero sei que me quer matar... aquel matador*: A conceptualización de *matar* no *Cancioneiro da Ajuda*" de Esther Corral Díaz [entrada 165]; "Ambigüidade e equívoco nas cantigas de amor" de Xosé Bieito Arias Freixedo [entrada 159]; "*Falad' amigo... falade migo*: Para a descrición e discreción dos usos paronomásticos no trobadorismo profano galego-portugués" de Carlos Paulo Martínez Pereiro [entrada 575]; "O autor anónimo de A 36/A 39" de José Carlos Ribeiro Miranda [entrada 589]; "Notas biográficas de doña Carolina Michaëlis y notas sobre el estado de la cuestión" de Antonia Víniz Sánchez [entrada 570]; "Airas Fernandes Carpancho e Nuno Eanes de Cêrcio" de José António Souto Cabo [entrada 594]; "Editar *Ajuda*: Principios teóricos para unha nova experiencia ecdótica" de Mariña Arbor Aldea [entrada 578]; "Reflexións para unha lectura de *O y eu sempre, mia sennor, dizer*, de Pai Gomez Chariño (A 248, B 816, V 400)" de Francisco Fernández Campo [entrada 583]; "As dúas cantigas do *Cancioneiro de Ajuda* atribuídas a Pero Gomez Barroso" de María do Pilar Zapico Barbeito [entrada 612]; "Algúns problemas de atribución no Cancioneiro da Ajuda: o caso das cantigas A 68 e A 69" de Déborah González Martínez [entrada 585]; "Algúns problemas de atribución no Cancioneiro da Ajuda: o caso das cantigas A 184 e A 291" de Alexandre Gaíferos Parrado Freire [entrada 592]; "A parodia de xéneros a través do léxico do sufrimento nos escarnios de amor galegoportugueses" de Santiago Gutiérrez García [entrada 168]; "*Ay lume d' estes olhos meus*: O lume, a *descriptio amantium* e o sufrimento amoroso na lírica galego-portuguesa" de Gerardo Pérez Barcala

[entrada 174]; "A antítese no *Cancioneiro da Ajuda*" de Mariola Rodríguez González [entrada 751]; "O silencio e as marxes do *Cancioneiro da Ajuda*" de Xabier Ron Fernández [entrada 593].

19. ÁLVAREZ BLANCO, Rosario (ed.) / FERNÁNDEZ REI, Francisco (ed.) / SANTAMARINA, Antón (ed.): *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, [Organizado polo] Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004], 3 v. (I, X + 609 p.; II, 708 p.; III, 796 p.). | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2004], v. I, <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005]; [2005], v. II, <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_2.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005]; [2006], v. III, <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_3.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_3.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 09/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. PMEC | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

Congreso celebrado no marco dos actos do V Centenario da Universidade de Santiago de Compostela para conmemorar o 25 aniversario da creación do Instituto da Lingua Galega (maio de 1971). Tivo como obxectivo analizar as vicitudes vividas pola lingua galega nos distintos períodos da súa constitución histórica e ofrecer unha visión do seu estado actual nos diferentes aspectos. O denso programa científico do congreso estivo constituído por 10 conferencias plenarias, 4 mesas redondas e 194 relatorios. Todos os traballos de interese lingüístico dos tres volumes publicados polo de agora poden acharse como entradas independentes neste caderno. O v. I inclúe os discursos de apertura e clausura do evento, a transcripción das catro mesas redondas ["Lingua galega e ensino" (entrada 368), "Lingua galega e literatura" (entrada 392), "Lingua galega e medios de comunicación" (entrada 385) e "Situación sociolingüística do galego" (entrada 349)] e mais 35 relatorios de contido sociolingüístico presentados nas seccións 9 (*Sociolingüística*) e 10 (*Contacto lingüístico*); o v. 2 recolle as conferencias de Xesús Alonso Montero ["O escritor galego e o problema da lingua" (entrada 477)], Constantino García ["De Rosalía a Dieste. Reflexións sobre o léxico dos escritores" (entrada 479)] e Žarko Muljačić ["*Ex compluribus paucae*. Fenomeni di *accorpamento* e di *scorporo* nella storia delle *piccole lingue romanze*" (entrada 452)], e mais 45 relatorios das seccións 11 e 12 (*Planificación Lingüística do estatus e do corpus*), 13 (*Didáctica da lingua*) e 15 (*Proxectos e traballos en curso*); o v. 3 contén as conferencias de Dieter Kremer ["Galicia germánica" (entrada 528)] e Ramón Lorenzo ["Emerxencia e decadencia do galego escrito (séculos XIII - XVI)" (entrada 542)], e mais 41 relatorios das seccións 1 (*Gramática histórica*), 2 (*Historia da lingua*), 6 (*Onomástica*), 7 (*Lingua de autores e estilística da lingua*) e 14 (*Edición de textos*). Está previsto publicar un cuarto volume.

RECS.: Manuel Rodríguez Alonso, "Lingüística comprometida", *Cartafol de libros*, 25-V-2005, <<http://www.vieiros.org/publicacions/veredicion.php?Ed=38>>, [Consulta: 08/05/2006] | Manuel Rodríguez Alonso, "Cando as segundas partes son boas", *Cartafol de libros*, 25-V-2005, <<http://www.vieiros.org/publicacions/veredicion.php?Ed=38>>, [Consulta: 08/05/2006] | Manuel Rodríguez Alonso, "Non hai dous sen tres", *Cartafol de libros*, 02-II-2006, <<http://www.vieiros.org/publicacions/veredicion.php?Ed=38>>, [Consulta: 08/05/2006].

20. ÁLVAREZ BLANCO, Rosario (ed.) / DUBERT GARCÍA, Francisco (ed.) / SOUSA FERNÁNDEZ, Xulio (ed.): *Dialectoloxía e léxico*, Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega / Con-

sello da Cultura Galega, Sección de Lingua, 2002, 429 p., il., mapas (= *Colección Base*). | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua, [2004], <<http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/dialectoxia.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 22/12/2004].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA

Actas do *Simposio Dialectoxía e Léxico*, celebrado en Santiago de Compostela durante a primavera de 2001. Contén os seguintes traballos de interese lingüístico, que poden acharse como entradas independentes neste caderno: "A dialectoxía ó servizo do estudio da estratigrafía do léxico" de Manuel González González [entrada 313]; "Diferenciação lexical interpuntual nos territorios galego e portugués (Estudo dialectométrico aplicado a materiais galegos do ALGa)" de João Saramago [entrada 319]; "Viño novo en odres vellos: Os nomes do millo" de Rosario Álvarez Blanco [entrada 155]; "Léxico dialectal e estándar literario" de Ernesto González Seoane [entrada 316]; "Onomástica e dialectoxía: A propósito de *raposo* e *golpe*" de Ana Isabel Boullón Agrelo [entrada 310]; "Dialectoxía e toponimia" de Gonzalo Navaza Blanco [entrada 249]; "Do Ortegá ó Douro e de Fisterra ó Navia e ó Padornelo. Notas sobre léxico moderno da Gallaecia e do seu litoral" de Francisco Fernández Rei [entrada 311]; "Áreas lexicais galegas e portuguesas. A proposta de Cintra aplicada ó galego" de Francisco Dubert García e Xulio Sousa Fernández [entrada 298]; "Contribución ó estudio da fronteira entre os bloques oriental e central no sueste da provincia de Ourense" de Aquilino S. Alonso Núñez [entrada 297]; "Léxico fronteirizo no Baixo Miño: A pesca con barco" de Helena Pousa Ortega [entrada 308]; "Léxico e fronteira no Val do Río Ellas" de Xosé-Henrique Costas González [entrada 156]; "As denominacións dos dedos da man: Un estudio motivacional" de Mario Romero Triñanes e Larisa Santos Suárez [entrada 158]; "As denominacións da *chuvia miúda*: Variedades diatópicas e lingua literaria" de María González González e Begoña Varela Vázquez [entrada 315]; "As denominacións dos meses do ano: Perspectiva lexicográfica" de Raquel Aira González e Mónica Martínez Baleirón [entrada 154]. As actas cérranse coas "Palabras de clausura do *Simposio Dialectoxía e léxico*" de Antón Santamarina [entrada 81].

**RECS.:** Antón Santamarina, *Grial*, XLI/158, 2003:123-124 | Serafín Alonso Pintos, *Cadernos de Lingua*, 25, 2003:143-144 | José Enrique Gargallo Gil, *Estudis Romànics*, XXVI, 2004:298-301 | Francisco Gago-Jover, *RPh*, 57, Spring 2004:403-407.

21. DOMÍNGUEZ REY, Antonio (ed.) / FRÍAS CONDE, Xavier (ed.): *O espírito da palabra: Textos das III e IV edicións do Seminario Internacional de Tradución de Rianxo: Auliga (2002-2003)*, A Coruña, Espiral Maior, 2004, 135 p. (= *Auliga*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Inclúe os seguintes traballos de interese para a lingüística galega, que poden acharse como entradas independentes neste caderno: "Traducir desde e para o galego" de Xavier Frías Conde [entrada 695]; "O galego e as linguas da Europa oriental: a tradución de M. Eminescu" de Inma Pérez Rocha [entrada 701]; "Problemas de tradución na poesía galega e romanese contemporánea" de Carmen Mejía Ruíz e Laura Eugenia Tudoras [entrada 697].

**RECS.:** Manuel Rodríguez Alonso, "A tradución da poesía", *Cartafol de libros*, 25-XI-2004, <<http://www.vieiros.org/publicacions/veredicion.php?Ed=38>>, [Consulta: 18/07/2005].

22. LORENZO SUÁREZ, ANXO M. (ed.) / RAMALLO, Fernando (ed.) / RODRÍGUEZ YÁÑEZ, Xoán Paulo (ed.): *Bilingual Socialization and Bilingual Language Acquisition = Socialización bilingüe*

*e Adquisición lingüística bilingüe: Proceedings from the Second International Symposium on Bilingualism = Actas do Segundo Simposio Internacional sobre o Bilingüismo (University of Vigo, Galicia-Spain, October 23-26, 2002)*, [Ed. dix.]: [Vigo], Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións, 2004, 1 CD-ROM. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Seminario de Sociolingüística e Bilingüismo, [2005], <<http://webs.uvigo.es/ssl/actas2002/>>, [Formato: PDF], [Consulta: 01/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

Inclúe os seguintes traballos sobre o galego, que poden acharse como entradas independentes neste caderno: “Efectos do bilingüismo na adquisición da linguaxe dos nenos pequenos: un estudio con nenos galegos” de Miguel Pérez Pereira [entrada 666]; “Discurso y textos en clases bilingües” de María Dolores Pérez Murillo [entrada 351]; “An Analysis of Two Bilingual Communities: the Irish and Galician Cases” de Bernardette Rourke [entrada 350]; “Consecuencias do contacto lingüístico entre o galego e o castelán: o caso dos inmigrantes galegos en Bos Aires” de Eva Gugenberger [entrada 406]; “Factores que inciden no proceso de desgaleguización dos inmigrantes galegos e Buenos Aires” de Xosé Soto Andión [entrada 407]; “The Continuum from Pragmatics to Grammatical Structure in Bilingual Speech” de Carmen Pena Díaz [entrada 412]; “Maneiras de educación: trocas de idioma da comunicación empregados-clientes nunha empresa galega” de Luzía Domínguez Seco [entrada 411]; “Alternancia lingüística e construción dunha nova clase social na Galicia rururbana” de Gabriela Prego Vázquez [entrada 414]; “Actitudes lingüísticas de mozos e mozas galegos: unha exploración con entrevistas en profundidade” de Håkan Casares Berg et al. [entrada 395]; “Medición indirecta das actitudes lingüísticas dos mozos galegos coa técnica *matched-guise*: estereotipos físicos” de Xaquín Loredo Gutiérrez et al. [entrada 396]; “Aproximación cualitativa ás actitudes lingüísticas dos mozos galegos. Resultados dunha investigación baseada en grupos de discusión” de Isabel Suárez Fernández et al. [entrada 399].

**23.** MÜHLSCHLEGEL, Ulrike (ed.): *Dona Carolina Michaëlis e os estudos de Filologia Portuguesa*, Frankfurt am Main, Teo Ferrer de Mesquita, 2004, 117 p. (= *Biblioteca Luso-Brasileira*; 22).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS

Actas do *Colóquio Dona Carolina Michaëlis e os estudos filolóxicos em Portugal no começo do século XX*, desenvolvido o 18 de outubro de 2002 no Instituto Iberoamericano de Berlín, en colaboración coa Facultade de Letras da Universidade de Coímbra. Inclúen os seguintes traballos de interese para a historiografía da lingüística galega e portuguesa, que poden acharse como entradas independentes neste caderno: “Carl Goldbeck - «amigo e mentor” de Gabriele Beck-Busse [entrada 63]; “Carolina Michaëlis de Vasconcelos e o ensino da Filologia Portuguesa na Universidade de Coímbra” de Clarinda de Azevedo Maia [entrada 77]; “Os Estudos sobre a formação de palavras nas línguas românicas (Studien zur Romanischen Wortschöpfung) (1876) de Carolina Michaëlis no ambiente das escolas lingüísticas do século XIX (Humboldt, Grimm, Diez, Bréal, Schleicher)” de Werner Thielemann [entrada 72]; “D. Carolina Michaëlis de Vasconcellos como lexicógrafa” de Dieter Kremer [entrada 68]; “Dona Carolina e a Saudade” de José Augusto Seabra [entrada 85].

## 122 Homenaxes

24. ÁLVAREZ BLANCO, ROSARIO (coord.): *Xaquín Lorenzo, «Xocas»: Día das Letras Galegas 2004*, [Organizado polo] Departamento de Filoloxía Galega, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 2004, 241 p.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA (GALEGO CENTRAL)

Volume dedicado ao autor homenaxeado o Día das Letras Galegas 2004. Inclúe os seguintes estudos de interese lingüístico sobre a súa obra: "A obra etnográfica de Xaquín Lorenzo" [entrada 339-1] de Xosé-Carlos Sierra Rodríguez e María-Xosé Fernández Cerviño; "Xaquín Lorenzo: da etnografía á etnolingüística" [entrada 337] de Lorena Rei Noia, Xandra Santos Palmou e Inma Seage Freire. Ademais, ofrece un traballo moi documentado de xeografía dialectal: "O mallo en Galicia" [entrada 314] de Manuel González González. Completa o volume a reedición de catro traballos etnográficos do autor homenaxeado (dous deles traducidos aquí do alemán por primeira vez): "Notas pra un cuestionario de etnografía: Embarcacións" [entrada 191], "Notas etnográficas da parroquia de Borneiro" [entrada 186], "O freo no carro galego" [entrada 162], "A casa rural na Limia Baixa (Prov. Ourense, España)" [entrada 161].

25. ÁLVAREZ BLANCO, ROSARIO (ed.) / SANTAMARINA, ANTÓN (ed.): *(Dis)cursos da escrita: Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza*, [A Coruña], Fundación Pedro Barrié de la Maza, [2004], 770 p. (= *Biblioteca Filolóxica Galega / Instituto da Lingua Galega*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. P MEC

Inclúe os seguintes traballos de interese para a lingüística galega, que poden acharse como entradas independentes neste caderno: "Aproximación á sufixación diminutiva non verbal a través dun corpus textual medieval" de Aquilino S. Alonso Núñez [entrada 95]; "Acheegas para a historia da lingua: unha carta do século XVIII" de Rosario Álvarez Blanco e Xosé Xove Ferreiro [entrada 658-2]; "A importancia do manuscrito" de Xosé Bieito Arias Freixedo [entrada 572]; "Autógrafos e gènesis textual na literatura galega" de Ivo Castro [entrada 580]; "Historia e toponimia do val do río Ellas" de Xosé-Henrique Costas González [entrada 538]; "A cantiga do Beato de Valcavado" de Xosé Luís Couceiro Pérez [entrada 582]; "Variedades xeolingüísticas e cultivo da lingua: crítica dunha hipótese sobre as orixes da fragmentación diatópica do galego" de Francisco Dubert García [entrada 299]; "Historias de vida e léxico do Castiñeiriño (Santiago de Compostela)" de Francisco Fernández Rei, Carme Hermida Gulías e Fernando R. Tato Plaza [entrada 225-1]; "O uso das linguas na publicidade da televisión de Galicia" de Benigno Fernández Salgado [entrada 379]; "As citas de autor no *Diccionario* de Marcial Valladares" de Xosé Antonio Fernández Salgado [entrada 65]; "Gallicia / Gallizia / Gallisia / Galliza. O nome castelán da nosa terra" de Xesús Ferro Ruibal [entrada 260]; "A microtoponimia como fonte para o estudo de vías romanas" de Rosa María Franco Maside [entrada 261]; "Voltando às «genealogías» da Galicia medieval" de Dieter Kremer [entrada 280]; "A onomástica dos fidalgos de Berdoias, na Terra de Soneira (séculos XVII e XVIII)" de Xosé María Lema Suárez [entrada 293]; "Edición de documentos medievais. Problemas que presentan algunhas abreviaturas" de Ramón Lorenzo [entrada 660]; "Un documento *bilingüe* galego-castelán do século XV" de David Mackenzie [entrada 643]; "Traços distintivos, góticos e electrónicos" de Rita Marquilhas [entrada 574]; "A emerxencia do portugués escrito na segunda metade do século XII" de Ana María Martins [entrada 534]; "Notarios de Baiona (1). Lourenço Martins (1365-1404)" de Xulián Maure Rivas [entrada 645]; "A onomástica persoal en Galicia. Ano 2001" de Luz Méndez [entrada

295]; “Alba de groria / A significación espiritual do día de Galicia: tecido dun texto” de Henrique Monteagudo Romero [entrada 576]; “Proba-la cachirula. Unha imaxe de cetrería en Cunqueiro” de Antón Palacio Sánchez [entrada 172]; “A información comparativa e etimolóxica no dicionario de FJR” de Antón Santamarina [entrada 70]; “A expresión do causado nas construcións causativas co verbo *mandar* en galego medieval” de Xulio Sousa Fernández [entrada 117]; “Unidade de mercado e pluralidade lingüística” de Anxo Tato Plaza [entrada 490]; “Fontes para o estudo da lingua medieval” de Fernando R. Tato Plaza e Ana I. Boullón Agrelo [entrada 6].

26. BOULLÓN AGRELO, Isabel (ed.): *Novi te ex nomine: Estudos filolóxicos ofrecidos ao Prof. Dr. Dieter Kremer*, [A Coruña], Fundación Pedro Barrié de la Maza, [2004], 763 p. (= *Biblioteca Filolóxica Galega / Instituto da Lingua Galega*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. P MEC

Inclúe os seguintes traballos de interese para a lingüística galega, que poden acharse como entradas independentes neste caderno: “Bio-bibliografía de Dieter Kremer” de Ramón Lorenzo [entrada 12]; “O labor do profesor Dr. Dieter Kremer na Universidade de Trier: *O Centro de Documentación de Galicia*” de Montserrat Bascoy Lamelas e Nathalie Grischkat [entrada 436]; “Oficios públicos e labores domésticos: os teceláns e as tecedeiras” de Rosario Álvarez Blanco [entrada 309]; “Historia e etimoloxía do *pito cairo*” de Gonzalo Navaza Blanco [entrada 564]; “Personal and Place Names with the CARC- Form” de Valentina G. Ferreira [entrada 279]; “Sobrenombres en la parroquia de Soutopenedo (Ourense, Galicia)” de Ana María Cano González [entrada 284]; “Sobre alguns problemas de etnonimia e toponimia do noroeste de Portugal” de Jorge de Alarcão [entrada 282]; “Tres cuestións relacionadas coa toponimia antiga en *-BRIS*, moderna en *-bre*” de Carlos Búa [entrada 236]; “Kelten und Celtici in Hispanien: Alte und neue Missverständnisse” de Jürgen Untermann [entrada 283]; “Os sobrenomes como materia literaria en Cunqueiro” de Antón Palacio Sánchez [entrada 291]; “Posibilidades e limitacións da promoción da lingua na Lei de Normalización” de Manuel Regueiro Tenreiro [entrada 489]; “Sobre Sarmiento, Galicia e Portugal” de Luz Méndez Fernández [entrada 34].

RECS.: Pierre-Henri Billy, *NRO*, 45-46, 2005-06:199-201.

## 13 Caracterizacións xerais do galego

27. ASAKA, Takekazu: “Galiziago no shakai guengogakuteki koosatsu [= Observacións sobre o galego contemporáneo]”, *KDGK*, 26, 2004:113-131.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

28. MARIÑO PAZ, Ramón: “Galego”, en *Gran Enciclopedia Galega - Silverio Cañada, XX (FUERGARA)*, Lugo, El Progreso / Diario de Pontevedra, [2004]:80-99.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. P MEC

Ampla entrada en que se ofrece unha caracterización xeral do idioma galego en varias dimensións: 1) delimitación do territorio galegófono; 2) fronteira do galego co portugués; 3) historia externa (con apuntamentos de historia interna); 4) dinámica sociolingüística do galego contemporáneo.



## 131 A posición do galego na Romania

29. GARGALLO GIL, José Enrique: “España plurilingüe: la diversidad lingüística i la diversidad del[s] lingüístes”, en Miquel-Àngel Pradilla Cardona (coord.), *Calidoscopi lingüístic: Un debat entorn de les llengües de l'Estat*, Barcelona, Octaedro - Ediciones Universitarias de Barcelona, 2004:25-51, 2 mapas.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. C

O autor comeza por analizar as definicións de *lingua propia* e *lingua autóctona* empregadas basicamente nos territorios con máis dunha lingua. Cando aborda o tema de cantas linguas hai en España, analiza o caso do galego e as distintas posicións sobre se se trata dunha lingua -opción que “ha trobat a més acollida i legitimació al si de la romanística internacional” (p. 31)- ou dunha variante do portugués; así mesmo abórdase o tema das falas do val do río Ellas (CA), onde o autor considera que “parlen romanç. Dels més bell romanç de la Península” (p. 37), ou o caso da fronteira entre galego e asturiano, que lle serve para exemplificar as problemáticas xurdidas en moitos casos sobre os “romanços de frontera”.

Vid. tamén a entrada 544.

## 1311 Galego e portugués

30. ÁLVAREZ CÁCCAMO, Celso: “O galego frente ao portugués, ou a lóxica social da diferença”, en Camilo Fernández (coord.), *A lingua e a literatura galegas nos alicerces do Terceiro Rexurdimento (1976-2000) = La llengua i la literatura gallegues als inicis del Tercer Ressorgiment (1976-2000)*, Terrasa, Barcelona, Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Política Lingüística, 1999:43-49. | [Ed. en liña n.v.]: [1999], <<http://www.udc.es/dep/lx/cac/artigos/1999terr.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 18/03/2006]. | [Ed. en liña n.v.]: [1999], <<http://www.udc.es/dep/lx/cac/artigos/1999terr.htm>>, [Formato: HTML], [Consulta: 18/03/2006]. | [Ed. en liña n.v.]: A Coruña, eDixital, 2004, <[http://bvg.udc.es/ficha\\_obra.jsp?id=O%22gfrao%221&alias=Celso+%C1lvarez+%E1ccamo](http://bvg.udc.es/ficha_obra.jsp?id=O%22gfrao%221&alias=Celso+%C1lvarez+%E1ccamo)>, [Formato: TXT], [Consulta:31/01/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

O autor defende a identidade lingüística de galego e portugués e considera que a normativa ortográfica e morfolóxica oficial afasta o galego do seu tronco lingüístico e obedece única e exclusivamente a razóns políticas, non lingüísticas.

31. GIL HERNÁNDEZ, António Pedro: “As minhas razões para acreditar na «Lusofonia», *CADERNOS DO POVO*, 5-14 [= *O fenómeno literario nos países lusofonos. Literatura galega, portuguesa, brasileira e africana*, v. II], 1988-89:17-19. | [Ed. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Asociación de Amizade Galiza-Portugal, 2004, <<http://www.lusografia.org/cron-gal/index.htm>>, [Formato: HTML], [Consulta: 24/03/2006].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C



Define o concepto de *Lusofonía* e describe quen forma parte desa comunidade lingüístico-cultural e cales son as tarefas de organización que deben afrontar os seus integrantes. O texto das eds. en liña publicouse previamente no xornal electrónico *Semanario Transmontano*.

**32. LINHARES, Miguel Afonso:** *Confronto do galego e do portugués através da lingua medieval*, [Ed. en liña n.v.]: Portal Galego da Língua, 8-XII-2004, <[http://www.agal-gz.org/modules.php?name=Downloads&d\\_op=viewdownload&cid=3&min=10&orderby=dateD&show=10](http://www.agal-gz.org/modules.php?name=Downloads&d_op=viewdownload&cid=3&min=10&orderby=dateD&show=10)>, [Formato: PDF comprimido], [Consulta: 20/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

Relatorio presentado nun seminario universitario do Estado do Ceará. Ofrece un estudo contrastivo diacrónico e diatópico do galego e do portugués para comprobar a súa unidade estrutural nos niveis fonolóxico e morfolóxico. No nivel fonolóxico analízanse fenómenos vocálicos (a nasalización, a neutralización das vogais átonas, segundo a metafonía nominal e verbal, e a crase e ditongación de hiatos acontecida na lingua medieval) e consonánticos (as consoantes sibilantes, o mantemento / neutralización da oposición /b/~v/, a monotongación de /wa/ e a gheada). No nivel morfolóxico analízanse: os plurais das palabras acabadas en /l/, o artigo e os pronomes persoais. O traballo péchase cun breve estudo dalgúns adverbios do galego que teñen carácter arcaico no portugués (*acá, acó, elo, rem*, etc.), así como dalgún vocabulario galego considerado tamén arcaizante en portugués (*fiestra, soidade, em-bigo*, etc.) [P.M.F.].

**33. MACEIRA RODRÍGUEZ, Alfredo:** “Galego e portugués modernos: um estudo comparativo”, *Philologus*, II/6, 1996:30-37. | [Ed. en liña n.v.]: [2004], <<http://www.filologia.org.br/>>, [Formato: HTML], [Consulta: 30/01/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

Tras unha breve panorámica da historia externa do galego, o autor describe as diferenzas fonéticas, morfolóxicas, ortográficas e léxicas existentes entre a lingua galega e a portuguesa.

**34. MÉNDEZ FERNÁNDEZ, Luz:** “Sobre Sarmiento, Galicia e Portugal”, en Ana Isabel Boullón Agrelo (ed.), *Novi te ex nomine: Estudos filolóxicos ofrecidos ao Prof. Dr. Dieter Kremer*, [A Coruña], Fundación Pedro Barrié de la Maza, [2004]:695-708 (= *Biblioteca Filolóxica Galega / Instituto da Lingua Galega*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO

Análise das relacións de frei Martín Sarmiento (1695-1772) con Portugal e da visión que tiña do país veciño. Segundo a autora, as críticas aos portugueses que achamos nas súas obras débense a motivos filolóxicos no momento en que o bieto “se fai consciente do esquecemento que estes autores [refírese a filólogos] teñen de Galicia” (p. 700) e posteriormente a nivel político cando observa como se nega desde Portugal a existencia do Reino de Galicia e un pasado común a galegos e portugueses. Ademais, Sarmiento é moi crítico coa emigración galega a Portugal, xa que considera que ten unhas consecuencias moi negativas desde un punto de vista moral e social.

**35. ROCHA, Júlio:** “A polémica do ministro Gilberto: Brasil, lingua galega e filoloxía política”, *Tempos Novos*, 89, 2004:64-66.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C

A partir do uso do castelán polo Ministro de Cultura brasileiro, Gilberto Gil, durante un concerto en Santiago de Compostela, o autor aborda a polémica lingüística xurdida entre Ramón Piñeiro e Manuel Rodrigues Lapa en 1973, así como a visión que do galego teñen os brasileiros.

36. SANTOS ARAÚJO, José David: *Portugal e Galiza: Encantos e encontros*, Santiago de Compostela, Laiovento, 2004, 182 p. (= *Vento do Sul*; 19).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. P MEC

Desde unha perspectiva reintegracionista, analízanse as relacións culturais e filosóficas entre os intelectuais portugueses e galegos nos sécs. XIX e XX, coa intención de “realçar posturas e perspectivas dos galegos sobre a portugalidade e dos portugueses sobre a galegitude, tudo num quadro amplo e englobante da cultura e das suas mais diversas manifestações” (p. 11). Ao respecto, o autor precisa que “[a]inda que o ponto de vista lingüístico e literário pareça predominante e seja o mais comum nos poucos debates sobre a problemática galego-portuguesa, houve o propósito de alargar horizontes a outras areas, como das viagens, da Filosofía e das utopías. Assim, construímos uma possível tentativa interdisciplinar e de rumo lógico em desvelar as influências e cumplicidades que se foram desenvolvendo entre diversos intelectuais galegos e portugueses [...]” (ibid.). O apdo. máis especificamente dedicado á cuestión lingüística é o titulado “A problemática da língua: O caminho português” (p. 30-36), en que se describe a descuberta por intelectuais galegos e non galegos do séc. XIX da gran semellanza dos falares galegos co portugués, o cal constituíu “um incentivo ao cultivo e desenvolvimento do idioma próprio da Galiza, fazendo ver que não era uma língua menor e desprestigiada, mas que fazia parte do tronco galego-luso-brasileiro” (p. 12). Entre os que recoñecen a identidade do galego co portugués, hainos que defenden a fusión das dúas linguas (José López de la Vega, Antonio Balbín de Unquera e Juan Valera) e os que lles asignan camiños diferenciados (Leopoldo Martínez Padín, Antonio María de la Iglesia González e Manuel Martínez Murguía). Os argumentos destes pensadores “estarán presentes no galeguismo posterior de todo o século XX [Vicente Risco, Antón Vilar Ponte, Alfonso D. Rodríguez Castela, Xoán Vicente Viqueira], potenciados polo actual reintegracionismo, e na aproximación tentada por diversas individualidades portuguesas [nomeadamente, Manuel Rodrigues Lapa]” (p. 30-31).

Vid. tamén as entradas 319, 345, 463, 464, 548.

## 14 Obras xerais de consulta

### 141 Gramáticas

37. FEIXÓ CID, Xosé: *Gramática da lingua galega: Síntese práctica*, Vigo, Xerais, 2004, 253 p.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

Síntese da gramática da lingua galega que ten como obxectivo centrarse naqueles aspectos máis problemáticos para os usuarios. A través de varios apartados trata temas relacionados coa ortografía, fonética, morfoloxía, sintaxe, léxico e sociolingüística.

RECS.: Manuel Rodríguez Alonso, “A gramática de todos”, *Cartafol de libros*, 22-XI-2004, <<http://www.vieiros.org/publicacions/veredicion.php?Ed=38>>, [Consulta: 18/07/2005].

38. HERMIDA GULÍAS, Carme: *Gramática práctica (Morfosintaxe)*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 2004, 361 p. (= *Estudos e investigacións. Serie maior*).

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

Manual destinado a lles resolver dúbidas aos usuarios do galego racionalizando os erros. A autora pretende “conseguir que os seus lectores e lectoras poidan empregar a lingua sen violentaren as regras gramaticais que lle son propias” (p. 8). Estrutúrase en 10 bloques: 1) “O morfema” (p. 11-27); 2) “O substantivo” (p. 29-36); 3) “O adxectivo” (p. 37-41); 4) “Os determinantes” (p. 43-71); 5) “Os pronomes” (p. 73-99); 6) “O verbo” (p. 101-141); 7) “As perífrases verbais” (p. 144-152); 8) “O adverbio e a locución adverbial” (p. 153-174); 9) “A preposición e a locución preposicional” (p. 175-201); 10) “A conxunción e a locución conxuntiva” (p. 203-236). En cada apdo. defínese o tipo de palabra, a súa función, o significado, a clasificación, a colocación, etc. e remítese aos exercicios correspondentes a ese tema. En “Exercicios” (p. 237-290) inclúense 75 propostas de aplicación sobre diferentes aspectos e a seguir ofrécese as “Solucións” (p. 291-348).

RECS.: Manuel Rodríguez Alonso, “Unha gramática normativa e práctica”, *Cartafol de libros*, 16-V-2005, <<http://www.vieiros.org/publicacions/veredicion.php?Ed=38>>, [Consulta: 08/05/2006].

## 142 Manuais para a aprendizaxe do galego

39. BELTRÁN CARBALLEIRA, Ramón X.: *Manual de galego práctico para oposicións*, A Coruña, Bahía, 1996, 447 p. | 2º ed. corr., 1996, 447 p. | 3ª ed. corr., 1996, 447 p. | 4ª ed. corr. e aum., 1999, 463 p. | *Manual práctico de galego para oposicións, cursos, consultas...*, A Coruña, Baía, 5ª ed., 2004, 431 p.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA

Manual dividido en tres partes: 1) “Gramática”, composta por trece temas que resumen a estrutura gramatical do galego; 2) “Ortografía”, centrada na escrita de palabras difíceis, no uso de determinados sufixos e na toponimia, inclúe tamén un vocabulario de léxico administrativo castelán-galego nas p. 281-288; 3) “Solucións”, coas respostas aos exercicios das outras dúas seccións. A 5ª ed. aparece adaptada á nova proposta de codificación ortográfica e morfolóxica aprobada pola Real Academia Galega en xullo de 2003 [vid. entrada 456].

40. COLMENERO CAL, Antonio: *Novas prácticas de lingua*, Vigo, Edicións do Cumio, 1997, 287 p. | 2ª ed., 1999, 287 p. | 3ª ed., 2001, 287 p. | [4ª ed. actualizada], 2004, 287 p.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

O volume ofrece teoría e práctica (exercicios, textos) sobre fonética, ortografía, morfoloxía, semántica, problemas de normativa e interferencias lingüísticas. O texto da 4ª ed. xa aparece adaptado á nova codificación ortográfica e morfolóxica aprobada pola Real Academia Galega en xullo de 2003 [vid. entrada 456].

41. FEIXÓ CID, Xosé: *Exercicios de lingua galega: Ortografía, gramática, léxico e desviacións*, Vigo, Edicións do Cumio, 2001, 271 p. | 2ª ed., 2002, 271 p. | 3ª ed., 2003, 271 p. | *Exercicios e*

*prácticas de lingua galega: Ortografía, gramática, léxico e desviacións*, Vigo, Edicións do Cumio, 4ª ed. actualizada, 2004, 221 p.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

Manual concibido para o seu uso nas aulas. Está constituído por uns centos de exercicios que cobren todos os ámbitos da lingua (ortográfico, morfolóxico, sintáctico, semántico e léxico), sen esquecer o desenvolvemento da tradución ao galego. Ideado para abranguer todos os niveis de aprendizaxe e graos de dificultade. O texto da 4ª ed. xa aparece adaptado á nova codificación optrográfica e morfolóxica aprobada pola Rea Academia Galega en xullo de 2003 [vid. entrada 456].

**42.** GRANXA GONZÁLEZ, Xosé Antón / MÉNDEZ ÁLVAREZ, María Xesús: *Manual de Lingua Galega: Teoría e práctica: Nivel Superior*, Vigo, Xerais, 2002-05, 6 v. (I, 2002, 215 p.; I. *Solucionario*, 2002, 192 p.; II, 2004, 215 p.; II: *Solucionario*, 2005, 135 p.; III, 2004, 199 p.; III. *Solucionario*, 2005, 128 p.).

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

Destinado a un público amplo, pon especial atención nos contidos prácticos. Cada volume aparece organizado en seis bloques, o último dos cales ofrece unha escolma -adaptada aos temas desenvolvidos no volume- dos modelos de probas das escolas oficiais de idiomas para a obtención dos títulos elemental e superior. O v. I contén os bloques seguintes: I) Fonética e ortografía; II) Determinantes e outras categorías gramaticais; III) O pronome persoal; IV) O verbo; V) Actividades de corrección; VI) Test gramaticais e léxicos. O v. II desenvolve os seguintes: I) Orixes do léxico galego; II) Gramática histórica. As vogais e as consoantes do latín ao galego; III) Historia interna da lingua galega; IV) Historia externa da lingua galega; V) As falas do galego; VI) Modelos de test das escolas oficiais de idiomas. O v. III presenta os seguintes: I) A formación das palabras. Derivación e composición; II) A sintaxe galega; III) A fraseoloxía galega; IV) O galego e as demais linguas romances peninsulares; V) Léxico galego; VI) Modelos de test das escolas oficiais de idiomas.

**43.** RICO VEEA, Manuel (coord.) / SÁNCHEZ PUGA, Xosé (coord.) / GARCÍA ARES, Maricarme / MARTÍNEZ MAYO, Concha / MAYO REDONDO, Susana: *Manual básico de documentación administrativa*, [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Política Lingüística, [2004], 106 p. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2006], <[http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/Manual%20doc\\_administrativos.pdf](http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/Manual%20doc_administrativos.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 14/06/2006]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia, [2004], <[http://www.consellodacultura.org/arquivos/cdsg/docs/Manual%20doc\\_administrativos.pdf](http://www.consellodacultura.org/arquivos/cdsg/docs/Manual%20doc_administrativos.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 31/08/2005]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: A Coruña, Consello da Avogacía Galega, [2004], <[http://www.avogacia.org/w3/IMG/pdf/Manual\\_doc\\_administrativos.pdf](http://www.avogacia.org/w3/IMG/pdf/Manual_doc_administrativos.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 30/06/2006].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Manual de linguaxe administrativa organizado en dous bloques principais: 1) "Introdución" que inclúe unha "Guía rápida de redacción administrativa" (p. 11-17), en que se analizan os erros máis frecuentes (lingua distante e discriminatoria, contidos desordenados, expresión confusa, dependencia do modelo

castelán, etc.), e “Estrutura do documento administrativo” (p. 19-21), que aborda a “vertebración dos documentos e ofrece un catálogo de todos os posibles items” (p. 8); 2) “Modelos comentados de documentos administrativos” (p. 23-96), que ofrece documentos de transmisión, de xuízos, de decisión, de constancia e da cidadanía.

RECS.: Xusto A. Rodríguez Río, *Novas CTNL*, 17, 2005:5.

44. SOUSA FERNÁNDEZ, Xulio (dir.) / VARELA POMBO, Sonia / GONZÁLEZ BUENO, Carme / SOBRIÑO PÉREZ, Anxos: *É galego*, [Ed. en liña n.v.]: [Santiago de Compostela], Universidade de Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega / Eido Media / Cesga, 2004, <<http://e-galego.cesga.es>>, [Consulta: 16/08/2004].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

Curso interactivo de galego de nivel intermedio, dirixido a usuarios de internet non galegofalantes coñecedores de castelán que estean interesados en adquirir uns coñecementos básicos de galego; as actividades do curso tamén poden empregarse como materiais de apoio e complemento nos cursos de lingua presenciais e tutelados. Está organizado en dez unidades en que se desenvolven distintos motivos comunicativos: presentación e descrición de persoas, a casa, o traballo, a comida, as viaxes, etc. Cada unidade conta con dúas locucións en audio e unha en vídeo que ilustran tres situacións comunicativas relacionadas co tema da unidade. Ademais, os exercicios das unidades axudan a coñecer e aprender as estruturas lingüísticas do idioma. O usuario do curso dispón tamén dun conxunto de notas sobre gramática e expresión que lle axudarán a comprender e expresarse mellor en galego. Co desenvolvemento das actividades que constitúen o curso perséguese a adquisición e o perfeccionamento das habilidades comunicativas básicas, tanto para a comprensión como para a produción de mensaxes orais e escritas. Para ter unha correcta visualización e un acceso completo a todos os exercicios e utilidades do curso o ordenador debe dispoñer dos seguintes programas: Internet Explorer, Netscape 6.2, Windows Media e Macromedia Flash Player.

## 143 Dicionarios de dúbidas, prontuarios ortográficos e guías de estilo

45. DOSIL LÓPEZ, Benxamín / RIVEIRO COSTA, Xesús: *Diccionario de ortografía da lingua galega*, A Coruña, Fontel, 1996, 294 p. | [Nova ed. actualizada]: *Diccionario de ortografía da lingua galega*, [A Coruña], Galinova, 2004, 336 p.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓ | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA

Recompilación de conceptos ortográficos definidos e ordenados alfabeticamente. A partir deles ofrécese unha descrición da súa realidade no galego moderno, facilitando tamén pautas ortográficas, tanto da ortografía da palabra como da ortografía da frase, cando esas pautas non se atopan recollidas nas gramáticas ou normas académicas. Cítanse casos de ortografía dubidosa, recóllense outras pautas ortográficas de carácter máis técnico apoiándose en cadros e describíense os principais usos lingüísticos coa axuda de numerosos exemplos e citas de autores. Inclúe un “Índice alfabético de entradas” (p. 241-294 da 1ª ed.), onde se recollen todos os conceptos estudados no libro. Ademais dos apartados estritamente ortográficos, contén tamén os seguintes: “Principais estranxeirismos recentemente incorporados ó galego” (p. 83-86 da 1ª ed.), “Concellos de Galicia” (p. 215-217 da 1ª ed.) e “Países, estados e rexións do mundo cos seus xentilicios” (p. 218-223 da 1ª ed.). A nova ed. actualizada está adaptada ás

novas normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega aprobadas pola RAG en 2003 [vid. entrada 456].

RECS.: Maricarme García Ares, *Cadernos de Lingua*, 14, 1996:139-140 | María Teresa Pastor Novo e María Carme Pérez Picallo, *BAL*, 6, 1996:23-29 | Xavier Senín, *RGE*, 17, 1997:303-304. [Reed.]: en *Revista Galega do Ensino: Décimo aniversario (1993-2003)*, [Ed. facs. dix.]: [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Política Lingüística, [2004], 1 CD-ROM. [Ed. facs. en liña n.v.]: [2004], <<http://www.edu.xunta.es/ftpserver/portal/DXPL/revistagalega/rge17.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 30/06/2006].

**46.** FEIXÓ CID, Xosé: *As normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega: Actualización, complementos e desviacións*, Vigo, Edicións do Cumio, 2001, 255 p. | 2ª ed., 2001, 255 p. | *As normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega: Actualizacións, complementos e desviacións: Normativa aprobada en 2003*, Vigo, Edicións do Cumio, 3ª ed. actualizada, 2003, 287 p. | 4ª ed., 2004, 287 p.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

Na primeira parte do traballo (p. 9-132) inclúese o texto das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* [vid. entrada 456] do ILG/RAG, acompañado dunha serie de notas (p. 123-132) en que se sinalan cuestións problemáticas e non ben resoltas neste texto normativo. A segunda parte (p. 133-250) ofrece unha serie de apdos. relativos á puntuación, uso de maiúsculas, regras de colocación dos pronomes átonos, normas de construción de frases comparativas, desviacións das normas (castelanismos, vulgarismos, hipergaleguismos, arcaísmos, lusismos e dialectalismos), familias léxicas irregulares, diferenzas entre as principais propostas normativas e desviacións e erros máis frecuentes coas correspondencias correctas.

**47.** FEIXÓ CID, Xosé / PENA, Xosé Ramón / ROSALES, Manuel: *Galego século XXI: Nova guía da lingua galega*, Vigo, Galaxia, 2004, 3 v. ([1], 257 p.; [2]: *Caderno de exercicios*, 92 p.; [3]: *Solucionario*, 46 p.).

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

O primeiro volume é unha obra de consulta organizada alfabeticamente en que se inclúen cuestións de léxico, morfolóxicas e ortográficas (consonte a última regulación normativa aprobada pola RAG en xullo de 2003 [vid. entrada 456]). O que se denominan *palabras-clave* son aquelas entradas en que se ofrece información sobre algún aspecto morfolóxico ou ortográfico: así, ao buscarmos *carpintaría* remítenos á palabra-clave *libraría* en que se trata o tema das terminacións *-aría* / *-ería*. O segundo volume ofrece exercicios de aplicación.

RECS.: Manuel Rodríguez Alonso, "O galego deste século", *Cartafol de libros*, 09-XI-2004, <<http://www.vieiros.org/publicacions/veredicion.php?Ed=38>>, [Consulta: 08/05/2006].

**48.** FERNÁNDEZ SALGADO, Benigno (dir.) / CASÁS AGUÍN, Zaixega (red.) / FERNÁNDEZ SALGADO, Xosé Antonio (red.) / GONZÁLEZ ALONSO, Cristina (red.): *Dicionario Galaxia de Usos e Dificultades da Lingua Galega*, [Vigo], Galaxia, 2004, 1308 p.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

Dicionario destinado a un público moi amplo que abrangue estudantes, lingüistas e usuarios correntes. Está constituído por 8.000 entradas e 91 cadros gramaticais. Ao se tratar dun dicionario de dúbidas,

distingúese entre entradas correctas segundo a norma (en maiúscula) e entradas incorrectas (en minúscula). Nas entradas non normativas indícase se se trata dun castelanismo, dunha variante dialectal, dun estranxeirismo, etc. e sinálase a forma correcta. Así mesmo, nas distintas entradas faise fincapé naqueles aspectos máis problemáticos sexan de tipo fonético, sintáctico, morfolóxico, etc. e ofrécese información de tipo etimolóxico, fonético, etc. destinada a xustificar de forma sinxela a forma normativa ou, nalgúns casos, a escolla feita polos autores. Inclúe tamén préstamos dos que se indica o idioma de procedencia e a súa validez ou aceptación no galego estándar.

RECS.: Manuel Rodríguez Alonso, "Máis dúbidas", *Cartafol de libros*, 09-III-2005, <<http://www.vieiros.org/publicacions/veredicion.php?Ed=38>>, [Consulta: 08/05/2006].

49. GONZÁLEZ REI, Begoña: *Ortografía da lingua galega*, [A Coruña], Galinova, 2004, 567 p.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA

Manual de ortografía que trata de ofrecer regras prácticas para a escrita correcta do galego, explicando e fundamentando as escollas ortográficas máis problemáticas. Estrutúrase en distintos bloques referidos á ortografía da letra, da sílaba, da palabra e da frase. Abórdase o uso de maiúsculas e minúsculas, a grafía correcta das abreviaturas, siglas, acrónimos e símbolos internacionais, a acentuación, os ditongos e hiatos, a pronuncia dos grupos cultos, as contraccións, o uso das comiñas, etc. Inclúe tamén unha listaxe de antropónimos (p. 505-510) cuns 1000 nomes de home e muller organizados alfabeticamente. No apdo. "Topónimos" (p. 511-545) inclúe topónimos galegos e do resto do mundo, incluso de lugares históricos, indicando en moitos casos os xentilicios. Monografía adaptada ás novas normas ortográficas e morfolóxicas aprobadas pola Real Academia Galega en xullo de 2003 [vid. entrada 456].

50. HERMIDA BORRAJO, Xosé Avelino: *Consultor Cumio de Galego: Versión 1.0*, Vigo, Edicións do Cumio, [2002], XXV + 994 p. | 2ª ed. actualizada e aum., 2004, XXVII + 1010 p.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

Inicialmente concibido como corrector de documentos electrónicos e adaptado logo á forma impresa, o autor cualifícao como un "caixón onde ten cabida todo aquilo que dun xeito ou doutro poida resultar de interese para o usuario, calquera que sexa a súa competencia en galego, o que fai del, en primeiro lugar, un vocabulario ortográfico, pero tamén, en maior ou menor medida, un diccionario de dúbidas, un diccionario castelán-galego, un diccionario de usos e unha obra para a consulta da categoría gramatical das diferentes entradas correctas" (p. VII-VIII). A 2ª ed. está adaptada ás novas normas ortográficas e morfolóxicas aprobadas pola Real Academia Galega en xullo de 2003 [vid. entrada 456].

51. MÉNDEZ ÁLVAREZ, María Xesús: *Ortografía da Lingua Galega: Descrición, regras e ditados*, Vigo, Xerais, 2004, 253 p.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA

Adaptada á nova proposta de codificación ortográfica e morfolóxica aprobada pola Real Academia Galega en xullo de 2003 [vid. entrada 456], a obra ofrece unha detallada compilación de aspectos gráficos e vai dirixida tanto ao profesorado, alumnado e persoal das administracións públicas, como a un público máis amplo que desexe mellorar o uso escrito da lingua. Abórdanse aspectos relacionados co alfabeto, as consoantes, o emprego de <b> e <v>, o emprego do <h>, a acentuación, os grupos consonánticos, o emprego das maiúsculas, os signos de puntuación, as contraccións, etc., con recomendacións sobre a pronunciación de vogais, consoantes implosivas, dígrafos, ditongos e hiatos. Ademais, en



cada apdo. da obra inclúense exercicios prácticos baseados en textos organizados en distintos niveis de aprendizaxe.

52. RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, Anaír (red.) / DAVILA VENTURA, Montserrat (red.): *Lingua galega: Dúbdas lingüísticas*, [Vigo], Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións, [2004], 139 p. (= *Materiais lingüísticos*; 5).

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

Manual básico para resolver dúbdas de tipo ortográfico, morfolóxico e léxico, adaptado ás novas normas ortográficas e morfolóxicas aprobadas pola Real Academia Galega en xullo de 2003 [vid. entrada 456]. Está organizado en distintos apdos. que abordan cuestións como as regras de acentuación, o uso de *se non* fronte a *senón*, o artigo, etc. Inclúe un “Glosario de termos dubidosos e incorrectos coa equivalencia en galego estándar” (p. 70-85) cuns 850 termos ordenados alfabeticamente. No apdo. “XIX. Toponimia” (p. 85-139) indícanse os nomes dos concellos galegos organizados por provincias, cos correspondentes xentilicios; a seguir danse os nomes dos concellos (cos xentilicios) de fóra de Galicia en que se fala galego e logo os nomes das comarcas galegas e os concellos que inclúen; ofrece despois os topónimos de España organizados por Comunidades Autónomas e provincias, estados e cidades do mundo organizados por continentes, rexións da Unión Europea e os seus xentilicios. Tamén se dan os xentilicios do mundo organizados alfabeticamente e, finalmente, inclúese un índice de nomes de estados, rexións e cidades do mundo (p. 120-139).

## 144 Dicionarios

### 1441 Dicionarios monolingües

53. CARBALLEIRA ANLLO, Xosé María (coord.) / ARES VÁZQUEZ, Carme / HERMIDA GULÍAS, Carme / IGLESIAS SIERRA, Primitivo / LEMA SUÁREZ, Xosé María / LÓPEZ FERNÁNDEZ, Rosa: *Diccionario Xerais da Lingua*, [Vigo], Xerais, 2002, XV + 1280 p., il. | [Nova ed. actualizada]: *Diccionario Xerais da Lingua*, [Vigo], Xerais, 2004, XV + 1280 p., il.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

Concibido como instrumento lexicográfico de apoio para o estudante de ensino secundario na medida en que actualiza e incorpora o léxico que ao longo dos anos se foi fixando dentro do estándar. Contén 37.000 entradas, ordenadas alfabeticamente, das que se desbotaron os derivados circunstanciais regulares, os aumentativos e os diminutivos, ademais dos participios que non teñen valor como adxectivos diferenciados. Esta obra mellora e actualiza a información semántica do *Diccionario Xerais da Lingua* (1986, vid. *BILEGA* 1999) mantendo os aspectos que eran novidosos nel e achegando, ademais, o étimo das entradas. Á parte da información etimolóxica, en cada entrada ofrécense a categoría e subcategoría gramatical, as diferentes acepcións e indicacións de uso, xunto coa definición, sinónimos, exemplos, unidades fraseolóxicas e observacións de diversa índole (gramaticais, semánticas, etc.). Entre as p. 656 e 657 inclúe 32 con numeración romana independente que ofrecen ilustracións variadas entre as que destacan os mapas de Galicia, España e os cinco continentes [Adaptación do resumo que aparece na publicación]. A nova ed. actualizada aparece adaptada á normativa ortográfica e morfolóxica aprobada pola Real Academia Galega en xullo de 2003 [vid. entrada 456].



RECS.: Manuel Rodríguez Alonso, "O Xerais actualizado", *Cartafol de libros*, 17-XI-2004, <<http://www.vieiros.org/publicacions/veredicion.php?Ed=38>>, [Consulta: 08/05/2006].

54. FEIXÓ CID, Xosé (dir. e red.) / PENA ROMAY, Xosé Antonio (red.) / LÓPEZ MARTÍNEZ, María Cruz (red.) / ARIAS LÓPEZ, Valentín (red.) / FERREIRO RODRÍGUEZ, María Isabel (red.): *Diccionario Cumio da lingua galega*, Vigo, Edicións do Cumio, [1999], XXIX + 1162 p. + 2 CD-ROM. | 2ª ed., 2000, XXIX + 1162 p. + 2 CD-ROM. | [Nova ed. actualizada]: Xosé Antonio PENA ROMAY (dir. e red.) / María Cruz LÓPEZ MARTÍNEZ (red.) / María Isabel FERREIRO RODRÍGUEZ (red.) / María do Carme PAMPÍN OTERO (red.) / Xosé Avelino HERMIDA BORRAJO (red.), *Diccionario Cumio da lingua galega*, Vigo, Edicións do Cumio, [2004], 895 p.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

Constituído por 44.000 voces normativas cunhas 100.000 acepcións. Para cada entrada ofrécese a seguinte información: categoría gramatical, transcripción semifonética ocasional, información morfolóxica puntual (plurais e femininos irregulares) e semántica (campo conceptual), nivel de lingua, acepcións e exemplos de uso, sinónimos e antónimos, locucións e frases feitas. Formato: 21 x 29 cm. A 1ª e 2ª ed. vai acompañada do *Diccionario da Lingua Galega* en CD-ROM, que constitúe a versión electrónica do texto impreso, e do *Corrector Ortográfico Cumio da Lingua Galega* en CD-ROM (1999, vid. BILEGA 10416). A nova ed., que está adaptada ás novas normas ortográficas e morfolóxicas aprobadas pola RAG en xullo de 2003 [vid. entrada 456], contén 44.000 entradas cunhas 80.000 acepcións; tamén inclúe información etimolóxica discriminada para máis de 35.000 lemas, duplas entradas normativas e entradas normativamente incorrectas (precedidas dun asterisco) con remisión á forma correcta. Formato: 21 x 29 cm.

55. FEIXÓ CID, Xosé (dir. e red.) / FERREIRO RODRÍGUEZ, María Isabel (red.) / LÓPEZ MARTÍNEZ, María Cruz (red.) / PENA ROMAY, Xosé Antonio (red.): *Diccionario de peto Cumio da lingua galega*, [Vigo], Edicións do Cumio, [2000], XIV + 654 p. | [Nova ed. actualizada]: Xosé Antonio PENA ROMAY (dir. e red.) / María Isabel FERREIRO RODRÍGUEZ (red.) / Xosé Avelino HERMIDA BORRAJO (red.) / María Cruz LÓPEZ MARTÍNEZ (red.) / María do Carme PAMPÍN OTERO (red.), *Diccionario de peto Cumio da lingua galega*, Vigo, Edicións do Cumio, [2004], 685 p.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

Edición reducida do *Diccionario Cumio da lingua galega* [entrada 54], en que se ofrecen preto de 10.000 entradas que recollen 60.000 acepcións, 2.000 acepcións terminolóxicas, 1.000 exemplos, 2.000 locucións, frases e xiros, 11.000 remisións de sinonimia, antonimia e confrontacións, 200 préstamos e 300 xentilicios. Preséntase en formato de 8 x 11'5 cm. A nova ed. aparece adaptada á nova proposta de codificación ortográfica e morfolóxica aprobada pola RAG en xullo de 2003 [vid. entrada 456].

56. LEDO CABIDO, Bieito (dir.) / DOMÍNGUEZ DONO, Xesús (coord.) / RAJÓ PAZÓ, Anxo Xoán (coord.) / VARANDAS GONZÁLEZ, Beatriz (coord.) et al.: *Diccionario de galego*, Vigo, Ir Indo, [2004], 2153 p.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

Consta de 65.000 entradas adaptadas a norma aprobada pola Real Academia Galega en xullo de 2003 [vid. entrada 456]. Recolle léxico común, neoloxismos, variantes fonéticas ou dialectais de uso moi frecuente, préstamos e estranxeirismos, termos científicos e técnicos, acrónimos e abreviaturas. Ao final

da obra inclúese un “Apéndice gramatical” (p. 2111-2137), un “Apéndice léxico” (p. 2140-2152) e unha “Fe de erratas” (p. 2153). O amplo equipo redactor estivo constituído por Irene Álvarez López, María Luisa Álvarez Marín, María Romina Álvarez Troncoso, María Celia Ameneiro Bravo, Diego Araúxo Souto, Luis Baltar Gardón, María Cruz Buján Varela, María Asunción Canal Covelo, Lucía Docampo Martínez, Juan Luis Diéguez Rodríguez, Carmen Fernández García, Silvia Figueira Blanco, Inés González de Castro, Antía González Fernández, Clara González Fernández, Ana Isabel López Pérez, María Isabel Mejuto Seijido, Laura Montes García, María del Mar Ordóñez Reboiras, Sonia Outes Fernández, Susana Pereira Fiuza, María del Carmen Pereiro González, María del Mar Porto Folgar, Pedro Israel Ramos Rivas, Iria Treig Comesaña, Francisco Varela Losada.

57. PENA ROMAY, Xosé Antonio (dir.) / LÓPEZ MARTÍNEZ, María Cruz (red.) / FERREIRO RODRÍGUEZ, María Isabel (red.) / PAMPÍN OTERO, María do Carme (red.) / HERMIDA BORRAJO, Xosé Avelino (red.) / PENA ROMAY, Xosé Antonio (red.): *Gran diccionario Cumio da lingua galega*, Vigo, Edicións do Cumio, 2004, 1598 p.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

Constituído por 75.000 voces normativas cunhas 150.000 acepcións. Para cada entrada ofrécese a seguinte información: étimo, categoría gramatical, transcripción semifonética ocasional, información morfolóxica puntual (plurais e femininos irregulares) e semántica (campo conceptual), nivel de lingua, acepcións e exemplos de uso, sinónimos e antónimos, locucións e frases feitas. Inclúense tamén desviacións normativas e falsas entradas. Está adaptado á nova proposta de codificación ortográfica e morfolóxica aprobada pola Real Academia Galega en xullo de 2003 [vid. entrada 456].

Vid. tamén as entradas 48, 669, 670, 671, 672.

## 1442 Dicionarios bilingües/multilingües

58. GARCÍA, Constantino (dir.) / GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (dir.) / DOMÍNGUEZ DONO, Xesús (red.) / FACHAL FRAGUELA, Ana (red.) / PAZOS BALADO, María Carmen (red.) / PÉREZ RODRÍGUEZ, Manuela (red.) / SALGADO BASOA, Isolina (red.) | SÁNCHEZ VALES, María Dolores (colab.) / TENREIRO LÓPEZ, Uxía (colab.) / CAMPO VAZ, Inmaculada (colab.) / GÓMEZ SANXURXO, María Xesús (colab.) / LADO LÓPEZ, Pablo (colab.): *Diccionario castelán-galego da Real Academia Galega*, [A Coruña], Fundación Pedro Barrié de la Maza / Real Academia Galega, [2004], 995 p. (= *Colección Galicia Viva / Real Academia Galega*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

Primeiro dicionario castelán-galego da Real Academia Galega que, segundo se indica na introdución, contén 25.000 entradas. Cada artigo lexicográfico ofrece a seguinte información: lema en castelán, categoría gramatical, delimitadores semánticos de cada acepción, equivalente ou equivalentes en galego (con información fonética ocasional) e exemplos de uso en castelán coa tradución ao galego. Recolle igualmente fraseoloxía e construcións verbais do castelán coa tradución e exemplos de uso. Abundan nesta obra as marcas técnicas e de especialidade e a etiquetaxe referida ao rexistro de distintas voces. **RECS.:** Manuel Rodríguez Alonso, “Camiñando cara ao castelán?”, *Cartafol de libros*, 09-I-2006, <<http://www.vieiros.org/publicacions/veredicion.php?Ed=38>>, [Consulta: 22/05/2006].

Vid. tamén a entrada 152.

## 15 Historiografía da lingüística galega

### 151 A lingüística galega anterior ao século XIX

59. CONDE TARRÍO, Germán: “Hernán Núñez (1555) e Gonzalo Correas (1627): os primeiros refraneiros galegos”, *CFG*, 6, 2004:27-56. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, [2005], <<http://www.cirp.es/pub/docs/cfg06.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/12/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 4. E

En 1555 publicouse en Salamanca *Refranes o Proverbios en Romance*, obra póstuma de Hernán Núñez de Toledo y Guzmán (1475-1553), voluminoso traballo en que se documentan 8.557 formas sentenciosas, das cales 134 son galegas. Un século máis tarde, o paremiólogo Gonzalo de Correas (1571-1631) editou o seu *Vocabulario de refranes y frases proverbiales y otras fórmulas comunes de la lengua castellana* (1627), constituído por unhas 18.000 paremias (entre elas, 54 galegas). Malia os múltiples erros gramaticais que se atopan nas paremias galegas das dúas obras, consecuencia do descoñecemento que ambos os dous autores tiñan da lingua galega, o seu traballo foi de vital importancia na preservación dunha parte do acervo cultural galego e mesmo constituíu a base sobre a que se sustentarán os refraneiros posteriores [Adaptación do resumo que aparece na publicación]. Neste estudo preséntase en detalle o corpus paremiolóxico galego que conteñen estas obras clasificado nos seguintes apdos.: 1) paremias galegas que aparecen nas dúas; 2) as que aparecen só en Hernán Núñez e non en Correas pola perda dalgunhas follas do ms. orixinal; 3) as documentadas só nun dos dous refraneiros; 4) as consideradas por Hernán Núñez como galegas e por Correas como castelás ou portuguesas; 5) as consideradas por Correas como galegas e por Hernán Núñez como castelás ou portuguesas; 6) casos especiais; 7) paremias que falan da maneira de ser dos galegos; 8) paremias que abordan a forma de falar dos galegos.

60. MARIÑO PAZ, Ramón: “Unha biobibliografía do Padre Martín Sarmiento (1695 - 1772)”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, III, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:385-399. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2006], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_3.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_3.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 09/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. E

Reflexións arredor da produción bibliográfica do padre Sarmiento a partir do estudo do seu *Catálogo de los pliegos que yo, Fray Martín Sarmiento, benedicto y profeso de San Martín de Madrid, he escrito de mi mano, pluma y letra sobre diferentes asuntos* [editado por Juan Domínguez Fontenla (1924, entrada 15)] e por Luis Viñas Cortegoso (1952, vid. *BILEGA* 4332)]. O autor vai analizando a produción do bieito ao longo das etapas da súa vida, constatando nela un interese central pola linguaxe e as linguas, así coma

o punto de inflexión que supuxo na súa traxectoria intelectual a viaxe a Galicia de 1745-1746. Detense así mesmo na análise das causas que levaron a frei Martín a rexeitar a publicación dos seus escritos e na repercusión desta actitude no estilo e organización dos contidos dos seus escritos.

**61.** MONTEAGUDO ROMERO, Henrique: “Martín Sarmiento (1695-1772) perante a lingua e a filoloxía portuguesa”, en Ana Maria Brito, Olívia Figueiredo e Clara Barros (orgs.), *Linguística Histórica e História da Língua Portuguesa: Actas do Encontro de Homenagem a Maria Helena Paiva (Faculdade de Letras da Universidade do Porto, 5-6 de Novembro de 2003)*, Porto, Universidade do Porto, Faculdade de Letras, Departamento de Estudos Portugueses e de Estudos Românicos, Secção de Linguística, [2004]:239-273.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO

Estuda a relación de frei Martín Sarmiento coa tradición lingüístico-filolóxica portuguesa e coa propia lingua portuguesa, aspectos escasamente tratados ata este momento. Para isto analízase a súa obra lingüística (especialmente a de contido galego), así como dous catálogos bibliográficos do propio frade bieito: o *Catálogo de algunos libros curiosos y selectos* (2002, vid. BILEGA 11336) e o inédito *Autores de quien yo tengo obras*. Conclúese que Sarmiento “foi o maior (ou un dos maiores) lusitanistas de ámbito español do século XVIII, e que a súa familiaridade coa lingua e a filoloxía portuguesas, obtida no manexo dunha bibliografía notablemente ampla e escolleita, resultou de importancia crucial na conformación do seu ideario lingüístico sobre o galego” (p. 239-240).

**62.** TABERNEIRO SALA, Cristina: “Los comentarios de Gonzalo de Correas al *Vocabulario de refranes y frases proverbiales* (1627)”, en C. Corrales Zumbado, J. Dorta Luis, D. Corbella Díaz, A. N. Torres González, F. M. Plaza Picón, L. Izquierdo Guzman, M. A. Martín Díaz, J. Medina López, B. Hernández Díaz (eds.), *Nuevas aportaciones a la Historiografía Lingüística: Actas del IV Congreso Internacional de la SEHL (La Laguna, Tenerife, 22 al 25 de octubre de 2003)*, II, Madrid, Arco Libros, 2004:1591-1603.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. CASTELÁN | 3. SINCRÓNICO | 4. E

Analiza a información xeográfica sobre a localización de refráns ou elementos dos mesmos (palabras, expresións) que ofrece Gonzalo Correas nas glosas do *Vocabulario de refranes y frases proverbiales* (1627). Nestas notas diatópicas inclúe un refrán atribuído ao uso de Galicia e, por outra banda, “[a]dvierte también [...] de las expresiones tomadas de las que en su época eran lenguas distintas de las que ya habían confluído en el castellano o español como el gallego, el portugués -o el gallego-portugués-, el catalán, e incluso otras más alejadas y de frecuencia mucho menor como el italiano” (p. 1594). Descríbense tamén as fórmulas metalingüísticas a través das cales se introducen todas estas informacións, que amosan “la distinción entre nacimiento y uso o extensión de los textos analizados, lo que lleva a hablar de una técnica lexicográfica subyacente en Correas” (p. 1600).

Vid. tamén as entradas 34, 676.

## 152 A lingüística galega do século XIX

**63.** BECK-BUSSE, Gabriele: “Carl Goldbeck - «amigo e mentor»”, en Ulrike Mühlshlegel (ed.), *Dona Carolina Michaëlis e os estudos de Filología Portuguesa*, Frankfurt am Main, Teo Ferrer de Mesquita, 2004:13-20 (= *Biblioteca Luso-Brasileira*; 22).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS

Aínda que non se presentou como relatorio, este traballo aparece inserido no volume de actas do *Colóquio Dona Carolina Michaëlis e os estudos filolóxicos em Portugal no comezo do século XX*, desenvolvido o 18 de outubro de 2002 no Instituto Iberoamericano de Berlín, en colaboración coa Facultade de Letras da Universidade de Coímbra. Debuxa un retrato de Carl Goldbeck, profesor das irmás Carolina e Henriette Michaëlis, tratando de amosar o pulo que recibiron del para as súas futuras carreiras de filólogas. Ao mesmo tempo, ofrece un panorama sobre a forma da educación da muller e dos círculos eruditos no Berlín do século XIX.

**64.** FERNÁNDEZ SALGADO, Xosé Antonio: “A obra gramatical de Marcial Valladares”, *Cadernos de Lingua*, 26, 2004:47-98.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C

Estúdase polo miúdo a obra gramatical de Marcial Valladares Núñez (1821-1903), centrándose principalmente nos *Elementos de gramática gallega [1892]* (1970, vid. *BILEGA* 932). Analízanse os “logros e deficiencias en termos de focaxe, organización e contidos gramaticais” (p. 47) sinalando a importancia desta obra, “ponte entre as gramáticas galegas descritivas do período rexionalista e as prescritivas da época nacionalista das Irmandades e Nós” (p. 95) e que lle serve a Valladares para dar a coñecer as regras básicas da lingua galega partindo da variante occidental, se ben tamén inclúe datos doutras áreas dialectais.

**65.** FERNÁNDEZ SALGADO, Xosé Antonio: “As citas de autor no *Diccionario* de Marcial Valladares”, en Rosario Álvarez e Antón Santamarina (eds.), *(Dis)cursos da escrita: Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza*, [A Coruña], Fundación Pedro Barrié de la Maza, [2004]:237-257 (= *Biblioteca Filolóxica Galega / Instituto da Lingua Galega*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C

Estudo das citas de autoridade empregadas para a exemplificación de entradas no *Diccionario gallego-castellano* (1884, vid. *BILEGA* 1048) de Marcial Valladares. Analízase o elenco de autores seleccionados, as propias citas (extensión, cambios ortográficos aplicados, fontes manexadas) e o tipo de entradas que ilustran esas citas.

**66.** FERNÁNDEZ SALGADO, Xosé Antonio: “Cen anos sen Marcial Valladares: retallos da vida e obra”, *A Trabe de Ouro*, 57, 2004:89-102.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C

Notas sobre a vida e a elaboración da obra de Marcial Valladares Núñez (1821-1903). Faise referencia á súa época de estudante en Santiago de Compostela e á súa actividade como poeta nesa época, á súa colaboración no *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de ultramar* (1845, vid. *BILEGA* 3817) e á súa etapa máis fructífera como investigador a partir da década de 1860,

salientando entre as súas obras o *Diccionario gallego-castellano* (1884, vid. BILEGA 1048) e os *Elementos de gramática gallega [1892]* (1970, vid. BILEGA 932).

67. FERNÁNDEZ SALGADO, Xosé Antonio: “O *Diccionario Gallego-Castellano* (1884) de Marcial Valladares”, *Verba*, 31, 2004:361-397.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Despois de revisar as circunstancias que rodearon a elaboración e publicación do *Diccionario gallego-castellano* (1884, vid. BILEGA 1048) de Marcial Valladares Núñez (1821-1903), examínanse os aspectos en que esta obra supera as dos predecesores (concretamente, o *Diccionario gallego-castellano* [1863, vid. BILEGA 1046] de Francisco Javier Rodríguez e o *Diccionario gallego* [1876, vid. BILEGA 1036] de Juan Cuveiro Piñol). A análise céntrase no número e selección das entradas, así como na ortografía empregada polo autor. Sinálase que o léxico recollido corresponde ao galego popular das zonas do Ulla, Santiago de Compostela e Pontevedra, completado con algunhas voces máis procedentes doutras zonas, que lle proporcionaron ao autor Gumersindo Laverde Ruíz, Manuel Leiras Pulpeiro, Amador Montenegro Saavedra e Manuel Pardo Becerra.

68. KREMER, Dieter: “D. Carolina Michaëlis de Vasconcellos como lexicógrafa”, en Ulrike Mühlshlegel (ed.), *Dona Carolina Michaëlis e os estudos de Filología Portuguesa*, Frankfurt am Main, Teo Ferrer de Mesquita, 2004:83-108 (= *Biblioteca Luso-Brasileira*; 22).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS

Relatorio presentado no *Colóquio Dona Carolina Michaëlis e os estudos filolóxicos em Portugal no comezo do século XX*, desenvolvido o 18 de outubro de 2002 no Instituto Iberoamericano de Berlín, en colaboración coa Facultade de Letras da Universidade de Coímbra. O autor reconece que “[é] tarefa difícil resumir os vastos campos de interese e investigación concreta de Carolina Michaëlis de Vasconcellos” (p. 86) que, xunto con outras relevantes figuras da época (Adolfo Coelho, Aniceto dos Reis Gonçalves Viana, José Leite de Vasconcellos), “constitui o fundamento da Linguística Portuguesa moderna e encontra-se, mais ainda do que [Leite de Vasconcellos], na liña directa da tradición *romanística* alemá dominante naquela altura” (p. 85). Preténdese ofrecer aquí unha avaliación -a través da análise dalgúns exemplos tirados de traballos publicados entre 1882-1925- da investigación da filóloga alemá-portuguesa nos campos da etimoloxía e da historia da palabras, en que “recorre sempre a uma técnica de traballo filolóxico e romanística -ou seja, baseando-se em textos (é espantoso constatar de quão vastos conhecimentos dispuña não apenas no campo literário como também no da literatura digamos administrativa), tem conhecimentos linguísticos sólidos e conhece a fundo a discussão linguística (que, na altura, era ciência viva)” (p. 88). O autor xulga que “[o] conhecimento da tradição histórica e da crítica literária e o domínio, hoje muito raro, do instrumentário romanístico, transformam precisamente os seus estudos lexicais em exemplos clássicos da arte da etimologia românica” (p. 86); eles representan tamén un importantísimo chanzo no campo da lexicografía histórica portuguesa e románica.

69. MARIÑO PAZ, Ramón: “A lexicografía galega desde o Rexurdimento ata a época de Xulián Magariños”, en *Xornadas sobre Xulián Magariños: Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Negreira, 16 e 17 de setembro de 2004*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, 2004:51-63 (= *Colección de difusión cultural*; 42).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C

Descrición sintética da tradición lexicográfica galega anterior á Guerra Civil. Explicase como a lexicografía galega contemporánea se desenvolveu no marco do proceso de recuperación da lingua galega e expóñense os obxectivos e as características esenciais dos dicionarios e vocabularios galegos elaborados dende o Rexurdimento ata 1936.

**70.** SANTAMARINA, Antón: “A información comparativa e etimolóxica no dicionario de FJR”, en Antón Santamarina (ed.), *Diccionario de diccionarios: Versión 3*, [Ed. dix.]: [A Coruña], Fundación Pedro Barrié de la Maza, [2003], 1 CD-ROM (= *Biblioteca Filolóxica Galega / Instituto da Lingua Galega*). | [Reed.]: “A información comparativa e etimolóxicano dicionario de Francisco Javier Rodríguez”, en Rosario Álvarez e Antón Santamarina (eds.), (*Dis*)cursos da escrita: *Estudos de filloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza*, [A Coruña], Fundación Pedro Barrié de la Maza, [2004]:643-676 (= *Biblioteca Filolóxica Galega / Instituto da Lingua Galega*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C

Comeza o artigo cunha análise comparativa de carácter xeral entre a edición do *Diccionario gallego-castellano* de Francisco Javier Rodríguez preparada por Antonio M<sup>a</sup>. de la Iglesia González (1863, vid. *BILEGA* 1046) e o manuscrito tal e como o deixou o autor no momento da súa morte en 1875. A continuación faise unha descrición da comparación con outras linguas e das propostas etimolóxicas que Francisco Javier Rodríguez ofrece para algunhas entradas no manuscrito. Finalmente trátase este mesmo aspecto na parte colleitada por Antonio María de la Iglesia, constatándose o seu afán por incluír etimoloxías, en bastantes casos erradas.

**71.** SANTAMARINA, Antón: “Dicionario”, en *Gran Enciclopedia Galega - Silverio Cañada*, XIV (*DIAS-EME*), Lugo, El Progreso / Diario de Pontevedra, [2004]:26-35.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C

Síntese da historia da lexicografía galega bilingüe e monolingüe que o autor xa tratou en traballos anteriores [vid., entre outros, “Os lexicógrafos galegos. Historia dunha profesión” (2001, vid. *BILEGA* 10386)]. Divide a exposición en dous apdos.: “Dicionarios anteriores a 1980” [dende os *Vocábulos gallegos escuros, lo que quieren dezir* (1536, vid. *BILEGA* 11754) do Bacharel Olea ata as contribucións de Elixio Rivas Quintas] e “Dicionarios posteriores a 1980”, en que se describe o pulo e os progresos que experimentaron as obras producidas neste eido da lingüística galega por mor do cambio de destinatario; tamén se avalía a débeda destes novos dicionarios verbo da vella tradición e se caracteriza o perfil profesional dos lexicógrafos modernos, cunha formación filolóxica que non deixa de repercutir na calidade dos traballos.

**72.** THIELEMANN, Werner: “Os *Estudos sobre a formação de palavras nas línguas românicas* (Studien zur Romanischen Wortschöpfung) (1876) de Carolina Michaëlis no ambiente das escolas lingüísticas do século XIX (Humboldt, Grimm, Diez, Bréal, Schleicher)”, en Ulrike Mühlshlegel (ed.), *Dona Carolina Michaëlis e os estudos de Filologia Portuguesa*, Frankfurt am Main, Teo Ferrer de Mesquita, 2004:59-82 (= *Biblioteca Luso-Brasileira*; 22).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS



Relatorio presentado no *Colóquio Dona Carolina Michaëlis e os estudos filolóxicos em Portugal no comezo do século XX*, desenvolvido o 18 de outubro de 2002 no Instituto Iberoamericano de Berlín, en colaboración coa Facultade de Letras da Universidade de Coímbra. O traballo comeza por situar a Carolina Michaëlis en relación coas ideas e escolas lingüísticas do seu tempo, para logo pasar a amosar as ideas lingüísticas que a ilustre filóloga alemá-portuguesa desenvolve nos seus *Studien zur Romanischen Wortschöpfung* (1876, vid. *BILEGA* 7145). O autor xulga este traballo como “obra de maior interese, e isso por dous motivos: os estudos dão una imaxe das ideas lingüísticas de Carolina Michaëlis antes da súa ida a Portugal. Eles mostran una Carolina Michaëlis pouco dependente dos rumos principais da *Linguística Comparada* da época, antes mais virada ás ideas do Romantismo alemão ou da emergente escola social em França. Além disso, é una obra muito preciosa para o estudo da historia da linguística do século XIX e para se detectarem os laços entre os grandes mestres, centros e escolas de Berlín, París, Bona e Coímbra, que mais tarde e até á súa morte, se tornará a *pátria científica* de Carolina Michaëlis” (p. 80).

73. VARELA JÁCOME, Benito: “Cartas de Saco y Arce a Murguía”, *BCPMHAOr*, XVII/3, 1951:237-243. | [Ed. facs. dix.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Promoción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO

Ofrece a transcripción de catro cartas dirixidas por Juan Antonio Saco y Arce a Manuel Martínez Murguía. Nelas, por un lado, intercambian diferentes referencias bibliográficas de interese para ambos e, por outro, manteñen, a propósito da publicación por parte de Saco da súa *Gramática gallega* (1868, vid. *BILEGA* 1019), un distendido debate acerca do galego empregado por ambos. Así, na primeira carta Saco pídelles que interceda por el ante Rosalía de Castro para que esta lle ceda dúas poesías. Na segunda, Saco, contrario á opinión de Murguía de seren o galego de Santiago ou de Lugo máis puros, mantén a súa posición de escoller o galego de Ourense para elaborar a gramática; se ben admite que o galego de Lugo e Santiago sexan máis cultos, cre natural empregar a lingua usada no lugar onde naceu e habita. Na terceira carta, Saco elabora unha listaxe de características que definen a pureza do galego; así, non crendo que a semellanza nin co portugués nin co castelán sexan criterios válidos, avoga pola necesidade de primar aquelas formas que teñan sufrido un desenvolvemento progresivo atendendo a leis propias. O galego de Ourense é, desde este punto de vista, máis puro, dado o maior emprego de locucións distantes do castelán e do portugués (*il, iste* ou *calzós*). Na cuarta carta, Saco responde ás preguntas formuladas por Murguía verbo da localización xeográfica de certas obras manuscritas do escritor Vicente Feijóo Montenegro [P.M.F.].

74. VILANOVA, Alberto: “Gallegos olvidados: Vida y obra de Saco y Arce”, *BCPMHAOr*, XI/232, 1937:155-164. | [Ed. facs. dix.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Promoción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO

Traballo biográfico en que se repasa brevemente a contribución de Juan Antonio Saco y Arce (1835-1881) á filoloxía, poesía e etnografía galegas.



Vid. tamén as entradas 229, 304, 357, 458-1, 568.

## 153 A lingüística galega do século XX

**75.** ÁLVAREZ BLANCO, Rosario: “A gramática galega”, en Henrique Monteagudo e Xan M. Bouzada (coords.), *O proceso de normalización do idioma galego, III: Elaboración e difusión da lingua*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua, [2003]:131-163 (= *Colección Base*). | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2004], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/normalizacion\\_III.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/normalizacion_III.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/07/2004].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C

Revisa o estado da investigación lingüística sobre o galego desenvolvida en Galicia a partir de 1980, deixando fóra os estudos lexicográficos e a didáctica da lingua. No primeiro apdo. (“O estado dos estudos gramaticais ao final da década dos 70”, p. 133-142) faise un percorrido polos estudos anteriores a 1980: os do séc. XIX e principios do XX -en xeral de escaso valor filolóxico-, os da época de posguerra, os elaborados a partir de mediados da década de 1960 -como a *Gramática elemental del gallego común* (1966, vid. *BILEGA* 2135) de Ricardo Carballo Calero ou a *Gramática gallega* (1967, vid. *BILEGA* 946) de Leandro Carré Alvarellos- e os de autoría de lingüistas e filólogos con formación universitaria feitos a partir da creación da Cátedra de Lingua e Literatura Galegas e o Instituto da Lingua Galega. O segundo apdo. (“Evolución da produción lingüística posterior a 1980”, p. 142-163), que aborda o tema principal do artigo, aparece subdividido en cinco partes: 1) “Os tres esteos: galego ‘vivo’, tradición medieval e lingua de autor” (p. 146-149), que fai referencia aos traballos continuadores en boa parte dos de épocas anteriores, pero agora cunha maior formación por parte dos estudosos; 2) “A gramática descritiva” (p. 149-156), con traballos sobre fonética, fonoloxía, morfoloxía e sintaxe; 3) “A gramática prescriptiva” (p. 156-158), ligada ao proceso de estandarización da lingua; 4) “A gramática comparada” (p. 158-160), basicamente coas linguas románicas, que permite que falantes doutras linguas se acheguen á galega; 5) “A variación e o cambio lingüístico” (p. 160-163), en que se repasan os traballos que analizan a lingua desde un punto de vista diatópico, diastrático e/ou diafásico.

**76-1.** GONZÁLEZ SEOANE, Ernesto: “A lexicografía galega moderna”, en Henrique Monteagudo e Xan M. Bouzada (coords.), *O proceso de normalización do idioma galego, III: Elaboración e difusión da lingua*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua, [2003]:165-227 (= *Colección Base*). | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2004], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/normalizacion\\_III.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/normalizacion_III.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/07/2004].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C

O autor céntrase na lexicografía contemporánea, despois de dedicarlle un apdo. (“O herdo lexicográfico galego nos primeiros anos 80”, p. 166-174) aos traballos anteriores a 1980, que se caracterizan en xeral por seren dicionarios bilingües co castelán como lingua de contraste, por marxinalizar o léxico coincidente co español, por depender desta lingua no que respecta ao léxico culto, por teren unha orientación descritiva, por prestarlles moita atención aos textos literarios, por seren na gran maioría de carácter individual e por estaren realizados por lexicógrafos non profesionais. En “A lexicografía

«moderna»” (p. 174-223) analiza a produción lexicográfica a partir de 1980, marcada pola “necesidade de seleccionar, depurar e actualizar” (p. 175) o léxico do estándar galego. Fronte á etapa anterior, agora son lexicógrafos profesionais que, en xeral, traballan en equipo e que se preocupan pola actualización e modernización do léxico, centrándose basicamente nos dicionarios monolingües, e mais naqueles destinados ao ensino. Analiza os distintos tipos de dicionarios: 1) monolingües, dentro dos cales distingue os xerais (obras de gran formato que pretenden recoller o léxico completo), os manuais (con formato reducido e coa función de seren unha referencia básica), os elementais (que inclúen só léxico básico), os escolares (destinados aos estudantes dos primeiros niveis de ensino); 2) bilingües, que sofren unha transformación moi grande en comparación cos da época anterior (dicionarios bidireccionais e dicionarios multilingües); 3) onomasiolóxicos, pouco habituais; 4) paradigmáticos, pouco representados na tradición galega; 5) de dúbidas.

**76-2.** LEMOS MONTANET, José Leonardo: «*Obra viva*» de Ángel Amor Ruibal, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, Instituto de Estudios Gallegos «Padre Sarmiento», 2004, 457 p. (= *Cuadernos de Estudios Gallegos. Anexo*; XXXII).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO

Constitúe a biografía máis completa e actualizada deste polígrafo galego, coengo da catedral de Santiago de Compostela e profesor no Seminario Conciliar. Inclúe tamén a reed. de tres breves traballos e unha entrevista que Amor Ruibal lle dedicou ao galego e cuxas referencias completas poden acharse como entradas independentes neste caderno: “Las peregrinaciones á Santiago. Los nombres de Libredón y Compostela” [entrada 231]; “Examen glotológico de las antiguas denominaciones de la Rúa del Villar” [entrada 230]; “La lengua gallega y su léxico etimológico” [entrada 521]; “Galicia y sus hombres de estudio: Una entrevista con el sabio políglota Dr. Amor Ruibal” [entrada 523].

**77.** LIÑARES GIRAUT, X. Amancio: *Xulián Magariños Negreira*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, 2004, 181 p., il. (= *A nosa memoria*; 39).

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C

Estudo biobibliográfico de carácter divulgativo deste membro e fundador do Seminario de Estudos Gallegos. O capítulo “O co-autor dun dicionario galego” (p. 77-85) está dedicado ao traballo de Magariños no *Vocabulario popular galego-castelán (A-TREVO)* (1926, vid. *BILEGA* 1040).

**78.** MAIA, Clarinda de Azevedo: “Carolina Michaëlis de Vasconcelos e o ensino da Filología Portuguesa na Universidade de Coimbra”, en Ulrike Mühlshlegel (ed.), *Dona Carolina Michaëlis e os estudos de Filología Portuguesa*, Frankfurt am Main, Teo Ferrer de Mesquita, 2004:21-44 (= *Biblioteca Luso-Brasileira*; 22).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS

Relatorio presentado no *Colóquio Dona Carolina Michaëlis e os estudos filolóxicos em Portugal no começo do século XX*, desenvolvido o 18 de outubro de 2002 no Instituto Iberoamericano de Berlín, en colaboración coa Facultade de Letras da Universidade de Coímbra. A partir de fontes documentais conservadas no Arquivo da Universidade de Coímbra e non exploradas ata agora, a autora trata de “pôr em relevo alguns dos aspectos mais relevantes da presenza de Carolina Michaëlis de Vasconcelos na Facultade de Letras da Universidade de Coímbra e do magistério que desenvolveu entre os anos lec-

tivos de 1911-1912 e de 1925-1926" (p. 21), prestando atención tanto a aspectos institucionais como pedagóxicos e científicos. Deste xeito, o traballo ofrece "uma imagem detallada e precisa da época de Carolina Michaëlis na Universidade de Coimbra e comprova, através de numerosas menções, o prestígio do qual a filóloga alemá disfrutava em Portugal" (p. 9).

**79.** RAMOS, Maria Ana: "O Cancioneiro ideal de D. Carolina", en *O Cancioneiro da Ajuda, cen anos despois: Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón os días 25-28 de maio de 2004*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, 2004:13-40 (= *Colección de difusión cultural*; 41).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Presenta o traballo editorial desenvolvido por Carolina Michaëlis de Vasconcelos verbo do *Cancioneiro da Ajuda*. Inicialmente preparou unha edición disposta para entrar no prelo en 1878, pero que pospuxo ante a descuberta do *Cancioneiro Colocci-Brancuti* e a súa divulgación en 1880 por Enrico Molteni. O proxecto editorial inicial mudou para conformar, con axuda dos tres códices, un cancionero de amor galego-portugués. O resultado entrou na imprenta en 1890, pero non saíra á luz ata 1904. A autora fai tamén referencia ao método empregado por Carolina Michaëlis, así como ás súas intervencións no códice de Ajuda. O cancionero idealizado por Carolina Michaëlis ofrecerá os textos contidos no códice e mais aqueloutros que enchen as lagoas detectadas (e sinaladas), a partir dos testemuños que ofrecen os outros códices e dun exhaustivo exame codicolóxico.

**80-1.** SANTAMARINA, Antón: "Filoloxía", en *Gran Enciclopedia Galega - Silverio Cañada*, XVIII (*FERT-FOP*), Lugo, El Progreso / Diario de Pontevedra, [2004]:81-84.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO

Ofrece unha panorámica historiográfica dos estudos sobre o galego nos seguintes campos: análises filolóxico-lingüísticas, xeografía lingüística, historia interna e externa do galego e sociolingüística.

**RECS.:** Antón Santamarina, *Grial*, XLI/158, 2003:123-124 | Serafín Alonso Pintos, *Cadernos de Lingua*, 25, 2003:143-144 | José Enrique Gargallo Gil, *Estudis Romànics*, XXVI, 2004:208-301 | Francisco Gago-Jover, *RPh*, 57, Spring 2004:403-407 [407].

**80-2.** SANTAMARINA, Antón: "O Instituto da Lingua Galega: 25 anos de protagonismo e testemuño", *A Trabe de Ouro*, 28, 1996:73-87 [545-559]. | [Reed.]: en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, I, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:21-36. | [Ed. facs. en liña n.v. da reed.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2004], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO

Texto da conferencia de clausura do *I Congreso Internacional «A Lingua Galega: Historia e actualidade»*. O autor fai un repaso pola historia da institución que preside, o ILG, facendo memoria das circunstancias que conduciron á creación deste centro universitario de investigación e promoción do galego o 26 de xullo de 1971 e das persoas involucradas. A seguir, salienta algúns dos traballos elaborados, como

o primeiro método para o ensino do galego, constituído polos manuais 'Gallego 1' (1971, vid.), 'Gallego 2' (1972, vid.) e 'Gallego 3' (1974, vid.), e a tarefa de extensión do galego a través de cursos e dunha proposta de codificación. Por último, ofrece unha relación dos aspectos que se traballaron e/ou se traballan na actualidade relacionados coa dialectoloxía, a lexicografía, a gramática, a fonética, a historia interna e externa, a onomástica, a edición e estudo de textos medievais, a terminoloxía (particularmente, a propia da linguaxe administrativa), a sociolingüística e a investigación literaria.

**81.** SANTAMARINA, Antón: "Palabras de clausura do *Simposio Dialectoloxía e Léxico*", en Rosario Álvarez, Francisco Dubert García e Xulio Sousa Fernández (eds.), *Dialectoloxía e léxico*, Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua, 2002:383-385 (= *Colección Base*). | [Ed. en liña non venal]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua, [2004], <<http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/dialectoloxia.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 22/12/2004].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C

Conferencia de clausura do *Simposio Dialectoloxía e Léxico*, celebrado en Santiago de Compostela durante a primavera de 2001. Nela ofrécese unhas reflexións mínimas sobre o desenvolvemento da dialectoloxía galega.

RECS.: Antón Santamarina, *Grial*, XLI/158, 2003:123-124 | Serafín Alonso Pintos, *Cadernos de Lingua*, 25, 2003:143-144 | José Enrique Gargallo Gil, *Estudis Romànics*, XXVI, 2004:298-301 [301] | Francisco Gago-Jover, *RPh*, 57, Spring 2004: 403-407 [407].

**82.** SUÁREZ VÁZQUEZ, Damián: "Acerca do traballo lexicográfico de Xulián Magariños", en *Xornadas sobre Xulián Magariños: Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Negreira, 16 e 17 de setembro de 2004*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, 2004:107-116 (= *Colección de difusión cultural*; 42).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C

Tras unha primeira contextualización e descrición do *Vocabulario popular galego-castelán (A-TREVO)* (1926, vid. *BILEGA* 1040), trátase de reconstruír o proceso de elaboración deste traballo colectivo e de achegar luz sobre a contribución que puido levar a cabo nel Xulián Magariños.

**83.** VÀRVARO, Alberto: "Joan Coromines y la lingüística románica", en Joan Solà (ed.), *L'obra de Joan Coromines: Cicle d'estudi i homenatge*, Sabadell, Fundació Caixa de Sabadell, 1999:17-27 (= *Aula de ciència i cultura*; 4). | [Reed.]: en Alberto Várvaro, *Identità linguistiche e letterarie nell'Europa romanza*, Roma, Salerno Editrice, 2004:716-740.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO

Analiza a relevancia da obra de Joan Coromines (1905-1997) no ámbito da romanística, pois, aínda que o cerne do seu interese fose o catalán, "[e]s indudable que el monumental conjunto de la producción científica del estudioso [...] no sólo puede, sino que debe ser valorado en el marco global de la lingüística románica y también fuera de ella" (p. 17 da 1ª ed.). Nesta avaliación, o problema que hai que afrontar é ideolóxico, xa que "Coromines participou de lleno en el nacionalismo que entre los siglos XIX y XX dejó su huella en gran parte de la vida y de la cultura europeas antes de difundirse por todo el mundo" (ibid.). Dedicada apdos. específicos a analizar o ideal científico de Coromines (p. 18-19),

os primeiros chanzos da súa carreira científica (p. 19-21), o método etimolóxico que puxo en práctica (p. 21-23), os seus dicionarios no contexto da lingüística da Península Ibérica (p. 23-24) e as razóns da renuncia a actualizar as súas obras fundamentais (p. 24).

Vid. tamén as entradas 29, 66, 68, 69, 71, 72, 229, 357, 371, 472, 518, 519, 568, 569, 663.

## 154 A contribución doutras disciplinas

**84.** FORNEIRO PÉREZ, José Luís: “Armando Cotarelo Valledor, editor e estudioso do romancéiro”, *RGaF*, 5, 2004:79-106.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C

Estuda a manipulación que Armando Cotarelo Valledor (1879-1950) fixo dos textos de romances orais recollidos en Viana do Bolo por Alfonso Hervella Courel, que revela a súa ideoloxía ultraconservadora.

**85.** SEABRA, José Augusto: “Dona Carolina e a Saudade”, en Ulrike Mühlischlegel (ed.), *Dona Carolina Michaëlis e os estudos de Filologia Portuguesa*, Frankfurt am Main, Teo Ferrer de Mesquita, 2004:109-117 (= *Biblioteca Luso-Brasileira*; 22).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 4. M

Relatorio presentado no *Colóquio Dona Carolina Michaëlis e os estudos filolóxicos em Portugal no comezo do século XX*, desenvolvido o 18 de outubro de 2002 no Instituto Iberoamericano de Berlín, en colaboración coa Facultade de Letras da Universidade de Coímbra. Dá conta dos motivos que levaron a Carolina Michaëlis a escribir o ensaio *A saudade portuguesa: Divagações filológicas e literário-históricas em volta de Inês de Castro e do cantar velho «Saudade minha, quando te veria?»* (1914, vid. *BILEGA* 7127), en que trata, entre outras cuestións, da orixe da voz *saudade* (coas variantes medievais *soedade*, *soidade*, *suidade*) < lat. *SOLITATEM* e da suposta exclusividade portuguesa do seu significado.

Vid. tamén as entradas 24, 179, 196, 327, 328-1, 328-2, 329, 330, 331, 332, 333-1, 333-2, 333-3, 334, 335, 336, 337, 338, 339-1, 339-2, 340, 341, 342, 762.

## 16 Estudos comparativos galego / ...

**86.** MORVAY, Károly / VIDAL CASTIÑEIRA, Ana (tr.): “Notas sobre fraseoloxía comparada”, *CFG*, 6, 2004:159-168. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, [2005], <<http://www.cirp.es/pub/docs/cfg06.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/12/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

O autor xulga que a publicación no ano 2000 polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades da versión galega de dous manuais do fraseólogo ruso Valerii M. Mokienko (*Fraseoloxía eslava e As imaxes da lingua rusa*) pode significar un gran pulo para as investigacións da fraseoloxía comparada -descritiva e histórica (xeral e dialectal). Nestas notas dedícalle unha atención especial á *Fraseoloxía eslava*. A importancia dos libros de Mokienko radica, entre outros, no feito de facilitaren o

acceso a un material fraseolóxico moi pouco coñecido na Península Ibérica. Os investigadores que emprendan traballos similares terán que ser conscientes do risco que supón o manexo dun gran número de exemplos provenientes de diferentes idiomas. Os dous manuais en cuestión tampouco están libres de erratas, polo que o autor corrixe nun “Apéndice” (p. 167-168) os erros descubertos nos exemplos polacos das versións galegas [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

87. P. RODRIGUES, J. Henrique: “A proximidade tipolóxica entre o (galego-)portugués e o español e o seu relevo para a práctica e para o ensino da tradución”, *Agália*, 77-78, 2004:73-86.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Partindo do recoñecemento da proximidade que existe entre o castelán e o (*galego-*)portugués, o autor reflexiona sobre as repercusións que esta semellanza ten á hora de traducir dunha lingua para outra. Engade un apdo. titulado “O galego, una variedade portuguesa interferida polo castelano” (p. 74-77), centrado nas disputas sobre a codificación do galego, e outro titulado “A tradução entre o portugués galego e o portugués luso-brasileiro: a propósito da tradução interlingual e intralingual” (p. 77-79), en que reflexiona sobre a necesidade ou non da tradución entre o galego e o portugués de Portugal e o do Brasil, considerados polo autor como *variantes* da lingua portuguesa.

Vid. tamén as entradas 156, 250-2, 348, 350, 539-2.

## 161 Estudos contrastivos galego / ...

Vid. as entradas 32, 33, 116, 119, 166, 219, 319, 494, 705, 714.

## ► 2 FONÉTICA E FONOLOXÍA: TRABALLOS XERAIS

88. DUBERT GARCÍA, Francisco: “Sobre variación lingüística e fonoloxía”, en Teresa Amado Rodríguez, Concepción Cabrillana Leal, Eva Castro Caridad, Cecilia Criado Boado e Amelia Pereiro Pardo (eds.), *Iucundi acti labores: Estudios en homenaje a Dulce Estefanía Álvarez*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 2004:90-102 (= *Homenaxes*). | [Ed. en liña n.v.]: [2004], <<http://web.usc.es/~fgdubert/artigos/variables.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/05/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Análizase a importancia da compoñente fonolóxica na variación lingüística dos falantes, preséntase unha estrutura desta compoñente e clasifícanse os principios fonolóxicos variables distinguindo variables morfofonémicas, fonémicas, alofónicas e outras variables.

89. REGUEIRA FERNÁNDEZ, Xosé Luís: “Fonética”, en *Gran Enciclopedia Galega - Silverio Cañada*, XVIII (FERT-FOP), Lugo, El Progreso / Diario de Pontevedra, [2004]:182-186.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

Logo de definir a fonética e dar unhas mínimas notas sobre a historia dos estudos de fonética galega, ofrece unha descrición xeral dos sons do galego moderno desde unha perspectiva articulatória con referencias a algunhas peculiaridades dialectais, así como das combinacións de sons (ditongos, tritongos e sandhi), da sílaba, do acento e da entoación.

## 21 Vogais

90. FAGINAS SOUTO, Sandra: “Algúns aspectos do español da Coruña: as vocais [e] [o] tónicas en sílaba inicial”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, I, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:489-499. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2004], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. CASTELÁN | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

A autora describe a investigación que levou a cabo na súa memoria de licenciatura [*Algúns aspectos do español da Coruña: as vocais [e], [o] tónicas en sílaba inicial* (1996, vid. BILEGA 4339)] sobre a interferencia fonética do galego no castelán falado na cidade da Coruña, centrado na realización das vogais [e] e [o] tónicas en sílaba inicial. Adopta como punto de partida a hipótese segundo a cal a realización destas vogais no castelán da Coruña sofre a influencia do timbre aberto das vogais medio abertas do galego; esta hipótese concretase nas dúas subhipóteses seguintes: a) A abertura das vogais medias tónicas en sílaba inicial é máis significativa naqueles informantes en que a presenza do galego ten sido maior (de acordo cos datos do MSG, nos informantes vellos de clase social baixa), é dicir, “postúlase unha relación directamente proporcional entre o grao de abertura vocálica e a intensidade do contacto lingüístico, polo que, en principio, e de acordo coa clasificación sociolingüística, deberíanse atopar diferencias na pronuncia destes informantes, segundo a súa idade e clase social” (p. 491); b) Como consecuencia desta subhipótese, postúlase a aparición dun esquema de diferenciación entre vogais abertas e pechadas de acordo co timbre das correspondentes vogais galegas, naqueles falantes en que a presenza do galego ten sido maior. O estudo desenvolveuse cunha metodoloxía experimental nas seguintes fases: 1) Elaboración dun corpus lingüístico de palabras; 2) Selección dos falantes, para a que se tiveron en conta, entre outros factores, as variables de clase social e idade; 3) Medición da frecuencia do 1º e 2º formante, por seren estes os máis directamente relacionados co timbre vocálico; 4) Creación dunha base de datos en que se rexistraron os datos relativos aos parámetros pertinentes; 5) Análise estatística dos valores frecuenciais obtidos coa finalidade de comprobar se responden ás hipóteses iniciais.

91. ZUCARELLI, Fernanda Elias: “Encontros vocálicos em português arcaico: uma interpretação fonológica”, *Alfa*, 48/1, 2004:29-48.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA



Traballo derivado da memoria de licenciatura presentada pola autora na Universidade Estadual Paulista Júlio de Mesquita Filho [*Ditongos e hiatos nas cantigas medievais galego-portuguesas* (2002, vid. *BILEGA* 11891)] e desenvolvida dentro do proxecto de investigación *Fonología do Português Arcaico*, dirixido pola profesora Gladis Massini-Cagliari. Estuda o estatus fonolóxico dos encontros de vogais no interior de palabra no período galego-portugués -en contraste co portugués actual do Brasil-, tratando de determinar se constitúen ditongos ou hiatos. Utilízase un corpus de 107 cantigas (50 de amigo tiradas do CBN, 50 de amor tiradas do CA e as 7 cantigas de amigo de Martin Codax conservadas no Pergamiño Vindel). Partindo dos principios da Fonoloxía non lineal, especialmente do modelo métrico, determínase a estrutura da sílaba na lingua desta época e formúlanse un conxunto de hipóteses para interpretar os encontros vocálicos no nivel fonolóxico. A autora conclúe que o tipo de encontro vocálico máis común neste período do portugués arcaico é o ditongo (no corpus analizado aparecen 722 ditongos e 123 hiatos), igual que no portugués brasileiro actual. Porén, o portugués arcaico tamén tolera os hiatos (nalgúns casos, mesmo é a única solución que admite), mentres que o portugués brasileiro os evita. A análise desenvolvida no traballo tamén demostra que no nivel fonolóxico só existen ditongos (os tritongos só son posibles no nivel fonético) e que as semivogais (*glides*) están posicionadas na coda silábica e non no núcleo [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

Vid. tamén as entradas 550, 551, 552, 556, 683.

## 22 Consoantes

92. LABRAÑA BARRERO, Sabela: *Estudio acústico das consoantes fricativas do galego*, Tese de Doutoramento, Universitat de Barcelona, Facultat de Filología, 2004, xxiv + 325 + [32] p., 1 mapa | Inédita.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

Analiza as consoantes fricativas do galego moderno, que constitúen unha clase de sons que amosa unha gran variación dialectal. O traballo pretende determinar os parámetros acústicos necesarios para a descrición destes sons e describir a diversidade de realizacións existentes. Para o estudo elaborouse un corpus oral de palabras illadas pronunciadas por dez falantes de distintas zonas de Galicia; a selección das palabras fíxose tendo en conta os diversos contextos vocálicos tónicos de cada son fricativo e as diferentes posicións que pode ocupar dentro da sílaba e na palabra. En todas os casos mediuse a duración, a intensidade relativa á vogal adxacente, a frecuencia de comezo e no LPC os picos espectrais. A análise permitiu constatar a existencia das categorías de fricativas non sibilantes (labiodental e dental) e sibilantes. Inclúe un anexo 1 (p. 313-321) dedicado ao fenómeno da gheada, un anexo 2 (p. 323-324) co corpus do estudo piloto, un anexo 3 (p. 325) co corpus definitivo e un anexo 4 (de 32 p. sen numerar) co cuestionario [TESEO].

Vid. tamén as entradas 318, 549, 683.

## 24 O grupo fónico

Vid. as entradas 683, 742.



## 26 Fonoestilística

93. MONTERO SANTALHA, José Martinho: “Sobre o catálogo das rimas trovadorescas”, *Agália*, 67-68 [= *Especial Comemorativo: 20 [b] aniversario*], 2001:225-237. | [Ed. en liña n.v.]: Portal Galego da Língua, 10-V-2004, <<http://www.agal-gz.org/modules.php?name=Downloads&do=viewdownload&cid=4&min=20&orderby=titleA&show=10>>, [Formato: PDF comprimido], [Consulta: 20/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Breve resumo da tese de doutoramento do autor (*As rimas da poesía trovadoresca galego-portuguesa: catálogo e análise* [2000, vid. *BILEGA* 10192]), na que se ofrece o repertorio e análise sistemática das rimas das aproximadamente 2.100 cantigas (420 relixiosas e 1.680 profanas) dos trobadores do período clásico da tradición poética galego-portuguesa (1200-1350).

Vid. tamén a entrada 583.

## 27 Sistemas de transcripción fonética/fonolóxica

94. LOSADA SOTO, Rut María: “Unha adaptación do SAMPA para a lingua galega”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:615-625. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_2.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

Descrición do SAMPA (Speech Assesment Methods Phonetic Alphabet) e presentación dunha adaptación do mesmo para o galego. O SAMPA é un sistema de transcripción fonética desenvolvido a partir de 1987 por un grupo internacional de fonetistas co obxectivo de “[a]plicar métodos de representación fonética/fonolóxica que sexa compatible cos ordenadores, apropiados lingüisticamente e aceptables para os propósitos dos traballos de transcripción fonética de cada lingua en concreto, e en comparación coas demais” (p. 616). O SAMPA constitúe un sistema de transcripción fonolóxica segmental ou fonética moi ancha (unha proxección do Alfabeto Fonético Internacional), lexible para as máquinas, que usa tan só os caracteres do código ASCII comprendidos no rango 33-127; posúe tamén unha versión ampliada (o X-SAMPA), con convencións adoptadas para representar cada un dos símbolos do Alfabeto Fonético Internacional (incluídos os diacríticos) e que fai posibles transcricións lexibles por máquinas para todas as linguas; para transcribir os trazos prosódicos é preciso acudir ao SAMPROSA e esta outra transcripción ha de facerse separadamente, é dicir, en niveis diferentes (pois hai símbolos que coinciden cos do SAMPA).

## ► 3 GRAMÁTICA, PRAGMÁTICA, LINGÜÍSTICA TEXTUAL E ANÁLISE DO DISCURSO

### 31 Morfología

#### 311 Formación de palabras

95. ALONSO NÚÑEZ, Aquilino Santiago: “Aproximación á sufixación diminutiva non verbal a través dun corpus textual medieval”, en Rosario Álvarez e Antón Santamarina (eds.), *(Dis)cursos da escrita: Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza*, [A Coruña], Fundación Pedro Barrié de la Maza, [2004]:9-34 (= *Biblioteca Filolóxica Galega / Instituto da Lingua Galega*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. ME | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA, INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Baseándose nos principios teóricos do estruturalismo, o estudo pretende establecer a listaxe dos sufixos diminutivos produtivos no galego medieval a partir do baleirado dos glosarios de cinco textos medievais: *Cancioneiro da Ajuda* [ed. de Carolina Michaëlis de Vasconcelos (1904, vid. *BILEGA* 75); o glosario publicouse en 1920 e apareceu por primeira vez xunto co texto na ed. facs. do cancionero de 1990], *Cantigas d'escarnho e de mal dizer dos cancioneros medievais galego-portugueses* [ed. de Manuel Rodrigues Lapa (1965, vid. *BILEGA* 3314)], *Cantigas de Santa María* [ed. de Walter Mettmann (1959-72, vid. *BILEGA* 447)], *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla* [ed. de Ramón Lorenzo (1975-77, vid. *BILEGA* 368)], *O libro de notas de Álvaro Pérez, notario da terra de Rianxo e Postmarcos (sec. XV)* [ed. de Fernando R. Tato Plaza (1999, vid. *BILEGA* 5215)]. O autor precisa o obxecto de estudo nos seguintes termos: “só analizarei qué significado do signo diminutivo prima en cada caso e qué función da linguaxe das estudias por [Karl] Bühler [*Sprachtheorie: Die Darstellungsfunktion der Sprache* (1934)] predomina en cada exemplo na medida en que o necesite para determina-los sufixos diminutivos produtivos do galego medieval que se unen con substantivos, con adxectivos e con adverbios. [...] Quedan fóra do meu estudio os sufixos diminutivos que se soldan a verbos, os sufixos aumentativos e os chamados sufixos diminutivos cultos como *-olo* e *-culo*” (p. 10-11). Tamén contrasta os datos do galego medieval cos do galego moderno co fin de „[e]specificar cáles dos outros sufixos diminutivos propostos como produtivos no galego actual (*-et-e / -et-a, -ic-, -it-, -uc-, -ech-*) xa existían como tales no idioma medieval” (p. 11).

96. MARTÍNEZ CALVO, María Liliana: “Os sufixos nominais na *Crónica Troiana*”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, III, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:209-218. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2006], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_3.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_3.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 09/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Estuda a sufixación nominal a partir dun corpus constituído por todos os substantivos derivados que aparecen na *Crónica Troiana* [ed. de Ramón Lorenzo (1985, vid. *BILEGA* 4011)]. Na primeira parte do traballo analízanse os sufixos que perviven na actualidade organizados por tipos: deverbais *-(a)nça, -(e)nça, -(i)nça, -dura, -mento, -dor*, denominais *-(ada, -eyra, -al, -ete/-eta, -jñas, -om, -eio, -illon)* e deadxectivais *(-ia, -ue)*. Na segunda parte sinálanse os sufixos que se perderon no paso ao galego moderno *(-içe, -il)*.

**97.** MARTÍNEZ EIRAS, María Esther: “Os sufixos verbais na *Crónica Troiana*”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, III, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:219-225. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2006], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_3.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_3.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 09/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Estuda os sufixos verbais na *Crónica Troiana*, a partir da distinción entre derivación inmediata (“cando que actúa como factor derivativo non é un sufixo propiamente dito, senón que é un morfema obrigatorio”, p. 219) e derivación mediata (“cando a desinencia verbal é precedida por un sufixo”, *ibid.*). A análise chega á conclusión de que a vogal temática *-a-* é o elemento derivativo máis común, seguida do sufixo *-ecer*. Sinálase, ademais, a alta porcentaxe de formas parasintéticas (62%), fronte ás simples (28%).

**98.** VIARO, Mário Eduardo: “Para um estudo de semântica sincrônica dos sufixos derivacionais em português do século XIII”, [Ed. dix.]: *Estudos Lingüísticos*, XXXIII, 2004, 1 CD-ROM. | [Ed. en liña n.v.]: Campinas, SP, Grupo de Estudos Lingüísticos do Estado de São Paulo, 2005, <<http://www.fflch.usp.br/dlcv/lport/MViario021.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 30/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Comunicación presentada no *51º Seminário do Grupo de Estudos Lingüísticos do Estado de São Paulo*, celebrado na Universidade de Taubaté en 2003. Tomando como corpus de estudo as 420 composicións das *Cantigas de Santa María* de Afonso X, faise unha descrición dos procesos derivativos vixentes nese período da lingua, establecendo unha listaxe dos sufixos empregados e os seus valores semánticos. O contraste dos resultados da investigación cos datos que ofrecen as gramáticas históricas do portugués permite comprobar que non todas as formas recollidas nestas se achán no corpus (é o caso dos sufixos *-ável, -ível, -úvel, -esco, -isco*) e outras amósanse moi produtivas *(-ança, -ença, -çon)*.

## 312 Clases de palabras

### 3121 Substantivo

**99.** DOSIL LÓPEZ, Benxamín: *Masculino e feminino nos nomes de profissões*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Promoción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, 2004, 123 p. (= *Andel*; 44).

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

Descrición da flexión de xénero nos nomes de profesións do galego moderno. A primeira parte do traballo está dedicada ao xénero desde o punto de vista gramatical e social e contén os seguintes apdos.: “O xénero en galego” (p. 21-32), en que se presenta a “categoría gramatical de xénero, con especial incidencia na morfoloxía do xénero dos substantivos e nos resultados en galego, tocando tanto os valores semánticos dos morfemas de xénero como as súas solucións formais posibles” (p. 18); “Aspectos sociolóxicos, sociolingüísticos e pragmáticos do xénero” (p. 33-64), en que se analizan as vertentes sociais do xénero en diversos países con distintos idiomas, as distintas concepcións do sexismo lingüístico e as limitacións (e recomendacións) para o uso igualitario da lingua, tomando como referencia a linguaxe administrativa. A segunda parte céntrase no tratamento do xénero e achega unha proposta de formación do feminino. No apdo. “O xénero dos nomes e de profesións en galego” (p. 65-93) analízanse as principais dificultades semánticas que se presentan na creación das formas femininas ou masculinas de determinados substantivos, a partir dos datos tirados das seguintes obras: *Diccionario da lingua galega* (1986, vid. BILEGA 1028), *Diccionario normativo galego-castelán* (1988, vid. BILEGA 1044), *Vocabulario ortográfico da lingua galega: (Versión provisional)* (1989, vid. BILEGA 288) e *Gran diccionario Xerais da lingua* (2000, vid. BILEGA 10042). No apdo. “Vocabulario das profesións” (p. 103-114) o autor ofrece a súa proposta a través dunha listaxe de 525 termos ordenados alfabeticamente.

Vid. tamén as entradas 96, 102-1, 553-1, 553-2.

## 3122 Adxectivo

Vid. as entradas 99, 116, 553-1.

## 3124 Pronomes

### 31241 Pronome persoal

**100.** ALMEIDA, Miguél Eugenio: “O emprego dos clíticos em *A Demanda do Santo Graal*”, [Ed. en liña n.v.]: *Cadernos do CNLF*, VIII/10 [= *VIII Congreso Nacional de Lingüística e Filología: Em homenagem a Mário Barreto / I Congresso Internacional de Estudos Filológicos e Lingüísticos*], 2004, <<http://www.filologia.org.br/viiicnlf/anais/caderno10-12.html>>, [Formato: HTML], [Consulta: 12/08/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Breve descrición da distribución das formas clíticas na *Demanda do Santo Graal* a partir dos datos tirados dun fragmento aleatorio de 523 oracións que ocupan 69 páxinas (p. 259-328) da edición crítica de Augusto Magne (1944, vid. BILEGA 2564) e 44 páxinas (p. 169-213) da ed. crítica de Heitor Megale (1988, vid. BILEGA 10609). Dende o punto de vista teórico, a descrición baséase na investigación sobre estas formas desenvolvida por Rosa Virgínia Mattos e Silva en *O português arcaico: Morfologia e sintaxe* (1994, vid. BILEGA 6171). Os datos amosan un abundante emprego dos clíticos na fase histórica da lingua aquí considerada, tanto na posición de próclise, como de énclice e de mesóclise. Segundo o autor, “[o] uso

dos clíticos parece ter uma relación contundente de afirmación existencial do homem e da fixación da súa língua en formación para com seu semelhante, do punto de vista antropológico da linguagem”.

**101.** ÁLVAREZ BLANCO, Rosario: “A variación *nosco* : *connosco* : *con nós* en galego medieval”, *Verba*, 31, 2004:43-73, 3 mapas.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. MC

Estudo das formas de expresión *nosco* / *connosco* / *con nós* dende a época medieval ata hoxe. Na actualidade só unha parte do territorio coñece a forma ligada fronte ao resto, que emprega a forma analítica *con nós*. A partir dun amplo corpus de textos medievais que inclúe lírica, narrativa e prosa documental, a estudosa sinala que a variante *nosco* é moi infrecuente na prosa medieval e na prosa literaria empregábanse cun afán arcaizante. En relación coa situación medieval, “si se pode afirmar que nos textos de grande parte da área *connosco* se daba unha maior frecuencia das formas ligadas” (p. 67) fronte ao resto. Sinala, ademais, que as variantes máis frecuentes presentan *o*, en xeral pechado, mentres que as formas con *u* tónico “son sobre todo características do *Cancioneiro de Ajuda* e acaso deban explicarse por interferencia lingüística, aínda que non descartamos totalmente a posibilidade dunha variante diatópica arcaizante localizable no N de Portugal” (ibid.). Tamén a evolución de *-nn-* a *-n-* se concentra na área de maior presenza de *connosco* “polo que é razoable concluír que *connosco* e *conosco* son variantes concorrentes, a segunda máis popular” (p. 68).

**102-1.** GALANES SANTOS, Iolanda: “A utilización das formas de tratamento persoal no galego lexislativo e administrativo actual”, en Jesús Varela Zapata, J. M. Oro e JoDee Anderson (eds.), *Lengua y sociedad: Lingüística aplicada en la era global y multicultural*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 2004:233-245.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Estuda a presenza das formas de tratamento que preceden aos nomes das persoas e cargos en documentos administrativos escritos en galego, cunha variedade xurídica en construción, publicados no *Boletín do Parlamento de Galicia* no período 1989-1997. A análise baséase nun corpus de 84 textos non protocolarios, que corresponden a documentos xerados por distintos emisores e que pertencen a dous xéneros: o lexislativo e o administrativo (referidos a tipos de documentación administrativa propiamente dita e á específica da institución parlamentaria); en total, conteñen máis de 56.000 palabras. A autora constata que “a norma para a supresión das formas de tratamento que data de 1986 non se respecta de modo estricto nas propias instancias institucionais e interpretoise o seu mandato como unha simple recomendación, do mesmo xeito cás normas de estilo dos manuais” (p. 239). Das tres estratexias posibles, no 34’29% dos textos non se utiliza ningunha forma de tratamento como introdución, no 32’86% utilízanse fórmulas neutras como *Señor/Señora, Don/Dona* e no 12’86% optouse por tratamentos como *Ilmo. e Excmo.*; nun 20% dos textos obsérvanse vacilacións. Para a autora o máis relevante é “que se usan as formas máis protocolarias de modo moi minoritario, o que en proporción acontece en menos dun tercio dos casos” (p. 236). Canto aos tipos de textos, “as formas de tratamento protocolario están completamente erradicadas do xénero lexislativo e normativo [...]. Non acontece o mesmo no plano administrativo, no que se documenta a súa presenza en documentos creados por algúns emisores máis institucionais e tamén pola cidadanía o que supón a repetición dun esquema de discriminación social clásico” (p. 239).

**102-2.** NAVAS SÁNCHEZ-ÉLEZ, María Victoria: “El pronombre personal *con nós* en gallego y en barranqueño”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, I, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:525-533. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2004], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. C

Analiza a historia e uso actual do sintagma *con nós* en portugués, gallego e barranqueño (variedade dialectal de base portuguesa empregada en Barrancos, no sur de Portugal). Inclúe tamén datos das falas galegas de Estremadura. A autora conclúe que “*con nós* es un resto arcaizante que está vivo en los límites periféricos del territorio lingüístico portugués y también del leonés, aunque va siendo arrinconado en el gallego normativo, no en el lenguaje oral. Es decir, podemos encarar la forma barranqueña *con nós* como un fósil de tiempos pasados, pero vivo también en el leonés occidental y en el gallego oral, que convive con otros fenómenos conservadores de tipo fonético, morfológico o lexical, hoy día perdidos en el portugués y gallego normativos” (p. 531).

Vid. tamén a entrada 561.

## 31242 Demostrativo

**103.** LAGARES DíEZ, Xoán Carlos / SÁNCHEZ REI, Xosé Manuel: “Arredor do xénero *neutro* e dos pronomes en gallego”, en Maria do Amparo Tavares Maleval (org.), *Estudos Galegos 4*, Niterói, Rio de Janeiro, Universidade Federal Fluminense, Núcleo de Estudos Galegos, 2004:231-255.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. P MEC | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

Achega á perda do xénero neutro na evolución do latín ao gallego, centrada principalmente no acontecido no ámbito das formas pronominais e, máis concretamente, no caso dos pronomes demostrativos. Conclúese que, dada a desaparición do xénero neutro, “non podemos considerar a existencia dos pronomes neutros que, na realidade, concordan sempre en masculino e singular” (p. 249) e por iso os autores propoñen denominar *masculinos invariábeis* as formas *isto, iso, aquilo*.

## 31243 Posesivo

**104.** SILVA DOMÍNGUEZ, Carme: “Procedementos de determinación do gallego medieval. Estudo dos determinantes na *Crónica Troiana*”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, III, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:277-298. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2006], <<http://>

[www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_3.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_3.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 09/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Estudo dos tipos de frase nominal con posesivo que se achan na *Crónica Troiana* [ed. de Ramón Lorenzo (1985, vid. *BILEGA* 4011)]. Desde o punto de vista semántico non se perciben diferenzas entre os valores que expresa o posesivo na época medieval e na actualidade, sendo posible distinguir varias categorías semánticas segundo o tipo de substantivo que acompañe o posesivo. Funcionalmente, o posesivo pode desempeñar a función de determinante (cando é o único elemento anteposto ao substantivo) ou a de modificador (cando vai precedido de artigo, demostrativo, indefinido, cuantificador ou cando vai posposto ao substantivo). A seguir, analízanse dous cambios producidos ao longo da historia do posesivo: 1) o avance do uso do artigo ante posesivo, e 2) a redución de contextos de uso dende a lingua medieval á actual. As razóns do triunfo do artigo sobre o posesivo “poden estar na súa superior rendibilidade”, no seu funcionamento “máis simple có do posesivo desde o punto de vista morfolóxico” (p. 296); así mesmo, o emprego do artigo permite evitar a información redundante que en moitos casos supuña o posesivo. Como notas finais, sinala a autora a ausencia na lingua medieval da expresión *de meu*, tal e como se emprega na actualidade e a ausencia da forma de respecto *mi*, o cal “pode ser un argumento a favor da súa condición de préstamo de luxo do castelán no galego” (p. 297).

## 31246 Relativo, interrogativo e exclamativo

Vid. a entrada 108-2.

## 3125 Adverbio

**105.** MACHADO FILHO, Américo Venâncio Lopes: “*Ende e hi* no período arcaico do português”, en Sônia Bastos Borba Costa e Américo Venâncio Lopes Machado Filho (orgs.), *Do português arcaico ao português brasileiro*, Salvador, EDUFBA, 2004:83-113.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA

Con base en principios da Gramática xenerativa, trata de describir e explicar as funcións que desempeñan os pronomes anafóricos *en(de)* e *(h)i* no período arcaico do portugués. Os datos foron tirados dun corpus de obras medievais que inclúe as seguintes do período galego-portugués: *Flos Sanctorum* [ed. de Américo Venâncio Lopes Machado Filho (2003, vid. *BILEGA* 12578)], *Testamento de Afonso II* [ed. de Avelino de Jesús da Costa (1979, vid. *BILEGA* 4759)], *Foro Real* de Afonso X [ed. de José de Azevedo Ferreira (1987, vid. *BILEGA* 4673)], *Crónica de Santa Maria de Íria* [ed. de José António Souto Cabo (2001, vid. *BILEGA* 10690)] e *Libro de José de Arimateia* [ed. de Henry Hare Carter (1967, vid. *BILEGA* 4780)].

**106.** SANTOS, Antónia Vieira: “Breves considerações sobre o uso dos advérbios de lugar nas *Cantigas de Santa Maria* (séc. XIII)”, [Ed. en liña n.v.]: *Inventário*, 3, 2004, <<http://www.inventario.ufba.br/antonia.htm>>, [Formato: HTML], [Consulta: 07/02/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA



Establécense os principais usos dos adverbios de lugar *aqui - ali, acá - alá, acó - aló* nas *Cantigas de Santa María* de Afonso X a través dalgúns conceptos extraídos do ámbito da deixé co obxectivo de describir o sistema vixente no período lingüístico ao que corresponde este texto (séc. XIII).

## 3126 Preposición

**107.** NOLASCO DE MACÊDO, Anna Maria: “Locuções prepositivas nas *Cantigas de Santa Maria*”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, III, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:235-239. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2006], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_3.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_3.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 09/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Analiza as estruturas que amosan as locucións prepositivas nas *Cantigas de Santa María* de Afonso X [ed. de Walter Mettmann (1959-72, vid. *BILEGA* 447)], constatando que esas mesmas estruturas se manteñen no galego moderno.

**108-1.** VIARO, Mário Eduardo: “A Third Hypothesis for the Etymology of Portuguese *até*”, *Revista do GEL*, 1, 2004:91-100. | [Ed. en liña n.v.]: [2005], <<http://www.fflch.usp.br/dlcv/lport/MViario026.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 31/01/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. DIACRÓNICO | 4. M

Volve sobre o problema da orixe da preposición port. *até* [gal. *até / ata*], cast. *hasta*, que xa abordara nun traballo anterior [“Sobre a presenza de *TENVS* no Ibero-romance” (1995, vid. *BILEGA* 11966)]. Fronte ás dúas hipóteses habituais para explicar a orixe desta preposición (a que lle atribúe orixe árabe e a que a fai proceder do lat. \**AD TENUS*), o autor presenta unha terceira segundo a cal sería continuación do lat. *INTRO/INTRA*. Esta nova hipótese -na súa opinión- ten unha maior distribución entre as linguas románicas e, ademais, resolve algunhas irregularidades fonéticas presentes nas dúas primeiras. Para a súa xustificación achega bastantes datos do galego-portugués medieval, sobre todo das *Cantigas de Santa María* de Afonso X.

## 3127 Conxunción

**108-2.** SILVA, Geraldo José da: “Sintaxe diacrônica: um estudo de caso”, [Ed. en liña n.v.]: *Cadernos do CNLF*, VIII/10 [= *VIII Congresso Nacional de Linguística e Filologia: Em homenagem a Mário Barreto / I Congresso Internacional de Estudos Filológicos e Lingüísticos*], 2004, <<http://www.filologia.org.br/viiicnlf/anais/caderno10-15.html>>, [Formato: HTML], [Consulta: 12/08/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA



Inspirándose nas propostas desenvolvidas por Rosa Virgínia Mattos e Silva en *O portugués arcaico: Morfología e sintaxe* (1994, vid. BILEGA 6171), o autor analiza os valores sintáctico-semánticos dos conectivos *ca / que* en dúas cantigas de amor de Fernan Garcia Esgaravunha [A 119 / B 235 (Inc.: *Quan muit' eu am' ùa moller*) e A 125 / B 240 (Inc.: *Des oge mais ja senpr' eu rogarei*)] e a súa incidencia na constitución destes textos. Segundo a súa opinión, “[o]s significantes *Ca / que* nas cantigas analizadas corroboran a alternancia sintáctica que incide nas estruturas fráscas como elementos conectivos que ora desempeñan función coordinativa, ora función subordinativa, asumindo valoración causativa circunstancial, valoración pronominal relativa adjetival e, tamén, posición de elemento integrante interfráscico. Isto posto, consideramos que, mesmo en textos arcaicos, a relación sintáctica é construída de forma lóxica mas non ortodoxa, fechada em si mesma, sem levar em conta o contexto”.

Vid. tamén as entradas 122, 702.

## 3128 Verbo

**109.** DUBERT GARCÍA, Francisco: “Sobre a vogal temática dos verbos galegos”, *RGaF*, 5, 2004:53-78. | [Ed. en liña n.v.]: [2004], <<http://web.usc.es/~fgdubert/artigos/vocaltema.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/05/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

O autor pretende “demostrar o carácter léxico da vogal temática” (p. 53) para o cal cómpre demostrar que esta carece de natureza flexiva, que os seus usos flexivos son secundarios e que os seus comportamentos anómalos derivan de procesos fonolóxicos, como por exemplo o cambio de /a/ en /o/ na 3ª persoa de singular do Pretérito de indicativo da 1ª conxugación. É por iso polo cal a VT é “un mero formante fonolóxico do significante dun signo” (ibid.) [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

**110.** LÓPEZ MARTÍNEZ, María Sol: “Os verbos denominativos na lingua medieval: chamar”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, III, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:195-208. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2006], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_3.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_3.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 09/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M

A partir dos datos tirados dun amplo corpus de textos literarios e documentos notariais medievais, estuda os esquemas oracionais do verbo *chamar* centrándose basicamente na función que desempeña a entidade á que se asigna a denominación. Esta entidade xeralmente aparece marcada preposicionalmente e pronominalizada coa forma do dativo, mais tamén é subsceptible de desempeñar a función de SUX na construción pasiva.

**111.** MOSCOSO MATO, Eduardo: “Antepretérito sintético e analítico en galego medieval”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-*

20 de setembro de 1996), III, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:227-233. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2006], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_3.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_3.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 09/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. ME

Estuda as formas de expresión do antepretérito no galego medieval. Nesta época conviven tres solucións: dúas analíticas (*ser + participio / haber + participio*) e unha sintética (a rematada en *-ra*). Os datos foron tirados das seguintes obras: *Mirages de Santiago* [ed. de José Luis Pensado (1958, vid. BILEGA 3236)], *Corónica de Santa María de Iria* [ed. de Jesús Carro García (1951, vid. BILEGA 4000)] e *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla* [ed. de Ramón Lorenzo (1975-77, vid. BILEGA 368)]. A análise indica que: 1) os verbos *haber, ser e vir* seleccionan a forma sintética, mentres que *morror* opta maioritariamente polas analíticas; 2) a forma sintética é máis frecuente cando o suxeito é [-animado]; 3) as oracións subordinadas adverbiais optan pola forma analítica con *haber*, mentres que as subordinadas adxectivas prefiren a forma sintética [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

112. OLIVEIRA, Mariana Fagundes de: “A voz passiva no período arcaico do portugués e inicios do moderno”, en Sônia Bastos Borba Costa e Américo Venâncio Lopes Machado Filho (orgs.), *Do português arcaico ao português brasileiro*, Salvador, EDUFBA, 2004:162-174. | [Ed. en liña n.v.]: [s.d.], <<http://www.prohpor.ufba.br/arcmor.html>>, [Formato: HTML], [Consulta: 07/10/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. SINCRÓNICO | 4. M

Estudo da voz pasiva en textos do séc. XII ao XV do portugués arcaico e dos comezos do portugués moderno. Os datos foron tirados dun corpus de textos entre os que figuran os seguintes do período galego-portugués: a cantiga de escarnio B 1330 bis / V 937 (Inc.: *Ora faz ost' o senhor de Navarra*) de Johan Soarez de Pávia, *Testamento de Afonso II* (IAN/TT, Mitra de Braga, caixa 1, doc. 48), *Livro de linhagens do conde D. Pedro* (ed. de José Mattoso, Lisboa, 1980). No portugués arcaico “a frecuencia de voz passiva nominal, *passiva de ser*, é superior á da pasiva pronominal, *passiva de se*” (p. 168) e a súa función é a de “ocultar o agente, chamando a atención para o objeto afectado pola acción verbal” (p. 169). No que respecta ao portugués moderno, os datos varían xa que prima o emprego da pasiva pronominal.

113. PAZ ROCA, María Carmen: “Estudo das colocacións a través da análise de corpus: Un estudo das colocacións co verbo galego *caer* e o correspondente inglés *to fall*”, *CFG*, 6, 2004:205-219. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, [2005], <<http://www.cirp.es/pub/docs/cfg06.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/12/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA

Análise comparativa das colocacións co verbo galego *caer* e o correspondente inglés *to fall*, coa intención de amosar que pode ofrecer un corpus á hora de analizar aspectos frseolóxicos. O estudo baséase na análise de frecuencias de coaparición destes verbos en dous corpus: o *CORGA* (*Corpus de Referencia do Galego Actual*) e o *BNC* (*British National Corpus*) [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

**114.** SCIDA, Emily Elizabeth: *The Inflected Infinitive in the Romance Languages*, Ph.D. Dissertation, Cornell University, 1998, VIII + 205 p. | [Public.]: *The Inflected Infinitive in Romance Languages*, New York / London, Routledge, 2004, X + 165 p. (= *Outstanding Dissertations in Linguistics*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. C

A partir dos principios da Gramática Relacional, trata de ofrecer unha explicación unificada da sintaxe do infinitivo conxugado (IC) nas linguas románicas (fundamentalmente en portugués e galego) e da súa orixe e desenvolvemento dende as primeiras fases romances. O cap. 2 comeza cunha caracterización xeral da Gramática Relacional (nomeadamente, da análise das estruturas monoclausais e biclausais e das probas para demostrar a pertenza ou non dun elemento a unha cláusula); logo analiza a distribución sintáctica do IC en portugués (e galego), que se completa coa proposta dunha condición xeral que predí todos os posibles contextos sintácticos en que resulta aceptable o uso das formas conxugadas e aqueles en que non é posible empregalas; esta condición establece que o IC debe ser o predicado final da cláusula da que é membro. No cap. 3 faise unha revisión crítica das descrições anteriores da sintaxe do IC en portugués e galego, en contraste coa capacidade explicativa que a autora lle atribúe á condición proposta por ela; por iso considera que as descrições anteriores “were based on an atheoretical approach that did not provide an explicit structural analysis. Consequently, the rules and norms proposed were inconsistent and contradictory, and allowed for numerous counterexamples. For almost rule stated, an exception could be found in written and spoken language” (p. 4). O cap. 4 describe as hipóteses formuladas ata agora para explicar o desenvolvemento histórico do IC en portugués (e galego), analizando os fenómenos latinos e romances que -en opinión da autora- apuntan ao imperfecto de subxuntivo latino como máis probable orixe das formas conxugadas. O cap. 5 ofrece unha detallada análise das formas e a distribución sintáctica do imperfecto de subxuntivo e o IC para determinar que contextos comparten. Por último, o cap. 6 estuda a distribución do IC en sardo, napolitano antigo, leonés antigo e mirandés; así mesmo, tamén discute a existencia de outras formas verbais non finitas conxugadas (xerundios, participios de presente, participios de pasado) en galego, napolitano antigo e algúns dialectos do portugués europeo.

RECS.: DAb/A, LIX/4, 1998:1141.

Vid. tamén as entradas 97, 117, 118, 119, 554, 555, 556, 557, 558, 559.

## 32 Sintaxe

### 321 Concordancia e orde de palabras

**115.** SOUZA, Pedro Daniel dos Santos: “Concordância verbal em português arcaico: um olhar descritivo sobre a documentação notarial”, [Ed. en liña n.v.]: *Inventário*, 3, 2004, <<http://www.inventario.ufba.br/pedro.htm>>, [Formato: HTML], [Consulta: 07/02/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

A partir dun corpus constituído por documentos notariais do noroeste de Portugal e da rexión de Lisboa, analízase a variación da concordancia verbal no portugués arcaico, tratando de establecer os contextos lingüísticos que favorecen a presenza / ausencia da marca explícita de plural na relación FN suxeito e verbo.

Vid. tamén as entradas 560, 561.

## 322 A frase

Vid. a entrada 104.

## 3231 A oración simple

### 32311 Estrato sintáctico

**116.** RODRÍGUEZ RAÑÓN, Xosé Carlos: “L’attribut adjectival nucléaire du COD en français et galicien: étude comparée”, en Elsa González-Álvarez e Andrew Rollings (eds.), *Studies in Contrastive Linguistics: Proceedings of the 3rd International Contrastive Linguistics Conference (Santiago de Compostela, September, 2003)*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, Servizo de Publicacións, 2004:505-512 (= *Cursos e Congresos da Universidade de Santiago de Compostela*; 150).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Análise contrastiva, desde o punto de vista sintáctico e informativo, das construcións do francés e do galego que presentan un atributo adxectivo cuxo referente é o CDir (fr. *Je trouve leurs façons assomantes* / gal. *Atopei ao rapaz afogado*). Estas construcións constitúen unha estrutura híbrida, resultado dunha especie de fusión entre unha atribución e unha predicación primitivas, o cal dá lugar á unión da predicación segunda (entre o atributo do CDir e o propio CDir) coa predicación principal (entre o predicado verbal e os seus constituíntes directos). O autor sinala as características xerais deste complemento atributivo, os tipos de verbos cos que aparece e as diversas probas para identificalo, para rematar sinalando as semellanzas e diferenzas que amosa nas dúas linguas obxecto do contraste.

Vid. tamén as entradas 110, 561.

### 32312 Estrato semántico

**117.** SOUSA FERNÁNDEZ, Xulio: “A expresión do causado nas construcións causativas co verbo *mandar* en galego medieval”, en Rosario Álvarez e Antón Santamarina (eds.), *(Dis)cursos da escrita: Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza*, [A Coruña], Fundación Pedro Barrié de la Maza, [2004]:677-696 (= *Biblioteca Filolóxica Galega / Instituto*

da *Lingua Galega*). | [Ed. en liña n.v.]: [2005], <<http://web.usc.es/~fgxsousa/pdf/Exprescausado.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/05/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. ME | 5. LINGUA ESCRITA

Estudo das construcións causativas co verbo *mandar* no galego medieval, centrado basicamente na forma que adopta e a distribución que presenta o causado (a entidade que recibe a orde) na construción para, dese xeito, “dar conta das características semánticas de axente e paciente [deste argumento] e as propiedades sintácticas do predicado que expresa o efecto” (p. 677). O traballo baséase en datos tirados dun amplo corpus de obras literarias e paraliterarias medievais, así como de fontes documentais.

**118.** SOUSA FERNÁNDEZ, Xulio: “O comportamento da construción causativa *deixar* + infinitivo en galego”, en Teresa Amado Rodríguez, Concepción Cabrillana Leal, Eva Castro Caridad, Cecilia Criado Boado e Amelia Pereiro Pardo (eds.), *Iucundi acti labores: Estudios en homenaje a Dulce Estefanía Álvarez*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, Servizode Publicacións e Intercambio Científico, 2004:187-192 (= *Homenaxes*). | [Ed. en liña n.v.]: [2005], <[http://web.usc.es/~fgxsousa/pdf/Deixar\\_inf.pdf](http://web.usc.es/~fgxsousa/pdf/Deixar_inf.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/05/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Estudo da construción causativa permisiva formada por *deixar* + infinitivo, a partir dun corpus formado 15 obras literarias e non literarias do séc. XX. A análise permite chegar ás seguintes conclusións: 1) onde aparece con maior frecuencia é en esquemas intransitivos; 2) o causado exprésase por medio do acusativo cos infinitivos intransitivos e por medio do dativo cos transitivos; 3) se o causado se expresa lexicamente adoita ir sen marca preposicional e posposto ao infinitivo. Sinala ademais que “esta construción causativa mostra en galego un comportamento moito máis próximo ó dun complexo verbal có das causativas construídas con *mandar* e *facer*” (p. 191).

**119.** SOUSA FERNÁNDEZ, Xulio: “The Expression of the Causee in Galician, Portuguese and Spanish”, en Elsa González-Álvarez e Andrew Rollings (eds.), *Studies in Contrastive Linguistics: Proceedings of the 3rd International Contrastive Linguistics Conference (Santiago de Compostela, September, 2003)*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, Servizo de Publicacións, 2004:585-591 (= *Cursos e Congresos da Universidade de Santiago de Compostela*; 150). | [Ed. en liña n.v.]: [2005], <<http://web.usc.es/~fgxsousa/pdf/Causatives.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/05/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Estudo comparativo da expresión da función semántica *causado* en galego, castelán e portugués en que se subliñan as converxencias e diverxencias das estruturas sintácticas dos tres idiomas. A análise céntrase principalmente no uso do dativo ou acusativo para marcar a entidade que refire o causado, así como a posición deste na oración.

### 32313 Estrato informativo

Vid. as entradas 116, 125.

## 3232 A oración composta

### 32321 Oracións coordinadas

**120.** DACOSTA ALONSO, Marta: “A coordinación na lingua galega medieval, a través das *Cantigas de amor e de escarnio*, *Os miragres de Santiago*, *A Crónica Troiana* e *A Corónica de Iria*“, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, III, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:157-176. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2006], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_3.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_3.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 09/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. ME | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Traballo derivado da memoria de licenciatura da autora [*A coordinación no galego medieval* (1992, vid. *BILEGA* 6181)]. A partir dos datos tirados das *Cantigas de amigo* (compendio elaborado no Departamento de Filoloxía Románica da Universidade de Santiago de Compostela), as *Cantigas d'escarnho e de mal dizer* [ed. de Manuel Rodrigues Lapa (1965, vid. *BILEGA* 3314)], a *Corónica de Santa María de Iria* [ed. de Jesús Carro García (1951, vid. *BILEGA* 4000)], a *Crónica Troiana* [ed. de Ramón Lorenzo (1985, vid. *BILEGA* 4011)] e os *Miragres de Santiago* [ed. de José Luis Pensado (1958, vid. *BILEGA* 3236)], estuda o rendemento e o significado da coordinación na lingua galega medieval. Analiza os tipos máis frecuentes de estrutura coordinada nas obras do corpus e tenta determinar os valores semánticos que presentan. En xeral, trátase de estruturas bimembres en que prima o valor asociativo posesivo.

Vid. tamén a entrada 702.

### 32323 Oracións subordinadas adxectivas

**121.** FONSECA, Celso Fraga da: *Orações adjetivas em cantigas de miragre das Cantigas de Santa Maria: do estatuto sintático-semântico às funções discursivo-textuais*, Dissertação de Mestrado, Pontifícia Universidade Católica de Minas Gerais, Programa de Pós-Graduação em Letras, 2004, VIII + 129 p. | [Res. en liña n.v.]: [2005], <[http://www.biblioteca.pucminas.br/teses/Letras\\_FonsecaCF\\_1r.pdf](http://www.biblioteca.pucminas.br/teses/Letras_FonsecaCF_1r.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 18/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Estuda as características sintácticas, semánticas, textuais e discursivas das oracións adxectivas introducidas polo pronome *que* nas cantigas narrativas de miragre que forman parte das *Cantigas de Santa María* de Afonso X o Sabio. A partir da análise dun corpus constituído por 60 cantigas, estableceuse varios cadros taxonómicos, reveladores de distintas distribucións e funcións das oracións adxectivas, segundo as trazos que presentan: a) nivel sintáctico: grao de integración co constituínte ao que se unen, tipo de conectivo que as encabeza e distanciamento en relación co antecedente; b) nivel semántico: tipos de información -definitoria ou adicional- que fornecen verbo do elemento ao que se

refiren; c) nivel discursivo-textual: actuación nas operacións envolvidas no acto narrativo, no proceso interaccional e na constitución da organización temática das cantigas.

Vid. tamén a entrada 108-2.

### 32324 Oracións subordinadas adverbiais

**122.** DÍAZ PÉREZ, Manuel Domingo: “A estrutura comparativa na *Crónica Troiana*”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, III, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:177-193. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2006], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_3.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_3.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 09/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Estudo descritivo das estruturas comparativas da *Crónica Troiana* [ed. de Ramón Lorenzo (1985, vid. *BILEGA* 4011)]. Indícanse os nexos das distintas estruturas (igualdade, superioridade e inferioridade) e as elisións que se producen tanto no primeiro como no segundo termo da comparación. Nas conclusións sinálase a vacilación de nexos na escrita e a maior frecuencia das estruturas *mays...que* e *tan/tanto...como*, o cal indica un predominio das formas analíticas sobre as sintéticas.

**123.** VIDAL MEIXÓN, Ana: “Aproximación ás causais e consecutivas en galego medieval”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, III, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:317-327. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2006], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_3.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_3.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 09/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Estuda as oracións causais e consecutivas a partir dos datos tirados da *Crónica Troiana* [ed. de Ramón Lorenzo (1985, vid. *BILEGA* 4011)]. Analízase cada un dos tipos oracionais, os nexos que os introducen, as relacións entre enlaces e tempo verbal, os tempos verbais máis frecuentes e a colocación do pronome átono. Coinciden estas dúas construcións en expresaren unha relación causa-efecto (a diferenza radica en que mentres nas consecutivas o nexos introduce o efecto, nas causais o elemento introducido polo nexos é a causa), en oscilaren entre a coordinación e a subordinación, en empregaren basicamente o modo indicativo e en provocaren a proclise do pronome. Con todo, sinálase a maior presenza das consecutivas na obra analizada, moi abundantes nas descrições das guerras, debido posiblemente a que son moi “axeitadas para engrandecer e dramatiza-lo acontecido nestas loitas” (p. 326).

Vid. tamén a entrada 108-2.

## 33 Historiografía da gramática galega

Vid. as entradas 64, 66, 74, 75.

### 331 Informes sobre proxectos de investigación gramatical

**124.** ÁLVAREZ BLANCO, Rosario / CIDRÁS ESCÁNEO, Francisco / GONZÁLEZ SEOANE, Ernesto Xosé / REGUEIRA FERNÁNDEZ, Xosé Luís / XOVE FERREIRO, Xosé: “Dous proxectos de Gramática Descritiva”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:521-525. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_2.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Presentación dos proxectos *Gramática xeral descritiva da lingua galega* e *Gramática da lingua galega* que están a desenvolverse no ILG. O primeiro ten como finalidade “describir gramaticalmente o galego actual da maneira máis ampla e completa posible” (p. 522) atendendo a todas as partes da gramática e tendo en conta as variantes dialectais, sociais e estilísticas. O segundo aspira a elaborar unha gramática “que sirva como punto de referencia, que informe do comportamento gramatical do galego de maneira relativamente concisa” (p. 525).

## 34 Pragmática

**125.** ALMEIDA, Maria Luísa: “A expressão de actos directivos no Livro dos bens de D. João de Portel”, en Fátima Oliveira e Isabel Margarida Duarte (orgs.), *Da Língua e do Discurso*, Porto, Campo das Letras, 2004:195-217 (= *Campo da Linguística*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

O *Livro do Registo das Cartas dos Bens e Heranças que D. João de Portel teve nestes Reinos* é un cartulario particular escrito na segunda metade do séc. XIII e constituído polo *Foral de Portel* e 262 documentos notariais (6 repetidos) escritos en latín (231), portugués antigo (28), castelán (1) e dous que comezan e rematan en latín e transcriben dous documentos en portugués. Pertenceu a João Peres de Aboim, Mordomo Mor do rei Afonso III de Portugal (1248-1279) e actualmente consérvase no IAN/TT. Os documentos en portugués están datados entre 1257-1284. A análise dos mecanismos de expresión dos actos directivos (orde, prohibición, exortación) que a autora desenvolve neste traballo sen pretensións de exhaustividade, céntrase principalmente en tres deses documentos escritos en portugués, entre eles o *Foral de Portel* (a. 1262).



**126.** BARROS, Clara: “A construção do estatuto de autoridade do locutor em textos jurídicos medievais”, en Fátima Oliveira e Isabel Margarida Duarte (orgs.), *Da Língua e do Discurso*, Porto, Campo das Letras, 2004:219-243 (= *Campo da Linguística*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Analiza as estratexias de construción do estatuto de autoridade de locutor empregadas en tres textos xurídicos medievais (*a Primeira Partida* e *o Foro Real* de Afonso X e *as Flores de Direito*, antoloxía de leis elaborada por Jacob de Junta para a instrución deste rei cando era príncipe). Nestes textos, sobre todo na súa parte inicial, resulta nidia esa construción, na que o locutor subliña a lexitimidade do seu discurso lexislativo: “[n]esses textos, e em particular nos dois primeiros, em que é veiculada legislação régia, estamos perante uma relação Locutor-Alocutário condicionada por restrições hierárquicas, de ordem institucional, como é próprio da relação rei-súbditos. Esta relação intersubjectiva é, portanto, marcada por uma profunda assimetria -o que bem serve a um discurso que integra como componente central um complexo de actos injuntivos. O Locutor, designado pela primeira pessoa, *nos*, está identificado com o rei; ocupa, pois, uma posição ou *lugar* superior, e detém um poder inerente a esse estatuto. Ou seja, tem, à partida, legitimidade para emitir a lei: afinal, legislar é uma prerrogativa régia. O que se torna interessante verificar é que, mesmo assim, o Locutor não deixa -ou faz mesmo questão- de reafirmar o seu estatuto de autoridade [...] e de indicar os motivos da existência destes livros de leis. Eles resultam, segundo o Locutor, de uma convergencia de razões -que são referidas, logo no início dos textos, num conjunto de enunciados marcados por conectores causais e conclusivos. Tais elementos apresentam-se como sequência ordenada percorrida por um mecanismo de implicação e realizam claramente uma função discursiva de teor justificativo” (p. 219-220).

**127.** BARROS, Clara: “Entre lei e *ensinamento*: o discurso legislativo na *Primeyra Partida*“, en Ana Maria Brito, Olívia Figueiredo e Clara Barros (orgs.), *Linguística Histórica e História da Língua Portuguesa: Actas do Encontro de Homenagem a Maria Helena Paiva (Faculdade de Letras da Universidade do Porto, 5-6 de Novembro de 2003)*, Porto, Universidade do Porto, Faculdade de Letras, Departamento de Estudos Portugueses e de Estudos Românicos, Secção de Linguística, [2004]:51-72.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Analiza algúns trazos característicos da *Primeira Partida* de Afonso X o Sabio, integrando esta análise nun intento de elaboración dunha tipoloxía dos actos discursivos en textos xurídicos medievais. A autora verificou “a frecuencia nesses textos de actos directivos e de actos assertivos correspondendo à presença simultânea de dois tipos de discurso: um discurso legislativo propriamente dito, constituído por actos ilocutórios directivos dirigidos a um alocutário em princípio coincidente com o futuro aplicador da lei, e um outro discurso que o enquadra, fundamentando a sua legitimidade e que se exprime regularmente em actos assertivos com valor de justificação” (p. 51). Na *Primeira Partida*, tanto o discurso xustificativo como o lexislativo expositivo aparecen marcados por unha estruturación e organización textual e secuencial que resulta difícil aproximar a outros textos do mesmo tipo. A análise deste texto revela, por tanto, unha configuración particular de actos discursivos e a autora concéntrase neste traballo en poñer de manifesto as formas peculiares que amosa no mesmo o discurso lexislativo expositivo.

**128.** MENÉNDEZ, Fernanda Miranda: “Dimensões *meta* nos textos jurídicos medievais”, en Ana Maria Brito, Olívia Figueiredo e Clara Barros (orgs.), *Linguística Histórica e História da Língua Portuguesa: Actas do Encontro de Homenagem a Maria Helena Paiva (Faculdade de Letras da Universidade do Porto, 5-6 de Novembro de 2003)*, Porto, Universidade do Porto, Faculdade de Letras, Departamento de Estudos Portugueses e de Estudos Românicos, Secção de Linguística, [2004]:227-237.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Identifica e caracteriza toda unha serie de reflexións metalingüísticas que se rexistran no discurso dos textos xurídico-administrativos galego-portugueses medievais, que habitualmente se consideran traducións de obras de Afonso X o Sabio. A análise destas traducións xira arredor das características que presenta todo discurso xurídico: o feito de representar documentos públicos, de eliminar todo aquilo non pertinente ou falso e de posuír as definicións dos termos un carácter dialéctico derivado da referencia a unha realidade en constante movemento.

**129.** PEDREIRA-VILARIÑO, Marina: “*I said ... she Said: Direct Quotations in the Performance of Accusations and Gossip in Galician Everyday Conversation*”, *Verba*, 31, 2004:239-264.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

Análizase a forma en que se levan a cabo as acusacións e rexoubas en galego. A autora sinala que o emisor se presenta como simple transmisor das rexoubas ou acusacións conferíndolle deste xeito verosimilitude e subliñando o seu papel como mero portador evitando dese xeito unha confrontación directa [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

**130.** PICCARDI, Alice: “A retranca como acto lingüístico”, *Cadernos de Lingua*, 26, 2004:99-108.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Estudo da figura retórica da retranca, característica da lingua galega, como acto lingüístico. A autora analiza as distintas definicións deste fenómeno e a finalidade do seu uso no acto comunicativo.

Vid. tamén a entrada 106.

## 36 Análise do discurso

**131.** PREGO VÁZQUEZ, Gabriela: “Legitimación y narrativas en el discurso político”, en Milka Villayandre Llamazares (ed.), *Actas del V Congreso de Lingüística General (León, 5-8 de marzo de 2002)*, Madrid, Arco Libros, 2004:2269-2279.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

O discurso é unha das armas con que os políticos lexitiman as súas actuacións. A clase dirixente manipula diferentes estratexias discursivas para xustificar as súas accións diante da opinión pública. Neste traballo estúdase unha das estratexias simbólicas que poden entrar en xogo no proceso de lexitimación: a narrativización; concretamente, a autora céntrase na estratexia que consiste en introducir no

discurso político narracións de experiencias persoais. A análise baséase nos datos do proxecto ADPA (*Análise do Discurso Público Actual*), que se desenvolveu entre 1995-2000, e do proxecto COMTECNO, continuación do anterior, que se desenvolve desde 2000 e en que están implicados investigadores da Universidade da Coruña, da Universidade de Valladolid e da Universidade de Santiago de Compostela. Os datos analizados inclúen unha gran variedade de actividades discursivas públicas procedentes tanto de Galicia como do resto de España, ocupando un lugar moi relevante no corpus todo tipo de eventos políticos (mitins, entrevistas políticas, plenos de concellos, sesións parlamentarias, etc.). Metodoloxicamente, a investigación insírese dentro dunha ampla perspectiva interdisciplinaria, enriquecéndose coas diferentes liñas que estudan a dimensión social do discurso (Sociolingüística interaccional, Análise da conversa, Análise crítica do discurso, Etnografía da comunicación, etc.).

**132.** PREGO VÁZQUEZ, Gabriela: “Unha aproximación microsociolingüística ó xénero discursivo do regateo”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, I, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:347-355. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2004], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

Os regateos son interaccións formalizadas, inseridas en transaccións comerciais, en que o comprador e o vendedor negocian o prezo definitivo do produto. A aproximación que desenvolve a autora no estudo destas interaccións adopta elementos das orientacións sociolingüísticas cualitativas que realizan unha análise microestrutural e interpretativa dos datos. Esta liña de análise, de gran desenvolvemento na sociolingüística norteamericana a partir da década de 1960, tivo escasa repercusión na lingüística hispánica, pero foi introducida recentemente na sociolingüística galega e a pretensión da autora é contribuír á súa consolidación. O traballo artículase en tres partes: 1) introdución sobre a análise microsociolingüística; 2) relevancia dos regateos como obxecto de estudo; 3) análise da estrutura dalgúns casos de regateo producidos nas feiras da bisbarra de Bergantiños (CO) [A.].

Vid. tamén as entradas 412, 413.

## ► 4 LEXICOLOXÍA, LEXICOGRAFÍA E ONOMÁSTICA

### 41 Lexicoloxía

#### 411 Estruturas léxicas

Vid. as entradas 136, 154, 168.

#### 412 Renovación do léxico

133. GRAÑA NÚÑEZ, Xosé: “Algunhas repercusións lingüísticas das transformacións do mundo rural”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:353-359. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_2.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Analízanse as repercusións lingüísticas xurdidas por mor das transformacións sociais que sufriu Galicia nos últimos anos (a despoboación do mundo rural ou os cambios na vida social e laboral). A renovación léxica é un dos problemas aos que se ten que enfrontar a lingua como consecuencia destes cambios e precisase “crear un código lingüístico axeitado ós novos ámbitos de uso” (p. 354), mais isto tamén implica a perda dunha gran parte do “noso léxico máis tradicional e singular” (p. 355) desaparecendo así unha das características máis senlleiras do galego.

Vid. tamén a entrada 694-1.

#### 4121 Neoloxismos

134. LÓPEZ FERNÁNDEZ, Susana / MONTES GARCÍA, Laura: “Notas sobre a creación non planificada de palabras en lingua galega (Ano 2003)”, en Xosé López (coord.), *A comunicación en Galicia 2004*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Sección de Comunicación, [2004]:209-226 (= *Informes*). | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2005], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/comunicacion\\_2004.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/comunicacion_2004.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 09/02/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Estudo dos neoloxismos formais no galego contemporáneo a partir dun corpus baseado nas edicións en rede de *Vieiros*, *A Nosa Terra*, *O Correo Galego*, *Galicia Hoxe* e *Canal Ciencia* durante a primeira metade de 2003. Os tres procedementos empregados na formación de neoloxismos son a derivación, a composición e os préstamos, se ben é a derivación, por medio da sufixación, prefixación e a derivación parasintética, a máis rendible á hora de crear substantivos, adxectivos e verbos novos. Segundo o campo temático, os autores sinalan que nos campos relacionados coas novas tecnoloxías o máis frecuente é o emprego da composición e dos préstamos, mentres que no campo da economía e da política se recorre maioritariamente á derivación. Conclúen que, se ben o galego emprega maioritariamente recursos internos da lingua, tamén se constata unha utilización moi importante de préstamos sen adaptar doutras linguas, principalmente do inglés e do castelán, malia existiren formas equivalentes no galego (p. 225).

Vid. tamén as entradas 470-3, 480.

## 4122 Préstamos

**135.** CAMPOS SOUTO, Mar / PÉREZ PASCUAL, José Ignacio: “Las voces gallegas incorporadas al DRAE: de 1992 a 2001”, *RLex*, X, 2003-04:39-63.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. CASTELÁN | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Análise das voces incorporadas ao *Diccionario de la lengua española* da Real Academia Española nas eds. 21ª (1992) e 22ª (2001), que aparecen adscritas ao galego ou ao galego-portugués. Entre as que aparecen marcadas como palabras galegas ou galego-portuguesas cítanse *chaira*, *morriña*, *corvo*, *ollar*, *broa*, *acotar*, *boira*, *carabela*. Outras levan a marca de seren usadas en terrotorio galego, tales como *hórreo*, *tona*, *grelo*, algunha xa especificada na 21ª ed. e outras incorporadas na 22ª ed. A comparación entre as dúas edicións indica un avance cara a “una mayor uniformidad en la marcación geográfica del léxico español originario o propio de Galicia” (p. 58), se ben cumpría, segundo os autores, incluír voces tan comúns como *pota*, *cola*, *esnafarse* e eliminar outras xa en desuso.

**136.** SALGADO, Xosé Manuel: “O estranxeirismo léxico na obra narrativa de Ramón Otero Pedrayo”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, III, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:685-706. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2006], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_3.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_3.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 09/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

A partir dos datos tirados de dezasete pezas, analízase o grao de presenza e a tipoloxía dos estranxeirismos na obra literaria de Ramón Otero Pedrayo, así como a conciencia do autor de que está a empregar elementos léxicos alleos ao galego. En canto a este último aspecto, resáltase o emprego de estranxeirismos como un “risco de estilo, coma un medio de conseguí-la veracidade lingüística” (p. 659). Conclúese que “os estranxeirismos máis frecuentes na obra de Otero Pedrayo están case todos eles incorporados á lingua usual; na súa maior parte, tomaron carta de natureza no noso idioma e que calquera persoa,

cun nivel de cultura non moi elevado, ten pleno coñecemento dos mesmos. A maioría pertencen ó mundo da ornamentación, culinario, do espectáculo ou do deporte, aínda que tamén os hai adscritos ós campos máis heteroxéneos. Fundamentalmente proceden do francés e, en menor medida, do inglés, italiano, portugués ou alemán, rexistrándose, esporadicamente, algunha que outra contribución do catalán” (p. 697). Nesta mesma páxina inclúese un breve reconto dos estranxeirismos máis comúns na obra de Otero Pedrayo (71 galicismos, 36 anglicismos, 29 italianismos, 12 xermanismos, 50 lusismos, 2 catalanismos, 9 americanismos e un último grupo de 12 estranxeirismos variados).

Vid. tamén as entradas 45, 264, 470-1, 476, 527.

## 4125 Hipergaleguismos

Vid. a entrada 477.

## 4127 Eufemismos e disfemismos

**137.** BANDE RODRÍGUEZ, Enrique: “O sexo no Cantigueiro Popular”, en Mariló Fernández Senra e Xulio Fernández Senra (coords.), *I Congreso de Patrimonio Etnográfico Galego «In memoriam Xaquín Lourenzo Fernández Xocas»: Actas*, Ourense, Deputación de Ourense, [2004]:185-192.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

Recolla do léxico (121 termos) referido ao sexo do *Cantigueiro popular da Limia Baixa* de Xoaquín Lourenzo Fernández (1973, entrada 303).

**138.** MONTERO CARTELLE, Emilio: “El latín, el gallego y el léxico sexual del castellano”, en Teresa Amado Rodríguez, Concepción Cabrillana Leal, Eva Castro Caridad, Cecilia Criado Boado e Amelia Pereiro Pardo (eds.), *Iucundi acti labores: Estudios en homenaxe a Dulce Estefanía Álvarez*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 2004:149-157 (= *Homenaxes*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. CASTELÁN | 3. SINCRÓNICO | 4. PME | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Céntrase na omisión como manifestación do léxico sexual, analizando as restricións no uso dos derivados de CUNNO e FUTUERE en textos casteláns e galegos medievais.

Vid. tamén as entradas 415, 575.

## 413 Fraseoloxía

**139.** FERRO RUIBAL, Xesús: “Explicitación e implicitación fraseolóxica. Notas galegas”, *CFG*, 6, 2004:57-80. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a

Investigación en Humanidades, [2005], <<http://www.cirp.es/pub/docs/cfg06.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/12/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Inspirándose na concepción dinámica da fraseoloxía de Valerii Mokienco e, máis concretamente, na doutrina verbo da ampliación ou compresión fraseolóxica que el denomina *explicitación e implicitación*, propóñense a discusión algúns criterios novos para detectar en que dirección se moven certos fraseoloxismos en linguas que, coma a galega, por circunstancias políticas carecen de suficiente documentación histórica, a estatística de frecuencias, a *lectio difficilior praeferenda*, a matización humorística ou correctora, a existencia de formas *pleniores* diverxentes, que un refrán inserto nunha cantiga apareza en glosas diferentes, que teña discontinuidade sintáctica ou imáxica co resto da cantiga ou que vaia introducido por un *verbum dicendi* ou *sentiendi*. Os exemplos aducidos están tirados do corpus fraseolóxico galego [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

**140.** GUERBEK, Ekaterina / MOKIENKO, Valerii / VLASÁKOVÁ, Katarina: “Aplicación da teoría de modelos semántico-estruturais das locucións á organización dun dicionario plurilingüe de sinónimos fraseolóxicos”, *CFG*, 6, 2004:131-139. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, [2005], <<http://www.cirp.es/pub/docs/cfg06.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/12/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Preséntanse algunhas bases teóricas e prácticas para a elaboración dun dicionario plurilingüe de sinónimos fraseolóxicos en galego e noutras linguas indoeuropeas. Estas bases inspíranse na teoría de modelos semántico-estruturais de fraseoloxismos exposta por Valerii Mokienco en *Fraseoloxía eslava* (trad. gal. de Ekaterina Guerbek, Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2000) e exemplifícanse co concepto *bébedo* [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

**141.** MELLADO BLANCO, Carmen: “A relevancia da teoría da modelabilidade de Valerii Mokienco a través da súa monografía *Fraseoloxía eslava* (1980/trad. 2000)”, *CFG*, 6, 2004:149-158. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, [2005], <<http://www.cirp.es/pub/docs/cfg06.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/12/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Póñense de manifesto os puntos máis innovadores e decisivos da teoría desenvolvida por Valerii Mokienco en *Fraseoloxía eslava* (trad. gal. de Ekaterina Guerbek, Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2000). Entre eles está o valor que se lle concede ao significado literal dos lexemas integrantes do fraseoloxismo e, en xeral, á forma interna deste, a transcendencia de incluír dialectalismos como obxecto de estudo, o papel crucial da perspectiva diacrónica e a análise das variantes fraseolóxicas. Así mesmo, analízase a transcendencia que tivo a teoría da modelabilidade semántico-estrutural de Mokienco no panorama da investigación europea e faise un breve comentario sobre a tradución realizada para o galego [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

## 4131 Locucións, modismos e frases feitas

**142.** GÓMEZ CLEMENTE, Xosé María: “Os rexistros e os niveis de lingua na fraseoloxía: unha aproximación descritiva das locucións nun corpus textual galego”, *CFG*, 6, 2004:81-112. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, [2005], <<http://www.cirp.es/pub/docs/cfg06.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/12/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA

O uso das unidades fraseolóxicas nunha lingua é mostra dun alto nivel de competencia lingüística. Para acadaren ese nivel, os usuarios teñen que coñecer perfectamente non só os valores semánticos das unidades fraseolóxicas, senón tamén os seus valores pragmáticos, entre os que está a connotación de nivel de lingua. Neste traballo inténtase desenvolver unha análise das unidades fraseolóxicas do galego moderno tal e como aparecen nos textos co obxectivo de “contribuír mínimamente a definir a connotación dos niveis de lingua a través da análise dos rexistros dos textos e a súa variación estilística” (p. 82). O establecemento dos rexistros dos textos onde aparecen as unidades é fundamental para poder chegar a unha descrición dos usos da fraseoloxía. O autor trata de establecer os rudimentos dunha metodoloxía de análise baseada na tipoloxía dos textos e os seus temas, que nos afaste da intuición que se descobre nas enquisas verbo da consideración das unidades fraseolóxicas; concretamente, analízanse “algúns exemplos de uso de determinadas unidades fraseolóxicas, exclusivamente do nivel das locucións, para comprobar en que tipos de textos se utilizan, a que temas se asocian, cales son integrantes das situacións de comunicación, na medida en que se poidan establecer, e cales son os niveis de lingua que se poden describir a partir destes datos” (ibid.) [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

**143.** RIVAS LÓPEZ, Francisco: *Fraseoloxía do mar na Mariña luguesa* [= *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 1], Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2000, 91 p., 1 mapa (= *Biblioteca fraseolóxica do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades*; 5). | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2004], <<http://www.cirp.es/pub/docs/cfg01.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 02/06/2004].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA (GALEGO CENTRAL, GALEGO ORIENTAL)

O traballo vai precedido dun resumo (p. 14-17) dos trazos lingüísticos característicos da fala da Mariña luguesa (concellos de O Vicedo, Ourense, Viveiro, Cervo, Burela, Foz, O Valadouro, Alfoz, Mondoñedo, Lourenzá, Barreiros, Ribadeo, Trabada). A compilación consta de 640 fraseoloxismos de moi diversos tipos (modismos, locucións, frases feitas, colocacións, refráns) dos que non se indica a localización xeográfica precisa, aínda que unha boa parte deles foron recollidos en Foz; está organizada conceptualmente e, dentro de cada concepto, por orde alfabética da primeira palabra dos fraseoloxismos. A monografía inclúe tamén un vocabulario monolingüe co léxico que aparece na antedita compilación (p. 71-81) e un índice dos fraseoloxismos recollidos (p. 83-90). Esta investigación coñeceu posteriormente dúas novas edicións ampliadas [2002 e 2005, vid. *BILEGA* 12681].

**144.** VILABOI FREIRE, Pilar: “A fraseoloxía galega: aproximacións á descrición do carácter psíquico das persoas”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional* (Santiago de



Compostela, 16-20 de setembro de 1996), III, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:707-713. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2006], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_3.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_3.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 09/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Estudo das frases feitas, modismos e frases proverbiais que expresan trazos psíquicos das persoas. Pre-séntanse clasificadas nos seguintes grupos: 1) Ser retranqueiro, irónico, astuto (*ter moito rabo, esa pera rabo leva, vérselle o rabo a alguén, ter máis mañas ca un raposo, ser un bo peixe, ser boa peza, ter máis rabos ca un pulpo, ser raposo vello, saber moita letra miúda, estar feito un artista, ser un laído/laída, ser un suiñas, ser un fode mansiño*); 2) Ser inocente, parado, parvo (*ser un infeliz / un boafé / un miñaxoia, non se pode sacar de onde non hai, que non dan para máis, ser un pobre home / un Xanciño, facer de alguén un pandeiro, ser un feixe de herba seca, ser daquela maneira, non ata nin desata, é como non tela, ter moito conto, dur-mirse nas pallas, hai que dar o callo, ter moita maula, queixarse de vicio, ir indo, ter a cabeza de serrín mol-lado, faltarlle un verán, andar a velas vir*); 3) Ser desconfiado, reservado, calado (*andar coa area na zoca / coa mosca detrás da orella, dar mala espiña, cheirar a can, non ser trigo limpo, ser ruín coma a grama, non ir no meu carro á misa, non arar cos seus bois, calar coma petos, non dar chío, estar sen dar unha fala, de quen vés sendo?, dárnolo o corpo, amiguiños si, pero a vaquiña polo que vale / polo que custa, ser de prognóstico reservado, andar con pés de ferro*); 4) Ser confiado, falangeiro, marmuleiro (*terlle moita lei a alguén, falar de máis, ter a lingua coma unha subela, parecer unha tarabela, furar ata as sete paredes, botar a lingua a pacer / ao sol, o falar non ten cancelas, poñer a alguén a feder / a pan pedir / pingando / a parir, recortarlle a saia a alguén, poñer a alguén a caer dun burro, chufar a alguén, poñer polas nubes a alguén, ser da mesma corda*); 5) Ser preocupado, intranquilo, decidido, esaxerado (*férveme a mola, ter a cabeza ocupada, ser un home de moito miolo, machacar en ferro frío, perder o tempo, por un oído lle entra e por outro lle sae, ser moi botado para diante, non estar o alcacén para gaitas / o forno para bolos, darse xeito, ser unha desfeita, sen comelo nin bebelo, virche das nubes, cargar o carro, medir o vento por adobas*).

Vid. tamén as entradas 53, 62, 172, 202, 691.

## 4132 Proverbios e refráns

**145.** CONDE TARRÍO, Germán: “El refrán en la pedagogía popular”, en Aurora Marco, Pilar Couto Cantero, Elva Aradas Carollo e Fernando Vieito Liñares (eds.), *Actas del VII Congreso Internacional de la Sociedad Española de Didáctica de la Lengua y la Literatura*, I, A Coruña, Diputación provincial de A Coruña, 2004:601-606.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Estudo do refrán como sistema pedagóxico a nivel popular, debido a que “su verdad está comprobada fehacientemente” (p. 602). Inclúe dous refráns galegos: *Por Santa Mariña, sementa a nabiña* e *Quen pariu que arrole e, se non, pasar sen home*.

**146.** GARGALLO GIL, José Enrique: “Contribución asturiana a un calendario romance de re-franes”, *Lletres Asturianas*, 85, 2004:97-109.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. ASTURIANO-LEONÉS | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Recolla de refráns asturianos relacionados co calendario. Organízanse segundo a temática tratada e a continuación inclúense os *homólogos* doutras linguas romances (entre os que figuran uns 15 refráns galegos).

**147.** GARGALLO GIL, José Enrique: “Dos de febrero. Refranes romances de la Candelaria y meteorología popular”, *Paremia*, 13, 2004:109-124.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Recóllense refráns romances relacionados coa festividade da Candelaria e organizados segundo a temática. Inclúense uns 8 refráns galegos relacionados con esta celebración.

**148.** PASCUAL CARBALLO, Alberto: *Dos avogados e da xustiza no sentir popular*, [Ourense], Colexio de Avogados de Ourense, 2004, 273 p.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Achegamento ao tema da xustiza a través da sabedoría popular. Céntrase basicamente no matiz humorístico dos ditos e refráns relacionados coa figura do avogado e o mundo da xustiza.

**149.** RÍO CORBACHO, María Pilar: “El valor didáctico del refrán”, en Aurora Marco, Pilar Couto Cantero, Elva Aradas Carollo e Fernando Vieito Liñares (eds.), *Actas del VII Congreso Internacional de la Sociedad Española de Didáctica de la Lengua y la Literatura*, I, A Coruña, Diputación provincial de A Coruña, 2004:607-616.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Estudo do valor didáctico do refrán e da súa importancia ao longo da historia, principalmente na Idade Media polo seu uso nos sermóns. En canto á presenza na escola, sinálase a súa importancia desde a Idade Media. A autora expón unha proposta de traballo cos refráns para levar a cabo na aula de lingua. Inclúe 9 refráns galegos.

**150.** VÁZQUEZ SACO, Francisco / PAZ ROCA, María Carmen [ed.] / VIDAL CASTIÑEIRA, Ana [ed.]: “Novo manuscrito paremiolóxico de Vázquez Saco”, *CFG*, 6, 2004:253-264. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, [2005], <<http://www.cirp.es/pub/docs/cfg06.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/12/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Edición do último manuscrito paremiolóxico en que traballou o sacerdote lugués Francisco Vázquez Saco, completado con anotacións escritas por M<sup>a</sup> del Carmen González Pérez. Constituído por 37 follas de distintos tamaños, contén refráns galegos (nuns casos clasificados tematicamente e noutros sen clasificar). Para a transcripción adóptanse os mesmos criterios seguidos na edición do *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral* (2003, vid. *BILEGA* 11461) do mesmo autor.

Vid. tamén as entradas 53, 62, 143, 144, 173, 182, 202, 304, 713.

## 4133 Adiviñas

151. PEREDA ÁLVAREZ, José María: “Adivinanzas”, *BCPMHAAOr*, XVIII/3, 1956:195-199. | [Ed. facs. dix.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Promoción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA (GALEGO ORIENTAL)

Inclúe 15 adiviñas recolleitas nas comarcas de Verín (OU) e Viana do Bolo (OU).

Vid. tamén a entrada 304.

## 4134 Dicionarios/vocabularios de fraseoloxismos

152. FONTÃO BESTILHEIRO, Ivan (coord.) / FAGIM, Valentim R. (coord.): *Dicionário de Fraseologia*, [Ed. en liña n.v.]: Portal Galego da Língua, [2004], <[http://www.agal-gz.org/modules.php?name=Encyclopedia&op=list\\_content&eid=3](http://www.agal-gz.org/modules.php?name=Encyclopedia&op=list_content&eid=3)>, [Formato: HTML], [Consulta: 19/05/2006].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

Dicionario español-galego de fraseoloxía ordenado alfabeticamente. Nalgúns casos indícase se a expresión procede de Galicia ou do Brasil. Na presentación sinalase que a intención desta obra é “ser un instrumento corrector do crescente e empobrecedor decalque fraseolóxico do espanhol que está a sofrer a nossa língua, e tem como alvo, nomeadamente, a cidadanía galega, mas também alunos/as, professores/as, tradutores/as e outros profissionais das indústrias da língua”.

## 4135 Didáctica da fraseoloxía

153. GONZÁLEZ REY, María Isabel: “A fraseodidáctica: un eido da fraseoloxía aplicada”, *CFG*, 6, 2004:113-130. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, [2005], <<http://www.cirp.es/pub/docs/cfg06.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/12/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

De todas as ramas da fraseoloxía, a fraseodidáctica representa o eido máis salientable, debido ao feito de que tan só a través do ensino se poden manter vivas as unidades fraseolóxicas entre os usuarios dunha lingua. Porén, na práctica a fraseodidáctica é un campo descoitado polos docentes de linguas maternas (fronte ao que soe acontecer na docencia das linguas extranxeiras, que foi pioneira no recoñecemento da importancia da idiomaticidade das frases feitas, cheas de implícitos culturais e emocionais). Coma mostra da súa posible aprendizaxe, propónse neste traballo unha unidade didáctica en torno ás expresións fixas do galego moderno compostas coa palabra *chover*, tomadas no senso literal

e figurado, coa finalidade de ofrecer unhas pautas para a súa adquisición e uso activo [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

Vid. tamén as entradas 149, 687.

## 414 Traballos onomasiolóxicos

**154.** AIRA GONZÁLEZ, Raquel / MARTÍNEZ BALEIRÓN, Mónica: “As denominacións dos meses do ano: Perspectiva lexicográfica”, en Rosario Álvarez, Francisco Dubert García e Xulio Sousa Fernández (eds.), *Dialectoloxía e léxico*, Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua, 2002:359-382, 7 mapas (= *Colección Base*). | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua, [2004], <<http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/dialectoloxia.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 22/12/2004].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA

Relatorio presentado no *Simposio Dialectoloxía e Léxico*, celebrado en Santiago de Compostela durante a primavera de 2001. Estúdase as denominacións populares dos meses que van de xuño a decembro a partir dos datos do ALGa e apúntanse tamén algunhas ideas sobre o uso de distintos campos semánticos para nomealos. Ademais, inténtase superar unha visión descritiva sinalando algunhas liñas de interpretación lingüística e antropolóxica que axuden a explicar a presenza de diferentes grupos motivacionais na conceptualización do ciclo anual. No plano lexicográfico analízase o tratamento que os dicionarios galegos deron ás distintas solucións denominativas das divisións do ano.

**RECS.:** Antón Santamarina, *Grial*, XLI/158, 2003:123-124 | Serafín Alonso Pintos, *Cadernos de Lingua*, 25, 2003:143-144 [144] | José Enrique Gargallo Gil, *Estudis Romànics*, XXVI, 2004:298-301 [301] | Francisco Gago-Jover, *RPh*, 57, Spring 2004:403-407 [406-407].

**155.** ÁLVAREZ BLANCO, Rosario: “Viño novo en odres vellos: Os nomes do millo”, en Rosario Álvarez, Francisco Dubert García e Xulio Sousa Fernández (eds.), *Dialectoloxía e léxico*, Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua, 2002:69-94, 5 mapas (= *Colección Base*). | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua, [2004], <<http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/dialectoloxia.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 22/12/2004].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA, LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Relatorio presentado no *Simposio Dialectoloxía e Léxico*, celebrado en Santiago de Compostela durante a primavera de 2001. Estudo das denominacións dialectais do millo e das súas partes (*carozo*, *pendón*, *barba*, *folla*, etc.) no territorio lingüístico galego a partir dos datos do ALGa; fornécense tamén datos sobre as primeiras documentacións escritas das diferentes formas e sobre a súa procedencia. Inclúe un apéndice coas denominacións da planta do millo e das súas partes.

**RECS.:** Antón Santamarina, *Grial*, XLI/158, 2003:123-124 | Serafín Alonso Pintos, *Cadernos de Lingua*, 25, 2003:143-144 [143] | José Enrique Gargallo Gil, *Estudis Romànics*, XXVI, 2004:298-301 [299] | Francisco Gago-Jover, *RPh*, 57, Spring 2004:403-407 [404].

**156.** COSTAS GONZÁLEZ, Xosé-Henrique: “Léxico e fronteira no Val do Río Ellas”, en Rosario Álvarez, Francisco Dubert García e Xulio Sousa Fernández (eds.), *Dialectoloxía e léxico*, Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua, 2002:279-301, 19 mapas (= *Colección Base*). | [Ed. en liña n.v.]: Asociación Cultural «Alén do Val», 2002, <<http://es.geocities.com/alendoval/Costas-lexicofronteira.htm>>, [Formato: HTML], [Consulta: 28/02/2006]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua, [2004], <<http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/dialectoloxia.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 22/12/2004].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA (FALAS GALEGAS DE ESTREMADURA)

Relatorio presentado no *Simposio Dialectoloxía e Léxico*, celebrado en Santiago de Compostela durante a primavera de 2001. Estudo de dialectoloxía comparada centrado no noroeste da provincia de Cáceres; abrangue a zona de fala galega de Estremadura (concellos de Valverde do Fresno, As Ellas e San Martiño de Trevello), a portuguesa limítrofe das Aranhas e un punto de fala castelá (a aldea do Carballal, en Cáceres). Estúdanse os seguintes vocábulos: *mu / múa, donicela, vagalume, saltón, bolboretta, bubela, xilgaro, carballo, frouma, migrá, cerdeira, feito, filloa, magosto, aforrar, luxar / lixar, arrancar, aninovo, xoves, mércoles, trono, chuvisca, ballón* e os utensilios e partes da casa.

**RECS.:** Antón Santamarina, *Grial*, XLI/158, 2003:123-124 | Serafín Alonso Pintos, *Cadernos de Lingua*, 25, 2003:143-144 [143] | José Enrique Gargallo Gil, *Estudis Romànics*, XXVI, 2004:298-301 [300] | Francisco Gago-Jover, *RPh*, 57, Spring 2004:403-407 [406].

**157.** OLIVEIRA, Undira Fratel Maria de: “Estudo onomasiolóxico do vocabulário da esfera conceitual d’«o homem, ser sacro e profano» da *Demanda do santo graal*”, [Ed. en liña n.v.]: *Inventário*, 3, 2004, <<http://www.inventario.ufba.br/03/d03/03uoliveira.htm>>, [Formato: HTML], [Consulta: 02/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Análise onomasiolóxica do vocabulario da esfera conceptual do home en canto ser sacro e profano empregado na *Demanda do Santo Graal* e que o autor organiza en tres campos: 1) o do sobrenatural; 2) o dos papeis sociais; 3) o das características do comportamento do home. Sinala as posibles diferenzas entre os significados das formas que constitúen o referido vocabulario e os recollidos no glosario da ed. crítica de Irene Freire Nunes (1995, vid. *BILEGA* 8028), que emprega como base do estudo, e nas obras de referencia consultadas, que representan parcialmente a actual sincronía da lingua portuguesa. Remata salientando, sobre todo, as palabras que caeron en desuso e, cando o xulga necesario, engade consideracións sobre a orixe dalgunhas formas baseándose na bibliografía consultada.

**158.** ROMERO TRIÑANES, Mario / SANTOS SUÁREZ, Larisa: “As denominacións dos dedos da man. Un estudio motivacional”, en Rosario Álvarez, Francisco Dubert García e Xulio Sousa Fernández (eds.), *Dialectoloxía e léxico*, Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua, 2002:303-327, 5 mapas (= *Colección Base*). | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua, [2004], <<http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/dialectoloxia.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 22/12/2004].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA

Relatorio presentado no *Simposio Dialectoloxía e Léxico*, celebrado en Santiago de Compostela durante a primavera de 2001. Análise das denominacións galegas dos cinco dedos da man presentadas en cadanseu mapa. En liñas xerais, a denominación de tres dos dedos aparece motivada polo tamaño (e en menor medida pola súa posición no conxunto da man), xa sexa a través da linguaxe referencial ou a través de recursos metafóricos. A natureza do cuarto e quinto dedo, que son os que realmente se usan na maioría das accións, motiva a escolla preferente de trazos de uso para as denominacións. En resumo, obsérvase unha tendencia á constitución dun campo semántico en dúas dimensións: unha baseada en oposicións de tamaño ou de orde entre os tres primeiros dedos e outra en que o cuarto e quinto dedo se opoñen a todos os demais por trazos propios.

**RECS.:** Antón Santamarina, *Grial*, XLI/158, 2003:123-124 | Serafín Alonso Pintos, *Cadernos de Lingua*, 25, 2003:143-144 [144] | José Enrique Gargallo Gil, *Estudis Romànics*, XXVI, 2004:298-301 [301] | Francisco Gago-Jover, *RPh*, 57, Spring 2004:403-407 [406].

Vid. tamén as entradas 298, 310, 311, 314-2, 315.

## 415 Traballos semasiolóxicos

**159-1.** ARIAS FREIXEDO, Xosé Bieito: “Ambigüidade e equívoco nas cantigas de amor”, en O Cancioneiro da Ajuda *cen anos despois: Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón os días 25-28 de maio de 2004*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, 2004:373-401 (= *Colección de difusión cultural*; 41).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Estuda o uso do equívoco (palabras con varios sentidos) nas cantigas de amor galego-portuguesas. Explica o xogo de palabras artellado no verbo *veer*, que aparece nas cantigas A 18 / B 111 (Inc.: *Agora m' ei eu a partir*) de Johan Soarez Somesso, A 15 / B 108 (Inc.: *De quant' eu sempre desejei*) de Johan Soarez Somesso, B 944 / V 532 (Inc.: *Dizen, senhor, que non ei eu poder*) de Johan Airas, burgués de Santiago, A 231 / B 421 / V 33 (Inc.: *U m' eu partí d' u m' eu partí*) de Johan Garcia de Guilhade. A estas engádese B 899 / V 484 (Inc.: *Quantas coytas, senhor, sofri*) de Roi Fernandiz, clérigo de Santiago, en que destaca a ambigüidade do suxeito en *nenbr' agora* e a relación que se establece entre o sintagma *por vos veer* e *sofrer*, posibilitando a lectura como parodia amorosa. Outras composicións explicadas, que ofrecen duplicidade de sentidos, son B 106 (Inc.: *Ūa donzela quig' eu mui gran ben*) de Johan Soarez Somesso, B 512 / V 95 (Inc.: *Pois que vos Deus fez, mha senhor*) de Don Denis, A 309 / B 901 / V 486 (Inc.: *Ora começa o meu mal*) de Roi Fernandiz, clérigo de Santiago, B 78 (Inc.: *Gran mal me faz agora 'l-Rei*) de Fernan Paez de Talamancos, B 1102 / V 693 (Inc.: *Senhor fremosa, oy eu dizer*) de Lourenço, jogral. A equivocidade pode afectar a toda a composición ou só a unha parte, en función dunha disposición textual meditada, como en B 366 (Inc.: *Non am' eu mia senhor, par Deus*) de Fernan Fernandez Cogominho, A 308 / B 900 / V 485 (Inc.: *Se om' ouvesse de morrer*) de Roi Fernandiz, clérigo de Santiago, A 99 / B 206 (Inc.: *Mais de mil vezes coid' eu eno dia*) de Pero Garcia Burgalês, A 100 / B 207 (Inc.: *Se eu a Deus algun mal mereçi*) de Pero Garcia Burgalês, B 844 / V 430 (Inc.: *Voum' eu, senhor, e quéovos leixar*) de Pai Gomez Chari-mho, A 172 / B 323 (Inc.: *Senhor e lume d' estes olhos meus*) de Johan Soarez Coelho, A 294 / B 994 / V 583 (Inc.: *Des quand' eu a mia senhor entendi*) de Vasco Rodriguez de Calvelo. Ás veces a ambigüidade

asóciase coa repetición dun vocábulo con dous significados parcial ou totalmente diferentes: *viver e vida, senhor, perder, leixar, partir e negar*. Por outro lado, existen expresións do tipo *ca m'ei* (vs. *c'amei*), *nunca m'al faredes* (vs. *nunca mal faredes*), *ca todo me avén assi* (vs. *ca a tod'om'aven assi*), que o autor considera que son equívocos que xurdirían só no plano auditivo.

**159-2.** MARTÍNEZ MARTÍNEZ, Faustino: “*De verborum significatione*: notas sobre las acepciones medievales de la voz *foro*”, *BMPLu*, 11/2, 2003-04:247-264.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. PME | 5. LINGUA ESCRITA: INF.DIAFÁSICA (REGISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Análizase a evolución semántica e xurídica da voz latina *FORUM* no período medieval. Nun primeiro momento, pola inercia da continuidade romana, lat. *FORUM*, cast. *fuero*, gal. *foro* aludirían ao Dereito nun sentido obxectivo, ao ordenamento xurídico dunha determinada localidade, que se concretará precisamente nuns textos xurídicos que reciben a denominación de *foros*. *Foro* aparece como sinónimo de «dereito», de «exención», de «inmunidade». Esta significación coexiste con outra de marcado cariz subxectivo, *FORUM* como «dereito singular recoñecido a unha persoa particular», derivado ou emanado do foro local (sécs. IX-X). Ao longo do séc. XI, moitos textos comezan a falar de *fuero* ou de *foro* para designar as prestacións que debían abonarse aos grandes señores polo aproveitamento da terra. De aí pasará a designar (sécs. XII-XIII) a totalidade da cesión da terra, é dicir, o contrato e o dereito real que se coñece como *foro* [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

## 416 Traballos lingüístico-etnográficos

**160.** BOUZA-BREY TRILLO, Luís: “Un rito popular y un vocablo incógnito: o forbodó”, *BCPMHAOr*, XX/1-4 [= *Homenaje a F. L. Cuevillas*], 1959-60:311-317. | [Ed. facs. dix.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Promoción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA (GALEGO OCCIDENTAL)

*Forbodó* é unha voz localizada no Val do Rosal (PO) e mais na ribeira portuguesa do Baixo Miño que significa «barahunda, bullicio, concurrencia multitudinaria y desordenada y también baile popular». Con este último significado úsase como sinónimo *troulada*. O autor desbota a idea de que esta palabra sexa un brasileirismo, como apuntan algúns lexicólogos portugueses, e formula tres posibles etimoloxías para ela: 1) *FORUM VOTO* «assemblea para o voto»; 2) *FORUM BODO* «assemblea do deus Bodo, de orixe celta»; 3) *FORUM BODDORUM* «assembleas dos bodos, habitantes primitivos do castro da Guardia (PO)».

**161.** LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín / GIESE, Wilhelm (tr. do texto orixinal cast. para o al.) / BASCOY LAMELAS, Montserrat (tr. do al. para o gal.): “Das Bauernhaus im unteren Limiabacken (Prov. Orense, Spanien)”, *VKR*, XV, 1942-43:276-308, il. | Trad. gal.: “A casa rural na Limia Baixa (Prov. Ourense, España)”, en Rosario Álvarez (coord.), *Xaquín Lorenzo, ‘Xocas’: Día das*



*Letras Galegas 2004*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 2004:157-197, il.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA (GALEGO CENTRAL, GALEGO OCCIDENTAL)

Estudo lingüístico-etnográfico (con abundantes ilustracións gráficas) en que se recolle léxico relativo ás construcións que serven de vivenda ao home ou aos animais na comarca da Limia Baixa (OU). Na detallada descrición das partes da casa que se fai ao longo do traballo utilízase a terminoloxía propia do concello de Lobeira, pero ao final (p. 196-197 da trad. gal.) inclúese unha listaxe de 58 termos, cos equivalentes nos concellos de Entrimo, Muíños e Calvos de Randín. O autor precisa que deixa fóra da descrición “os detalles técnicos relativos aos diferentes oficios que interveñen na construción da casa, así como os mobles e utensilios que hai na mesma” (p. 161 de trad. gal.).

**162.** LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín / SCHNEIDER, Hans (tr. do texto orixinal cast. para o al.) / REGUEIRA FERNÁNDEZ, Xosé Luís (tr. do al. para o gal.): “Die Bremse am galizischen Wagen”, VKR, XI/3-4, 1938:282-289, il. | Trad. gal.: “O freo no carro galego”, en Rosario Álvarez (coord.), *Xaquín Lorenzo, ‘Xocas’: Día das Letras Galegas 2004*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 2004:143-155, il.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA (GALEGO CENTRAL)

Ofrece unha breve descrición etnográfica do carro galego (un dos temas de investigación preferidos polo autor), con interesante información léxica, pois neste traballo adopta elementos da metodoloxía lingüístico-etnográfica que puxo en práctica a Escola de Hamburgo, presidida por Fritz Krüger (1890-1974).

RECS.: Joaquim Rodrigues dos Santos Júnior (co acrónimo S.J.), *TSPA*, IX/1-2, 1939:149-150.

Vid. tamén a entrada 314-2.

## 417 Notas léxicas

**163.** ARES VÁZQUEZ, Carme: “Léxico da flora na obra de Ánxel Fole”, en *Investigación e innovación na Escola Universitaria de Formación de Profesorado de Lugo: Conmemoración dos 50 anos da actual Escola Universitaria de Formación de Profesorado de Lugo (1954-2004)*, [Santiago de Compostela], Universidade de Santiago, 2004:17-36.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Estudo do léxico da flora empregado por Ánxel Fole (1903-1986) nas súas obras literarias *Á lus do candil: Contos a carón do lume* (Vigo Galaxia, 1983; 1ª ed.: 1953) e *Terra brava: Contos da solaina* (Vigo, Galaxia, 1976). O material léxico recollido aparece organizado en tres bloques: 1) árbores (53 entradas); 2) arbustos (29 entradas); 3) plantas herbáceas (20 entradas). Para cada entrada dáse a definición, a forma do galego común e o texto de Fole en que aparece utilizada.

**164.** CARBALLEIRA ANLLO, Xosé María: “Notas sobre o léxico de José Crecente Vega en *Codeseira*”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compos-*



tela, 16-20 de setembro de 1996), III, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:589-626. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2006], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_3.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_3.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 09/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Estudo léxico-semántico do galego empregado no poemario *Codeseira* de José Crecente Vega (1896-1948), a partir da 2ª ed. de 1965. Analízanse detalladamente os castelanismos, popularismos, hipergaleguismos e semicultismos presentes na obra, así como a ortografía. Inclúese un "Anexo" (p. 599-626) cun glosario exhaustivo de 1.071 entradas, onde se marcan tipograficamente as formas populares ou dialectais e as voces consideradas galegas. Ademais da categoría gramatical, dáse en cada entrada a correspondencia na lingua estándar actual e un exemplo explicativo.

**165.** CORRAL DÍAZ, Esther: "Pero sei que me quer matar... *aquele matador*: A conceptualización de *matar* no *Cancioneiro da Ajuda*", en *O Cancioneiro da Ajuda, cen anos despois: Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón os días 25-28 de maio de 2004*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, 2004:261-276 (= *Colección de difusión cultural*; 41).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Estuda a secuencia sémica de *matar*, estreitamente relacionada coa *morte por amor*, o topos máis entendido na Idade Media. No *Cancioneiro da Ajuda*, códice en que se centra a análise, hai máis de 80 cantigas que conteñen a palabra *morte* ou algunha forma do paradigma do verbo *morrer*. A orixe do termo é escura: Carolina Michaëlis propuxo o ár. MATE «morto», mentres que Joan Coromines e Ramón Lorenzo inclínanse por un derivado de MATTUS «entorpecido», rexeitando a derivación a partir do lat. MACTARE «sacrificar», por motivos fonéticos, e do persa MÂT, por razóns históricas. O derivado *matador* só se rexistra na produción lírica nunha cantiga de Nuno Fernandez Torneol, fronte á prosa medieval, en que a autora o sinala como vocábulo de uso frecuente. Por outro lado, desenvolve unha análise das frecuencias e as preferencias de cada autor, que serve tamén para deseñar unha cronoloxía aproximada do uso do mencionado tópico por parte dos trobadores da escola galego-portuguesa e unha localización xeográfica destes. A estudosa explica que o uso abusivo de *morrer* (e sinónimos como *prender / sofrer morte*) e *morte* afectou ao sentido orixinal, chegando ás veces a ser empregado como sinónimo de *amar*. O baleiro sémico deixado por *morrer* foi entón enchido por *matar*, que enfatizaba o concepto de morte e as súas causas. No plano semántico explícanse os diversos valores expresados por *matar*: 1) en alternancia paralelística con *morrer*; 2) cun funcionamento próximo á hiperbolización de *morrer*; 3) suplindo a *morrer* coa finalidade de enfatizar esa morte e o que o suxeito lírico quere expresar. En canto ao axente, a autora sinala, por orde de frecuencia, o Amor, a dama amada, Deus, o propio trobador que é vítima do seu amor e, por último, os chamados *cousidores* ou *miscradores*. Para concluír, destaca a frecuencia con que *matar* se insire en períodos negativos.

**166.** CRESPO GARCÍA, Begoña: "A Note on *companage-compango/broth-broza*", en Elsa González-Álvarez e Andrew Rollings (eds.), *Studies in Contrastive Linguistics: Proceedings of the 3rd International Contrastive Linguistics Conference (Santiago de Compostela, September, 2003)*,

Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, Servizo de Publicacións, 2004:111-119 (= *Cursos e Congresos da Universidade de Santiago de Compostela*; 150).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. C

Breve análise etimolóxica, semántica e diafásica contrastiva das dúas parellas de elementos léxicos ingl. *companage* / gal. *compango* e ingl. *broth* / gal. *broza*, a partir da información que ofrecen varios dicionarios das dúas linguas.

**167.** GONÇALVES, Elsa: “*Maldizer aposto?* Acerca de uma inexistente categoria genologica da sátira medieval galego-portuguesa”, *Cultura Neolatina*, LXIV/3-4, 2004:527-539.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Cuestiona a existencia dunha categoría nova, denominada *maldizer aposto*, incluída no xénero de escarnio e maldizer da literatura medieval galego-portuguesa. A controversia nace do malentendido da palabra *aposto* en tres rúbricas explicativas dos cancioneiros italianos. Así mesmo, comenta as razóns aducidas por Graça Videira Lopes (*A sátira nos cancioneiros medievais galego-portugueses*, Lisboa, Estampa, 1994), expoñendo como exemplo a cantiga B 1358 / V 966 (Inc.: *Nostro Señor, com' eu ando coitado*) de Martin Soarez, en que subliña a “transferencia de voz” e a designación recollida na rúbrica que a acompaña; do mesmo xeito, salienta que na rúbrica da cantiga B 1350 / V 957 (Inc.: *Muito mj praz, d' una ren*) de Lopo Liáns *aposto* é modificador do verbo *fez* e aparece desligado de *maldizer*. Por outro lado, os valores de *aposto* son os seguintes: «belo», «vistoso», «conveniente», «apropiado» e pode servir para indicar tanto o modo de ser de persoas ou cousas e o modo de facer algo, usándose neste último caso como adverbio en expresións como *catar aposto*, *falar aposto*, *negar aposto* ou *vestir aposto*. Para o valor aplicable aos usos rexistrados nas rúbricas, a autora recorre ás definicións que Afonso X o Sabio deixou na *Segunda Partida*, onde “*apuesto, apuesta, apuestamente* são termos recorrentes, nomeadamente quando o discurso versa sobre a *conveniência no falar, no retraer en palacio* e no *jugar de palabra*” (p. 531). Repara, así mesmo, nas diferenzas temporais das expresións *foi de maldizer aposto* fronte a *esta cantiga é de maldizer*. De todo o exposto, a estudosa conclúe que *maldizer aposto* é unha expresión de significado retórico e función valorativa, que unicamente pode considerarse como unha designación fantasma.

**168.** GUTIÉRREZ GARCÍA, Santiago: “A parodia de xéneros a través do léxico do sufrimento nos escarnios de amor galegoportugueses”, en *O Cancioneiro da Ajuda, cen anos despois: Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón os días 25-28 de maio de 2004*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, 2004:577-593 (= *Colección de difusión cultural*; 41).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Analiza o léxico do sufrimento nos textos trobadorescos coñecidos como *escarnios de amor*, principalmente nos recollidos no *Cancioneiro da Ajuda*. Estas composicións caracterízanse por presentar unha dialéctica dos rexistros amoroso e de escarnio. Nos elementos do discurso amoroso o autor diferencia dous planos: 1) abstracto, que afecta ao nivel conceptual; 2) léxico, que representa a manifestación dos campos sémicos constituídos. Identificados os campos sémicos procedentes da cantiga de amor, céntrase no que expresa o sufrir amoroso, ofrecendo exemplos das diversas series léxicas (*coita, coita d' amor, aver pesar; morrer, morte, prender morte, matar; perder o sen, ensandecer, andar sandeu; querer mal, buscar mal*). Por outra parte, localiza elementos propios do rexistro de escarnio (na *descriptio*

*puellae: rostro agudo, barva, queixo, ventre grand' e inchado; para o joi: jazer, foder o cono, talhar; e a alusión á muller co seu nome propio, infrinxindo o código da fin' amors: Dona Maria, Sancha Garcia, Elvira Lopez, etc.). O problema de definir os escarnios de amor na lírica galego-portuguesa reside non tanto no seu carácter dual, como na desigual presenza duns ou outros elementos en cada unha das composicións, feito que se exemplifica a través da comparación entre as cantigas B 1519 (Inc.: *Mia senhor, já eu morrerei*) de Gil Perez Conde, B 1488 / V 1099 (Inc.: *Elvira López, que mal vos sabedes*) de Johan Garcia de Guilhade e B 1439 / V 1049 (Inc.: *Maria Genta, Maria Genta da saya cintada*) de Roi Paez de Ribela. A seguir, desenvólvense unha serie de reflexións pertinentes para unha delimitación máis clara dos textos que amosan esta natureza híbrida.*

**169-1.** GUTIÉRREZ GARCÍA, Santiago: “Carnavalización do léxico do sufrimento amoroso y acercamiento hermenéutico a dos cantigas gallegoportuguesas”, *Medioevo Romanzo*, XX-VIII/2 (IX della III Serie), 2004:282-299.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Sinala a carnavalización do léxico do sufrimento amoroso, non só nos modelos importados da Provenza, senón tamén no tratamento de certos motivos e personaxes vinculados á materia de Bretaña, en especial na cantiga de escarnio de Martin Soarez B 1369 / V 977 (Inc.: *Ūa donzela jaz [preto d'] aqui*), en que se asocia por semellanza fónico *Lanzarote* con *Caralhote*, e na de Estevan da Guarda B 1324 / V 930 (Inc.: *Com' avêeo a Merlin de morrer*), en que pretende establecer paralelismos entre Merlín e Viviana verbo das artes que Martin Vasquez lle aprendeu á súa discípula. A nivel léxico destácanse algúns termos das cantigas que se poden relacionar co obsceno: *colheu, ten, preso, ouv', meteu, cárcer, presos, ensarrar*. É un vocabulario metafórico para facer referencia aos órganos sexuais femininos, cando leva implícita a idea inicial de «cavidade» e, a partir desta, a de «peche» ou «clausura»; de aí o emprego dos termos *cárcer, casa, maeta, pousada, tenda, caldeira, prison, preso* e as diversas formas do verbo *pren-der*, e de modo similar funciona o sintagma *ter en poder*.

**169-2.** MATTOS E SILVA, Rosa Virgínia: “Um estudo de aspectos do léxico nos Trovadores do Mar”, *Revista do GELNE*, 6/1, 2004:167-190.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Tomando como base a recente edición de Elsa Gonçalves [*Celso Cunha: Cancioneiros dos Trovadores do Mar* (1999, vid. *BILEGA* 10086)], a autora analiza algúns aspectos que xulga significativos do léxico (substantivos, adxectivos, verbos e frases feitas) que aparece nas composicións dos trovadores Pai Gomez Charinho, Johan Zorro e Martin Codax.

**170.** MONTERO CARTELLE, Emilio: “A linguaxe erótica no galego medieval: foder”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, III, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:627-636. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2006], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_3.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_3.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 09/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. MC | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Estuda a linguaxe erótica da lingua medieval desde unha perspectiva diacrónica. Esta linguaxe ten unhas características especiais que condicionan a elección do corpus, a interpretación e a necesidade de contar cunha metodoloxía que se adecúe aos obxectivos buscados. Ademais, a súa constitución e renovación vén determinada por motivos sociais e os impulsos que producen os cambios responden a factores de aceptación ou rexeitamento por parte da comunidade. A relatividade é un dos trazos que mellor define a linguaxe erótica, pero tamén un dos que máis dificulta a análise, xa que “nin a sociedade é homoxénea, nin como reflexo dela, o léxico sexual, que varía en función de parámetros tan especiais como ser home ou muller, pertencen a unha clase social ou a outra, proceder do campo ou da cidade, utilizar un rexistro culto, coloquial ou vulgar, etc.” (p. 627). A falta de competencia lingüística constitúe un dos problemas fundamentais á hora de se achegar á este eido do léxico e de aí que as fontes para o seu estudo adquiran unha importancia fundamental. Xa que logo, empréganse os traballos históricos e sociolóxicos da época, pero débesele prestar especial atención á selección dos textos do corpus de traballo (literarios e xurídicos). O estudo desenvólvese ao redor da palabra medieval *foder*, que é a forma máis frecuente para expresar o acto sexual nas cantigas de escarnio.

171. NOVO FOLGUEIRA, Paulino: “Os insultos. Unha cala na súa expresividade”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, III, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:651-676. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2006], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_3.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_3.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 09/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Estudo dos insultos, unha “fonte expresiva da lingua que ofrece ilimitadas lecturas sobre a socioloxía dun pobo, sobre a creación e adaptación popular de palabras e sobre a semántica en xeral” (p. 651). En canto á formación, o autor sinala varios factores relevantes: moitos débense a razóns fónicas, outros teñen a súa orixe en substantivos que denotan actitudes da persoa ou en nomes de animais, comidas, etc. En canto á presenza na literatura, aparecen xa na Idade Media, principalmente nas cantigas de escarnio; na literatura do séc. XX faise unha pescuda nas seguintes obras: *Os dous de sempre* (1934) de Alfonso D. Rodríguez Castelao, *O mesón dos ermos* (1984) de Ramón Otero Pedrayo, *Contos da néboa* (1991) de Ánxel Fole, *Erros e Tánatos* (1996) de Gonzalo Navaza, *Fortunato de Trasmundi* (1990) de Dario Xohán Cabana, *Miss Ourense* (1994) de Bieito Iglesias e *Land Rover* (1988) de Bieito Iglesias. Finalmente, inclúe o “Estudo dalgúns insultos” (p. 660-676) onde recolle 100 insultos (*badanas, baldreu, cachamuññas, chafalleiro, fervellasverzas, langrán, lercho, moinante, patrañeiro, pelouro, tainaniña, zascandil*, etc.) ordenados alfabeticamente, achegando información sobre o seu significado e orixe.

172. PALACIO SÁNCHEZ, Antón: “*Proba-la cachirula*. Unha imaxe de ceterería en Cunqueiro”, en Rosario Álvarez e Antón Santamarina (eds.), *(Dis)cursos da escrita: Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza*, [A Coruña], Fundación Pedro Barrié de la Maza, [2004]:611-624 (= *Biblioteca Filolóxica Galega / Instituto da Lingua Galega*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Análise da expresión *proba-la cachirula* empregada por Álvaro Cunqueiro (1911-1981) en *O incerto señor Don Hamlet, príncipe de Dinamarca* (1958). Segundo o autor, a forma *cachirula* refírese á carapucha

coa que se adestra aos falcóns e non tería o significado de «vida amorosa» que se lle asigna na *Contribución ó léxico de Álvaro Cunqueiro* (1991, vid. *BILEGA* 1429) de Constantino García et al. e outras obras posteriores que toman como referente esta obra. Considera que as imaxes relacionadas coa cetrería son moi frecuentes en Cunqueiro e este sería un caso máis.

173. PAREDES NÚÑEZ, Juan: “Representaciones del poder político en las *Cantigas de escarnio y maldecir* de Alfonso X”, *CLCHM*, 27, 2004:263-276.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Dentro das cantigas de escarnio atribuídas a Afonso X o Sabio, estuda as sátiras políticas que foron empregadas como forma de denuncia e expresión do poder do rei, principalmente a través do símbolo, a alusión e a parodia. Na busca destes elementos nas composicións detéñense no proverbio *quen leva o baio, non deixa a sela*, que se repite a modo de refrán na cantiga B 474 bis (Inc.: *Don Meendo, Don Meendo*) para poñer de manifesto a covardía do protagonista; isto mesmo aparece denunciado na cantiga B 494 / V 77 (Inc.: *O que foi passar a serra*) por medio do lexema *faroneja* (cuxas diversas explicacións etimolóxicas comenta). Logo alude á identificación dos lexemas *adail* e *coraçon* na cantiga B 486 / V 69 (Inc.: *Don Foan, de quand' ogano i chegou*), referíndose tamén ás posibilidades identificativas deste Don Foan. Outro termo empregado para denunciar a cobardía é *coteifes* (en oposición a *genetes*) na cantiga B 491 / V 74 (Inc.: *O genete*), mentres que nos termos *cochões* e *cabrões* da mesma composición se reconece unha mensaxe clara do poder real. En opinión do autor, a elección desta modalidade de composición (a sátira política) vén determinada pola tipoloxía do destinatario e polo carácter da mensaxe que é expresión do poder real.

174. PÉREZ BARCALA, Gerardo: “*Ay lume d’estes olhos meus: O lume, a descriptio amantium* e o sufrimento amoroso na lírica galego-portuguesa”, en *O Cancioneiro da Ajuda, cen anos despois: Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón os días 25-28 de maio de 2004*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, 2004:595-626 (= *Colección de difusión cultural*; 41).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Pon de manifesto a imprecisión do retrato feminino na lírica medieval galego-portuguesa, que se ten relacionado coa pobreza léxica e a incapacidade descritiva ou ben coas regras que rexen o código do amor cortés. A referencia habitual é a xenérica *senhor*, que é declarativa da superioridade da muller e da realidade social en que se orixina este xénero amoroso. En canto ás metáforas que se empregan con este mesmo propósito, o autor céntrase no estudo da voz *lume* -imaxe da luminosidade do ser amado- e nos sintagmas en que aparece (*lume dos olhos meus, lume destes meus olhos, meu lum’ e meu ben*, etc.), en ocasións determinados por factores métricos ou rimáticos; o substantivo *lume* aparece case sempre en estruturas coordinadas con función apostrofica. Fai especial referencia ás composicións de Johan García de Guilhade, único trobador que emprega o substantivo como complemento do verbo *perder* (A 232 / B 422 / V 34 [Inc.: *A bõa dona, por que eu trovava*], A 231 / B 421 / V 33 [Inc.: *U m’ eu parti d’ u m’ eu parti*]). En conclusión, considera que o termo foi empregado por autores cronoloxicamente comprendidos entre o segundo cuarto do séc. XIII e mediados do XIV. Nun primeiro apéndice (p. 615-617) indica as cantigas en que se localiza, no segundo (p. 618-620), os sintagmas en que se introduce, e no terceiro (p. 621) as dúas cantigas de amor de Johan García de Guilhade en que se utiliza.

175. POZO GARZA, LUZ: “A polaridade negativa en *Barco sin luces*”, en Ana Isabel Boullón Agrelo (ed.), *Novi te ex nomine: Estudos filolóxicos ofrecidos ao Prof. Dr. Dieter Kremer*, [A Coruña], Fundación Pedro Barrié de la Maza, [2004]:675-679 (= *Biblioteca Filolóxica Galega / Instituto da Lingua Galega*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Trata de explicar a alta frecuencia da preposición negativa *sin* no poemario *Barco sin luces* (Lugo, Celta, 1960) de Luís Pimentel, reiterada 25 veces nas 32 composicións da obra. Segundo a autora, “as preposicións ou relatores son nexos que teñen a función de expresar as relacións existentes entre dous elementos: un inicial (I) que precede á preposición e outro final ou terminal (T) que segue [e] é preposición. Para este conxunto pimenteliano negativo propoño, [...] a denominación de *símbolo carencial tripartito*” (p. 675).

176. REQUEIXO CUBA, Armando: “A lingua galega de Ánxel Fole”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, III, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:677-684. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2006], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_3.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_3.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 09/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

En primeiro lugar, analízanse algunhas cuestións sociolingüísticas da obra do autor lugués: a súa actitude fronte ao galego, a súa conciencia social e o papel que, segundo el, debía ter o escritor no proceso de normalización e normativización da lingua galega. A continuación, revísase a caracterización lingüística que fixeron os estudosos de *Á lus do candil* (1953) e *Terra brava* (1955) como textos dialectais, coa finalidade de cuestionar tales presupostos: “As correspondencias matemáticas *Á lus do candil* = lingua do Courel e *Terra brava* = lingua do Incio, son, así enunciadas, falsas. O máximo ó que se podería chegar sería a considerar que, tanto en *Á lus do candil* como en *Terra brava*, Fole parte desas falas para, aplicando un criterio *interdialectal*, chegar a un singular crisol lingüístico, que incorpora elementos diversos non reducibles a ningunhas fala concreta do noso territorio e que constitúe unha alfaia demasiado preciosa para ser froito dunha única cristalización, porque á fin, como dicía Fole, a fala é o que se fala” (p. 683).

177. VIEIRA, Yara Frateschi: “*O proceso da ama: Passado e presente de uma polémica trovadoresca*”, en *O Cancioneiro da Ajuda, cen anos despois: Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón os días 25-28 de maio de 2004*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, 2004:79-98 (= *Colección de difusión cultural*; 41).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Céntrase no chamado *ciclo da ama*, denominado así pola súa editora, Carolina Michaëlis de Vasconcelos. As dez cantigas do mesmo, xunto cos autores aos que se lles atribúen, segundo a disposición que lles outorgou a estudiosa alemá-portuguesa, son as seguintes: A 166 / B 318 (Inc.: *Atal vej' eu aqui ama chamada*) de Johan Soarez Coelho, B 1511 (Inc.: *Esta ama cuj' é Joham Coelho*) de Fernan Garcia Esgara-



Último tomo do proxecto *Diccionario da literatura galega* elaborado por un equipo de especialistas formado por Teresa Bermúdez Montes, Ana Belén Fortes López, María García Liñeira, Helena González, María Xesús Lama López, Iolanda Ogando, Noemí Pazó González, María do Cebreiro Rábade, Teresa Seara, Dolores Vilavedra e Rexina Rodríguez Vega. Concibido como unha sorte de complemento dos anteriores, trata de afondar, "sen ánimo ningún de exhaustividade, en todos aqueles conceptos, fundamentalmente de tipo terminolóxico, periodolóxico e, sobre todo, sistémico, que se nos foran manifestando como fundamentais ó longo do proceso de redacción dos tres anteriores volumes non tanto (ou non só) pola súa importancia intrínseca e cualitativa senón, sobre todo, polo feito de posuíren unha dimensión propia, un significado particular no noso sistema literario" (p. 10). Segundo esta descrición, unha das funcións desta monografía é a de servir como dicionario terminolóxico para o campo da análise literaria. O traballo tamén ofrece cadros ou esquemas con información referida a campos como a tipoloxía de xéneros, a métrica ou as xeracións poéticas, entre outros, coa intención de "integralos nun conxunto coherente e facilmente visualizable, ó que se remitise dende o corpo do texto sempre que fose necesario" (p. 11). As entradas inclúen información bibliográfica sobre os conceptos definidos ou descritos.

Vid. tamén a entrada 207.

## 426 Outros vocabularios sectoriais

**223-1.** SOUTO PICO, Manuel: *Diccionario terminolóxico da vestimenta tradicional galega e proposta dun sistema de representación conceptual dinámico para a súa consulta onomasiolóxica en liña*, Proxecto de Fin de Licenciatura, Universidade de Vigo, Facultade de Filoloxía e Tradución e Interpretación, 2003, 153 p., il. | [Ed. en liña n.v.]: [s.d.], <<http://dvtg.f2o.org/traballo.php?pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 22/11/2004]. | [Ed. en liña n.v.]: *Diccionario da vestimenta tradicional galega*, [2004-], <<http://dvtg.f2o.org/>>, [Consulta: 22/11/2004].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA: INF. DIAFÁSICA

O "Dicionario" (p. 75-145) reúne 323 termos procedentes de diversas fontes bibliográficas. Ofrece para cada un deles a categoría gramatical, sinónimos e variantes ortográficas e xeográficas, definición, o contexto en que aparece recollido e, en ocasións, informacións complementarias referentes ao seu uso ou ao alcance semántico do concepto. Vai precedido por un repaso histórico das "Principais correntes teóricas da terminoloxía" (p. 10-17) e pola "Metodoloxía de traballo" (p. 18-74). A versión dispoñible en liña do dicionario, en formato hipertexto dinámico, permite facer consultas tanto en sentido semasiolóxico coma onomasiolóxico e ademais posibilita a introdución de novos datos por parte do usuario na base de datos, ou a corrección dos que xa se mostran.

**223-2.** CAMAFEITA LONGA, Olga M.: *A música popular galega: Glosario monolingüe*, Proxecto de Fin de Carreira, Universidade de Vigo, Facultade de Humanidades, Licenciatura de Traducción e Interpretación, 2001, 1 CD-ROM [283 p.]. | [Ed. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Facultade de Filoloxía e Tradución, Departamento de Filoloxía Galega e Latina, 2004, <[http://webs.uvigo.es/h03/webh03/proxectos/proxecto\\_olga\\_camafeita.pdf](http://webs.uvigo.es/h03/webh03/proxectos/proxecto_olga_camafeita.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 04/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA: INF. DIAFÁSICA

Vocabulario constituído por 300 termos recollidos da literatura sobre o eido da música e de varios informantes. En primeiro lugar preséntanse estruturados en forma de árbore para reflectir o campo conceptual (p. 7-15). Logo aparecen en forma de glosario (p. 16-168), coas entradas dispostas en orde alfabética e organizadas en tres grupos de conceptos principais (cantares, instrumentación e bailes) que se dispoñen en seis listaxes diferentes (tres de termos e tres de definicións). As definicións, elaboradas cun criterio descritivo e non prescriptivo, presentan a seguinte microestrutura: 1) termo; 2) categoría gramatical; 3) definición; 4) cuasisinónimos; 5) termos relacionados. O traballo complétase cunha colección de coplas tradicionais (p. 169-241), unha listaxe xeral que recolle todos os termos ordenados alfabeticamente (p. 242-254) e dous vocabularios específicos sobre terminoloxía musical (p. 255-260) e sobre o traxe tradicional (p. 261-264), que serven de explicación para termos escuros ou descoñecidos que aparecen nas definicións do glosario.

## 4261 Vocabularios de xergas

**224.** PEINADOR LINES, Enrique: "Vocabulario dos cesteiros de Mondariz", *Nós*, 11, 1922:12 (AGARRA-CUSCUÑAS); 14, 1922:15-16 (DALVERTE-RASQUEAR), 18 (ROTOLADA-ZURRIGUILLAS). | [Ed. facs.]: A Coruña, Xuntanza, I, 1991. | [Nova ed. n.v.]: [Promovida pola Fundación Premios da Crítica Galicia, [s.l.], [s.n.], 2004, [11 p.].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIASTRÁTICA (XERGAS)

Constituído por 333 voces coa equivalencia en castelán.



## 427 Vocabularios dialectais

**225-1.** FERNÁNDEZ REI, FRANCISCO / HERMIDA GULÍAS, Carme / TATO PLAZA, Fernando R.: “Historias de vida e léxico do Castiñeiriño (Santiago de Compostela)”, en Rosario Álvarez e Antón Santamarina (eds.), (*Dis*)cursos da escrita: Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza, [A Coruña], Fundación Pedro Barrié de la Maza, [2004]:141-182 (= *Biblioteca Filolóxica Galega / Instituto da Lingua Galega*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA (GALEGO OCCIDENTAL)

Transcrición dunha gravación realizada no Castiñeiriño (Santiago de Compostela, CO) en 1984. Despois de presentar as normas empregadas [que seguen as utilizadas en *A nosa fala: Bloques e áreas lingüísticas do galego* (1996, entrada 302)], transcribíse o texto e ofrécese un vocabulario con todas as formas presentes, organizado alfabeticamente. Para cada entrada indícase a clase morfolóxica, o significado e un exemplo tirado do texto e, no caso de se tratar dun castelanismo, recórrese á letra gótica para marcalo. Finalmente inclúese unha listaxe de topónimos, outra de antropónimos e outra de *marcas comerciais* recollidos no texto.

**225-2.** MARTÍN ÁLVAREZ, José Domingo: *Diccionario de sanabrés*, Zamora, Semuret, 1999, 165 p. | [Nova ed. aum.]: *Nuevo diccionario de sanabrés*, Zamora, Semuret, D.L. 2004, 301 p.

1. DIVULGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA (FALAS GALEGAS DE ZAMORA)

O autor trata de “plasmal [...] un conxunto de tradicións orais, para conservar e preservar para o futuro, un acervo cultural que es muy posible que finalice en la generación actual” (p. 14 da nova ed.). A parte central deste traballo de carácter misceláneo está constituída por un repertorio léxico de 2.000 entradas (3.429 na nova ed.) que corresponden a voces recollidas en Sampil, Castellanos, Galende, Ungilde, Puebla de Sanabria e Alta Sanabria. Presenta a seguinte microestrutura: lema, variantes e referencias internas, definicións; ás veces indícase a localización xeográfica das formas e os nomes científicos das plantas. Inclúe tamén breves seccións sobre a historia de Sanabria, a xeografía, a xeoloxía e a hidrografía, ademais dunha caracterización xeral do sanabrés (p. 25-35 da nova ed.). Cerra o traballo un cap. sobre folclore cunha mínima recompilación de cantigas populares sanabresas (p. 281-291 da nova ed.), un apdo. sobre a cultura do liño (p. 275-278 da nova ed.) e outro sobre medidas sanabresas (p. 295-297 da nova ed.).

RECS.: Rosalía García Cornejo, *Verba*, 28, 2001:464-469

Vid. tamén as entradas 320, 324.

## 428 Glosarios

**226.** ARES VÁZQUEZ, Carme / IGLESIAS SIERRA, Primitivo: “O léxico da montaña en A. Noriega Varela”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, III, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:569-588. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Composte-



la, Consello da Cultura Galega, [2006], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_3.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_3.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 09/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Estudo do léxico relacionado coa montaña en sentido amplo que aparece no poemario *Do ermo* (1946), na 4ª ed. de 1946 (a última publicada en vida de Antonio Noriega Varela). As voces recollidas aparecen organizadas en oito campos semánticos (paisaxe, flora, fauna, xente, roupa e calzado, instrumentos e labores agrícolas, elementos atmosféricos e bailes e instrumentos musicais), ás veces con subdivisións, e dáse para cada unha unha breve definición atendendo ao seu contexto na obra, seguida dun ou máis exemplos para aclarar o uso.

227. FERNÁNDEZ DEL RIEGO, FRANCISCO (co pseudónimo Salvador Lorenzana): “Vocabulario [de Ánxel Fole, *Á lus do candil: Contos a carón do lume*]”, en Ánxel Fole, *Á lus do candil*, Vigo, Galaxia, 1953:151-154 (= *Galaxia Narrativa*; 1). | 2ª ed., 1968:163-166. | 3ª ed., 1979:163-166. | 4ª ed., 1983:163-166. | 5ª ed., 1985:163-166. | 6ª ed., 1986:163-166. | 7ª ed., 1988:163-166. | 8ª ed., 1989. | 9ª ed., 1991:163-166. | 10ª ed., 1992:163-166. | 11ª ed., 1993:235-238. | 12ª ed., 1994:235-238. | 13ª ed., 1996:235-238. | 14ª ed., 1996:155-159 (= *Literaria*; 1). | 15ª ed., 1997:155-159. | 16ª ed., 2000:155-159. | 17ª ed., 2002:155-159. | [Reed.]: en Ánxel Fole, *Á lús do candil*, II, Ed. n.v.: Santiago de Compostela, El Correo Gallego, 1992:75-91 (= *Biblioteca Ánxel Fole*; 114; 46). | [Nova ed.]: en Ánxel Fole, *Á lus do candil*, Vigo, Galaxia, 2004:157-161 (= *Biblioteca Ánxel Fole*; 1).

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Constituído por 233 voces para as que se indica a correspondencia en galego estándar e, ocasionalmente, o significado.

Vid. tamén as entradas 304, 629.

## 429 Outros repertorios léxicos

228. BUGARÍN LÓPEZ, María Xesús: *O galego fundamental: Diccionario de frecuencias*, Tese de Doutoramento, Universidade de Santiago, 2004, 1146 p. | Inédita.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

Coa pretensión de contribuír á elaboración do léxico fundamental do galego moderno, desenvólvese aquí unha análise de frecuencias dos elementos léxicos a partir dun corpus de 2.064.847 palabras tiradas de textos e gravacións orais datados entre 1975 e 1999. Todas as ocorrencias do corpus foron lematizadas e etiquetadas gramaticalmente e posteriormente sometidas a un tratamento estatístico. Os resultados da investigación preséntanse de dous xeitos distintos: 1) unha listaxe de lemas ordenados por frecuencias decrecentes, coa indicación da porcentaxe de aparición; 2) unha listaxe cos lemas organizados alfabeticamente, onde se sinalan para cada lema as formas morfolóxicas que lle pertencen, acompañadas da correspondente información gramatical e dos datos de frecuencia. Ademais, desenvólvese un estudo dos aspectos máis relevantes que se poden deducir da información fornecida pola

listaxe de frecuencias: categorías ás que pertencen, frecuencia segundo a categoría, campos semánticos máis frecuentes, comparación cos lemas máis frecuentes doutras linguas románicas, etc. [TESEO].

229. GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (coord.) / SANTAMARINA, Antón (coord.): *Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega (VOLGa)*, [Santiago de Compostela], Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega, 2004, 845 p. | [Ed. en liña n.v.]: *VOLG: Vocabulario ortográfico da Lingua Galega*, [2006], <<http://www.realacademiagalega.org/volga/>>, [Consulta: 20/12/2006]

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

Despois da primeira versión provisional non venal [*Vocabulario ortográfico da lingua galega* (1989, vid. *BILEGA* 288)], publícase agora unha nova edición impresa que amosa a seguinte estrutura: cada entrada vai introducida polo seu lema. Cando este vai precedido por un asterisco quere dicir que se trata dunha voz *menos recomendada* ou dunha voz *incorrecta*. A continuación inclúese a categoría gramatical e, nas voces que presentan moción de xénero, a forma feminina correspondente. Tamén se inclúe un campo “Nota” con información diversa (significado da palabra, pronunciación, indicación da base da que deriva a forma da entrada, indicación do étimo, etc.). Inclúe un apdo inicial titulado “Criterios de elaboración” (p. 9-48) en que se fai un repaso pola historiografía dos dicionarios e vocabularios galegos centrándose especialmente no VOLGa. Esta nova edición tamén pode consultarse en liña na web da Real Academia Galega.

RECS.: Xoán López Viñas, *RGAf*, 6, 2005:199-203.

## 43 Onomástica

### 431 Toponimia

#### 4311 Traballos etimolóxicos

230. AMOR RUIBAL, Ángel: “Examen glotolóxico de las antiguas denominaciones de la Rúa del Villar”, *Diario de Galicia*, 4-V-1918. | [Reed.]: “Rúa del Villar. Examen glotolóxico de sus denominaciones en el siglo XII”, en José Leonardo Lemos Montanet, «*Obra viva*» de Ángel Amor Ruibal, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, Instituto de Estudios Gallegos «Padre Sarmiento», 2004:254-257 (= *Cuadernos de Estudios Gallegos. Anexo*; XXXII).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO

Nota sobre o étimo e significación do topónimo *Rúa do Vilar* (Santiago de Compostela, CO) < *RUA VILLARIS*. A forma *vilar* significaba “en la Edad Media, como antes, lugar campestre, y en general lo perteneciente a la granja y casa de campo” (p. 256) e *rúa* (< *AR-RA* «moverse, saltar») presenta a acepción “peculiar de la región gallega, como punto de reunión y solaz entre aldeanos” (p. 255).

231. AMOR RUIBAL, Ángel: “Las peregrinaciones á Santiago. Los nombres de Libredón y Compostela”, *Diario de Galicia*, 25-VII-1909. | [Reed.]: en José Leonardo Lemos Montanet, «*Obra*

*viva» de Ángel Amor Ruibal, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, Instituto de Estudios Gallegos «Padre Sarmiento», 2004:189-206 (= Cuadernos de Estudios Gallegos. Anexo; XXXII).*

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. PM

Estudo etimolóxico dos topónimos *Libredón* e *Compostela*, nomes aplicados a Santiago de Compostela na Idade Media. Segundo o autor, *Libredón* non procedería de *LIBERUM DONUM*, senón que “llega a nosotros mediante la rama céltica, sea cualquiera el origen primitivo de los vocablos que entran á componer dicha palabra” (p. 200), podendo derivar da forma celta *LLWYBR-DON* «aldea del castro». En canto a Compostela, rexeita o étimo *CAMPUS STELLAE*, xa que a forma *Compostela* só aparece a partir do séc. XI e, ademais, tratándose dun étimo composto, “no se explica cómo ni una sola vez aparece descompuesto en sus factores componentes” e xa desde as primeiras documentacións “es siempre y uniformemente una palabra hecha” (p. 204); por outra banda, sinala que non se trata dunha forma toponímica aplicada unicamente a Santiago, senón que tamén se rexistra para outros lugares, “cosa esta de difícil explicación, si el nombre de cada uno de esos lugares significase *Campo de la Estrella*” (p. 206); *Compostela*, co significado «el sepulcro en cuanto lugar donde yacía el cadáver», procedería de *COMPOSTUM* «yacente ó sepultado».

**232.** ARES VÁZQUEZ, Nicandro: “*MAIOBRE* e *LUBRE* no epitafio de dúas mozas celtas”, *Lucensia*, XIV/29, 2004:349-354, 1 mapa.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. PC

O autor formula a hipótese segundo a cal o *MAIOBRI* que aparece na inscrición dunha estela romana do séc. I achada en Crecente (San Pedro de Mera, Lugo, LU) -da que xa se ocupara anteriormente, pero sobre cuxa interpretación volve agora- se pode identificar lingüísticamente (non xeograficamente) coa actual forma toponímica *Maiobre* (Ares, CO). Esta hipótese pódese confirmar con outro texto semellante en que aparece a forma *LUBRI*, que o autor identifica lingüísticamente co actual *Lubre*, nome de dúas parroquias coruñesas (San Xoán Bautista de Lubre, Bergondo, CO; Santa Eulalia de Lubre, Ares, CO). Deixa constancia das formas medievais *LUBRE* (a. 1086, 1134), *LUVRE* (a. 1160), *LUBRE* (séc. XII), *LUVRE* (a. 1102, 1154, 1218). A afinidade das dúas inscricións apréciase en tres aspectos: 1) estrutura case idéntica do texto epigráfico (nome da defunta, filiación, *populus castellum*, idade, fórmula sepulcral); 2) nomes persoais indíxenas latinizados (*APANA* / *EBURIA*, *AMBOLLI* / *CALVENI*); 3) idade das defuntas (25 e 26 anos). Se a esta afinidade se engade a proximidade nominal de *MAIOBRI* > *Maiobre*, *LUBRI* > *Lubre*, e mesmo a xeográfica destas dúas localidades, habería unha razón máis para revisar, ampliándoa, a zona dos *SUPERTAMARICI* (pobo ao que pertencían as dúas defuntas).

**233.** ARES VÁZQUEZ, Nicandro: “O mosteiro de Santiago de *Mortolanes* en Sarria”, *Lucensia*, XIV/28, 2004:155-162, 1 mapa, 1 il.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. P

Trata de localizar o antigo topónimo *MORTOLANES* / *MORTALANES* / *MORLANES*, que sitúa na parroquia de San Pedro de Froián (Sarria, LU), a través da documentación medieval, achándoo documentado por primeira vez no tomo do mosteiro de San Xulián de Samos (doc. nº 210, a. 907). Canto ao seu étimo, o autor suxire que podería tratarse dun antropónimo en xenitivo coa terminación *-ANIS*, frecuente no lat. med., sobre todo en nomes persoais góticos co nominativo en *-A*. Tamén podería ser un xentilicio

en plural -ANES, indicador de descendentes dalgún antropónimo descoñecido, ou referido a orixe xeográfica, partindo quizais da lusitana MÉRTOLA.

234. ARES VÁZQUEZ, Nicandro: “Toponimia do concello de Outeiro de Rei”, *Lucensia*, XIV/29, 2004:263-282, 1 mapa.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. P MEC

Estudo etimolóxico dos seguintes topónimos deste concello lucense (con ampla documentación de formas medievais): *Abeladoira, Acea, Agüeiros, Aguiar, Alargos, Albarón, Algar, Alvite, Arcos, Aspai, Astariz, Aveal, Balsa, Bandelo, Barciela, Baxiña, Bidral, Bieite, Bonxe, Bordecado, Bouzas, Brandián, Bravos, Bullas, Bustelo, Buxán, Cabana(s), Caboi, Cachoheiro, Cancela, Candai, Cantón, Carballal, Carballeiras, Carballido, Carreira, Cartel, Castro, Catadoiro, Cavadas, Caxigal, Cela, Charnecas, Constante, Couso, Couto, Cupeiro, Cruceiro, Currás, Curutela, Curutín, Eirexa, Eirexe, Espiñeiro, Feira, Felmil, Felpás, Ferreira, Fin, Folgueira(s), Fontaiña, Fontefría, Fontela, Fompedriña, Formistán, Fraíz, Francos, Gabín, Gaioso, Gondai, Granda, Granxo, Guillar, Guimarás, Hedrado, Hortas, Insua, Laciana, Lama, Latas, Lavadoiro, Lavandeiras, Laxe, Liñares, Lombas, Longarela, Maceda, Malde, Mangoeiro, Marcelle, Martul, Matela, Matelos, Mato, Maúnfe, Meidonín, Montemaior, Montenovos, Mosteiro, Outeiro de Rei, Outón, Pacio, Pape, Parada, Paradela, Pasadoiro, Pascuais, Pazo, Pecouzo, Pedragoso, Penadedra, Penas, Penelas, Pereiro, Peroxa, Piago, Picato, Piñeiro, Poledo, Portelo, Portover, Pozo, Prado da Cal, Province, Quintián, Reboleiras, Reboreda, Redondiña, Regueiro, Restriz, Retortas, Riasco, Riazón, Robra, Rozas, Saa, Saleta, Salete, SanCroio, Seivane, Silvarrei, Sinoga, Sobrada, Subida, Susavila, Taboi, Tella, Trabanca, Trollos, Veiga(s), Veigadolga, Veigucela, Ver, Vicente, Vigo, Vilar, Vilarelle, Vilasusá, Vilela, Xigán, Xueus. Inclúe índice completo das formas analizadas coa localización parroquial nas p. 278-280.*

235. ARES VÁZQUEZ, Nicandro: “Toponimia do concello de Pedrafitas do Cebreiro”, *Lucensia*, XIV/28, 2004:77-88, mapas.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. P MEC

Estudo etimolóxico dos topónimos deste concello lucense (con ampla documentación de formas medievais): *Acivo, Barxamaior, Brañas, Brimbeira, Busnullán, Casares, Cebreiro, Celeiró, Chan de Pena, Cotercas, Fonfría, Fonlor, Fonteboa, Fonteferreira, Fonteformosa, Fontevedra, Foxos, Hospital, Lago, Lagúa, Liñares, Lousada, Louzarella, Mata, Modreiro, Moeda, Pacios, Padornelo, Pallarvello, Pedrafitas, Pedriña, Pena da Seara, Penacerveira, Porfía, Rabaceira, Riocereixa, Rubiais, Sabugos, Santalla, Santín, Seixo, Sisto, Teixoeiras, Temple, Trabazas, Val de Fariña, Veiga de Brañas, Veiga de Forcas, Vilanova, Vilarín do Monte, Vilasol, Vilaverde, Zanfoga. Pode verse o índice completo das formas analizadas coa localización parroquial nas p. 86-87.*

236. BÚA CARBALLO, Juan Carlos: “Tres cuestións relacionadas coa toponimia antiga en -BRIS, moderna en -bre”, en Ana Isabel Boullón Agrelo (ed.), *Novi te ex nomine: Estudos filolóxicos ofrecidos ao Prof. Dr. Dieter Kremer*, [A Coruña], Fundación Pedro Barrié de la Maza, [2004]:381-399 (= *Biblioteca Filolóxica Galega / Instituto da Lingua Galega*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. P C

Estudo dos topónimos en -BRIS > -bre en relación coa distribución no territorio dos supertamarcos, os castella e os célticos. O autor analiza a situación dos distintos pobos na zona occidental, os seus etnónimos (ARTABRI, ARROTREBADA, PRAESMARCOS, SUPERTAMARCOS) e a súa relación cos topónimos en

-BRIS. O radical \*BRIG- “é máis antigo [...], debéndose probablemente a aparición de \*briga- nas linguas celtas a unha refección paradigmática a partir do acus. sg. \*brigam [...], favorecida polo seu xénero feminino” (p. 388). Os topónimos en -BRIS / -BRIG(A) > -bre / -bra “conforman un grupo toponímico ben definido espacial e cronoloxicamente e con clara identificación da familia lingüística á que pertencen” (p. 390). A presenza destes topónimos en -bre / -bra, xunto coa existencia doutros que manteñen o P-, como *Pantiñobre* e *Pezobre*, “decántanse con suficiente claridade en favor da posibilidade de termos no occidente unha lingua ou uns dialectos con \*P- etimolóxica conservada que por outras características (manifestas no segundo elemento de composición -brig- < ide. \*BHRG'H-) se deben agrupar coas demais linguas chamadas celtas” (p. 394).

**237.** CABEZA QUILES, Fernando: “O topónimo *Baloira*“, *A Estrada*, 7, 2004:149-153.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. C

Propón derivar *Baloira* (nome dunha parroquia do concello da Estrada, PO) < VALLE AUREA e *Monteiro* (Baloira, A Estrada, PO) < MONTE AURE. Inclúe referencia ás formas toponímicas gal. *Valoira* (San Martiño de Grou, Lobios, OU) / *Valoiro*, *Valonga* / *Valongo*, *Valiña* / *Valiño*, *Valboa* / *Valbón*, *Valcova* / *Valcovo*, *Valoria* (Mondoñedo, LU), *Viloiira* (Requeixo, Chantada, LU) / *Viloura* (Castrelos, Vigo, PO), *Fontoira* (Castrillón, O Corgo, LU) / *Fontoura* (Salvaterra, Salvaterra de Miño, PO), *Cesures* (Pontecesures, PO), *Requeixo* (Pontecesures, PO), *Valenza* (Coristanco, CO), *Castro Bo* (Coristanco, CO), *Val da Barcia*, hid. *Barcés*, *Seoane* / *Sevane*, *Negreira*, *A Negreira*, *Negreiros*, *Os Negredos*, *Negradas*, *Negral*, *Negrelos*, *Negros*.

**238.** CARNEIRO REY, Juan A.: “Fontes para o estudo da toponimia de Mugarodos”, *Cátedra*, 11, 2004:169-207, il., 2 mapas.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. PMEC

Estudo da toponimia e microtoponimia do concello de Mugarodos (CO) a partir das fontes escritas desde Estrabón ata a actualidade. Ofrece unha “Clasificación léxico-semántica” dos topónimos distinguindo: 1) Orotopónimos correspondentes a termos que fan referencia á constitución do terreo, á elevación, ás zonas chás, ás covas; 2) Hidrotopónimos, que teñen como referente augas correntes, mananciais, augas estancadas, terras de ribeira e outros; 3) Fitotopónimos, clasificados segundo fagan referencia ás árbores froiteiras, a outras árbores, a cultivos e outros; 4) Zootopónimos, onde se distinguen os de animais domésticos, animais salvaxes, aves e outros; 5) Toponimia variada; 6) Topónimos relacionados coa vida relixiosa / Haxiónimos; 7) Relacionados co asentamento humano, nos que se inclúen os referidos á topoloxía antiga ou medieval, vivenda e agrupamento de vivendas e construcións relacionadas coa actividade económica; 8) Explotación e aproveitamento do terreo, nos que inclúen terreos de labradío, terreos incultos e segundo a forma ou situación; 9) Derivados de propietarios, que poden ser latinos, xermánicos ou modernos. Entre os moitos topónimos estudados encóntranse os seguintes: *A Amora*, *Baamonde*, *As Barcias*, *As Barrosas*, *O Bugallón*, *Campo do Río*, *Os Casás*, *Cervás*, *Confurco*, *Corgo*, *Coruto da Revolta*, *Favar*, *Fieiteiras*, *Figueiroa*, *Gallado*, *Gateiro*, *Gaveiras*, *Igrexario*, *A Louseira*, *Monte do Espiño*, *A Muralla*, *Noville*, *Painceiras*, *Pedrós*, *O Penedo*, *Pumido*, *Sardiñas*, *A Ragoña*, *Seixo*, *Sequeiral*, *Seselle*, *A Tenencia*, *Veque*, etc. Finalmente, ofrécense unha listaxe alfabética de todos os topónimos dos *Amillaramientos* de 1947, organizados por parroquias, e outra da parroquia de Meá tirada do *Catastro de Ensenada* (1752), en que aparecen topónimos ausentes dos *Amillaramientos* de 1947.

**239.** DOMÍNGUEZ DONO, Xesús: “Aproximación á toponimia de San Xurxo de Codeseda”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua*

*Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, III, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:475-482. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2006], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_3.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_3.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 09/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. MC

Estudo etimolóxico dalgúns topónimos maiores da parroquia de San Xurxo de Codeseda (A Estrada, PO). Tomando como base as formas do nomenclátor oficial, o autor escolle topónimos documentados no inventario dos bens do mosteiro de San Xurxo de Codeseda que ordenou facer o Cabido da Catedral de Santiago de Compostela en 1419, a partir da transcripción realizada por Francisco Pérez Rodríguez no apéndice documental do artigo "San Jorge de Codeseda. Un monasterio femenino bajomedieval" (1991, vid. *BILEGA* 8800), "para ter un punto de apoio documentado entre a solución actual e a posible orixe do topónimo tratado" (p. 475). O estudo organízase a partir da agrupación das formas toponímicas nos seguintes tipos: 1) xeotopónimos (*Barro, O Arnado, Fontenlo, Insuela, hid. Umia*), 2) fitotopónimos (*Codeseda, Codesal, Filgueiras, Fragoso*), 3) antrotopónimos (*Marcenlos, Xubrei*), 4) agrotopónimos (*O Currelo, A Devesa, A Grela, As Quintas, Vilaboa*). A maioría teñen procedencia latina, aínda que tamén hai algúns de orixe prerromana e un *Xubrei* de posible orixe xermánica. En canto á súa formación, o máis frecuente é recorrer á sufixación (*-ELLUM, -ETUM, -ATUM*), pero tamén se rexistran formas constituídas por substantivo + adxectivo.

240. DOMÍNGUEZ FONTELA, Juan: "Citánias, no", *BCPMHAOr*, VII/163, 1925:301-308. | [Ed. facs. dix.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Promoción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. C

Crítica a tendencia a utilizar con carácter xeral a denominación *citania* para as ruínas de poboacións prerromanas en Galicia, proponendo manter a forma propia *castro* para se referir a este tipo de enclaves. *Citania* só se debe aplicar ás ruínas atopadas en Briteiros (Portugal), posto que se trata do nome que recibía "una de las parroquias pertenecientes a la Diócesis de Braga" (p. 303).

241. JIMÉNEZ, Julián Manuel: *Diccionario toponímico y etnográfico de Hispania Antigua*, Madrid, Minor Network, 2004, 572 p.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. P

Traballo que acadou o premio «Menéndez Pidal» da Real Academia Española en 2002. Este diccionario pretende achegar a ampla nómina de poboacións, tribos, deidades, etc., da Hispania antiga, protohistórica, e nalgún caso, prehistórica, transmitida polas fontes clásicas e a epigrafía. Ofrece unha vasta información sobre cidades e tribos do entorno, xurisdición romana, economía e lingua, deidades, episodios e personaxes históricos. As entradas (topónimos, hidrónimos, xentilicios, etc.) están constituídas pola forma documentada e as súas variantes e refíren a outras entradas coas que están relacionadas. Entre as moitas formas relacionadas con Galicia, encóntranse as seguintes: *CAELOGRIBRICA, GLANDI-*

MARIUM, MERA, NAVIA, TYDE, ULLA, MAVE, MAGNUS PORTUS, LUCUS AUGUSTI, CALLAECI, IRIA FLAVIA, GALLAECIA, FLAVIA LAMBRIS, AQUIS QUERQUENNI, CELTAS.

242. KOUZNETSOVA, Lidia: “Galicische Ortsnamen”, *Galicien Magazin*, 15, 2004:74-78. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Trier], Galicien-Zentrum der Universität Trier, [2005], <<http://www.uni-trier.de/uni/fb2/romanistik/galicia/pdf/galicien-magazin15.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 24/11/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. PMEC

Os máis de 40.000 topónimos existentes en Galicia permiten trazar un panorama global da súa historia como o que trata de ofrecer este traballo. No desenvolvemento dos nomes de lugar distínguense dúas fases: 1) a prerromana e 2) a que comeza coa romanización e chega ata a actualidade. Os topónimos poden referirse a un aspecto ou situación particular, a establecementos sedentarios, á vexetación, aos donos medievais, á auga, ás construcións e vías de comunicación, a igrexas e santos, á explotación da terra, aos animais ou a outras nocións. Finalmente, a autora aduce unha serie de topónimos galegos co étimo e a documentación medieval, entre os que se achan *Allariz, Amarelle, Amboade, Armental, Baer, Benade, Cesar / Cezar, Chacín, Chamín, Chorente, A Coruña, Crescón, Cristoble, Ducío / Ducí, Esperante, Fontefiz, Llacín, Locai, Licín, Lugo, Melle, Merelle, Marcelle, Martín, Mourelle, Mourente, Mourence, Mourís, Montán, Ourense, Paderne, Padriñán, Peai, Pedrafitra, Pedre, Pontevedra, Romai, Román, Sabadelle, Sambade, Santa Tegra, Santiago de Compostela, Saviñao, Señor, Serén, Sever, Soar, Tui, Velle, Vicinte, Vidal, Vigo, Vilafiz, Vilamelle, Vilamoure, Vilapene, Vilapiñol, Vilapol, Vilaver, Vilaxuste, Viveiro, Xubande, Xullán* [M.L.].

243. LOMBA ALONSO, José Luis: “Microtoponimia da Guarda”, *Pontenorga*, 3, 2004:81-176.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. MEC

Entre as formas estudadas, atópanse as seguintes: *Abelleiras, Aceña, Agrebó, Agudela, Aloque, Aloqueiro, Aloquiño, Amido, Armona, Arribe, Balueiro, Barbela, Barrantes, Barrocos, Barrouca, Babelos, Bazar, Borrallenta, Bouza, Bouzó, Brandián, Cabaciñas, Cabanas, As Cachadas, Cachiños, A Cal, A Camboa, Camposancos, Campodesil, Cancela, Cancelón, Cangrosta, Crangosta, Caneiro, Caniciño, Carballa, Carballidos, Carballares, Carballeira, Carrasqueira, Carril, Carregal, Cavada, Cazcallar, Centeares, A Chor, A Chousa, Cividáns, Coalleiras, Codesal, Codeseiras, Comareiro, Congrido, Cornucho, Cortizas, Coruto, O Couto, Cuvela / Cubela, Currás, Devesa, Os Eidos, Ermitán, Escorregadoiro, Estendás, Estibada, Estivadas, Estouzadas, A Estrada, Extremadoiro, Fedorento, Feital, Fial, Fiés, A Fosella, Fouxenobal, Freitoso, Friás, Funchidos, Fundal, A Gándara, Guimarei, Infestas, Inguieiros, Ireira, Lamas, O Lapón, Laxedelán, Liñar, Longra, Mamo, Maradiz, Meixa, A Mó, Moira, As Moledas, Mouteira, Olleiro, Paraños, Pasareiro, Pedragullo, Os Pedrouzos, Pelame, A Peniza, Os Petóns, A Picota, Pintán, O Pirún, A Proba, Raposeira, O Riás, Sá, Salcidos, Salgueiro, Salgueiró, O Sarrido, Seixiños, Senra, Sestás, Socombo, O Sollás, Sucal, Tabolado, A Tafona, A Tola, O Tombo, Tormentelo, Touzada, O Toxal, Treleira, Valgada, Valiños, Vesadas, Vidal, Videira, Viñadeira, O Viso, Visaxes, Xunqueiriñas, Zamar*.

244-1. MACÍAS, Marcelo: “*TURONIUM* (Carta aberta)”, *BCPMHAOr*, VI/141, 1921:352-355. | [Ed. facs. dix.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Promoción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).



1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. PMC

Carta que o autor dirixe a Juan Domínguez Fontela, en que rexeita a evolución de *TURONIUM* > *Toroña*, proposta polo destinatario, e no seu lugar defende a evolución *Tourón*. A ditongación en /ou/ "constituye una de las características de la lengua galaico-portuguesa" e a mesma forma latina deu o fr. *Tours*. Así mesmo, a terminación *-ón* é moi frecuente en topónimos que no latín presentaban a terminación *-IUM*.

**244-2.** MARQUÉS VALEA, Julia: *A toponimia de Trabada (Lugo)*, Tese de Doutoramento, Universidade de Santiago, Departamento de Filoloxía Galega, 2003, 1055 p., mapas. | [Public. rev.]: *A toponimia de Trabada*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, 2004, 1222 p., mapas, + caderno de fe de erros (= *Serie teses doctorais*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. MEC | 5. INF. DIATÓPICA (GALEGO ORIENTAL)

Amplio estudo etimolóxico dos topónimos do concello de Trabada (LU), con aportación de testemuños da documentación escrita. Preséntanse clasificados nos seguintes tipos: 1) Hidrotopónimos (p. 30-142 do texto orixinal), que representan restos da hidronimia prerromana ou que fan referencia a augas correntes, mananciais, construcións relacionadas coa auga, etc.; 2) Orotopónimos (p. 143-314), coa distinción dos referidos á constitución do terreo, ás rochas, ás costas, ás crebas, ás covas, etc.; 3) Fitotopónimos (p. 315-446), clasificados en subgrupos pola referencia a árbores froiteiras, cultivos agrícolas, téxtil, aceite, viño, etc.; 4) Zootopónimos (p. 449-479): animais domésticos, salvaxes, aves, peixes, etc.; 5) Topónimos referentes a aspectos sociais (p. 480-553): monumentos, lendas, núcleos de poboación e vivenda humana, espazos da casa e da aldea, réxime de propiedade, etc.; 6) Topónimos relacionados coa actividade económica (p. 554-730): terreos de labradío, pasteiros, terreos incultos, forma, terreos pechados, calidade e condición dos terreos, etc.; 7) Nomes de posuidores históricos ou actuais (p. 730-811); 8) Topónimos referidos a vías de comunicación (p. 812-849); 9) Topónimos relacionados coa vida relixiosa (p. 850-872); 10) Topónimos de posesión relativa (p. 873-901); 11) Nomes propios de interpretación e clasificación dubidosa (p. 902-924); 12) Nomes propios escuros (p. 925-927); 13) Adxectivos (p. 928-944). Nos últimos capítulos analízanse as formas toponímicas desde o punto de vista fonético, morfolóxico e semántico e tamén a presenza de formas castellanizadas, así como as variantes dialectais, principalmente as que afectan á terminación *-iño / -ín*, ao plural das formas rematadas en *-al (-ales / -aes / -ais)* e ao plural das formas rematadas en *-ón (-ois / -ós)*. Nas p. 1049-1055 inclúese un índice coas formas analizadas. Entre os topónimos estudados encontramos *Bandazo, Ben, Acevreiro, Budual, Sarela, Rochil, Salce, Conexeira, Cotán, Estibada, Faladoira, Gouño, Lumiosa, Pedraza, Paxarín, Recho, Vidal, Zoqueiro*.

**245.** MARTÍNEZ SALAZAR, Andrés: "La fauna en la toponimia gallega", *BCPMHAOr*, IV/87, 1912:225-231; IV/88, 1913:249-253. | [Reed. aum.]: en Andrés Martínez Salazar, *Algunos temas gallegos*, I, A Coruña, Real Academia Galega, 1948:439-454. | [Ed. facs. dix. da 1ª ed.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Promoción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. C

Contén unha listaxe de 329 topónimos organizada alfabeticamente a partir do nomenclátor oficial, coa etimoloxía e o significado ("Vocabulario", p. 228-231 e 249-255 da 1ª ed., p. 444-452 da reed.). A reed.



inclúe un apdo. titulado “Inédito” (p. 452-454) en que se analiza a etimoloxía dos topónimos *Cebral*, *Cebrán*, *Cebreiro* [castelanismo], *Cebreiro*, *Cibreiro*.

246. MÉNDEZ FERNÁNDEZ, LUZ / NAVAZA BLANCO, Gonzalo: “Xentilicios e nomes persoais na toponimia de Chantada”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, III, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:523-532. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2006], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_3.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_3.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 09/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. MC

Estudo dos topónimos do concello de Chantada (LU) que teñen un referente antroponímico, se ben no comezo do traballo se recollen as formas toponímicas “de carácter inequivocamente colonizador que teñen orixe nun xentilicio” (p. 524): *Fondoreses*, *Mondoeses*, *Armeses*. Canto aos de orixe antroponímica, estúdanse os seguintes: *Adá*, *Adaúlfe*, *Amorín*, *Andemil*, *Ansemil*, *Ansoar*, *Argozón*, *Aspai*, *Asper*, *Axulfe*, *Baltar*, *Basán*, *Belesar*, *Bermún*, *Boán*, *Brandián*, *Burgás*, *Caíbe*, *Centulle*, *Camporramiro*, *Cartemil*, *Casdemiro*, *Derramán*, *Eiriz*, *A Elfe*, *Enviande*, *Esmerez*, *Esmoriz*, *Formariz*, *Freán*, *Gomesende*, *Gordón*, *Güimil*, *Guxeva*, *Lamamartinga*, *Lamasindín*, *Marín*, *Mariz*, *Meixide*, *Melide*, *Merlán*, *Mouricios*, *Mouriscados*, *Mundín*, *Muradelle*, *Muxilde*, *Nande*, *Nandulfe*, *Paderne*, *Podente*, *Quinzán da Vila*, *Quinzán das Peras*, *Quinzán do Monte*, *Randolfe*, *Regoufe*, *Rolle*, *Sabadelle*, *Sabadón*, *Sandiás*, *Senín / Xenín*, *Señorín*, *Sernande*, *Soilán*, *Soutariz*, *Ulfe*, *Uriz*, *Usuriz*, *Vidal*, *Vilaúxe*, *Vilaver*, *Vilaxuste*, *Xedive*, *Xillán*, *Xoanín*, *Zaquín*.

247. MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO, Isidoro (co acrónimo I.M.G.-P.): “Galicia: Cuestiones onomásticas”, en *Gran Enciclopedia Gallega*, XV (GALEGU-GEL), Santiago de Compostela / Gijón, Silverio Cañada, [1981]:38-43. | [Versión gal.]: “Galicia: Cuestións onomásticas”, en *Gran Enciclopedia Galega - Silverio Cañada*, XX (FUER-GARA), Lugo, El Progreso / Diario de Pontevedra, [2004]:136-141.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. P MEC

Segundo o autor, o obxecto desta entrada “es, exclusivamente, la exposición de los problemas que plantea la evolución románica de esta voz y el fijamiento del estado de la cuestión respecto al uso divergente de las formas *Galiza / Galicia* como denominaciones actuales del país gallego” (p. 38). A pesar de tratarse dunha voz de enciclopedia, é un traballo moi completo e ben documentado en que se repasan as formas precedentes nas fontes clásicas, se establece a evolución do nome étnico *GALLAECUS* e do corónimo *GALLAECIA*, se intenta explicar a base etimolóxica *\*GALLICIA* e se ofrecen datos sobre a vixencia ao longo da historia das formas *Galiza / Galicia*.

248. MORALEJO ÁLVAREZ, Juan José: “Empadronando a Padrón”, *El Extramundi*, XXXVII, 2004:39-58.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. P

Trata de establecer a orixe do topónimo *Padrón*, para o cal parte das diferentes hipóteses etimolóxicas propostas previamente: 1) derivado de *PATRONUS*; 2) de *\*PETRONUM* «piedra con función monumental»; 3) da forma de orixe celta *\*PETRUONO* “alusivo a cruce de caminos” (p. 38); 4) de *patrón*, referido ao apóstolo Santiago. Tras repasar a documentación que testemuña esta forma toponímica, o autor

pensa que -sen desbotar totalmente outras opcións- o seu étimo sería \*PETRONUM, previo á tradición xacobeá pero recreado por ela posteriormente por referencia ben ao Pedrón ben á pedra “sobre la que reposa el cuerpo apostólico” (p. 50).

**249.** NAVAZA BLANCO, Gonzalo: “Dialectoloxía e toponimia”, en Rosario Álvarez, Francisco Dubert García e Xulio Sousa Fernández (eds.), *Dialectoloxía e léxico*, Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua, 2002:137-146, 3 mapas (= *Colección Base*). | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua, [2004], <<http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/dialectoloxia.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 22/12/2004].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. MC | 5. INF. DIATÓPICA

Relatorio presentado no *Símpoio Dialectoloxía e Léxico*, celebrado en Santiago de Compostela durante a primavera de 2001. O autor ofrece algunhas “consideracións xerais acerca das relacións da toponimia coa xeografía lingüística e a dialectoloxía, e das aplicacións metodolóxicas desas relacións, e por outra banda [...] a exposición dalgúns mapas significativos elaborados a partir da toponimia do territorio da provincia de Ourense e as zonas colindantes” (p. 137). Para o segundo obxectivo utiliza unha base de datos de aproximadamente 40.000 topónimos presentes na cartografía 1:25.000.

**RECS.:** Antón Santamarina, *Grial*, XLI/158, 2003:123-124 | Serafín Alonso Pintos, *Cadernos de Lingua*, 25, 2003:143-144 [143] | José Enrique Gargallo Gil, *Estudis Romànics*, XXVI, 2004:298-301 [299] | Francisco Gago-Jover, *RPh*, 57, Spring 2004:403-407 [404-405].

**250-1.** NAVAZA BLANCO, Gonzalo: “Os topónimos *Acea de Ame* e *O Xurés*“, *RGaF*, 5, 2004:141-162.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. C

Estudo dos topónimos *Acea de Ama* (OU) e *O Xurés* (OU). O primeiro deles consta do arabismo *aceá* «muiño» < A-SANIYA «roda hidráulica» e do hidrónimo prerromano *ama* < \*AM- «canle». *O Xurés* tería a súa orixe no hidrónimo prelatino *ORIGINIS*, *OREGINIS* e *OCERENSIS*, formas latinizadas ou deturpadas dun \**OGERENSE* ou \**UGERENSE*, documentadas no *Itinerarium Antonini*.

**250-2.** OBRIST, Philipp: *FILIX y sus derivados en la toponimia iberorrománica: Un estudio de fitotoponomástica comparativa*, [Memoria de Licenciatura], Universität Basel, Institut für Iberoromanistik, 2004. | [Public. parcial]: “*FILIX* y sus derivados en la toponimia gallego-portuguesa” (2005, vid. *BILEGA* 13724).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. C

**251.** PEREIRA, António: “Importância da Toponímia para o conhecimento do Português Antigo”, en Tiago Freitas e Amália Mendes (orgs.), *Actas do XIX Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Linguística (Lisboa, 1, 2 e 3 de Outubro de 2003)*, Lisboa, Associação Portuguesa de Linguística, 2004:631-640.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. M

Estuda os topónimos documentados no *Escrito de Paio Soares* e na *Nómina de Pedro Viegas*, documentos datados por José António Souto Cabo na segunda metade do séc. XII. As formas toponímicas anali-

zadas aquí son as seguintes: *laurdelo, nogueira / nogueira, casal dantoina, ruuianes, câpo da presa, lama darca, casal de campo, ribas, casales da torre, sancta maria de biadi, casal do barrio, eruilas, taroucela, uilar, santus ihoannes, ortigosa, casal de gimara, barios*. Indícase o étimo e a evolución de cada unha, así como a súa pervivencia actual en territorio portugués. O autor destaca o valor da toponimia á hora de sinalar as características do romance nos seus inicios.

**252.** SACA RODRÍGUEZ, Gerardo: *Os nomes da ría de Vigo: Libro Terceiro (Oitavén - Verdugo. O Facho de Donón)*, Vigo, Instituto de Estudios Vigüeses (Fundación Provigo), [2004], 343 p., il., mapas.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. C

Estudo etnográfico da ría de Vigo que inclúe a análise lingüística dalgúns topónimos e hidrónimos como, por exemplo, *Castelo, Castrelo(s), Castro(s), Oitavén, Verdugo, Cacheiro, Canicouva, A Garballa, Covas, Caritaina, Ulló, Casó, Vado, Tuimil, Cidral, Vilaboa, Toural, Novás, Cangas, Caralletes, Carballo, Xundice, Pazo, Nores, As Travesas, Agolada, Fraga* e outro tipo de léxico da zona. Inclúe ao final da obra unha "Relación de topónimos por capítulos" (p. 321-330).

**253.** SÁNCHEZ ESTÉVEZ, Remedios: "Aspectos xerais da toponimia de Monforte", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, III, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:549-560. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2006], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_3.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_3.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 09/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. EC

Clasificación e estudo etimolóxico dos topónimos das parroquias de Monforte de Lemos (LU), postos en relación con outras formas que posúen étimos semellantes. Preséntanse clasificados nos seguintes grupos: 1) fitotopónimos (*Canela, Fiolleda, Moreda, As Nocedas, Piñeira*); 2) orotopónimos (*O Chao do Fabeiro, Monte, Monforte, A Penela, Ribasaltas, Valverde*); 3) nomes de propietarios latinos (*Marcelle, Tor, A Vide, Vilamarín*), xermánicos (*Gullade, Guntín, Sindrán, Distriz*) e prerromanos (*Vascós, Lemos*); 4) outros topónimos (*Vaamorto, Chavaga, A Parte, Reigada, Rozavales, Seoane*).

**254.** SARMIENTO, Fr. Martín / DOMÍNGUEZ FONTELA, Juan [ed.]: "Disertación sobre el origen o expresión de esta voz *Castellanos de Orense* [1758]", *BCPMHAOr*, XI/240, 1938:403-409. | [Ed. facs. dix.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Promoción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. ME

Transcrición dun manuscrito apógrafo do Padre Sarmiento (datado o 27-IX-1758) en que se aclara que esta expresión se utilizaba para distinguir aos procedentes do arcediagado ourensán de Castela do resto dos casteláns (de "Castilla"). Intenta localizar xeograficamente este arcediagado mediante o estudo etimolóxico da toponimia relacionada. Segundo o Padre Sarmiento, comprendía "Abión, Avelenda,

Serantes, Levosende, Gomariz, San Clodio, con toda la ribera occidental del río Avia, Maside, Cea, Barbantes, Layas, Castrelo, Partovia, Esposende, etc. y las pilas de Orcellón" (p. 407).

255. SCHULTEN, Adolf: "El antiguo nombre del río Sil", *BCPMHAAOr*, XI/242, 1938:511-514. | [Ed. facs. dix.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Promoción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultral, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. C

Traballo epigráfico en que se sinala como posible etimoloxía do hidrónimo gal. *Sil* o nome propio romano *SILO* (probablemente de orixe etrusca), a partir da interpretación dunha inscrición achada en 1606 en Alongos e publicada por E. Hübner no *Corpus Inscriptionum Latinarum* (vol. II, nº 5.625). Para o hidrónimo *Miño* achega os étimos *MINIA* (nome etrusco) ou *MINIUS* (latino). Esta nota epigráfica (que ocupa as p. 513-514) vai precedida dunha introdución firmada por Florentino López Cuevillas (co acrónimo F.L.C.) en que se subliña a importancia científica da obra do profesor Schulten para a proto-historia etnolóxica da Península Ibérica.

256. TABOADA CHIVITE, Jesús: "Notas sobre toponimia verinense", *BCPMHAAOr*, XX/1-4 [= *Homenaje a F. L. Cuevillas*], 1959-60:105-116. | [Ed. facs. dix.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Promoción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. C

Estuda as seguintes formas toponímicas da comarca de Monterrei (moitas aparecen castelanzadas): *Albarelos, A Alberquería, Arzádegos, A Trabe, Baldriz, A Bemposta, Bousés, Bustelo, Cabreiroá, Caldeliñas, Camba, Campobeceros, Casas de Montes, Castrelo de Abaixo, Castrelo de Cima, Castrelo do Val, Castro de Laza, Cerdedelo, Cimadevila, As Corvaceiras, Covelas, Chaira, Chás, Devesa, Dona Elvira, Edreira, Eiras, Enxames, Espiño, Estevesiños, As Estibadas, Feces de Abaixo, Feces de Cima, Feilas, Flariz, Florderrei Novo, Florderrei Vello, Fontefría, Fumaces, Gondulfes, Granxa, Guimarei, O Hospital, Infesta, Lamalonga, Lamas, Lucenza, Magdalena, Mañosas, Marcelín, Medeiros, Mixós, A Moimenta, Monterrei, Monteveloso, Mourazos, Mourisco, Moialde, Navallo, Naveaus, Nocado, Novas, Oímbra, Pedrosa, Pedroso, Pena de Souto, Pena Verde, Pepín, Piornedo, Portocamba, Pazos, Pousa, Queirugás, Rasela, Rebordondo, Retorta, Rexosende, Ribas, Riós, Romariz, Salgueira, Salgueiro, San Paio, San Ciprián, San Cristobal, Sanguñedo, San Martiño, San Millao, San Pedro de Pousada, Santa Baia de Montes, Santa Comba de Baroncelle, Servoi, Souteliño, Soutelo Verde, Soutocovo, Soutochao, Tamagos, Tamaguelos, Tamicelas, Terroso, Toro, Trasestrada, Traseireza, Trasverea, Valfarto, A Veiga das Meás, Veiga de Seixo, As Vendas da Barreira, Verín, Videferre, Vilar, Vilarello de Cota, Vilela, Vilamaior do Val, Vilamedá, Vilariño das Touzas, Vilar de Cervos, Vilardevós, Vilaza.* Inclúe referencias a formas medievais e do período do galego medio.

RECS.: José Pérez Vidal, *RDTP*, XVIII/3-4, 1962:552.

257. TOIMIL CASTRO, Afonso: "Aspectos xerais da toponimia do concello de Lalín", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de*

setembro de 1996), III, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:561-566. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2006], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_3.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_3.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 09/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. C

Estúdanse, a partir da documentación escrita, os topónimos do concello de Lalín (PO), sinalando os que xa desapareceron e os de nova creación, así como a castelalización de moitas formas. Utilízanse os datos do *Diccionario Geográfico-estadístico-histórico de España y posesiones de ultramar* (1845, vid. BILEGA 3817) de Pascual Madoz, da *Geografía del Reino de Galicia* (Barcelona, 1936) de Francisco Carreras i Candi, así como dos nomenclátore de provincia de Pontevedra de 1970, 1981, 1986 e 1991 e da publicación no *DOG* da forma oficial das 428 entidades deste concello en xullo de 1996. En canto á castelánización, sinalase que moitos manteñen a forma galega porque non teñen trazos fonéticos característicos do galego ou son semanticamente opacos. As formas de castelánización son diversas: 1) hibridación (*Fuentecabalos*), 2) adaptación do sistema fonético (*Abonjo*), 3) asociación de equivalencias entre galego e castelán (*Villameá, Peña, Villatuje, Sampayo*), 4) tradución (*Villanueva, Iglesia*). Así mesmo, ao observar os topónimos pódense percibir alteracións fonéticas (*Cázome* vs. *Cáceme, Torobedo* vs. *Torguedo, Tuimil* vs. *Toimil*). As formas toponímicas de creación recente corresponden, en xeral, a lugares situados preto das vías de comunicación (cf. *A Estación* ou a forma castelá *A Carretera*). O proceso de restauración das formas galegas plásmase nos nomenclátore de 1986 e 1991, que presentaban unha serie de eivas superadas tras a recolla de información e a valoración da Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia.

258. VEIGUELA MARTINS, Crisanto: “O nome de lugar *Restrepo*, na freguesía de Parámios da Veiga en Riba d’Eu”, *Agália*, 77-78, 2004:57-71.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. C | 5. INF. DIATÓPICA (FALAS GALEGAS DE ASTURIAS)

Estudo etimolóxico do topónimo *Restrepo* (Vegadeo, AS), que significa “terreo de monte inculto que foi amansado para cultivo” “terra que se dedicou a restrebo”. A súa orixe poderían ser as bases \**RESTIPA* / *RESTIPO*; o autor explica as causas polas que non se produce a sonorización da oclusiva bilabial xorda /p/ e a aparición do /r/ epentético.

259. VERDE PENA, María Inés: “La confluencia de los ríos leoneses en la Galicia medieval”, en *Orígenes de las lenguas romances en el reino de León: siglos IX-XII*, II, León, Centro de Estudios e Investigación «San Isidoro» / Caja España de Inversiones / Archivo Histórico Diocesano, 2004:617-629 (= *Fuentes y estudios de historia leonesa*; 104).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. ASTURIANO-LEONÉS | 3. DIACRÓNICO | 4. P

Relatorio presentado no *Congreso Internacional «Orígenes de las lenguas romances en el Reino de León: Siglos IX-XII»*, celebrado en León do 15 ao 18 de outubro de 2003. Analiza a presenza da hidronimia leonesa na documentación notarial galega ata o séc. XII. Estúdanse os substantivos empregados para facer referencia aos cursos de auga (*RIUUS, FLUUIUS, AMNIS, AQUA*) e a outras entidades relacionadas co río (*PORTUS, ULMUNS, VEIGA, MOLINARIA*, etc.), as preposicións e locucións (*AD, CIRCA, INTER, PER, USQUE AD*, etc.) utilizadas para especificar a situación dun lugar con respecto ao río e os verbos relacionados coa hidronimia (*DISCURRO, CONCURRO, UADO, INTRO, ANDO*). Sinalase, ademais, que a forma de

citar os ríos é idéntica, sexan estes galegos ou leoneses, e a única diferenza observable é a “presencia de numerosos detalles de situación máis o menos externos” (p. 626) no caso dos ríos galegos.

Vid. tamén as entradas 279, 310, 528, 538, 565.

## 4312 Outros traballos sobre topónimos

**260.** FERRO RUIBAL, Xesús: “Gallicia / Gallizia / Gallisia / Galliza. O nome castelán da nosa terra”, en Rosario Álvarez e Antón Santamarina (eds.), (*Dis*)cursos da escrita: Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza, [A Coruña], Fundación Pedro Barrié de la Maza, [2004]:259-283 (= *Biblioteca Filolóxica Galega / Instituto da Lingua Galega*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. CASTELÁN | 3. DIACRÓNICO | 4. P MEC

Estúdanse as formas que presenta o topónimo *Galicia* no castelán partindo de textos latinos e romances medievais. Conclúese que a forma *Galicia* é un préstamo da lingua galega despois de conviviren varias formas castelás (*Gallicia*, *Gallizia*, *Gallisia*) e galegas (*Galicia*, *Galizia*, *Galiza*). A forma castelá máis empregada (*Gallizia*) desaparece no séc. XVI e ocupa o seu lugar a forma galega *Galicia*. A escolla da forma galega débese, segundo a autor, a razóns lingüísticas (“xa aparecía nos documentos latinos e era a que mellor cadraba coa pronuncia hispana desa forma latina”, p. 281) e a razóns sociolingüísticas (“os galegos estiveron sempre presentes no territorio castelanófono”, p. 282).

**261.** FRANCO MASIDE, Rosa María: “A microtoponimia como fonte para o estudo de vías romanas”, en Rosario Álvarez e Antón Santamarina (eds.), (*Dis*)cursos da escrita: Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza, [A Coruña], Fundación Pedro Barrié de la Maza, [2004]:291-314, 3 mapas (= *Biblioteca Filolóxica Galega / Instituto da Lingua Galega*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. PC

Estudo dunha porción do sistema viario romano da provincia da Coruña centrado no Golfo Ártabro (o tramo de costa que se estende dende Arteixo ata Valdoviño): a vía *per loca maritima*. A autora baséase na microtoponimia tirada do catrasto de rústica correspondente á década de 1950 (anterior ás grandes concentracións parcelarias da década seguinte, que desfiguraron a vella fisonomía rural galega e a súa rede camiñeira), pois considera que a toponimia constitúe -cando se carece de miliarios- unha fonte básica, xunto co relevo e os ríos, para a delimitación precisa das vías romanas. A investigación, pois, ten como obxectivo a localización da microtoponimia rexistrada no catastro entre as localidades de Carballo e Cidadela ao longo da divisoria de augas que delimita a Galicia noroccidental polo sur. Os numerosos microtopónimos analizados aparecen agrupados por concellos.

**262.** GARCÍA ÁLVAREZ, M. Rubén: “El castro de Veiga (Cuestiones históricas que plantea)”, *BCPMHAOr*, XVI/3, 1948:253-272, 1 mapa. | [Ed. facs. dix.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Promoción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. P MEC



Intenta identificar a situación do *CASTRUM MINEI*, citado na *Historia Compostellana* e que algúns estudosos sitúan no actual Castro de Veiga (OU) e outros en Castrelo de Miño (OU). O autor decántase por este último emprazamento. Analiza o topónimo *Castrelo* < *CASTRELLUM* «castro pequeno o de poca importancia», diminutivo de *CASTRUM* e pono en relación co topónimo *Castro de Veiga*, que nalgúns docs. dos sécs. XII e XIII aparece como *CASTRELLUM DE VEYGA*, *CASTRELLO DE VEYGA* e *CASTELLUM DE VEIGA*.

263. MACÍAS, Marcelo: “*CIVITAS LIMICORUM*”, *BCPMHAOr*, I/5, 1898:73-76 (I); I/6, 1899:89-94 (II); I/7, 1899:114-121 (III); I/8, 1899:137-142 (IV); I/9, 1899:153-161 (V). | [Ed. facs. dix.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Promoción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. P

A partir da toponimia, da información dos escritos romanos e dos achádegos arqueolóxicos, o autor tenta localizar o *FORUM* ou *CIVITAS LIMICORUM*, que sitúa finalmente no monte do Viso (Lobeira, OU). Tamén achega e sitúa a toponimia actual das principais vilas da época romana. Por último, ofrece a transcripción das inscricións das lápidas romanas en que se fai referencia aos *Límicos*.

264. MARTÍNEZ SUEIRO, Manuel: “Vocablos gallegos del dialecto salmantino”, *BCPMHAOr*, V/118, 1918:377-385. | [Ed. facs. dix.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Promoción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. ASTURIANO-LEONÉS | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

Do vocabulario de José de Lamano y Beneite, *El dialecto vulgar salmantino* (Salamanca, Tipografía Popular, 1915), recóllense “más de cien voces genuinamente gallegas, fenómeno que se explica facilmente por haber pertenecido las tierras salmantina y sayaguesa á la *Gallaecia* antigua y haber habido quizá el mismo *sermo rusticus*” (p. 378). Velaquí unha mínima mostra das voces recollidas: *andróminas* «zalamerías», *amorrñarse* «entristecerse», *unque* «aunque», *aturar* «aguantar», *bagullo* «hollejo de la uva», *buraca* «agujero», *canga* «armazón de arado para una caballería», *cangallo* «andrajo, cosa estropeada», *comenencia* «conveniencia», *charelo* «torcido», *cheiro* «hedor», *debrocar* «inclinarse o ladearse una cosa», *engarañado* «entumecido», *escurruchado* «escurrido», *esfolar* «desollar», *esmagar* «estronjar, machacar», *fungar* «gruñir», *ligón* «azadón», *marmelo* «tonto», *mazaroca* «mazorca», *meco* «vanidoso, melindroso», *pechar* «cerrar», *pingar* «pringar». Cita tamén topónimos da zona que revelan esta relación: *Gallegos de Solmirón* (Béjar), *Gallegos de Argañán* (Ciudad Rodrigo), *Galleguillos* (Salamanca), *San Felices de los Gallegos* (Vitigudino), *Gallegos de Huebra* (Sequeros), *Valdegallegos*, *Galleguillos de Alba*, *Gallegos de Crepes*, *Navagallega*, *Aldeagallega*, *Monforte de Sequeros* e *Frades*.

265. MARTINS, Higinio: “Ūa Céltica chamada Kalláikia”, [Ed. en liña n.v.]: Portal Galego da Língua, 24-XI-2004, <[http://www.agal-gz.org/modules.php?name=Downloads&id\\_op=viewdownload&cid=3&min=30&orderby=titleA&show=10](http://www.agal-gz.org/modules.php?name=Downloads&id_op=viewdownload&cid=3&min=30&orderby=titleA&show=10)>, [Formato: PDF], [Consulta: 26/05/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. PMC

Trata de probar a existencia de *KALLAIKIA* antes da chegada dos romanos e delimitar o seu territorio. Ten en conta a presenza de topónimos e xentilicios de orixe celta que se estenden por todo o territorio. Entre os topónimos e xentilicios analizados áchanse os seguintes: *ártabro* < *ARTABRI*, que contén o céltico *ARTOS* «urso» e que significaría «do país limítrofe (para o lado) da Ursa»; *Bolo* < *\*BOLLO* ou *\*WOLLO*, galego < *KALAIKO* «o da Terra» (de orixe preindoeuropea), *Sil* e *Galicia* < *KALLAIKIA* «o territorio dos *kallaicoi* [os da Terra, do torrón]», *astures*, que procedería de *\*ASTURA*- «nascente, aurora». O traballo aparece estruturado en cinco partes: 1) “Na verdade quem eram os *Artabri?*”; 2) “É que por ventura existiu a *Kallaikia?*”; 3) “As célticas hesperias”; 4) “*Sil*, o río da linhagem”; 5) “Ainda mais sobre a *Kalláikia* (e acerca dos ástures)”; algunhas delas foron presentadas como relatorios no III e IV Congreso Internacional da Língua Galego-Portuguesa na Galiza, celebrados en Vigo e Ourense nos anos 1990 e 1993.

266. NIETO PAZÓ, Agostiño: “*Camos* e *Camões*: sobre a oriundeiz miñorá do príncipe das letras portuguesas”, *REMiñ*, 4, 2004:17-24, il.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. PMC

Propón como orixe do apelido *Camões* a forma toponímica *Camos* [*Santa Baia de Camos*, no concello de Nigrán (PO), reflectida como *Santa Eulalia de Camones / Camunes / Camues* en documentos medievais do séc. XIII pertencentes ao mosteiro de Santa María de Oia]. O autor apoia a súa proposta con argumentos históricos.

267. REI, Maxi: “Referencias documentais ó concello de Abegondo durante a Alta Idade Media”, *Anuario Brigantino*, 27, 2004:179-198.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA

Recolla e análise documental das referencias aos lugares e parroquias do concello de Abegondo (CO) que aparecen na documentación medieval. Nesa documentación atopanse as primeiras referencias a algúns nomes das actuais parroquias e aldeas: *Abegondo*, *Coba*, *Cos*, *Cullergondo*, *Crendes*, *Freán*, *Froilán*, *Limión*, *Mabegondo*, *Meangos*, *Paredes*, *Presedo*, *Regueiro da Vila*, *San Román*, *Seixurra*, *Vilacova*, *Vilamarín*, *Vilanova*, *Vilar*, *Vilardel*, *Vilariño*, *Vilar de Paredes*, *Xuanzo*.

268. VÁZQUEZ NÚÑEZ, Arturo: “Documentos históricos (IX)”, *BCPMHAOr*, I/8, 1899:148-151. | [Ed. facs. dix.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Promoción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. P | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Transcrición (de escaso interese desde o punto de vista filolóxico) dun privilexio do emperador Afonso VII en que fai varias doazóns ao mosteiro de San Rosendo de Celanova (OU) e confirma os seus antigos coutos (a. 1145, lat.). O transcritor identifica os lugares que aparecen citados no doc., indicando as formas toponímicas modernas. Non se fai constar a procedencia do doc.

269. VÁZQUEZ NÚÑEZ, Arturo: “Documentos históricos (XI)”, *BCPMHAOr*, I/13, 1900:242-244. | [Ed. facs. dix.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Promoción Social e



Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. P | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Transcrición (de escaso interese desde o punto de vista filolóxico) do privilexio do emperador Afonso VII ao mosteiro de San Pedro de Rocas (OU), facendo nova demarcación do couto de Velle e concedendo ao devandito mosteiro as herdades realengas que nel houbera (a. 1153, lat.). O transcritor identifica os lugares que aparecen citados no doc., indicando as formas toponímicas modernas. Non se fai constar a procedencia do doc.

**270.** VÁZQUEZ NÚÑEZ, Arturo: “Documentos históricos (XXII)”, *BCPMHAOr*, I/19, 1901:338-342. | [Ed. facs. dix.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Promoción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. P | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Transcrición (de escaso interese desde o punto de vista filolóxico) dun privilexio de Afonso V ao mosteiro de San Pedro de Rocas (a. 1007, lat.). O transcritor identifica os lugares que aparecen citados no doc., indicando as formas toponímicas modernas. Non se fai constar a procedencia do doc.

**271.** VÁZQUEZ NÚÑEZ, Arturo (co acrónimo A.V.N.): “Documentos históricos (XXIV)”, *BCPMHAOr*, I/20, 1901:356-358. | [Ed. facs. dix.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Promoción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. P | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Transcrición (de escaso interese desde o punto de vista filolóxico) dunha carta de doazón ao mosteiro de San Salvador de Celanova (OU) de varias igrexas, lugares, libros e obxectos sagrados, feita por Aloito Munio, Adaulfo, Guntroda, Guntina e Adosinda, do mosteiro de Santa María de Ribeira (Xinzo de Limia, OU) (a. 1043, lat.). O transcritor identifica os lugares que aparecen citados no doc., indicando as formas toponímicas modernas. Non se fai constar a procedencia do doc.

Vid. tamén as entradas 193, 282, 303, 618-2, 650.

## 4313 Repertorios de topónimos

**272.** DOMÍNGUEZ FONTELA, Juan (co acrónimo J.D.F.): “Toponimia arcaica orensana”, *BCPMHAOr*, X/225, 1935:436-437. | [Ed. facs. dix.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería

de Cultura, Promoción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Breve nota en que o autor transcribe o documento oficial publicado no *Boletín Oficial da provincia de Ourense* o 23 de marzo de 1950 en que se fai constar a denominación antiga dalgunhas rúas de Ourense xunto coa nova denominación que ese ano aprobou o concello.

273. LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín: “Censo del coto de Celme en 1737”, *BCPMHAAOr*, XII/244, 1939:5-12, 1 mapa; XII/245, 1939:53-65. | [Ed. facs. dix.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Promoción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. E

Publicación íntegra de varios documentos en castelán referidos á elaboración dun padrón en Celme (Ordes, CO) no ano 1737. Nel cítanse os seguintes topónimos: *Ordes, Penelas, Raposeiras, Celme, Forxas, Casares, Pitelos, Sanguñedo, Paredes, Congostro*. Inclúense, ademais, os nomes e apelidos dos cabezas de familia destes lugares e a súa condición social.

274. LORENZO FERNÁNDEZ, Jorge: “El fondo del Monasterio de San Salvador de Celanova en el Archivo Histórico Nacional”, *BCPMHAAOr*, XIII/4, 1942:205-252. | [Ed. facs. dix.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Promoción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. P | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

O fondo do mosteiro de San Salvador de Celanova (OU), actualmente conservado no AHNMadrid, consta de cinco mazos de pergamiños e un libro tomo do séc. XII, en que están transcritos algúns dos documentos soltos dos mazos. Neste traballo de catalogación dos mazos do fondo de Celanova, escrito en 1934, pero que o autor deixou inédito e preparado para a publicación á súa morte, inclúese un índice toponímico con 195 formas en que se localizan (parroquia, concello e partido xudicial) unha boa parte das galegas, coa indicación dos documentos en que aparecen.

275. VÁZQUEZ MARTÍNEZ, Alfonso: “El monasterio de S. Salvador de Albeos: Su historia”, *BCPMHAAOr*, XVI/3, 1948:208-252, il. | [Ed. facs. dix.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Promoción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. ME

Inclúe unha relación dos foros e propiedades que posuía o mosteiro de San Salvador de Albeos (Crecente, PO), “que comprendía la casi totalidad de S. Juan de Albeos, la mayor parte de Cequeliños y propiedades esparcidas por las vecinas parroquias de Valeije, Villar, Rozas, Mourentán, Cequeliños,

Creciente y Arbo” (p. 250). Ademais do nome, indícase o tipo de propiedade (lugar, muiño, soto, viña, veiga, monte, campo, leira, couto, granxa, etc.).

276. VÁZQUEZ MARTÍNEZ, Alfonso: “La encomienda de S. Juan de Mourentán (Arbo)”, *BCPMHAOr*, XVII/1, 1949:11-38, 1 mapa. | [Ed. facs. dix.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Promoción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. E

Estudo histórico da encomenda de San Xoán de Mourentán, que actualmente corresponde á parroquia de San Cristovo de Mourentán (Arbo, PO). Detállanse os lugares que aparecen nomeados no apeo do couto de Mourentán (a. 1663) e ofrécese unha relación dos lugares que pertencían á encomenda.

Vid. tamén as entradas 288, 615, 616, 629.

## 432 Antroponimia

### 4321 Traballos etimolóxicos

277. AIRA GONZÁLEZ, Raquel: “Notas sobre a onomástica medieval da Terra de Bergantiños”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, III, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:459-473. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2006], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_3.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_3.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 09/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. E | 5. INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Analízanse algunhas formas onomásticas da zona de Bergantiños testemuñadas en sete documentos medievais inéditos do mosteiro de San Mamede de Seavia, datados entre 1423 e 1487 e conservados no ASPAntealtares. Tras a análise dos documentos, percíbese que no séc. XV “as opcións que había para os prenomes eran moi poucas, de aí que as fórmulas de nominalización persoal estean formadas fundamentalmente por dous elementos, o prenome e o segundo nome” (p. 472), adquirindo grande importancia os apelidos de orixe. As fórmulas máis frecuentes son *prenome + segundo nome patronímico*, *prenome + segundo nome delexical (alcume)* e *prenome + segundo nome de orixe (toponímico)*. En canto aos topónimos, destaca o feito de seren moitos deles formas exclusivas de Galicia, resultando difícil en moitos casos establecer a súa orixe. As formas documentadas son as seguintes: *Abregoí, Ardaña, Baiordo, Bormoio, Centiña, Cerqueda, Coristanco, Ferradás, Mira, Oca, Rus, Sabaceda, Seaia / Seavia*. Para cada unha delas sinálase a posible orixe e o(s) documento(s) en que se rexistran.

278. DOMÍNGUEZ FONTELA, Juan: “El apellido *Feijóo*: Como debe escribirse”, *BCPMHAOr*, IX/207, 1932:424-425. | [Ed. facs. dix.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Pro-

moción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. C

Segundo o autor, a etimoloxía do apelido xustifica as variantes *Feixóo / Feixó* < *FEIXOLO* < *FASEOLUS*, *Riobóo / Riobó* < *RIVUS* + *BONU*. Cita outras palabras galegas que tamén se formaron pola caída do -L-: *aguia, sair, insoa / insua, pazo, Grijó / Grixó*.

**279.** FERREIRA, Valentina G.: “Personal and Place Names with the *CARC*- Form”, en Ana Isabel Boullón Agrelo (ed.), *Novi te ex nomine: Estudos filolóxicos ofrecidos ao Prof. Dr. Dieter Kremer*, [A Coruña], Fundación Pedro Barrié de la Maza, [2004]:187-196, 1 mapa (= *Biblioteca Filolóxica Galega / Instituto da Lingua Galega*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. P

Os nomes persoais e de lugar coa forma *CARC*- son moi antigos. Algúns están testemuñados varios milenios antes da nosa era e moitos aínda se utilizan hoxe. Este traballo analiza algúns deles (simples nuns casos, derivados noutros), tratando de determinar as posibles relacións históricas e intentando establecer a súa traxectoria ao longo do tempo e do espazo. Entre as formas citadas aparecen o topónimo *Cacabelos* (LE) -que a autora pon en relación coa raíz *CAR*- «high land», xa identificada en 1821 por Wilhelm von Humboldt- e as voces comúns do port. ant. *carcás / carcaz* «quiver» (relacionadas co nome persoal *CARCAS*, presente xa na Biblia) e *cárcava* «moat», para a que se viñeron propoñendo varias etimoloxías.

**280.** KREMER, Dieter: “Voltando às «genealogias» da Galícia medieval”, en Rosario Álvarez e Antón Santamarina (eds.), *(Dis)cursos da escrita: Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza*, [A Coruña], Fundación Pedro Barrié de la Maza, [2004]:315-428 (= *Biblioteca Filolóxica Galega / Instituto da Lingua Galega*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. PME

Estudo xenealóxico dos servos dos mosteiros de Sobrado, Samos e Celanova a partir de documentación medieval dos tombos destes mosteiros. Ao final inclúe índices de “Nomes persoais” (p. 382-419), “Sobrenomes delexicais” (p. 419-420), “Nomes de lugar” (p. 420-425) e “Léxico geral” (p. 425-426).

**281.** PEREIRA, António: “História linguística de um nome: *Maria Helena Pinto Novais Paiva*“, en Ana Maria Brito, Olívia Figueiredo e Clara Barros (orgs.), *Linguística Histórica e História da Língua Portuguesa: Actas do Encontro de Homenagem a Maria Helena Paiva (Faculdade de Letras da Universidade do Porto, 5-6 de Novembro de 2003)*, Porto, Universidade do Porto, Faculdade de Letras, Departamento de Estudos Portugueses e de Estudos Românicos, Secção de Linguística, [2004]:301-313.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. DIACRÓNICO | 4. M

Estudo onomástico do nome e apelidos de Maria Helena Pinto Novais Paiva, profesora da Universidade do Porto, en que se procede “à identificação do étimo e a uma “descrição” diacrónica nos domínios da fonética-fonologia, da morfologia e da sintaxe” (p. 301). Canto a *Maria*, un dos nomes máis frecuentes en Portugal, sinálase a súa orixe hebrea (*MIRIAM*) que pasa ao grego e logo ao latín (*MARIA*). *Helena*, de orixe grega (*HELÉNE*), significa «tocha, archote» e os textos portugueses comezan “a dar conta deste

antropónimo nos séculos XIV e XV, quer através das formas *Elhena* (en 1302), quer da actual *Helena* (esta en 1437)" (p. 306). O apelido *Pinto* (tamén rexistrado como topónimo tanto en Portugal coma en Galicia) ten a súa orixe no alcume *pinto*, que pode proceder do substantivo *pinto* «frango» ou do adxectivo «que tem cores diversas». A primeira ocorrencia data do 1087 baixo a forma *PINTUS*, mentres que as formas *PINTI* e *Pinto* se documentan no 1258. *Novais* ten orixe toponímica, sendo o plural de *noval* «arroteia», "do latín *NOVALIS*, -IS, «terra deixada em descanso por um ano», este do adxectivo *NOVALIS*, *E*, de *NOVUS*, *A*, *UM*, «novo" (p. 308). Tanto a forma singular como a plural rexístranse como topónimos no norte de Portugal e en Galicia. *Paiva* tamén é de orixe toponímica e xorde como alcume xa no séc. XII: "O étimo será um nome pré-romano que no latín apresenta possivelmente a forma *PAIVA*" (p. 309); antigamente presentaba as formas sen metátase *Paula*, *Pavia*, *Pauha*, *Pauya*.

Vid. tamén as entradas 310, 528.

## 4322 Traballos sobre xentilicios

**282.** ALARCÃO, Jorge de: "Sobre alguns problemas de etnonímia e toponímia do noroeste de Portugal", en Ana Isabel Boullón Agrelo (ed.), *Novi te ex nomine: Estudos filolóxicos ofrecidos ao Prof. Dr. Dieter Kremer*, [A Coruña], Fundación Pedro Barrié de la Maza, [2004]:337-349, 2 mapas (= *Biblioteca Filolóxica Galega / Instituto da Lingua Galega*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. DIACRÓNICO | 4. P

Trata de establecer a localización de etnónimos e topónimos referidos ao noroeste de Portugal que aparecen nas fontes greco-latinas. Estuda, entre outros, os etnónimos *AOBRIGENS(ES)*, *AULOBRIGENSES* e *CANTIENSES*.

**283.** UNTERMANN, Jürgen: "Kelten und Celtici in Hispanien: Alte und neue Missverständnisse", en Ana Isabel Boullón Agrelo (ed.), *Novi te ex nomine: Estudos filolóxicos ofrecidos ao Prof. Dr. Dieter Kremer*, [A Coruña], Fundación Pedro Barrié de la Maza, [2004]:475-485 (= *Biblioteca Filolóxica Galega / Instituto da Lingua Galega*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. P

Os autores da Antigüidade sabían da existencia de xente chamada *CELTIBERI* e *CELTICI* no territorio de Hispania, pero durante moito tempo estas noticias permaneceron agochadas baixo a convición (que ten a súa orixe en Wilhelm von Humboldt) segundo a cal a lingua da Hispania anterior á romanización era unha lingua non-indoeuropea, o ibero, cuxo único testemuño na actualidade é o éuscaro. O termo *CELTICI* na Península Ibérica corresponde a un conxunto de poboacións que tendían a cambiar de lugar, pero que ocuparon sobre todo a zona noroeste. Segundo amosan dúas listaxes de topónimos tirados dos escritos de Plinio e Ptolomeo, algúns chegaron ata a Serra de Ronda (cf. as formas que comezan por *SEG-*) [M.L.].

Vid. tamén a entrada 246.

## 4323 Traballos sobre alcumes

**284.** CANO GONZÁLEZ, Ana María: “Sobrenombres en la parroquia de Soutopenedo (Ourense, Galicia)”, en Ana Isabel Boullón Agrelo (ed.), *Novi te ex nomine: Estudos filolóxicos ofrecidos ao Prof. Dr. Dieter Kremer*, [A Coruña], Fundación Pedro Barrié de la Maza, [2004]:225-243 (= Biblioteca *Filolóxica Galega / Instituto da Lingua Galega*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

Estudo dos sobrenomes existentes na parroquia de Soutopenedo (San Cibrao das Viñas, OU). Inclúese unha relación ordenada alfabeticamente dos sobrenomes rexistrados. En cada entrada indícase o lugar en que se recolleu, se se trata dun sobrenome individual, familiar ou herdado, a súa orixe e o étimo. Conclúese: 1) que maioritariamente son sobrenomes delexicais; 2) que presentan unhas características sintácticas máis ou menos parellas respondendo a maioría aos esquemas *artigo + sobrenome* ou *artigo + nome propio + sobrenome*; 3) que a variación xenérica se produce basicamente nos familiares e nos herdados; 4) que se pode ter máis dun sobrenome (un familiar e un individual); 5) que na transmisión non se seguen regras claras; 6) que a súa función é a fácil identificación das persoas.

**285.** ORO, César: “Los apodos según algunos documentos medievales gallegos”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, III, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:533-548. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2006], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_3.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_3.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 09/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. ME | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Estudo dos alcumes na época medieval, a partir dos datos tirados dun corpus de 300 documentos notariais de toda Galicia. Os alcumes son importantes porque, entre outras cousas, serven para coñecer a psicoloxía do pobo galego, en que o humor xoga un papel moi importante, e porque por medio deles se pode enriquecer o léxico con palabras que noutras parcelas non son moi frecuentes. Defínese o alcume e avalíase a súa importancia desde o mundo antigo ata o medievo. Os alcumes galegos documentados no corpus clasifícanse segundo presenten un contido explícito (por exemplo, *Loro, Passarín, Poonbo, Leona*), un contido inferible (*Coquín, Da Devesa, Gees*) e os de difícil interpretación (*Befas, Durros, Regallado, Tabaseyro*). Nun “Apéndice I. Los apodos en su contexto” (p. 542-547) recóllense cen alcumes ordenados alfabeticamente e contextualizados.

Vid. tamén as entradas 199, 291, 292.

## 4324 Outros traballos sobre antropónimos

**286.** KREMER, Dieter: “Sobre los apellidos españoles”, *RItOn*, X/1, 2004:9-32.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. P MEC

Reproducción do texto da conferencia “Antroponimia: los apellidos” pronunciada no *Curso de Onomástica y Emblemática general*, organizado en Zaragoza pola Institución «Fernando el Católico» os días 10-12 de decembro de 2001. Despois dunha breve análise dos dicionarios etimolóxicos dos apelidos españois e algunhas notas terminolóxicas, o autor ofrece un repaso xeral -baseado en exemplos concretos- dos problemas que presenta este tipo de publicacións, habitualmente destinadas a un público xeral. A segunda parte do traballo está dedicada a describir os principais aspectos dos sistemas, historia, formación e etimoloxía dos apelidos españois e iberorrománicos [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

287. PEREIRA, António: “Antroponimia e História da Língua”, *Diacrítica*, 18/1, 2004:137-154.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. M

O estudo dos antropónimos permite ter acceso a unha estrutura lingüística complexa e milenaria constituída a partir de elementos pertencentes aos substratos, adstratos e superestratos. O autor describe a complexidade desta estrutura a partir de cinco textos datados entre o séc. XII e o séc. XVI (un documento por século). Analízanse as formas antroponímicas documentadas atendendo á súa estrutura, etimoloxía e mantemento na actualidade [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

Vid. tamén as entradas 266, 618-2, 650, 746.

## 4325 Repertorios de antropónimos

288. FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, Manuel [trans.]: *TORONIUM: Aproximación a la historia de una tierra medieval*, Santiago de Compostela, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, Instituto de Estudios Gallegos «Padre Sarmiento» / Xunta de Galicia, 2004, 277 p. (= *Cuadernos de Estudios Gallegos. Anexo*; XXXI).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. PME | 5. INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Estudo histórico da comarca de *Toroño* (< *TURONIUM*) na Idade Media. No “Apéndice” inclúese a transcripción de documentos notariais de interese para o estudo, entre eles cinco redactados en galego entre 1253-1389. Inclúese tamén un “Índice onomástico” (p. 243-260) e un “Índice toponímico” (p. 261-277).

Vid. tamén as entradas 210, 273, 274, 615, 616, 617-2, 629.

## 433 Onomástica literaria

289. LÓPEZ VARELA, Elisardo: “Antropónimos galegos na obra poética de Curros Enríquez”, en Xesús Alonso Montero, Henrique Monteagudo e Begoña Tajes Marcote (eds.), *Actas do I Congreso Internacional «Curros Enríquez e o seu tempo» (Celanova, 13-15 de setembro do 2001)*, I, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2004]:283-309 (= *Colección Base*). | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2004], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/curros\\_tomo\\_I.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/curros_tomo_I.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 10/12/2004].



1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Estudo dos antropónimos empregados por Manuel Curros Enríquez na súa obra poética. En xeral, trátase de antropónimos referidos a persoeiros da cultura galega (escritores, políticos, etc.) a través dos cales se pode “observar un claro posicionamento ideolóxico do autor a favor das ideas defensoras da nosa identidade” (p. 248). Desde o punto de vista formal, emprega os plurais dos antropónimos con función enfática e non utiliza o artigo ante o nome, posiblemente porque o considerase un vulgarismo, tal e como acontece no castelán.

**290.** NOGUEIRA PEREIRA, María Xesús: “Achegamento á onomástica na narrativa galega de Álvaro Cunqueiro”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, III, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:637-649. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2006], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_3.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_3.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 09/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Reflexión sobre algúns aspectos do labor desenvolvido por Álvaro Cunqueiro (1911-1981) na elaboración do riquísimo repertorio de nomes de persoa (reais ou inventados por el) que se acha na súa obra narrativa galega e que amosa a grande importancia que o escritor mindoniense lle outorgou a esta dimensión da creación literaria. O estudo baséase na construción previa dunha base de datos en que a autora recolleu os cerca de mil antropónimos que aparecen no corpus, xunto con diversos elementos de información sobre os mesmos (a lingua en que supostamente se expresa o antropónimo, as características das fórmulas, os datos sobre os personaxes a que corresponden, o discurso metaonomástico, etc.). Nos relatos curtos Cunqueiro “recorre habitualmente a un sistema antropónimo galego, a non ser naqueles casos nos que se pretende marcar, por determinadas circunstancias, algún trazo do personaxe. Por outra banda, nestas obras desenvólvese un discurso metaonomástico particular” (p. 639); neles é frecuente a fórmula constituída por un nome propio seguido dun sintagma preposicional con información relativa á toponimia (*Coxo de Entrebo, Lamego de Mouriz*) ou á familia (*Jovita de Andrés, Manuel do Areiro*); tamén é frecuente a fórmula constituída por substantivo + adxectivo que expresa idade ou condición (*Puga Vello, Pedro Bravo*). Nos relatos longos “[o] inventario de nomes [...] ten un carácter moito máis heteroxéneo, ó depender directamente dos eixes temáticos das distintas obras” (ibid.); ademais, “nestas obras hai un maior predominio de antropónimos alleos ó noso sistema onomástico, integrados por veces mediante curiosos procedementos” (ibid.) que a autora trata de identificar (sen pretender unha clasificación exhaustiva) co obxectivo de determinar “as verdadeiras dimensións da creatividade do escritor de Mondoñedo no seu traballo lingüístico” (p. 641).

**291.** PALACIO SÁNCHEZ, Antón: “Os sobrenomes como materia literaria en Cunqueiro”, en Ana Isabel Boullón Agrelo (ed.), *Novi te ex nomine: Estudos filolóxicos ofrecidos ao Prof. Dr. Dieter Kremer*, [A Coruña], Fundación Pedro Barrié de la Maza, [2004]:519-540 (= *Biblioteca Filolóxica Galega / Instituto da Lingua Galega*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Estudo dos sobrenomes empregados por Álvaro Cunqueiro (1911-1981) na súa produción literaria. Saliéntase o interese do autor mindoniense pola etimoloxía, xa que constantemente se detén a expli-



car a historia dos sobrenomes que reciben os personaxes, sexan estes históricos ou literarios. Segundo o autor do artigo, a partir da análise dos sobrenomes é posible averiguar as fontes de Cunqueiro e, ademais, queda patente como a onomástica é “un dos piares sobre o que se constrúe o característico humor cunqueiriano” (p. 539).

## 434 Socio-onomástica

**292.** HAFNER, Ute: *Namengebung und Namenverhalten im Spanien der 70er Jahre*, Tübingen, Max Niemeyer, 2004, VII + 260 p. (= *Patronymica Romanica*; 21).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Examina os nomes de pía elixidos polas familias españolas para os seus fillos na década 1970, tratando de determinar se o cambio político que experimentou o país tivo algunha influencia nas escollas. Céntrase, sobre todo, nos nomes compostos con *María* (entre outros moitos, por exemplo, a combinación *María Cristal* recollida en Galicia). Tamén analiza os diminutivos dalgúns nomes e os alcumes. Os datos utilizados proveñen de case toda España, incluída Galicia [M.L.].

RECS.: Pierre-Henri Billy, *NRO*, 43-44, 2004:282-284 | Gudrun Pradier, *RJb*, 55, 2004:401-403.

**293.** LEMA SUÁREZ, Xosé María: “A onomástica dos fidalgos de Berdoias, na Terra de Soneira (séculos XVII e XVIII)”, en Rosario Álvarez e Antón Santamarina (eds.), *(Dis)cursos da escrita: Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza*, [A Coruña], Fundación Pedro Barrié de la Maza, [2004]:429-448, 3 mapas (= *Biblioteca Filolóxica Galega / Instituto da Lingua Galega*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. E

Estudo socio-onomástico da familia dos Lema de Berdoias (concello de Vimianzo, CO) que abrangue os sécs. XVII-XVIII. Nas conclusións sinalase o feito de que a perpetuación do nome na familia só se produce a partir de finais do séc. XVII en casos como *Alonso, Sancho, Martiño / Martín, María Quiteria, José e Josefa*. Os intentos máis innovadores teñen lugar en 1749-1761 cando se bautizan persoas con dous, tres ou catro nomes, o cal favorece a introdución de nomes máis novidosos ou especiais como é o caso de *Juan Nepomuceno Bernardo*.

**294.** LEMA SUÁREZ, Xosé María: “Nomes de persoa de Berdoias (A Coruña), de 1761 a 1860”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, III, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:483-522. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2006], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_3.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_3.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 09/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. E

Estuda os usos antroponímicos da parroquia de Berdoias (Vimianzo, CO) entre as datas sinaladas no título, en comparación cos dos séculos precedentes. No que respecta aos nomes de homes, percíbese un descenso na variedade con respecto ao período anterior (65 fronte a 87). O nome máis frecuente

é *José* (no período anterior era *Juan*), explicable polo “aumento da devoción a este santo” (p. 486); a seguir encóntrase *Manuel*, “nome en alza desde finais do séc. XVIII” (p. 487), logo *Andrés*, *Juan*, *Francisco*, *Domingo* e *Pedro* (que descende con respecto ao período anterior dun 7.3% a un 4%), seguidos doutros cunha porcentaxe moito máis baixa. En canto aos nomes femininos, os máis frecuentes son *María* (igual que no período anterior), *Josefa* (relacionado co ascenso de *José*) e *Manuela* (que pasou do lugar 24 no período anterior ao terceiro), seguidos de *Andrea*, *Juana*, *Benita*, *Francisca*, *Rosa*, *Dominga* e *Vizenta* (este último, xunto con *Rosa* e *Benita*, experimenta un forte impulso neste período). Faise unha análise comparativa dos usos nos sécs. XVII, XVIII e XIX e ofrécese unha relación dos nomes menos habituais ou exóticos, como *Cornelio* ou *Escolástica*. En canto aos nomes compostos, aumentan no período estudado no traballo, sendo as combinacións máis frecuentes con *José*, *Andrés*, *Manuel*, *Juan* e *Pablo* no caso dos homes, mentres que nas mulleres destaca sobremaneira *María*, seguida de lonxe por *Josefa* e *Andrea*. En canto á procedencia do nome, prevalece maioritariamente o do padriño ou madiña, mentres que o dos pais é anecdótico. Analízanse tamén as diferenzas entre os nomes segundo a clase social. Finalmente sinálase o feito da castellanización xa consumada nesta época. Inclúese un “Apéndice Documental” (p. 516-522).

295. MÉNDEZ FERNÁNDEZ, LUZ: “A onomástica persoal en Galicia. Ano 2001”, en Rosario Álvarez e Antón Santamarina (eds.), *(Dis)cursos da escrita: Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza*, [A Coruña], Fundación Pedro Barrié de la Maza, [2004]:541-552 (= *Biblioteca Filolóxica Galega / Instituto da Lingua Galega*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Análise onomástica de Galicia a partir dos datos tirados dos socios do progama da TVG *Xabarin*, todos nados a partir de 1979. Estes datos evidencian o aumento dos nomes tradicionais nos últimos anos se se comparan cos de 1980, achegados no artigo “Personal Names in Galicia as a Sign of Cultural Identification: Historical Scope and Current Situation” (1999, vid. *BILEGA* 9920) de Ana Isabel Boullón Agrelo e Fernando R. Tato Plaza. Tamén destaca o aumento de nomes exclusivamente galegos ou na súa forma galega (*Iago*, *Brais*, *Iria*, *Xoán* ou *Xosé*). Ao final inclúense táboas referidas á evolución histórica dos dez nomes máis frecuentes en Galicia, dos nomes rexistrados en Madrid entre 1988 e 1993 e en Cataluña en 1999.

Vid. tamén as entradas 284, 285.

## ► 5 DIALECTOLOXÍA E SOCIOLINGÜÍSTICA

### 51 Dialectoloxía: Traballos xerais

296. FERNÁNDEZ REI, Francisco: “Dialectoloxía”, en *Gran Enciclopedia Galega - Silverio Cañada*, XIII (CRUZ-DIAR), Lugo, El Progreso / Diario de Pontevedra, [2004]:243-250, 7 mapas.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Despois dunha mínima contextualización histórica inicial da lingua galega, ofrece unha síntese bastante completa e clara dos actuais coñecementos sobre as variedades dialectais e sociais do galego moderno. Describe, en primeiro lugar, os fenómenos en que se fundamenta a diferenciación das variedades xeográficas; presenta logo os bloques e áreas lingüísticas do galego moderno; e, por último, caracteriza as variedades sociais.

Vid. tamén a entrada 20.

### 511 Áreas dialectais do galego

297. ALONSO NÚÑEZ, Aquilino Santiago: “Contribución ó estudio da fronteira entre os bloques oriental e central no sueste da provincia de Ourense”, en Rosario Álvarez, Francisco Dubert García e Xulio Sousa Fernández (eds.), *Dialectoloxía e léxico*, Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua, 2002:223-244, 27 mapas (= *Colección Base*). | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua, [2004], <<http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/dialectoloxia.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 22/12/2004].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA

Relatorio presentado no *Simposio Dialectoloxía e Léxico*, celebrado en Santiago de Compostela durante a primavera de 2001. Centrándose no territorio do sueste da provincia de Ourense que separa, no norte, o actual concello de Vilariño de Conso dos de Laza e Castro de Val e, no sur, o de Riós do da Gudiña, perségúense os seguintes obxectivos: 1) trazar con máis precisión a fronteira entre o galego oriental e o central; 2) identificar outros elementos morfolóxicos e fonéticos que diferencien o bloque oriental do central; 3) investigar se hai isoglosas léxicas que caractericen as falas do bloque oriental fronte ás do central; 4) relacionar a marxe lingüística, previamente trazada entre os dous bloques, con causas históricas ou factores xeográficos.

**RECS.:** Antón Santamarina, *Grial*, XLI/158, 2003:123-124 | Serafín Alonso Pintos, *Cadernos de Lingua*, 25, 2003:143-144 [143] | José Enrique Gargallo Gil, *Estudis Romànics*, XXVI, 2004:298-301 [300] | Francisco Gago-Jover, *RPh*, 57, Spring 2004:403-407 [405].

298. DUBERT GARCÍA, Francisco / SOUSA FERNÁNDEZ, Xulio: “Áreas lexicais galegas e portuguesas. A proposta de Cintra aplicada ó galego”, en Rosario Álvarez, Francisco Dubert García e Xulio

Sousa Fernández (eds.), *Dialectoloxía e léxico*, Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua, 2002:193-222, 16 mapas (= *Colección Base*). | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua], [2004], <<http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/dialectoloxia.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 22/12/2004]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2002], <<http://web.usc.es/~fgxsousa/pdf/areaslexicais.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 17/07/2004].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA

Relatorio presentado no *Simposio Dialectoloxía e Léxico*, celebrado en Santiago de Compostela durante a primavera de 2001. En primeiro lugar, preténdese comprobar se o estudo da distribución das denominacións dos oito conceptos escollidos por Luís F. Lindley Cintra en “Áreas lexicais no territorio português” (1961, vid. *BILEGA* 9892) para establecer as áreas dialectais do portugués continental («ordenhar», «ubre», «soro», «fémea esteril», «cria de ovelha», «cria de cabra», «queijo» e «maçaroca») permite recoñecer áreas lexicais dentro do dominio galego. En segundo lugar, búscase comprobar se as falas galegas manteñen continuidade coa área que Cintra localiza no norte de Portugal. Para acometer o estudo e realizar os mapas, empregáronse fundamentalmente os materiais inéditos do ALGa. Conclúese que as denominacións dos conceptos utilizados non permiten, no caso do galego, establecer ningún tipo de área lexical, fóra de que a zona nororiental se amosa sempre máis diferenciada e que, malia verificarse unha continuidade entre as formas rexistradas aquí e alén Miño, as falas galegas non crean áreas léxicas xunto coas portuguesas que as opoñan, en bloque, ás falas do centro da Península Ibérica.

**RECS.:** Antón Santamarina, *Grial*, XLI/158, 2003:123-124 | Serafín Alonso Pintos, *Cadernos de Lingua*, 25, 2003:143-144 [143] | José Enrique Gargallo Gil, *Estudis Romànics*, XXVI, 2004:298-301 [300] | Francisco Gago-Jover, *RPh*, 57, Spring 2004:403-407 [405].

**299.** DUBERT GARCÍA, Francisco: “Variedades xeolingüísticas e cultivo da lingua: crítica dunha hipótese sobre as orixes da fragmentación diatópica do galego”, en Rosario Álvarez e Antón Santamarina (eds.), *(Dis)curso da escrita: Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza*, [A Coruña], Fundación Pedro Barrié de la Maza, [2004]:123-140 (= *Biblioteca Filolóxica Galega / Instituto da Lingua Galega*). | [Ed. en liña n.v.]: [2004], <<http://web.usc.es/~fgdubert/artigos/08Dubert.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/05/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. MEC | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA

Un dos moitos tópicos que hoxe circulan arredor da lingua galega é o de que a súa fragmentación dialectal na Idade Moderna e Contemporánea se debeu á carencia dun estándar que, de ter existido, impediría, ou polo menos dificultaría, a variación e o cambio lingüístico. O autor xulga esta hipótese excesivamente forte e trata de rebatela con sólidos argumentos. Para iso, comeza por revisar a definición dos conceptos de *lingua*, *dialecto*, *área lingüística* e das relacións entre *lingua histórica* e *lingua estándar*. Logo reflexiona sobre como son sentidos os cambios, a variación lingüística e as formas diverxentes do estándar na tradición das elites culturais galegas. Por último, presenta máis demoradamente a hipótese obxecto de crítica e trata de achegar argumentos para rebatela, valéndose, sobre todo, da observación do que lles aconteceu ás linguas que si coñeceron o cultivo literario e político. Conclúe -moi acertadamente- que “a ausencia de estándar e de cultivo literario non determinan, nin impelen nin promoven a variación nin o cambio; e a presenza de estándar e cultivo literario non eliminan nin a variación nin o cambio (máis ben, a difusión do estándar prodúcese a través de fenómenos

de variación e cambio). Variación e cambio son procesos naturais das linguas"; en consecuencia, "se o galego tivese cultivo durante a Idade Moderna e todo ó longo da Idade Contemporánea, hoxe seguiría mantendo no seu seo formas de variación social e xeográfica" (p. 138).

**300.** SALVADOR PLANS, Antonio: "Notas sobre la diversidad dialectal de Extremadura", en Ramón Almela Pérez, Dolores Anunciación Igualada Belchí, José María Jiménez Cano (coords.), *Homenaje al profesor Estanislao Ramón Trives*, Murcia, Universidad de Murcia, 2004:719-743, 4 mapas.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. CASTELÁN | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA (FALAS GALEGAS DE ESTREMADURA)

Panorámica das áreas dialectais da rexión estremeña, entre as que se recoñece a das falas do val de Xalma, que "no pueden ser interpretadas como hablas fronterizas ni como hablas de transición, pese a que se haya empleado esta definición, y que responden en su origen a un proceso de repoblación gallega en la Transierra leonesa. Puede afirmarse que el habla de las tres localidades del valle (San Martín de Trevejo, Eljas y Valverde) procede en principio de un gallego medieval, con influjos posteriores del leonés, de los dialectos portugueses circundantes y del español meridional" (p. 735). Ademais, considera que, fronte a outras variedades dialectais estremeñas, a do val de Xalma constitúe "una modalidad dialectal viva, presenta en la mayoría de los vecinos de la localidad, cuyo bilingüismo queda fuera de toda duda" (ibid.). Tamén deixa constancia das discrepancias aínda existentes entre os especialistas verbo da orixe, a evolución histórica e a situación actual desta modalidade.

Vid. tamén as entradas 156, 308.

## 5111 Recoleccións de textos orais

**301.** FERNÁNDEZ REI, Francisco: "O *Arquivo do Galego Oral* do Instituto da Lingua Galega", en Cristina Pujales (coord.), *Actas [do] I, II e III Encontros «O Son da Memoria»*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Arquivo Sonoro de Galicia, [2004]:63-79 (= *Colección Base*). | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2005], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/son\\_memoria.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/son_memoria.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/01/2006].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

Relatorio presentado no *Encontro «O Son da Memoria»: O patrimonio oral e a música popular*, celebrado en Santiago de Compostela o 5 e 6 de marzo de 1999. Descríbese o estado en que se encontra o *Arquivo do Galego Oral* do ILG, organizado en cinco subarquivos: 1) Etnotextos do ALGa, constituído por gravacións realizadas entre 1974-1977 e algunhas entre 1979-1983; todo este material está transcrito, informatizado e concordado e estase a elaborar un glosario para editar conxuntamente coas transcripcións; 2) Etnotextos da década de 1980, con gravacións realizadas entre 1979-1991 en preto de 800 lugares; a maior parte delas están transcritas e fichado o léxico para consulta manual; 3) Etnotextos da década de 1990, constituído por textos producidos por 4.434 informantes de distintas xeracións residentes en 271 concellos; deste material só está transcrito un tercio, aproximadamente; 4) Materiais do *Cancioneiro galego de tradición oral* (A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1982) de Dorothé Shubarth e Antón Santamarina, constituídos por unhas 350 horas de gravacións feitas en 88 conce-

llos; 5) Subarquivo de textos nun rexistro formal creado no período 1996-1998, que reúne gravacións de conferencias sobre temas diversos, así como programas de radio e televisión; 6) Arquivo oral das linguas minoritarias, que inclúe gravacións feitas por Europa sobre a situación de linguas minoritarias, con textos en occitano, aragonés, sardo, catalán, friulano, etc.

**302.** FERNÁNDEZ REI, FRANCISCO (ed.) / HERMIDA GULÍAS, Carme (ed.) / PARGA VALIÑA, Miruca (colab.) / CANOSA RODRÍGUEZ, Afonso Xabier (colab.): *A nosa fala: Bloques e áreas lingüísticas do galego*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Arquivo Sonoro de Galicia, [1996], 150 p., 4 mapas + 3 cassettes (= *A nosa fala*; 1). | 2ª ed., [2003], 150 p., 4 mapas + 3 CD-ROM. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2004], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/nosa\\_fala.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/nosa_fala.pdf)>, [Formato: PDF>, [Consulta: 13/07/2004].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA

Interesante colección de materiais dialectais constituída por 43 textos orais procedentes de gravacións que forman parte do *Arquivo do Galego Oral* do ILG. Son textos representativos das tres áreas dialectais do galego que se ofrecen aquí na versión sonora orixinal e transcritos. Do bloque occidental inclúense quince dos seguintes lugares: Soutullo (Erbecedo, Coristanco, CO), Camelle (Camelle, Camariñas, CO), Manda (Coiro, Mazaricos, CO), Roo (Santa María de Roo, Noia, CO), Ameneiro (Calo, Teo, CO), O Outeiro (Carreira, Ribeira, CO), Friamonde (Calobre, A Estrada, PO), Fefiñáns (Santa Mariña de Cambados, Cambados, PO), Quireza (Quireza, Cerdedo, PO), Loira (Seixo, Marín, PO), O Hío (O Hío, Cangas, PO), Lougares (Lougares, Mondariz, PO), Abelán (Fornelos, Salvaterra de Miño, PO), A Calle (Goián, Tomiño, PO), Fornelos (O Rosal, O Rosal, PO). O bloque central está representado con dezanove, pertencentes aos seguintes lugares: Chímparra (Cervo, Cedeira, CO), San Cibrao (Lieiro, Cervo, LU), Vilamar (Cabarcos, Barreiros, LU), O Xuncal (Corbelle, Vilalba, LU), Viladonga (Viladonga, Castro de Rei, LU), Deixebre (Deixebre, Oroso, CO), Santa Comba (Santa Comba, Lugo, LU), Melide (Melide, Melide, CO), Ouselle (Ouselle, Becerreá, LU), Lamas (Pardeso, Forcarei, PO), Líncora (Líncora, Chantada, LU), Barantes (Barantes, Sober, LU), Celeiros (Celeiros, Chandrexa de Queixa, OU), Lamela (Couciero, Baños de Molgas, OU), Os Pinos (Vilameá, Ramirás, OU), Allariz (Allariz, Allariz, OU), Servoi (Servoi, Castrelo do Val, OU), Vilardevós (Vilardevós, Vilardevós, OU), Torneiros (Riocaldo, Lovios, OU). Ao bloque oriental pertencen nove textos dos seguintes lugares: Porzún (Piantón, A Veiga, AS), Fonfría (Fonfría, A Fonsagrada, LU), Pereda de Ancares (Candín, A Lagoa (Lamas, Triacastela, LU), A Barosa (Carucedo), Lubián (Lubián, ZA), Castromil (Castromil, A Mezquita, OU), Hermisende (Hermisende, ZA), San Ciprián (Hermisende, ZA). A edición en liña ofrece unicamente a transcripción dos textos.

RECS.: Manuel González González, *Cadernos de Lingua*, 14, 1996:131-133 | Serafin Alonso Pintos, *Grial*, XXXV/133, 1997:120-122 | Isabel García Piqueras, *Madrygal*, 1, 1998:160-161. [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2005], <<http://www.ucm.es/BUCM/revistas/fl/11389664/articulos/MADR9898110160B.PDF>>, [Formato: PDF], [Consulta: 30/03/2006].

**303.** LORENZO FERNÁNDEZ, Xoaquín: *Cantigueiro popular da Limia Baixa*, [Patrocinado pola Fundación Penzol, Vigo, Galaxia, 1973, 296 p. | [Nova ed.]: [Ourense], Deputación Provincial de Ourense / [Santiago de Compostela], Museo do Pobo Galego, [2004], 227 p. + 1 CD-ROM (= *Raigame*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA (GALEGO CENTRAL, GALEGO OCCIDENTAL)

Constitúe a máis importante contribución deste etnógrafo ao estudo do cancionero popular e tradicional de transmisión oral. Recolle 2.586 composicións, seguidas dun extenso apdo. de notas explicativas que inclúen preto de 700 pezas máis (variantes galegas e correspondencias portuguesas e españolas). Inclúe un índice toponímico (p. 287-296) cos nomes de lugar desta zona ourensá que pon en relación con outros galegos e non galegos. Na introdución o autor manifesta que se respectan as variantes lingüísticas por fidelidade aos informantes ou compiladores, con predominio das variedades dialectais da zona.

RECS.: Xesús Taboada Chivite, *Grial*, XII/43, 1974:111-113.

**304.** SACO Y ARCE, Juan Antonio: “Literatura popular de Galicia (Colección de coplas, villancicos, diálogos, romances, cuentos y refranes gallegos) [1881]”, *BCPMHAOr*, IV/76, 1910:104-115; IV/77, 1910:131-139; IV/78, 1911:17-26; IV/79, 1911:46-50; IV/80, 1911:62-66; IV/82, 1912:121-122; IV/83, 1912:148-152; IV/84, 1912:173-174; IV/86, 1912:222-223; IV/87, 1912:245-246; IV/88, 1913:266-268; IV/89, 1913:293-295; IV/90, 1913:315-318; IV/91, 1913:342-344; IV/92, 1913:363-366; V/95, 1914:29-31; V/96, 1914:38-40; V/98, 1914:60-64; V/101, 1914:96; VI/124, 1919:86-88; VI/125, 1919:102-104; VI/130, 1920:181-182; VI/131, 1920:197-200; VI/134, 1920:243-247; VI/138, 1921:309-312; VI/139, 1921:326-328; VI/141, 1921:361-363; VI/143, 1922:410-412; VI/144, 1922:432-435; VI/145, 1922:456-460; VI/146, 1922:479-483; VII/158, 1924:222-224. | [Nova ed. aum.]: Juan Antonio SACO Y ARCE / Juan Luis SACO CID (ed.): *Literatura popular de Galicia (Colección de coplas, villancicos, diálogos, romances, cuentos y refranes gallegos): Edición e estudio preliminar*, Ourense, Diputación Provincial, 1987, 397 p.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

O manuscrito orixinal en que aparecen recollidos estes materiais da tradición oral está datado en 1881 e na 1ª ed. por entregas só viron a luz 1.077 coplas. Na nova edición exenta o texto completo aparece reproducido nas p. 33-348 e vai precedido dun estudo sobre a vida e a obra do autor, así como dunha análise das circunstancias polas que pasou o manuscrito editado. Nas p. 215-216 recóllense 18 adiviñas e nas p. 305-348 1.050 refráns. A edición complétase cun “Índice de palabras” (p. 349-397), tiradas dos textos.

**305.** SOTO ANDIÓN, Xosé: “Problemas relativos ós procesos de recollida e transcripción de mostrás orais”, *Cadernos de Lingua*, 26, 2004:109-126.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA

Analízanse os problemas que xorden na tarefa de recolla e transcripción de mostrás orais, máis complexa cando nos achamos ante unha lingua como o galego, minorizada e cunha forte presión do castelán. O autor trata os problemas referidos á selección e localización de informantes, ao xeito de levar a cabo a entrevista, á organización e selección das mostrás, á súa transcripción, etc. [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

**306.** VÁZQUEZ-MONXARDÍN FERNÁNDEZ, Afonso: “Arquivo Sonoro: Para que as palabras non as leve o vento”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago*



de Compostela, 16-20 de setembro de 1996), II, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:685-698. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_2.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

Describe a constitución do Arquivo Sonoro de Galicia a principios da década de 1990 e que presenta tres liñas de traballo: 1) inventariar e recoller o material espallado; 2) recoller as gravacións da cultura popular e a tradición oral; 3) recoller rexistros cultos. Ofrécese unha relación das actividades desenvolvidas nestes anos e dos proxectos para o futuro.

## 512 As fronteiras do galego

**307.** FRÍAS CONDE, Xavier: “O relativo do *continuum* entre galego e asturiano en Asturias”, [Ed. en liña n.v.]: *Ianua*, 5, 2004-05:93-106, 2 mapas, <[http://www.romaniaminor.net/ianua/ianua05/ianua05\\_07.pdf](http://www.romaniaminor.net/ianua/ianua05/ianua05_07.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 30/09/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA (FALAS GALEGAS DE ASTURIAS)

Na Romanística tradicional, a fronteira entre galego e asturiano quedou establecida con bastante nitidez, xa desde as investigacións de Dámaso Alonso sobre o galego de Asturias. Foi este ilustre filólogo o que acuñou a denominación de *galego-asturiano* para esta variedade que el identificou sempre como galega; porén, o autor do traballo considera “infeliz” este nome, porque “trouxo e trae problemas respecto da identidade do idioma” (p. 93), e prefire o de *eonaviego*. Por iso este artigo “pretende insistir sobre a galegitude lingüística do eonaviego con argumentos claramente lingüísticos, atendendo mesmo a fenómenos que existen noutras áreas galego-portuguesas como o Brasil, co gallo de desmontar teorías falsamente lingüísticas que pretenden cualificar o eonaviego de falar híbrido” (ibid.) [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

**308.** POUSA ORTEGA, Helena: “Léxico fronteirizo no Baixo Miño. A pesca con barco”, en Rosario Álvarez, Francisco Dubert García e Xulio Sousa Fernández (eds.), *Dialectoloxía e léxico*, Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua, 2002:245-278, 2 il., 1 mapa (= *Colección Base*). | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua, [2004], <<http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/dialectoloxia.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 22/12/2004].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA (GALEGO OCCIDENTAL)

Relatorio presentado no *Simposio Dialectoloxía e Léxico*, celebrado en Santiago de Compostela durante a primavera de 2001. Refléctense algunhas converxencias léxicas do galego oral dunha área lingüística que abrangue doce puntos de varios concellos galegos e portugueses situados ao longo da fronteira política, desde Tui - Valença do Minho ata O Rosal - Seixas. Seleccionouse como obxecto de estudo o campo asociativo da pesca con rede no Miño (artes de pesca, mareas, partes do barco, peixes, etc.) para o que se inclúen táboas comparativas coas formas rexistradas nos puntos enquisados.



**RECS.:** Antón Santamarina, *Grial*, XLI/158, 2003:123-124 | Serafín Alonso Pintos, *Cadernos de Lingua*, 25, 2003:143-144 [143] | José Enrique Gargallo Gil, *Estudis Romànics*, XXVI, 2004:298-301 [300] | Francisco Gago-Jover, *RPh*, 57, Spring 2004:403-407 [405-406].

Vid. tamén as entradas 28, 156, 298, 311, 319, 323, 405.

## 513 Traballos xerais sobre fenómenos dialectais

**309.** ÁLVAREZ BLANCO, Rosario: “Oficios públicos e labores domésticos: os teceláns e as tecedeiras”, en Ana Isabel Boullón Agrelo (ed.), *Novi te ex nomine: Estudos filolóxicos ofrecidos ao Prof. Dr. Dieter Kremer*, [A Coruña], Fundación Pedro Barrié de la Maza, [2004]:41-58, 1 mapa (= *Biblioteca Filolóxica Galega / Instituto da Lingua Galega*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. P MEC | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA: INF. DIATÓPICA  
A distinción entre *teceláns* e *tecedeiras* permite analizar as distintas denominacións que reciben as mulleres que tecen no territorio lingüístico galego. Na actualidade distínguense tres áreas: 1) *Tecedeira*, que ocupa a metade sur de Galicia, é unha voz formada a partir do verbo *tecer* + o sufixo *-deira*; esta forma está pouco documentada na época medieval e o emprego do sufixo *ten* en galego “un marcado carácter dialectal, que podemos definir como auriense” mais só para o feminino, xa que a forma maioritaria masculina era *tecelán*; 2) *Tecedora*, que ocupa toda a fronteira oriental e deriva do verbo *tecer* + o sufixo *-dor*; antigamente presentaba sincretismo xenérico e só a partir do séc. XIV comezou a empregarse a oposición xenérica por medio de *-dor / -dora*; 3) A forma *tecelana*, tipicamente coruñesa, é tardía e créase “a partir de *tecelán* [...] polo procedemento regular de engadir un /a/” (p. 55); esta forma rexístrase en documentos da actual zona de *tecedeira* e semella que o emprego dunha ou outra indicaría se se trataba dunha ocupación doméstica ou dunha actividade profesional. A distribución actual das tres formas débese, segundo a estudosa, ao “cruzamento de procesos lingüísticos de distinto tipo” (p. 56), como a variación diatópica *-dor(a) / -deira*, o cambio morfolóxico dos substantivos femininos atemáticos en *-dor* ou a necesidade de distinguir entre masculino e feminino.

**310.** BOULLÓN AGRELO, Ana Isabel: “Onomástica e dialectoloxía: A propósito de *raposo* e *golpe*”, en Rosario Álvarez, Francisco Dubert García e Xulio Sousa Fernández (eds.), *Dialectoloxía e léxico*, Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua, 2002:115-136, 3 mapas (= *Colección Base*). | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua, [2004], <<http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/dialectoloxia.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 22/12/2004].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. MC | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA: INF. DIATÓPICA  
Relatorio presentado no *Simposio Dialectoloxía e Léxico*, celebrado en Santiago de Compostela durante a primavera de 2001. Para exemplificar as distintas posibilidades de aproveitamento histórico do material dialectal e onomástico escóllense os ítems léxicos *golpe / raposo*, que designan o mesmo animal e que representan un caso de cambio lingüístico, pois a forma *golpe* (*golpello / gorpella* desapareceron totalmente) está en claro retroceso fronte á máis innovadora *raposo*. Primeiramente foron

formas do léxico común, logo usáronse como sobrenomes que máis tarde se converteron en apelidos, e que deixaron tamén diversos descendentes derivativos na toponimia. Examínase e compárase a cartografía dos resultados do léxico vivo (a partir dos datos do ALGa), dos resultados toponímicos e dos antroponímicos, desde a Idade Media ata a actualidade. A partir destes datos, inténtase establecer a área orixinal das formas hoxe perdidas (*golpello / golpella*) ou en transo de perderse (*golpe*), e mais a vía de penetración en Galicia da forma innovadora (*raposo*).

**RECS.:** Antón Santamarina, *Grial*, XLI/158, 2003:123-124 | Serafín Alonso Pintos, *Cadernos de Lingua*, 25, 2003:143-144 [143] | José Enrique Gargallo Gil, *Estudis Romànics*, XXVI, 2004:298-301 [299] | Francisco Gago-Jover, *RPh*, 57, Spring 2004:403-407 [404].

**311.** FERNÁNDEZ REI, Francisco: “Do Ortegal ó Douro e de Fisterra ó Navia e ó Padornelo. Notas sobre léxico moderno da Gallaecia e do seu litoral”, en Rosario Álvarez, Francisco Duibert García e Xulio Sousa Fernández (eds.), *Dialectoloxía e léxico*, Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua, 2002:147-192, 14 mapas (= *Colección Base*). | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua, [2004], <<http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/dialectoloxia.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 22/12/2004].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. MC | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA

Relatorio presentado no *Símpoio Dialectoloxía e Léxico*, celebrado en Santiago de Compostela durante a primavera de 2001. Logo de establecer algúns trazos de continuidade/descontinuidade léxica entre varias linguas románicas (galego, romanés, catalán, occitano, francés, italiano, friulano, sardo, etc.), examínase pormenorizadamente a cartografía lingüística dalgúns conceptos (auga, aceiro, espido, aguillón, coitelo, luns, mércores, xoves, venres, estacións do ano, piarda, gradicela, ventos) para ver de establecer áreas lexicais dentro do dominio galego e se as falas galegas manteñen continuidade coa área que Luís F. Lindley Cintra localizou no norte de Portugal. Conclúese, primeiramente, que as denominacións dos conceptos seleccionados non permiten, no caso do galego, establecer ningún tipo de área lexical, fóra de que a zona nororiental se mostra sempre máis diferenciada. En segundo lugar, a pesar de que se verifica unha continuidade entre as formas rexistradas aquí e alén Miño, as falas galegas non crean áreas léxicas xunto coas portuguesas que as opoñan, en bloque, ás falas do centro da Península Ibérica. Para a realización do traballo utilizáronse os datos do ALGa.

**RECS.:** Antón Santamarina, *Grial*, XLI/158, 2003:123-124 | Serafín Alonso Pintos, *Cadernos de Lingua*, 25, 2003:143-144 [143] | José Enrique Gargallo Gil, *Estudis Romànics*, XXVI, 2004: 298-301 [299-300] | Francisco Gago-Jover, *RPh*, 57, Spring 2004:403-407 [405].

**312.** FERNÁNDEZ REI, Francisco: “Gheada e seseo no galego coloquial e no galego estándar dos anos 90. Notas sobre a súa presenza nos media e nos textos musicais”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:307-336. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_2.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO COLOQUIAL), LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

O autor estuda a presenza destes dous fenómenos dialectais na literatura, nos medios de comunicación e, principalmente, na música da década de 1990. Tras unha breve descrición da vitalidade do seseo e da gheada no galego coloquial e no galego estándar, pasa a analizar a súa aparición nos tres ámbitos referidos, concluíndo o seguinte: 1) na literatura “os autores tratan de reflectir dalgún xeito a oralidade dalgunhas zonas usando os dous fenómenos” (p. 311); 2) nos medios de comunicación aparecen minimamente e só nos medios audiovisuais se poden escoitar en boca dos entrevistados; 3) na música, que constitúe o tema central do artigo, o autor distingue a música pop e rock e a música folk e tradicional. No primeiro tipo a gheada realízase como “fricativa velar, mesmo moitas veces no grupo -nc-” (p. 321), mentres que a música folk e tradicional rexistra gheada e seseo mesmo nos castelanismos e a realización “xeral da gheada é [h] tanto nas formas galegas coma nos castelanismos e pezas en castelán” (p. 327).

**313.** GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel: “A dialectoloxía ó servicio do estudio da estratigrafía do léxico”, en Rosario Álvarez, Francisco Dubert García e Xulio Sousa Fernández (eds.), *Dialectoloxía e léxico*, Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua, 2002:29-40, 7 mapas (= *Colección Base*). | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua, [2004], <<http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/dialectoloxia.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 22/12/2004].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA

Relatorio presentado no *Simposio Dialectoloxía e Léxico*, celebrado en Santiago de Compostela durante a primavera de 2001. Logo de explicar a importancia da estratigrafía lingüística para os estudos dialectolóxicos actuais, analízanse desde o punto de vista estratigráfico as distintas denominacións para «luns» e «píntega» no territorio lingüístico galego.

**RECS.:** Antón Santamarina, *Grial*, XLI/158, 2003:123-124 | Serafín Alonso Pintos, *Cadernos de Lingua*, 25, 2003:143-144 [143] | José Enrique Gargallo Gil, *Estudis Romànics*, XXVI, 2004:298-301 [299] | Francisco Gago-Jover, *RPh*, 57, Spring 2004:403-407 [403].

**314-1.** GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel: “O mallo en Galicia”, en Rosario Álvarez (coord.), *Xaquín Lorenzo, ‘Xocas’: Día das Letras Galegas 2004*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 2004:73-107, 5 mapas, il.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA

Achega ao coñecemento do léxico do mallo en Galicia, que toma como base fundamental os materiais recollidos para o *Atlas Lingüístico Galego* (ALGa) polo autor, xunto con Rosario Álvarez Blanco e Francisco Fernández Rei. Estes materiais permítenlle ofrecer unha detallada análise da distribución espacial das distintas formas. Tamén inclúe comentarios etimolóxicos sobre as formas recollidas.

**314-2.** GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel: “Os tipos de xugo e os seus nomes no territorio de fala galega”, *BRAG*, 365, 2004:135-169, 10 mapas, il.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA

Segundo o autor, “[o] xugo, como apeiro indispensable tanto na súa utilización co carro para todo tipo de transporte, coma con outros apeiros de labranza, é coñecido en todo o territorio de fala galega. Do xugo utilizado para xunguir dúas vacas para tirar polo carro coñécense en Galicia tres tipos diferentes, que presentan unha distribución xeográfica complementaria, se ben hai zonas de transición nas que coexisten dous ou mesmo os tres tipos. A distribución das áreas ocupadas por cada un destes tipos foi establecida por Xoaquín Lorenzo nun traballo publicado no ano 1967 [“Distribución dos xugos na Galiza” (vid. *BILEGA* 1336)], e unha das finalidades principais desta achega é precisamente a de delimitar con maior precisión estas áreas. A outra cuestión á que procuramos dar resposta ao longo destas páxinas foi a dos nomes que recibe o xugo en toda Galicia, localizando o territorio ocupado por cada unha das denominacións, e tratando de afrontar algúns dos problemas de tipo lingüístico, de carácter etimolóxico e dialectal, que estes nomes presentan” (p. 155-156). O estudo ofrece detalladas observacións fonéticas sobre a pronuncia dos nomes recollidos. Os datos lingüísticos en que se basea proceden dos cuestionarios do *Atlas Lingüístico Galego* e outras enquisas realizadas polo autor, memorias de licenciatura e teses de doutoramento sobre falas de diversos puntos do territorio galego, estudos lexicográficos e etnográficos e dicionarios.

315. GONZÁLEZ GONZÁLEZ, María / VARELA VÁZQUEZ, Begoña: “As denominacións da *chuvia miúda*: Variedades diatópicas e lingua literaria”, en Rosario Álvarez, Francisco Dubert García e Xulio Sousa Fernández (eds.), *Dialectoloxía e léxico*, Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua, 2002:329-357 (= *Colección Base*). | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua, [2004], <<http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/dialectoloxia.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 22/12/2004].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA

Relatorio presentado no *Simposio Dialectoloxía e Léxico*, celebrado en Santiago de Compostela durante a primavera de 2001. Percorrido polas distintas denominacións que recibe o orballo «chuvia miúda» no territorio galego. Para o traballo empregáronse os datos procedentes das enquisas do ALGA (concretamente, as respostas á pregunta 589 do cuestionario: *chuvia miúda e compacta, orballo*), informacións do ficheiro dialectal da lingua galega do ILG e outros materiais bibliográficos, así como o *Diccionario de dictionarios* (2000, vid. *BILEGA* 9800), algúns dicionarios doutras linguas románicas e a *Base de datos para a formación dun Diccionario da Lingua Galega Moderna* que se elabora no ILG.

**RECS.:** Antón Santamarina, *Grial*, XLI/158, 2003:123-124 | Serafín Alonso Pintos, *Cadernos de Lingua*, 25, 2003:143-144 [144] | José Enrique Gargallo Gil, *Estudis Romànics*, XXVI, 2004:298-301 [301] | Francisco Gago-Jover, *RPh*, 57, Spring 2004:403-407 [406].

316. GONZÁLEZ SEOANE, Ernesto Xosé: “Léxico dialectal e estándar literario”, en Rosario Álvarez, Francisco Dubert García e Xulio Sousa Fernández (eds.), *Dialectoloxía e léxico*, Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua, 2002:95-113, 8 mapas (= *Colección Base*). | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua, [2004], <<http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/dialectoloxia.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 22/12/2004].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

Relatorio presentado no *Simposio Dialectoloxía e Léxico*, celebrado en Santiago de Compostela durante a primavera de 2001. Móstranse as repercusións do uso literario sobre a difusión e o estatuto de palabras que en principio teñen unha escasa presenza na lingua oral espontánea e popular. Escóllense voces como *abrente, vagalume / lucecú, espreitar, arró / cómaro, xena / cabra / cabuxa, acio / cacho, píntega / sacabeira / salamántiga / sabanduxa* e *xerbrar* para contrastar a distribución xeográfica que presentan na actualidade co uso literario actual e pretérito.

**RECS.:** Antón Santamarina, *Grial*, XLI/158, 2003:123-124 | Serafín Alonso Pintos, *Cadernos de Lingua*, 25, 2003:143-144 [143] | José Enrique Gargallo Gil, *Estudis Romànics*, XXVI, 2004:298-301 [299] | Francisco Gago-Jover, *RPh*, 57, Spring 2004:403-407 [404].

**317.** LE MEN LOYER, Janick: *Léxico del leonés actual*, León, Centro de Estudios e Investigación «San Isidoro» / Caja España de Inversiones / Archivo Histórico Diocesano, 2002-05, 3 v. (I: A-B, 2002, 606 p.; II: C, 2004, 677 p.; III: D-F, 2005, 887 p.) (= *Fuentes y estudios de historia leonesa*; 93, 94, 95).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. ASTURIANO-LEONÉS | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA: INF. DIATÓPICA (FALAS GALEGAS DE LEÓN), INF. DIAFÁSICA, INF. DIASTRÁTICA

Recompilación exhaustiva, organización e sistematización crítica dos materiais léxicos da provincia de León espallados en preto de 200 traballos lexicográficos (moitos deles de difícil acceso) publicados nos últimos 150 anos ou inéditos. Obra proxectada en catro volumes, que dá a coñecer os materiais recompilados pola autora para a súa tese de doutoramento [*Repertorio de léxico leonés* (1996, vid. *BL-LEGA* 8596)]. Na macroestrutura adóptase a orde alfabética e agrúpanse todas as variantes formais documentadas en León baixo un único lema; teñen entrada diferente as voces que parten de étimos distintos e os derivados. A microestrutura divídese nos seguintes apdos: 1) Lema, variantes formais, información gramatical (ás veces), niveis de lingua (caracterización diatópica, diastrática e diafásica), definición, etimoloxía (baseada fundamentalmente no DECH), primeira documentación, referencia ao DRAE; 2) Localización dos datos (que a autora xulga como a parte máis importante da entrada), organizada consonte a distribución administrativa en partidos xudiciais; 3) Conclusión, incluída cando a autora considera a entrada de especial interese; nela fanse referencias a voces emparentadas doutros dominios lingüísticos hispánicos (entre elas, as galegas e portuguesas). Entre as áreas estudadas, atópase a de fala galega do Bierzo.

**RECS.:** Manuel-Antonio Marcos Casquero, *Estudios Humanísticos*, 25, 2003:238-241.

**318.** MARTÍNEZ-GIL, Fernando: “A Constraint-Based Analysis of Galician *Geeda*“, en Julie Auger, J. Clancy Clements e Barbara Vance (eds.), *Contemporary Approaches to Romance Linguistics: Selected Papers from the 33rd Linguistic Symposium on Romance Languages (LSRL) (Bloomington, Indiana, April 2003)*, Amsterdam / Philadelphia, PA, John Benjamins, 2004:299-320 (= *Amsterdam Studies in the Theory and History of Linguistic Science. Series IV: Current Issues in Linguistic Theory*; 258).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Trata de explicar un problema fonolóxico fundamental das variedades dialectais do galego moderno que presentan *gheada*, en que a distribución das consoantes velares obstruíntes [x] e [g] nas formas superficiais é cuase-complementaria, razón pola cal deberían derivarse dunha única orixe subxacente. Unha explicación adecuada da *gheada* require, polo menos, estas dúas condicións: 1) identificar o

segmento fonolóxico que subxace aos dous fonos velares; 2) propoñer un mecanismo formal que logre proxectar esta unidade subxacente nas súas realizacións superficiais.

**319.** SARAMAGO, João: “Diferenciação lexical interpontual nos territórios galego e portugués (Estudo dialectométrico aplicado a materiais galegos do ALGa)”, en Rosario Álvarez, Francisco Dubert García e Xulio Sousa Fernández (eds.), *Dialectoloxía e léxico*, Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua, 2002:41-68, 4 mapas (= *Colección Base*). | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua, [2004], <<http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/dialectoloxia.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 22/12/2004].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA

Relatorio presentado no *Simposio Dialectoloxía e Léxico*, celebrado en Santiago de Compostela durante a primavera de 2001. Análise do grao de semellanza/diferenza lingüística existente entre 61 puntos de Galicia e 93 de Portugal a partir do material inédito recollido por Luís F. Lindley Cintra para o ALPI e material tamén sen publicar do ALGa coincidente con 45 dos 55 conceptos incluídos no cuestionario do ALPI. A análise dos diferentes mapas permite descubrir elementos indicadores da diferenciación lexical producida no interior das áreas estudadas. No mapa 3 obsérvase a coincidencia da liña de división política coa de maior diferenciación lexical e no 4 móstrase certa afinidade lexical entre Galicia e o noroeste de Portugal cando se compara un punto galego da fronteira con Portugal cos restantes.

**RECS.:** Antón Santamarina, *Grial*, XLI/158, 2003:123-124 | Serafín Alonso Pintos, *Cadernos de Lingua*, 25, 2003:143-144 [143] | José Enrique Gargallo Gil, *Estudis Romànics*, XXVI, 2004:298-301 [299] | Francisco Gago-Jover, *RPh*, 57, Spring 2004:403-407 [403-404].

Vid. tamén as entradas 89, 92, 101, 137, 154, 155, 156, 158, 185, 195, 297, 298, 308, 317, 479, 550, 551.

## 514 Traballos sobre falas

**320.** *O traballo e a fala mariñeira de Redondela*, [Redondela], Concello de Redondela, Concellaría de Normalización Lingüística, [2004], 103 p., il.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA (GALEGO OCCIDENTAL)

Ofrece datos sobre a evolución do sector pesqueiro no concello de Redondela, centrándose basicamente no léxico. Desde o punto de vista lingüístico, interesa a recolla de léxico relacionado co sector e o estudo etimolóxico do mesmo. No apdo. “Trazos caracterizadores máis importantes da fala de Redondela” (p. 14-30) descríbense as principais características fonéticas e morfolóxicas da fala da zona. Inclúe un “Glosario” (p. 63-75), organizado alfabeticamente, con definición do termo, o étimo e, no caso de se tratar dun peixe, marisco, etc., o nome científico.

**321.** COSTAS GONZÁLEZ, Xosé Henrique: “Falas do val do río Ellas (Cáceres): Tipoloxía complexa duns dialectos fronteirizos”, *Pontenorga*, 3, 2004:21-38.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA (FALAS GALEGAS DE ESTRE-MADURA)

En primeiro lugar, contextualízanse xeograficamente as falas levadas no séc. XIII polos colonos do rei Afonso VIII de Galicia e León a Valverde do Fresno (o valverdeiro), As Ellas (o lagarteiro) e San Martiño de Trebello (o mañego), entidades de poboación situadas no val do río Ellas (noroeste de Cáceres). A continuación, despois de repasar brevemente os estudos realizados sobre as mesmas, particularmente con referencia á cuestión da súa clasificación, estableceuse uns posibles criterios tipolóxicos -baseados en trazos fonético-fonolóxicos, morfolóxicos e sintácticos- para poder situalas en relación coas demais variedades lingüísticas iberorromances (portugués, galego, asturiano, castelán, aragonés e catalán). Para o autor, “[e]stas falas, sen dúbida pertencentes ao tronco común galego-portugués, presentan hoxe unha serie de evolucións de seu, xunto con leonesismos e castelanismos varios, que fan delas un exemplo paradigmático de clasificación tipolóxica controvertida e complexa” (p. 23); por iso, a súa pretensión é “medir dialectalmente a semellanza ou desemeallanza estrutural entre as falas do Val do Ellas, as falas galegas e as falas portuguesas (independentemente dos estándares oficiais)” (p. 29). A aplicación do sistema de dialectometría iberorrománica deseñado no traballo permítelle concluír que “as falas do Val do Río Ellas concordan nun 81% co galego, nun 63% co astur-leonés e nun 60% co portugués” (p. 32), de tal xeito que tipoloxicamente son “un bacelo do antigo galego que predeu en terras de repoboación e perviviu ata os nosos días, interferido en época antiga por leonesismos varios e na actualidade por castelanismos léxicos” (p. 32).

**322.** GÓMEZ BAUTISTA, Alberto: “Algunhas notas sobre a lingua galega da Franxa Leste = Some Remarks on Galician Language from the So-called Franxa Leste”, *Madrygal*, 7, 2004:63-66. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2005], <<http://www.ucm.es/BUCM/revistas/fll/11389664/articulos/MADR0404110063A.PDF>>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/01/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA (FALAS GALEGAS DE ASTURIAS, LEÓN E ZAMORA)

O autor rexeita o termo *galego exterior* para se referir ás falas galegas de fóra da Comunidade Autónoma xa que “é pouco acertado empregar un criterio administrativo para etiquetar un conxunto de dialectos dunha determinada lingua” (p. 64); de aí que propoña o termo *franja do leste* non suxeito a fronteiras administrativas e que favorece que os falantes destas zonas se sintan plenamente integrados no sistema galego.

**323.** GONÇÁLES RIBEIRA, José Manuel: *A fala galego-portuguesa da Baixa-Limia e Castro Laboreiro*, [Ed. en liña n.v.]: Portal Galego da Língua, 30-X-2004, <[http://www.agal-gz.org/modules.php?name=Downloads&d\\_op=viewdownload&cid=3](http://www.agal-gz.org/modules.php?name=Downloads&d_op=viewdownload&cid=3)>, [Formato: PDF comprimido], [Consulta: 20/01/2005]. | [Ed. abreviada]: “A fala do Vale do Límia e Castro-Laboreiro”, *Lethes*, 6, 2005:268-285, 3 mapas.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA (GALEGO OCCIDENTAL, GALEGO CENTRAL)

O texto da 1ª ed. corresponde a unha conferencia pronunciada nas *Jornadas sobre Património de Tradiçom Oral*, celebradas en Vilar de Santos en outubro de 2004. Ofrece unha caracterización da fala da Limia Baixa (OU) e Castro-Leboreiro (Melgaço, PT) a partir de dos datos tirados de sete gravacións realizadas



nos lugares de Pielas, Bouzadrago e Oleas (Entrimo, OU) e Ribeiro de Baixo (Castro-Leboreiro, Melgaço, PT). Descríbese a realización das consoantes sibilantes, sinalando os trazos coincidentes e discordantes entre a zona galega e a portuguesa. Así mesmo, contraponse a fala de Entrimo co galego estándar, tanto desde o punto de vista fonético como morfolóxico e léxico. No caso de Ribeiro de Baixo, sinálanse as diverxencias verbo do portugués estándar. Inclúe a transcripción dos sete textos gravados, indicando en cada unha delas o lugar en que foi recollido, o sexo, a idade e a profesión do(s) informante(s). A edición acompáñase de arquivos sonoros en formato WAV e MP3 coa reprodución dos textos. A ed. abreviada reproduce, no esencial, o texto da conferencia, pero só ofrece a transcripción de tres textos. O estudo é o resultado dun traballo escolar desenvolvido durante o curso 2003-2004 por profesores e alumnos do IES «Aquis Querquernis» de Bande (OU), baixo a coordinación do autor da conferencia.

**324.** RIOBÓ SANLUÍS, Benxamín (coord.) / SARTAL LORENZO, Miguel Anxo (coord.) / ASOCIACIÓN CULTURAL ALÉN DO VAL: *Fala e cultura d'os tres lugares: Valverde do Fresno, As Ellas, San Martín de Trebello (Cáceres)*, Noia, A Coruña, Toxosoutos, 2004, 186 p., 3 mapas, il. (= *Divulgación e ensaio*).

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA (FALAS GALEGAS DE ESTREMADURA)

Segundo se sinala no prólogo, trátase dunha actualización do traballo “Estudio lingüístico, Etnográfico y Antropológico del Val do río Ellas (Cáceres)”, gañador do *Certamen de Jóvenes Investigadores* convocado polo Ministerio de Cultura no ano 1993. É unha reivindicación da fala e a cultura de Valverde do Fresno, As Ellas e San Martín de Trebello, entidades de poboación situadas no noroeste da provincia de Cáceres en que se emprega unha variedade de galego que foi importada alí por colonos no séc. XIII. Desde o punto de vista lingüístico interesan especialmente os apdos. “Aspectos sociolingüísticos” (p. 63-75), en que se analiza a situación sociolingüística da zona, e “Características lingüísticas” (p. 77-88), onde se sinalan os trazos máis significativos das falas deste val, que permiten adscribilas “á póla galega da familia galego-portuguesa” (p. 77); recóllense refráns e cancións populares e descríbense algúns aspectos etnográficos como os oficios tradicionais. Inclúe tamén un glosario dunhas 525 entradas (p. 161-179), que recolle as voces “máis diferenciadoras e peculiares” (p. 161) do Val do Ellas con respecto á lingua galega.

Vid. tamén as entradas 143, 161, 182, 183, 187, 190, 198, 202, 225-1, 225-2, 307, 405, 416.

## 515 O galego na cartografía lingüística

**325.** GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel: “O *Atlas Linguistique Roman* (ALiR). Unha visión persoal desde Galicia”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:573-602. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_2.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL



Presentación do *Atlas Lingüístico Roman* [v. I (1996, vid. BILEGA 6812); v. II.a (2001, vid. BILEGA 10730)] que, xunto co *Lexikon der Romanistischen Linguistik* [v. VI/2 (1994, vid. BILEGA 1230)], é a primeira obra de ámbito panrománico en que o galego aparece cun tratamento en pé de igualdade coas outras linguas romances. Descríbese brevemente o nacemento deste proxecto de xeografía lingüística, subliñando a incorporación ao mesmo dun grupo de investigadores galegos. Sinálase cal foi o método empregado na división do territorio e como a recolla de información se leva a cabo a partir doutros atlas xa existentes e de estudos dialectais.

**326.** SOUSA FERNÁNDEZ, Xulio: “A base de datos do *Atlas Lingüístico Galego*”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:637-647. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_2.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2004], <<http://web.usc.es/~fgxsousa/pdf/basealga.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/05/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA

Preséntase a base de datos do ALGA (*Atlas Lingüístico Galego*) en que se están a incluír os datos recollidos nas enquisas previas. Descríbese o deseño da base de datos e a súa organización, así como as posibilidades que ofrece á hora de tirar datos e de confeccionar mapas.

## 516 Os dialectalismos na literatura

Vid. as entradas 479, 694-1, 762.

## 517 Historiografía da dialectoloxía galega

Vid. as entradas 80-1, 80-2, 81.

## 5171 A contribución dos etnógrafos

**327.** CAAMAÑO SUÁREZ, Manuel: “Xaquín Lorenzo, precursor dos estudos da arquitectura popular galega”, *BRAG*, 365, 2004:9-36.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C

Analiza o valor dos estudos sobre as diversas construcións tradicionais galegas (moi especialmente, a casa como elemento central da vivenda) que realizou Xaquín Lorenzo Fernández (1907-1989) dentro da súa investigación etnográfica. O traballo complétase cun breve repaso dos estudos sobre arquitec-

tura popular posteriores ao traballo de Xaquín Lorenzo e cunha bibliografía analítica de todos os que o gran etnógrafo ourensán lle dedicou á arquitectura tradicional.

**328-1.** CALO LOURIDO, Francisco: “Cultura mariñeira”, *BRAG*, 365, 2004:37-56.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C

Despois de repasar brevemente os escasos traballos dedicados á cultura mariñeira galega dende o séc. XVIII, estuda as fontes de inspiración metodolóxica, as circunstancias de elaboración e o valor das descrições e interpretacións que ofrecen os que circunstancialmente (nalgúns casos aproveitando traballos de exploración arqueolóxica en zonas costeiras) lle dedicou a este eido Xaquín Lorenzo Fernández (1907-1989) na súa investigación etnográfica.

**328-2.** CALO LOURIDO, Francisco: “D. Xaquín Lorenzo Fernández e a etnografía mariñeira”, *Raigame*, 19, 2004:125-133, il. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Ourense], Deputación Provincial, [s.d.], <<http://www.depourense.es/web/cultura.htm>>, [Formato: PDF], [Consulta: 23/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C

Repara os traballos etnográficos sobre o mar que levou a cabo Xaquín Lorenzo Fernández, “Xocas” (1907-1989), subliñando a súa aproximación á metodoloxía lingüístico-etnográfica coñecida como *Wörter und Sachen* (*Palabras e cousas*), “que propuña estudar os obxectos xunto coas palabras que os designaban” (p. 131). Este método de investigación foi aplicado en Galicia nas décadas de 1920 e 1930 por algúns membros da Escola de Hamburgo, presidida por Fritz Krüger (1890-1974), cos que Xocas mantivo contactos.

**329.** FERNÁNDEZ REI, Francisco: “Xaquín Lorenzo e a cultura tradicional”, *A Trabe de Ouro*, 60, 2004:129-132 [561-564].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C

Sínálase a importancia lexicográfica do traballo “Etnografía: Cultura material” (1962, vid. *BILEGA* 3546) de Xaquín Lorenzo Fernández, xa que nel aparece recolleito moito léxico relacionado con distintos oficios e labores hoxe case desaparecidos.

**330.** FIDALGO SANTAMARIÑA, José Antonio: *Xoaquín Lorenzo Fernández (1907-1989): Memoria do home e o etnógrafo*, [Ourense], Concello de Ourense, Concellería de Cultura, Festas e Festival de cine, [2004], 54 p., il.d

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C

Ten interese lingüístico o apdo. titulado “Xoaquín Lorenzo e a Etnolingüística” (p. 28-29) en que se fai un breve repaso polos seus estudos neste eido.

**331.** GARCÍA MARTÍNEZ, Carlos: “Achegas para o perfil dun etnógrafo”, en Xaquín Lorenzo, *De varia etnográfica: Edición conmemorativa do Día das Letras Galegas 2004*, [Ed. n.v.]: [A Coruña], La Voz de Galicia / Caixanova / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, [2004]:9-29 (= *Biblioteca Gallega*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO

Breve biografía de Xaquín Lorenzo. Saliéntase o seu labor como etnógrafo e a conseguinte recolleita léxica “incorporando un ricaz vocabulario de especiais campos semánticos, rexistrado de par dos elementos que se designan, e que acreceu o noso acervo lingüístico” (p. 28-29).

**332.** GARCÍA MARTÍNEZ, Carlos: “Xaquín Lorenzo e o patrimonio etnográfico de Galicia”, *Raigame*, 19, 2004:7-17, il. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Ourense], Deputación Provincial, [s.d.], <<http://www.depourense.es/web/cultura.htm>>, [Formato: PDF], [Consulta: 23/06/2006].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C

Texto da comunicación presentada no *I Congreso sobre patrimonio etnográfico galego*, celebrado en Ourense, en memoria de Xaquín Lorenzo Fernández, os días 2, 3 e 4 de maio de 2003. Repasa os estudos etnográficos de Xaquín Lorenzo Fernández (1907-1989) como relevante contribución á etnolingüística.

**333-1.** GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio: “Xaquín Lorenzo Fernández. Vida”, *BRAG*, 365, 2004:171-195, il.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO

Relata o paso de Xaquín Lorenzo Fernández (1907-1989) por Santiago de Compostela, onde estuda parte da carreira de Filosofía e Letras, que remataría en Zaragoza. A súa estadía na cidade permítelle achegarse ao Seminario de Estudos Galegos e, desde sempre, loitar pola creación dun Museo Etnográfico Galego, que se faría realidade en 1976 coa fundación do Museo do Pobo Galego.

**333-2.** GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio: “Xaquín Lorenzo e Compostela: do Seminario de Estudos Galegos ó Museo do Pobo Galego”, *Raigame*, 19, 2004:25-35, il. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Ourense], Deputación Provincial, [s.d.], <<http://www.depourense.es/web/cultura.htm>>, [Formato: PDF], [Consulta: 23/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO

Relata o paso de Xaquín Lorenzo Fernández (1907-1989) por Santiago de Compostela, onde estuda parte da carreira de Filosofía e Letras, que remataría en Zaragoza. A súa estadía na cidade permítelle achegarse ao Seminario de Estudos Galegos e, desde sempre, loitar pola creación dun Museo Etnográfico Galego, que se faría realidade en 1976 coa fundación do Museo do Pobo Galego.

**333-3.** GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio: *Xaquín Lorenzo Fernández «Xocas»: Vida e obra*, [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública / Consellería de Educación e Ordenación Universitaria / Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, 109 p., il. (= *A nosa memoria*; 35).

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO

Biografía divulgativa de Xaquín Lorenzo, etnógrafo ao que se lle dedicou o Día das Letras Galegas de 2004. Faise un repaso pola súa vida e obra, tendo especial interese o apdo. “O etnolingüista” (p. 66).

RECS.: Ramón Nicolás, “Memorias de Xaquín Lorenzo”, *GLN*, 2ª etapa, 6, 2004:16.

**334.** GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé Manuel: “Don Xaquín Lorenzo Fernández, ou a fidelidade e a constancia”, *RGEN*, 43, 2004:13-41.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C

Achega á vida e á obra de Xaquín Lorenzo Fernández (1907-1989), a quen se lle dedicou o Día das Letras Galegas de 2004. Na primeira parte danse a coñecer datas e datos da súa traxectoria vital, incluíndo unha alusión ao seu labor como docente no ensino secundario. Na segunda faise un percorrido pola súa obra arqueolóxica e etnográfica, desde os seus tempos de formación no Seminario de Estudos Galegos. Mediante exemplos concretos testemuñanse temas e principios teóricos presentes nos seus escritos como arqueólogo, seguidor de Florentino López Cuevillas, e como etnógrafo que describe as formas culturais dos labregos e mariñeiros galegos e trata de atoparlles un horizonte histórico de orixe [Adaptación do resumo que aparece na publicación]. É neste último campo onde Xaquín Lorenzo fixo aportacións relevantes para o coñecemento do léxico galego, ao aplicar en moitas investigacións etnográficas o método *Palabras e cousas* que tamén puxeron en práctica en Galicia algúns membros da Escola de Hamburgo.

**335.** GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé Manuel: *Vida e obra de Xaquín Lorenzo*, Vigo, Galaxia, [2004], 193 p., il.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO

Teñen interese lingüístico os apdos. titulados “Palabras e cousas” (p. 130-132) e “Descrición etnográfica e temas estudados” (p. 144-163). No primeiro salientase o papel como etnógrafo do autor. Xaquín Lorenzo preocupouse non só por describir ou clasificar formas materiais, senón tamén por ofrecer o léxico a elas asociado, as palabras que a xente usa nos distintos lugares para denominar os obxectos ou as súas partes: “Ás veces ocupouse de recoller un vocabulario dunha zona determinada, como fai en *Notas lingüísticas gallegas* [1948, vid. *BILEGA* 1129], onde nos facilita palabras da Limia baixa. El non era lingüista *stricto sensu*, senón un etnógrafo preocupado polas cousas, mais sentiuse obrigado a recoller e difundir nomenclaturas [...] Este interese por asociar obxectos e palabras achégano á que denomina etnolingüística, unha especialidade que medrou en Alemaña na primeira metade do séc. XX e creou un método precisamente coñecido co nome de “Palabras e cousas” (p. 130-131). No segundo repásase a importante obra do autor no terreo da etnografía.

**336.** LÓPEZ GÓMEZ, Felipe-Senén: *Xaquín Lorenzo Fernández (1907-1989): Unha vida para a cultura dun pobo*, A Coruña, Baía, 2004, 120 p., il. (= *Baía pensamento*; 16).

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO

Ten interese lingüístico o apdo. titulado “A etnografía en Europa” (p. 46-51) en que se estuda a faceta do autor como etnógrafo.

**337.** REI NOIA, Lorena / SANTOS PALMOU, Xandra / SEAGE FREIRE, Inma: “Xaquín Lorenzo: da etnografía á etnolingüística”, en Rosario Álvarez (coord.), *Xaquín Lorenzo, ‘Xocas’: Día das Letras Galegas 2004*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 2004:201-241, il.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO

Achega ao conxunto da obra de Xaquín Lorenzo Fernández (1907-1989), estudoso homanexado no Día das Letras Galegas 2004. As autoras tratan non tanto de “afondar na difusión que tivo no seu momento, nin ponderar a importancia das súas contribucións aos campos da etnografía, antropoloxía, historia, etc. [...], como avaliar o valor lingüístico que se pode observar en moitos dos seus traballos, derivado da recompilación de léxico patrimonial e de literatura popular de diferentes eidos e lugares” (p.

206). Con este obxectivo examinan cada un dos traballos extraendo o material lingüístico de interese, que clasifican nun repertorio bibliográfico final para tratar de facilitar o seu manexo en futuros estudos. Tamén ofrecen datos que fan referencia ao conxunto da produción científica de Xaquín Lorenzo e textos doutros autores que tratan da súa vida ou da súa obra.

**338.** RODRÍGUEZ NESPEREIRA, Fernando: “Xocas e as construcións populares”, *Raigame*, 19, 2004:103-109, il. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Ourense], Deputación Provincial, [s.d.], <<http://www.depourense.es/web/cultura.htm>>, [Formato: PDF], [Consulta: 23/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C

Analízanse os traballos etnográficos sobre as construcións populares galegas realizados por Xaquín Lorenzo Fernández, “Xocas” (1907-1989). Neles o grande etnógrafo ourensán recolle abundante léxico relacionado cos distintos tipos de construcións (casa, adega, hórreo, etc.), as súas partes e os materiais empregados.

**339-1.** SIERRA RODRÍGUEZ, Xosé-Carlos / FERNÁNDEZ CERVIÑO, María-Xosé: “A obra etnográfica de Xaquín Lorenzo”, en Rosario Álvarez (coord.), *Xaquín Lorenzo, ‘Xocas’: Día das Letras Galegas 2004*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 2004:13-30, il.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO

Repaso xeral da produción etnográfica de Xaquín Lorenzo Fernández (1907-1989). Apúntase que entre os seus primeiros traballos son frecuentes os que tratan “cuestións etnolingüísticas, nas que a *fala*, as *lendas*, os *contos* e as *cuestións lexicográficas*, en xeral, reciben unha mirada etnográfica” (p. 14). Recóllese ilustracións do tear, o carro e a dorna coa súa terminoloxía, elaboradas polo propio Xocas.

**339-2.** SOEIRO, Teresa: “«Menos mal que nos queda Portugal»”, *BRAG*, 365, 2004:217-231, il.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO

Repasa os contactos de Xaquín Lorenzo Fernández (1907-1989) con diversas institucións e investigadores do norte de Portugal, que a autora trata de encadrar no marco máis xeral dos contactos que a intelectualidade galega viña mantendo con persoeiros da cultura portuguesa dende as últimas décadas do século XIX. Con algúns investigadores portugueses, como Joaquim Rodrigues dos Santos Júnior, Xaquín Lorenzo mantivo estreita amizade e colaborou sobre todo no ámbito da investigación etnográfica. A autora tamén ofrece unha detallada descrición dos traballos que o Xocas presentou en diversas reunións científicas celebradas en Portugal, algún dos cales viu a luz en revistas do país veciño.

**340.** VALCÁRCEL, Marcos: *Xaquín Lorenzo: Vida e obra*, Vigo, Xerais, 2004, 101 p. (= *Letras galegas*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO

Ten interese o apdo. titulado “Obra e pensamento” (p. 35-84) en que se repasa o labor de Xaquín Lorenzo no Seminario de Estudos Galegos e no eido da etnografía.

**341.** VALCÁRCEL, Marcos: *Xoaquín Lorenzo*, Vigo, Xerais, 2004, 63 p. (= *Merlín*; 139).

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C

Obra destinada a achegarlles aos máis novos a vida e obra de Xaquín Lorenzo Fernández, “Xocas” (1907-1989), con motivo da dedicación do Día das Letras Galegas de 2004 a este grande etnógrafo ourensán.

**342.** VILAR ÁLVAREZ, Manuel: *Dicionario Xaquín Lorenzo “Xocas”*, Santa Comba, A Coruña, tresCtres, [2004], 159 p., il. (= *Letras dous mil*; 4).

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO

Achegamento á vida e á obra de Xaquín Lorenzo Fernández (1907-1989), especialmente á de carácter etnográfico, tratando de poñela “en relación cos acontecementos que determinaron a nosa historia no século pasado, para velo como un home do seu tempo, implicado nas angueiras [...] colectivas e preocupado polo seu país” (p. 9). Ao mesmo tempo, a intención do autor é este percorrido “sirva de reflexión sobre o noso Patrimonio Cultural e sobre cal é o seu papel na construción dunha sociedade moderna nun mundo globalizado”. No apdo. dedicado á “Etnografía” (p. 69-88) salientase o esforzo do autor por elaborar unha investigación homologable á que se estaba a facer noutras partes de Europa e as semellanzas que amosa o seu método de traballo co desenvolvido pola escola etnolingüística de Hamburgo. Inclúese unha bibliografía primaria e secundaria bastante completa (“Obras”, p. 101-109), un apdo. titulado “Recolleita” (p. 121-138), en que se recollen pequenos fragmentos de varios artigos de Xaquín Lorenzo con léxico referido aos distintos aspectos da cultura material, así como coplas e ditos, e outro titulado “Recursos didácticos” (p. 139-146) con 38 exercicios dirixidos aos niveis da ESO e Bacharelato.

Vid. tamén as entradas 24, 196, 314-2, 762.

## **52 Sociolingüística: Traballos xerais**

Vid. a entrada 28.

### **521 A situación lingüística de Galicia**

**343.** CALLÓN, Carlos M.: “Galiza: Lingua e política. Crónica da alarma”, *Tempos Novos*, 91, 2004:68-72.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Breve análise da situación lingüística de Galicia no 2004. Saliéntanse varios feitos que atinxen á normalización do galego, entre eles a aprobación do *Plan xeral de normalización da lingua galega (PXNL)* (2005, vid. *BILEGA* 12313) por todas as forzas políticas do Parlamento Galego e as voces contrarias á Lei de Normalización Lingüística e ao *PXNL*, concretamente o caso do alcalde da Coruña, Francisco Vázquez, coa polémica xurdida tras o intento de oficializar a forma toponímica *La Coruña*. Tamén se aborda a situación da lingua no ensino e na banca (concretamente a campaña de galeguización levada a cabo desde a Mesa pola Normalización Lingüística, entidade que preside o autor do artigo).

**344.** DIAZ FOUCHES, Oscar: “Informe -pragmático- sobre la lengua gallega”, en Miquel-Àngel Pradilla Cardona (coord.), *Calidoscopi lingüístic: Un debat entorn de les llengües de l'Estat*, Barcelona, Octaedro - Ediciones Universitarias de Barcelona, 2004:135-164.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Tomando como referencia a obra de Xesús Alonso Montero, *Informe -dramático- sobre la lengua gallega* (1973, vid. BILEGA 1964) o autor fai unha análise da situación da lingua galega a partir dos datos do MSG [*Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia: Compendio do I Volume do Mapa Sociolingüístico de Galicia* (1994, vid. BILEGA 3481); *Usos lingüísticos en Galicia: Compendio do II Volume do Mapa Sociolingüístico de Galicia* (1995, vid. BILEGA 5202); *Actitudes lingüísticas en Galicia: Compendio do III Volume do Mapa Sociolingüístico de Galicia* (1996, vid. BILEGA 6799)], prestándolle atención á competencia e uso da lingua, á ruptura de transmisión interxeracional, o uso segundo as profesións e o nivel de estudos, e as actitudes lingüísticas, chamando a atención sobre a diminución dos prexuízos lingüísticos nas xeracións máis novas. Tras a análise destes datos, o autor analiza as causas da perda de falantes e a importancia de aplicar as medidas necesarias para a recuperación do idioma.

**345.** FREIXEIRO MATO, Xosé Ramón: “O galego e as linguas peninsulares”, *A Nosa Terra*, 1105, 2003:16. | [Ed. en liña n.v.]: en *O galego e as linguas europeas*, A Coruña, eDixital, 2004, <[http://bvg.udc.es/ficha\\_obra.jsp?id=Ogaeasli1&alias=Xos%E9+Ram%F3n+Freixeiro+Mat o&>](http://bvg.udc.es/ficha_obra.jsp?id=Ogaeasli1&alias=Xos%E9+Ram%F3n+Freixeiro+Mat o&>), [Formato: TXT], [Consulta: 31/03/2006].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

O autor informa brevemente dalgúns dos aspectos máis significativos tratados na mesa redonda *Linguas minoritarias em Portugal e Espanha*, celebrada na Expolingua de Lisboa: 1) “[O] plurilingüismo dos estados como feito natural e absolutamente dominante”, xa que todos os países da UE posúen máis dun idioma; 2) O termo *minoritarias* é totalmente inadecuado, xa que moitas da linguas consideradas minoritarias presentan un número de falantes maior ao de outras consideradas non minoritarias; 3) A actitude dos partidos de carácter estatal que “non teñen entre as súas prioridades a de potenciaren o plurilingüismo do estado”; 4) A demarcación do marco lingüístico peninsular; 5) A normativa da lingua galega e o desleixo das autoridades para acatar a reforma aprobada pola RAG en 2003.

**346.** GARCÍA NEGRO, María Pilar: “Antigüidade e modernidade da lingua galega”, *Terra e Tempo*, 2ª época, 132, 2004:9-11.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Reprodución parcial do relatorio presentado no *I Congreso das Linguas*, celebrado en Rosario (Arxentina) do 12 ao 20 de novembro de 2004. Contraponse a legalidade lingüística vixente na actualidade coas condicións necesarias para que o galego acade a normalización, subliñando os paradoxos existentes nese proceso e a existencia de leis que desasisten o galego.

**347.** LÓPEZ GARCÍA, Ángel: *Babel airada: Las lenguas en el trasfondo de la supuesta ruptura de España*, Madrid, Biblioteca Nueva, 2004, 125 p. (= *Ensayos*).

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

O autor analiza a situación lingüística de España, coa existencia dunha lingua común a todo o territorio (o castelán) e as “linguas minoritarias”. Crítica as políticas lingüísticas de “imposición” nun contexto de

globalización e os “nacionalismos” que, baseándose na lingua, loitan ben pola independencia, ben pola anexión dos territorios que falan o mesmo idioma.

RECS.: Luis Veres, *Espéculo*, 28, 2004, <<http://www.ucm.es/info/especulo/numero28/alopez.html>>, [Consulta: 07/03/05] | José Andrés de Molina Redondo, *Language Design*, 6, 2004, [7 p.], <[http://elies.rediris.es/Language\\_Design/LD6/indice\\_vol6.html](http://elies.rediris.es/Language_Design/LD6/indice_vol6.html)>, [Formato: PDF], [Consulta: 19/03/2006] | José Luis Mendivil Giró, *RILib*, III/1 (5), 2005:241-245.

**348.** MELLADO BLANCO, Carmen: “El bajo alemán y el gallego. ¿Situaciones sociolingüísticas comparables?”, en Teresa Amado Rodríguez, Concepción Cabrillana Leal, Eva Castro Caridad, Cecilia Criado Boado e Amelia Pereiro Pardo (eds.), *Iucundi acti labores: Estudios en homenaje a Dulce Estefanía Álvarez*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 2004:141-148 (= *Homenaxes*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Comparación entre a situación sociolingüística do baixo alemán e do galego, facendo fincapé nas diverxencias e coincidencias na historia social de ambas as dúas linguas.

**349.** MONTEAGUDO ROMERO, Henrique (moder.) / KABATEK, Johannes / FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, Mauro: “Situación sociolingüística do galego”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, I, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:129-162. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2004], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Transcrición da mesa redonda en que os distintos participantes analizaron a situación sociolingüística de Galicia, a elaboración do MSG e os resultados obtidos, as lagoas na investigación sociolingüística, a metodoloxía empregada nas enquisas, a influencia dos entrevistadores nas respostas dos entrevistados, a dificultade na investigación de condutas reais, etc.

**350.** O’ROURKE, Bernadette: “An Analysis of Two Bilingual Communities: the Irish and Galician Cases”, en Anxo M. Lorenzo Suárez, Fernando Ramallo e Xoán Paulo Rodríguez Yáñez (eds.), *Bilingual Socialization and Bilingual Language Acquisition = Socialización bilingüe e Adquisición lingüística bilingüe: Proceedings from the Second International Symposium on Bilingualism = Actas do Segundo Simposio Internacional sobre o Bilingüismo (University of Vigo, Galicia-Spain, October 23-26, 2002)*, [Ed. dix.]: [Vigo], Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións, 2004:993-1008 [CD-ROM]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Seminario de Sociolingüística e Bilingüismo, [2005], <<http://webs.uvigo.es/ssl/actas2002/04/13.%20Bernadette%20O'Rourke.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 01/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. C

Identifícanse e avalíanse áreas de conflito lingüístico en dúas comunidades bilingües: a irlandesa (contacto irlandés-inglés) e a galega (contacto galego-castelán). En primeiro lugar, lévase a cabo a



*deconstrución* de cada situación de contacto, identificando os factores históricos, políticos, sociais e económicos que deron lugar ao conflito. Logo, avalíase en que medida a política e a planificación lingüística deseñadas polos respectivos gobernos en cada contexto bilingüe conseguiu neutralizar o conflito entre os dous grupos lingüísticos en contacto.

Vid. tamén a entrada 544.

## 5211 Bilingüismo e diglosia

**351.** PÉREZ MURILLO, María Dolores: “Discurso y textos en clases bilingües”, en Anxo M. Lorenzo Suárez, Fernando Ramallo e Xoán Paulo Rodríguez Yáñez (eds.), *Bilingual Socialization and Bilingual Language Acquisition = Socialización bilingüe e Adquisición lingüística bilingüe: Proceedings from the Second International Symposium on Bilingualism = Actas do Segundo Simposio Internacional sobre o Bilingüismo (University of Vigo, Galicia-Spain, October 23-26, 2002)*, [Ed. dix.]: [Vigo], Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións, 2004:713-721 [CD-ROM]. [Ed. facs. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Seminario de Sociolingüística e Bilingüismo, [2005], <<http://webs.uvigo.es/ssl/actas2002/03/19.%20M%20Dolores%20Perez.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 01/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

Analiza o discurso oral que se xera arredor do libro de texto en clases impartidas en castelán e inglés na cidade de Londres nun contexto multicultural e plurilingüe, xa que, se ben as clases se imparten nesas dúas linguas por profesores nativos, un número elevado de alumnos procede de familias galegas que empregan o galego na casa. A autora trata de contribuír a aclarar aspectos do bilingüismo dos residentes españois en Europa desde a perspectiva dun estudo cualitativo de análise do discurso e de natureza etnográfica, ademais de salienta a influencia do contexto histórico-social na educación bilingüe. Na análise etnográfica aquí aplicada “el investigador adopta el papel de observador participante, describiendo e intyepretando un aspecto determinado de la clase: el discurso que se genera alrededor del libro de texto, y añadiendo la perspectiva de los participantes en ella: profesores y alumnos. [...] Las observaciones presenciales que se llevaron a cabo se complementaron con notas de campo y entrevistas con alumnos y profesores. Los datos se recogieron en dos fases, la primera de las cuales constituyó la fase principal de recogida de los mismos. Se observaron clases de diversas asignaturas en español y en inglés a lo largo de un mes. La segunda fase consistió en entrevistas fundamentalmente en las visitas posteriores al centro” (p. 715). A mostra está constituída por 46 alumnos de 14 anos matriculados en 8º de EXB, que “[e]n su mayoría habían permanecido en el centro desde el comienzo de su escolaridad” (ibid.), e tres profesores (dous españois e un británico) que impartían as sete clases obxecto da análise (Lingua Española, Historia de España e Lingua Inglesa).

**352.** RODRÍGUEZ NEIRA, Modesto A.: “Determinantes sociolingüísticos do bilingüismo galego”, en *Investigación e innovación na Escola Universitaria de Formación de Profesorado de Lugo: Conmemoración dos 50 anos da actual Escola Universitaria de Formación de Profesorado de Lugo (1954-2004)*, [Santiago de Compostela], Universidade de Santiago, 2004:349-370.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Tomando como base os datos do MSG [*Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia: Compendio do I Volume do Mapa Sociolingüístico de Galicia* (1994, vid. BILEGA 3481); *Usos lingüísticos en Galicia: Compendio do II Volume do Mapa Sociolingüístico de Galicia* (1995, vid. BILEGA 5202); *Actitudes lingüísticas en Galicia: Compendio do III Volume do Mapa Sociolingüístico de Galicia* (1996, vid. BILEGA 6799)], analízanse os trazos que, segundo o autor, mellor definen o bilingüismo de Galicia. O grao de bilingüismo aumenta a partir da segunda metade do séc. XX, época en que tamén decae o uso da lingua galega, se ben “unha análise máis miúda no interior de cada xeración advirte dunha lixeira repunta por incorporación do galego, especialmente entre a xuventude” (p. 369). En xeral, consolídase o bilingüismo nos individuos que mudan a súa lingua materna antes dos 30 anos e que, ademais, tenden a adaptarse lingüísticamente á situación seguindo as pautas dominantes; deste xeito, esas persoas empregan o castelán en ámbitos urbanos, de pouca familiaridade e de maior estatus social, mentres que empregan o galego en ámbitos de maior familiaridade. Por outra banda, “os bilingües non só amosan maior fidelidade á súa aprendizaxe lingüística materna, senón que tamén se mostran máis partidarios cós monolingües de que se transmita o seu modelo” (p. 370).

**353.** SILVA VALDIVIA, Bieito / RODRÍGUEZ NEIRA, Modesto A.: “Bilingüismo e educación”, en Miguel Anxo Santos Rego (dir.), *A investigación educativa en Galicia (1989-2001)*, I, [Santiago de Compostela], [Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria], 2004:149-181.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C

Balance da investigación relacionada co tema “Bilingüismo e educación en Galicia” desenvolvida entre as datas sinaladas no título da monografía. Segundo os autores, esta investigación “comeza a finais da década de 1970 e vai acadando un desenvolvemento progresivo ao longo das de 1980 e 1990, ligada ás novas circunstancias sociopolíticas e legais que se abriron para a lingua galega coa transición política e a conseguinte constitución dun novo marco regulador da presenza escolar deste idioma. Este novo marco legal e as dinámicas sociais e institucionais que xera constitúen as forzas motoras dese labor investigador e tamén os factores que lle imprimen algunhas das súas características máis definidoras: con frecuencia un carácter de investigación de urxencia e sen unha planificación adecuada, especialmente no que se refire á realizada nos anos 80” (p. 151). Despois de facer algunhas breves referencias ao contexto histórico en que se enmarca esta investigación e aos antecedentes máis relevantes da mesma, pasan a analizala en tres subtemas en que se lles presta atención aos eventos científicos, aos proxectos de investigación e teses e ás publicacións: 1) A situación sociolingüística escolar; 2) A planificación lingüística no eido educativo; 3) Bilingüismo e aprendizaxe. O traballo remata cunha avaliación xeral e cun anexo incluído nas p. 487-506, en que se ofrece a relación detallada das contribucións científicas en que se basea a análise.

Vid. tamén as entradas 22, 364, 518, 539-1.

## 5212 Competencias, usos e actitudes lingüísticas: Traballos globais

**354.** ALONSO PEQUENO, Mercedes / VÁZQUEZ BERTOMEU, Mercedes: “Lingua e escritura na Compostela do século XV”, *CEG*, XLVIII/114, 2001:115-129. | [Reed.]: “Lingua e escrita na

Compostela do século XV”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, III, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:351-361. | [Ed. facs. en liña n.v. da reed.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2006], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_3.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_3.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 09/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. E | 5. LINGUA ESCRITA

Estudo da sociedade baixomedieval galega que, segundo as autoras, é basicamente diglósica, superpoñéndose ao galego o latín e o castelán empregado por certas autoridades e grupos culturais relixiosos. A estas linguas hai que engadir nalgunhas zonas e situacións o portugués (ou, polo menos, a variante do gal.-port. empregada ao sur do río Miño). Pártese da documentación do arquivo catedralicio de Santiago de Compostela, que actuaría como centro difusor, nos sécs. XIV e XV, “período que poderíamos considerar un dos pasos na *elaboración* lingüística do galego” (p. 356). Analízase o modelo gráfico galego fronte ao das outras tres linguas. Constátase a diferenza entre a escritura de documentos públicos (moito máis uniforme) e as actas e escritos internos que “apunta á existencia de escrituras cursivas fortemente personalizadas” (p. 357); así mesmo, distínguense catro sistemas gráficos en función da lingua que se emprega nos documentos: latín, galego, castelán e portugués. Neste momento o galego segue as mesmas pautas que o resto de linguas románicas, adaptando o sistema gráfico latino aos sons propios e creando variedades técnicas co fin de responder ás necesidades dos novos usos da escrita. Igualmente, o afán diferenciador materialízase na fisionomía das letras. O repertorio gráfico galego finalmente “vese perturbado e influído polos usos gráficos deste último [o castelán] a finais do XV e detéctase un paulatino acercamento cara ó estilo castelán á vez que os textos se inzan de castelanismos” (p. 361).

**355.** ÁLVAREZ CÁCCAMO, Celso: *A transmissão da língua na família e nas classes*, [Ed. en liña n.v.]: Portal Galego da Língua, 22-III-2004, <<http://www.agal-gz.org/modules.php?name=News&file=article&sid=1244>>, [Consulta: 12/01/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Traballo que, partindo das consideracións xa feitas no estudo do autor titulado “*Osmose e redes sociais na transmissão da língua*” (2004, entrada 356), se dedica especificamente a estudar as posibilidades de intervención, desde a óptica reintegracionista, na rede central da organización do corpo social: a familia. Neste sentido, faise unha análise, desde o punto de vista da Socioloxía da linguaxe, da súa estrutura, así como das funcións nela outorgadas á(s) lingua(s) do entorno, a partir das funcións que esta(s) presenta(n) noutras redes sociais externas a ela, aínda que fortemente influentes. Para a devandita análise bótase man, desde posicións marxistas, de conceptos como “clase social” ou “mobilidade social ascendente” [P.M.F.].

**356.** ÁLVAREZ CÁCCAMO, Celso: *Osmose e redes sociais na transmissão da língua: O papel dos locais sociais*, [Ed. en liña n.v.]: Portal Galego da Língua, 2-III-2004, <[http://www.agal-gz.org/modules.php?name=Downloads&d\\_op=viewdownload&cid=3&min=20&orderby=dateD&show=10](http://www.agal-gz.org/modules.php?name=Downloads&d_op=viewdownload&cid=3&min=20&orderby=dateD&show=10)>, [Formato: PDF comprimido], [Consulta: 20/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Traballo elaborado a partir de reflexións suscitadas despois da celebración do *I Fórum da Língua do MDL*, dedicado a estudar -desde unha óptica reintegracionista- o papel do concepto de *osmose* no que di respecto ás redes sociais de expansión e transmisión do uso do galego a castelán-falantes e a neofalantes. O autor comeza por explorar brevemente o concepto de *rede social*, para pasar logo a analizar, máis demoradamente, o concepto de *prácticas sociais*, entendidas como procesos de socialización e intercambio de recursos materiais e valores simbólicos, en base aos cales se trata de artellar un conxunto de consideracións que apuntan para a conversión, a través da óptica e discurso reintegracionistas, dos recursos e valores da rede social galegófona en valores con atractivo para os membros da rede social hispanófona [P.M.F.].

357. GARCÍA TURNES, Beatriz: *A lingua galega entre 1875 e 1916: Situación social e consciencia idiomática*, Memoria de Licenciatura, Universidade de Santiago, Facultade de Filoloxía, 1998, 211 p. | [Ed. rev.]: [Pontevedra], Diputación Provincial de Pontevedra / Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Política Lingüística, 2004, 183 p. | [Publics. parciais]: “A situación do galego entre 1875 e 1916: o abandono da lingua” (1998, vid. *BILEGA* 8034); “Cultivo e elaboración da lingua galega no período da restauración (1875-1916)” (1999, vid. *BILEGA* 9473); “A lingua galega entre dous séculos (1875-1916): contribución á historia sociolingüística do galego” (1999, vid. *BILEGA* 9851).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. C

Estuda a situación social do galego a finais do séc. XIX e comezos do XX, analizando os cambios que experimentou o seu uso a nivel oral e escrito e a conciencia lingüística da época. No cap. I (p. 13-75 da public.) analízase o uso oral do galego, no cap. II (p. 77-137 da public.) o uso escrito e o grao de elaboración e no cap. III (p. 139-159 da public.) as ideas sobre o galego. Segundo a autora, neste período prodúcense dúas evolucións contrarias nos usos, que continúan en certa medida procesos que se viñan desenvolvendo desde os inicios do séc. XIX: por unha banda, na lingua oral percíbese unha lenta diminución do monolingüismo galego en favor do bilingüismo galego-castelán [as clases burguesas e medias do ámbito urbano abandonan o uso oral do galego con fin de acadar prestixio e poder a través do acceso a cargos administrativos, mentres que os que viven no ámbito rural o manteñen, non por conciencia, senón por “falta de mobilidade social” (p. 164 da public.)]; por outra, ao mesmo tempo que se produce ese abandono en certos sectores urbanos, xorden voces en defensa do galego que conducen á conquista de novos espazos de uso na lingua escrita (poesía, narrativa e prensa). É o momento da fundamentación ideolóxica da defensa da lingua e do seu cultivo literario.

RECS.: Rosario Pérez Magdalena, *Grial*, XLIII/165, 2005:131-132 | Leticia Eirín García, *RGaF*, 6, 2005:195-198.

358. IGLESIAS ÁLVAREZ, Ana: “¿Qué fue primero, el huevo o la gallina?, ¿la competencia o la actuación?: los problemas que implica la *producción* de una lengua minoritaria”, en Milka Villayandre Llamazares (ed.), *Actas del V Congreso de Lingüística General (León, 5-8 de marzo de 2002)*, Madrid, Arco Libros, 2004:1619-1631.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

En todo intento de inverter o proceso de substitución dunha lingua un dos pasos máis importantes e difíciles de acadar é que a aprendan os individuos das novas xeracións pertencentes aos grupos onde se consumou o abandono lingüístico, atinxindo unha competencia suficiente para poderen adoptala

como vehículo de comunicación habitual. Neste traballo inténtanse evidenciar as múltiples contradicións e paradoxos que xorden neste tipo de adquisición / aprendizaxe dunha L2 (para o que a autora adopta o nome de *produción*) e tamén se reflexiona sobre as súas causas e posibles vías de solución. Exemplifícase coa situación que se dá en Galicia, concretamente cos individuos de hábitat urbano que teñen o castelán como lingua materna e pertencen tamén a unha familia castelanófona. Os fragmentos discursivos que constitúen a base empírica da análise forman parte dun corpus producido mediante a técnica cualitativa de *grupo de discusión* e corresponden a cinco grupos coas seguintes características sociolóxicas: 1) mozos con estudos superiores; 2) mozos con estudos primarios ou medios; 3) persoas de idade media con estudos superiores; 4) persoas de idade media con estudos primarios ou medios; 5) vellos con estudos primarios ou medios.

**359.** INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA: *Enquisa de condicións de vida das familias: Coñecemento e uso do galego: Ano 2003*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consellería de Economía e Facenda, 2004, 29 p. | [Ed. dix.]: Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, [2004], 1 CD-ROM. | [Ed. en liña n.v.]: [Santiago de Compostela], Instituto Galego de Estatística, [2004], <[http://www.ige.eu/ga/estructura/documentos/folleto/ecv\\_2003\\_usogalego.pdf](http://www.ige.eu/ga/estructura/documentos/folleto/ecv_2003_usogalego.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 10/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

A *Enquisa de condicións de vida das familias* é unha operación estatística anual que realiza o Instituto Galego de Estatística, enmarcada dentro do ámbito de información referente ao benestar social. Actualmente é a maior enquisa que se fai en Galicia, pois o tamaño da mostra é de preto de 6.500 fogares e as persoas enquisadas son unhas 20.000. Neste módulo do ano indicado no título recóllense os datos sobre o nivel de coñecemento e uso do galego, organizados en tres bloques: 1) Coñecemento do galego, coa diferenciación entre a lingua escrita e a lingua oral; 2) Lingua materna e lingua habitual, en que se ofrecen os datos sobre a lingua materna dos galegos, a súa lingua habitual e os cambios da lingua habitual segundo os contextos; 3) Uso do galego, con datos sobre catro ámbitos: familiar, laboral, educativo e outros ámbitos sociais.

**360.** INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA: *Enquisa de condicións de vida das familias: Módulo de coñecemento e uso do galego: Principais resultados: Ano 2003*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consellería de Economía e Facenda, 2004. | [Ed. dix.]: Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, [2004], 1 CD-ROM. | [Ed. en liña n.v.]: *Enquisa de condicións de vida: Ano 2003: Principais resultados: Coñecemento e uso do idioma galego*, [Santiago de Compostela], Instituto Galego de Estatística, 2005, <[http://www.ige.eu/ga/sociais/benestar/cvida/indice\\_2003.htm](http://www.ige.eu/ga/sociais/benestar/cvida/indice_2003.htm)>, [Formato: HTML], [Consulta: 10/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Constitúe unha versión resumida coas cifras principais da *Enquisa de condicións de vida das familias: Coñecemento e uso do galego: Ano 2003* (2004, entrada 359).

**361.** JUNCOS RABADÁN, Onésimo / PEREIRO ROZAS, Arturo X.: “Determinantes actitudinais no uso da lingua”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, I, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega

/ Instituto da Lingua Galega, [2004]:309-320. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2004], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Análise das interaccións entre as actitudes e os comportamentos lingüísticos en Galicia. Os efectos das actitudes lingüísticas reflíctense, segundo os autores, en “tres parcelas do ámbito social máis importantes nas que se desenvolve o individuo como son: a familia, a escola e a interacción social interpersoal de carácter máis amplo” (p. 313), que analizan unha por unha. Conclúen que as interaccións entre actitudes e comportamentos son complexas e que existe unha gran cantidade de factores “que nun momento, situación e individuo determinados, poden xogar un papel crucial de cara a que a actitude regule a interacción” e engaden que as actitudes lingüísticas “teñen unha influencia que vai máis alá da interacción lingüística puntual e poden afectar á normal construción da identidade social e cultural dos individuos” (p. 319).

**362.** MARTÍNEZ ROCA, Iggy: “O falante nativo na enquisa sociolingüística da RAG”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, I, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:377-387. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2004], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Estudo sociolingüístico dos falantes nativos de galego a partir dos datos do MSG [*Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia: Compendio do I Volume do Mapa Sociolingüístico de Galicia* (1994, vid. BILEGA 3481); *Usos lingüísticos en Galicia: Compendio do II Volume do Mapa Sociolingüístico de Galicia* (1995, vid. BILEGA 5202); *Actitudes lingüísticas en Galicia: Compendio do III Volume do Mapa Sociolingüístico de Galicia* (1996, vid. BILEGA 6799)] e da repercusión do seu comportamento lingüístico no futuro da lingua. Segundo os datos que ofrecen as enquisas do MSG, o 62.4% da poboación ten como lingua materna o galego, mais estes datos varían considerablemente se se ten en conta a idade e o hábitat dos falantes. O autor tenta responder á pregunta de cal é o papel do falante nativo na vida das linguas tendo en conta que a aprendizaxe da lingua materna é totalmente distinta á da segunda lingua; a primeira adquirese mentres que a segunda se aprende. Segundo o autor, os neofalantes de galego “usan a fonética, prosodia, sintaxe e semántica do castelán reducindo o seu *galego* á morfoloxía e certa selección léxica” (p. 381) e conclúe que “unha lingua sen falantes nativos auténticos non é tal lingua, senón un espector dela” (p. 387).

**363.** RECALDE FERNÁNDEZ, Montserrat: “Os fenómenos da desgaleguización e a (re)galeguización en Galicia”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, I, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:357-370, il. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2004], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Descrición do proceso gradual de abandono da lingua autóctona que se leva producindo en Galicia dende hai case un século, enfocándoo coma un problema multidimensional onde conviven forzas contrarias que a autora describe nos seguintes termos: “[F]ronte ás tendencias innovadoras de determinados grupos sociais temos as tendencias conservadoras doutros. Este choque de intereses prodúcese, incluso, dentro dun mesmo individuo, no que, consciente ou inconscientemente, cada elección de lingua está condicionada pola súa fidelidade ao grupo de orixe, os seus desexos de acadar un determinado status e a necesidade de adecuarse á norma social. A tensión entre factores de status e factores de solidariedade é, precisamente, a que fai que pequenas comunidades conserven a súa lingua durante séculos a pesar das presións institucionais para impoñer o uso doutro idioma, pois as tendencias ao abandono da lingua étnica a que conducen os factores de status son contrarrestadas polas tendencias á súa conservación propias dos de solidariedade” (p. 357). A análise da evolución do uso do galego desenvólvese desde dous puntos de vista: un interxeracional e outro intraxeracional. No primeiro caso mediante a comparación en catro xeracións diferentes de individuos: considerando os entrevistados o eixe central, examínase a presenza do galego en dúas xeracións de ascendentes (avós e pais) e unha de descendentes (fillos). Tomar como punto de partida a lingua dos avós e como punto de chegada a dos fillos dos entrevistados, permite traer unha liña evolutiva dentro dunha mesma familia. A visión diacrónica do emprego interxeracional do galego complétase coa comparación dos hábitos lingüísticos de entrevistados de diferentes idades, incidindo na diverxencia existente entre os de 16 a 30 anos e os que superan esta idade. A evolución intraxeracional obtense comparando a lingua habitual dos entrevistados coa súa lingua materna e describindo os cambios de lingua que eles mesmos declararon ter feito en diversas etapas da súa vida.

Vid. tamén as entradas 427, 515, 543.

## 52121 Ámbito do ensino

**364.** ALONSO ESCONTRELA, María Luisa: “Análise e diagnóstico das actitudes lingüísticas diglósicas cara ó idioma galego: Liñas xerais de intervención educativa (Alumnos de 8º de EXB)”, *RGE*, 6, 1995:121-131. | [Ed. facs. dix.]: en *Revista Galega do Ensino: Décimo aniversario (1993-2003)*, [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Política Lingüística, [2004], 1 CD-ROM. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2004], <<http://www.edu.xunta.es/ftpserver/portal/DXPL/revistagalega/rge06.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 30/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

A autora pretende analizar as actitudes cara á lingua galega que subxacen no comportamento lingüístico dos alumnos de 8º de EXB de ámbito urbano. Unha vez establecidas, expón as liñas xerais dunha intervención educativa encamiñada a modificar aquelas actitudes negativas que sosteñan condutas sociais diglósicas.

**365.** CASTRO TARRÍO, Rocío: “Usos e actitudes con respecto á lingua na Facultade de Ciencias da Información”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina



(eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, I, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:189-197. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2004], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Comunicación que pretende “mostra-los efectos sociolingüísticos nunha comunidade de individuos onde o galego funciona como *lingua de poder* [...]”. A Facultade de Ciencias da Información da USC é, posiblemente, o único lugar en todo o país onde isto acontece” e a autora trata de amosar “cal é a reacción dos alumnos de Xornalismo ante este peculiar feito: cal é o uso, cales son as opinións e cales son as actitudes, tendo en conta o contexto que os rodea” (p. 189). O traballo baséase nunha enquisa de 27 preguntas realizada en novembro de 1994 e no curso 1995-96 a 215 alumnos da Facultade, que amosa “a existencia dunha situación diglósica -por unha vez a favor do galego- debido á influencia exercida pola utilización maioritaria deste idioma por parte do profesorado” (ibid.). Nun anexo (p. 193-197) inclúese a enquisa cos resultados para cada unha das preguntas, organizados en tres columnas (alumnos que elixiron galego en 1º curso, alumnos que elixiron castelán, porcentaxe sobre o total dos enquisados).

**366.** COSTA CASAS, Xoán Xosé: “Lingua e ensino non universitario”, *Terra e Tempo*, 2ª época, 132, 2004:16-19.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Analiza brevemente a situación do galego no ensino non universitario tendo en conta a regulamentación do uso da lingua galega nas aulas e a súa presenza como idioma de docencia e relación dentro dos centros, así como as causas que fan que ese uso sexa moi deficitario.

**367.** COSTA RICO, Antón: *Historia da educación e da cultura en Galicia (Séculos IV-XX): Permanencias e cambios no contexto cultural e educativo europeo*, Vigo, Xerais, 2004, 1245 p.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. P.MEC

Amplo e ben fundamentado estudo histórico da educación e da cultura en Galicia, en que se vai contrastando a situación galega coa do resto de España e Europa. Analízanse as distintas correntes culturais e pedagóxicas e as repercusións que na cultura e no ensino teñen os distintos avatares políticos. O tema da lingua vai entremesturado ao longo da obra con outros aspectos, se ben o apdo. “Lingua galega e ensino” (p. 820-826) aborda a problemática lingüística do séc. XIX e os distintos posicionamentos dos ilustrados sobre a presenza / ausencia do galego nas aulas.

RECS.: Manuel Rodríguez Alonso, “A nosa educación a exame”, *Cartafol de libros*, 23-II-2005, <<http://www.vieiros.org/publicacions/veredicion.php?Ed=38>>, [Consulta: 08/05/2006] | X. Andrés López Cano, *Estudios Mindonienses*, 21, 2005:934-935 | María Esther Olveira Olveira, *RGen*, 48, 2006:287-288.

**368.** COSTA RICO, Antón (moder.) / FERNÁNDEZ PAZ, Agustín / PORTAS, Manuel / HARGUINDEY, Henrique: “Lingua galega e ensino”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, I, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:39-63. | [Ed. facs. en liña n.v.]:



Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2004], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Transcrición da mesa redonda que tiña como obxectivo analizar a situación da lingua galega no ensino. Nela tratáronse cuestións como a perda de falantes, a situación legal da lingua, o apoio ou non das administracións, o incumprimento das leis, a aplicación do Decreto 247/1995 do 14 de setembro, as materias que se ofertan en galego, a actitude do alumnado e do profesorado ante a lingua, a problemática da codificación, etc.

**369.** ESTEBAN RADÍO, Santiago: “Competencia léxica galego-castelán en alumnos galegos”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, I, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:215-223. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2004], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

A través dunha serie de probas realizadas en varios centros de ensino da provincia de Ourense (Ourense capital, O Carballiño, Xinzo de Limia, Boborás, Xunqueira de Ambía, Vilar de Barrio e A Rúa), o autor pretende medir os niveis de adquisición de léxico, comprensión ou recoñecemento en alumnos de 8º de EXB. Os resultados indican que os coñecementos en castelán son maiores (8'30) que en galego (6'79), do cal se deduce que “a aprendizaxe que se fai de lingua galega nas escolas de Galicia é insuficiente” (p. 223) e que non lles proporciona aos alumnos unha competencia lingüística “axeitada para que usen a lingua co dominio e seguridade necesarios” (ibid-), ao mesmo tempo que non é capaz de compensar a baixa de falantes por mor da non transmisión xeracional.

**370.** FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Xulía: “Aspectos sociolingüísticos do alumnado de EXB. Reflexións pedagóxico-didácticas”, *RGEN*, 2, 1994:91-115. | [Reed.]: “Actitudes lingüísticas dos alumnos de E.X.B. Reflexións pedagóxico-didácticas”, *Innovación educativa*, 4, 1994:21-42. | [Ed. facs. dix. da 1ª ed.]: en *Revista Galega do Ensino: Décimo aniversario (1993-2003)*, [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Política Lingüística, [2004], 1 CD-ROM. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2004], <<http://www.edu.xunta.es/ftpserver/portal/DXPL/revistagalega/rge02.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 30/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Dá a coñecer algúns dos resultados dun estudo sobre as actitudes lingüísticas cara ao galego dos estudantes de ensino primario, así como “algunhas cuestións sobre crenzas, comportamentos diglósicos, opinións e outros aspectos estudados pola Socioloxía da Linguaxe” (p. 92 da 1ª ed.). Ese estudo baseouse nunha enquisa realizada a partir dun cuestionario de 80 preguntas a uns 1.200 alumnos de 25 centros de EXB da provincia de Lugo, en que se coidou que estivesen representadas todas as zonas (rural e urbana, da mariña e da montaña). A recollida dos datos fíxose durante os meses de abril, maio e xuño de 1992 en grupos de alumnos de 5º e 8º, de colexios públicos e privados. Ademais de dar a

coñecer os resultados da enquisa, a autora pretende “facer consideracións sobre os mesmos e obter algunhas conclusións que nos axuden a coñece-lo grao de normalización do idioma galego e os usos discriminados que se fan do mesmo; ó mesmo tempo queremos reflexionar sobre a metodoloxía utilizada no proceso ensino-aprendizaxe” (ibid.).

371. RODRÍGUEZ ALONSO, Manuel: *O españolismo lingüístico*, A Coruña, Espiral Maior, 2004, 188 p. (= *Ensaio*; 22).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO

Análise dos argumentos empregados contra as linguas españolas distintas da castelá desde posicións antigaleguistas, anticatalás ou antivascas, que se poden achar nos libros de texto utilizados polos estudantes de ESO e Bacharelato de toda España -ou mesmo se manifestan nas facultades de Filoloxía- e que constitúen a vulgarización de prexuízos de lingüistas profesionais pertencentes á chamada *Escola lingüística española ou de Madrid*; todo isto testemuña o centralismo cultural vixente. Por outra banda, mantén o autor que “estes profesionais da lingüística e da filoloxía descoñecen ou desprezan os estudos de lingüística que, especialmente desde os anos sesenta e se[t]enta, se veñen facendo en Galicia, Cataluña ou Euskadi” (p. 7). O traballo céntrase basicamente na exposición e crítica das ideas lingüísticas centralistas de Ramón Menéndez Pidal, Amado Alonso, Américo Castro, Claudio Sánchez Albornoz, José Ortega y Gasset, Rafael Lapesa, Emilio Alarcos Llorach, Gregorio Salvador, Juan Ramón Lodares Marrodán, entre outros.

372. RODRÍGUEZ NEIRA, Modesto A.: “Panorama da situación sociolingüística do galego nos universitarios”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, I, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:389-402, il. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2004], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

O autor pretende ofrecer “un panorama xeral da actual situación sociolingüística do galego na poboación que acadou unha titulación universitaria ou está na súa procura. A información da que se parte procede dunha submostra de 4.158 estudantes ou titulados universitarios, tirada da mostra xeral do Mapa Sociolingüístico de Galicia. O interese por este grupo baséase tanto nas notorias diferencias sociolingüísticas que amosa respecto á poboación que realizou estudos básicos obrigatorios, coma no status prestixiado que acompaña a formación universitaria e o rol social que esta implica. Ámbolos dous trazos resultan esenciais para consideralo como grupo de elite. Por outra banda, se admitimos que os cambios lingüísticos poden estar favorecidos por aqueles sectores sociais que amosan algún tipo de prestixio e que as masas sociais tenden a emula-lo comportamento lingüístico dos sectores altos, as conductas lingüísticas desa *elite cultural* deberían repercutir no futuro da lingua galega. O grao de implantación do galego neste colectivo, especialmente nos usos prestixiados, o seu índice de mantemento ou abandono e as actitudes cara a este idioma constitúen tres predictores dos máis fiables para acomete-lo arriscado -e, sen embargo, necesario- labor de indagar no porvir da lingua galega” (p. 390).

Vid. tamén as entradas 353, 419, 420, 423, 674-1, 684.

## 52122 Ámbito da administración pública

**373.** VALVERDE JUNCAL, Miguel: *Primeira análise das webs municipais galegas*, [Ed. en liña n.v.]: [Santiago de Compostela], Consello da Cultura Galega, Observatorio da Cultura Galega, [2004], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/webs\\_municipais.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/webs_municipais.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 10/12/2004].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Comunicación presentada nos *IV Encontros Cultura e Concellos: Cultura e Novas Tecnoloxías*, organizado polo Consello da Cultura Galega en Santiago de Compostela do 15 ao 19 de xuño de 2004. Desde o punto de vista lingüístico o máis interesante é o apdo. "A lingua", en que se analiza a presenza do galego nas páxinas web dos concellos. Sinálase que no 42'7% dos casos a páxina inicial emprega o galego, nun 17'6% non se emprega nin como lingua inicial nin como opcional e nas páxinas que só utilizan un idioma a porcentaxe entre galego e castelán é idéntica.

Vid. tamén a entrada 497-1.

## 52123 Ámbito dos medios de comunicación

**374.** BUGARÍN LÓPEZ, María Jesús: "O galego no *Faro de Vigo* na década dos trinta", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, I, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:173-180. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2004], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA

Estudo do emprego do galego no *Faro de Vigo* entre xaneiro de 1930 e decembro de 1936, tomando como referencia un xornal de cada mes. Só se tiveron en conta os apdos. redactados na súa totalidade en galego e constátase a súa diminución progresiva desde o 1930 (0.84 %) ata 1936 (0.01%) para logo desapareceren totalmente a partir da Guerra Civil. Tras a análise dos contextos en que se emprega o galego, a autora conclúe que "a presenza do galego neste xornal, nesta década, é case testemuñal xa que unicamente aparece en viñetas, poesía ou contos, primeiro paso dunha lingua en conflito de cara á súa normalización" (p. 179).

**375.** CONS VARELA, Paula / PAZÓ FERNÁNDEZ, Edith: "A lingua na publicidade dos xornais galegos", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, I, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:199-214. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2004], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA

Estudo do emprego do galego na semana do 20 ao 26 de febreiro de 1995 na publicidade de tres xornais galegos: *La Voz de Galicia*, *El Correo Gallego* e *O Correo Galego*. Constátase que en *O Correo Galego* o emprego do galego acadou un 89.8 %, en *La Voz de Galicia* un 2.4 % e en *El Correo Gallego* un 7 %. Analízanse as causas da desproporción existente entre o uso do galego e do castelán na publicidade e sinálase que, fronte aos argumentos esgrimidos polos publicistas, a sociedade está maioritariamente a favor do emprego do galego neste ámbito.

**376.** DOBAO, Xosé Antón L.: “O discurso oral público galego”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:297-306. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_2.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO FORMAL)

Analízase o discurso oral público galego que integra os medios de comunicación, o teatro, os discursos parlamentarios, actos litúrxicos, etc. É neste eido onde, segundo o autor, se xoga “parte do prestixio social da lingua e a súa eficacia comunicativa” (p. 298) e onde se define a variedade formal da lingua. Analízanse os erros máis frecuentes neste tipo de discursos (entre outros, a indistinción entre vogais abertas e pechadas, a despalatalización da consoante prepalatal fricativa xorda e a entoación castelá). Segundo o autor, este modelo reflicte a situación sociolingüística de Galicia, que provoca que en contextos formais a lingua empregada “soe pouco a galego” (p. 301). O autor propón a escolla dun modelo de discurso oral, a codificación explícita deste e a súa execución.

**377.** FARIÑA MIRANDA, Carmen: “Lingua [de Aires d’a miña terra]”, en Luís Alonso Girgado (dir.) e Carmen Fariña Miranda (ed.), *Aires d’a miña terra (Bos Aires, 1908-1909)*, [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Política Lingüística, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, [2004]:59-61.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA

Breve descrición dos usos e actitudes lingüísticas desta publicación dos emigrantes galegos na Arxentina: “Chama a atención que non exista ningunha referencia á lingua, pero con todo xa desde o primeiro número aparecen colaboracións en galego, tanto en verso coma en prosa, ben é certo que en minoría [...]. O interese polo emprego da lingua galega tampouco aflora moito na revista, xa que son poucos os autores que publican nesta lingua” (p. 59-60).

**378.** FARIÑA MIRANDA, Carmen: “Lingua [de Tierra Gallega. *Semanario Regional Ilustrado*]”, en Luís Alonso Girgado (dir.) e Carmen Fariña Miranda (ed.), *Tierra Gallega: Semanario Regional Ilustrado [Montevideo, 1917-1918]*, [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Política Lingüística, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, [2004]:39-43.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA

Breve descrición dos usos e actitudes lingüísticos desta publicación dos emigrantes galegos no Uruguai vencellada á Casa de Galicia de Montevideo: “*Tierra Gallega* é unha publicación na que a lingua galega está presente como tema de consideración diferenciadora de Galicia e da cultura dos galegos. O seu uso no semanario, a pesar da súa ideoloxía rexionalista, ten unha representación moi discreta, [...] limitándose a un emprego subsidiario (concretado na reprodución de textos literarios) se o comparamos con outras publicacións escritas case exclusivamente en galego como *Arazua*, *O Irmandiño*, *Finisterre* e *Guieiro*, etc., que viron a luz tamén en Montevideo, promovidas pola comunidade galega” (p. 43).

**379.** FERNÁNDEZ SALGADO, Benigno: “O uso das linguas na publicidade da televisión de Galicia”, en Rosario Álvarez e Antón Santamarina (eds.), (*Dis*) *cursos da escrita: Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza*, [A Coruña], Fundación Pedro Barrié de la Maza, [2004]:183-235 (= *Biblioteca Filolóxica Galega / Instituto da Lingua Galega*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Estudo da lingua empregada na publicidade emitida pola TVG. Inclúe datos sobre o emprego do castelán e do galego na publicidade, tanto a nivel oral como escrito, a lingua empregada nos horarios de máxima audiencia, a lingua empregada segundo os distintos sectores (automóbiles, produtos alimentarios, bebidas, sector do fogar, etc.) ou a presenza de actitudes diglósicas en anuncios en que se empregan ambas as dúas linguas. O autor defende a galeguización da publicidade emitida pola canle autonómica xa que se trata da única televisión pública que emite en galego as 24 horas e porque os espazos publicitarios forman parte da programación xeral e, xa que logo, deben contribuir á finalidade do medio: a normalización lingüística. Así mesmo sinala que se está a vulnerar o artigo 1.13 das Normas publicitarias aprobadas o 7 de outubro de 1985.

**380.** FREIXANES, Víctor F.: “Primeiros pasos do galego na radiodifusión (1933-1936). A primeira radio galega”, *RGEN*, 29, 2000:51-66, il. | [Reed.]: *RGEN*, 41 [= *Décimo Aniversario (1993-2003): Escolma*], 2003: 447-466. | [Ed. facs. dix.]: en *Revista Galega do Ensino: Décimo aniversario (1993-2003)*, [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Política Lingüística, [2004], 1 CD-ROM. | [Ed. facs. en liña n.v. da 1ª ed.]: [2004], <<http://www.edu.xunta.es/ftpserver/portal/DXPL/revistagalega/rge29.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 30/06/2006]. | [Nova ed. reducida]: “Primeiros pasos do galego na radiodifusión 1933-1936. A primeira radio galega”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, III, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:371-383. | [Ed. facs. en liña n.v. da nova ed.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2006], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_3.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_3.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 09/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

As primeiras iniciativas radiofónicas en Galicia apareceron na década de 1930: Unión Galicia, EAJ-4 (Santiago de Compostela, 1933), Radio Coruña (A Coruña, 1934), Radio Pontevedra (Pontevedra, 1934), etc. Neste artigo estúdase a presenza da lingua galega naquelas primeiras emisoras, creadas nun país insta-

lado masivamente en galego, con moi altos índices de ruralidade e de analfabetismo, economicamente atrasado, mal comunicado, pero con minorías cada vez máis conscientes desta situación e que decidiron asumir o protagonismo do cambio social: “O galeguismo entende dende o primeiro momento que o novo medio é un vehículo extraordinario, eficaz e cheo de posibilidades para a comunicación, mesmo para o adoutrinamento de sectores da poboación [...] que ata agora viviran afastados de calquera discurso cultural, social e político” (p. 377 da nova ed.). Conclúese que, se ben a guerra civil tronizou o posible desenvolvemento do galego no medio, non é que a primeira radiodifusión galega se expresase masivamente en galego, senón que a realidade política da 2ª República introduciu un horizonte de cambio social, un novo estado de opinión (acompañado de propostas políticas e ideolóxicas) que facilitou o desenvolvemento de valores, usos e actitudes novas sobre o idioma: “O galego como lingua de uso e como código que representación, símbolo da identidade nacional do país, está presente dende os primeiros momentos da radio, ben dun xeito vehicular [...], ben dun xeito reivindicativo e culto, na tradición dos precursores e nas coordenadas ideolóxicas do galeguismo ascendente” (p. 382 da nova ed.).

**381.** HERMIDA GULÍAS, Carme: “Presenza do galego nos medios de comunicación”, en Xosé López (coord.), *A comunicación en Galicia 2004*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Sección de Comunicación, [2004]:131-148 (= *Informes*). | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2005], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/comunicacion\\_2004.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/comunicacion_2004.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 09/02/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

Análizase a presenza da lingua galega nos medios de comunicación, tanto no que se refire á información como á publicidade, entrevistas, opinión, etc., distinguindo entre prensa escrita (diaria / non diaria), radio (emisoras estatais, galegas e locais), televisión (estatal, galega e local) e internet. Conclúese que a lingua empregada pola maioría dos medios é o castelán, o cal contrasta coa lingua empregada polos galegos. Sinálase, ademais, que as empresas de comunicación afirman que a razón pola cal escollen o castelán e non o galego é que dispoñen “de enquisas internas -non difundidas- que indican que os seus receptores non admitirían un maior uso do galego” (p. 146), se ben isto entra en contradición cos datos publicados en *A información en galego* (1996, vid. *BILEGA* 5575) onde os enquisados son favorables a unha maior presenza do galego nos medios. Segundo a autora, “o único argumento que os medios poden presentar para non aumentar o uso do galego para verbalizar os seus contidos é a falta de interese por este idioma” (p. 147).

**382.** LOJO ABEIJÓN, María: “Lingua [de *Eco de Galicia*]”, en Luís Alonso Girgado (dir.) e María Lojo Abeijón (ed.), *Eco de Galicia: A Habana 1917-1936 (Anos 1917-1918)*, [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Política Lingüística, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, [2004]:39-43.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA

Breve descrición dos usos e actitudes lingüísticos desta publicación dos emigrantes galegos en Cuba: “Malia tratarse dunha revista preocupada pola defensa da cultura galega, a lingua empregada maioritariamente nela é o castelán. [...] Este bilingüismo desequilibrado outórgalle preferencia ó castelán non só polo número de artigos publicados nesta lingua, senón tamén pola temática dos mesmos. O castelán destaca nos editoriais, en columnas de opinión, nas noticias -tanto da colectividade galega

en Cuba como nas de Galicia-, na publicidade e a miúdo na poesía. Pola súa banda, as notas asinadas pola Redacción está[n] integramente escritas en castelán, polo que poderíamos concluír que a lingua da revista é o castelán con algunhas incursións no galego" (p. 39-40).

**383.** MARQUÉS VALEA, Xulia: "O emprego da lingua galega no xornal *El Compostelano*", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, I, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:321-330. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2004], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA

Análise do nivel de uso do galego no xornal *El Compostelano*, diario de información xeral cunha orientación católico-conservadora, editado en Santiago de Compostela entre 1920-1946. O período estudado é a década 1930-1940, en que se analizan "as testemuñas lingüísticas e literarias en galego que tivo o acerto de incluír nas súas páxinas" (p. 321). No seu balance final a autora subliña "o enorme interese que *El Compostelano* tivo para a difusión da cultura galega en galego entre os anos 20 e 30. Pero cómpre subliñar ademais a súa ousadía ó inserir traballos na nosa lingua en plena guerra civil e anos inmediatamente posteriores" (p. 330).

**384.** MONTEAGUDO ROMERO, Henrique (coord.) / BOUZADA FERNÁNDEZ, Xan M. (coord. e dir.) / LORENZO SUÁREZ, ANXO (dir. e inv.) / RAMALLO, Fernando (inv.): *A lingua galega nos medios de comunicación*, [Ed. en liña n.v.]: [Santiago de Compostela], Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua, 2004, 8 p., <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/c\\_lingua\\_medios.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/c_lingua_medios.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 15/10/2004].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

Ofrécense os resultados da enquisa "A lingua galega nos medios de comunicación: situacións e opinións", que se realizou por medio de chamadas telefónicas. Os entrevistados eran persoas maiores de 18 anos pertencentes a distintos ámbitos socio-culturais e residentes en núcleos de poboación pequenos e grandes. Os datos obtidos sinalan que a TVG é unha das canles preferidas, pero o nivel de preferencia diminúe con respecto á radio, a prensa escrita, o cine e internet. A diminución nestes medios explícase pola escasa presenza da lingua galega neles. Tamén se recolle a actitude favorable a un maior emprego da lingua galega nos medios de comunicación. Preguntados pola edición dun novo xornal en Galicia, a maioría (51%) cre que se debería redactar en lingua galega, un 33% cre que debían ter a mesma presenza galego e castelán e o 11% pide que teña maior presenza a lingua castelá. Os datos deste apdo. recóllense nunha táboa e clasifícanse por idade, estudos e lingua habitual.

**385.** RIVAS, Manuel (moder.) / CUETO, Juan / GUILLAMET, Jaume / LEDO, Margarita: "Lingua galega e medios de comunicación", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, I, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:97-127. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de



Compostela, Consello da Cultura Galega, [2004], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

Transcrición da mesa redonda en que se analizou a situación da lingua galega nos medios de comunicación: a presenza do galego na prensa escrita, a distinción entre medios públicos e privados, o cine, a televisión por cable, a Internet, etc. e o que iso supón para a normalización do idioma. Abordouse, ademais, o tema da publicidade, das subvencións por parte da administración a distintos medios de comunicación e o seu resultado, etc.

**386.** TÚÑEZ LÓPEZ, J. Miguel: “As estratexias lingüísticas dos medios galegos: análise da actitude de xornais e xornalistas”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, I, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:439-446. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2004], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA

A maioría dos estudos sobre o galego e os medios de comunicación acostuman estar baseados en análises cuantitativas e/ou cualitativas. Este esforzo por determinar canto galego se escribe e que galego se utiliza necesita -en opinión do autor- un enfoque máis amplo para interpretalo correctamente. Sen dúbida, interesa saber cal é o equilibrio de forzas galego-castelán nos medios que se editan ou que emiten en Galicia, porque esa convivencia está marcada pola rivalidade, xa que hai un tempo e un espazo concreto para a emisión de contidos que só poden estar elaborados nunha lingua. Pero interesa, ademais, saber cal é a estratexia lingüística de medios e xornalistas, é dicir, saber porque escriben nunha ou noutra lingua e coñecer cal é o valor que se lle outorga a esa escolla do soporte lingüístico en que se vehiculan os contidos cara aos consumidores. Este traballo analiza a estratexia e as actitudes lingüísticas dos xornais galegos e dos xornalistas que traballan en Galicia, unha das comunidades con maior concentración de cabeceiras de xornais e cunha publicación diaria escrita en galego.

Vid. tamén a entrada 418.

## 52124 Ámbito relixioso

**387.** LÓPEZ MUÑOZ, Daniel / GARCÍA CENDÁN, Bernardo / OBRADOIRO DE SOCIOLOXÍA S. A. (mostraxe e traballo de campo): *Receptividade do galego na liturxia: estudio de opinión e actitudes sobre unha eventual introducción do idioma galego como vehículo ordinario da liturxia en Galicia*, [Ed. n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua, 2000, 96 p. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia, [2004], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_liturxia.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_liturxia.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 18/01/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C



O estudo apóiase en dúas enquisas: a) unha xeral constituída por 1.400 entrevistas cun cuestionario pechado de 12 preguntas; b) unha selectiva de 400 entrevistas realizadas en dez parroquias, cinco con liturxia en galego e cinco con liturxia en castelán, cun cuestionario pechado de cinco preguntas. O obxectivo desta distinción é obter datos tanto da poboación xeral galega como daquel sector máis comprometido co feito relixioso. Na primeira parte do traballo recóllense os resultados da enquisa xeral e na segunda os da enquisa selectiva relativos, nos dous casos, ás valoracións relixiosas, ás actitudes e usos lingüísticos e ao grao de aceptación da liturxia en galego. As conclusións amosan que nos dous grupos considerados as actitudes cara á normalización do galego na liturxia son moi positivas pero sen chegar a considerar esta posibilidade como algo necesario ou prioritario. Sinálase o contraste que supón que a Igrexa galega estea fortemente castelanizada co feito de que a porcentaxe de poboación máis comprometida co feito relixioso sexa a galego-falante. Reclámase un maior compromiso co idioma por parte dos sacerdotes e das autoridades relixiosas de Galicia.

## 52125 Ámbito socioeconómico

**388.** FORMOSO GOSENDE, Valentina: “Análise da situación lingüística na empresa galega”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, I, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:283-290. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2004], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Estudo da situación da lingua galega no mundo empresarial galego a partir dos datos da enquisa cuberta por 63 empresas, en xeral pequenas e medianas. Os resultados indican que a lingua oral máis habitual entre os traballadores é o galego, se ben na atención ao público o máis habitual é a utilización do castelán. O castelán tamén é a lingua máis empregada nos escritos (63% das empresas), mentres que só un 3% utiliza o galego. Segundo a autora, cumpriría actuar en varias fronteiras por medio de campañas de sensibilización e concienciación, entre outras, creación dun servizo central de normalización lingüística, organización de cursos de formación, etc.

**389.** FORMOSO GOSENDE, Valentina: “Apuntamentos sobre a lingua galega na empresa no século XX = Some Remarks on the Use of Galician Language Within the Business Sector in the 20th Century”, *Madrygal*, 7, 2004:51-62. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2005], <<http://www.ucm.es/BUCEM/revistas/fll/11389664/articulos/MADR0404110051A.PDF>>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/01/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Analiza a presenza da lingua galega no mundo empresarial, basicamente no período que abrangue desde a aprobación do Estatuto de Autonomía de Galicia (1981) ata o ano 1999. Son obxecto de análise as actuacións levadas a cabo desde a Administración para fomentar o uso da lingua neste ámbito

-materiais de apoio, campañas de concienciación, pero basicamente subvencións- e os seus escasos resultados.

**390.** PENA, Alberto: “A comunicación publicitaria e corporativa”, en Xosé López (coord.), *A comunicación en Galicia 2004*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Sección de Comunicación, [2004]:75-93 (= *Informes*). | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2005], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/comunicacion\\_2004.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/comunicacion_2004.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 09/02/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Vid. o apdo. “O uso da lingua galega na comunicación publicitaria” (p. 84-88), en que se constata a escasa presenza do galego no mundo da publicidade e o carácter rural que se lle atribúe, ao ser maior a súa presenza cando os destinatarios son xente de idade e do ámbito rural. Sinálase tamén que as empresas empregan a lingua galega cando queren adoptar un posicionamento solidario. No que respecta á publicidade de institucións públicas, criticase o intento de empregar unha lingua o *menos galega* posible, “un novo idioma que podería chamarse algo así como galegoñol” (p. 87).

Vid. tamén a entrada 411.

## 52126 Ámbito da literatura

**391.** FORNEIRO PÉREZ, José Luís: *Allá em riba un rey tinha una filha: Galego e castelhana no romanceiro da Galiza*, Ourense, Difusora de Letras, Artes e Ideas, 2004, 190 p. (= *Colecção Eidos*; 2).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

Detallado estudo das interferencias lingüísticas que amosan os textos dos romances tradicionais de Galicia, o cal serve ao autor para reflexionar sobre lugares comúns verbo da realidade lingüística galega asumidos como certos na historia. Ao mesmo tempo, rexistra e documenta toda unha serie de usos históricos do galego (hoxe, nalgúns casos, perdidos), habitualmente considerados como propios unicamente do portugués. Constitúe unha importante contribución á historia da lingua, á sociolingüística e á poética do romanceiro, con novas reflexións sobre as relacións lingüísticas entre galego e castelán. O traballo estrutúrase en dúas partes: “O bilingüismo da Galiza e a mistura lingüística do romanceiro galego” (p. 23-64), en que se analiza a situación lingüística de Galicia e as causas da presenza do castelán e do galego no romanceiro; “Interese filolóxico da lingua do romanceiro galego” (p. 65-180), onde se estudan os aspectos fonéticos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos do romanceiro.

Recs.: Armando Requeixo Cuba, *Tempos Novos*, 89, 2004:74.

**392.** GONZÁLEZ MILLÁN, Xoán (moder.) / CABANA, Darío Johán / FIGUEROA, Antón / MÉNDEZ FERRÍN, Xosé Luís / REIXA, Antón: “Lingua galega e literatura”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, I, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:65-96. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2004],

<[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Transcrición da mesa redonda en que se abordou a relación entre a lingua e a literatura galegas, a partir de reflexións dos distintos membros da mesa sobre a normalidade / non normalidade da literatura galega, as distintas tendencias, a normativización e a liberdade do escritor á hora de crear o propio estilo, a tradución de obras literarias ao galego, o léxico, as interferencias lingüísticas, a busca dun galego entre os anos 1950 e 1960 e na actualidade, a construción dunha lingua galega literaria, etc.

Vid. tamén as entradas 176, 440, 478.

## 521271 Traballos sobre grupos de idade

**393.** APARICIO FRANCISCO, Marcos: “A lingua dos máis novos: problemas e perspectivas”, en Maria do Amparo Tavares Maleval (org.), *Estudos Galegos 4*, Niterói, Rio de Janeiro, Universidade Federal Fluminense, Núcleo de Estudos Galegos, 2004:149-161.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Análise sociolingüística da mocidade galega a partir da cal o autor distingue tres grupos, segundo a lingua habitual e as actitudes cara ao galego: 1) os castelán-falantes, 2) os galego-falantes, 3) os galego-falantes regaleguizados.

**394.** CASARES BERG, Håkan / FERNÁNDEZ SALGADO, Xosé Antonio / LOREDO GUTIÉRREZ, Xaquín / SUÁREZ FERNÁNDEZ, Isabel / PEREIRO ROZAS, Arturo X. / GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel / RODRÍGUEZ NEIRA, Modesto A. / DOSIL MACEIRA, Agustín / PÉREZ VILARIÑO, José: “Actitudes lingüísticas de mozos e mozas galegos: unha exploración con entrevistas en profundidade”, en Anxo M. Lorenzo Suárez, Fernando Ramallo e Xoán Paulo Rodríguez Yáñez (eds.), *Bilingual Socialization and Bilingual Language Acquisition = Socialización bilingüe e Adquisición lingüística bilingüe: Proceedings from the Second International Symposium on Bilingualism = Actas do Segundo Simposio Internacional sobre o Bilingüismo (University of Vigo, Galicia-Spain, October 23-26, 2002)*, [Ed. dix.]: [Vigo], Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións, 2004:1625-1642 [CD-ROM]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Seminario de Sociolingüística e Bilingüismo, [2005], <<http://webs.uvigo.es/ssl/actas2002/09/03.%20Hakan%20Casares%20et%20al..pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 01/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Mediante o recurso á técnica da entrevista en profundidade con preguntas listadas, os autores tratan de achegarse “ás representacións asociadas ás dúas linguas en contacto [galego e castelán] e ós acontecementos vividos de forma individual en torno a elas” (p. 1625). Sen deixar de ter en conta os discursos verbo da lingua que elaboran os suxeitos, “boa parte da entrevista aborda outro tipo de cuestións relacionadas coas súas historias persoais que poden orientar na interpretación da falta de consistencia, que mesmo se ten interpretado como unha aparente contradición, entre actitudes e conductas lingüísticas nos diferentes estudos sociolingüísticos realizados entre mozos galegos” (p. 1625-1626). Esa

falta de consistencia amosárase nas actitudes xerais positivas cara ao galego e o uso pouco estendido do mesmo entre ese sector da poboación. O traballo trata de afondar nas causas desa inconsistencia no plano das actitudes, a través da ilustración con parte dos resultados obtidos do diagnóstico actitudinal realizado para o proxecto “Deseño de medidas para mellora-las actitudes cara ó galego e incrementa-lo seu uso” (2002, vid. *BILEGA* 11780), desenvolvido polo Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega.

**395.** LOREDO GUTIÉRREZ, Xaquín / PEREIRO ROZAS, Arturo X. / CASARES BERG, Håkan / SUÁREZ FERNÁNDEZ, Isabel / FERNÁNDEZ SALGADO, Xosé Antonio / REAL DEUS, Eulogio: “Medición indirecta das actitudes lingüísticas dos mozos galegos coa técnica *matched-guise*: estereotipos físicos”, en Anxo M. Lorenzo Suárez, Fernando Ramallo e Xoán Paulo Rodríguez Yáñez (eds.), *Bilingual Socialization and Bilingual Language Acquisition = Socialización bilingüe e Adquisición lingüística bilingüe: Proceedings from the Second International Symposium on Bilingualism = Actas do Segundo Simposio Internacional sobre o Bilingüismo (University of Vigo, Galicia-Spain, October 23-26, 2002)*, [Ed. dix.]: [Vigo], Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións, 2004:1707-1724 [CD-ROM]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Seminario de Sociolingüística e Bilingüismo, [2005], <<http://webs.uvigo.es/ssl/actas2002/09/08.%20Xaquín%20Loredo%20et%20al..pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 01/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Os datos do MSG testemuñan a importancia da variable idade para explicar as diferenzas nos usos lingüísticos entre o galego e o castelán: “A medida que a idade descende prodúcese unha diminución progresiva do galego como lingua habitual, circunstancia que se agrava se o seu hábitat de residencia é urbano” (p. 1707). Canto ás actitudes lingüísticas dos mozos galegos, os estudos realizados non amosan “unhas actitudes lingüísticas *consistentes* coa diminución do uso, senón que incluso informan de que as persoas máis novas son as que presentan unhas actitudes máis favorables cara ao emprego do galego” (p. 1707-1708). Porén, eses estudos “non permiten facer unha valoración actitudinal distintiva das características fonéticas e prosódicas (i.e., acento) propias das distintas variedades lingüísticas, senón que maioritariamente sondan de xeito directo as referidas a unha e outra lingua (i.e., galego e castelán), por medio de cuestionarios” (p. 1708). Tratando de superar esta limitación e mediante o recurso á técnica de *matched-guise*, o obxectivo deste traballo é “sondar estereotipos físicos asociados ás variedades lingüísticas das dúas linguas que coexisten en Galicia. Con este propósito, utilizouse a información verbal procedente de dous falantes que se expresan publicamente nas variedades lingüísticas manipuladas. O universo obxecto do estudo foron mozos de 14 a 20 anos de toda Galicia que cursaban educación secundaria obrigatoria, ciclos formativos e bacharelato. O contexto elixido foron os medios de comunicación, xa que estes constitúen o ámbito de uso público por excelencia da lingua, polo que pode ser considerado idóneo para sondar as valoracións que os mozos fan dos falantes que empregan publicamente as diferentes variedades” (p. 1709).

**396.** PEREIRO ROZAS, Arturo X.: “Actitudes lingüísticas e estereotipos profesionais e físicos asociados, atopados nos mozos galegos: un estudo exploratorio con *matched-guise* = Linguistic Attitudes and Related Professional and Physical Stereotypes Found in Galician Young People: An Exploratory Study Using a *Matched-Guise* Technique”, en Fabio Chiocchetti, Vittorio dell’Aquila e Gabriele Iannàccaro (eds.), *Alpes Europa: Neves enrescidas soziolingüísticas*

*tl Europa = Nuove ricerche sociolinguistiche in Europa = Neue soziolinguistische Fotschungen in Europa: Ac dl convegn = Atti del convegno = Akten des Symposiums Alpes Europa (Vich, 26-28 ottobre 2000)*, [s.l.], Regione Autonoma Trentino-Alto Adige = Autonome Region Trentino Südtirol / Istitut Cultural Ladin «Majon di Fascegn» / Centre d'Études Linguistiques pour l'Europe, [2004]:223-243.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Estudo das actitudes lingüísticas de mozos de ensino medio e universitario a partir da técnica *matched-guise*. A proba consistía en escoitar distintas voces e indicar a seguir a súa profesión e adiviñar o seu rostro a partir de varios presentados polos entrevistadores. As voces que escoitaban respondían ás seguintes características: 1) Galego con fonética e entoación próximas ao castelán; 2) Galego con entoación e fonética galegas; 3) Castelán con fonética e entoación próximas ao castelán; 4) Castelán con entoación e fonética próxima ao galego. Os resultados obtidos na análise indican que os mozos galegos presentan unhas actitudes desfavorables fundamentalmente ao acento galego, así como a existencia de estereotipos profesionais e físicos asociados á lingua [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

**397.** RIVERO, Manuel: “Da perda de talento á cultura dos genéricos”, [Ed. en liña n.v.]: Portal Galego da Língua, 30-X-2004, <[http://www.agal-gz.org/modules.php?name=Downloads&d\\_op=viewdownload&cid=3&min=30&orderby=titleA&show=10](http://www.agal-gz.org/modules.php?name=Downloads&d_op=viewdownload&cid=3&min=30&orderby=titleA&show=10)>, [Formato: PDF], [Consulta: 23/05/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

Analiza a perda de vocabulario referido á flora e á fauna na poboación máis nova, con tendencia a empregar nomes xenéricos. O estudo está baseado nas enquisas realizadas a 107 persoas de tres parroquias da Limia Baixa e unha da Mariña lucense, en que se lles preguntaban nomes de paxaros, herbas e tipos de peras e mazás. No “Anexo” inclúense os nomes máis reiterados segundo a idade dos informantes, constantándose a perda de vocabulario nestes eidos na xente máis nova, coa tendencia ao emprego dos nomes xenéricos.

**398.** SUÁREZ FERNÁNDEZ, Isabel / CASARES BERG, Håkan / FERNÁNDEZ SALGADO, Xosé Antonio / LOREDO GUTIÉRREZ, Xaquín / GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel / RODRÍGUEZ NEIRA, Modesto A. / DOSIL MACEIRA, Agustín / PÉREZ VILARIÑO, José: “Aproximación cualitativa ás actitudes lingüísticas dos mozos galegos. Resultados dunha investigación baseada en grupos de discusión”, en Anxo M. Lorenzo Suárez, Fernando Ramallo e Xoán Paulo Rodríguez Yáñez (eds.), *Bilingual Socialization and Bilingual Language Acquisition = Socialización bilingüe e Adquisición lingüística bilingüe: Proceedings from the Second International Symposium on Bilingualism = Actas do Segundo Simposio Internacional sobre o Bilingüismo (University of Vigo, Galicia-Spain, October 23-26, 2002)*, [Ed. dix]: [Vigo], Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións, 2004:1725-1740 [CD-ROM]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Seminario de Sociolingüística e Bilingüismo, [2005], <<http://webs.uvigo.es/ssl/actas2002/09/09.%20Isabel%20Suarez.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 01/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Os estudos sociolingüísticos desenvolvidos en Galicia na década de 1990 adoitan informar de elevadas competencias na lingua galega e dunha mellora nas actitudes xerais cara a ela que, porén, non se corresponden con maiores niveis de uso por parte da poboación. Esta aparente inconsistencia resulta especialmente evidente nos grupos de idade máis novos, no ámbito urbano e nos sectores sociais máis favorecidos. A constatación desta tendencia vén cuestionar as predicións que na década de 1970 auguraban unha recuperación do galego nas zonas máis urbanizadas e entre os máis mozos e cultivados. Para tratar de determinar a natureza desta inconsistencia entre usos e actitudes lingüísticas que amosa a mocidade galega están a desenvolverse novas liñas de investigación que, fronte ás técnicas de medición directa das actitudes lingüísticas, mostran a idoneidade de técnicas de medición indirecta. As últimas son as que se adoptan neste traballo, que ofrece resultados dunha investigación baseada na aproximación cualitativa ás actitudes lingüísticas dos mozos galegos empregando como técnica de análise o grupo de discusión. Os autores parten da hipótese de que “entre os mozos galegos existen actitudes máis negativas cara ó galego do que atopan os estudos que empregan técnicas cuantitativas de medición e que estas poderían emerxer recreando escenarios onde se puideran observar discursos sociais que evitasen as distorsións que ocasiona o fenómeno da desexabilidade social na medición das actitudes lingüísticas mediante cuestionarios” (p. 1726). Os resultados aquí expostos foron “obtidos mediante a elaboración de 13 grupos de discusión integrados por mozos galegos con idades comprendidas entre os 17 e os 28 anos. As definicións que van facer os actores da situación actual da lingua galega difiren notablemente segundo as variables tomadas en consideración no deseño dos grupos. Estas eran a lingua habitual dos participantes e o seu lugar de residencia. Así, mentres para moitos castelanfalantes urbanos a situación do galego mellorou notablemente nos últimos anos, sendo percibido nalgúns casos este avance como excesivamente acelerado e *forzado*, os galegofalantes do mesmo tipo de hábitat definen a situación en termos de minorización respecto do castelán. Presumíase ademais que poderían existir diferentes discursos en función da idade e o xénero do[s] actantes, polo que se tratou de respectar certa heteroxeneidade na distribución destas características nos diferentes grupos” (p. 1726-1727). En definitiva, “[m]ediante a análise dos discursos relativos ás valoracións sociais en torno á lingua achegámonos ás representacións da realidade social da lingua galega e, deste xeito, tratamos de desentrañar as actitudes subxacentes nos diferentes tipos de discurso e as súas implicacións no comportamento lingüístico dos distintos grupos sociais” (p. 1727).

Vid. tamén as entradas 399, 402.

## 521272 Traballo sobre zonas xeográficas

**399.** FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, Mauro: “O uso do galego nos espazos urbanos”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, I, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:245-255, il. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2004], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Estudo da situación da lingua galega nos espazos urbanos e na xente máis nova, partindo dos datos do MSG [*Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia: Compendio do I Volume do Mapa Sociolingüístico de Galicia* (1994, vid. BILEGA 3481); *Usos lingüísticos en Galicia: Compendio do II Volume do Mapa Sociolingüístico de Galicia* (1995, vid. BILEGA 5202)]. Os datos indican que os monolingües galegos nas zonas urbanas supoñen un 11,8 % e máis galego un 30,9 %, pero estes datos varían segundo a idade dos entrevistados, a existencia ou non de zonas periféricas, a procedencia (cidade, vila, aldea), etc. Os datos indican que “Pontevedra, Ferrol, A Coruña e Vigo, por esta orde, oriéntanse cara ó castelán, e Santiago, Ourense e Lugo, mesmo estando tamén orientados cara ó castelán, teñen algún galegofalante máis cás outras” (p. 255).

**400.** VALCÁRCEL RIVEIRO, Carlos: “Dinámicas xeolingüísticas na Galicia interior: o exemplo da Ribeira Sacra”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, I, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:447-465, 5 mapas, il. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2004], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Situándose nun nivel macroxeolingüístico e adoptando as directrices da xeografía humana e da sociolingüística, o autor trata de analizar as dinámicas socioespaciais que determinan a variación interlingüística castelán-galego na comarca da Ribeira Sacra, concretamente nos concellos de Pantón (LU), Sober (LU), Nogueira de Ramuín (OU), Parada de Sil (OU), A Teixeira (OU) e Castro Caldelas (OU). Este espazo lingüístico caracterízase “[c]omo no resto do país, [...] pola cohabitación de dúas linguas no *continuum* xeosocial: o galego, a variedade autóctona, e o castelán, a variedade foránea ou implantada. A sociolingüística xa ten descrito as pautas diglósicas que marcan a relación entre ambas as linguas; tradicionalmente, o castelán é identificado como lingua de prestixio, foi máis utilizado na escola, na igrexa e na administración, mentres que o uso do galego mantivo a súa vitalidade nos espazos privados -familia, amigos, veciños-. Así e todo, nos dous últimos decenios, unha serie de medidas administrativas foron desenvolvidas para potenciar o uso do galego [...]” (p. 451-452). O traballo trata de demostrar que “a evolución dos usos lingüísticos [na Ribeira Sacra] e toda a política seguida durante este tempo para redefinir a cohabitación castelán-galego non son alleas ó desenvolvemento socioeconómico e ás medidas de ordenamento territorial” (p. 452).

**401.** VILLAMIL TOURIÑO, Asunción: “Gallegos en Madrid: actitudes y mantenimiento de la Lengua Gallega = Galician People in Madrid: Attitudes and Language Maintenance”, *Madrygal*, 7, 2004:123-132. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2005], <<http://www.ucm.es/BUCM/revistas/fil/11389664/articulos/MADR0404110123A.PDF>>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/01/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Análise das actitudes lingüísticas dos emigrantes galegos en Madrid a partir de enquisas realizadas a dous grupos xeracionais: 1) persoas entre 40 e 64 anos (primeira xeración); 2) persoas entre 16 e 30 anos (segunda xeración). Os resultados obtidos levan ao autor a concluír que a segunda xeración



posúe unha destreza pasiva da lingua e ambas as dúas xeracións teñen unha actitude positiva cara ao galego, se ben a transmisión xeracional na maioría dos casos se rompe.

## 5212721 Traballos sobre zonas do galego exterior

**402.** FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Ángel: “¿Como ta a fala entre a moxedá? Un estudio en Tapia”, *Entrambasauguas*, 20, 2004:12-14.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA (FALAS GALEGAS DE ASTURIAS)

Estudo da situación do galego nos concellos de Tapia e O Franco (AS), baseado nos datos dunha enquisa realizada a estudantes de Primaria, ESO e Bacharelato. A análise destes datos permite ao autor concluír que a castellanización é cada vez maior e cada xeración máis nova usa máis castellanismos. Tamén é importante o influxo do galego estándar a partir da inauguración en 1985 das emisións da RTVG, xa que leva a modificar algúns aspectos lingüísticos característicos da zona. Para a conservación da variedade local cómpre, segundo o autor, o seu uso nos medios de comunicación, a difusión de textos escritos e a escolarización dos alumnos nela.

**403.** FERNÁNDEZ REI, Francisco: “A situación do galego nas comarcas occidentais de Asturias, León e Zamora”, en Henrique Monteagudo e Xan M. Bouzada (coords.), *O proceso de normalización do idioma galego*, III: *Elaboración e difusión da lingua*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua, [2003]:363-434, 5 mapas (= *Colección Base*). | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2004], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/normalizacion\\_III.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/normalizacion_III.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/07/2004].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. INF. DIATÓPICA (FALAS GALEGAS DE ASTURIAS, LEÓN E ZAMORA)

Análise da situación sociolingüística das zonas de fala galega de Asturias, León e Zamora. O artigo artéllase en base a oito apdos: 1) “Xeografía e demografía” (p. 364-366), onde se identifican os concellos de fala galega e se indica o número de habitantes de cada un; 2) “Diglosia conflitiva e conciencia lingüística” (p. 366-370), que ofrece unha panorámica da situación sociolingüística destas zonas “cun moi acelerado proceso de substitución do galego polo castelán” (p. 366); 3) “Usos lingüísticos” (p. 370-373), onde se estuda a transmisión do galego de pais a fillos e a súa situación na escola; 4) “Status legal” (p. 373-381), centrado nos estatutos das CC.AA. e outras normas legais que fan referencia ao uso do galego nestas áreas; 5) “Reivindicación da galegitude lingüística” (p. 381-392), onde se presta atención ás accións a prol do galego levadas a cabo por asociacións culturais e distintos colectivos; 6) “Iniciativas institucionais” (p. 392-407), onde se abordan as distintas iniciativas emprendidas por institucións de Castela e León, Asturias e Galicia; 7) “Codificación do galego estremeiro” (p. 408-411), cunha análise das *Normas ortográficas e morfolóxicas del galego de Asturias* (1990, vid. *BILEGA* 1251) da MDGA e a *Proposta de normas ortográficas y morfolóxicas del ga(l)lego asturiano* (1993, vid. *BILEGA* 5393) da Consejería d’Educación, Cultura, Deportes y Xuventú do Principado de Asturias; 8) “Propostas (urxentes) para a normalización do galego estremeiro” (p. 411-416): referidas ao ensino, a toponimia, os medios de comunicación, circuitos culturais, a creación dunha Secretaría para os territorios limítrofes, etc.



**404.** FERNÁNDEZ REI, FRANCISCO: “Máis alá: a herdanza da lingua que nos une”, *A Trabe de Ouro*, 60, 2004:123-126 [555-559].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. INF. DIATÓPICA (FALAS GALEGAS DE ASTURIAS, LEON, ZAMORA E ESTREMADURA)

Texto lido no *I Encontro nos Pendellos d'Agolada*, celebrado en novembro de 2004. Céntrase basicamente na situación sociolingüística do galego exterior (Asturias, Castela-León e Extremadura), salientando o labor de reivindicación destas falas levado a cabo por certos sectores sociais e os atrancos cos que se enfrontan.

**405.** VEGA BALLESTEROS, FRANCISCO: “Situación lingüística actual del *gallego exterior* hablado en la comarca de Sanabria (Zamora). Problemas dialectológicos y sociolingüísticos”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, I, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:579-612, 3 mapas. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2004], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA (FALAS GALEGAS DE ZAMORA)

O estudo das variedades dialectais da área de transición entre o galego e o leonés denominada Alta Sanabria ofrécelle ao autor a posibilidade de reflexionar sobre aspectos teóricos do comportamento lingüístico das comunidades que reflicten diversos graos de variabilidade. Para investigar sobre as ditas variedades dialectais organiza o artigo nos seguintes apdos.: 1) “Introducción” (p. 579-581); 2) “Problemas dialectológicos” (p. 581-588). Neste segundo apdo. estúdase a zona de Sanabria como un *continuum* dialectal, analizando as variedades transicionais do galego exterior sanabrés e ofrecendo algunhas observacións sobre a natureza das variedades fronteirizas; 3) “Problemas sociolingüísticos” (p. 588-598), en que, mediante a aplicación dun modelo de cuestionario sociolingüístico, se analiza a competencia lingüística da comunidade de fala galega de Sanabria e as súas actitudes respecto á identidade etnolingüística. Finalmente, o apdo. 3 tamén ofrece algunhas observacións sobre a planificación lingüística que inclúen novas propostas normalizadoras para o ensino.

Vid. tamén as entradas 300, 324.

## 521273 Traballos sobre comunidades de emigrantes

**406.** GUGENBERGER, EVA: “Consecuencias do contacto lingüístico entre o galego e o castelán: o caso dos inmigrantes galegos en Bos Aires”, en Anxo M. Lorenzo Suárez, Fernando Ramallo e Xoán Paulo Rodríguez Yáñez (eds.), *Bilingual Socialization and Bilingual Language Acquisition = Socialización bilingüe e Adquisición lingüística bilingüe: Proceedings from the Second International Symposium on Bilingualism = Actas do Segundo Simposio Internacional sobre o Bilingüismo (University of Vigo, Galicia-Spain, October 23-26, 2002)*, [Ed. dix.]: [Vigo], Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións, 2004:1167-1185 [CD-ROM]. | [Ed. facs. en

liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Seminario de Sociolingüística e Bilingüismo, [2005], <<http://webs.uvigo.es/ssl/actas2002/05/04.%20Eva%20Gugenberger.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 01/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

A alta taxa de inmigrantes galegos en Bos Aires (xunto cos italianos) podería facer pensar nunha alta presenza dos idiomas galego e italiano. Porén, ao comparar as dúas colectividades máis numerosas con outros grupos inmigratorios en Arxentina, chama a atención que o proceso de substitución da lingua inmigrante foi bastante rápido (no caso do galego, practicamente dunha xeración a outra). É preciso facer unha análise detallada de todos os factores lingüísticos e extralingüísticos que actuaron en contra do galego na emigración. Pero, ademais de factores desfavorables xerais, hai que ter en conta dous factores específicos que, en opinión da autora, contribuíron decisivamente á aceleración da perda do galego na emigración: a) a situación social e a relación entre o galego e o castelán en Galicia, debido á cal o proceso de incorporación de elementos casteláns ao galego xa comezou moitos antes do fenómeno migratorio; b) o grao de proximidade interlingüística entre as dúas linguas, que trouxo como consecuencia que o galego se considerase como *idioma cuberto* a respecto do castelán como *idioma teito*. Isto provoca a elevada frecuencia e a relativa profundidade dos fenómenos de interferencia entre as dúas linguas, especialmente dende o segundo cara ao primeiro. Para a autora, este feito tamén constitúe un factor acelerador do desprazamento da galego na emigración. O traballo está dedicado precisamente a analizar as interferencias entre as dúas linguas en contacto, tratando de amosar o impacto que sufriu o galego falado polos inmigrantes en Bos Aires.

407. SOTO ANDIÓN, Xosé: “Factores que inciden no proceso de desgaleguización dos inmigrantes galegos en Buenos Aires”, en Anxo M. Lorenzo Suárez, Fernando Ramallo e Xoán Paulo Rodríguez Yáñez (eds.), *Bilingual Socialization and Bilingual Language Acquisition = Socialización bilingüe e Adquisición lingüística bilingüe: Proceedings from the Second International Symposium on Bilingualism = Actas do Segundo Simposio Internacional sobre o Bilingüismo (University of Vigo, Galicia-Spain, October 23-26, 2002)*, [Ed. dix.]: [Vigo], Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións, 2004:1207-1222 [CD-ROM]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Seminario de Sociolingüística e Bilingüismo, [2005], <<http://webs.uvigo.es/ssl/actas2002/05/06.%20Xose%20Soto%20Andion.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 01/03/2006]. | [Reed.]: “Factores que inciden no proceso de desgaleguización dos inmigrantes galegos en Buenos Aires = Factors that Make Up the Process of *Desgaleguización* of the Galician Inmigrants in Buenos Aires”, *Madrygal*, 7, 2004:103-112. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2005], <<http://www.ucm.es/BUCM/revistas/fl/11389664/articulos/MADR0404110103A.PDF>>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/01/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

O fenómeno da migración supón o encontro entre dúas sociedades, que dá lugar a unha serie de novas identidades e vivencias. A lingua, como vehículo de comunicación e como símbolo de identidade cultural, resulta afectada por estes contactos e conflitos culturais. O caso dos emigrantes galegos, que no transcurso das décadas 1940-1960 tiveron como un dos principais lugares de destino Bos Aires, é un dos que menos atención ten recibido dende o punto de vista lingüístico. Este traballo trata de iden-

tificar os factores que determinan o actual proceso de desgaleguización dos emigrantes galegos a Bos Aires, a partir da análise de quince entrevistas (cun total aproximado de vinte horas de gravación) realizadas na capital argentina a galegos e fillos de galegos, ás que se engaden diversas notas tiradas de emigrantes retornados. O autor diferencia factores externos (fundamentalmente de carácter socioeconómico) e factores internos (sobre todo de tipo psicolóxico), malia recoñecer que ambos os dous tipos están interrelacionados e se poden condicionar mutuamente. Entre estes últimos, dedícalles especial atención aos fenómenos de interferencia debidos ao contacto do galego co castelán.

## 5213 Traballos sobre a variación lingüística

**408.** KABATEK, Johannes: “A diferenciación diafásica do galego actual”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:379-388. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_2.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIAFÁSICA

En primeiro lugar, explícase o significado do termo *variación diafásica*, introducido por Eugenio Coseriu na década de 1950 e cuxa interpretación tradicionalmente produciu malentendidos. En segundo lugar, estúdase o proceso creador da diferenciación diafásica. A conquista de novos ámbitos de uso polo galego representa “a creación de algo novo, que esixe a intervención *activa* dos falantes” (p. 382). Segundo o autor, na actualidade estase a crear unha nova distinción dentro do galego que leva á diferenciación dunha lingua *alta* e *culta*, fronte á lingua falada e dialectal: “O que intervén aquí de forma decisiva é a *reflexión* dos falantes, xa que a produción dos textos novos se leva ó cabo en moitos casos cunhas altas posibilidades de elaboración” (p. 383). Finalmente, enuméranse algunhas das características desta diferenciación interna, tanto de tipo fonético como morfolóxico e léxico. Conclúese que as diferentes tendencias son resultado dun proceso de creación en que se observa como as diversas condicións de produción dos textos levan ao predominio de distintos tipos de interferencia.

Vid. tamén as entradas 88, 142, 552.

## 52141 O contacto do galego co castelán

**409.** DIÉGUEZ GONZÁLEZ, Júlio: “*Línguas em contacto* na Galiza Baixo-medieval”, *RGaF*, 5, 2004:33-51.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. ME | 5. LINGUA ESCRITA

Estudo das dificultades xurdidas por mor da substitución do galego-portugués polo castelán nos documentos xurídicos da Idade Media. Segundo o autor, nos textos percíbese o peso da tradición escrita en galego e o uso oral, mais hai indicios de que “o castelano é já percebido como marca de autoridade”.

de" (p. 47). Sinálase o feito de que nas partes máis formularias e rituais se empregan as formas antropológicas castelanzadas, mentres que os topónimos manteñen en xeral a forma galega.

**410.** LORENZO SUÁREZ, ANXO M.: "Algunhas consideracións teóricas sobre as consecuencias funcionais e estruturais do contacto na lingua galega", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, I, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:509-524. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2004], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

O contacto lingüístico entre o galego e o castelán en Galicia permite observar e analizar un amplo abano de aspectos sociolingüísticos de interese e de relevancia teórica, metodolóxica ou aplicada, uns máis abeirados cara á forma e á estrutura das variedades en contacto, outros máis arrimados aos elementos sociais e culturais vinculados aos individuos e aos grupos sociais. A carencia dunha disciplina propia, que teña como obxecto de estudo as situacións de contacto nun sentido amplo e diversificado, non impide analizar aquelas consecuencias sociais e culturais e estruturais mediante as ferramentas conceptuais e as perspectivas de análise dos diversos paradigmas que foron conformando o campo de estudo do contacto lingüístico. Desde a perspectiva do contacto de linguas, a análise da situación da lingua galega en contacto co castelán tende a concentrarse en dous aspectos: 1) a evolución funcional dos procesos de mantemento e de substitución social do galego; 2) a evolución estrutural do galego en tanto que sistema formal xenuíno e diferenciado do castelán. Neste traballo abórdanse tres aspectos relacionados coa interpretación da evolución funcional e estrutural da lingua galega en contacto: a) os diversos enunciados que atinxen á interpretación da súa situación e evolución estrutural; 2) o interese de distinguir entre descrición sociolingüística e prescrición á hora de categorizar o estatus e mais o alcance das observacións sobre a súa evolución estrutural; 3) a proposta dunha definición dos procesos funcionais do contacto baseada nun dobre plano de análise que distinga nidiamente entre o proceso funcional xeral e aqueloutros procesos funcionais específicos ou locais [Adaptación da introdución do traballo].

Vid. tamén as entradas 406, 667-2.

## 521411 Alternancia galego/castelán

**411.** DOMÍNGUEZ SECO, LUZÍA: "Maneiras de educación: trocas de idioma da comunicación empregados-clientes nunha empresa galega", en Anxo M. Lorenzo Suárez, Fernando Ramallo e Xoán Paulo Rodríguez Yáñez (eds.), *Bilingual Socialization and Bilingual Language Acquisition = Socialización bilingüe e Adquisición lingüística bilingüe: Proceedings from the Second International Symposium on Bilingualism = Actas do Segundo Simposio Internacional sobre o Bilingüismo (University of Vigo, Galicia-Spain, October 23-26, 2002)*, [Ed. dix.]: [Vigo], Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións, 2004:1537-1550 [CD-ROM]. | [Ed. facs. en liña

n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Seminario de Sociolingüística e Bilingüismo, [2005], <<http://webs.uvigo.es/ssl/actas2002/08/02.%20Luzia%20Dominguez%20Seco.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 01/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

Traballo que forma parte do proxecto COMTECNO (Comunicación e Novas Tecnoloxías), que está a desenvolverse na Universidade da Coruña. Estuda as alternancias de lingua (castelán-galego) nas interaccións formais empresa-público observados nunha empresa de augas galega en 2001 e recollidas en 25 horas de gravación, que corresponden a un total aproximado de 80 interaccións. Os resultados contrástanse cos obtidos nunha investigación anterior (desenvolvida en 1996) en que se analizaba a comunicación informal nun grupo de amigos de entre vinte e trinta anos, residentes en Santiago de Compostela. A análise céntrase nas ideoloxías lingüísticas e, máis concretamente, en como tales ideoloxías se vinculan aos elementos da cortesía que son postos en escena a través da alternancia de linguas. A autora sinala que “[m]alia a seren os casos observados pouco explícitos respecto da ideoloxía, [...] a xestión das relacións interpersoais observada nos mesmos reflicte os postulados ideolóxicos dominantes na nosa sociedade” (p. 1537). Para iso, parte de dúas premisas teóricas establecidas tomando elementos dalgúns traballos interaccionais de antropoloxía e sociolingüística: “a) As ideoloxías lingüísticas son un conxunto de ideas socialmente constituídas e constituíntes sobre a natureza e funcións da linguaxe; b) Os elementos ideolóxicos fan parte das prácticas sociais e, dentro delas, podemos observar prácticas máis explicitamente ideolóxicas (ou *ideoloxizadas*) e outras menos transparentes a respecto da ideoloxía (*naturais* ou *naturalizadas*)” (ibid.).

412. PENA DÍAZ, María del Carmen: “The Continuum from Pragmatics to Grammatical Structure in Bilingual Speech”, en Anxo M. Lorenzo Suárez, Fernando Ramallo e Xoán Paulo Rodríguez Yáñez (eds.), *Bilingual Socialization and Bilingual Language Acquisition = Socialización bilingüe e Adquisición lingüística bilingüe: Proceedings from the Second International Symposium on Bilingualism = Actas do Segundo Simposio Internacional sobre o Bilingüismo (University of Vigo, Galicia-Spain, October 23-26, 2002)*, [Ed. dix.]: [Vigo], Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións, 2004:1501-1508 [CD-ROM]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Seminario de Sociolingüística e Bilingüismo, [2005], <<http://webs.uvigo.es/ssl/actas2002/07/10.%20Carmen%20Pena%20Diaz.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 01/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

Publicación derivada da tese de doutoramento que a autora presentou na Universidade de Santiago de Compostela [*Code Alternation in a Trilingual Community: From Pragmatics to Grammar* (2003, entrada 413)]. Analiza os diversos tipos de alternancia de linguas a partir dos datos tirados de conversas de individuos trilingües (castelán, galego e inglés) dunha comunidade de emigrantes galegos en Londres e trata de determinar a posición deste grupo de falantes verbo dos correlatos sociolingüísticos de movemento dentro da escala continua proposta por Peter Auer. A análise dos datos permite clasificalos nalgún dos tres tipos de alternancia diferenciados (cambio de códigos, mestura de códigos e lectos fundidos) para determinar se os individuos/comunidade estudados utilizan a alternancia como un mecanismo contextualizador, se a súa fala carece de función pragmática e aínda non acadou unha estrutura gramatical estable ou se xa se gramaticalizou.

**413.** PENA DÍAZ, María del Carmen: *Code Alternation in a Trilingual Community: From Pragmatics to Grammar*, Tese de Doutoramento, Universidade de Santiago, Facultade de Filoloxía, Departamento de Filoloxía Inglesa, 2003, X + 468 p. | [Ed. facs. dix.]: [Santiago de Compostela], Universidade de Santiago, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 2004, 1 CD-ROM (= *Teses de doutoramento da Universidade de Santiago de Compostela. Filoloxía*). | [Public. parcial]: “The Continuum from Pragmatics to Grammatical Structure in Bilingual Speech” [entrada 412].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

Estuda a alternancia de códigos como estratexia conversacional con significado comunicativo e social, que depende, sobre todo, de elementos secuenciais, como as quendas de fala, ou de funcións con significado local. Baséase nos datos tirados de catro conversas espontáneas (gravadas entre 1998-2000) entre falantes trilingües (castelán, inglés e galego) pertencentes a unha comunidade de inmigrantes galegos de Londres. A análise de carácter cualitativo segue a teoría secuencial de Peter Auer [“The Pragmatics of Codeswitching: A Sequential Approach” (1995)], que adopta unha focaxe ampla en que se interpreta a alternancia de códigos como inserida no desenvolvemento secuencial da conversa e, polo tanto, permite explicar o fenómeno desde unha perspectiva conversacional e pragmática. Os aspectos investigados son os seguintes: 1) Os tipos de alternancia de linguas que aparecen na comunidade estudada, segundo a tipoloxía de Auer (cambio de códigos = estratexias de contextualización funcionais con significado local; mestura de códigos = xustaposición de dúas ou máis variedades lingüísticas que constitúen unha variedade en si; lecto fundido = alternancia de códigos gramaticalizada); 2) As funcións pragmáticas e o significado interaccional da alternancia de códigos; 3) A caracterización do comportamento lingüístico da comunidade estudada verbo das coordenadas de movemento sociolingüísticas no continuo proposto por Auer (cambio de códigos > mestura > gramaticalización). O traballo está organizado en cinco caps. (ademais da introdución e as conclusións): no 2º explícanse os conceptos de bilingüismo e trilingüismo, así como o de alternancia de códigos e a súa evolución histórica; ademais, examínanse as diversas focaxes e métodos aplicados ao estudo da alternancia de códigos; no 3º establécense as bases e o marco teórico en que se basea a posterior análise dos datos e repásanse conceptos pertinentes para o estudo, como o de *código*; no 4º explícanse os métodos empregados na recolla de datos e descríbense os falantes seleccionados e a comunidade estudada, así como as súas actitudes fronte á alternancia de códigos; no 5º desenvólvese a análise secuencial dos datos, que amosan que a alternancia de códigos só se produce nos suxeitos da segunda xeración de inmigrantes; por outra banda, só se acharon dous dos tres tipos de alternancia (cambio de códigos e mestura, pero non gramaticalización), o cal evidencia que a comunidade bilingüe descrita se acha nun punto central no continuo de movemento de Auer, entre os ámbitos da pragmática e a gramática. A fala desta comunidade é, en xeral, unha mestura de códigos en que aparecen implicados dous dos tres idiomas (castelán e galego ou castelán e inglés) e que, ademais, inclúe moitos cambios de códigos. Nun apéndice (p. 318-451) ofrécese a transcripción completa das catro conversas que serviron de base para o estudo.

**414.** PREGO VÁZQUEZ, Gabriela: “Alternancia lingüística e construción dunha nova clase social na Galicia rururbana”, en Anxo M. Lorenzo Suárez, Fernando Ramallo e Xoán Paulo Rodríguez Yáñez (eds.), *Bilingual Socialization and Bilingual Language Acquisition = Socialización bilingüe e Adquisición lingüística bilingüe: Proceedings from the Second International Symposium on Bilingualism = Actas do Segundo Simposio Internacional sobre o Bilingüismo (University of Vigo, Galicia-Spain, October 23-26, 2002)*, [Ed. dix.]: [Vigo], Universidade de Vigo, Servizo de

Publicacións, 2004:1579-1592 [CD-ROM]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Seminario de Sociolingüística e Bilingüismo, [2005], <<http://webs.uvigo.es/ssl/actas2002/08/04.%20Gabriela%20Prego%20Vazquez.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 01/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

A autora trata de amosar como a alternancia lingüística galego/castelán (con ou sen conmutación de códigos) constitúe un proceso discursivo de construción simbólica da identidade dunha nova clase social na Galicia rururbana. Os datos do traballo “proceden de conversas informais das redes sociais enclavadas entre a zona periurbana da Coruña e a comarca de Bergantiños (Arteixo e arredores). Trátase dunha zona tradicionalmente rural que experimentou un importante proceso de urbanización e transformación social, económica e lingüística, representativo do que se experimentou en Galicia nas últimas décadas” (p. 1579-1580). Os individuos desta zona protagonizan un cambio que consiste nun tipo de mobilidade social, xeracional e horizontal. Como resultado deste proceso, emerxe un novo tecido social: “Ruralidade e urbanidade entrecruzan os seus límites que se esvaecen e se *desconfiguran*”; a isto é ao que a autora chama *espazo rururbano*. Porén, os actores deste cambio social reconstrúeno discursivamente coma un movemento vertical ascendente. A análise cualitativa dos datos amosa como os suxeitos da investigación se distancian das redes rurais a través do discurso de diferentes maneiras: a) evitando os trazos dialectais, propios destas redes e tradicionalmente estigmatizados no mundo urbano; b) estilizando a través de alternancias lingüísticas os trazos dialectais cunha finalidade irónica (a estilización consiste na intensificación dunha maneira particular de falar para conseguir un efecto retórico e metafórico); c) accedendo a novas variedades lingüísticas e a novos recursos discursivos: “O repertorio comunicativo deste novo grupo social amplíase con usos lingüísticos próximos á variedade estándar do galego ou do español. Ademais, no intercambio cotián do grupo, cobrará[n] especial relevancia as alternancias lingüísticas galego/español” (p. 1580).

Vid. tamén as entradas 515, 658-1.

## 521412 Interferencias galego/castelán

### 5214121 Interferencias do castelán no galego

415. FERNÁNDEZ SALGADO, Xosé Antonio: “A interferencia do castelán no léxico galego: o castelanismo como recurso eufemístico”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, I, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:501-507. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2004], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Análise do uso do castelanismo léxico como recurso eufemístico que conduce a unha clasificación dos elementos léxicos con esa función en tres tipos: 1) os que se empregan para evitar formas galegas cun determinado significado: cast. *arrojar* ou *devolver* por gal. *vomit* (referido ás persoas) ou *golsar*



(referido aos animais); 2) a substitución parcial das formas gal. *costelas*, *costas*, *figado*, *riles* polas cast. *costillas*, *espalda*, *hígado*, *riñones* en certos contextos: *dóenme as costillas*; 3) a coexistencia nun mesmo falante de parellas como cast. *ayer* / gal. *onte*, debido á consideración do galego como un tabú (algo prohibido en determinados contextos), o cal axudaría a entender o recurso á forma cast. *ayer* en contextos moi marcados (interlocutor menos coñecido, contexto máis formal, etc.).

**416.** PARGA VALIÑA, Míruca: “A interferencia lingüística no galego oral”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, I, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:547-558. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2004], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA (GALEGO OCCIDENTAL)

Detallada análise das interferencias fonéticas, morfolóxicas, sintácticas e léxicas que amosan nove etnotextos recollidos en tres parroquias dos concellos de Barreiros (LU), Foz (LU) e Lourenzá (LU), dialectalmente pertencentes á área mindoniense do bloque central. En cada parroquia obtivéronse gravacións de tres informantes de distinta xeración (de menos de 30 anos, entre 30 e 60, de máis de 60) e do medio rural. A autora, que presenta os datos a partir dunha rica clasificación tipolóxica dos castelanismos, conclúe da súa análise que “[o] estado do galego oral no que se refire ás interferencias lingüísticas do castelán preséntase como satisfactorio nos planos fonético e sintáctico pero atópanse bastante deturpados o morfolóxico e, sobre todo, o léxico, que presenta unha grande influencia do castelán” (p. 558).

**417.** PUENTES ROMAY, José Antonio: “*Ochenta* ¿é realmente un castelanismo?”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, I, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:559-566. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2004], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. C

Estuda a orixe da forma *ochenta*, presente na fala galega viva e habitualmente considerada castelanismo. O autor, tras analizar os cambios fonéticos desde a época latina e a posibilidade de que actuasen factores que favorecen a palatalización -xa que en *oitenta* “se dá unha combinación de factores practicamente única no galego, a saber: ditongo [oi] átono en inicial absoluta seguido de [t] e de vocal tónica” (p. 564)- conclúe que, “sen negar o papel catalizador do castelán, este non foi o primeiro causante”.

**418.** ROMERO RODRÍGUEZ, Patricia / NÚÑEZ SINGALA, Manuel Carlos: “Interferencias entre galego e castelán na prensa escrita en Galicia”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, I, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:535-545. | [Ed.



facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2004], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (LINGUA DA PRENSA)

Análise das interferencias (morfolóxicas, sintácticas e léxicas) da lingua galega na castelá na prensa escrita de Galicia a partir da lectura exhaustiva de todos os xornais diarios publicados durante a última semana do mes de outubro de 1990 e a última semana do mes de novembro de 1993. Estes materiais proceden do estudo *A información en galego* (1996, vid. *BILEGA* 5575) de Helena Goyanes Vilar, Manuel Carlos Núñez Singala, Patricia Romero Rodríguez e Manuel Túniz López. Os autores xustifican a escolla dos medios de comunicación escrita como obxecto de estudo do fenómeno da interferencia polo feito de seren “un referente idóneo para obter unha visión diferente, pero perfectamente válida, da situación da lingua galega. En efecto, os medios de comunicación, e entre eles a prensa, actúan como vehículos e soportes das informacións que se producen no seo dunha colectividade, e malia o proceso de reflexión que adoita preceder a escrita, sempre máis pausado có da fala, reflicten así mesmo, aínda que en menor medida, pero pola súa natureza cun evidente efecto multiplicador, o conflito lingüístico que vive a comunidade á que informan. En definitiva, tamén os xornais sofren as condicións de contacto lingüístico que se dan en Galicia, a así mesmo a reflicten en moito maior medida do que adoito se recoñece” (p. 535). A análise permite concluír “que o castelán da prensa galega está inzado de galeguismos, e que os seus textos, malia estaren escritos en castelán, deixan ver un forte substrato galego” (p. 544).

**419.** SILVA VALDIVIA, Bieito: “Un aspecto da avaliación da competencia: identificación e valoración de interferencias lingüísticas”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, I, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:415-429, il. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2004], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

A mestura de códigos entre dúas linguas en contacto é un fenómeno que ten sido estudado desde distintas perspectivas disciplinares e con diferentes obxectivos. Desde a lingüística interesan especialmente as condicións estruturais que facilitan esta interacción e as consecuencias da mesma na evolución dos dous códigos; desde a sociolingüística, os factores sociais que condicionan a interferencia e o que representa na situación de dependencia ou de dominio dunha lingua fronte á outra; desde a psicoloxía da aprendizaxe, os procesos cognitivos que se producen na aprendizaxe dunha nova lingua e os mecanismos de transferencia entre unha e outra; desde a pedagogía, as estratexias didácticas máis adecuadas para garantir unha competencia adecuada neses idiomas, o aproveitamento de sinerxias de aprendizaxe entre ambos os dous, etc. Neste traballo inténtase levar a cabo unha aproximación escolar a estas cuestións, tomando como referencia unha mostra de 138 alumnos de tres Institutos de Ensino Secundario de Galicia (de 3º curso da ESO e de 1º e 3º de BUP) e cun dobre obxectivo: 1) contribuír ao coñecemento dunha dimensión moi definida da competencia dos escolares dun determinado nivel educativo; 2) contribuír a perfilar instrumentos que permitan achegarse de maneira fiable á análise das condutas lingüísticas. Utilízase un corpus reducido de textos con exemplos de interferencias entre o

galego e o castelán co fin de analizar a capacidade dos alumnos para identificaren estes fenómenos e a valoración que fan dos mesmos, atendendo a dúas variables básicas: a) o idioma habitual dos alumnos; b) a dirección en que se produce a interferencia [Adaptación da introdución ao traballo].

**420.** SILVA VALDIVIA, Bieito: *Interferencias morfosintácticas do castelán no galego: Avaliación da competencia do alumnado de Educación Secundaria*, Tese de Doutoramento, Universidade de Santiago, 2003. | [Ed. facs. dix.]: Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, [2004], 1 CD-ROM (= *Teses de Doutoramento da Universidade de Santiago de Compostela. Ciencias da Educación*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

Analiza as interferencias morfosintácticas do castelán no galego de alumnos de 4º de ESO cos seguintes obxectivos: 1) Coñecer a competencia dos escolares galegos dese nivel en relación coas interferencias do castelán no galego escrito; 2) Comprobar a prevalencia nesta poboación escolar de certas estruturas converxentes ou diverxentes entre os dous idiomas; 3) Analizar a relevancia que teñen, tanto na competencia como na opción polas estruturas converxentes ou diverxentes, diversas variables de tipo sociolingüístico e escolar; 4) Tirar consecuencias de tipo sociolingüístico, didáctico e para a planificación lingüística escolar. Na investigación, baseada en metodoloxías cuantitativas, empregáronse os seguintes instrumentos: 1) Un cuestionario sobre datos persoais, escolares e sociolingüísticos dos estudantes; 2) Tres probas con textos escritos sobre as que os alumnos debían realizar diversas operacións: identificar castelanismos morfolóxicos ou sintácticos e corrixilos tendo en conta a norma do galego, completar textos galegos engadindo segmentos lingüísticos susceptibles de amosar interferencias do castelán e traducir textos do castelán ao galego; 3) Una cuarta proba en que se pretendía avaliar a situación (en canto a competencia e grao de familiaridade) de varias estruturas morfosintácticas en que o galego ofrece dúas alternativas (unha converxente co castelán e outra diverxente). A investigación desenvolveuse a partir dunha mostra representativa do alumnado galego de 4º de ESO, estratificado atendendo a variables de sexo, lugar de residencia e tipoloxía de centro (público/privado). Na análise dos datos tivéronse en conta esas variables, á parte doutras de carácter sociolingüístico (lingua inicial, lingua habitual, lingua predominante na lectura, a televisión, etc.) e escolar (protagonismo curricular de cada unha das dúas linguas, metodoloxía dominante no ensino do galego, resultados académicos, etc.). Os resultados do estudo apuntan ás seguintes conclusións: 1) Competencia bastante deficiente do alumnado da mostra en relación cos fenómenos morfosintácticos analizados; 2) Forte penetración de certas estruturas morfosintácticas do castelán no galego; 3) Substitución progresiva das estruturas diverxentes do galego polas correspondentes converxentes do castelán; 4) Relevancia das variables sociolingüísticas e de hábitat nos resultados obtidos; 5) Escasa significatividade das variables didácticas e académicas [TESEO].

Vid. tamén as entradas 257, 658-2, 694-1, 757.

## 5214122 Interferencias do galego no castelán

**421.** COSTAS GONZÁLEZ, Xosé Henrique: “Algúns documentos galegos na Sevilla do XIII”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-*

20 de setembro de 1996), III, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:363-370. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2006], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_3.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_3.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 09/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. CASTELÁN | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

A partir dos documentos editados por Pilar Ostos Salcedo e M<sup>a</sup> Luisa Pardo Rodríguez en *Documentos y notarios de Sevilla en el siglo XIII* (Madrid, Fundación Matritense del Notariado, 1989), o autor analiza os galeguismos, ultracorreccións e alteracións vocálicas que aparecen en moitos destes textos, debido á presenza de notarios galegos en Sevilla.

**422.** ROJO, Guillermo: “El español de Galicia”, en Rafael Cano (coord.), *Historia de la lengua española*, Barcelona, Ariel, 2004:1087-1101 (= *Ariel Lingüística*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. CASTELÁN | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

Tras unha breve descrición da situación social da lingua galega, o autor céntrase nas características fonéticas, gramaticais e léxicas do castelán de Galicia por mor da influencia do galego, se ben sinala que “no son realmente interferencias, sino casos de integración de fenómenos propios del gallego que se han incrustado en el español que habla una buena parte de la población gallega y que forma parte de lo que han aprendido como primera lengua” (p. 1090). Na fonética destaca, entre outras peculiaridades, a entoación, o mantemento de vogais medias abertas e pechadas e a redución de grupos cultos. En canto á morfoloxía, cita o emprego do sufixo *-iño*, a ausencia de tempos verbais compostos, o uso de *cantara* con valor de indicativo, a perífrase *ir + infinitivo* sen preposición, a utilización da perífrase *dar + participio*, o dativo ético, etc. No que se refire ao léxico, hai casos en que unha palabra existente en galego e castelán se emprega neste último co significado que posúe en galego (*queso, tiesto, mismo*) e outras que pasan do galego directamente ao castelán (*pocho, cheirar, escachar, larpeiro, esmagar, parvada, carallada*).

**423.** SUÁREZ LÓPEZ, Carmen: “Interferencias lingüísticas do galego e o inglés no español do alumnado do colexio español *Vicente Cañada Blanch* de Londres”, *RGen*, 1, 1993:121-134. | [Ed. facs. dix.]: en *Revista Galega do Ensino: Décimo aniversario (1993-2003)*, [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Política Lingüística, [2004], 1 CD-ROM. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2004], <<http://www.edu.xunta.es/ftpserver/portal/DXPL/revistagalega/rge01.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 30/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. CASTELÁN | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

Aplicando a metodoloxía proposta por Carmen Silva Corvalán en *Sociolingüística: Teoría y análisis* (Madrid, Alhambra, 1989) para a realización dun estudo sociolingüístico global (interferencias nos niveis fónico, gramatical, nexos de relación e léxico-semántico), a autora caracteriza as interferencias do galego e do inglés no castelán de tres grupos de alumnos: 1) alumnos de párvulos (3-5 anos); 2) alumnos de 6º de EXB (11-12 anos); 3) alumnos de 2º de BUP (15-16 anos). Segundo a autora, as interferencias do galego son maioritarias no grupo 1, mentres que no 3 son as do inglés, actuando o 2 como grupo de transición. O estudo baséase en gravacións de 30-45 minutos realizadas aos suxeitos da mostra.

**424.** VALDÉS BERNAL, Sergio: “La caracterización lingüística en el teatro colonial cubano”, *Moenia*, 10, 2004:159-180.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. CASTELÁN | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Estuda a caracterización lingüística dos personaxes no teatro cubano tratando de identificar a presenza de formas galegas. Segundo o autor, “a los gallegos se les caracteriza con un castellano agallegado o galaicado” (p. 164) por medio da fonética (por exemplo, a gheada) e da morfoloxía (uso das formas pronominais *meu, eu*, formas verbais galegas), de léxico propiamente galego, etc.

**425.** ZALESKA, Maria: “Formas gallegas en la documentación notarial: 1550-1665”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, III, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:449-456. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2006], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_3.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_3.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 09/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. CASTELÁN | 3. SINCRÓNICO | 4. E | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Pescúdase a presenza de formas galegas en documentación notarial redactada en castelán entre 1550 e 1665. Corresponden principalmente a substantivos (a terminación *-eiro* no canto de cast. *-ero* ou termos como *çenteo*), adxectivos e ao emprego dos tempos verbais. Inclúese un “Apéndice Textual” (p. 452-456) con documentos en castelán do fondo do Arquivo da Real e Ilustre Cofradía del Rosario de Santiago, redactados por escribas galegos ou que aínda sendo foráneos levaban moito tempo en Galicia.

Vid. tamén as entradas 90, 391, 419.

## 52142 O contacto do galego con outras linguas distintas do castelán

### 521421 Alternancia galego/outras linguas distintas do castelán

Vid. as entradas 407, 412, 413, 453-2, 469, 711.

### 5214222 Interferencias do galego noutras linguas distintas do castelán

**426.** ROCHA, Carlos: “Alguns galeguismos em textos medievais portugueses”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, III, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:241-250. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2006], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_3.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_3.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 09/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Analiza a presenza da forma pronominal galega *che* e dos pretéritos terminados en -o en obras portuguesas dos sécs. XIII a finais do XV. Para a selección dos textos tomouse como base a información que ofrece a *Bibliografía da prosa medieval em língua portuguesa: Subsídios* (1995, vid. BILEGA 8010) de Isabel Vilares Cepeda e consultouse o corpus de textos notariais do *Arquivo Computarizado de Textos Medievais Portugueses* (1983) de Stephen Parkinson e o *CIPM: Corpus Informatizado do Português Medieval* (2003-, entrada 727) de Maria Francisca Xavier et al., que contén textos notariais e textos xurídicos.

## 5215 Escritos reivindicativos a prol do galego

**427.** FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, Mauro: “El gallego en los últimos años: entre la realidad y los deseos”, en Emilio Ridruejo (coord.), *Las otras lenguas de España: IV Curso de Invierno de la Universidad de Valladolid*, Valladolid, Universidad de Valladolid, Vicerrectorado de Extensión Universitaria, Centro Buendía, 2004:19-40.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Reflexións sobre a situación actual da lingua galega e as súas expectativas de futuro á vista dos avances producidos nos últimos anos nos ámbitos de uso formal e da análise dos datos recollidos nas macroenquisas do MSG [*Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia: Compendio do I Volume do Mapa Sociolingüístico de Galicia* (1994, vid. BILEGA 3481); *Usos lingüísticos en Galicia: Compendio do II Volume do Mapa Sociolingüístico de Galicia* (1995, vid. BILEGA 5202); *Actitudes lingüísticas en Galicia: Compendio do III Volume do Mapa Sociolingüístico de Galicia* (1996, vid. BILEGA 6799)].

**428.** FREIXEIRO MATO, Xosé Ramón: “Algunhas reflexións sobre o galego a propósito da situación lingüística en Europa”, *A Nosa Terra*, 1053, 2002:14. | [Ed. en liña n.v.]: en *O galego e as linguas europeas*, A Coruña, eDixital, 2004, <[http://bvg.udc.es/ficha\\_obra.jsp?id=Ogaeasli1&alias=Xos%E9+Ram%F3n+Freixeiro+Mato&>](http://bvg.udc.es/ficha_obra.jsp?id=Ogaeasli1&alias=Xos%E9+Ram%F3n+Freixeiro+Mato&>), [Formato: TXT], [Consulta: 31/03/2006].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

A partir da *Conferencia sobre “A creación dunha estrutura común para a promoción das minorías lingüísticas históricas no marco da Unión Europea”*, que tivo lugar en Helsinque, e da *Carta Europea dos Dereitos Lingüísticos*, o autor analiza a situación actual da lingua galega e os mecanismos que cumpriría pór en marcha para frear a perda de falantes.

**429.** FREIXEIRO MATO, Xosé Ramón: “De Barcelona a Flensburg. O estado das linguas sen estado”, *A Nosa Terra*, 1120, 2004:16. | [Ed. en liña n.v.]: en *O galego e as linguas europeas*, A Coruña, eDixital, 2004, <[http://bvg.udc.es/ficha\\_obra.jsp?id=Ogaeasli1&alias=Xos%E9+Ram%F3n+Freixeiro+Mato&>](http://bvg.udc.es/ficha_obra.jsp?id=Ogaeasli1&alias=Xos%E9+Ram%F3n+Freixeiro+Mato&>), [Formato: TXT], [Consulta: 31/03/2006].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Describe brevemente a situación lingüística de Galicia en contraposición coa de Cataluña; así mesmo, analiza a situación das linguas sen estado dentro da UE, concluíndo que a mellor defensa do galego é dotarse “dos mecanismos político-institucionais necesarios que nos permitan defender o noso idioma con eficacia”.

**430.** FREIXEIRO MATO, Xosé Ramón: “Lingua con futuro”, *La Voz de Galicia*, 3-III-2002. | [Ed. en liña n.v.]: en *O galego e as linguas europeas*, A Coruña, eDixital, 2004, <[http://bvg.udc.es/ficha\\_obra.jsp?id=Ogaeasli1&alias=Xos%E9+Ram%F3n+Freixeiro+Mato&](http://bvg.udc.es/ficha_obra.jsp?id=Ogaeasli1&alias=Xos%E9+Ram%F3n+Freixeiro+Mato&)>, [Formato: TXT], [Consulta: 31/03/2006].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

O autor reflexiona sobre a situación do galego e critica o feito de que non “se destinan a normalización lingüística os recursos económicos e humanos necesarios, nen se impulsan iniciativas firmes e eficaces dentro dun plano xeral de actuación política en materia de lingua hoxe por hoxe inexistente”. Nunha situación en que a nova Europa “comeza a postular pola multiculturalidade e a recoñecer en documentos oficiais que a diversidade lingüística non é un problema, senón unha riqueza que debemos preservar”, a aposta política debe ir encamiñada a defender o idioma galego. Para iso é un punto fundamental o ensino, en que é preciso conseguir que os estudantes superen a etapa media dominando tres idiomas oficiais da UE: o galego, o castelán e o inglés.

**431.** FREIXEIRO MATO, Xosé Ramón: “O futuro do galego na Europa da diversidade”, *A Nosa Terra*, 1023, 2002:4-5. | [Ed. en liña n.v.]: en *O galego e as linguas europeas*, A Coruña, eDixital, 2004, <[http://bvg.udc.es/ficha\\_obra.jsp?id=Ogaeasli1&alias=Xos%E9+Ram%F3n+Freixeiro+Mato&](http://bvg.udc.es/ficha_obra.jsp?id=Ogaeasli1&alias=Xos%E9+Ram%F3n+Freixeiro+Mato&)>, [Formato: TXT], [Consulta: 31/03/2006].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

O autor parte do Forum da Asociación pola Diversidade, realizado en Palma de Mallorca, e do Informe da UNESCO sobre as linguas en perigo de extinción (2001, 2ª ed.) para tratar a situación do galego en Galicia e con respecto a Europa.

**432.** MARTÍNEZ RISCO, Sebastián: “Función da Academia no futuro da Lingua”, en *O porvir da lingua galega*, Lugo, Círculo de las Artes, Instituto de Estudios, Sección de Publicaciones, 1968:21-25. | [Ed. en liña n.v.]: A Coruña, eDixital, 2004, <[http://bvg.udc.es/ficha\\_obra.jsp?id=FudaAcno1&alias=Sebasti&E1n+Mart%EDnez+Risco](http://bvg.udc.es/ficha_obra.jsp?id=FudaAcno1&alias=Sebasti&E1n+Mart%EDnez+Risco)>, [Formato: TXT], [Consulta: 07/02/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Breve informe sobre as iniciativas da Real Academia Galega na década de 1960 a prol da dignificación do galego e sobre o papel que lle corresponde cumprir na súa normativización para superar “a persistencia das variedades fonéticas, morfolóxicas e léxicas localizadas nos diversos sectores comarcaes de Galicia, é dicir, a falla de unidade xeo-estructural” (p. 23), que o autor considera “un síntoma de doenza”.

**433.** OUTEIRIÑO FERNÁNDEZ, Xosé: “A construción da nosa identidade”, en *A normalización da lingua galega no ámbito do Corpo Nacional de Policía*, [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Política Lingüística, 2004:17-19.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Defensa da lingua galega, un dos estímulos que máis nos identifica como pobo, e da importancia do seu uso en todas as institucións, entre elas o Corpo Nacional de Policía.

**434.** VICENTE ESCUDERO, Manuel: “En prol da sociedade galega”, en *A normalización da lingua galega no ámbito do Corpo Nacional de Policía*, [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Política Lingüística, 2004:15-16.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Defensa da lingua galega, que identifica aos seus falantes como “integrantes dun pobo con identidade propia” e que “contribúe ó enriquecemento da cultura universal” (p. 16).

**435.** VILA PARDIÑO, Juan Carlos: “Manifesto en defensa da Lingua Galega”, en *A normalización da lingua galega no ámbito do Corpo Nacional de Policía*, [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Política Lingüística, 2004:9-13.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Defensa da lingua galega, porque ela é a que nos lexitima como pobo. Iso implica tamén ao Corpo Nacional de Policía, que debe manifestar a súa profesionalidade “empregando o Galego en todas as súas formas e en toda a súa extensión” (p. 13).

Vid. tamén a entrada 344.

## 52151 Traballos historiográficos sobre a reivindicación do galego

**436.** BASCOY LAMELAS, Montserrat / GRISCHKAT, Nathalie: “O labor do profesor Dr. Dieter Kremer na Universidade de Trier: *O Centro de Documentación de Galicia*”, en Ana Isabel Boullón Agrelo (ed.), *Novi te ex nomine: Estudos filolóxicos ofrecidos ao Prof. Dr. Dieter Kremer*, [A Coruña], Fundación Pedro Barrié de la Maza, [2004]:33-38 (= *Biblioteca Filolóxica Galega / Instituto da Lingua Galega*).

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO

Descrición do labor do profesor Dieter Kremer como promotor dos estudos de lingua e literatura galegas na Universidade de Tréveris e, basicamente, no seminario de tradución do galego e do portugués ao alemán que favorece a tradución de obras galegas a esta lingua.

**437.** FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, Carme: “A reflexión sobre a lingua no boletín *Rexurdimento*”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, I, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:237-243. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2004], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C



Análise das reflexións sobre a lingua galega incluídas na revista *Rexurdimento* (Betanzos, 1922-1923). Trátase fundamentalmente de escritos reivindicativos a prol da normalización do galego en distintos ámbitos (ensino, xustiza, igrexa).

**438.** GARCÍA LÓPEZ, José Ángel: *Ideas sobre a lingua galega na obra de Manuel Murguía*, [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Política Lingüística, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, [2004], 92 p. (= *Cadernos Ramón Piñeiro*; IV).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO

Análise das ideas de Manuel Murguía (1833-1923) sobre a lingua galega. O autor ofrece unha panorámica do Rexurdimento para logo, no apdo. 3, centrarse na *Teoría da lingua galega na obra de Manuel Murguía* que organiza en catro sub-aptados: 1) *A lingua como elemento de cohesión no discurso rexionalista de Murguía*; 2) *A cuestión do substrato celta*; 3) *Consideracións xerais sobre as linguas galega e portuguesa nos textos de Murguía*; 4) *O modelo de lingua proposto por Murguía*. O autor conclúe que “o discurso de Murguía sobre a lingua incide [...] na importancia das dimensións expresivas, estética e identificadora fronte á utilitaria” (p. 77) e que loita pola recuperación social do galego para o cal cre imprescindible a súa presenza no ensino e na administración pública. Así mesmo, a creación da Academia Galega tería como obxectivo dignificar a lingua e unificala.

**439.** ÍNSUA LÓPEZ, Emilio Xosé: *Antón e Ramón Villar Ponte: Unha irmandade alén do sangue*, [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Política Lingüística, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, [2004], 163 p. (= *Cadernos Ramón Piñeiro*; VII).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C

Análise comparativa das biografías de Antón Vilar Ponte (1881-1936) e Ramón Vilar Ponte (1890-1953), salientando os momentos máis significativos das súas traxectorias e valorando as súas respectivas contribucións ao coñecemento da historia e a cultura galegas. Analízase así mesmo o seu labor a prol da lingua galega e a súa contribución á fundación das Irmandades de Fala. Destacan os apdos. “Os irmáns Villar Ponte e a xestación das Irmandades da Fala” (p. 45-50) e “Despregamento dun constante labor proselitista e afrontamento das primeiras escisións nas Irmandades” (p. 51-60).

**440.** MONTEAGUDO ROMERO, Henrique: “O ideario lingüístico de Manuel Curros Enríquez”, en Xesús Alonso Montero, Henrique Monteagudo e Begoña Tajes Marcote (eds.), *Actas do I Congreso Internacional «Curros Enríquez e o seu tempo» (Celanova, 13-15 de setembro do 2001)*, I, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2004]:311-342 (= *Colección Base*). | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2004], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/curros\\_tomo\\_I.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/curros_tomo_I.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 10/12/2004].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Estudo das ideas de Curros verbo da lingua galega a partir de artigos, cartas e obra literaria. Despois de repasar a situación lingüística do galego na época e as posicións existentes con respecto a el, analízanse as distintas posturas que Curros mantivo verbo da orixe do galego.



**441.** QUINTÁ GARCÍA, Pablo: *Lorenzo Varela*, [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública / Consellería de Educación e Ordenación Universitaria / Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, 2004, 76 p., il. (= *A nosa memoria*; 41).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C

Biografía divulgativa que repasa a vida e a obra de Lorenzo Varela (1917-1978), poeta ao que se lle dedicou o Día das Letras Galegas de 2005. Ten interese lingüístico o apdo. "Relación con Galicia e co idioma galego" (p. 35).

**442.** RODRÍGUEZ BARREIRO, Ana: "Alba de nós. Pasado y presente de las reivindicaciones sociolingüísticas de Martín Sarmiento", [Ed. en liña n.v.]: *RDV*, 3, 2004:183-207, <[http://home.pages.at/resdi/Numeros/Numero3/Parte4\\_Art2.pdf](http://home.pages.at/resdi/Numeros/Numero3/Parte4_Art2.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 04/05/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. E

A autora avalía a inimportancia do "intento de Sarmiento por dignificar el idioma gallego, combatiendo viejos prejuicios y autoodios y reclamando una extensión de los usos sociales de la lengua a la esfera de lo público, concretamente a los ámbitos de la enseñanza, la Iglesia y la administración" (p. 183). Para iso parte "de una necesaria aproximación a la vida de Fr. Martín, así como a los avatares políticos de la España de los primeros Borbones, circunstancias ambas que creemos pueden ayudar a explicar, aunque no justifiquen por sí solas, algunas de las premisas básicas del ideario lingüístico sarmientano" (ibid.). O traballo remata cunha referencia á vixencia actual das reivindicacións de Sarmiento, que non acadaron aínda total cumprimento.

**443.** RODRÍGUEZ VALCÁRCEL, María Xosé: "Reflexións sobre o corpus do galego na *Revista Gallega* (1895-1907)", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:417-430. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_2.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA

Análise das discusións sobre a lingua galega mantidas na *Revista Gallega* no período indicado no título. Abranguen aspectos relacionados: a) coa valoración do estado do idioma (as distintas opinións sobre a presenza de dialectalismos, o deterioro do idioma ou a calidade da lingua empregada polo escritores do momento); b) co modelo de lingua, con opinións favorables á escolla da lingua medieval como modelo, á conveniencia ou inconveniencia de adoptar como galego estándar a norma portuguesa (p. 422) e á defensa dun modelo de lingua baseado no galego oral; c) coa ortografía verbo da cal hai partidarios dunha ortografía etimolóxica e partidarios dunha ortografía fonética que reflecta a lingua oral.

**444.** SANMARTÍN REI, Goretta: "Ramón Vilar Ponte e os estudos sobre a lingua galega", en Maria do Amparo Tavares Maleval (org.), *Estudos Galegos* 4, Niterói, Rio de Janeiro, Universidade Federal Fluminense, Núcleo de Estudos Galegos, 2004:75-93.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C

Céntrase na figura de Ramón Vilar Ponte (1891-1953) e no seu labor a prol da lingua galega.

Vid. tamén as entradas 36, 367, 371, 487, 507, 676.

## 522 Planificación e política lingüística

**445.** ACADEMIA DE LA LINGUA ASTURIANA: “*Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega*. Asitiamento institucional de l’Academia de la Llingua Asturiana”, *Lletres Asturianas*, 88, 2004:150-153.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. ASTURIANO-LEONÉS | 3. SINCRÓNICO | 4. C

A Academia de la Llingua Asturiana critica o *Plan xeral de normalización da lingua galega* (2005, vid. *BLEGA* 12313), aprobado polo Parlamento Galego, por entender que existe un intento de galeguización do occidente de Asturias e sinala que certos “radicales galleguistes, vien acosando a Asturias y a la so llingua” (p. 153).

**446.** CARVALHO CALERO, Ricardo: “Política lingüística”, *La Voz de Galicia*, 2-I-1988 [I]; 7-I-1988 [II]; 12-I-1988 [III]; 28-I-1988 [IV]; 6-II-1988 [V]; 12-II-1988 [VI]. | [Reed. parcial]: *Agália*, 21 [= *In Memoriam Prof. Carvalho Calero (Ferrol, 1910 - Santiago, 1990)*], 1990:57-63. | [Reed. parcial]: en Ricardo Carvalho Calero, *Do galego e da Galiza*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 1990:73-86 (= *Estudos e investigacións*; 1). | [Ed. en liña n.v.]: A Coruña, eDixital, 2004, <[http://bvg.udc.es/ficha\\_obra.jsp?id=Poli++++1&alias=Ricardo+Carvalho+Calero](http://bvg.udc.es/ficha_obra.jsp?id=Poli++++1&alias=Ricardo+Carvalho+Calero)>, [Formato: TXT], [Consulta: 07/02/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Os títulos da primeira ed. son os seguintes: [I] “Política lingüística, democracia e burocracia”; [II] “Política lingüística: a literatura”; [III] “Política lingüística: o ensino”; [IV] “Política lingüística: o galego administrativo”; [V] “Política lingüística: a posta e a resposta ou o imoral e imposible”; [VI] “Política lingüística: memorias dun esqueleto”. As reedicións inclúen fragmentos das entregas I, IV, V e VI. O autor sinala a necesidade de que os órganos políticos actúen con certa liberdade á hora de ordenar a coexistencia en Galicia de dúas linguas oficiais e de restaurar a estrutura do galego. Así, pide que non se discrimine aos escritores segundo a normativa ortográfica que utilicen (p. 75-78 da reed.) e que no ensino do galego se lles confíe aos propios ensinantes o tratamento dos problemas que suscite (p. 78-80 da reed.). A normativa oficial non debe permanecer indiferente ao desenvolvemento da realidade lingüística no mundo literario e docente.

**447.** MARCOS MARÍN, Francisco A.: “Política lingüística y lenguas iberoeuropeas”, *Razón y Fe*, 331, 1995:139-159. | [Reed. en liña n.v.]: *CLAC*, 18, 2004, <<http://www.ucm.es/info/circulo/no18/marcos.htm>>, [Formato: HTML], [Consulta: 07/03/2004].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

O autor comeza por repasar a situación xurídica das linguas do Estado español a partir da lexislación vixente. Pasa logo a dar conta da situación das linguas e dialectos “iberoeuropeas” en 1997. Úsase este

termo para se referir ás variedades lingüísticas propias faladas na Península Ibérica e nas illas que forman parte dos territorios nacionais de España e Portugal. O estudo inscríbese no marco constitucional de España e Portugal e fai referencia, no primeiro caso, aos Estatutos de Autonomía que recoñecen algunha lingua propia. Finalmente, ofrécense algúns datos sociolingüísticos xerais da situación do castelán, o catalán e o galego.

**448.** MONTEAGUDO ROMERO, Henrique: “*Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega: Do bilingüismo harmónico á oferta positiva*”, *Grial*, XLII/164, 2004:12-17.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

O autor sinala a importancia da aprobación do *Plan xeral de normalización da lingua galega* (2005, vid. *BILEGA* 12313) por parte dos tres grupos parlamentarios do Parlamento galego e fai unha análise do mesmo. Así mesmo, fai unha valoración da evolución social do galego nos últimos anos e da posición da sociedade ante a lingua.

**449.** SANTOS SOLLA, Xosé Manuel: “O papel da Xeografía Humana na planificación lingüística”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:227-244. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_2.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Análise da relación existente entre a Xeografía Humana e a Lingüística para logo se centrar na situación de Galicia, onde os contactos entre ambas as dúas disciplinas “son extremadamente tímidos, o que ten impedido dar o paso necesario para desenvolver o campo da xeolingüística e incorporar unha perspectiva de estudio, sen dúbida, necesaria e fructífera” (p. 238) á hora de abordar a planificación lingüística.

**450.** SUÁREZ PIÑEIRO, Ana / SOTO LÓPEZ, Isabel: “Política lingüística”, en *Galicia 2005*, [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, [2004]:121-132. | [Ed. en liña n.v.]: [2005], <<http://www.xunta.es/galicia2005/gl/politica-linguistica.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/08/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Tras unha breve descrición da situación actual do galego, infórmase da xénese do *Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega* (2005, vid. *BILEGA* 12313) e das medidas e obxectivos xerais que contén. A seguir, analízanse as estratexias que propón este documento para a normalización do galego nos eidos das novas tecnoloxías, a educación, a familia e a mocidade, a economía e a sanidade. Tamén se analizan as estratexias para a normalización do galego exterior.

## 5221 A constitución do galego estándar

**451.** MONTEAGUDO ROMERO, Henrique (coord.) / BOUZADA FERNÁNDEZ, Xan M. (coord.) et al.: *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000)*, III: *Elaboración e difusión da*

lingua, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua, [2003], 492 p. (= *Colección Base*). | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2004], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/normalizacion\\_III.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/normalizacion_III.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 17/07/2004].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Investigación que forma parte do proxecto *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000)*, que procura unha análise cualitativa e global das políticas lingüísticas autonómicas e o seu impacto no prestixio, coñecemento e uso da lingua, polo que aspira a converterse nun instrumento de información, avaliación e reflexión sobre a evolución da situación social do galego nos últimos anos e sobre as posibilidades de mellorar o estatus da lingua no futuro inmediato. Os dous primeiros volumes apareceron en 2002 (*O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000)*, I: *Política lingüística: Análise e perspectivas* [vid. BILEGA 11201] e *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000)*, II: *Educación* [vid. BILEGA 11270]). Este terceiro contén os seguintes traballos, que poden acharse como entradas independentes neste caderno: "A gramática galega" de Rosario Álvarez Blanco (entrada 75); "A lexicografía galega moderna" de Ernesto González Seoane (entrada 76-1); "A situación do galego nas comarcas occidentais de Asturias, León e Zamora" de Francisco Fernández Rei (entrada 403); "A demanda da norma. Avances, problemas e perspectivas no proceso de estandarización do idioma galego" de Henrique Monteagudo Romero (entrada 457-1); "A terminoloxía en Galicia" de Iolanda Galanes Santos (entrada 472); "O ensino non regrado da lingua galega. Pequena achega á súa situación actual" de Rosario Pérez Magdalena (entrada 667-1); "Os materiais para o ensino e a aprendizaxe da lingua galega" de Bieito Silva Valdivia e Xabier Mouriño Cagide (entrada 674-2).

RECS.: Manuel Rodríguez Alonso, "A endogamia que non cesa", *Cartafol de libros*, 06-XII-2004, <<http://www.vieiros.org/publicacions/veredicion.php?Ed=38>>, [Consulta: 08/05/2006] | Vítor Pumariño Pérez, *Novas CTNL*, 17, 2005:4.

452. MULJAČIĆ, Žarko: "Ex compluribus paucae. Fenomeni di accorpamento e di scorporo nella storia delle *piccole* lingue romanze", en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:39-56. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_2.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. C

Revisa os modelos propostos polos romanistas para explicar o proceso de fragmentación do latín nas variedades romances e presenta o modelo relativista que vén desenvolvendo dende 1981 a partir de diversos achados da dialectoloxía, a sociolingüística e a standardoloxía. Comeza criticando as varias versións do modelo da árbore xenealóxica, que desenvolveu por primeira vez para as linguas indoeuropeas o lingüista alemán August Schleicher (1821-1868). Todas esas versións caracterízanse polo seu determinismo: as linguas descendentes (linguas fillas) veñen determinadas dende a lingua nai e non teñen posibilidade de se xuntar, todas ou unha parte delas, nun momento posterior; isto implica que o número de linguas descendentes dun tronco común só pode diminuír por mor da morte dalgunhas e nunca por un proceso de fusión de dúas ou máis. Consonte esta concepción tradicional, nun momento determinado da súa historia un idioma só pode ser ou dominante (lingua) ou dominado (dialecto). Porén, o autor argumenta a posibilidade de que unha lingua poida ser dominante e

dominada ao mesmo tempo e, por iso, en lugar de falar de linguas e de dous tipos de dialectos, prefere falar de *linguas altas* (LA), *linguas medias* (LM) e *linguas baixas* (LB), admitindo que se pode producir a coexistencia de relacións macrodiglósicas e diglósicas, como tamén pode haber situacións diglósicas illadas. En consecuencia, no ámbito dun só idioma unha LM será ao mesmo tempo a LB da propia LA e a LA das propias LB, debendo interpretarse esta situación como a fusión de dúas diglosias coexistentes sincrónica e sintopicamente. Baseándose nesta concepción, resume as cinco fases que diferenciou en traballos anteriores ao analizar a evolución lingüística da Romanía dende o monolingüismo complexo da fase tardolatina. Como remate do relatorio, dedica un breve apdo. ao galego; nel, despois de recoñecer o erro que cometeu no artigo “L’enseignement de Heinz Kloss (modifications, implications, perspectives)” (1986, vid. *BILEGA* 4717), ao considerar o galego unha lingua por distanciamento do portugués dobremente elaborada, bosquexa como poderían interpretarse as varias fases da súa historia sociolingüística en termos da actual versión da teoría.

Vid. tamén as entradas 376, 539-2.

## 52211 A normativización do galego escrito

**453-1.** DIAZ FOUQUES, Oscar: “La codificació del gallec o el pëndol que no s’atura”, *Quaderns d’Italià*, 8-9 [= *La ricerca della norma nei dialetti italiani e nelle lingue minoritarie* = *La ricerca de la norma en els dialectes italians i en les llengües minoritàries*], 2003-04:105-121. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Barcelona], Universitat Autònoma de Barcelona, [2006], <<http://ddd.uab.es/pub/qdi/11359730n8p105.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/08/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA

Na primeira parte do traballo (apdos. 2 e 3) ofrécese un repaso conciso e ben organizado da historia do debate sobre a codificación do galego moderno entre 1973-2003, onde se subliñan algúns dos trazos máis significativos das principais propostas normativas defendidas neste período, para acabar describindo as liñas básicas da nova normativa aprobada pola Real Academia Galega en xullo de 2003 (vid. entrada 456), que veu modificar as normas ortográficas e morfolóxicas que a institución aprobara en 1982. A segunda parte (apdos. 4 e 5, p. 114-121) está dedicada a desenvolver algúns conceptos teóricos que o autor cre que habería que ter en conta para avaliar este tipo de procesos, especialmente cando afectan ás minorías exoglóxicas, e que aplica ás propostas de codificación do galego; para isto, ten en conta os criterios de codificación propostos por Xavier Lamuela (“Criteris de codificació i de compleció lingüística”, *Els Marges*, 53, 1995:15-30), introducindo algunhas matizacions a partir da análise do caso galego.

**453-2.** MARTÍNEZ ROCA, Igy: “A Historia Moderna do galego e o continuo poscrioulo”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, III, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:415-424. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2006], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_3.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_3.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 09/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Tras unha introdución centrada nos crioulos, o autor analiza a situación do galego moderno, fortemente castelanizado, con presenza de léxico e modismos castelás, que dá lugar a “unha fala híbrida, que obviamente non é castelán, pero que tampouco é galego strictu sensu” e que denomina *mestura*. A castelanización tamén se observa na escrita, principalmente na tradución directa do castelán. Finalmente, no apdo. 4, aborda a cuestión da *postcrioulización* de Galicia, que se produce tanto no castelán falado por galegofalantes coma no galego falado por falantes orixinariamente casteláns. O autor elabora un cadro do “continuo poscrioulo que presenta a fala dos galegos no momento presente” (p. 423): galego, mestura, castrapo, agalegado, castelán e castelego [o empregado polos neofalantes que “falan en castelán, cambiando só a morfoloxía e algunhas palabras, tipicamente tiradas dunha lista esteriotipada [...], como se se tratase dun rexistro máis do castelán” (ibid.)].

**454.** VÁZQUEZ SOUZA, Ernesto: “A construción dunha ortografía nacional. Manuel Murguía”, en *Desta beira do Leteu: Artigos de historia cultural, literatura e sociedade desde o esquecemento*, Bertamiráns, Liovento, 2004:70-83.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA

Reflexións arredor do papel das linguas na evolución do proceso de reivindicación e construción nacional en Galicia ao longo do período que cobre a biografía de Manuel Martínez Murguía (1833-1923). No artigo reproducécese un fragmento do prólogo do frustrado *Cancioneiro popular de Galicia*, redactado por Murguía na década de 1910 e en que xustifica un achegamento á ortografía do portugués como solución á falta de acordo normativo existente nese momento e coa vontade de “hechar de una vez las bases de una ortografía con la cual podamos y debemos conformarnos” (p. 83).

**455.** COUCEIRO FREIXOMIL, Antonio / MORALEJO LASO, Abelardo: “Ortografía gallega: Bases para su unificación”, *El Pueblo Gallego*, 4-V-1928; 5-V-1928; 9-V-1928; 12-V-1928; 17-V-1928; 22-V-1928; 24-V-1928. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Centro Superior Bibliográfico de Galicia, Biblioteca Dixital, [s.d.], <<http://www.cmg.xunta.es/visor/prensa/paxinas/busqueda.asp?T4=PBGA>>, [Consulta: 16/08/2005]. | [2ª ed. aum.], *BCPMHAOr*, VIII/185, 1929:342-350; VIII/186, 1929:369-376; VIII/187, 1929:383-395; VIII/188, 1929:412-417; VIII/189, 1929:431-435. | [Reed.]: *Ortografía gallega: Bases para su unificación: Con un apéndice del profesor Abelardo Moralejo*, Ourense, Imprenta La Popular, 1929, 46 p. | [Reed.]: en Antonio Couceiro Freijomil, *El idioma gallego: historia, gramática, literatura*, Barcelona, Alberto Martín, 1935:173-209. | [Ed. facs. dix. da 2ª ed.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Promoción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*;1)

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA

O autor móstrase contrario a seguir a norma ortográfica portuguesa: “La propensión de algunos de nuestros escritores a adoptar una ortografía imitación o copia de la portuguesa, más imperfecta que la castellana, se opone, no solamente a la tradición del gallego, sino a los progresos a que la escritura debe siempre tender, con miras a la simplificación, y es, además, dar por bueno lo que hoy se reconoce en todos los países, al lamentar complicaciones ortográficas, como obra funesta de la pedantería de los

pseudo-eruditos en colaboración muchas veces con la ignorancia" (p. 16 da reed. de 1929). O traballo forma parte do debate desenvolvido entre os anos 1918-1934, que confrontaba aos partidarios dunha ortografía etimolóxica cos que defendían unha ortografía fonética. A reed. en *El idioma gallego* (1935) presenta algunhas modificacións e non inclúe o apéndice de Abelardo Moralejo.

Vid. tamén as entradas 432, 459.

## 522111 Propostas de normativización

**456.** REAL ACADEMIA GALEGA / INSTITUTO DA LINGUA GALEGA: *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, Santiago de Compostela, Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega, 1982, 188 p. | 2ª ed., 1983, 188 p. | 3ª ed., 1983, 188 p. | 4ª ed., 1984, 188 p. | 5ª ed., 1985, 188 p. | 6ª ed., 1986, 188 p. | 7ª ed., 1987, 188 p. | 8ª ed., 1987, 188 p. | 9ª ed., 1991, 188 p. | 10ª ed., 1992, 188 p. | 11ª ed., 1993, 188 p. | 12ª ed. rev., 1995, 254 p. | 13ª ed., 1996, 254 p. | 14ª ed., 1996, 254 p. | 15ª ed., 1996, 254 p. | 16ª ed., 1997, 254 p. | 17ª ed., 2000, 254 p. | 18ª ed. rev., 2003, 243 p. | 19ª ed., 2004, 243 p. | 20ª ed., 2005. | [Ed. en liña n.v. da 1ª ed.]: [s.d.], <<http://membros.lycos.fr/questionne/documentos/normas82/indice.html>>, [Formato: HTML], [Consulta: 30/06/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

Aprobadas nunha sesión conxunta das dúas institucións celebrada o día 3 de xullo de 1982. Posteriormente foron declaradas oficiais pola Xunta de Galicia no Decreto 173/1982, do 17 de novembro, de normativización da lingua galega (DOG do 20/04/1983), e aprobadas polo Parlamento Galego como anexo á Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (DOG do 14/07/1983). Na 12ª ed. fíxose unha revisión coa intención "de realizar pequenas modificacións puntuais, de reforzar algúns dos argumentos e, sobre todo, de cubrir algunhas lagoas que presentaba a versión do ano 1982" (p. 5). Esta revisión foi aprobada polo Consello Científico do ILG o día 11 de novembro de 1994 e pola RAG en sesión extraordinaria do día 25 de febreiro de 1995. Na 18ª edición introducíronse modificacións sobre varios aspectos (adverbios, preposicións, conxuncións, grupos cultos, sufixos, segunda forma do artigo, etc.), a partir dun texto de consenso entre as diversas propostas de codificación existentes, aprobado pola RAG en xullo de 2003 [vid. entrada 456].

RECS.: Leodegário A. de Azevedo Filho, "Sobre ortografía e morfología do galego", *Agália*, 2, 1985:240-241. [Reed.]: *Temas de O Ensino*, II/6-10 [= *Lingüística, Sociolingüística e Literatura Galaico-Luso-Brasileira-Africana de Expressão Portuguesa*], 1986:92-94 | Mª Teresa González Rodríguez, *Lucensia*, VI/12, 1996:196-197.

## 522112 Os debates sobre a normativización: Estudos historiográficos

**457-1.** MONTEAGUDO ROMERO, Henrique: "A demanda da norma. Avances, problemas e perspectivas no proceso de estandarización do idioma galego", en Henrique Monteagudo e Xan M. Bouzada (coords.), *O proceso de normalización do idioma galego*, III: *Elaboración e difusión da lingua*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua, [2003]:37-129,



1 mapa (= *Colección Base*). | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2004], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/normalizacion\\_III.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/normalizacion_III.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/07/2004].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

Análise do proceso da estandarización do galego, así como da difusión e aceptación da norma por parte dos usuarios. Organizado en cinco apdos.: 1) "Estandarización: fixación e difusión da norma" (p. 37-46) ofrece unha reflexión sobre a importancia de establecer unha norma escrita e como esta se vai fixando e difundindo entre os falantes; 2) "A cuestión da norma na historia" (p. 46-68) repasa o proceso de codificación do galego desde o séc. XIX (en que os autores se enfrontan a distintos problemas tanto gráficos como léxicos e teñen como referente o castelán) ata o XX (en que o referente muda e se trata de afastar do castelán e achegarse ao portugués); 3) "O debate normativo e o galego estándar (1976-2000)" (p. 68-105) desenvolve unha análise do camiño percorrido desde a publicación das *Bases pró unificación das normas lingüísticas do galego* (1977, vid. BILEGA 850) ata o ano 2000; o cuestionamento por parte de diversos sectores destas bases e das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (1982, entrada 456), cuxos criterios de elaboración se analizan, provocou a aparición de dúas propostas normativas parellas á da RAG / ILG: a denominada de *mínimos* e a da AGAL; 4) "O acordo de concordia de 2001 e a reforma de 2003" (p. 106-112) aborda o proceso de unificación das diversas propostas, levado a cabo pola AS-PG, o ILG e os departamentos de Lingua galega da Universidade de Santiago de Compostela e da Universidade da Coruña e que tivo como resultado a proposta normativa aprobada pola RAG en xullo de 2003 (vid. entrada 456); 5) "Difusión do estándar oral: o galego urbano" (p. 113-120) aborda a problemática da lingua oral, principalmente do que se ten denominado "neo-galego urbano", caracterizado por presentar unha morfoloxía e léxico galegos, mais unha prosodia, sintaxe e estilo idiomático casteláns.

457-2. MONTEAGUDO ROMERO, Henrique: "Outra volta na procura da recendente pantera? O acordo normativo de 2003. Antecedentes e perspectivas", *AICL*, 2004:80-93.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA

En xullo de 2003 a Real Academia Galega aprobou unha proposta de reforma das Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego (vid. entrada 456). O autor considera que "[e]sta decisión pode significar un punto de inflexión moi importante no proceso de estandarización do galego, na medida en que contribúa a pacificar a cuestión do galego normativo, toldada por polémicas que dificultan a súa aceptación social. O acordo significa unha ampliación significativa da base de consenso sobre a lingua escrita, o que é fundamental para calquera idioma, e máis aínda para un que se atopa nunha situación de clara desvantaxe coma o galego, que ten que competir en condicións de franca inferioridade con respecto ao castelán" (p. 80). O traballo trata de explicar os elementos que definen o contexto sociopolítico e académico das discusións sobre a norma do galego dende comezos da década de 1970, en que termos e con que posicionamentos se desenvolveron esas discusións e o significado da reforma normativa que ven de se aprobar.

Vid. tamén as entradas 36, 453-1, 539-2.



## 5221121 Debates anteriores ao ano 1970

**458-1.** GARCÍA ARES, Maricarme: “A derradeira proposta ortográfica de Marcial Valladares”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:337-344. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_2.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA

Preséntase un manuscrito inédito de Marcial Valladares (1821-1903) datado en maio de 1896 verbo da ortografía da lingua galega. O autor, que xa participara anteriormente nas polémicas ortográficas da época, defende neste texto escribir segundo se pronuncia; de aí que propoña a eliminación do <k>, do <h> do <u> co <g> e co <q>; propón, ademais, representar a consoante interdental sempre por medio do <z> e distinguir graficamente a vibrante múltiple (<rr>) da simple (<r>) independentemente do contexto.

**458-2.** MARTIMÓN-TORRES, Marcos: *Xaquín Lorenzo «Xocas»: Confesiões e Lembranzas para Mozos de Onte e Hoxe*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 2004, 87 p.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

O máis significativo desde o punto de vista lingüístico é o apdo. “Normativizar é restarlle riqueza ó galego. ¡Non, señor!” (p. 57-64), en que se expoñen as ideas de Xaquín Lorenzo sobre a lingua galega e a súa situación social.

**459.** MONTERO SANTALHA, José Martinho: “Alguns testemunhos do reintegracionismo lingüístico galego-português nos anos 60-70”, *Agália*, 65-66 [= *Especial Comemorativo: 20 [a] aniversario*], 2001:9-16. | [Ed. en liña n.v.]: Portal Galego da Língua, 1-VI-2004, <[http://www.agal-gz.org/modules.php?name=Downloads&d\\_op=viewdownload&cid=4](http://www.agal-gz.org/modules.php?name=Downloads&d_op=viewdownload&cid=4)>, [Formato: PDF], [Consulta: 26/01/2006].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Recóllense algúns testemuños lingüísticos a prol do reintegracionismo de persoeiros relacionados dalgunha maneira coa lingua galega no século XX.

Vid. tamén a entrada 455.

## 5221122 Debates posteriores ao ano 1970

**460.** BERMÚDEZ BLANCO, Manuel: “Novas normas, vellos hábitos”, *Novas CTNL*, 16, 2004:2-3.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

O autor reflexiona sobre a reforma das normas de codificación da lingua galega que se levou a cabo en 2003 [vid. entrada 456], criticando as dobres posibilidades que se ofrecen en casos como o uso do

signo de interrogación ao inicio, a posibilidade de escribir *Galicia* ou *Galiza* ou as terminacións en *-ería* ou *-aría*.

**461.** CASTRO, Mauricio: “Reintegracionistas con ortografía espanhola ou como queren vender-nos gato por lebre”, *Agália*, 77-78, 2004:231-235.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA

A partir das opinións vertidas no artigo de Xosé Ramón Freixeiro Mato, “As novas normas do galego. Sermos reintegracionistas con ortografía oficial” (2004, entrada 463), critica que se queira “vender-nos gato por lebre” ao considerar que a reforma das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* aprobada pola RAG en xullo de 2003 [vid. entrada 456], pode ser aceptada polos reintegracionistas. Despois de criticar esta proposta normativa, o autor considera que “os que recentemente abraçaron a ortografía dita oficial som oficialistas, e nom reintegracionistas” (p. 233); así mesmo, critica o acatamento desa proposta por parte do BNG.

**462.** FREIXEIRO MATO, Xosé Ramón: “As novas normas do galego: Normativización e normalización: son horas de decidirmos”, *A Nosa Terra*, 1113, 2004:16. | [Ed. en liña n.v.]: en *Reflexións sobre o galego a propósito da reforma normativa*, A Coruña, eDixital, 2004, <[http://bvg.udc.es/ficha\\_obra.jsp?id=Resoogaa1&alias=Xos%E9+Ram%F3n+Freixeiro+Mato&>](http://bvg.udc.es/ficha_obra.jsp?id=Resoogaa1&alias=Xos%E9+Ram%F3n+Freixeiro+Mato&>), [Formato: TXT], [Consulta:31/03/2006]. | [Ed. en liña n.v.]: A Mesa pola Normalización Lingüística, [s.d.], <[http://www.amesanl.org/biblioteca/200401\\_normativizacionounormalizacion.html](http://www.amesanl.org/biblioteca/200401_normativizacionounormalizacion.html)>, [Formato: HTML], [Consulta: 31/03/2006].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

O autor dá a súa opinión sobre a normativa para o galego consensuada e aprobada pola Real Academia Galega en xullo de 2003 [vid. entrada 456]. Pensa que para codificar a lingua é necesario o consenso, se ben cempre seguir traballando neste eido.

**463.** FREIXEIRO MATO, Xosé Ramón: “As novas normas do galego: Sermos reintegracionistas con ortografía oficial”, *A Nosa Terra*, 1112, 2004:16. | [Ed. en liña n.v.]: en *Reflexións sobre o galego a propósito da reforma normativa*, A Coruña, eDixital, 2004, <[http://bvg.udc.es/ficha\\_obra.jsp?id=Resoogaa1&alias=Xos%E9+Ram%F3n+Freixeiro+Mato&>](http://bvg.udc.es/ficha_obra.jsp?id=Resoogaa1&alias=Xos%E9+Ram%F3n+Freixeiro+Mato&>), [Formato: TXT], [Consulta:31/03/2006]. | [Ed. en liña n.v.]: “As novas normas do galego, o reintegracionismo e a corrección lingüística”, A Mesa pola Normalización Lingüística, [s.d.], <[http://www.amesanl.org/biblioteca/200403\\_correccion.html](http://www.amesanl.org/biblioteca/200403_correccion.html)>, [Formato: HTML], [Consulta: 31/03/2006]. | [Ed. en liña n.v.]: “Sermos reintegracionistas con ortografía oficial”, <<http://www.ciberirmandade.org/sitio2005/content/view/15/27/>>, [Formato: HTML], [Consulta: 20/04/2006].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

O autor defende o carácter *reintegracionista* da proposta de codificación aprobada pola RAG en xullo de 2003 [vid. entrada 456], se por iso se entende o feito de reconducir “o galego cara á súa plena autenticidade, liberándoo das interferencias foráneas”. Malia considerar que cumprirían outros cambios de tipo ortográfico, sitúaos nun segundo plano xa que “[a] ortografía é unha convención que se pode mudar de modo relativamente doado, mais as estruturas internas da lingua non se poden mudar coa mesma facilidade. Por iso hai que prestar atención moi especial aos aspectos morfosintácticos”. É por

iso polo que sinala os trazos máis significativos desde o punto de vista morfosintáctico: a colocación dos pronomes nas perífrases e nas cláusulas de infinitivo precedidas de preposición, o uso da preposición *a* con CDir, o artigo nas cláusulas de relativo precedidas de preposición e con antecedente expreso, o uso do infinitivo conxugado e do futuro de subxuntivo, etc.

**464.** MARTÍNEZ ROCA, Iggy: “A polémica Lapa-Piñeiro e a planificación lingüística galega”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:205-215. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_2.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Partindo da actual situación sociolingüística de Galicia, ollada a través de datos tirados do MSG [*Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia: Compendio do I Volume do Mapa Sociolingüístico de Galicia* (1994, vid. BILEGA 3481); *Usos lingüísticos en Galicia: Compendio do II Volume do Mapa Sociolingüístico de Galicia* (1995, vid. BILEGA 5202); *Actitudes lingüísticas en Galicia: Compendio do III Volume do Mapa Sociolingüístico de Galicia* (1996, vid. BILEGA 6799)], e aceptando, en virtude da constatación da quebra interxeneracional na transmisión do galego, a tese da súa desaparición defendida por Xesús Alonso Montero en 1973, o autor céntrase na polémica ortográfico-filosófica sostida polos profesores Ramón Piñeiro López (1915-1990) e Manuel Rodrigues Lapa (1897-1989) a comezos da década de 1970. Dende unha perspectiva pragmática, analiza as concordancias e discordancias de opinión entre estas dúas personalidades verbo da situación do galego e da estratexia para a súa normalización baseada no achegamento ao portugués [P.M.F.].

**465.** MONTERO SANTALHA, José Martinho: “A Lusofonia e a Língua Portuguesa da Galiza: Dificuldades do Presente e Tarefas para o Futuro”, *Temas de O Ensino*, VII-IX/27-38 [= *Atas do Congresso Internacional de Língua, Cultura e Literaturas Lusófonas: Homenagem ao Professor Ernesto Guerra da Cal (Santiago de Compostela, 1994)*], 1991-94:137-149. | [Ed. en liña n.v.]: Portal Galego da Língua, 13-VII-2004, <[http://www.agal-gz.org/modules.php?name=Downloads&d\\_op=viewdownload&cid=3](http://www.agal-gz.org/modules.php?name=Downloads&d_op=viewdownload&cid=3)>, [Formato: PDF comprimido], [Consulta: 20/01/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Destaca, desde o punto de vista reintegracionista, a condición do galego como membro da lusofonía. Expón as dimensións da lusofonía en número de falantes, cultura e variedade de países que a compoñen, considerando que estas implican unhas obrigas para os seus membros.

Vid. tamén as entradas 30, 31, 345.

## 522113 Notas ortográficas

**466.** FREIXEIRO MATO, Xosé Ramón: “Principais mudanzas nas normas do galego”, *A Nosa Terra*, 1107, 2003:14. | [Reed.]: en *Reflexións sobre o galego a propósito da reforma normativa*, [Ed. en liña n.v.]: A Coruña, eDixital, 2004, <[http://bvg.udc.es/ficha\\_obra.jsp?id=Resoogaa1&alias=Xos%E9+Ram%F3n+Freixeiro+Mato&](http://bvg.udc.es/ficha_obra.jsp?id=Resoogaa1&alias=Xos%E9+Ram%F3n+Freixeiro+Mato&)>, [Formato: TXT], [Consulta:31/03/2006]. | [Ed. en liña n.v.]: A Mesa pola Normalización Lingüística, [s.d.], <[http://www.amesanl.org/biblioteca/200309\\_mudanzas.html](http://www.amesanl.org/biblioteca/200309_mudanzas.html)>, [Formato: HTML], [Consulta: 31/03/2006].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

Enuméranse os principais cambios introducidos pola nova proposta de codificación do galego aprobada pola RAG en xullo de 2003 [vid. entrada 456], entre as cales se encontran: 1) os casos de duplicidade (non uso / uso da segunda forma do artigo, a terminación *-aría / -ería, Galicia / Galiza*, etc.), 2) a redución dos grupos *-ct-* e *-cc-* precedidos das vogais *i* e *u*; 3) a eliminación de certas formas (as neutras do demostrativo en *e-*, *triple*, *cuadruple*, *nembargantes*, etc.); 4) a incorporación de formas como *cuxo*, *porén*, *até*, etc; 5) as terminacións en *-zo / -za*; 6) a formación do feminino das formas en *-án*.

## 522114 Sistemas de transliteración ao galego

**467.** DORADO CADILLA, Jairo: “Modelo de transliteración do alfabeto cirílico serbio ao galego”, *Viceversa*, 9-10, 2003-04:147-151.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA

Preséntase unha proposta de transliteración do alfabeto cirílico serbio ao galego co obxectivo de sistematizar a transcripción e corrixir os erros e calcos derivados de tomar como referencia outras linguas [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

## 522113 A codificación gramatical

**468.** FREIXEIRO MATO, Xosé Ramón: “As novas normas do galego: denominacións de orixe en perigo”, *A Nosa Terra*, 1111, 2004:15. | [Ed. en liña n.v.]: “Algunhas consideracións sobre o uso dos verbos nas novas normas”, en *Reflexións sobre o galego a propósito da reforma normativa*, A Coruña, eDixital, 2004, <[http://bvg.udc.es/ficha\\_obra.jsp?id=Resoogaa1&alias=Xos%E9+Ram%F3n+Freixeiro+Mato&](http://bvg.udc.es/ficha_obra.jsp?id=Resoogaa1&alias=Xos%E9+Ram%F3n+Freixeiro+Mato&)>, [Formato: TXT], [Consulta: 31/03/2006]. | [Ed. en liña n.v.]: “As novas normas do galego: algunhas consideracións sobre o uso dos verbos”, A Mesa pola Normalización Lingüística, [s.d.], <[http://www.amesanl.org/biblioteca/200401\\_verbos.html](http://www.amesanl.org/biblioteca/200401_verbos.html)>, [Formato: HTML], [Consulta: 31/03/2006].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Analiza os cambios que lle afectan ao verbo na nova proposta de codificación do galego aprobada pola Real Academia Galega en xullo de 2003 [vid. entrada 456]. Céntrase basicamente no emprego do infini-

tivo conxugado e do futuro de subxuntivo, que, segundo o autor, debería ser un dos principais factores do labor de corrección lingüística. Indícanse distintos casos de uso destes tempos verbais.

**469.** FREIXEIRO MATO, Xosé Ramón: “Problemas para a normalización. Bueno... pero mira o que dis!”, *A Nosa Terra*, 1103, 2003:16. | [Ed. en liña n.v.]: en *Reflexións sobre o galego a propósito da reforma normativa*, A Coruña, eDixital, 2004, <[http://bvg.udc.es/ficha\\_obra.jsp?id=Resoogaa1&alias=Xos%E9+Ram%F3n+Freixeiro+Mato&](http://bvg.udc.es/ficha_obra.jsp?id=Resoogaa1&alias=Xos%E9+Ram%F3n+Freixeiro+Mato&)>, [Formato: TXT], [Consulta:31/03/2006]. | [Ed. en liña n.v.]: “Na procura de mellorarmos o uso do galego: os marcadores discursivos”, *A Mesa pola Normalización Lingüística*, [s.d.], <[http://www.amesanl.org/biblioteca/200311\\_marcadoresdiscursivos.html](http://www.amesanl.org/biblioteca/200311_marcadoresdiscursivos.html)>, [Formato: HTML], [Consulta: 31/03/2006].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Análizase a castelanzación nas formas dos marcadores discursivos do galego moderno. Os efectos da interferencia neste ámbito da gramática percíbense: 1) na substitución da forma galega pola castelá (con ou sen adaptación, tipo *bueno, o sea, hombre, é decir, de todos xeitos, mentras*, etc.); 2) na potenciación da forma galega coincidente coa castelá naqueles casos en que o galego posúe máis dunha forma (*ademais / alén de, en canto a / canto a, en efecto / con efecto*); 3) no desuso de formas características do galego (*porén, até*, etc.). Dedicálles especial atención aos casos de *pero* (pois existen “algunhas sospeitas de *pero* ser un castelanismo no galego”) e *bueno* (“totalmente rexeitábel e facilmente substituíbel por *ben* ou *bo(n)*”).

Vid. tamén a entrada 466.

## 52214 A codificación do léxico

**470-1.** ALVARIÑO ALVARIÑO, María del Pilar / MARTÍNEZ CALVO, María Liliana / SÁNCHEZ SAMPEDRO, Blanca: “El tratamiento de los préstamos en tres vocabularios terminológicos en gallego”, en Inmaculada Sanz Sainz e Ángel Felices Lago (eds.), *Las nuevas tendencias de las lenguas de especialidad en un contexto internacional y multicultural = Current Trends of Languages for Specific Purposes in an International and Multicultural Context*, Granada, Universidad de Granada, 2004:253-262.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REGISTRO CIENTÍFICO-TÉCNICO)

A través da análise de tres vocabularios técnicos en proceso de elaboración no TERMIGAL (Servizo Galego de Terminoloxía), as autoras estudan o tratamento que se lles dá aos préstamos na terminoloxía galega, tendo en conta as peculiaridades lingüísticas e culturais. Os repertorios léxicos analizados son o *Vocabulario de marketing e publicidade*, o *Vocabulario de automoción* e o *Vocabulario de música*.

**470-2.** ÁREA DE LINGUAXES ESPECIALIZADAS DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (coord.): *Un idioma preciso*, [Ed. en liña n.v.]: Portal canalciencia.com, 2002-, <<http://www.canalciencia.com/faladoiro/>>, [Formato: HTML], [Consulta: 30/06/2006].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

A linguaxe usada na comunicación técnica e científica debe ser “un idioma preciso”, xa que a exactitude e a non ambigüidade é unha das súas características definitorias. O galego neste tipo de comunicacións é tamén un idioma preciso: para a súa normalización é imprescindible que acceda a estes ámbitos expresivos e que os falantes perciban con evidencias que o galego permite comunicar todos os contidos de todos os temas. Esta interesante sección de *canalciencia.com*, que inclúe un foro de debate, pretende contribuír á normalización do galego neses ámbitos, presentando propostas terminolóxicas que aínda non acadaron unha forma estable ou que se empregan de forma inadecuada. Cada número parte dun pequeno estudo elaborado polos coordinadores en que se analiza un ou varios conceptos dunha área de especialidade e se propoñen nomes galegos para eles. Partindo dese traballo, os coordinadores convidan a todas as persoas interesadas a opinar sobre a calidade e a conveniencia das formas propostas, e a presentar e defender as súas propias alternativas no foro de debate. Na data da última consulta xa foran publicadas 75 notas terminolóxicas [Adaptación da descrición publicada na web].

**470-3.** BAXTER, Robert Neal: “Terminology Setting for *Minority Languages* within an Ultra Prescriptive Framework: A Case Study of Corpus Planning in Galizan”, *Terminology*, 10/2, 2004:265-280. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Amsterdam/Philadelphia, PA], John Benjamins, [2004], <<http://www.benjamins.com/jbp/series/TERM/10-2/0005a.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 30/08/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

Aborda a cuestión das denominacións de lugares estranxeiros nas linguas minorizadas, concretamente no galego, e as súas repercusións na estandarización do idioma. Así, analízanse os problemas que xorden á hora de fixar o nome de lugares alleos ao territorio de fala galega, sendo distinto o tratamento que reciben os lugares máis próximos, física e culturalmente, do que se lles dá aos lugares máis afastados. Entre os problemas máis frecuentes para establecer a forma galega, sublíñanse os seguintes: 1) a presenza ou non de artigo (*Brasil/O Brasil*); 2) no caso de topónimos éuscaros, o mantemento do topónimo en éuscaro ou do topónimo en castelán ou francés (*Biarritz* vs. *Miarritzze*, *Navarra* vs. *Nafarroa*); 3) as distintas adaptacións gráficas (por exemplo as do <j>: *lacarta*, *Xamaica*, *Fidxi*); 4) o mantemento da forma orixinaria, etc.

RECS.: *LLBA*, 39, 2005:[200503912].

**471.** DAVIÑA FACAL, Luís: “Notas sobre os nomes vulgares ou vulgarizados dalgúns gastrópodos mariños galegos. Unha proposta”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:271-290. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_2.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO CIENTÍFICO-TÉCNICO)

Análise da situación dos nomes científicos e vulgares dalgúns gastrópodos mariños. Primeiramente, o autor céntrase nas denominacións científicas e nos problemas que xorden á hora de denominar un gastrópodo para o que existen diversos nomes; a seguir céntrase nos nomes vulgares que estes animais reciben en galego, salientando as confusións existentes que se reflicten mesmo en dicionarios

como o *Dicionário da língua galega* (1995, vid. *BILEGA* 5386) de Isaac Alonso Estravís e o *Diccionario Xerais da Lingua* (1986, vid. *BILEGA* 1999) de María do Carme Ares Vázquez et al. Finalmente fai unha proposta de nome científico de entre as distintas denominacións existentes e de nome vulgar para catroce gastrópodos; as denominacións vulgares que propón son as seguintes: *borracha*, *pé de pelícano*, *corniño*, *cornecho*, *sombreiro chinés*, *cornio* ou as formas *buguina* e *bucina*, *caramuxa* ou os sinónimos *caramuxo* e *mincha*, *peneira*, *cornetín*, *corniña*, *lapa* e *margarida*.

**472.** GALANES SANTOS, Iolanda: “A terminoloxía en Galicia”, en Henrique Monteagudo e Xan M. Bouzada (coords.), *O proceso de normalización do idioma galego*, III: *Elaboración e difusión da lingua*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua, [2003]:229-288 (= *Colección Base*). | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2004], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/normalizacion\\_III.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/normalizacion_III.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/07/2004].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO CIENTÍFICO-TÉCNICO)

Panorámica histórica do desenvolvemento da terminoloxía galega entre 1983 e 2000 e a súa relación coa normalización lingüística. Analízase a produción terminográfica atendendo ao ritmo de aparición de traballos, ao perfil do autor, ás áreas temáticas, ás linguas de traballo, aos aspectos formais, á estrutura e ao soporte. A continuación céntrase no papel que desempeña a terminoloxía na normalización lingüística e no modelo teórico de organización da planificación terminolóxica e analízase o desenvolvemento dese modelo no caso do galego de acordo coas tarefas que debe desempeñar: investigación, normalización, difusión, implantación, avaliación e actualización.

**473.** GALANES SANTOS, Iolanda / GÓMEZ MÉIXOME, Antón / GONZÁLEZ MONTAÑÉS, Alberte: *COM-FORMA: Unha achega pluridisciplinar á elaboración da terminoloxía xurídica galega*, [Ed. en liña n.v.]: [2004], <<http://www.avogacia.org/~sal/cdcomforma/docs/artigo.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta:23/09/2004].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Traballo que trata de afondar na investigación terminolóxica pluridisciplinar a través das seguintes vías: 1) análise dos condicionantes do procedemento de traballo no contexto de reelaboración do galego xurídico; 2) presentación do proxecto COM-FORMA sobre a terminoloxía da lingua do dereito galego; 3) reflexión sobre a pluridisciplinariedade da investigación terminolóxica.

**474.** GARCÍA CANCELA, Xermán: “Avances na fixación do léxico xurídico-administrativo galego”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:345-351. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_2.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)



Presenta un “panorama do estado actual na fixación da terminoloxía propia do ámbito das relacións xurídicas-administrativas en Galicia” (p. 345), feito a partir da observación da extensión real do uso dos “tecnicismos xurídico-administrativos xa fixados en dicionarios da lingua xeral, en léxicos especificamente xurídico-administrativos ou en disposicións normativas sancionadas polo poder galego ou traducidas do ámbito estatal” (ibid.).

**475.** PICHEL CAMPOS, Xosé Ramón: “Novos rumos para a terminoloxía galega”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:399-405. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_2.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Expón brevemente o perigo que supón para o galego un desenvolvemento da súa terminoloxía científica e técnica baseado en criterios diferencialistas e castelanzadores, propoñendo como solución o recurso ao portugués.

**476.** RODRÍGUEZ RÍO, Xusto A.: “O tratamento dos empréstitos: Unha proposta de actuación”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:407-415. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_2.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA: INF. DIAFÁSICA

Faise unha proposta de tratamento dos empréstitos en galego tomando como base a análise de catro obras: *Vocabulario ortográfico da lingua galega: (Versión provisional)* (1989, vid. BILEGA 288), *Diccionario de dúbidas da lingua galega* (1991, vid. BILEGA 94), *Vocabulario elemental do deporte* (1988, vid. BILEGA 513) e “Glosario de anglicismos: propostas de tradución e adaptación” (1994, vid. BILEGA 2764). O autor sinala algunhas pautas que axudan a determinar cando incluír unidades dentro doutros sistemas lingüísticos no corpus do léxico do galego e, en caso de o facer, determinar o procedemento de integración máis conveniente (estranxeirismo, adaptación ou calco).

Vid. tamén as entradas 45, 133, 477, 480, 753.

## 52215 A contribución dos escritores á conformación do estándar

**477.** ALONSO MONTERO, Xesús: “O escritor galego e o problema da lingua”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega,



[2004]:9-24. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA: LINGUA LITERARIA

A creación dun galego culto a partir da lingua oral que fala o pobo é o tema do artigo. Análizanse os problemas cos que se atoparon os escritores do séc. XIX, que parten da lingua dos “vellos, pois, son a norma de pureza, de enxebreza” (p. 11) e, ademais, non contan cun sociolecto culto que poidan empregar na súa produción literaria. Nese afán de enxebreza os autores chegan ao hiperenxebriismo que aínda segue presente na actualidade. Nese afán por buscar unha norma culta encádrase a polémica tradución de Aquilino Iglesia Alvariño dos *Carmina* de Horacio, concretamente o emprego da voz *estumballado*. Esta forma foi a escollida por Rodrigues Lapa para defender que o galego non tiña capacidade literaria, ao que van responder Ramón Piñeiro e Álvaro Cunqueiro, entre outros. No fondo da polémica está a necesidade de creación dunha norma culta diferenciada da coloquial.

**478.** COCIÑA SOUTO, Xesús: “Florencio Vaamonde (1860-1925) á procura dunha norma culta”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:247-270. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_2.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Estudo da lingua literaria de Florencio Vaamonde Lores feito a partir de catro obras do autor: *Os Calai-cos* (1894), *Mágoas* (1901), *O Voto* (1907) e *Follas ao vento* (1919). Análizase a lingua a nivel gráfico (p. 251-255), fonético (p. 255-259), morfosintático (p. 259-264), léxico (p. 264-265) e sociolingüístico (p. 265-268). Conclúese que Florencio Vaamonde Lores contribuíu á elaboración dunha lingua literaria “pulida e elegante”, se ben se viu limitado pola “inexistencia na súa época dun labor filolóxico e académico que posibilitase a creación dun modelo lingüístico requintado” (p. 269).

**479.** GARCÍA, Constantino: “De Rosalía a Dieste. Reflexións sobre o léxico dos escritores”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:25-38. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_2.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Reflexión en que se intenta amosar a inmensa riqueza do léxico galego tradicional baseándose fundamentalmente nas escollas que aparecen na produción literaria de Rosalía de Castro (1837-1885), Alfonso D. Rodríguez Castelao (1886-1950), Álvaro Cunqueiro (1911-1981), Celso Emilio Ferreiro (1913-1979) e Rafael Dieste (1899-1981) e mais na propia experiencia do autor como dialectólogo. Segundo el mesmo declara, neste relatorio pretende expoñer “algunhas das experiencias que teño sobre o léxico galego

que fun adquirindo ó longo de tantos anos buscando voces directamente dos falantes de todo o dominio lingüístico galego e lendo escritos de moitísimos escritores, sobre todo dos cinco citados” (p. 25).

Vid. tamén a entrada 440.

## 52216 A normalización dos topónimos

**480.** BAXTER, Robert Neal: “Problemas originados por uma focagem terminológica incoerente no contexto de autoritarismo prescritivista da planificação de *córpus* de uma língua não-normalizada: o caso da toponímia estrangeira no galego secessionista”, *Agália*, 79-80, 2004:109-137.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Desde posicións netamente reintegracionistas, avalíase o inadecuado tratamento (en opinión do autor) que dan aos exónimos as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* da RAG / ILG [vid. entrada 456]. O autor trata de facer explícitas as razóns deste xuízo negativo e de “elucidar algumas das cuestións que una análise deste tema suscita, já não limitados ao campo estudado, o da toponímia, mas facendo extensíveis as minhas reflexións a partir deste punto de partida ao conxunto da política e da metodoloxía aplicadas à terminoloxía e à neoloxía tal e como se practican na actualidade no galego ILG-RAG” (p. 109-110). Intenta, pois, “desemaranhar a embrulhada, identificando cada fio para logo voltar a tecê-los segundo un novo quadro de principios metodolóxicos claros e coherentes seguindo un modelo de planificación lingüística orientado concorde com as especialidades da língua galego-portuguesa para assim alcançarmos, sob o nosso punto de vista, uma base para a ordenação coherente da terminoloxía/neoloxía geral dentro do contexto de uma língua minorizada como é o galego na sua vertente *secessionista* ILG-RAG” (p. 132). Ao respecto, salienta que “sob nenhum pretexto se deve deixar en mãos de uma só pessoa uma tarefa tão delicada e sensível como é a de se encarregar de fixar padrões terminolóxicos, sobretudo no caso de línguas não normalizadas socialmente como o galego, e cujo contexto altamente prescritivo leva implícito o risco de erigir quaisquer escolhas deste tipo ao nível de cânone para os utentes seguidores do modelo lingüístico em questão” (ibid.). Ademais, no caso do modelo de galego defendido polo ILG / RAG, “cumpriria [...] que os responsáveis se dedicassem a estabelecer e a respeitar não apenas regras e critérios para a elaboração de terminoloxía, mas também uma ordem hierárquica de prioridades na aplicação destes mesmos principios para assim evitar o caos já descrito que emerge após a aplicação errática e parcial de critérios mutuamente excluintes” (p. 133). A proposta do autor é apostar dedicadamente polo luso-brasileiro como fonte potencial e non allea ao galego para a súa revitalización.

Vid. tamén a entrada 45.

## 52218 Os dialectos galegos e a conformación do estándar

Vid. as entradas 315, 316.

## 5222 A normalización do galego: Traballos globais

**481.** *Memoria de elaboración do Plan de normalización lingüística do Concello de Santiago de Compostela*, [Ed. n.v.]: [Santiago de Compostela], Concello de Santiago, [2004], 67 p.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Ofrece detallada información sobre o proceso de elaboración deste plan de normalización, iniciado en 2001 e primeiro aprobado no ámbito municipal. Os apdos. da edición impresa corresponden aos documentos núms. 1 a 9 da publicación na Internet, que, ademais, ofrece o texto do Plan (documento nº 10): 1) Obxectivos xerais e ámbitos de actuación aprobados inicialmente polo Consello Municipal de Normalización Lingüística; 2) Filosofía do Plan de normalización lingüística; 3) Metodoloxía e estrutura do Plan; 4) Cadro de desenvolvemento do Plan; 5) DAFO do grupo de participación sectorial (GPS) da Administración municipal; 6) DAFO do GPS de cultura; 7) DAFO do GPS socioeconómico; 8) DAFO do GPS de ensino / mocidade; 9) Participantes no Plan; 10) Texto do Plan.

RECS.: Concepción Diéguez Diéguez, *Novas CTNL*, 14, 2003:2.

**482.** *Plan de normalización lingüística [do Concello de Santiago de Compostela]*, [Ed. n.v.]: [Santiago de Compostela], Concello de Santiago, 2004, 82 p. | [Ed. en liña n.v.]: *O plan de normalización lingüística do Concello de Santiago*, Santiago de Compostela, Concello de Santiago, [2004], 24 p., <<http://www.santiagodecompostela.org/medi/Lingua/plannormalizacion.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 20/02/2006].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Constitúe o primeiro plan de normalización lingüística aprobado no ámbito municipal, que acada neste documento a súa redacción final despois de tres anos de traballo con participación de numerosos colectivos sociais. O texto, desglosado por sectores, describe os obxectivos dos que se parte e as medidas concretas que se deben desenvolver. A publicación na Internet, ademais de ofrecer o texto do Plan (documento nº 10), permite acceder aos seguintes documentos [que apareceron na ed. impresa do folleto *Memoria de elaboración do Plan de normalización lingüística do Concello de Santiago de Compostela* (2004, entrada 496)]: 1) Obxectivos xerais e ámbitos de actuación aprobados inicialmente polo Consello Municipal de Normalización Lingüística; 2) Filosofía do Plan de normalización lingüística; 3) Metodoloxía e estrutura do Plan; 4) Cadro de desenvolvemento do Plan; 5) DAFO do grupo de participación sectorial (GPS) da Administración municipal; 6) DAFO do GPS de cultura; 7) DAFO do GPS socioeconómico; 8) DAFO do GPS de ensino / mocidade; 9) Participantes no Plan. O último documento da páxina web é o referido texto do *Plan de normalización lingüística*, desglosado por sectores e moi específico.

RECS.: Concepción Diéguez Diéguez, *Novas CTNL*, 14, 2003:2.

**483.** BASCOI MACEIRAS, Beatriz: “Elaboración do Plan de normalización lingüística do Concello de Ferrol”, *Novas CTNL*, 16, 2004:5.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C

Descríbense as distintas fases polas que pasou a elaboración do *Plan de normalización lingüística [do Concello de Ferrol]* (2003, vid. *BILEGA* 12675), que comezou en xaneiro de 2002, despois de completarse un estudo diagnóstico sobre a situación do idioma galego no concello. O proceso deseñouse coa idea de favorecer a máxima participación cidadá na xestión do documento e por iso se crearon os *grupos*

de participación social cuxo traballo rematou coa posta en común do texto final no Consello Municipal de Lingua; ese texto sería finalmente aprobado polo Pleno do Concello por unanimidade. O artigo tamén ofrece unha descrición sumaria dos obxectivos nos diversos ámbitos de actuación que define o plan, así como a estrutura do documento que o recolle.

**484.** CAAMAÑO ISORNA, FRANCISCO / CEBRO FERRO, María Xesús: “Os deseños de medidas repetidas na avaliación de programas de intervención lingüística”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, I, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:181-188. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2004], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

A partir da definición do concepto de *Programa de intervención lingüística* como “calquera actividade ou conxunto de actividades destinadas a cambia-los coñecementos, hábitos ou actitudes dos suxeitos en relación á lingua ou linguas” (p. 181), os autores subliñan a pouca atención que xeralmente se lle presta no deseño dun programa ao “modo como os sociolingüistas (léase normalizadores) serán capaces de analia-la súa eficacia. Debemos ter presente que pouco podemos dicir sobre un Programa non avaliado, xa que non deixa de ser unha construción teórica sobre a que non temos ningún dato da súa posta en práctica. E ademais de que non servirá para a mellora de futuros Programas, tampouco poderemos facer ningún cálculo en relación ó seu custo de oportunidade” (p. 181-182). Co fin de remediar esta lagoa, ofrecen unha descrición das fases e obxectivos que deberían constituir unha avaliación dun programa de intervención lingüística (con puntuais referencias ao galego): “A correcta avaliación dun Programa de Intervención Lingüística pasa pola realización dun auténtico experimento no que identifiquemos perfectamente a variable ou variables sobre as que queiramos intervir, sexamos capaces de medilas previs e posteriormente á intervención, e o propio deseño do experimento nos permita establecer unha relación causal entre a nosa intervención e o cambio de magnitude da variable ou variables consideradas” (p. 182).

**485.** FERRO RUIBAL, Xesús: “Notas para un *Manual de resistencia lingüística*”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, I, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:257-281. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2004], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Fronte á sociolingüística convencional que se limita a ofrecer e interpretar datos que só cuantifican a fortaleza da lingua agresora e a debilidade da agredida, neste artigo postúlase o nacemento dunha sociolingüística ecoloxista e terapéutica que observe o conflito lingüístico dende detrás do pequeno David, que poña en valor as armas que este ten e que axude a poderlle ao agresor. E para que a discusión sociolingüística sexa eficaz, postúlase tamén limpala de prexuízos políticos latentes e distinguir

tres niveis de saúde lingüística (supervivencia, normalización e exclusividade territorial). Este traballo céntrase no primeiro nivel, o de resistencia, analizando criticamente certos sofismas que pesan como lousas nas crenzas sociolingüísticas e que minguan a vontade de seguir falando unha lingua con problemas. Son os seguintes: 1) Hai poucas linguas, tendemos á unificación; 2) O 90% dos humanos falan unha ducia de linguas; 3) Morren moitas linguas e isto é o natural; 4) Sempre a lingua foi compañeira do Imperio; 5) Sempre se impón a lingua das clases altas; 6) Un pobo rural e sen industrializar está condenado a desaparecer; 7) A modernidade leva á morte das linguas pequenas; 8) A proximidade xenética da lingua dominante facilita a alienación; 9) Só as linguas minoritarias teñen problemas; 10) As fronteiras matan as linguas residuais; 11) A existencia dun Estado moderno esixe unha única lingua de comunicación. Analizados un por un, estes sofismas son considerados como falsas ameazas. Pola contra, descríbense e catalóganse como ameazas reais á supervivencia lingüística as seguintes: 1) Xenocidio; 2) Invasión, inmigración e turismo: a importancia do número; 3) A invasión invisible da intimidade familiar pola radio e a televisión; 4) A tolerancia e o derrotismo ante a tiranía lingüística estendida por todo o mundo. Descríbense logo algúns factores de resistencia lingüística que explican que, vivindo baixo mínimos, milleiros de linguas chegasen vivas ao século XXI. Entre eles cítanse os seguintes: 1) A variedade é natural, mentres que a uniformidade é artificio violento e provisional; 2) As montañas e o afastamento das vías de comunicación conservan as linguas; 3) A homoxeneidade étnica conserva as linguas; 4) As linguas resisten nas aldeas e no proletariado; 5) Unha lingua pode sobrevivir varios séculos baixo mínimos, reducida a lingua B; 6) A agresión vacinante; 7) O futuro non está escrito; 8) O abandono individual da lingua dominada non resolve o conflito; e, por veces, non o resolve nin a nivel individual; 9) Non é posible conciliar democracia nin ecoloxía con opresión lingüística; 10) A proximidade xenética da lingua dominante, que facilita a alienación, tamén facilita o retorno. Sinálanse logo algunhas mañas de resistencia lingüística: 1) A resistencia doméstica materna; 2) A diglosia é, en caso de emerxencia, unha eficaz arma de resistencia; 3) O amor ao noso, que todos levamos dentro, só quere algo que o esperte; 4) A tradición oral, e en xeral, as tradicións folclóricas (canto, baile, festas, ritos, gastronomía); 5) O comercio e a medicina informal; a relixión; 6) A forza demográfica; 7) A lingua minorizada por veces é maioritaria; 8) A ridiculización dos desertores; 9) A reconversión persoal é pouca cousa pero pode levar ata unha autonomía política; 10) Asunción a moita honra do que o poder marca como motivo de ludibrio; 11) Nobreza do regreso á lingua patria; 12) Os cambios lingüísticos, coma os climáticos, non son plenamente perceptibles nunha xeración; 13) Esixencia de que os Estados recuperen o seu papel de garantes da convivencia e de árbitros do Mercado; 14) O inicio do proceso de normalización pode frear a fuga de falantes. Conclúe o traballo cunhas observacións sobre a resistencia da lingua galega segundo os datos do *Mapa Sociolingüístico de Galicia* (1990, vid. BILEGA 3481; 1995, vid. BILEGA 5202; 1996, vid. BILEGA 6799) e os do *Euromosaic* (1996, vid. BILEGA 7193). Dado o tempo transcorrido entre a presentación desta comunicación e a súa publicación, cítase a aparición dun libro que vai na liña desta sociolingüística terapéutica: *La dignidad de las lenguas: Crítica de la discriminación lingüística* (Madrid, Alianza, 2000) de Juan Carlos Moreno Cabrera [A.].

**486.** MARIÑO DAVILA, Esperanza / NOYA BEIROA, Raquel: “A planificación lingüística en Galicia: Un balance do último lustro (1990-1995)”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:103-133. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <<http://www>

consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\_historia\_2.pdf>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Analizan a planificación lingüística levada a cabo en Galicia entre 1991 e 1995 desde organismos públicos e privados en distintos ámbitos (ensino, igrexa, medios de comunicación, literatura, etc.) e contraoñen a situación galega coa de Euskadi e a de Cataluña.

**487.** MONTEAGUDO ROMERO, Henrique: “Cara á oficialización do idioma galego no Estatuto de Autonomía de 1932: Un proceso complexo e polémico”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:143-196. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_2.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Documentado traballo que se ocupa de analizar os debates que sobre a cuestión lingüística se produciron en Galicia en 1931 e 1932, motivados pola elaboración do proxecto de Estatuto de 1932. O autor explica como “as resistencias trabadas na propia Galicia ao recoñecemento oficial do idioma do país gozaron dunha notable forza” (p. 144) e como, finalmente, se deu chegada ao recoñecemento do idioma galego no anteprojecto de Estatuto de Autonomía grazas ao traballo de líderes galeguistas como Alexandre Bóveda.

**488.** QUEIRUGA, Raquel: “Sobre la normalización lingüística del gallego”, [Ed. en liña n.v.]: *Alcuentros*, 2, 2004, <[http://www.alcuentros.org/n2/normalización\\_gallego.pdf](http://www.alcuentros.org/n2/normalización_gallego.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 18/02/2006].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Nota informativa en que se fai un mínimo repaso dos principais chanzos no proceso de normalización do galego desde a aprobación da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (*DOG* do 14/07/1983).

Vid. tamén as entradas 432, 451, 462, 539-2.

## 52221 Aspectos xurídicos da normalización

**489.** BOIX-FUSTER, Emili: “Las lenguas en los órganos centrales del Estado español (Un balance de los 25 años de la Constitución española)”, *Llengua i Dret*, 41, 2004:195-217.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

En primeiro lugar, valóranse os retos derivados da organización política da diversidade lingüística que, nos países de Occidente, se move entre o polo do liberalismo homoxeneizador e o do liberalismo comunitarista, máis respectuoso con ela. En segundo lugar, analízanse os aspectos lingüísticos da política

española no período da transición e da Constitución Española de 1978. Logo, preséntanse algúns criterios básicos para o recoñecemento do plurilingüismo español nas esferas simbólico-lingüística, institucional e dos poderes públicos. Finalmente, convidase a construír unha tradición de recoñecemento e respecto do plurilingüismo, que lles permita aos cidadáns sentirse máis identificados coas institucións [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

**490.** FERREIRA FERNÁNDEZ, Xabier / NOGUEIRA LÓPEZ, Alba: “A lingua e o dereito”, en *Galicia fai dous mil anos: O feito diferencial galego: V. Dereito*, 2, Santiago de Compostela, Arcana-Veri / Museo do Pobo Galego, [2004]:191-212.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Análise da situación xurídica da lingua galega centrada, sobre todo, en dous textos legais: a Constitución Española do 27 de decembro de 1978 (BOE do 29/12/1978) e o Estatuto de Autonomía para Galicia [Lei Orgánica 1/1981 do 6 de abril (BOE do 28/04/1981)]. En primeiro lugar, revísanse os conceptos de *oficialidade* e *cooficialidade* que aparecen nestes dous textos. Logo, analízase brevemente a lexislación lingüística existente en Galicia, concretamente a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (DOG do 14/07/1983) e a Lei 5/1988, do 21 de xuño, de uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais (DOG do 30/06/1988). Estúdase tamén a sentenza do Tribunal Constitucional 84/1982, do 26 de xuño, sobre o dereito e o deber de coñecer o galego segundo se formulan na Lei de normalización lingüística. Finalmente, os autores revisan as novas políticas lingüísticas de intervención coactiva no ámbito privado, o papel dos poderes públicos na oficialidade do galego e o seu estatus nas institucións da Unión Europea.

**491.** REGUEIRO TENREIRO, Manuel: “Posibilidades e limitacións da promoción da lingua na Lei de Normalización”, en Ana Isabel Boullón Agrelo (ed.), *Novi te ex nomine: Estudos filolóxicos ofrecidos ao Prof. Dr. Dieter Kremer*, [A Coruña], Fundación Pedro Barrié de la Maza, [2004]:615-622 (= *Biblioteca Filolóxica Galega / Instituto da Lingua Galega*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

O autor sinala a importancia que tivo no seu momento a aprobación da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (DOG do 14/07/1983), a cal “deu froitos ben abondosos” (p. 621); mais as variacións sufridas pola sociedade nestes anos fan necesaria a aprobación de “normas operativas que respondan ás necesidades da realidade social” (ibid.), xa que a actual lei “empeza a non ter respostas para algunhas necesidades que se tornan perentorias, sobre todo, adoece de carencia de forza impositiva” (ibid.).

**492.** TATO PLAZA, Anxo: “Unidade de mercado e pluralidade lingüística”, en Rosario Álvarez e Antón Santamarina (eds.), *(Dis)cursos da escrita: Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza*, [A Coruña], Fundación Pedro Barrié de la Maza, [2004]:697-708 (= *Biblioteca Filolóxica Galega / Instituto da Lingua Galega*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Abórdase o tema da lingua galega no etiquetado de produtos comerciais tendo en conta a xurisprudencia española e da UE. Segundo o autor, a “cooficialidade idiomática é un principio de rango igual ou superior ó de unidade de mercado” (p. 708) e é o Estado español o que máis atrancos pon ao emprego da lingua galega xa que a UE, a través de varias sentenzas dadas polo Tribunal de Xustiza da



Comunidade Europea, admite o etiquetado en calquera lingua sempre e cando sexa intelixible polos compradores e non permite que un “Estado imponha un único idioma para o etiquetado dos produtos que nel se pretendan comercializar” (p. 705).

## 52222 A normalización no ensino

**493.** ASOREY VIDAL, Daniel: “Normalización e ensino secundario”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:59-77. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_2.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Repásase brevemente o tratamento que recibiu o galego no ensino, centrándose basicamente nos sécs. XIX e XX para poder analizar os usos e actitudes cara ao galego que amosan os alumnos dun instituto de Santiago. O autor cre que, malia existiren normas legais que regulan o uso da lingua galega no ensino secundario, moitas veces non se cumpren; de aí que “o ensino segue a ter un poder castellanizante, asimilador e discriminante” (p. 76). No que atinxe aos usos e actitudes do alumnado, sinala que en xeral os mozos se declaran favorables á potenciación da lingua galega e que o seu emprego nas aulas non implica unha maior dificultade para a asimilación de contidos.

**494.** BURBAN, Chrystelle: “L’enseignement des langues régionales: personnalité ou territorialité? Regards croisés France-Espagne”, *Lengas*, 55, 2004:183-200.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Primeiramente, repásase o estatus legal da lingua francesa e as linguas rexionais de Francia. A continuación estúdase o caso das Comunidades autónomas bilingües de España. O caso de Galicia aparece brevemente descrito no epígrafe “Une territorialisation a géométrie variable” (p. 190-191), onde se sinala que “[l]a modalit e retenue envisage une territorialisation progressive de la langue galicienne   travers son enseignement et sa promotion par etapes en tant que langue v hiculaire, mais   la diff erence de la Catalogne elle se satisfait d’une modalit e bilingue   parit e horaire stricte avec le castillan” (p. 191).

**495.** MAYO REDONDO, Susana / VAQUERO QUINTELA, Isabel: “Un exemplo de actividade dinamizadora dun servizo de normalizaci n: O bolet n universitario ‘O Cartafol’”, en Rosario  lvarez Blanco, Francisco Fern andez Rei e Ant on Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:135-142. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_2.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2.  MB. GALEGO | 3. SINCR NICO | 4. C



Faise un breve percorrido pola historia do boletín *O Cartafol*, que desde 1992 publica o Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela, e descríbese o seu deseño editorial. O obxectivo deste boletín é favorecer o emprego da lingua galega na comunidade universitaria, ofrecendo información sobre planificación lingüística, sobre materiais lingüísticos, sobre sociolingüística, así como favorecer a participación dos universitarios no proceso de normalización.

**496.** NÚÑEZ SINGALA, Manuel Carlos: “O apoio a traballos de investigación en lingua galega. Unha experiencia de planificación lingüística”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:197-203. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_2.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Descríbese a experiencia levada a cabo desde o Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela co fin de promover o emprego da lingua galega en traballos de investigación para, dese xeito, favorecer a longo prazo unha maior incorporación do galego ás aulas. Ofreceuse axuda lingüística e económica para todos aqueles que quixesen presentar en lingua galega a tese de doutoramento, a memoria de licenciatura ou o proxecto de fin de carreira. Posto que esta campaña era moi recente no momento da publicación do artigo, aínda non se dispuña de datos suficientes para avaliar a súa repercusión.

Vid. tamén as entradas 364, 367, 368, 420.

## 52223 A normalización na administración pública

**497-1.** *A normalización da lingua galega no ámbito do Corpo Nacional de Policía*, [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Política Lingüística, 2004, 31 p.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Contén os seguintes traballos de opinión relacionados coa presenza e importancia do uso do galego no Corpo Nacional de Policía, que poden acharse como entradas independentes neste caderno: “Galego e Policía” da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia [entrada 498]; “Manifesto en defensa da Lingua Galega” de Juan Carlos Vila Pardiño [entrada 435]; “En prol da sociedade galega” de Manuel Vicente Escudero [entrada 434]; “A construción da nosa identidade” de Xosé Outeiriño Fernández [entrada 433]; “O noso compromiso coa lingua” de José Freire López [entrada 500]; “A nosa opción profesional e social” de Celso González [entrada 502]. Finalmente, nas p. 27-31 reproducense unha serie de normas lexislativas relacionadas coa lingua: os art. 6 e 10 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (*DOG* do 14/07/1983), o art. 2 da Orde 35/1987, do 17 de xuño, que regula o uso das linguas oficiais das Comunidades Autónomas na Administración militar

(BOE do 19/06/1987), o Real Decreto 1245/1985, do 17 de xullo (BOE do 27/07/1985) e a Orde do 18 de abril de 1985 (BOE do 27/04/1985) sobre as normativas reguladoras do DNI, o Real Decreto 1456/1999, do 17 de setembro, sobre a normalización dos documentos administrativos (BOE do 26/09/1999) e o art. 24.1 da Constitución Española do 27 de decembro de 1978 (BOE do 29/12/1978) que reconece o dereito a intérprete.

**497-2.** “Resolución da Alcaldía pola que se ordena a publicación do texto íntegro da Ordenanza de impulso do uso do galego no Concello de Pontevedra”, *BOPontevedra*, 231, 30-XI-2004:6-13. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [Pontevedra], Deputación Provincial, [2004], <<http://bop.pontevedra.es/html/ga/>>, [Formato: PDF], [Consulta: 28/08/2006]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Pontevedra, Concello de Pontevedra, [2004], <<http://www.concellopontevedra.es/novo/pdf/N20041223840.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 28/08/2006]. | [Nova ed. n.v.]: *Ordenanza de impulso do uso do galego no Concello de Pontevedra*, [Pontevedra], Concello de Pontevedra, Concellaría de Normalización Lingüística, [2005], 24 p.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Norma que trata de promocionar o uso da lingua galega na administración municipal do concello de Pontevedra. Aparece organizada en dez capítulos: 1) “Do uso oficial do idioma”; 2) “Ámbito de aplicación”; 3) “Do uso do galego na organización municipal”; 4) “Das relacións cos/as administrados/as”; 5) “Das relacións institucionais”; 6) “Dos avisos, publicacións e actividades”; 7) “Topónimos, sinalización e rótulos”; 8) “Da selección, provisión, formación e reciclaxe do persoal”; 9) “Do cumprimento e seguimento da ordenanza”; 10) “Do impulso institucional”. Inclúe un anexo coa listaxe das formas oficiais dos topónimos do concello, organizados por parroquias.

**498.** ASOCIACIÓN DE FUNCIONARIOS PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DE GALICIA: “Galego e Policía”, en *A normalización da lingua galega no ámbito do Corpo Nacional de Policía*, [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Política Lingüística, 2004:5-7.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Con motivo de se cumpriren 20 anos da creación da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia, faise un breve repaso do labor desenvolvido por este colectivo e dos avances en materia de usos lingüísticos no Corpo Nacional de Policía e sublíñase a importancia social da normalización do galego nesta institución.

**499.** COCHÓN RODRÍGUEZ, Concepción: “Luces e sombras na normalización do galego desde os concellos”, *Novas CTNL*, 16, 2004:2.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Resposta ao artigo “Política lingüística municipal” (2003, vid. *BILEGA* 13428) de Xosé M. Sarille. A autora defende o labor dos normalizadores lingüísticos dos concellos e sinala que en moitos casos os plans de normalización lingüística son froito do labor desenvolvido polos normalizadores. Indica, así mesmo, que a normalización lingüística está condicionada en moitos casos pola situación económica e social dos concellos, o cal repercute no labor dos normalizadores.

**500.** FREIRE LÓPEZ, José: “O noso compromiso coa lingua”, en *A normalización da lingua galega no ámbito do Corpo Nacional de Policía*, [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Política Lingüística, 2004:21-23.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

O autor, como secretario xeral do Sindicato Unificado de Policía, sinala o compromiso deste sindicato coa lingua galega.

**501.** GALANES SANTOS, Iolanda / SOUTO GONZÁLEZ, Marta: “Experiencias normalizadoras no Concello de Vigo”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:91-102. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_2.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

As autoras céntranse no proceso de normalización lingüística levado a cabo desde o Servizo de Normalización Lingüística do concello de Vigo. Descríbense as actividades levadas a cabo desde este organismo para lograr a normalización do idioma tanto no eido administrativo como social.

**502.** GONZÁLEZ, Celso: “A nosa opción profesional e social”, en *A normalización da lingua galega no ámbito do Corpo Nacional de Policía*, [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Política Lingüística, 2004:25-26.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

O autor, secretario provincial da Unión Federal de Policía, considera de interese todas aquelas accións que conleven a defensa da lingua galega tanto a nivel profesional como social.

## 52224 A normalización nos medios de comunicación

**503.** MEXUTO, Xosé: “O galego nos medios: un conflito nada harmónico”, *Terra e Tempo*, 2ª época, 16, 2001:29-32. | [Reed.]: en *Pensar en Galiza: Antoloxía posíbel de colaboracións publicadas na última etapa de Terra e Tempo*, Santiago de Compostela, Edicións Terra e Tempo, 2004:113-119.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA

Analízase a situación da lingua galega na prensa, que o autor xulga de conflito lingüístico, porque “escrever en galego nun diário da nosa nazon pode acabar por converter-te nun individuo clandestino” (p. 114). Critica a política de subvencións da Xunta de Galicia aos xornais que inclúan noticias en galego, xa que estes relégano aos artigos de opinión e a contextos moi determinados, pero nunca o empregan nunha reportaxe sobre un fenómeno de masas. Critica, así mesmo, a función dos correctores lingüís-

ticos destes medios de comunicación, que obrigan escribir nunha norma específica e non permiten a liberdade do autor. Igualmente, considera que: 1) nos últimos vinte anos a poboación non está conforme co galego empregado nos medios; 2) que na actualidade hai menos galego nos xornais que a finais da década de 1970; 3) que sen un “poder político autocentrado no país non hai posibilidades reais de incrementar nen o volume nen a cualidade do galego nos medios” (p. 116); 4) que o galego empregado nos medios resulta falso porque a norma na que se basea “é un contributo para a dialectalización da nosa lingua respecto do español” (p. 118); 5) que a inexistencia de referentes propios se solventou mirando cara a Madrid, o cal provocou a desgaleguización da inflexión de voz.

**504.** RODRÍGUEZ, Lois / ROMERO, Daniel: “Internet, novos vieiros para o galego”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:217-225. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_2.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Desde unha perspectiva globalizadora, faise un repaso histórico do emprego da lingua galega na Internet, entendida esta como o máis novo medio de comunicación de masas. Despois dunha breve contextualización histórica a nivel mundial e español, o traballo debrúzase sobre aspectos como a incorporación e emprego de materiais en lingua galega elaborados por algunhas empresas, a aparición de edicións en liña dalgúns medios de comunicación galegos, o comezo da prestación de servizos en liña por parte das administracións autonómica e local, a automatización da listaxe Galicia-L e o nacemento do grupo de novas [soc.culture.galiza](http://www.soc.culture.galiza). Como remate, ofrécese unha táboa estatística co número de páxinas web en galego e unhas breves reflexións acerca da importancia da sociedade da información como factor de desenvolvemento social e económico [P.M.F.].

**505.** SOENGAS PÉREZ, Xosé: “O papel da Televisión de Galicia e da Radio Galega na normalización lingüística”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, I, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:431-437. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2004], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

Análizase a importancia da Televisión de Galicia e da Radio Galega na normalización e normativización do galego, centrándose principalmente no primeiro aspecto. Segundo o autor, estes medios de comunicación permitíronlle á poboación comprobar que “o galego non era un idioma marxinal que só falaban os labregos” (p. 431). De todos os xeitos, “non se aproveitaron axeitadamente tódalas posibilidades das que dispoñían” (p. 432), xa que a lingua oral empregada por locutores e presentadores, maioritariamente castelánfalantes, contén numerosos erros e isto fai perder prestixio á Radio Galega e mais á TVG, o mesmo que se fai patente a “falta de interese por prestixia-lo idioma” (p. 435), tanto por parte dos traballadores coma dos directivos.

**506.** VEIGA, Raúl: “A lingua do noso audiovisual”, en Comisión Técnica de Cinematografía e Artes Visuais, *Libro branco de cinematografía e artes visuais en Galicia*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Sección de Artes Plásticas, 2004:311-330 (= *Colección Base*). | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/libro\\_branco\\_cine.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/libro_branco_cine.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 7/03/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

Análise da situación da lingua galega no ámbito audiovisual: dificultades existentes, a dobraxe, a produción propia en galego, o tipo de lingua empregado e a utilización de variantes dialectais, etc.

Vid. tamén a entrada 385.

## **52225 A normalización no ámbito relixioso**

Vid. a entrada 387.

## **52226 A normalización no ámbito socioeconómico**

Vid. as entradas 388, 389.

## **52227 A normalización noutros ámbitos**

**507.** HERMIDA GULÍAS, Carme: “O galego entre dous séculos. A contribución de X. M. Magariños Negreira ó seu proceso de normalización”, en *Xornadas sobre Xulián Magariños: Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Negreira, 16 e 17 de setembro de 2004*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, 2004:95-105 (= *Colección de difusión cultural*; 42).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. C

Breve repaso do proceso histórico de normalización do galego en que se apuntan os principais avances que caracterizan cada unha das etapas consideradas pola autora. Séguelle a análise da contribución de Xulián M. Magariños Negreira (1904-1934) a ese proceso de recuperación da lingua e tamén a exposición das ideas lingüísticas defendidas por este autor nos seus distintos escritos.

Vid. tamén a entrada 392.

## 522281 A normalización das zonas do galego exterior

**508.** FERNÁNDEZ REI, Francisco: “Un idioma que nos une”, en Carlos Xesús Varela Aenlle, Héctor M. Silveiro Fernández, Felipe Lubián Lubián, Domingo Frades Gaspar e Francisco Fernández Rei, *A herdanza da lingua: O galego de Asturias, León, Zamora e Cáceres: Sesión celebrada na Real Academia Galega o día 18 de decembro de 2004*, A Coruña, Real Academia Galega, 2004:37-50.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. INF. DIATÓPICA (FALAS GALEGAS DE ASTURIAS, LEÓN, ZAMORA E ESTREMADURA)

Analiza a situación do galego exterior (falado no occidente de Asturias e Castela-León e no noroeste de Cáceres) e avalía a importancia do labor de promoción do mesmo levada a cabo por xente como Carlos Xesús Varela Aenlle, Héctor M. Silveiro Fernández, Felipe Lubián Lubián e Domingo Frades Gaspar, dos cales ofrece unha breve biografía. O autor sinala que a RAG -tal e como recolle o artigo 4º dos seus estatutos-, ten que defender e promocionar a lingua galega falada nestes territorios, en que sofre unha situación de “diglosia conflitiva cun acelerado proceso de substitución do galego polo castelán” (p. 45). A prensa galega debería ter en conta estes territorios, informando sobre eles, e os circuitos culturais galegos deberían incluír as zonas do galego exterior para dese xeito lograr a normalización da lingua.

**509.** FRADES GASPAR, Domingo: “Por que estáo contentu de falar?”, en Carlos Xesús Varela Aenlle, Héctor M. Silveiro Fernández, Felipe Lubián Lubián, Domingo Frades Gaspar e Francisco Fernández Rei, *A herdanza da lingua: O galego de Asturias, León, Zamora e Cáceres: Sesión celebrada na Real Academia Galega o día 18 de decembro de 2004*, A Coruña, Real Academia Galega, 2004:29-36.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. INF. DIATÓPICA (FALAS GALEGAS DE ESTREMADURA)

Sobre a situación da lingua galega en Estremadura e os traballos levados a cabo pola *Asociación Fala i Cultura* para a súa recuperación. Faise fincapé nos distintos aspectos que unen esta zona extremeña con Galicia tanto a nivel lingüístico como cultural.

**510.** LUBIÁN LUBIÁN, Felipe: “A carrixa no castañeiro”, en Carlos Xesús Varela Aenlle, Héctor M. Silveiro Fernández, Felipe Lubián Lubián, Domingo Frades Gaspar e Francisco Fernández Rei, *A herdanza da lingua: O galego de Asturias, León, Zamora e Cáceres: Sesión celebrada na Real Academia Galega o día 18 de decembro de 2004*, A Coruña, Real Academia Galega, 2004:23-28.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. INF. DIATÓPICA (FALAS GALEGAS DE ZAMORA)

Fai un breve repaso da situación social do galego de Zamora a partir da propia experiencia como falante. Sinala os empezos cos que se enfrenta o idioma nesta zona e o rexeitamento a recoñecer a variedade zamorana como galega por parte dalgúns sectores.

**511.** SILVEIRO FERNÁNDEZ, Héctor M.: “Dos megos nos sotos”, en Carlos Xesús Varela Aenlle, Héctor M. Silveiro Fernández, Felipe Lubián Lubián, Domingo Frades Gaspar e Francisco Fernández Rei, *A herdanza da lingua: O galego de Asturias, León, Zamora e Cáceres: Sesión*

celebrada na Real Academia Galega o día 18 de decembro de 2004, A Coruña, Real Academia Galega, 2004:13-21.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. INF. DIATÓPICA (FALAS GALEGAS DE LEÓN)

O autor fai unha lembranza do seu contacto coa lingua galega no Bierzo grazas aos seus compañeiros de escola. Repasa brevemente a situación da lingua galega nesta zona, facendo referencia á contribución ao seu coñecemento de estudosos como Martín Sarmiento e Antonio Fernández y Morales. Sinala como datas significativas na recuperación e reivindicación da lingua galega os anos 1980 e 1990 co nacemento da *Mesa pola Defensa do Galego no Bierzo*, a evolución do *Instituto de Estudios Bercianos* e a creación doutros colectivos. Sinala, ademais, os avances que houbo a nivel administrativo, que permitiron a inclusión do galego como materia optativa no ensino, o recoñecemento da toponimia local, a reclamación da cooficialidade, etc. Segundo o autor, foi moi importante a dedicación do Día das Letras Galegas de 2002 a Frei Martín Sarmiento, polo que implicou de recoñecemento do galego exterior.

**512.** VARELA AENLLE, Carlos Xesús: “A inocencia da lingua”, en Carlos Xesús Varela Aenlle, Héctor M. Silveiro Fernández, Felipe Lubián Lubián, Domingo Frades Gaspar e Francisco Fernández Rei, *A herdanza da lingua: O galego de Asturias, León, Zamora e Cáceres: Sesión celebrada na Real Academia Galega o día 18 de decembro de 2004*, A Coruña, Real Academia Galega, 2004:7-12.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. INF. DIATÓPICA (FALAS GALEGAS DE ASTURIAS)

O autor refire a súa experiencia como falante de galego en Asturias e a toma de conciencia de que fala unha lingua distinta ás outras empregadas en Asturias, que coincide coa que se fala en territorio galego. Louva a creación da *Mesa prá Defensa del Galego de Asturias e da Cultura da Comarca* e critica as posturas dalgunhas institucións contrarias ao recoñecemento do galego nesta zona.

**513.** VARELA AENLLE, Carlos Xesús / SILVEIRO FERNÁNDEZ, Héctor M. / LUBIÁN LUBIÁN, Felipe / FRADES GASPAR, Domingo / FERNÁNDEZ REI, Francisco: *A herdanza da lingua: O galego de Asturias, León, Zamora e Cáceres: Sesión celebrada na Real Academia Galega o día 18 de decembro de 2004*, A Coruña, Real Academia Galega, 2004, 51 p.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. INF. DIATÓPICA (FALAS GALEGAS DE ASTURIAS, LEÓN, ZAMORA E ESTREMADURA)

Inclúe os textos dos seguintes discursos, cuxas referencias bibliográficas completas poden acharse como entradas independentes neste caderno: “A inocencia da lingua” de Carlos Xesús Varela Aenlle [entrada 512]; “Dos megos nos soutos” de Héctor M. Silveiro Fernández [entrada 511]; “A carrixa no castañeiro” de Felipe Lubián Lubián [entrada 510]; “Por que estáo contentu de falar?” de Domingo Frades Gaspar [entrada 509]; “Un idioma que nos une” de Francisco Fernández Rei [entrada 508].

Vid. tamén as entradas 403, 405.

## 52229 Os servizos de normalización e os servizos lingüísticos

**514.** BERMÚDEZ BLANCO, Manuel / GARCÍA CONDE, Socorro: “A formación dos traballadores de Servizos Lingüísticos”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón



Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:79-90. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_2.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Achegamento ao labor e formación dos traballadores dos servizos de normalización e dos servizos lingüísticos en Galicia. Compárase a situación de Galicia coa de Cataluña e sinaláanse as carencias existentes. Segundo o autor, os técnicos, ademais de coñecerem a lingua galega, deben ter outro tipo de coñecementos segundo o servizo lingüístico en que traballen e deben contar con programas de formación específicos.

Vid. tamén as entradas 495, 496, 501, 708.

## 523 Sociolingüística interaccional e etnografía da comunicación

515. RODRÍGUEZ YAÑEZ, Xoán Paulo: “O proceso de negociación conversacional da escolla de código nunha interacción no mercado de Lugo”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, I, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:403-414. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2004], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

Dende a perspectiva da sociolingüística interaccional (John J. Gumperz: *Discourse Strategies*, Cambridge, Cambridge University Press, 1982) e da súa aplicación á análise interpretativa da conversa bilingüe, o autor ofrece unha detallada análise dunha interacción verbal producida no mercado de Lugo. A sociolingüística interaccional sostén que as alternancias de código constitúen estratexias conversacionais da maior importancia na creación e negociación conversacional das identidades dos participantes nunha interacción. Ademais, o autor sinala que “[d]entro das interaccións entre locutores bilingües na Galicia actual, podemos atopar xeitos bastante diversos entre sí de *ser bilingües* [...], de presentarnos como tales a través da actividade conversacional que os locutores levamos a cabo nas nosas interaccións cotiás. Estas diferencias sociolingüísticamente relevantes poderían atoparse en alomenos dous niveis conversacionais: un nivel xeral das estratexias da construción do discurso e un nivel específico dos repertorios bilingües dos participantes” (p. 403-404). Concretamente, neste traballo inténtase exemplificar este último aspecto, pois analiza os repertorios bilingües dos participantes na interacción verbal obxecto de estudo, que amosa unha disimetría entre modelos de comportamento bilingüe. A escolla dun mercado responde a varias razóns teóricas e metodolóxicas, “entre as que destaca o feito de que os mercados son espazos de sociabilidade, onde se vai non só para comprar senón tamén para charlar” e esta característica facilita a adopción polo investigador “do rol de observador participante para a obtención de material sonoro” (p. 403). O traballo está baseado na tese de doutoramento do



autor [*Estratexias de comunicación nas interaccións cliente-vendedor no mercado da cidade de Lugo: as alternancias de lingua galego / castelán e a negociación da escolla de lingua* (1995, vid. BILEGA 6190)].

Vid. tamén as entradas 131, 132.

## 524 Lingua e identidade

**516.** ÁLVAREZ TORRES, Antonia / FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Concepción / RODRÍGUEZ CASAL, Mauro: “Identidade social e lingua”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, I, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:165-171. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2004], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Estudo da relación existente entre os aspectos lingüísticos e a identidade social, xa que “os aspectos lingüísticos están intimamente ligados coa valoración de identidade como pobo ou nación” (p. 165). O traballo baséase en 300 entrevistas realizadas a univesitarios e os datos das mesmas indican que “as persoas cunha alta identidade manifestan actitudes máis favorables cara á lingua galega” (p. 169).

**517.** GASCÓN NAVARRO, Delia Lucía: *La utilización de la lengua en la configuración de la identidad en Galicia (discursos ideológicos)*, Tesis Doctoral, Universidad Complutense de Madrid, Facultad de Ciencias Políticas y Sociología, Departamento de Antropología Social, 2001, 568 p., il. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, E-PrintsUCM, 2004, <<http://www.ucm.es/eprints/5266/>>, [Formato: PDF], [Consulta: 04/05/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Análise dos discursos sobre a lingua galega rexistrados en Santiago de Compostela a partir da aprobación da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (DOG do 14/07/1983). Enfróntanse e describíense diferentes discursos, mediante a revisión de material hemerográfico e da lexislación sobre a lingua, e análízanse as súas condicións de produción e reprodución paralelamente ao actual proceso de normalización lingüística e con referencia á situación diglósica de Galicia e ao conflito verbo da codificación da lingua escrita. Todo isto interprétase como parte do proceso de construción da identidade nacional en Galicia [TESEO].

## 525 Historiografía da sociolingüística galega

**518.** HERRERO VALEIRO, Mário J.: “Ámbitos de análise na sociolingüística galega: una sistematización”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, I, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega /

Instituto da Lingua Galega, [2004]:291-307. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2004], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO

Breve presentación das diversas perspectivas de análise do bilingüismo galego adoptadas durante as últimas décadas en Galicia e dos resultados acadados a través das mesmas. Complétase cunha guía bibliográfica sobre o tema que, segundo o autor, responde a un enfoque fundamentalmente descritivo e apenas secundariamente crítico. Por esa razón non se trata máis que de forma circunstancial “o tema da discusión em torno da planificación do corpus, ou seja, excluimos o ámbito da análise glotopolítica dos problemas ideolóxicos e identitarios que fundamentam a cuestión ortográfica” (p. 291).

**519.** REI DOVAL, Gabriel: “Historia e actualidade da sociolingüística galega: das actitudes do profesorado ó MSG”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, I, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:371-376. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2004], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C

Análise da evolución dos estudos de sociolingüística en Galicia. Segundo o autor, malia os progresos realizados, aínda seguen sen analizar rigorosamente moitos aspectos; así, son evidentes as eivas no ámbito da dialectoloxía social, no establecemento de rexistros e no estudo de fenómenos como a alternancia e a mestura de códigos e as redes de repertorios lingüísticos. Pola contra, hai bastantes traballos encadrables na área da planificación lingüística. Así pois, “[d]e todo isto se deduce que a liña na que é máis nítida a evolución da investigación é a do que Fishman denomina *macrosociolingüística* [...] e que, con matices distintos, tratou de situar e cuantifica-la vitalidade do galego en canto a coñecemento, número de falantes e actitudes cara a este” (p. 372). O autor fai un repaso dos traballos realizados nestes eidos desde a época preautonómica ata a actualidade, subliñando o grande avance experimentado nos últimos tempos, co cal “[s]ería desexable que o inxente volume de información de que se dispón na actualidade contribuíse a enriquece-lo discurso lingüístico dos diferentes axentes sociais” (p. 375).

Vid. tamén as entradas 80-1, 80-2, 349.

## ► 6 LINGÜÍSTICA HISTÓRICA E CRÍTICA TEXTUAL

### 61 Gramáticas históricas e outros estudos globais

520. CASTRO, IVO: *Introdução à História do Português: Geografia da Língua. Português Antigo*, Lisboa, Colibri, 2004, 159 p., 4 mapas.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. DIACRÓNICO | 4. PME

Manual que ofrece unha caracterización histórica externa e interna do portugués antigo. Comeza cunha introdución sobre a formación da lingua na *Gallaecia Magna* e a súa extensión posterior cara ao sur e logo cara a outros continentes (América, África e Asia). En canto á área lingüística galego-portuguesa dentro da Romania, indica que forma un “continuum lingüístico que permite a quem se desloca de un extremo a outro do territorio ir sucesivamente atravesando regiões dialectais diferenciadas de modo gradual” (p. 19) e ofrece unha descrición contrastiva das características do galego e do portugués actuais. No cap. III (“Portugués antigo”, p. 83-154) presenta a situación da lingua dende a súa formación ata principios do séc. XV, indicando as fontes escritas (literarias e non literarias) con que contan os estudosos para describila. Logo, o autor utiliza algunhas das fontes non literarias máis antigas como punto de partida para caracterizar esta fase inicial do galego-portugués, principalmente o *Testamento de Afonso II* de 1214 (IAN/TT, Mitra de Braga, caixa 1, doc. 48 e Arquivo da Catedral de Toledo, ms. 2.4.B6) e a *Noticia de Torto* de ca. 1214-1216 (IAN/TT, Mosteiro de San Salvador de Vairão, mazo 2, doc. 40). No que respecta ao *Testamento de Afonso II* contrasta a copia conservada en Lisboa coa conservada en Toledo, indicando as principais diferenzas entre ambas as dúas, e nas p. 126-142 desenvolve un comentario lingüístico do doc., analizando as seguintes formas: *en’o, Deus, eu, don, gracia, seendo, sano, dia, mia, proe, mada, depos / depois, sten, folgãcia, filio, infante / ifante, Sancho / Sácio, ei, agia / aia, entegramente / enteiramente, semmel / semel, reuora, segia / seia, sa / sua, madre, ata, beigio / beio, recebia / receba, rogoli / pregoli, remaserũ / remaserum*. A análise da *Noticia de Torto* (p. 142-154) é máis breve, limitándose “a algúns aspectos, como sejam a estrutura do texto, certas particularidades da escrita e un pouco de grafemática” (p. 147).

RECS.: José Luis Ramírez Luengo, *Moenia*, 11, 2006:499-502.

### 62 Orixe e formación do galego

521. AMOR RUIBAL, Ángel: “La lengua gallega y su léxico etimológico”, *Faro de Vigo*, 1-I-1927. | [Reed.]: *Grial*, VII/25, 1969:354-359. | [Reed.]: en José Leonardo Lemos Montanet, «*Obra viva*» de Ángel Amor Ruibal, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, Instituto de Estudios Gallegos «Padre Sarmiento», 2004:287-295 (= *CEG. Anexo*; XXXII).

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. MEC

Despois dunha breve referencia á relevancia da investigación da orixe das linguas, especialmente das románicas, o autor subliña o interese e a importancia de confeccionar un dicionario etimolóxico galego que facilite o estudo científico da procedencia do seu léxico.

522. BALBOA SALGADO, Antonio: *A lingua*, Verín / Santiago, Lóstrego, 2004, 101 p., 2 mapas, il. (= *A Galicia celta*; 3).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. P

O autor analiza distintos aspectos lingüísticos para comprobar a presenza das linguas celtas no galego. Para iso parte de inscricións, analiza a evolución do /p/ en posición inicial, a onomástica tipicamente galego-portuguesa, os topónimos rematados en -BRIGA e -OCELUM, os hidrónimos, os nomes dos pobos e outros termos de orixe celta presentes en Galicia.

523. PARDO, Xavier / AMOR RUIBAL, Ángel: “Galicia y sus hombres de estudio: Una entrevista con el sabio políglota Dr. Amor Ruibal”, *Galicia-Vi*, 25-VII-1927 e 26-VII-1927. | [Ed. facs.]: Sada, A Coruña, Edicións do Castro, 1988-90. | [Reed.]: en José Leonardo Lemos Montanet, «*Obra viva*» de Ángel Amor Ruibal, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, Instituto de Estudios Gallegos «Padre Sarmiento», 2004:302-316 (= *CEG. Anexo*; XXXII).

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. MEC

Entrevista a Ángel Amor Ruibal (1869-1930) en que se abordan distintos aspectos relacionados coa lingua e literatura galegas. Dá noticia da recolla de materiais que está a levar a cabo para a elaboración dun dicionario etimolóxico da lingua galega, un traballo “indispensable para hacer resaltar la significación del habla galaica y para la formación de nuestra lingüística regional” (p. 306), a historia interna e externa do idioma, a importancia da literatura medieval e o actual rexurdir da literatura galega. O dicionario nunca chegou a publicarse e os materiais aos que se refire Amor Ruibal están hoxe desaparecidos.

## 622 Influencias substratísticas e superestratísticas

524. CORREA, José Antonio: “Elementos no indoeuropeos e indoeuropeos en la historia lingüística hispánica”, en Rafael Cano (coord.), *Historia de la lengua española*, Barcelona, Ariel, 2004:35-57 (= *Ariel Lingüística*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. P

Descríbese a situación lingüística da Península Ibérica ao redor do séc. III a.C., cando chegan os romanos. Existen moitas linguas e analiza as máis coñecidas, entre elas o *celtibero* que ocupa o noroeste peninsular. Faise unha breve descrición desta lingua, principalmente da súa fonética, e a súa influencia na evolución do latín ao español.

525. CORRIENTE CÓRDOBA, Federico: “El elemento árabe en la historia lingüística peninsular: actuación directa e indirecta. Los arabismos en los romances peninsulares (en especial, en castellano)”, en Rafael Cano (coord.), *Historia de la lengua española*, Barcelona, Ariel, 2004:185-206 (= *Ariel Lingüística*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. P

Estuda principalmente a influencia do árabe no castelán no plano fonético, sintáctico e léxico, aínda que tamén fai referencia ás outras linguas peninsulares. No caso do galego, sinala a existencia de varias voces de orixe árabe, entre elas *ceibe*.

**526.** GARCÍA ROMERO, Celestino: “El gallego y el latín”, *BCPMHOr*, VII/163, 1925:308-315; VII/164, 1925:319-326; VII/168, 1926:391-401; VII/169, 1926:407-415. | [Ed. facs. dix.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Promoción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. P MEC

Estuda a relación do galego con linguas prelatinas nun intento de demostrar que “ni en el tiempo de Strabon, ni en los siglos todos que después de él se sucedieron hablaron latín los gallegos, ni fué jamás universal ni popular en Galicia esta lengua” (VII/163, p. 311). Para iso sérvese de topónimos, antropolónimos e léxico de orixe non latina, segundo o autor, como *A Coruña, Brandomil, Melo, Coello, Cadavos, Balsa, Caldas, canto*. A disparatada hipótese do autor constitúe unha de tantas mostras do escaso nivel que a investigación filolóxica galega acadara aínda no primeiro cuarto do século XX.

**527.** KREMER, Dieter: “El elemento germánico y su influencia en la historia lingüística peninsular”, en Rafael Cano (coord.), *Historia de la lengua española*, Barcelona, Ariel, 2004:133-148 (= *Ariel Lingüística*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. PC

Ofrece en forma sintética unha avaliación da importancia do elemento xermánico (especialmente, do que o autor chama *hispanogótico*, clasificado dentro do xermánico oriental) no léxico das linguas romances peninsulares (incluídos os nomes de lugar e de persoa). A presenza de xermanismos nas linguas peninsulares é grande, se ben cómpre distinguir entre os préstamos directos (voces de orixe xermánica que só están documentadas na Península Ibérica) e os indirectos (os que se estenderon, por medio do latín, por todo ou gran parte do imperio ou que posteriormente entraron nas linguas iberorrománicas como préstamos románicos a partir do occitano ou o italiano), malia que non sempre resulte fácil diferenciarlos. Canto ao galego, ao ser o noroeste unha das zonas conquistadas máis cedo, a presenza de formas xermánicas (especialmente suevas) é maior; de aí que cite voces comúns como *sá, escá, caste / casta, lobio* «parral», *boiro* «rústico, patán, hombre zafio, sin ilustración», *laverca* «alondra», *meixengra, groba* «cárcava». Ademais, sinala os topónimos e antropolónimos rematados en *-iz* e outros como *Gondaisque* (LU) < *WANDALISCUS*, *Sá / Saa, Saavedra* < *\*SALA*, *Boiro* (documentado desde o a. 934) < *\*BURJÓ, Lobio* < *\*LAUBJA*, *Groba* < *\*GRÓBA* ou os formados co elemento latino *VILLA* + nome xermánico de propietario (*VILLA + RODERICI*) > *Rodriz, Rourís, Roiriz, Rorís, VILLA + VALERII* > *Vilaver, Ver*.

**528.** KREMER, Dieter: “Galicia germánica”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, III, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:9-25. | [Ed. facs. en liña n.v.]:

Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2006], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_3.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_3.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 09/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. P

Comeza por analizar o período da dominación xermánica da antiga Gallaecia, describindo o devir histórico dos pobos que chegaron a ela (asdingos e suevos). A seguir, céntrase na análise da influencia lingüística destas tribos, pois “na «Galicia Germánica» há hoje em dia vestígios bastante palpáveis, mas sempre indirectos”, con topónimos e antroponimos de orixe xermánica. Distingue catro grupos de formas xermánicas: “(1) palabras que já pertencem ao latim vulgar ou medieval, (2) vocábulos comúns a todas as regiões primitivamente ocupadas pelos Godos, (3) vocábulos peculiares à Península Ibérica e à Galorromânia, ou á Península e à Itália, e (4) as palabras visigodas exclusivas dos idiomas ibero-românicos” (p. 18). No cuarto grupo incluíriáanse voces comúns como *aió*, *ataviar*, *casca*, *espeto*, *gana*, *ganso*, *teixugo*, *luva*, *fato*, etc. Canto aos topónimos, analiza, entre outras, as formas *Lobio(s)*, *Boiro*, *Groba*, *Sáa*. Dos antroponimos indica que “um nome germânico é normalmente bitemático” (p. 21) e moitos dos nomes e apelidos galegos son “hoje em dia vestígios bastantes palpáveis, mas sempre indirectos” (p. 23) de forma xermánicas: *Afonso*, *Elvira*, *Álvaro*, *Fernando*, *Saavedra*, *Gómez*, *Rodríguez*, etc.

529. MORALEJO ÁLVAREZ, Juan José: “Linguas celtas”, en *Gran Enciclopedia Galega - Silverio Cañada*, IX (CASTRI-CER), Lugo, El Progreso / Diario de Pontevedra, [2004]:162-166.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. PC

Apdo. incluído dentro da voz *Celta*. Fai un repaso da documentación grega e latina que de forma indirecta testemuña, a través das formas onomásticas, a presenza de linguas celtas na antiga GALLAECIA e, polo tanto, a existencia de influencias substratísticas destas linguas no galego, que “ten un crecido número de voces célticas, tal vez algunha delas introducida pola vía latina (*berce*, *billa*, *braga*, *brío*, *borroa*, *buraco*, *camiño*, *camisa*, *canga*, *carpinteiro*, *carro*, *cheda*, *croio*, *lousa*, *maniño*, ...), pero ese conxunto non dá pé a ningunha identidade diferencial respecto do substrato rexistrable noutras áreas hispánicas e europeas” (p. 166).

Vid. tamén as entradas 28, 160, 165, 232, 233, 234, 235, 236, 238, 239, 241, 243, 244-2, 246, 252, 255, 522, 565.

## 623 Os primeiros textos galego-portugueses

530. CASTRO, Ivo / MARTINS, Ana Maria / EMILIANO, António H. A. / NOGUEIRA, Bernardo de Sá / PEDRO, Susana / MARQUILHAS, Rita: “A antiga documentação de Portugal”, en Tiago Freitas e Amália Mendes (orgs.), *Actas do XIX Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Linguística (Lisboa, 1, 2 e 3 de Outubro de 2003)*, Lisboa, Associação Portuguesa de Linguística, 2004:47-83.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. PM | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Mesa redonda dedicada aos máis antigos documentos notariais galego-portugueses, con participación dalgúns dos máis relevantes investigadores portugueses neste eido.

531. CASTRO, Ivo: “A primitiva produción escrita em portugués”, en *Orígenes de las lenguas romances en el reino de León: siglos IX-XII*, II, León, Centro de Estudios e Investigación «San Isidoro» / Caja España de Inversiones / Archivo Histórico Diocesano, 2004:69-97 (= *Fuentes y estudios de historia leonesa*; 104).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Relatorio presentado no *Congreso Internacional «Orígenes de las lenguas romances en el Reino de León: Siglos IX-XII»*, celebrado en León do 15 ao 18 de outubro de 2003. Ofrece un demorado repaso do actual estado de coñecemento dos primeiros textos non literarios escritos en galego-portugués e das polémicas desenvolvidas nos últimos anos entre os especialistas verbo da datación, lectura e interpretación dos mesmos. Inclúe unha análise detallada dos trazos lingüísticos do *Testamento de Afonso II* (a. 1214) e da *Noticia de torto* (a. 1214).

532. EMILIANO, António H. A.: “A documentación latino-portuguesa dos séculos IX-X e as orixens da escrita portuguesa medieval: consideracións gerais e preliminares”, en *Orígenes de las lenguas romances en el reino de León: siglos IX-XII*, II, León, Centro de Estudios e Investigación «San Isidoro» / Caja España de Inversiones / Archivo Histórico Diocesano, 2004:589-616 (= *Fuentes y estudios de historia leonesa*; 104).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. PM | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Relatorio presentado no *Congreso Internacional «Orígenes de las lenguas romances en el Reino de León: Siglos IX-XII»*, celebrado en León do 15 ao 18 de outubro de 2003. Os documentos notariais latino-portugueses testemuñan unha tendencia constante de romanceamento gráfico que abrangue varios séculos de produción documental. Nesa tendencia pódense intuír, con certa exactitude, aspectos e estruturas da lingua vernácula subxacente. O estudo dos elementos innovadores (fronte á tradición latina) presentes nos testemuños máis antigos da tradición latino-portuguesa permite obter conclusións importantes para a historia da lingua, sempre que o investigador non confunda a variación escripto-lingüística coa variación oro-lingüística sincrónica nin un sistema de escrita (por máis innovador que sexa) con calquera tipo de transcripción fonética. En opinión do autor, discutir as orixes das linguas iberorrománicas no período alto-medieval só ten sentido en termos do estudo do surximento e desenvolvemento das diversas tradicións escriturais iberorrománicas con características marcadamente distintas da tradición tardo-latina. Para ilustrar algunhas das perspectivas presentadas neste traballo, ofrécense nas seccións finais algúns exemplos tirados de diversos textos que, sen pretenderen constituír unha exploración exhaustiva, son totalmente consistentes co presuposto de que a tradición notarial latino-portuguesa contiña un sistema grafémico de orixe e de base latina, que foi utilizado e adaptado ao longo de varios séculos para representar elementos e estruturas propias do portugués antigo en contextos de comunicación escrita formal (encadrados por unha situación de *monolingüismo complexo*) e nunha época en que aínda non se desenvolvera un sistema autónomo de escrita portuguesa.

533. EMILIANO, António H. A.: “A edición e interpretación da documentación antiga de Portugal: Problemas e perspectivas da filoloxía portuguesa face ao estudo das orixens da escrita em portugués”, *Aemilianense*, I, 2004:33-63.



1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. PM | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Centrándose fundamentalmente na documentación notarial latino-portuguesa anterior ao século XIII, o autor reflexiona sobre “algumas *necessidades* urgentes da Filologia Portuguesa, ou seja, áreas cujo desenvolvemento se deve levar a cabo para que o coñecemento da lingua, da escrita e dos textos medievais possa assentar en datos sólidos e de acceso fácil” (p. 33). As necesidades que xulga máis importantes son as seguintes: 1) Inventario exhaustivo dos textos contidos nos diversos fondos documentais dos arquivos portugueses, nos rexistros das chancelarías e nos cartularios; 2) Establecemento de criterios de transcripción ultraconservadores para edicións paleográficas destinadas a estudos lingüísticos e escriptolóxicos, quer de documentos individuais, quer de coleccións documentais; 3) Boas edicións interpretativas baseadas en edicións paleográficas; 4) Marco conceptual ben fundamentado para a interpretación e análise dos textos; 5) Disponibilidade dos datos paralelamente en soporte dixital e en soporte impreso. A estas aínda engade as seguintes: 6) Correcto encadramento diplomático, cultural e xurídico dos documentos; 7) Análises monográficas de documentos individuais ou de conxuntos pequenos de documentos; 8) Estudos globais de grandes conxuntos documentais, cunha perspectiva estatístico-interpretativa que permita a extracción e explicitación de padróns, correntes e tendencias; 9) Estudos comparativos entre núcleos documentais, tipos documentais e dominios lingüísticos. Exemplifica as vantaxes do establecemento paralelo de edicións conservadoras (paleográficas) e interpretativas a través dun fragmento da *Noticia de torto* (a. 1211/1216), texto que, en opinión do autor, “é o máis antigo documento particular escrito en portugués coñecido, e presenta unha forma arcaica e pouco estabilizada de escrita portuguesa, aínda muito próxima da tradición latino-portuguesa” (p. 43).

**534.** MARTINS, Ana Maria: “A emerxencia do portugués escrito na segunda metade do século XII”, en Rosario Álvarez e Antón Santamarina (eds.), (*Dis*)*cursos da escrita: Estudos de filoxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza*, [A Coruña], Fundación Pedro Barrié de la Maza, [2004]:491-526 (= *Biblioteca Filolóxica Galega / Instituto da Lingua Galega*). | [Ed. en liña n.v.]: Lisboa, Universidade de Lisboa, Centro de Linguística, [s.d.], <[http://www.clul.ul.pt/equipa/amartins/Martins\\_2004\\_1\\_artigo.pdf](http://www.clul.ul.pt/equipa/amartins/Martins_2004_1_artigo.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 30/12/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. PM | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

A autora trata de desenvolver “uma reflexão sobre o uso do latim e do portugués na documentación antiga portuguesa -na segunda metade do século XIII, mas tamén un século máis cedo, na segunda metade do século XII. Uma vez que a existencia de textos escritos en portugués na segunda metade do século XII -conservados en testemuños orixinais- foi recentemente posta en causa [por António Emiliano], retomarei esta cuestión para esclarecer a propiedade da identificación da Notícia de Fiadores de Paio Soares Romeu (OSB, S. Cristóvão de Rio Tinto, maço 2, nº 10), de 1175, como máis antigo texto escrito en portugués. Contra a hipótese de que «até ao inicio do século XIII, altura en que se pode afirmar a existencia de uma distinción conceptual entre o latim escrito e o romance vernáculo» (A. Emiliano [“Sobre a cuestión d’«os máis antigos textos escritos en portugués”] 2001 [vid. *BILEGA* 11602]), não teriam existido condições para o surgimento e estabilização de uma ortografia portuguesa, proporei no desenrolar do artigo, em consonância com autores precedentes, que a emerxencia do portugués escrito na segunda metade do século XII é, polo contrario, natural e esperável, por ser tamén essa a época



de emerxencia da lingua literaria" (p. 403-404). Con esta finalidade, leva a cabo unha pormenorizada análise da *Noticia de Fiadores* centrándose na orde de palabras (apdo. 3.2) e a avaliación como latinas ou portuguesas das seguintes formas: *fecit* (apdo. 3.3), numerais cardinais (apdo. 3.4.1), patronímicos en *-ici* (apdo. 3.4.2), *male* (apdo. 3.4.3), *pelaio, pelaiz, pelagio* (apdo. 3.4.4), *petro* (apdo. 3.4.5), *istos, isto* (apdo. 3.4.5), *annos* (apdo. 3.4.6).

**535.** SOUTO CABO, José Ant3nio: "A transi33o scriptogr3fica na produ33o documental portuguesa de 1257 a 1269", en Ana Maria Brito, Ol3via Figueiredo e Clara Barros (orgs.), *Linguística Hist3rica e Hist3ria da Lingua Portuguesa: Actas do Encontro de Homenagem a Maria Helena Paiva (Faculdade de Letras da Universidade do Porto, 5-6 de Novembro de 2003)*, Porto, Universidade do Porto, Faculdade de Letras, Departamento de Estudos Portugueses e de Estudos Rom3nicos, Sec33o de Linguística, [2004]:361-383.

1. INVESTIGACI3N | 2. 3MB. GALEGO | 3. DIACR3NICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAF3SICA (REXISTRO XUR3DICO-ADMINISTRATIVO)

O estatuto do galego-portugu3s como veh3culo da documentaci3n tabeli3nica en Portugal parece que sufriu unha alteraci3n substancial a mediados da d3cada de 1250. Se antes desas datas a utilizaci3n do c3digo romance se restrinx3a aos documentos de car3cter non dispositivo, dende ent3n comeza a concorrer co lat3n na documentaci3n menos propicia ao rexistro vern3culo pola s3a natureza xur3dica. Ese alargamento cualitativo dos 3mbitos de uso do galego-portugu3s non se traduciu nunha xeneralizaci3n s3bita, sen3n que seguiu un proceso que s3 parece relativamente concluido na 3ltima d3cada do s3c. XIII. Verbo das primeiras etapas desa expans3n, antes de ca. 1268 a presenza do vern3culo era d3bil e lacunar, pero a partir desa data progresou notablemente en n3mero e con continuidade temporal. O obxectivo deste traballo -na li3a doutros publicados previamente polo autor- 3 analizar algunhas cuesti3ns de interese escriptol3xico desa primeira fase, centradas na documentaci3n de tipo particular en versi3n orixinal localizada, at3 o momento, no IAN/TT. Ademais, ofrece unha edici3n selectiva de oito documentos datados entre 1257-1269 (un deles transcrito s3 parcialmente) que pretenden ser representativos da produci3n estudada.

**536.** SOUTO CABO, Jos3 Ant3nio: "Novas perspectivas sobre a g3nese da *scripta* romance na 3rea galego-portuguesa. Textos e contextos", *Aemilianense*, I, 2004:569-599.

1. INVESTIGACI3N | 2. 3MB. GALEGO | 3. SINCR3NICO | 4. PM | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAF3SICA (REXISTRO XUR3DICO-ADMINISTRATIVO)

Tendo en conta a investigaci3n arquivística levada a cabo nos 3ltimos anos e a reavaliaci3n dos criterios escripto-linguísticos utilizados para definir o que debe considerarse como texto rom3nico, o autor presenta o novo panorama da documentaci3n tabeli3nica aberto na configuraci3n do corpus de primeiros textos galego-portugueses, considerando "o conxunto da produci3n, con marcas romances de diverso g3nero e grao, at3 ao ano 1250 inclusive" (p. 570). An3lzase a situaci3n que, no per3odo considerado, presenta cada un dos territorios politicamente diferenciados (Galicia e Portugal), identificando e describindo, en total, 31 documentos (24 producidos en territorio portugu3s e 7 en territorio galego) relevantes para examinar a evoluci3n da *scripta* rom3nica no 3mbito galego-portugu3s, entre eles tres documentos galegos que, malia non seren cualificados polos seus editores como romances, tam3n poden considerarse significativos para a an3lise dese proceso. Incl3e a edici3n de varios documentos representativos, entre os cales se insere un in3dito ata agora (o *Arrendo de Redondo*) do ano 1233, "que

constitui o segundo documento plenamente románico dos producidos na Galiza e também o segundo diploma vernáculo de tipo claramente dispositivo do complexo galego-português" (ibid.).

Vid. tamén as entradas 542, 621.

## 63 Historia externa do galego

**537.** ARACIL, Lluís V. / CRISTOVÃO, Angelo (ed.) / CONILL, Josep J. (epílogo e bibliografía): *Do latim às línguas nacionais: Introdução à história social das línguas europeias*, Santiago de Compostela, Associação de Amizade Galiza-Portugal, 2004, 215 p. (= *Série investigação*; 3).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. MEC

Transcrición dun seminario desenvolvido en Ourense en decembro de 1988. O autor fai unha reflexión sobre a historia lingüística de Europa en que lles presta atención ás linguas sen Estado (entre elas, o galego). Trátase de "pensar a configuración lingüística da civilización occidental [...], com especial atenção ao *turning point* resultante da queda a meados do século XVIII do latim europeu e a sua posterior substitución polas línguas nacionais, que deu paso á actual crise na ordem sociolingüística mundial" [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

**538.** COSTAS GONZÁLEZ, Xosé-Henrique: "Historia e toponimia do val do río Ellas", en Rosario Álvarez e Antón Santamarina (eds.), *(Dis)cursos da escrita: Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza*, [A Coruña], Fundación Pedro Barrié de la Maza, [2004]:81-99, 1 mapa (= *Biblioteca Filolóxica Galega / Instituto da Lingua Galega*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. P MEC | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA: INF. DIATÓPICA (FALAS GALEGAS DE ESTREMADURA)

Repara a historia do val do río Ellas (noroeste de Cáceres) para analizar as súas repercusións desde o punto de vista lingüístico. A repoboación levada a cabo no séc. XIII con xentes de orixe galega deu lugar á presenza de topónimos e antropónimos galegos ou do leonés occidental, documentados desde a Idade Media, tales como *Penna de Sequeuros*, *montem Malladas*, *montem Tinallas*, *Trebello*, *Bovadela*, *Cabrelas*, *Linnares*, *Bouza*, *Sexolo*, *Seyxu*, *Payo*, *Santa Olalla* ou etnotopónimos como *Gallegos de Huebra*, *Gallegos*, *Galegas*. No referente á toponimia actual do val sinalase que "o pobo usa os nomes dos lugares en valego, no *galego* de alí, mentres que a oficialidade, adapta, transforma, deturpa e acastropa os topónimos populares nun pretendido castelán" (p. 91); exemplos de topónimos de orixe galega son, entre outros, os de *Centieiras*, *Os Ameais*, *Fonti Cerdeira*, *Canchal dos Coellos*. Finalmente céntrase na orixe dos nomes das tres entidades de poboación do val (*San Martiño de Trebello*, *Valverde do Fresno*, *As Ellas*) e o seu recoñecemento como forma oficial, solicitando que se legalicen "sen ambigüidades, as formas toponímicas autóctonas e auténticas" (p. 95).

**539-1.** CRESPO GARCÍA, Begoña: "English and Galician in the Middle Ages: A Sociohistorical Survey", *RAEI*, 17, 2004:45-63.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. EC

A autora trata de ofrecer unha nova perspectiva sociohistórica de análise do inglés e o galego mediante a comparación da situación sociolingüística das dúas linguas na Idade Media. A análise das

circunstancias externas de cada comunidade lingüística constitúe o punto de partida para describir a súa evolución ao longo da historia. Comeza por sinalar os aspectos comúns da historia de ambas as linguas na Idade Media, especialmente no referido aos seus contactos co normando/francés e o castelán, respectivamente. Logo describe a traxectoria tan diverxente das dúas linguas, precisando o comportamento lingüístico dos principais estratos sociais. Por último, explora os efectos do bilingüismo e a diglosia sobre o inglés e o galego, tratando de ilustrar a gran influencia que os factores externos exercen sobre a correspondente comunidade lingüística. A análise comparativa aquí desenvolvida amosa que o estatus dun sistema lingüístico pode verse alterado pola influencia de certos acontecementos decisivos, pero tamén que factores sociais e acontecementos históricos semellantes poden provocar, a longo prazo, efectos sociolingüísticos diverxentes en diferentes comunidades.

**539-2.** FERNANDES GARCIA, Carme / RODRIGUES FAGIM, Valentim: “Historía funcional do valenciano: valoración sócio-lingüística em relación com o caso galego”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, I, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:225-235. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2004], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. MEC

Repaso histórico do proceso evolutivo do galego en comparación co do valenciano co obxectivo de comprobar cal foi a posición funcional destas dúas variedades románicas fronte aos outros romances do seu contorno e de establecer, dende posicións reintegracionistas, a vía máis axeitada para garantir a sobrevivencia do galego, dando por suposto que “obviando os casos minoritarios de linguas por distanciamento (v.g. o euscaro fronte ao castelano e francés ou o gaélico fronte ao inglés), à hora de delimitarmos liñas fronteiriças entre variedades duma mesma familia lingüística estamos totalmente perdidos. A delimitación entre lingua dialecto ou se se prefere entre lingua variedade reduce-se por parte dos utentes a um maximizar ou minimizar diferenzas. Só assim se explica que perante uns mesmo dados lingüísticos, uns vejam duas linguas e os outros uma só” (p. 234). Esta comparación permite comprobar “que as semelhanças formais dos dous sistemas guardan fortes similitudes de fondo, atingindo tanto o plano sócio-lingüístico como histórico” (p. 225).

**540.** FREIXEIRO MATO, Xosé Ramón: “O galego na Idade Media. Setecentos anos como lingua normal da Galiza”, *Terra e Tempo*, 2ª época, 1, 1995:24-35. | [Reed.]: en *Pensar en Galiza: Antoloxía posíbel de colaboracións publicadas na última etapa do Terra e Tempo*, Santiago de Compostela, Edicións Terra e Tempo, 2004:9-24.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. PME

Ofrece unha síntese da historia externa da lingua galega na época medieval (dende o ano 800 ata o 1500), época en que “o galego vive en plena normalidade como lingua común e única de todos os habitantes” (p. 23), agás certas excepcións. Data o comezo do desenvolvemento do galego arredor do século IX d.C., como consecuencia da evolución do latín vulgar traído polos soldados romanos ao redor do 197 a.C., que acaba superpoñéndose ás distintas falas da zona. No tocante ao nome da lingua, aínda que “nun primeiro momento se debe chamar con propiedade galego, por ter a súa orixe na Gallaecia,

ao se dividir esta con creación primeiro do condado e logo do reino de Portugal, pasará a chamarse tamén con toda propiedade galego-portugués, por pertencer a estes dous reinos peninsulares” (p. 17). Esta división política propicia a ruptura da unidade lingüística a ambas as marxes do Miño. Dentro do período do galego antigo, o autor distingue dúas etapas: unha primeira de lingua oral, que abrangue desde os inicios ata finais do séc. XII, e outra con presenza na lingua escrita, que abrangue desde o séc. XIII ao XV. Desta revisión histórica o autor conclúe que “o galego ten demostrado suficientemente, como a lingua que máis no mundo, a súa total capacidade para ser lingua normal da comunidade que a xerou” (p. 23) e que a “Galiza monolingüe en galego alcanzou unha proxección europea como xamais lograría ter no sucesivo” (ibid.), a partir do momento en que se adoptou o castelán.

**541.** LODARES MARRODÁN, Juan Ramón: “Las lenguas del imperio”, *BRAE*, LXXXIV/289, 2004:5-43.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. E

Trata de determinar as razóns que explican a expansión do castelán tanto na Península Ibérica como no resto dos territorios de fala hispana. No que respecta a Galicia, sinala que “es un caso particular” (p. 19) comparado co acontecido en Euskadi e Cataluña, xa que a igrexa xogou un importante papel de expansora do castelán, actuando como “un motor que [...] elevó aún más la estimación positiva del español entre quienes ya lo reconocían como lengua de ascenso social [...], y contribuyó a aumentar la brecha diglósica entre la lengua de prestigio social que era el español y la rural que era el gallego” (ibid.). O autor atribúe a gran castelanización da igrexa galega á chegada de moitos relixiosos foráneos como consecuencia da crenza de que “ni los curas ni los campesinos gallegos eran realmente cristianos” (p. 18).

**542.** LORENZO, Ramón: “Emerxencia e decadencia do galego escrito (séculos XIII - XVI)”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, III, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:27-153. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2006], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_3.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_3.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 09/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. PME | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Interesantísimo e moi documentado traballo sobre a emerxencia do galego como lingua escrita a mediados do século XIII e a súa decadencia nas primeiras décadas do XVI en beneficio do castelán. Sitúa a época de xestación do galego escrito no reinado de Fernando III (1230-1252) e a data de implantación durante o reinado de Afonso X (1252-1284). Analiza as distintas etapas do proceso poñéndoas en relación coa situación política do momento: 1) a emerxencia antes de mediados do séc. XIII, coa presenza de formas galegas (topónimos, léxico común e incluso frases romanceadas) en documentos latinos; 2) a xeneralización do uso na escrita a partir de mediados do XIII, aínda que iso non implicou a desaparición total do latín, “pois unha e outra vez aparecen documentos escritos nesta lingua” (p. 57); canto ao galego da época, presenta “unha certa unidade nas dúas bandas do Miño, con pequenas diferencias na utilización de grafías e con certas variantes fonéticas” (p. 63), aparecendo xa entón “algunhas particularidades [...] do que será máis tarde característico do galego moderno” (p. 64): a terminación nasal na P1 do pretérito de indicativo (*escribýn, vendýn*), a palatalización na P2 do pretérito de indicativo (*fezischi*),

a alternancia entre formas nasalizadas e desnasalizadas (*mão / mao*), a desonorización das sibilantes (*ffix, façer, oxe*); 3) a decadencia, que comeza no séc. XV -froitto da dependencia de Galicia da coroa de Castela-, ata chegar un momento en que só aparece o castelán como lingua escrita, se ben non é posible determinar unha data exacta para a xeneralización do uso do castelán, xa que o emprego dunha ou outra lingua depende das persoas e das institucións. A castelanización dos documentos implica en moitos casos a castelanización de nomes, apelidos e topónimos (cf. *Rocos* por *Roucos*, *Puerto Marín*, *Lamaluenga* por *Lamalonga* ou *Verguendo* por *Bergondo*). En cada unha das etapas, ofrece unha relación exhaustiva dos documentos latinos, latino-galegos, galegos, casteláns e castelán-galegos, organizados en xeral por provincias, coa datación do documento e a colección da que procede.

**543.** MAURE RIVAS, Xulián: “Escritura e sociedade. ¿A lingua galega soporte dunha mentalidade precientífica?”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, I, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:331-345. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2004], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. MEC

Analiza a influencia da lecto-escritura na sociedade galega, subliñando a escasa presenza do galego no mundo laboral máis especializado, pois, “[d]ada a historia da lingua escrita en Galicia e os datos que nos dá o Mapa Sociolingüístico de Galicia, parece que, a pesar da Lei de Normalización Lingüística, a xuventude galega, aínda que alfabetizada, se mantén en boa medida na condición de iletrada na súa propia lingua. Len os libros obrigatorios no seu paso polo ensino oficial e ó deixaren os estudos van deixando no esquecemento o mundo das letras galegas. Cando se incorporan ó mundo do traballo a penas senten a necesidade de ler ou escribir en galego. O mundo laboral en Galicia canto máis especializado máis instalado está na lingua castelá. Por iso, máis que escándalo moral, é unha consecuencia case física da condición de iletrada da nosa sociedade que os mesmos Consellos da Xunta de Galicia se veñan celebrando en lingua castelá. Igual consideración merece a reducida presenza da lingua galega nos servizos de publicación das tres universidades galegas” (p. 342).

**544.** METZELTIN, Miguel: *Las lenguas románicas estándar: Historia de su formación y de su uso*, Uviéu, Academia de la Llingua Asturiana, 2004, 300 p. (= *Llibrería Llingüística*; 16).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. P MEC

Manual que propón unha nova tipoloxía das linguas románicas partindo dos datos lingüísticos empíricos, que se poñen en relación tanto coa historia política da Alta Idade Media como coa historia da formación dos modernos Estados nacionais. Malia a gran variación que amosan os idiomas románicos, a súa evolución e as súas estruturas presentan tantos trazos comúns que se pode falar dun tipo lingüístico románico. Isto débese non só a un acervo léxico patrimonial e unha idiosincrasia estrutural comúns, senón tamén á constante presenza de modelos gramaticais e textuais latinos na cultura de Occidente e ás recíprocas influencias en diversas épocas das culturas romana e románicas. A primeira parte da obra está dedicada á evolución do latín ao romance, ás leis respectivas e á tipoloxía da linguas románicas. Logo faise unha presentación sumaria das actuais quince linguas románicas estándar (entre elas, o galego), centrada sobre todo na historia externa, en que se lles presta especial atención

ás linguas da Península Ibérica (nomeadamente, ao asturiano e ao castelán como exemplos de explicación do proceso de estandarización das actuais linguas románicas). A última parte está dedicada á historia da *lingua franca*. Cada cap. ou grupo de caps. inclúe bibliografía específica para ampliar coñecementos. Ao galego dedícanse especificamente as p. 127-136 (“Galicia y el gallego”), pero ofrecen tamén datos de interese as p. 11-63 (“Parte I: Presentación general”), p. 65-161 (“Parte II: La órbita de la Monarquía Astur-Leonesa”), en que se integra o apdo. sobre o galego antes citado.  
RECS.: Francisco Fernández Rei, *Estudis Romànics*, XXVII, 2005:320-325.

545. MONTEAGUDO ROMERO, Henrique: “Lingua galega, pórtico derrubado? = Lengua gallega, ¿pórtico derribado? = Galician language, collapsed portico?”, en Ramón Villares (dir.), *Galicia, o sorriso de Daniel = Galicia, la sonrisa de Daniel = Galicia, the Smile of Daniel*, [Santiago de Compostela], Consello da Cultura Galega, [2004]:103-123 (versión gal.), 219-232 (versión cast.), 311-323 (versión ingl.). | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2004], <<http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/sorriso.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 30/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. MEC | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

Historia externa da lingua galega desde o seu emerxer como lingua escrita na Idade Media e a súa época de esplendor, pasando polos Séculos Escuros e a reivindicación idiomática dalgúns ilustrados. Descríbase logo o Rexurdimento de finais do séc. XIX e a recuperación do idioma levada a cabo xa no século pasado pola Xeración Nós, que racha coa ditadura. Finalmente, abórdase o cambio de situación tras a aprobación do Estatuto de Autonomía de Galicia, co recoñecemento do galego como lingua oficial. Análizanse, ademais, os problemas que presentan os actuais procesos de normalización e normativización.

546. MONTEAGUDO ROMERO, Henrique: “O Camiño, as linguas e a emerxencia do galego”, *Grial*, XLII/161, 2004:52-61.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. PM

Describe a situación lingüística no Camiño de Santiago durante os sécs. XII e XIII que “constitúen un período de mutación do panorama lingüístico da Hispania e unha fase clave na fragua dos idiomas románicos emerxentes, en particular, o galego” (p. 52). A situación lingüística sería a dunha lingua culta (o latín) e logo un *continuum* de falares romances que “eran percibidas e conceptualizadas como modalidades dunha única lingua que variaba un pouco dunha terra a outra” (p. 54). Señala o autor que un dos factores decisivos para a escrita romance foi a reforma impulsada por Carlos Magno no séc. IX que consistía na lectura *literal* dos textos latinos. A través do Camiño chega a escrita dos falares romances desde Francia e comeza a escrita en galego nos sécs. XII e XIII coa lírica. O primeiro documento que cita a “lingua galega” data do séc. XV, feito que o estudoso considera significativo, fronte ao que acontecía en sécs. anteriores, xa que indica a concepción de distintas linguas e non de distintos falares. Conclúe que as peregrinacións xacobeas contribuíron á “forxa dunha conciencia lingüística da diversidade idiomática e tamén da identidade da fala propia” (p. 61).

547. SÁNCHEZ SÁNCHEZ, Xosé M.: “A xeración de Martín Bravo. Anotacións notariais do século XVII en galego e castelán do Arquivo Catedralicio de Santiago”, *Grial*, XLII/161, 2004:68-73.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. E | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

O autor sinala as anotacións en galego aparecidas nun documento do séc. XVII conservado no ACSantiago. Trátase de cinco pequenos fragmentos que son testemuña do galego nunha época en que as pegadas son escasas. Segundo o estudoso, estas notas en galego son obra de Martín Bravo e outros escribas que o rodean.

548. TAVANI, Giuseppe / LORENZO, Ramón: *Unha Provenza hispánica: A Galicia medieval, forxa da poesía lírica peninsular: Discurso lido o día 22 de maio de 2004, no acto da súa recepción como académico de honra, polo Excelentísimo Señor Don Giuseppe Tavani e resposta do Excelentísimo Señor Don Ramón Lorenzo*, [A Coruña], Real Academia Galega, 2004, 27 p.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. M

Ofrece diversas consideracións sobre a lírica medieval galego-portuguesa. A transmisión desta tradición en códices producidos fóra de Galicia influíu na copia da obra de autores galegos, pois os textos sufriron unha adaptación portuguesizante tanto desde o punto de vista gráfico, como lingüístico, co cambio de formas arcaicas ou propiamente galegas por lusismos e neoloxismos. Algúns trazos escaparían a estas substitucións, aparecendo hoxe nos códices B e V (por exemplo, as formas pronominais *che, cha, cho* e formas verbais exclusivamente galegas como *fige / figi, quige / quigi, poide / puidе*); moitas destas formas aparecen mesmo en composicións de autores de orixe portuguesa ou castelá. A partir destes datos, a hipótese formulada por Giuseppe Tavani é que a lingua da lírica medieval era o galego e non o galego-portugués (por iso considera esta expresión unha imprecisión terminolóxica). Por outro lado, sinala que a lírica galega ten unha orixe autónoma non condicionada pola provenzal, que só exercería a súa influencia a partir de finais do séc. XII ou inicios do XIII, mediante a introdución de novos xéneros. A publicación complétase coa contestación de Ramón Lorenzo ao discurso de Giuseppe Tavani (p. 21-27), en que se ofrecen datos biobibliográficos do profesor italiano e se salienta a relevancia da súa contribución ao coñecemento da lírica medieval.

Vid. tamén as entradas 28, 357, 380, 452, 457-1, 457-2, 487, 523, 530, 531, 532.

## 64 Historia interna do galego

### 641 Cambios fonéticos e fonolóxicos

549. COLINA, Sonia: “Intervocalic Velar Nasals in Galician”, en Julie Auger, J. Clancy Clements e Barbara Vance (eds.), *Contemporary Approaches to Romance Linguistics: Selected Papers from the 33rd Linguistic Symposium on Romance Languages (LSRL) (Bloomington, Indiana, April 2003)*, Amsterdam / Philadelphia, PA, John Benjamins, 2004:103-120 (= *Amsterdam Studies in the Theory and History of Linguistic Science. Series IV: Current Issues in Linguistic Theory*; 258).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO

A situación silábica da consoante nasal velar do galego moderno en posición intervocálica (cf. *unha, al-gunha, ningunha*) foi unha cuestión moi discutida nos últimos trinta anos. As solucións propostas ata agora (considerala como cabeza da sílaba: *u-nha* / como coda: *unh-a*) resultan custosas desde o punto de vista fonolóxico porque contradín principios ben asentados da teoría fonolóxica, como o de Conservación de estrutura ou as xeneralizacións sobre a marcaxe silábica. A autora defende aquí unha análise otimalista



que salva as dificultades das explicacións anteriores, baseada no recoñecemento da existencia dunha nasal velar subxacente. A consideración de feitos históricos e interlingüísticos dentro dunha explicación otimalista proporciona un apoio adicional para defender o carácter subxacente da velar e contribúe a clarear trazos das gramáticas de linguas relacionadas co galego, como o portugués e o gascón.

**550.** DIEGUEZ GONZALEZ, Júlio: “A Galiza oriental na fractura do latim hispánico: ditongación das vogais /e/ e /o/ breves”, en Tiago Freitas e Amália Mendes (orgs.), *Actas do XIX Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Linguística (Lisboa, 1, 2 e 3 de Outubro de 2003)*, Lisboa, Associação Portuguesa de Linguística, 2004:433-442.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. C | 5. INF. DIATÓPICA (GALEGO ORIENTAL)

A ditongación das vogais /e/ e /o/ abertas procedentes das correspondentes breves tónicas do latín clásico foi considerado tradicionalmente un fenómeno propio do centro da Península Ibérica ao que se mantivo completamente alleo o romance hispánico occidental en que as referidas vogais mantiveron o timbre que tiñan en latín vulgar. Así, fíxose coincidir a área da ditongación coa liña divisoria que separa os dialectos leoneses dos galego-portugueses. Este traballo nega a validez desta perspectiva. O denominador común das palabras en que se rexistran resultados vivos con ditongación na Galicia oriental é o carácter enfático da forma con ditongo, feito que está en perfecta coherencia cos datos existentes sobre a historia do fenómeno, cuxo factor desencadeante, segundo a maior parte dos autores, é a marcaxe da énfase. Nese espazo a variante ditongada [ja] da conxunción copulativa procedente de ET é usada regularmente en frases coordinadas en que une dous substantivos precedidos de artigo definido ou indefinido, en crase con el. Esta forma coexiste coa non ditongada e cunha terceira, ditongada pero autónoma. É paradoxal que a ditongación apareza nunha rexión que tradicionalmente foi considerada completamente allea ao fenómeno. A explicación -segundo o autor- é que as falas galegas sufriron un proceso de estandarización esóxena, a partir dun sistema lingüístico alleo, mentres que nas portuguesas houbo un proceso endógeno, que apagou de forma máis intensa a variación dialectal interna. En Galicia a distancia lingüística entre a variante estándar e as falas locais permitiu a conservación de trazos que corresponden ao período de formación da lingua galego-portuguesa [A.].

**551.** DIEGUEZ GONZALEZ, Júlio: “Alguns adjectivos com metafonía nos falares da Galiza”, en Teresa Amado Rodríguez, Concepción Cabrillana Leal, Eva Castro Caridad, Cecilia Criado Boado e Amelia Pereiro Pardo (eds.), *Icundi acti labores: Estudios en homenaje a Dulce Estefanía Álvarez*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 2004:71-79, 1 mapa (= *Homenaxes*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA

Recolle datos de 28 puntos da xeografía galega para analizar o valor das vogais medias tónicas na flexión dos adxectivos *birollo*, *chocho*, *choco*, *chosco*, *ermo*, *fofo*, *groso*, *ledo*, *morno*, *morto*, *novo*, *solto*, *torto*.

**552.** VIEJO FERNÁNDEZ, Xulio: “Metafonía y diptongación en protorromance hispánico: la variable pragmática y sociolingüística a luz de nuevos datos asturianos”, *Verba*, 31, 2004:281-303.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. P

Trata de identificar as causas e de explicar a distribución da ditongación no noroeste hispánico e a súa posible relación coa metafonía. A partir da hipótese formulada por Franz Schürr en varios traballos, ofrécense datos dialectais asturianos en que a metafonía ten que ser analizada como un fenómeno



de variación pragmática e sociolingüística. Aplicándolle este modelo ao suposto protorromance da antiga Gallaecia romana e considerando os múltiples datos dialectais que amosan ditongación tanto en Asturias como en Galicia, Portugal e Cantabria, podería ser posible explicar a ditongación como unha reacción normativa que se xeneralizou finalmente nuns romances e non noutros [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

Vid. tamén as entradas 278, 556.

## 642 Cambios morfolóxicos

**553-1.** GOUVEIA, Maria Carmen de Frias e: “Considerações sobre a categoria gramatical de género. Sua evolução do Latim ao Português arcaico”, *Biblos*, 2ª série, II, 2004:443-475.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. DIACRÓNICO | 4. M

Análise diacrónica do xénero nos substantivos e adxectivos do portugués arcaico (sécs. XII-XV) a partir dos datos tirados dun amplo corpus de textos literarios, xurídicos e documentos notariais, completados coa consulta de dicionarios, glosarios e gramáticas históricas. Constitúe a publicación parcial do traballo de síntese das probas de aptitude pedagóxica e capacidade científica presentado pola autora na Universidade de Coímbra (*Um aspecto de morfologia histórica: o género dos substantivos e adjectivos em Português*, 1994). A partir da definición do xénero gramatical e dun breve repaso da súa evolución dende o indoeuropeo ao latín tardío e ao portugués, o traballo céntrase na análise das manifestacións formais desta categoría nas palabras rematadas en *-agem* (vars. gráficas *-age*, *-agê*, *-agen*, *-aiê*, *-aien*, *-ajem*, *-ajeê*, etc.), *-ês* (vars. gráficas *-es*, *-ez*), *-nte*, *-ol*, *-or*, *-e*, nas palabras que proveñen dun antigo neutro latino, nas voces de xénero variable, nos casos de xénero etimolóxico alterado pola terminación e nos casos de expresión do xénero por medio de 1 procesos derivativos (femininos formados por derivación, palabras derivadas co mesmo sentido e xéneros diferentes, aumentativos e diminutivos que implican cambio de xénero); tamén se analiza a relación do xénero con aspectos semánticos e morfoloxoloxicos. Remata ofrecendo referencias a algúns datos cronolóxicos na evolución desta categoría gramatical.

**553-2.** MARIÑO PAZ, Ramón: “Diacronía da formación do plural dos nomes oxítonos galegos terminados en /l/ no singular”, en Ana Maria Brito, Olívia Figueiredo e Clara Barros (orgs.), *Linguística Histórica e História da Língua Portuguesa: Actas do Encontro de Homenagem a Maria Helena Paiva (Faculdade de Letras da Universidade do Porto, 5-6 de Novembro de 2003)*, Porto, Universidade do Porto, Faculdade de Letras, Departamento de Estudos Portugueses e de Estudos Românicos, Secção de Linguística, [2004]:169-195.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. ME

Estuda o fenómeno de mantemento do /l/ na formación do plural das palabras agudas desde a época medieval ata hoxe. Tras unha análise do acontecido en cada un dos períodos distinguidos polo autor (medieval, sécs. XVI-XVIII, 1797-1840 e 1840-2003), sinala que os datos indican que o proceso de mantemento do /l/ se “foi estendendo na lingua escrita polas minorías letradas” desde o séc. XIII ata o 1840, se ben “a mudanza morfolóxica [...] só chegou a difundirse velozmente, tanto no vocabulario como na comunidade dos falantes, entre a segunda metade do séc. XIX e os séc. XX” (p. 190), sendo

determinante para a expansión do cambio a transformación social sufrida por Galicia nos sécs. XIX e XX e tamén o feito de camiñar nunha dirección converxente coa castelá. Algúns dos factores que influíron nesta innovación morfolóxica están vinculados á evolución interna da lingua e outros ao contacto con outras linguas (concretamente, o castelán). Os factores internos foron a igualación do comportamento dos oxítonos en /l/ co doutros nomes acabados en consoante non nasal (*muller - mulleres, fregués - fregueses, animal - animales*) e mais co resto de nomes rematados en /l/ “que nunca ou raramente coñeceran outra solución para os seus plurais” (p. 192). Porén, o contacto co castelán sería o factor que favorecería o grande avance deste proceso a partir do séc. XIX, que é o momento en que esa lingua se estende e chega a máis poboación.

554. MORENO BERNAL, Jesús: “La morfología de los futuros románicos. Las formas con metátesis”, *RFR*, 21, 2004:121-169. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2005], <<http://www.ucm.es/BUCM/revistas/flil/0212999x/articulos/RFRM0404110121A.PDF>>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/01/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. CASTELÁN | 3. DIACRÓNICO | 4. MEC

Malia os numerosos estudos dedicados ao futuro románico, aínda non se coñecen ben algúns aspectos da súa morfoloxía. O traballo céntrase nas formas do futuro imperfecto de indicativo e do condicional, que dende a perspectiva morfolóxica presentan idéntico comportamento. Preténdese analizar, sobre todo, as consecuencias da perda da tonicidade da vogal da raíz do infinitivo e, entre elas, nomeadamente a síncopa e a epéntese, para intentar determinar cales son os factores que impiden e favorecen estes fenómenos. O traballo achega algúns exemplos do galego-potugués, aínda que está dedicado principalmente ao castelán, do que se examina a cronoloxía e a xeografía da epéntese a través dun amplo corpus textual [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

555. SOTO ANDIÓN, Xosé: “Aproximación histórica ás formas verbais *dicir, querer e facer*”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, III, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:299-315. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2006], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_3.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_3.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 09/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. MEC | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA: INF. DIATÓPICA, INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO), LINGUA LITERARIA

Estudo diacrónico das formas galegas do presente de indicativo, presente de subxuntivo e pretérito de indicativo dos verbos *dicir, querer e facer*, baseado nos datos dun amplo corpus de textos do galego medieval (literarios, cronísticos e notariais) e de textos literarios e estudos do galego medio e moderno. A análise das formas tiradas do corpus permítelle ao autor concluír que os paradigmas que triunfan na actualidade “xa agromaban no Galego Medieval e estaban case consolidados nos textos do Galego Medio” (p. 310). Sinala, ademais, que “a atracción e contaminación entre os paradigmas irregulares provocou que determinadas evolucións fonéticas non chegaran a callar do xeito esperado”, así como o feito de que, mentres as formas de pretérito de *dicir* e *querer* manteñen certa uniformidade no seu devir histórico, as de *facer* presentan máis diversidade. Canto ao presente de *dicir*, as formas reducidas

impóñense paulatinamente, se ben no séc. XIX aínda ocupaban unha extensión xeográfica importante e aínda se manteñen hoxe nalgunhas zonas.

556. SZIII, Ildikó: “Apócope e restitución do *e* final nas formas verbais portuguesas”, *Medioevo Romanzo*, XXVIII/2 (IX della III Serie), 2004:300-307.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. DIACRÓNICO | 4. MC

Examina en que medida a evolución fonética do portugués [e o galego] consistente na apócope do *e* final despois das consoantes *l, n, r, s, c* (*MALE* > *mal*, *CANEN* > *can* > *cão*, *MARE* > *mar*, *MENSEN* > *mes*, *VOCEM* > *voz*) afectou ás formas do paradigma verbal e deu lugar logo á creación de formas analóxicas. Unicamente se analizan aquí os casos da P1 e P3 de presente de subxuntivo dos verbos da 1ª conxugación, a P3 do presente de indicativo e a forma singular do imperativo dos verbos da 2ª e 3ª conxugación. Entre os datos utilizados áchanse formas tiradas das composicións da lírica profana galego-portuguesa e formas do galego moderno tiradas do tomo 1 do *Atlas Lingüístico Galego* (1990, vid. *BILEGA* 286).

Vid. tamén as entradas 96, 101, 102-2, 103, 107, 114.

## 643 Cambios sintácticos

557. GONÇALVES, Sebastião Carlos Leite: “Subjetivização e mudança semântica na gramaticalização = Subje[c]tification and Semantic Change in Grammaticalization”, [Ed. dix.]: *Estudos Lingüísticos*, XXXIII, 2004:1262-1267 [CD-ROM]. | [Ed. en liña n.v.]: [2004], <[http://www.gel.org.br/4publica-estudos-2004/4publica-estudos2004-pdfs-comunicos/subjetivacao\\_mudanca.pdf](http://www.gel.org.br/4publica-estudos-2004/4publica-estudos2004-pdfs-comunicos/subjetivacao_mudanca.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 31/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. DIACRÓNICO | 4. M

Comunicación presentada no 51º *Seminário do Grupo de Estudos Lingüísticos do Estado de São Paulo*, celebrado na Universidade de Taubaté en 2003. Compara o desenvolvemento histórico dos verbos de actitude proposicional port. *parecer, achar e crer* en textos de diversos xéneros discursivos datados entre os sécs. XIII-XX e tirados do *Corpus diacrónico do português* (Campinas, 1991) organizado por Fernando Tarallo. Considerando contextos de uso particulares e de alta frecuencia, compróbase que a expresión de P1 e de tempo presente, marcas de subxectividade, correlaciónanse fortemente cos cambios semántico e categorial que experimentan eses verbos e que o autor interpreta como casos de gramaticalización. Este proceso de gramaticalización consiste no cambio da categoría de *verbos plenos* (empregos orixinais) para a categoría de *satélites adverbiais actitudinais*, que amosan máis tardiamente.

558. MARTINS, Ana Maria: “Ambiguidade estrutural e mudança lingüística: A emergência do infinitivo flexionado nas orações complemento de verbos causativos e perceptivos”, en Ana Maria Brito, Olívia Figueiredo e Clara Barros (orgs.), *Lingüística Histórica e História da Língua Portuguesa: Actas do Encontro de Homenagem a Maria Helena Paiva (Faculdade de Letras da Universidade do Porto, 5-6 de Novembro de 2003)*, Porto, Universidade do Porto, Faculdade de Letras, Departamento de Estudos Portugueses e de Estudos Românicos, Secção de Linguística, [2004]:197-225. | [Ed. en liña n.v.]: Lisboa, Universidade de Lisboa, Centro de Linguís-

tica, [s.d.], <[http://www.clul.ul.pt/equipa/amartins/Martins\\_2004\\_2\\_artigo.pdf](http://www.clul.ul.pt/equipa/amartins/Martins_2004_2_artigo.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 30/12/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. DIACRÓNICO | 4. M

Estuda os factores que favoreceron o emprego do infinitivo conxugado en estruturas en que o verbo rexente é un verbo causativo ou perceptivo, moi frecuentes en portugués a partir do séc. XVI. A autora intenta mostrar “como as frases estruturalmente ambíguas que envolven a coordinación, elipse verbal e o infinitivo flexionado independente (com valor imperativo ou optativo) que integrava a gramática do portugués antigo originaram o proceso de mudança gramatical que atingiu os verbos ECM [aqueles que se empregan en construcións en que o suxeito do infinitivo se expresa por medio do clítico de acusativo] e de elevación/controle. Essa mudança, na dirección da desgramaticalización, manifestou-se na emergência do infinitivo flexionado nas oracións complemento dos verbos ECM e no surgimento da negación predicativa e da clitización *sintáctica* nos complementos infinitivos tanto dos verbos ECM como dos verbos de elevación/controle” (p. 220).

**559.** MENDES, António Ângelo Marcelino: “Variação e prototipicidade nas construçoes causativas: o caso da família etimológica derivada de *DUCERE*”, en Tiago Freitas e Amália Mendes (orgs.), *Actas do XIX Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Linguística (Lisboa, 1, 2 e 3 de Outubro de 2003)*, Lisboa, Associação Portuguesa de Linguística, 2004:301-313.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. DIACRÓNICO | 4. P

O autor trata de amosar que a familia etimológica derivada do lat. *DUCERE* en portugués (*aduzir, conducir, deduzir, induzir, introducir, manducar, producir, reconduzir, reducir, reintroduzir, reproducir, seduzir, traduzir*) constitúe un campo léxico, unha categoría simbólica complexa que se amosa, ao mesmo tempo, como un bo modelo lingüístico para investigar a estruturación e representación cognitiva de situacións de movemento e causación en múltiples dominios (físico, psicolóxico, social, inferencial, discursivo). Analiza este fenómeno desde o punto de vista da Lingüística Cognitiva, que constitúe unha aproximación conceptualista aos fenómenos lingüísticos centrada na análise dos patróns e procesos en que o contido conceptual é construído e organizado na linguaxe. Para isto comeza por repasar o proceso de gramaticalización dos derivados de *-duz* desde a época medieval [para a que se aducen algúns exemplos de textos latinos dos sécs. XI e XII tirados do *CIPM: Corpus Informatizado do Português Medieval* (2003-, entrada 727)].

**560.** RODRÍGUEZ GUERRA, Alexandre: “Verbo da orde relativa dos constituíntes oracionais non-clíticos do latín ao galego medieval”, *Verba*, 31, 2004:151-186.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. PM

Analiza os cambios sufridos na orde dos constituíntes oracionais desde o latín ata o galego medieval a partir dun amplo corpus de textos latinos e galegos, entre os cales se inclúen os seguintes: *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla* [ed. de Ramón Lorenzo (1975-77, vid. *BILEGA* 368)], *General Estoria* [ed. de Ramón Martínez López (1963, vid. *BILEGA* 1296)], *Crónica Troiana* [ed. de Ramón Lorenzo (1985, vid. *BILEGA* 4011)], *Os Miragres de Santiago* [ed. de José Luis Pensado (1958, vid. *BILEGA* 3236)], *Cantigas de Santa María* [ed. de Walter Mettmann (1981, vid. *BILEGA* 447)], *História do galego-portugués* (1986, vid. *BILEGA* 2411) de Clarinda de Azevedo Maia, *A vida e a fala dos devanceiros* (1967, vid. *BILEGA* 770) de Xesús Ferro Couselo, *Fontes documentais da Universidade de Santiago de Compostela* [ed. de Manuel Lucas Álvarez e María José Justo Martín (1991, vid. *BILEGA* 928)], *Crónica de*

*Santa María de Íria* [ed. de José António Souto Cabo (2001, vid. *BILEGA* 10690)], *Historia Troyana* [ed. de Kelvin M. Parker (1975, vid. *BILEGA* 4695)], *O libro de notas de Álvaro Pérez, notario da terra de Rianxo e Postmarcos (séc. XV)* [ed. de Fernando R. Tato Plaza (1999, vid. *BILEGA* 5215)], *Lírica profana galego-portuguesa* [ed. coord. por Mercedes Brea (1996, vid. *BILEGA* 1483)], *Livro de Tristán e Livro de Merlin* [ed. coord. por Pilar Lorenzo Gradín e José António Souto Cabo (2001, vid. *BILEGA* 10278)], "Tratado de Albeitería por Jordán Rubio, de Calabria" [ed. de Juan Domínguez Fontela (1940, vid. *BILEGA* 1410)]. O traballo estrutúrase en tres apdos.: o primeiro céntrase no latín, que xa coñecía a convivencia de distintas posibilidades organizativas dos constituíntes oracionais, se ben a máis prototípica era (S)OV; o segundo céntrase no galego medieval, que presenta unha orde maioritaria SVO e no terceiro analízase a orde dos constituíntes en esquemas oracionais con dous argumentos. O cambio na orde dos constituíntes "témola que entender (i) de maneira gradual e (ii) como produto e/ou resultado final da (inter)combinación de moitos factores. Entre eles ocupan un lugar senlleiro, a propia contorna do obxecto [...], a contorna da predicación [...] e, sobre todo, o nivel informativo" (p. 181) [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

561. SALVI, Giampaolo: *La formazione della struttura di frase romanza: Ordine delle parole e clitici dal latino alle lingue romanze antiche*, Tübingen, Max Niemeyer, 2004, 228 p. (= Beihefte zur *ZRPh*; 323).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. PME

Analiza o proceso de cambio da estrutura da oración entre o latín clásico e as linguas romances antigas (entre elas, o galego-portugués), tratando de determinar as causas dese cambio. Céntrase especialmente nos dous aspectos en que máis claramente se manifesta o cambio: a orde dos constituíntes principais da oración e a distribución das formas pronominais febles latinas e clíticas romances. Estes dous fenómenos sintácticos serven de base para a reconstrución (en termos da Gramática Xenerativa) da estrutura da oración nas diversas fases da evolución lingüística. O obxectivo da investigación non é só reconstruír un proceso diacrónico e as súas causas, senón tamén elaborar argumentos relevantes tanto para a teoría da lingüística diacrónica como da sincrónica. No cap. I preséntanse os principais trazos da estrutura da frase nas linguas romances antigas, atendendo aos fenómenos da orde de palabras, a posición dos clíticos e a expresión do SUX, cunha breve historia das hipóteses explicativas propostas, a orixe deses fenómenos e os posteriores desenvolvementos nas linguas romances modernas; tamén se presentan os problemas a que trata de dar resposta este estudo e a concepción do cambio lingüístico en que se basea. No cap. II, despois dunha descrición detallada dos fenómenos da orde de palabras en latín, inténtase reconstruír a estrutura da oración en termos xenerativos para dar conta dos feitos observados e para establecer a base da explicación da evolución posterior. No cap. III ofrécese unha descrición pormenorizada dos principais fenómenos relativos á orde de palabras nas linguas romances antigas e a formulación da hipótese sobre o mecanismo diacrónico que conduciu da estrutura da oración latina á innovadora romance, tratando de verificala a partir de datos tirados de textos latinos tardíos e vulgares. No cap. IV faise unha descrición da sintaxe das palabras febles en latín (contrastada coa doutras linguas ide. antigas e modernas) e da sintaxe dos clíticos nas linguas romances antigas e fórmase unha hipótese sobre a estrutura que se lles debe atribuír a estas construcións; ademais, baseándose en datos tirados dalgúns textos latinos vulgares, reconstrúense as fases que levaron do sistema latino ao sistema romance arcaico. O cap. V aborda o problema da diferenza categorial entre as formas pronominais febles do latín e as clíticas das linguas romances antigas e formula unha hipótese sobre as causas do cambio, desencadeado pola progresiva perda do sistema morfolóxico de casos e

favorecido pola contigüidade entre a posición das formas febles e a posición do verbo no latín tardío. A evolución posterior dos clíticos romances permite establecer distincións máis sutís nesta categoría morfosintáctica; a parte final do cap. dedícase a fixar unha tipoloxía dos clíticos (e as diversas fases do proceso de gramaticalización que conduciu das palabras febles do latín aos afixos que encontramos nalgunhas linguas romances). O traballo péchase co cap. VI de conclusións. Os datos do gal.-port. medieval están tirados do *Cancioneiro da Ajuda*, da *Crónica Geral de Espanha de 1344* [ed. de Luís F. Lindley Cintra (1951, vid. *BILEGA* 2147)], dos documentos notariais transcritos na *História do Galego-Português* (1986, vid. *BILEGA* 2411) de Clarinda de Azevedo Maia e de *El cancionero de Joan Airas de Santiago* [ed. de José Luis Rodríguez (1976, vid. *BILEGA* 3071)].

Vid. tamén as entradas 104, 123.

## 644 Historia do léxico e etimoloxía

**562.** CANO GONZÁLEZ, Ana María (ed.) / GERMAIN, Jean (ed.) / KREMER, Dieter (ed.): *Dictionary historique de l'anthroponymie romane. Patronymica Romanica (PatRom): II/1. L'homme et les parties du corps humain (première partie)*, Tübingen, Max Niemeyer, 2004, IX + 806 col., 47 mapas.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. PME

Primeiro volume deste dicionario para o que se veñen recollendo materiais dende o ano 1987, en que se deseñou e comezou a desenvolver o proxecto *Patronymica Romanica (PatRom)* que lle serve de base. Contén a primeira parte dos artigos relativos ao corpo humano. Iníciase cun artigo dobre en que se analizan os derivados antroponímicos do étimo *HOMO*, apelido e nome de persoa, e logo os derivados de *CORPUS* e étimos anexos. Seguen extensos artigos dedicados a *CAPUT/\*CAPITIA*, *TESTA*, *CORNU*, *OCULUS*, *DENS*, *NASUS*, *BRACCHIUM*, *MANUS*, *PANTEX*, etc. e outros máis curtos dedicados a *FRONS*, *LINGUA*, *AURICULA*, *COLLUM*, *VENTER*, *CAUDA*, *CULUS*, *DIGITUS*, *POLLEX*. Os materiais reunidos neles permiten apreciar a relevancia da achega do proxecto PatRom, a calidade da análise dos étimos dende unha perspectiva antroponímica e, ademais, as dificultades de apreciación de certos nomes de persoa (lexemas vs. detoponímicos). Os responsables das sínteses e documentación do dominio galego son Ana Isabel Boullón Agrelo, Fernando R. Tato Plaza e Raquel Aira González; do dominio portugués encargáronse Dieter Kremer e Ivo Castro.

RECS.: Gérard Taverdet, "Autour du PatRom", *NRO*, 43-44, 2004:61-66 | Pierre-Henri Billy, *NRO*, 43-44, 2004:239-244.

**563-1.** MENÉNDEZ PIDAL, Ramón (dir.) / LAPESA, Rafael (red.) / GARCÍA, Constantino (colab.) / SECO, Manuel (ed.): *Léxico hispánico primitivo (siglos VIII-XII): Versión primera del Glosario del primitivo léxico iberorrománico*, Madrid, Fundación Ramón Menéndez Pidal / Real Academia Española / Espasa Calpe, 2004, 667 p.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. PM | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Ofrécese o texto da única versión completa da obra que baixo a inicial dirección de Ramón Menéndez Pidal, comezou en 1926 Pedro Sánchez Sevilla, elaborou Rafael Lapesa en 1927-1936 e, coa colabora-

ción de Constantino García, continuou Lapesa en dúas etapas máis: 1954-1960 e 1966-1976. As fontes do léxico recollido corresponden a todos os dialectos románicos peninsulares na súa fase nacente, aínda que non en igual proporción; para os territorios cristiáns é máis evidente a presenza do asturleonés, o castelán e o navarro-aragonés que a do galego-portugués e o catalán. Os docs. cristiáns son na súa maioría actas notariais, pero tamén textos legais e históricos; non se usan fontes literarias. O carácter das fontes era diferente, segundo se trate de documentación de terra cristiá ou mahometana; na primeira as palabras figuran nun contexto, na segunda a voz romance aparece illada, engastada nun texto doutro idioma, citada por médicos, botánicos ou xeógrafos que escribiron na parte arabizada da Península. Despois da información da entrada ou da acepción preséntase, en parágrafo á parte, o bloque de citas en que se apoia a definición e as variantes que figuran na cabeceira ou, cando non hai definición, as que xustifican a existencia da entrada. As citas van encabezadas pola data, o doc. ao que corresponden e os datos bibliográficos da súa edición e ordénanse cronoloxicamente, da máis antiga á máis moderna, chegando normalmente ata o ano 1200. Na obra rexístranse unhas 8.500 formas gráficas agrupadas nunhas 5.000 entradas.

RECS.: Francisco Abad Nebot, *Epos*, XIX, 2003:391-392 | Javier Rodríguez Molina, *RFE*, LXXXIV/1, 2004:233-237 | Federico Corriente Córdoba, "Los arabismos del léxico hispánico primitivo", *RFE*, LXXXIV/1, 2004:67-93 | Consuelo García Gallarín, *RFR*, 22, 2005:207-210. [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2006], <<http://www.ucm.es/BUCM/revistas/fli/0212999x/articulos/RFRM0505110203A.PDF>>, [Formato: PDF], [Consulta: 2/10/2006] | Verónica Vivanco, *BHS*, 82/4, 2005:513-514.

**563-2.** MORALA RODRÍGUEZ, José Ramón: "Documentación leonesa y léxico hispánico", en Manuel C. Díaz y Díaz (coord.), Manuela Domínguez García (colab.) e Mercedes Díaz de Bustamante (colab.), *Escritos dedicados a José María Fernández Catón*, [2], León, Centro de Estudios e Investigación «San Isidoro» / Caja España de Inversiones / Archivo Histórico Diocesano, 2004:1019-1039 (= *Fuentes y estudios de historia leonesa*; 100). [Ed. en liña n.v.]: [León], Universidad de León, [2005], <<http://www3.unileon.es/dp/dfh/jmr/biblioteca/HCatón.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 10/08/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. ASTURIANO-LEONÉS | 3. DIACRÓNICO | 4. C

Despois de salientar a riqueza da documentación medieval leonesa conservada ata hoxe, o autor trata de amosar o interese desa documentación para o estudo do léxico hispánico, analizando algunhas voces referidas ao enxoval doméstico ou aos instrumentos e apeiros propios dunha casa rural que aparecen en tres fragmentos tirados doutros tantos inventarios e testamentos datados nos sécs. XI, XIII e XIV. En relación cos termos que estuda, inclúe referencia ás voces gal. *machado*, *pailla* (Ancares) / *pailla* (Ancares), *pailla* «sartén» (Bierzo, LE; Cervantes, LU) / *paíllo* «sartén pequena o mala» (Bierzo), *grade* «enrejado, parrilla», *gradil* «dente ou pua da grade, aparello con que se arrastra a terra de un lugar a outro», *pichel* «vasilla, xeralmente de estaño, usado para o viño», *picheta* «recipiente de estaño coa garganta máis estreita que o pichel», picheleiro «hojalatero». Conclúe que "la búsqueda en los surtidos archivos leoneses ofrece a cada paso la posibilidad de encontrarnos ante verdaderas reliquias léxicas que nos permiten reconstruir de forma mucho más razonada la historia del léxico hispánico, ya sea en su versión más general, ya lo sea en la de aquellas voces exclusivas del área leonesa o comunes a todo el occidente peninsular" (p. 1038). Para tratar de explicar as voces incorporadas ao castelán dende o occidente peninsular, "el recurso a la documentación del antiguo Reino de León o la comparación con el gallego a través del leonés o asturleonés se tornan imprescindibles" (p. 1039).



564. NAVAZA BLANCO, Gonzalo: “Historia e etimoloxía do *pito cairo*“, en Ana Isabel Boullón Agrelo (ed.), *Novi te ex nomine: Estudos filolóxicos ofrecidos ao Prof. Dr. Dieter Kremer*, [A Coruña], Fundación Pedro Barrié de la Maza, [2004]:165-179 (= *Biblioteca Filolóxica Galega / Instituto da Lingua Galega*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. PC

A expresión *pito cairo* é o tema deste artigo, concretamente a significación e orixe da voz *cairo*. Despois de repasar os significados que se lle asignan a esta voz nos dicionarios galegos e foráneos e de constatar a existencia dun tipo de galiñas denominadas *africanas* ou *do Cairo*, o autor conclúe que *cairo* fai referencia á capital de Exipto e a partir de aí xorden as formas *cairento* e *cairés*.

565. SANTANO MORENO, Julián: “La familia del ie \*TEU- «hincharse» en las lenguas romances y en vasco. El sustrato indoeuropeo en la etimología romance”, *NRO*, 43-44, 2004:3-60.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. DIACRÓNICO | 4. C

Coa pretensión de aproximar a etimoloxía romance á etimoloxía indoeuropea para amosar a importancia do substrato ide. nas voces de orixe prerromana das linguas neolatinas, estuda a familia léxica da raíz ide. \*TEU- «hincharse» e os seus derivados nas linguas romances e no éuscaro, prestando atención á súa xeografía e semántica. Inclúe as seguintes formas gal.: \*TE-U- + BH- > *tobo / toba* «cova ou refuxio debaixo da terra onde habita ou se refuxia un animal; cama dun animal», *tobal* «id.», *tobeira* «id.» «burato por onde sae o aire do barquín na forxa», *touva* «cueva, buraco a modo de madriguera», *tufo* «pieza que los sastres cosen a la principal cuando la obra lo exige así o anda escaso el paño», *tufa* «bohordo, caña o junco de la espadaña», gal.ast. *tufo* «pieza de madera que enchufa en la tufeira o extremo inferior de la canal del molino»; \*TEU- + K > \*TUKKA > *toco* «sust. tronco o cepa de la col gigante» «adx. manco», *tocón* «muñón» (CSM), *touca* (ca. 1180), *touciño*; \*TEU- + L > \*TULLO > *tol* «montón redondo de tierra quemada que sirve de estiércol para la siembra» (LU), *tola* «id.» (PO), *entola* «id.» (PO), *entolar* «formar tolas», *toleira* «montones de rastrojo y tierra que arden en el monte», *tola* «el segundo canalcito que se saca de la presa» (PO), *tola (de agua)* «el tanto de agua que le toca a uno para regar», *atol* «el conducto que se cierra o abre para derivar el agua» (Tui, PO); \*TEU- + M > \*TUMBA > *tumbo* «túmulo o sepulcro de tierra (que se advierte en el monte)» «armazón o catafalco que se erige en las Iglesias en las honras de un difunto; el artefacto que guarda el sacristán con este objeto»; \*TEU- + R > \*TURRA > berc. *turriar* «cornear, dar con la cabeza (los bueyes, las cabras)», gal. *turra* «golpe dado coa cabeza; choque ou encontro entre dúas persoas ou cousas; disputa, loita, pelexa, porfía; tumonía, obstinación; loitas festivas entre rapaces», *turrada* «golpe dado coa cabeza, especialmente o que dan os animais con cornos cando turren», *turrar* «cornear, dar con la cabeza (los bueyes, las cabras)»; \*TEU- + R > \*TUR-MO > *tormezelo* «tobillo» (Sarmiento, gal. mod. *tornacelo* «tobillo»; \*TEU- + T > \*TOUTA > *touteiro* «eje del rodezno del molino», *toutizo* «parte posterior de la cabeza, nuca», *touticeira* «loma, pequeña altura», *toutullón* «mogote, mambla», *toutjelu* «altura de un terreno o de una sierra», port. ant. *cabeza de Touta* (a. 1202); \*TEU- + T > \*TOUTIO > *touza* «arabusto; maleza; arboleda, bosque de robles; pedazo de corteza de árbol; mata de cabello», san. *touza* «mata, matorral; terreno inculto; bosque de robles», berc. *touza* «tocón», berc. *atouzada* «leña arrancada con la raíz o 'touza'», *touzo* «raigón; eje de madera del rodezno; centro del rodezno en el cual está enclavada la parte inferior del eje del molino».

Vid. tamén as entradas 108-1, 155, 159-2, 160, 165, 166, 173, 221-1, 230, 231, 232, 233, 234, 235, 236, 237, 238, 239, 240, 241, 242, 243, 244-1, 244-2, 245, 246, 247, 248, 249, 250-1, 250-2,



251, 252, 253, 254, 255, 256, 257, 258, 259, 277, 278, 279, 280, 281, 309, 310, 314-1, 314-2, 317, 320, 417, 521, 523, 525, 528, 538, 596.

## 65 Crítica textual: Traballos xerais

**566.** DÍAZ DE BUSTAMANTE, José Manuel: “Los trabajos y los días: acerca de colecciones y ediciones de documentos latinos de la Edad Media”, en *Orígenes de las lenguas romances en el reino de León: siglos IX-XII*, II, León, Centro de Estudios e Investigación «San Isidoro» / Caja España de Inversiones / Archivo Histórico Diocesano, 2004:349-361 (= *Fuentes y estudios de historia leonesa*; 104).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. P | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Relatorio presentado no *Congreso Internacional «Orígenes de las lenguas romances en el Reino de León: Siglos IX-XII»*, celebrado en León do 15 ao 18 de outubro de 2003. Pasa revista a unha serie de cuestións teóricas fundamentais relativas ás condicións que se deben cumprir e ás estratexias que se deben seguir na edición electrónica de textos medievais. Na parte final do traballo o autor describe, como exemplo concreto, o proxecto *CODOLGA: Corpus Documentale Latinum Gallaeciae* (2004-, entrada 723), que se está a desenvolver no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades; explica as posibilidades de busca que ofrece na actualidade e os seus futuros obxectivos.

**567.** GONZÁLEZ MILLÁN, Xoán: “Contribución a unha sociocrítica das prácticas filolóxicas”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, III, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:743-753. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2006], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_3.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_3.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 09/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO

O autor comeza por sinalar que “[a]lgúns dos principios que fundamentan o comportamento filolóxico, sobre todo as prácticas de fixación textual, [...] están sendo cuestionadas dende varios frontes, e a partir de formulacións que reclaman unha lectura máis dinámica e complexa dos fenómenos relacionados coa produción, transmisión e consumo dos textos [...], tradicionalmente colocados fóra do ámbito das prácticas filolóxicas, ou todo o máis considerados como ancilares ou complementarios” (p. 743). Así mesmo, considera que neste esforzo de renovación da filoloxía “poden acadar un lugar de privilexio as reflexións sobre experiencias como a galega, polas condicións mesmas nas que historicamente se viñeron desenvolvendo a súa produción, transmisión e consumo culturais, e porque a fixación de textos é unha práctica especialmente significativa en espazos cun alto grao de deficiencia institucional, sobre todo cando están condicionados por unha intensa filoloxización cultural” (p. 743-744). Neste traballo revísanse os criterios e as perspectivas que están a aplicar diversas escolas para consolidar esta renovación da filoloxía -particularmente, da crítica textual- e arguméntase moi atinadamente a favor do desenvolvemento dunha *sociocrítica textual*, segundo a cal “a filoloxía está obrigada a facer dialogar tres

sistemas de codificación: o lingüístico propiamente dito, no que tradicionalmente se ten concentrado a práctica filolóxica; o bibliográfico, un instrumento privilexiado para estudar a complexidade da condición social dos textos [...]; e o sistema de codificación representado polos indicadores da transmisión e do consumo que se van inscribindo no espazo textual mesmo para facelos accesibles a determinadas comunidades de lectores. As relacións entre os tres, con ser moi estreitas, non deben facer descoidar a especificidade de cada un deles, nin os procesos constituíntes que lles son propios" (p. 749).

568. RODRÍGUEZ, José Luís: "D. Carolina Michaëlis e o texto de escárnio e de maldizer", en O Cancioneiro da Ajuda, *cen anos despois: Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón os días 25-28 de maio de 2004*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, 2004:115-135 (= *Colección de difusión cultural*; 41).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Describe o enfrontamento entre dous filólogos: por un lado, Carolina Michaëlis de Vasconcelos, editora do *Cancioneiro da Ajuda* (1904, vid. *BILEGA* 75) que se consolida como estudosa de toda a lírica trobadoresca galego-portuguesa; por outro, Teófilo Braga, editor da *Antología portuguesa* (1876) e do *Cancioneiro da Vaticana* (1878), que recibiu non poucos ataques da estudosa alemá-portuguesa pola pouca fiabilidade das súas lecturas, as falsas etimoloxías e as interpretacións erróneas. Así mesmo, fai referencia á avaliación que Manuel Rodrigues Lapa fixo da obra dos dous filólogos. A continuación, ofrece diversas consideracións verbo dos criterios editoriais adoptados polos tres editores e as conclusións ás que chega da análise do tratamento que cada un lles deu ás cantigas de escarnio.

569. TAVANI, Giuseppe: "Carolina Michaëlis e a crítica do texto, cen anos despois da edición de Halle", en O Cancioneiro da Ajuda, *cen anos despois: Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón os días 25-28 de maio de 2004*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, 2004:55-65 (= *Colección de difusión cultural*; 41).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Céntrase na cuestión da validez ecdótica e a perspicuidade fenomenolóxica que mantén cen anos despois a edición do *Cancioneiro da Ajuda* publicada por Carolina Michaëlis de Vasconcelos en 1904 (vid. *BILEGA* 75). A editora partiu das técnicas ecdóticas da escola alemá, o que supuxo un salto cualitativo na crítica textual e a edición crítica da produción do occidente peninsular. A análise de aspectos lingüístico-literarios e a actitude crítica e hermenéutica ante a tradición manuscrita, con gran respecto ao códice, achégaa a unha postura moderna. Faise referencia ao *Cancioneiro de Donas* que proxectara e ao seu crecente gusto polo *Cancioneiro de Burlas*. Segundo Tavani, o principal problema da estudosa era lingüístico, pois, para ela, a lingua dos trobadores era o portugués (ou galego-portugués) e non o galego, polo que non constituíu unha adversidade acomodar a escrita das 310 cantigas do *Cancioneiro da Ajuda* á das 157 tiradas dos apógrafos italianos para seren engadidas á edición de 1904. O estudoso italiano conclúe verbo desta edición que "prescindindo do problema gráfico e do intento de reconstruír unha fase da tradición que probablemente nunca existiu, aínda hoxe é un modelo de lectura, de restitución e de interpretación textual" (p. 65).

570. VÍÑEZ SÁNCHEZ, Antonia: “Notas biográficas de doña Carolina Michaëlis y notas sobre el estado de la cuestión”, en *O Cancioneiro da Ajuda, cen anos despois: Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón os días 25-28 de maio de 2004*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, 2004:459-472 (= *Colección de difusión cultural*; 41).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Sinala a pouca atención prestada polos filólogos á investigación da biografía dos trobadores. As fontes principais para estes estudos veñen sendo as crónicas, diplomáticos, cartularios, documentos e obras que atenden ás liñaxes portuguesas, índices, etc. Describe en que estado de elaboración se achán estas biografías: algunhas van construíndose lentamente (Vasco Praga de Sandín, Roi Gomez de Briteiros, Vasco Rodriguez de Calvelo, Nuno Rodriguez de Candarei, Fernan Padron, Johan Nunez Camanez, Pedro Eanes Solaz, Martin Moxa, Roi Fernandez, clérigo de Santiago, Diego Moniz, Roi Gomez, o Freire, Fernan Rodriguez de Calheiros) e outras amosan dificultades non resoltas (Fernan Fernandez Cogominho). Ás veces, a cronoloxía determínase a través das relacións literarias contextuais (en ocasións, entorpecidas polos problemas de atribución), que ademais poden facilitar o contexto cultural en que se desenvolveu a actividade poética (situando ao trobador nunha corte dada) ou tamén para establecer ciclos poéticos. A autora salienta o contexto documental, fundamentalmente para os trobadores Pai Gomez Charinho, Gonçalo Eanes do Vinhal, Estevam Perez Froian e Gomez Garcia, abade de Valadolide, aínda que sinala posibles erros en documentos e nobiliarios (por exemplo, para a vida de Johan Lopez de Ulhoa). As pesquisas biográficas teñen como fin último unha mellor comprensión dos textos, pois conclúe que “la profesión de la filología nos obliga a conocer todo aquello que nos conduzca, en definitiva, al verdadero mensaje que estas cantigas comunican” (p. 472).

Vid. tamén as entradas 530, 532, 542.

## 651 Crítica textual: Traballos específicos

571. ARBOR ALDEA, Mariña / PULSONI, Carlo: “Il *Cancioneiro da Ajuda* prima di Carolina Michaëlis (1904)”, *Critica del Testo*, VII/2, 2004:721-789.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Descrición do códice achado na Biblioteca Jagiellonska de Cracovia (Ms. Lusitan. fol. 1), copia do *Cancioneiro da Ajuda*, depositado na Biblioteca Real de Berlín durante o séc. XIX. Este códice, copiado no séc. XIX, ten o valor principal de permitir recrear / conxectar unha imaxe do que foi o *Cancioneiro da Ajuda*, antes da súa fisionomía actual, resultado da reconstrución filolóxica de Carolina Michaëlis de Vasconcelos. Entre outros, poden destacarse os datos seguintes: 1) o apógrafo está conformado por 126 folios (sen contar con 4 folios iniciais e 3 finais en branco) de 38.5 x 24.5 cm.; 2) a cuberta é de cartón de 40 x 25 e nela pode lerse *Cancioneiro velho portuguez*; 3) non foi obxecto da decoración do seu modelo (sen miniaturas nin espazos para elas); 4) o apógrafo limitase a seguir a A só na transcripción dos textos en dúas columnas. Os autores propoñen unha táboa de correspondencias entre a numeración do códice de Cracovia e a numeración do códice da Ajuda antes e despois de Carolina Michaëlis.

572. ARIAS FREIXEDO, Xosé Bieito: “A importancia do manuscrito”, en Rosario Álvarez e Antón Santamarina (eds.), *(Dis)cursos da escrita: Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza*, [A Coruña], Fundación Pedro Barrié de la Maza, [2004]:65-70 (= *Biblioteca Filolóxica Galega / Instituto da Lingua Galega*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Destaca a importancia do labor filolóxico na literatura medieval, malia haber abondos casos en que as edicións diverxen das leccións correctas dos manuscritos. O primeiro caso que comenta é a cantiga de escarnio B 1477 / V 1088 (Inc.: *A lealdade da Bezerra pela Beira muito anda*) de Airas Perez Vuitoron, presentando unha proposta que diverxe das leccións de Carolina Michaëlis, José Joaquim Nunes e Manuel Rodrigues Lapa. Considera que a voz *adenhamos*, presente en B e emendada polos editores citados como *vendamos*, é a forma con metátese procedente do lat. vg. \*INNADERE < lat. clás. ADDERE, da que se achan frecuentes variantes ao longo da Idade Media (*ēader, enader, ennader, amader, ēnhader*); por outro lado, presenta as propostas dos editores para os versos en latín desta mesma composición, sinalando que dada “a facilidade de confusión entre <u>, <n> e <i> nalgúns tipos de letra gótica é seguro que tras ese *dunnitatis* de B e *duūcatis* de V se agocha a palabra *divinitatis*” (p. 67). Por último, refírese á cantiga de escarnio B [1483 bis] / V 1095 (Inc.: *Já un s’achou con corpes, que fezeron*) do mesmo trobador, editada por Rodrigues Lapa, centrándose no cambio de *hu* (adverbio) por *un* (pronome) e na opción *corpes* en vez de *torpes*; así mesmo, revisa a lectura do verso 8 desta composición (*e, se non dou mao demo por vassalo*, segundo a proposta de Rodrigues Lapa), para o que el propón e *se non doum’ ao demo por vassalo*.

573. LANCIANI, Giulia: “Repetita iuvant?”, en O Cancioneiro da Ajuda, *cen anos depois: Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón os días 25-28 de maio de 2004*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, 2004:137-143 (= *Colección de difusión cultural*; 41).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Ocúpase da problemática das composicións da lírica profana galego-portuguesa que aparecen dobremente transmitidas por un mesmo testemuño, tendo en conta os estudos sobre a cuestión na lírica provenzal da italiana Giuseppina Brunetti e, máis concretamente, os estudos de Elsa Gonçalves sobre o trobadorismo da Península Ibérica [“Sur la lyrique galego-portugaise: Phénoménologie de la constitution des chansonniers ordonnés par genres” (1991, vid. *BILEGA* 11592)]. A título de exemplo, aborda os problemas das cantigas de Pai Gomez Charinho, *Oy eu sempre, mia sennor, dizer*, transmitida dúas veces en A 248 (fol. 67 v) e A 253 (fol. 69 r) e tamén parcialmente recollida (as dúas primeiras estrofas) en B 816 e V 400, e *A dona que home sennor devía*, transmitida en A 246 e, con tres das catro cobras copiadas en A, en B 811 / V 395.

574. MARQUILHAS, Rita: “Traços distintivos, góticos e electrónicos”, en Rosario Álvarez e Antón Santamarina (eds.), *(Dis)cursos da escrita: Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza*, [A Coruña], Fundación Pedro Barrié de la Maza, [2004]:475-489 (= *Biblioteca Filolóxica Galega / Instituto da Lingua Galega*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REGISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

A autora parte da hipótese de que a escrita fornece un modelo conceptual para o discurso oral, defendida por D. Olson (*The World on Paper*, Cambridge, Cambridge University Press, 1994). Para o seu estudo baséase en datos tirados dos documentos da época medieval escritos en letra gótica, momento en que foi necesario darlle grafía á lingua vulgar, e, por outro lado, ten presentes os textos actuais, en que é precisa a ortografía para novos instrumentos e soportes electrónicos. Entre as solucións antigas e individuais, préstalles atención a estas últimas, incidindo na repetición de letras e a continuación na homoxeneización.

575. MARTÍNEZ PEREIRO, Carlos Paulo: “*Falad’ amigo... falade migo*: Para a descrición e discreción dos usos paronomásticos no trobadorismo profano galego-portugués”, en *O Cancioneiro da Ajuda, cen anos despois: Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón os días 25-28 de maio de 2004*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, 2004:403-425 (= *Colección de difusión cultural*; 41).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Análise dos usos paronomásticos na textualidade da lírica profana galego-portuguesa. Distingue entre os que obedecen a vontade retórica e os que xorden por outros condicionantes. A frecuencia de paronomasias é maior nas cantigas satíricas, ao seren textos tinxidos de ambigüidade e equívoco. Ofrece exemplos tirados das seguintes cantigas: B 1165 / V 771 (Inc.: *Sen meu amigo man’ eu senheira*) de Juião Bolseiro [ambigüidade sintáctica: *seria migo / seri amigo*]; B 865 / V 451 (Inc.: *Deus, que leda que m’ esta noyte vy*) de Johan Mendiz de Briteiros [*ffaladamigay*, verso 5 nos ms. / *ffalade migo*, versos 10, 15 nos ms.]; B 228 (Inc.: *A que vos fui, senhor, dizer por mj*) de Fernan Garcia Esgaravunha [*mao preço dar*, verso 2 / *mao pres aver*, versos 5, 11, 17 / *mal preço ... apôer*, versos 6, 12, 18]; B 1504 (Inc.: *Maria Perez se maenfestou*) de Fernan Velho (*que a guardou / que aguardou*). Dentro da paronomasia aliterante sinala os casos *m’ eu / meu* (A 89 / B 193 [Inc.: *Que alongad’ eu ando d’ u iria*] de Pero Garcia Buralês, B 1240 / V 845 [Inc.: *Amig’ avia queixume*] de Martin de Padrozelos, V 598 [Inc.: *Amigo, quando me levou*] de Johan Airas), *m’ al / mal* (B 407 / V 18 [Inc.: *De vos servir, mha senhor, non me val*] de Afonso Sanchez), favorecidos polas elisións vocálicas, e *coita d’ amor / coita do mar / coita de mort(e)* (A 251 [Inc.: *Quantos og’ andam eno mar aqui*] de Pai Gomez Charinho), *mal de mort(e) / mal de amor* (A 216 [Inc.: *De mort’ é o mal que me ven*] de Fernan Gonçalves de Seabra), en que a paronomasia ten un valor central na estrutura e desenvolvemento discursivo. O traballo complétase cun índice de primeiros versos citados (p. 424) e cun índice de poetas citados (p. 425).

576. MONTEAGUDO ROMERO, Henrique: “*Alba de gloria / A significación espiritual do día de Galicia*: tecido dun texto”, en Rosario Álvarez e Antón Santamarina (eds.), (*Dis*)cursos da escrita: Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza, [A Coruña], Fundación Pedro Barrié de la Maza, [2004]:553-575 (= *Biblioteca Filolóxica Galega / Instituto da Lingua Galega*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Análise do discurso *Alba de Gloria* de Castelao, “exemplo dunha vertente concreta do ensaísmo castelaniño, que denominamos *ensaísmo literario-cultural*” (p. 569). Estúdase a xénese do texto ata concluír na que o estudoso considera única edición *de autor*, que é a publicada en *A Nosa Terra* en 1948. Sinálanse as moitas dificultades existentes para elaborar unha edición crítica xa que a peza foi sometida a

múltiples mudanzas. No que respecta ao título co que se coñece o texto, o estudoso afirma que non se “correspondía, na intención de Castelao, ao conxunto da peza coñecida baixo tal denominación” senón a unha parte da mesma.

577. RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, Celso: “La *Passio Sanctae Columbae* según el códice pasional del archivo catedralicio tudense (ff. 49r-50r), en el vestíbulo de la construcción lingüística del romance gallego-portugués”, en *Orígenes de las lenguas romances en el reino de León: siglos IX-XII*, II, León, Centro de Estudios e Investigación «San Isidoro» / Caja España de Inversiones / Archivo Histórico Diocesano, 2004:555-587, il. (= *Fuentes y estudios de historia leonesa*;104).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. P | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Relatorio presentado no *Congreso Internacional “Orígenes de las lenguas romances en el Reino de León: Siglos IX-XII”*, celebrado en León do 15 ao 18 de outubro de 2003. Estudo e edición do códice da *Passio Sanctae Columbae* conservado no ACTui, que se presenta “como el vestíbulo o en la antesala o, incluso, a la puerta de la construcción lingüística de las lenguas romances del Reino de León, o, más bien, entre ellas, en mi propósito, de una lengua particular, concretamente: el gallego-portugués” (p. 556). Faise un estudo lingüístico do texto, constatando xa a presenza de formas protorromances, como, por exemplo, os diferentes usos dos participios de presente, o emprego do demostrativo latino ILLE con valor de artigo definido, a substitución do caso dativo por AD + Ac., etc.

Vid. tamén a entrada 531.

## 6511 Edicións de textos literarios ou paraliterarios

578. ARBOR ALDEA, Mariña: “Editar *Ajuda*: Principios teóricos para unha nova experiencia ecdótica”, en *O Cancioneiro da Ajuda, cen anos despois: Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón os días 25-28 de maio de 2004*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, 2004:497-512 (= *Colección de difusión cultural*; 41).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Percorrido polas edicións e estudos da lírica galego-portuguesa, centrado principalmente no *Cancioneiro da Ajuda*. Comeza por sinalar a edición parcial de Ch. Stuart de Rothesay (*Fragmentos de hum Cancioneiro inedito que se acha na Livraria do Real Collegio dos Nobres de Lisboa*, Paris, 1823). Pouco despois, en 1840, descubriase o *Cancioneiro da Biblioteca Vaticana* e en 1875 Constantino Cervisieri atopaba o *Cancioneiro Colocci-Brancuti* (actual da Biblioteca Nacional de Lisboa). Salienta a aparición da edición do *Cancioneiro da Ajuda* (1904, vid. *BILEGA* 75) de Carolina Michaëlis de Vasconcelos, pioneira no labor de recuperación dos textos líricos galego-portugueses, xunto con José Joaquin Nunes, editor das cantigas de amigo (1926-28, vid. *BILEGA* 4944) e de amor (1932, vid. *BILEGA* 2561), e Manuel Rodrigues Lapa, editor das cantigas de escarnio (1965, vid. *BILEGA* 3314). Destaca avances importantes chegados da man de Anna Ferrari (na descrición codicolóxica de B e V) e María Ana Ramos (na descrición codicolóxica e estudos sobre A). Na análise da formación da tradición manuscrita salienta os traballos de Giuseppe Tavani, Jean-Marie d’Heur, Elsa Gonçalves e Anna Ferrari. Por último, son destacables tamén os estudos de António Resende de Oliveira. Sobre a edición do *Cancioneiro da Ajuda*,

avalía o labor de Carolina Michaëlis, que editou as 310 cantigas de A, engadíndolles a reconstrución de 157 cantigas tiradas de B / V para encher as lagoas e servíndose destes códices para corrixir partes de A. As novas prácticas da filoloxía románica non subscriben unha edición como a de Carolina Michaëlis, que representa a reconstrución dun cancionero ideal e non a edición do códice da Ajuda, e a autora propón o método que debería seguirse para levar a cabo a correcta edición dun cancionero existente como o da Ajuda.

**579.** ARIAS FREIXEDO, Xosé Bieito: “Diverxencias textuais entre o *Cancioneiro da Ajuda* e os apógrafos italianos da Biblioteca Nacional de Lisboa e da Vaticana”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, III, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:717-729. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2006], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_3.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_3.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 09/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Presenta algúns casos de diverxencia textual na obra de diversos trobadores transmitida polos ms. A, B e V. Partindo das dúas pólas da tradición manuscrita (A, por unha banda, e B / V, por outra), cínxese a casos en que as diferenzas son cualitativa e cuantitativamente relevantes; así, por exemplo, nun verso de Pero García Buralés, A le *ca muit' á ia que non pude ueer*, fronte a *ca non ou's yr hua possa veer* de B; noutra cantiga do mesmo trobador A presenta *Confoda Deulo que llo foi dizer*, fronte a *Confonda Deus a quen lho foy dizer* de B; ou en A, *que a mellolos fez ensandecer*, fronte a *que a mellor lhes fez ensandecer* de B. Nunha cantiga de Fernan Garía Esgaravunha A le *sodela mellor e maila mesura*, fronte á lección *sodes a mellor e mais a mesura* de B.

**580.** CASTRO, Ivo: “Autógrafos e génesis textual na literatura galega”, en Rosario Álvarez e Antón Santamarina (eds.), *(Dis)cursos da escrita: Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza*, [A Coruña], Fundación Pedro Barrié de la Maza, [2004]:71-79 (= *Biblioteca Filolóxica Galega / Instituto da Lingua Galega*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Análise da xénese textual de varios textos galegos: *Un Olo de vidro: memorias d'un esqueleto* (1922) de Alfonso D. Rodríguez Castelao, *Gong : mais de 20 poemas globais e um posfácio esperançado* (1999) de Carlos Quiroga, *Da terra asoballada* (1917) de Ramón Cabanillas e *A Escadeira de Jacob : novela de aventuras filosóficas* (1993) e *A esmorga* (1959) de Eduardo Blanco Amor. Deféndese a importancia dos autógrafos e a variación xenética xa que iso permite levar a cabo “reflexões sobre a invenção lingüística e discursiva” (p. 78).

**581.** CORRAL DÍAZ, Esther: “Aproximación á forma poética da cantiga de amor B 468 de Afonso X”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, III, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:731-742. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Composte-



la, Consello da Cultura Galega, [2006], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_3.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_3.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 09/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Estuda a cantiga de amor B 468 (Inc.: *Falar quer' eu da senhor ben cousida*), buscando aspectos puntuais de tipo textual e de tipo métrico-rítmico. Así, por exemplo, alude á dimensión do texto, diferente no tocante á medida dos versos na edición de Elza Paxeco e José Pedro Machado [*Cancioneiro da Biblioteca Nacional (antigo Colocci-Brancuti): Fac-símile e transcrição. Leitura, comentários e glossário* (1949, vid. BILEGA 555)] e na de José Joaquim Nunes [*Cantigas d'Amor dos trovadores galego-portugueses: Edição crítica acompanhada de introdução, comentário, variantes, e glossário* (1932, vid. BILEGA 2561)]. Tamén presenta os problemas de medida da secuencia *homem falar* e as posibles solucións. Así mesmo, describe o esquema de rimas e a relación de palabras en posición de rima, das que analiza as rematadas en *-is* (*quis, fiz, paris*), só documentadas nas cantigas de Pero da Ponte B 985 / V 572 (Inc.: *O muy bon Rey, que conquis a fronteyra*) e B 990 / V 578 (Inc.: *O que Valença conquereu*), nas que coinciden tamén coa palabra *fis*. Por outra banda, a rima *-isse* ten máis ocorrencias nas cantigas transmitidas por A (11), mentres *-osso* só se atopa noutra composición con *vosso* e *posso*. Destaca tamén a presenza de rimas derivadas: *partisse / partir* ou *visse / vir*. Segundo a investigadora, o texto B 468 é un perfecto exemplo de contrafacta con poéticas ultrapirenaicas.

**582.** COUCEIRO PÉREZ, Xosé Luís: “A cantiga do Beato de Valcavado”, en Rosario Álvarez e Antón Santamarina (eds.), (*Dis*)cursos da escrita: Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza, [A Coruña], Fundación Pedro Barrié de la Maza, [2004]:101-110 (= *Biblioteca Filolóxica Galega / Instituto da Lingua Galega*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Presenta os datos existentes e os fornecidos por diversos estudosos sobre a responsabilidade autoral da cantiga galego-portuguesa de loa á Virxe copiada no fol. 3r do *Beato de Valcavado*. Os seus descubridores en 1918, S. Rivera Manescau e E. López-Aydillo, xulgaron que fora obra de Fernando III o Santo, baseándose principalmente nunha nota marxinal e no tipo de grafías. Carlos Alvar e Vicente Beltrán [*Antología de la poesía gallego-portuguesa* (Madrid, 1985)] sinalana como un dos textos máis antigos, pero sen destacar ningún dato que favoreza a atribución a Fernando III. J. M. Ruiz Asencio (“El códice del Beato de Valcavado”, en *Beato de Valcavado: Estudios*, Valladolid, Universidad de Valladolid, 1993:35-48) pensa que non hai razóns para lla atribuír a Fernando III e ofrece unha lectura interpretativa do texto. O autor volve sobre o tema no artigo “La cantiga anónima del beato de Valcavado” (2003, vid. BILEGA 11742) que, malia aparecer un ano antes, constitúe unha nova versión aumentada do presente artigo.

**583.** FERNÁNDEZ CAMPO, Francisco: “Reflexións para unha lectura de *O’y eu sempre, mia senhor, dizer*, de Pai Gomez Charriño (A 248, B 816, V 400)”, en *O Cancioneiro da Ajuda, cen anos despois: Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón os días 25-28 de maio de 2004*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, 2004:513-523 (= *Colección de difusión cultural*; 41).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA



Presenta unha serie de suxestións, feitas desde a crítica lingüística e retórica, verbo da cantiga A 248 / B 816 / V 400 (Inc.: *Oy eu sempre, mia sennor, dizer*), atribuída a Pay Gomez Charinho, tomando como referencia a análise de que foi obxecto nas xornadas sobre crítica textual organizadas polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades no ano 2003. En primeiro lugar, o autor reflexiona sobre os lexemas polisémicos que hoxe dificultan a súa comprensión e farían precisa unha tradución instrumental para o público actual. En segundo lugar, xulga necesario detectar os procedementos prosódicos para preservar parte da información que o trobador quere comunicar. A continuación, deténse na análise da polisemia e recorrencia da parella *ben* e *mal*, que aparece en 21 ocasións. Presenta o texto puntuado segundo a que considera lectura correcta da composición e, por último, a versión en galego moderno.

**584.** GARCÍA LÓPEZ, José Ángel: *Edición y estudio de la obra poética de Emilio Pita*, Tesis Doctoral, Universidade da Coruña, Facultade de Filoloxía, Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística, 2004. | Inédita.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Ofrece a edición crítica de toda a obra poética de Emilio Pita Romero (1909-1981), complementada cun estudo bibliográfico, lingüístico e literario e coa inclusión de varios testemuños epistolares [TESEO].

**585.** GONZÁLEZ MARTÍNEZ, Déborah: “Algúns problemas de atribución no Cancioneiro da Ajuda: o caso das cantigas A 68 e A 69”, en *O Cancioneiro da Ajuda, cen anos despois: Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón os días 25-28 de maio de 2004*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, 2004:543-554 (= *Colección de difusión cultural*; 41).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Estuda a problemática da atribución das seguintes cantigas de amor transmitidas por A e B: A 68 / B 181 bis (Inc.: *En gran coita vivo, senhor*), que aparece duplicada en B e dobremente atribuída a Nuno Rodríguez de Candarei e a Johan de Gaia; A 69 / B 182 (Inc.: *¡Nostro Senhor! en que vos merecí*), que aparece atribuída en A a Nuno Rodríguez de Candarei e en B a Nuno Porco. No traballo dáse a localización dos textos nos cancioneros e repásanse as opinións e propostas ofrecidas previamente sobre o tema. A autora conclúe que, á luz dos datos de que dispoñemos, todas as propostas están baseadas en argumentos pouco firmes que non deixan resolto o problema, polo que o máis prudente parece a fixación autoral de modo hipotético, fundamentándoa no propio proceso de transmisión autoral [A.].

**586.** LAMA LÓPEZ, María Xesús: “Problemas e condicionantes na edición dun clásico moderno: Os *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, III, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:755-764. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2006], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_3.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_3.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 09/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Analiza os problemas con que se encontra o editor dunha obra literaria cuxo manuscrito orixinal non se coñece, como acontece cos *Cantares Gallegos* (1863) de Rosalía de Castro. Nestes casos “e tendo en conta as dificultades para discernir cáles son as modificacións debidas ó autor ou a outras mans das que interveñen no proceso, sobre todo cando non se conservan testemuñas das correccións de probas de imprenta, parece tenderse á aceptación de que o texto máis próximo ó orixinal do autor sería o da primeira edición, por canto cada nova reedición supón multiplica-las posibilidades de contaminación” (p. 758). Así pois, segundo a estudosa, na ed. desta obra rosaliá “teríamos que tomar como texto-base a edición príncipe de 1863, dándolle prioridade ás escollas gráficas, de puntuación, etc. deste texto” (p. 759), se ben, ao existir unha segunda edición en vida da autora na que se inclúen novos textos, “parece lícito acepta-los poemas engadidos na súa primeira versión, que se corresponde coa segunda edición do conxunto” (p. 760). En canto á edición da obra preparada pola estudosa (Vigo, Galaxia, 1995), sinala que respecta o texto-base, pero “regulariza as grafías vacilantes e actualiza a grafía cando os cambios non afectan ó contido nin á substancia fónica, e [...] comenta expresamente as modificacións concretas que escapan a esta norma” (p. 762).

587. LORENZO GRADÍN, Pilar / DÍAZ MARTÍNEZ, Eva María: “El fragmento gallego del *Livro de Tristán*: Nuevas aportaciones sobre la ‘collatio’”, *Romania*, 122/3-4, 2004:371-396.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Estúdase a ascendencia da versión galega do *Tristán en prosa*. Para isto as autoras realizan un cotexo entre o texto galego e os textos da segunda versión do *Tristan en prose*: as familias a (ms. Z), b (ms. U), c (ms. Q), d (ms. A, B), e (ms. F, H), f (ms. I). Deixan fóra da análise os aspectos relacionados coa orde e estrutura dos episodios, tendo só en conta os relativos á frecuencia e tipoloxía das lecturas que son comúns e particulares. Destacan, principalmente, as diferenzas que se rexistran entre o testemuño A da tradición manuscrita francesa e o texto galego: 1) sintagmas de A ausentes na versión galega e demais testemuños franceses; 2) repetición da información en A de forma distinta á versión galega, que o fai mediante a pronominalización; 3) diferente orde de palabras; 4) coincidencias entre o texto galego e os testemuños franceses de familias distintas da de A. Outros trazos destacados polas autoras que afastan da tradición manuscrita francesa a versión galega son: 1) a omisión ou a repetición por homoioteleuton; 2) alteracións na orde das palabras; 3) distinta segmentación nos parágrafos; 4) diferenzas no uso do estilo indirecto; 5) frecuentes omisións no texto galego, principalmente por simplificación sintáctica e semántica, que axilizan o seu ritmo; 6) supresión de fórmulas propias dos textos en prosa, interxeccións e procedementos formais e expresivos. As autoras conclúen desta *collatio* que non é posible determinar con seguridade o antecedente do manuscrito galego.

588. LORENZO, Ramón (ed.): *Mirages de Santiago = Milagres de Santiago = Milagros de Santiago*, [Valencia], Scriptorium, 2004, 2 v. (facs. de 64 f. + 346 p.).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. E | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Edición do ms. 7455 da BNE. O primeiro volume contén a reprodución facsímile do ms. O segundo volume consta dun estudo introdutorio (p. 7-17), a transcrición do texto (p. 18-137), unha tradución ao galego moderno (p. 138-242) e unha tradución ao castelán (p. 243-346).

589. MIRANDA, José Carlos Ribeiro: “O autor anónimo de A 36/A 39”, en *O Cancioneiro da Ajuda, cen anos despois: Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón os días 25-28 de maio de 2004*, Santiago

de Compostela, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, 2004:443-458 (= *Colección de difusión cultural*; 41).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

O autor parte da idea de que para a total comprensión do discurso poético trobadoresco é imprescindible ter a referencia correcta do autor da obra. Ocupase da atribución da serie de cantigas A 36 (Inc.: *Senhor, os que me queren mal*), A 37 (Inc.: *Eu são tan muit' amador*), A 38 (Inc.: *No mundo non me sei parrella*), A 39 (Inc.: *Meus ollos, gran cuita d' amor*), que pola súa situación no códice poderían ser consideradas da autoría de Pai Soarez de Taveirós. Concretamente, revisa a xa tradicional atribución da *cantiga da garvaia* (A 38) a este trobador, tendo en conta datos biográficos e históricos: a análise de cuestións codicolóxicas da obra que se lle atribúe en B e a análise dos suxeitos e aspectos temáticos das cantigas apuntan, segundo o estudioso, a un autor anónimo diferente de Pai Soarez de Taveirós.

**590.** MIRANDA, José Carlos Ribeiro / OLIVEIRA, António Resende de: *Aurs mesclatz ab argen: Sobre a primeira geração de trovadores galego-portugueses*, Porto, Edições Guarecer, 2004, 218 p.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Intenta explicar, cos datos actualmente dispoñibles, como se orixinou a lírica galego-portuguesa. Entre os primeiros trobadores destaca Johan Soarez de Pávia, autor da composición que se considera a máis antiga das conservadas (a cantiga de escarnio B 1330 bis / V 937 [Inc.: *Ora faz ost' o senhor de Navarra*]). Desta composición comenta algunhas dificultades interpretativas en relación con dous supostos topónimos navarros en que se situaría a acción. O autor identifica un núcleo "Pávia - Cameros", constituído por dúas familias con peso político e relacionadas coa actividade cultural. Posteriormente, daríase un desprazamento que, permitindo a comunicación entre o primeiro e o segundo núcleo desta tradición lírica, explicaría o progresivo afianzamento do galego-portugués como lingua propia do lirismo. O traballo remata cun apéndice (p. 139-164) que inclúe a edición dos textos de Airas Moniz d' Asme (B 6 [Inc.: *Pois mi non val d' eu muit' amar*], B 7 [Inc.: *Mia senhor, vin-vus rogar*]), Diego Moniz (B 8 [Inc.: *¡Deus! que pouco que sabia*], B 8 bis [Inc.: *Se Soubess' a mia senhor como m' a mi pazería*]) e Osoiro Anes (B 37 [Inc.: *Min pres forçadament' Amor*], B 38 [Inc.: *Sazon é ja de me partir*], B 39 [Inc.: *Eu, que nova senhor filhei*], B 39 bis [Inc.: *Cuidei eu de meu coração*], B 40 [Inc.: *E por quê me desamades*], B 41 [Inc.: *Vos, mia senhor, que non avedes cura*], B 42 [Inc.: *Par Deus, fremeosa mia senhor*], B 43 [Inc.: *Ei eu tan gran medo de mia senhor*]). Un segundo apéndice (165-178) está dedicado a Garcia Mendes d'Eixo e á única composición que se lle atribúe (B 454 [Inc.: *A la u vaz que la Torona*]). Un terceiro apéndice (p. 179-202) ofrece a edición e comentarios lingüísticos sobre a identificación da lingua en que está escrita unha cobra citada na composición provenzal *So fo el tems c' om era jais* (supostamente, o castelán).

**591.** PAREDES Núñez, Juan: "Textos alfonsíes en la edición del Cancioneiro da Ajuda de Carolina Michaëlis (Halle, 1904): Comentarios críticos, biográficos e histórico-literarios", en *Cancioneiro da Ajuda, cen anos despois: Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón os días 25-28 de maio de 2004*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, 2004:211-224 (= *Colección de difusión cultural*; 41).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Analiza as cantigas profanas atribuídas a Afonso X o Sabio [39 de escarnio, 4 de amor e a cantiga de amigo B 456 (Inc.: *Ai eu coitada! Como vivo en gram cuidado*)], tamén atribuída a Sancho I de Portugal].

Para esclarecer esta cuestión comenta o substantivo *guarda*, presente no refrán e xa estudado por Carolina Michaëlis [“Randglossen zum altportugiesischen Liederbuch: XIV. Guarvaya” (1904, entrada 608)], que tamén editou esta composición; os valores posibles son os de substantivo común («lugar onde se fai a garda», «servizo de garda», «corpo de garda») ou topónimo. O autor conclúe que nada impide pensar nunha homenaxe de Afonso X a Sancho II de Portugal, con quen establecera amizade. Comenta, así mesmo, a cantiga de escarnio B 466 (Inc.: *Don Gonçalo, pois queredes ir daqui pera Sevilha*), onde se documenta o topónimo *Librilha*, que podería corresponder a *Librilla* (Murcia) ou -nunha interpretación que vulga máis acertada- á forma aportuguesada de *Sevilha* (*Libira*); nesta cantiga tamén presta atención ao verso 8, en que José Pedro Machado e Elza Paxeco Machado [*Cancioneiro da Biblioteca Nacional (antigo Colocci-Brancuti)* (1949-64, vid. *BILEGA* 555)] e Manuel Rodrigues Lapa [*Cantigas d’escarnho e de mal dizer dos cancioneiros medievais galego-portugueses* (1965, vid. *BILEGA* 3314)] transcribiron *a finas e a fio* co sentido de «xurar con firmeza»; *a fio* é unha locución adverbial equivalente a «ininterrumpidamente» e *a finas* podería ser un xiro adverbial co valor de «ás cegas», pero sen documentar; Carolina Michaëlis propuxo *a firmes* «con firmeza», seguida por Walter Mettmann, quen tamén apunta *afio* (de *afiar* «asegurar, garantir»); logo repara no verso 12, discrepando da proposta de lectura de Carolina Michaëlis (*por min nen por Joan Coelho*), se se ten en conta a de José Pedro Machado e Elza Paxeco Machado (*por mente de Joan Coelho*), pois *mente, enmente, enmentar, ementar* é usado polos trovadores co valor de «referir», «aludir». Das diversas lecturas dos versos 29 e 30 desta mesma cantiga (Carolina Michaëlis: *spetei o frango*, Machado e Paxeco: *pe[n]t ei e frango*, Mettmann: *pelej’ e frango*, Lapa: *pato ei e frango*), propón como máis acorde co sentido do texto *peto eu e frango* (de *petar* «golpear» e *franger* «quebrar»), que podería partir dunha anfiboloxía con expresións xurídicas de textos latinos e romances. Pasa logo a revisar as posibilidades interpretativas das cantigas de escarnio referidas a Pedro da Ponte B 485 / V 68 (Inc.: *Pero da Pont’ á feito gran pecado*) e B 487 / V 70 (Inc.: *Pero da Ponte, pare-vos en mal*) e as dificultades que os editores acharon na cantiga de escarnio B 457 (Inc.: *Mester avia Don Gil*), con irregularidades métricas e lagoas que levaron a Carolina Michaëlis a elaborar dúas edicións distintas. Na cantiga de escarnio B 458 (Inc.: *Achei Sancha Anes encavalgada*) considera os posibles significados do substantivo *mostea / mostela* «gavela» ou «donicela». Conclúe considerando a investigación de Carolina Michaëlis imprescindible para os actuais estudos verbo da obra de Afonso X.

**592.** PARRADO FREIRE, Alexandre Gaíferos: “Algúns problemas de atribución no Cancioneiro da Ajuda: o caso das cantigas A 184 e A 291”, en *O Cancioneiro da Ajuda, cen anos despois: Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón os días 25-28 de maio de 2004*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, 2004:555-564 (= *Colección de difusión cultural*; 41).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Pon de manifesto os problemas de atribución das cantigas de amor A 184 / B 677 / V 279 (Inc.: *Muitos veg’ eu que se fazen de mi*) e A 291 / B 982 / V 569 (Inc.: *A mha senhor, que eu mays d’ outra ren*). Carolina Michaëlis lle atribúe a primeira a Rodrigo Eanes Redondo, malia a rúbrica de B e V, que lla asigna a Johan Perez de Aboim. A segunda presenta un problema de dobre atribución a Pero da Ponte e a Sancho Sanchez, vinculado ao dunha dobre copia. O autor explica as razóns codicolóxicas que levan ás dúbidas atributivas da primeira composición, así como aquelas que dificultan a designación autoral da segunda. Como conclusións, sinalase que o problema de atribución se debe ás diferentes

informacións facilitadas polos cancioneiros e pola *Tavola Colocciana* e calquera solución adoptada resulta, a un tempo, posible e problemática, quedando abertas unhas hipóteses que se fundamentan no propio proceso de transmisión textual.

**593-1.** RIBEIRO, Lucia Maria Moutinho: “Um texto antigo: Breve descrição das edições da cantiga de Fernan do Lago”, [Ed. en liña n.v.]: *Cadernos do CNLF*, VIII/7 [= VIII Congresso Nacional de Lingüística e Filologia: Em homenagem a Mário Barreto / I Congresso Internacional de Estudos Filológicos e Lingüísticos], 2004, <<http://www.filologia.org.br/viiicnlf/anais/caderno07-16.html>>, [Formato: HTML], [Consulta: 12/08/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Ofrece un comentario lingüístico das edicións críticas da única composición conservada do trobador galego Fernan do Lago [a cantiga de amigo B 1288 / V 893 (Inc.: *D' ir a Santa Maria do Lagu' ei gram sabor*)], así como unha interpretación literaria que trata de facer accesible o texto ao lector actual. Para o comentario lingüístico, o autor baséase nas técnicas de crítica textual desenvolvidas por Leodegário de Azevedo Filho en *As cantigas de Pero Meogo* (1981, vid. *BILEGA* 1979).

**593-2.** RON FERNÁNDEZ, Xosé Xabier: “O silencio e as marxes do *Cancioneiro da Ajuda*”, en *O Cancioneiro da Ajuda, cen anos despois: Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón os días 25-28 de maio de 2004*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, 2004:641-666 (= *Colección de difusión cultural*; 41).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Pretende dar luz a zonas escuras do *Cancioneiro da Ajuda*, centrándose no silencio da palabra escrita e nas marxes. Incide na análise das lagoas, que Carolina Michaëlis cubriu na súa edición crítica do códice (1904, vid. *BILEGA* 75) mediante a comparación cos cancioneiros B e V. Confronta este traballo co de Antonio Resende de Oliveira (1994) sobre a formación da tradición manuscrita. Isto sérvelle para presentar, sinteticamente, as correspondencias entre A e B/V. En apéndice, ofrece un cadro dos autores e composicións que, en hipótese, encherían A (p. 662-664).

**594.** SOUTO CABO, José António: “Airas Fernandes Carpancho e Nuno Eanes de Cêrcio”, en *O Cancioneiro da Ajuda, cen anos despois: Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón os días 25-28 de maio de 2004*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, 2004:473-483 (= *Colección de difusión cultural*; 41).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Parte da información achegada por documentos notariais dos arquivos das catedrais de Ourense, Santiago de Compostela e Sevilla, para situar no marco histórico da lírica galego-portuguesa aos trobadores Airas Carpancho e Nuno Eanes de Cêrcio. En canto ao primeiro, referido nos documentos co nome de *Airas Fernandes, dito Carpancho* e ata o de agora considerado un xograr por ese sobrenome *Carpancho* (xulgado desviación de *Corpancho*), o acompañamento do termo *miles* define a súa inclusión na nobreza galega. De acordo coa documentación, o período vital deste trobador comprendería do 1170 ao 1240, con forte relación coa cidade de Santiago. En canto ao segundo, o chamado Nuno Eanes Cerzeo nos cancioneiros, foi Nuno Eanes de Sercão [na actualidade *Cercio* (Lalín, PO)]. Esta identi-

ficación enfrontase á hipótese formulada por Carolina Michaëlis, que o considerou un crego a partir da etimoloxía CIRCINUM «tonsurado». O autor sitúa a súa biografía aproximadamente entre 1195-1265. Por outro lado, utiliza a cantiga B 175 (Inc.: *Poys que sse nom sente a mha senhor*) de Airas Carpancho, en que se menciona a *Dona Constança*, para establecer unha relación entre as familias Rodeiro e Cercio. E, para finalizar, reproduce dous dos documentos que lle serven de base para a investigación: un de 1230, incluído no Tombo C do ACSantiago, e outro de 1268, pertencente ao ACOurense.

**595.** SUÁREZ LLANO, Laura: *Edición de la poesía gallega de Evaristo Martelo Paumán*, Tesis Doctoral, Universidade da Coruña, Facultade de Humanidades, 2004. | Inédita.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Primeira edición crítica da obra poética en galego de Evaristo Martelo Paumán (1850-1928), que se completa coa reprodución do resto da súa produción literaria en galego e castelán (publicada e inédita). Acompañando a edición, ofrécese unha revisión dos estudos biográficos e lingüístico-literarios previos e achéganse novos datos ou ampliáanse os xa existentes. Inclúense apéndice con textos complementarios e documentos, así como índices de palabras, expresións, topónimos, antropónimos e outros nomes citados nas notas da edición. A análise da actitude ética e estética do escritor permite achegar datos novidosos sobre as súas ideas rexeneracionistas e sobre a súa singular concepción do bardismo e do iberismo, identificar novas liñas temáticas e tirar conclusións estilísticas, métricas e lingüísticas sobre a súa poesía galega. Dende o punto de vista lingüístico, o autor sostén que Martelo Paumán ocupa unha posición moi relevante entre os escritores eruditos galegos que intentaron contribuír a que o galego superase a crise a que o conduciran os malos escritores, centrando os seus esforzos no estudo científico do idioma e na súa normalización. Martelo Paumán xogou un importante papel na configuración da literatura galega de finais do séc. XIX e o primeiro cuarto do séc. XX e na orientación e desenvolvemento dunha firme conciencia normativizadora que callaría coa creación da Real Academia Galega e que representa o alicerce sobre o que vai asentarse o galego moderno [TESEO].

**596.** VASCONCELOS, Carolina Michaëlis de: “Olhos verdes... olhos de alegria”, *RLP*, I/4, 1919:19-36. | Nova ed.: “Glosas Marginais ao Cancioneiro Medieval Português: XVI. Olhos verdes... olhos de alegria”, en Yara Frateschi Vieira, José Luís Rodríguez. M. Isabel Morán Cabanas e José António Souto Cabo [eds.], *Carolina Michaëlis de Vasconcelos: Glosas Marginais ao Cancioneiro Medieval Português*, Coimbra, Universidade de Coimbra / Universidade de Santiago de Compostela / Editora da UNICAMP, 2004:521-540 (= *Acta Universitatis Conimbrigensis*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Traballo que forma parte da serie de estudos histórico-literarios e ecdóticos sobre a lírica galego-portuguesa medieval que a autora publicou en 16 entregas entre 1896-1919. Nesta entrega comeza por refutar a opinión de Alfred Jeanroy, segundo a cal o tema dos *ollos verdes* tería sido importado de Francia, resultando da tradución errada ou deficiente do fr. *vair* (lat. *VARIUS*). A autora defende que o tema xa aparece na Península Ibérica entre 1175-1350 en versos populares e se mantivo como tal ao longo dos séculos, aducindo gran cantidade de exemplos, tanto de autores clásicos e modernos, como populares. Alén diso, considera que os trobadores galego-portugueses non confundían entre *vert* < *VIR'DE* e *vair* < *VARIUS*, dispoñendo o portugués, entón como agora, de dúas formas distintas para ambos: *verde* e *veiro*. Inclúe a edición da primeira estrofa da cantiga de amor A 229 / B 419 / V 30 (Inc.: *Amigos, non poss' eu negar*) de Johan Garcia de Guilhade e unha edición parcial da cantiga de amigo B 742 / V 344



(Inc.: *Por Deus! amigas, que será*) de Johan Garcia de Guilhade e mais da cantiga de escarnio B 1452 / V 1062 (Inc.: *Eu convidei un prelado a jantar, se ben me venha*) de Johan de Gaia, escudeiro [Adaptación do resumo que aparece na nova ed.].

597. VASCONCELOS, Carolina Michaëlis de: “Randglossen zum altportugiesischen Liederbuch: I. Der Ammen-streit”, *ZRPh*, XX/1, 1896:145-218. | Trad. port.: “Glosas Marginais ao Cancioneiro Medieval Português: I. O processo da ama”, en Yara Frateschi Vieira, José Luís Rodríguez, M. Isabel Morán Cabanas e José António Souto Cabo [eds.], *Carolina Michaëlis de Vasconcelos: Glosas Marginais ao Cancioneiro Medieval Português*, Coimbra, Universidade de Coimbra / Universidade de Santiago de Compostela / Editora da UNICAMP, 2004:29-108 (= *Acta Universitatis Conimbrigensis*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Traballo que forma parte da serie de estudos histórico-literarios e ecdóticos sobre a lírica galego-portuguesa medieval que a autora publicou en 16 entregas entre 1896-1919. Nesta entrega analiza as marcas de diálogo entre os trobadores galego-portugueses nas propias cantigas. Con este obxectivo identifícanse dez cantigas, de seis ou sete trobadores, que conforman o chamado “proceso da ama”, disputa poética desenvolvida en resposta á cantiga de Johan Soarez Coelho A 166 / B 318 (Inc.: *Atal vej’ eu aqui ama chamada*), que se encontraría na liña divisoria entre as cantigas de amor e as satíricas. Identificados, editados e ordenados os textos, a autora procura resolver as cuestións ligadas á autoría, referencias históricas, data e lugar donde se tería desenvolvido a polémica. Sen chegar a precisar unha data concreta, delimita o período de vida dos trobadores e xograis involucrados: dentro deses parámetros, a polémica tería ocorrido entre 1241 e 1284, con preferencia por unha datación máis antiga. O estudo complétase con observacións ecdóticas e léxicas sobre as seguintes palabras e expresións que a autora xulga escuras, estrañas ou notables: *desguisado, bem talhado, bõas manhas, fiar, tecer, tecedor, ambrar, talhar, fazer limpha vida, queijadas, crastar, verrões, galiões, catar bem argueiro, escantar olho mao / escantar per olho / escantar per calheiro, escantaçom, ventrullo, morcela, souriço, transsido, deitar galinha choca, dona, entendedor, lavar, corda, cinta, emparament, lazerada, pastor, entramar, travar, desfazer, escançar, acalar, maladas, amas honradas, enfinger, dõa, coteifa / coteife / cuteife, talho, entençom, rimar, desigual, trincheira* [Adaptación do resumo que aparece na tradución portuguesa].

598. VASCONCELOS, Carolina Michaëlis de: “Randglossen zum altportugiesischen Liederbuch: II. Ein Mantel-Lied”, *ZRPh*, XXV/1, 1901:130-149. | Trad. port.: “Glosas Marginais ao Cancioneiro Medieval Português: II. Uma Canção de Manto”, en Yara Frateschi Vieira, José Luís Rodríguez, M. Isabel Morán Cabanas e José António Souto Cabo [eds.], *Carolina Michaëlis de Vasconcelos: Glosas Marginais ao Cancioneiro Medieval Português*, Coimbra, Universidade de Coimbra / Universidade de Santiago de Compostela / Editora da UNICAMP, 2004:110-131 (= *Acta Universitatis Conimbrigensis*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Traballo que forma parte da serie de estudos histórico-literarios e ecdóticos sobre a lírica galego-portuguesa medieval que a autora publicou en 16 entregas entre 1896-1919. Nesta entrega analiza as cantigas profanas que se lle poden atribuír con seguridade a Afonso X, tomando como punto de partida a tensó con D. Vasco Gil (B 1512 [Inc.: *Rei Don Alfonso, se Deus vos pardon*]), que trata do préstamo e devolución dun manto. A autora examina as referencias ao *Livro de León*, aos estudos de leis, aos tipos

de manto usados entón e ao rei de Portugal que tería vestido un manto da Orde dos Hospitalarios. Descartando a Afonso Henriques, Sancho I, Afonso II e Sancho III, formula a hipótese de que se tratase de D. Afonso de Portugal, fillo bastardo de Afonso Henriques. Identifica as personaxes históricas envolvidas (Afonso X e Vasco Gil de Soverosa) e o posible período de composición da tensó (1252-1255). Nun apéndice final ofrece a edición de cinco cantigas relacionadas co asunto: as cantigas de escarnio B 425 / V 37 (Inc.: *Deus! como se fôron perder e matar*) de Johan García de Guilhade, B 1484 / V 1096 (Inc.: *Joan Nicolás soube guarecer*) de Airas Perez Vuitoron, B 1466 / V 1076 (Inc.: *Ai Justiça, mal fazedes que non*) de Johan Airas, B 1492 / V 1103 (Inc.: *Par Deus, infançon, queredes perder*) de Johan Garcia de Guilhade e a tensó V 1020 (Inc.: *Pero Martiiz, ora, por caridade*) de Vasco Gil [Adaptación do resumo que aparece na tradución portuguesa].

**599.** VASCONCELOS, Carolina Michaëlis de: “Randglossen zum altportugiesischen Liederbuch: III. Vom Mittagbrod hispanischer Königs”, *ZRPh*, XXV/1, 1901:149-167. | Trad. port.: “Glosas Marginais ao Cancioneiro Medieval Português: III. O almoço dos reis hispanos”, en Yara Frateschi Vieira, José Luís Rodríguez, M. Isabel Morán Cabanas e José António Souto Cabo [eds.], *Carolina Michaëlis de Vasconcelos: Glosas Marginais ao Cancioneiro Medieval Português*, Coimbra, Universidade de Coimbra / Universidade de Santiago de Compostela / Editora da UNICAMP, 2004:133-156 (= *Acta Universitatis Conimbrigensis*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Traballo que forma parte da serie de estudos histórico-literarios e ecdóticos sobre a lírica galego-portuguesa medieval que a autora publicou en 16 entregas entre 1896-1919. Nesta entrega edita, interpreta e comenta cantigas que se refiren ao “jantar”, entendido como comida do mediodía, pero tamén como o tributo para a mantenza dos reis. Atribúelle a tensó B 1624 / V 1158 (Inc.: *Hũa pergunta vos quero fazer*) a Paio Gomez Charinho e a Afonso X, fronte a Cesare de Lollis, que cría que se trataba de Jaime o Conquistador de Aragón. No anexo edita outras 16 cantigas satíricas sobre o mesmo tema: Goncal’ Eanes do Vinhal [V 1001 (Inc.: *En gran coyta andaramus con el-rey*), V 1002 (Inc.: *Non levava nen dinhe-ro*)], Roi Paez de Ribela [V 1027 (Inc.: *Ven hun ricome das truytas*)], B 1436 / V 1046 (Inc.: *Preguntad’ un ricome*), B 1437 / V 1047 (Inc.: *Hun ricomaz, hun ricomaz*)], Johan Servando [V 1029 (Inc.: *Comeron os infanções, en outro dia*)], Airas Perez Vuitoron [B 1473 / V 1084 (Inc.: *Don Estêvão, eu eiri comi*)], Pero da Ponte [B 1629 / V 1163 (Inc.: *Un dia fui cavalgar*), B 1632 / V 1166 (Inc.: *Noutro dia, en Carrion*), B 1633 / V 1167 (Inc.: *Dun tal ricome vos quero contar*), B 1634 / V 1168 (Inc.: *Quen a sesta quiser dormir*), B 1636 / V 1170 (Inc.: *Sueir’ Eanes, este trobador*), B 1637 / V 1171 (Inc.: *Quand’ eu d’Olide sai*), B 1643 / V 1177 (Inc.: *En almoeda vi estar*)], Johan Garcia de Guilhade [B 1503 (Inc.: *Vi eu estar noutro dia*)], Nunes [B 1552 (Inc.: *Un infançon mi á convidado*)] [Adaptación do resumo que aparece na tradución portuguesa].

**600.** VASCONCELOS, Carolina Michaëlis de: “Randglossen zum altportugiesischen Liederbuch: IV. Pennaveira”, *ZRPh*, XXV/1, 1901:167-174. | Trad. port.: “Glosas Marginais ao Cancioneiro Medieval Português: IV. Pena veira”, en Yara Frateschi Vieira, José Luís Rodríguez, M. Isabel Morán Cabanas e José António Souto Cabo [eds.], *Carolina Michaëlis de Vasconcelos, Glosas Marginais ao Cancioneiro Medieval Português*, Coimbra, Universidade de Coimbra / Universidade de Santiago de Compostela / Editora da UNICAMP, 2004:157-164 (= *Acta Universitatis Conimbrigensis*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA



Traballo que forma parte da serie de estudos histórico-literarios e ecdóticos sobre a lírica galego-portuguesa medieval que a autora publicou en 16 entregas entre 1896-1919. Nesta entrega estuda a atribución dun conxunto de cantigas, especificamente a tensó entre Garcia Perez e un rei [B 465 (Inc.: *Ūa pregunt' ar quer' a el-Rei fazer*)], a Afonso IX ou Afonso X. Explicitanse as referencias que levarían a supoñer que o soberano interpelado é Afonso X e propónse a hipótese de identificar a Garcia Perez como o cuñado de Pai Gomes Charinho, que foi meiriño de Galicia. Inclúe un longo comentario sobre *pena veira* [Adaptación do resumo que aparece na tradución portuguesa].

**601.** VASCONCELOS, Carolina Michaëlis de: “Randglossen zum altportugiesischen Liederbuch: V. Ein Seemann möcht' ich werden, / ein Kaufmann möcht' ich sein!”, *ZRPh*, XXV/2, 1901:278-285. | Trad. port.: “Glosas Marginais ao Cancioneiro Medieval Português: V. Desejaria tornar-me marinheiro, desejaria ser mercador!”, en Yara Frateschi Vieira, José Luís Rodríguez, M. Isabel Morán Cabanas e José António Souto Cabo [eds.], *Carolina Michaëlis de Vasconcelos: Glosas Marginais ao Cancioneiro Medieval Português*, Coimbra, Universidade de Coimbra / Universidade de Santiago de Compostela / Editora da UNICAMP, 2004:165-174 (= *Acta Universitatis Conimbrigensis*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Traballo que forma parte da serie de estudos histórico-literarios e ecdóticos sobre a lírica galego-portuguesa medieval que a autora publicou en 16 entregas entre 1896-1919. Nesta entrega edita e interpreta a cantiga de escarnio B 480 / V 63 (Inc.: *Non me posso pagar tanto*) de Afonso X, discutindo as lecturas previas de Teófilo Braga e Cesare de Lollis. Considera que esta cantiga, malia estar escrita en primeira persoa, non representa a voz do rei castelán, senón a dun “eu” ficticio. Suxire que puido ser composta na década de 1260, durante unha das campañas na fronteira andaluza, tal vez na década de 1260 [Adaptación do resumo que aparece na tradución portuguesa].

**602.** VASCONCELOS, Carolina Michaëlis de: “Randglossen zum altportugiesischen Liederbuch: VI. Kriegslieder. *Genetes - Non ven al mayo!*”, *ZRPh*, XXV/2, 1901:285-321. | Trad. port.: “Glosas Marginais ao Cancioneiro Medieval Português: VI. Cantigas de Guerra. *Genetes - Non ven al mayo!*”, en Yara Frateschi Vieira, José Luís Rodríguez, M. Isabel Morán Cabanas e José António Souto Cabo [eds.], *Carolina Michaëlis de Vasconcelos: Glosas Marginais ao Cancioneiro Medieval Português*, Coimbra, Universidade de Coimbra / Universidade de Santiago de Compostela / Editora da UNICAMP, 2004:175-217 (= *Acta Universitatis Conimbrigensis*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Traballo que forma parte da serie de estudos histórico-literarios e ecdóticos sobre a lírica galego-portuguesa medieval que a autora publicou en 16 entregas entre 1896-1919. Nesta entrega revisa a edición e a interpretación das cantigas satíricas de guerra, da autoría de Afonso X e dalgúns trobadores da súa corte, feita por Cesare de Lollis: Afonso X [B 486 / V 69 (Inc.: *Don Foan, de quand' ogano i chegou*)], B 491 / V 74 e 74a (Inc.: *O genete*), B 494 / V 77 (Inc.: *O que foi passar a serra*), B 496 / V 79 (Inc.: *O que da guerra levou cavaleiros*), Pero Gomez Barroso [B 1442 / V 1053 (Inc.: *Sei eu un ricome, se Deus mi pardon*)], B 1443 / V 1054 (Inc.: *Un ricome que oj' eu sei*), B 1444 / V 1055 (Inc.: *Chegou aqui Don Foão e veo mui ben gusado*), B 1445 / V 1056 (Inc.: *Meu senhor, direi-vos ora*), Afonso Mendez de Besteiros [B 1558 (Inc.: *Don Foão, que eu sei que á preço de livão*)], B 1559 (Inc.: *Já lhi nunca pediran*), Gil Perez Conde [B 1516 (Inc.: *Non troux' estes cavaleiros aqui*)], B 1517 (Inc.: *Tantas mínguas achan a Don Foan*), B 1518 (Inc.: *Pôs*

conta el-Rei en todas fronteiras, B 1520 (Inc.: *Quen nunca sal da pousada*), B 1522 (Inc.: *Quite-mi a mi meu senhor*), B 1523 (Inc.: *Mentr' esta guerra foi, assi*), B 1524 (Inc.: *Os vossos meus maravedis, senhor*), B 1525 (Inc.: *Non é Amor en cas de Rei*), B 1526 (Inc.: *Quen me podia defender*), B 1531 (Inc.: *Dun ome sei eu de mui bon lugar*), B 1532 (Inc.: *Ben sabedes, senhor Rei*). Baseándose na identificación de personaxes e eventos históricos mencionados nas cantigas e en textos cronísticos, propón para a cantiga do genete o ano da batalla de Alcalá de Benzaide e para o sirventés de Maio o tempo da rebelión andaluza (1263, ou 1261-1265). Préstalles especial atención á historia dos genetes nas guerras cos mouros e á evolución semántica da palabra *genete*, entre outros aspectos [Adaptación do resumo que aparece na tradución portuguesa].

**603.** VASCONCELOS, Carolina Michaëlis de: “Randglossen zum altportugiesischen Liederbuch: VII. Eine Jerusalem-pilgerin und andre Kreuzfahrer”, *ZRPh*, XXV/3, 1901:533-560; XXV/4, 1901:669-685. | Trad. port.: “Glosas Marginais ao Cancioneiro Medieval Português: VII. Uma peregrina a Jerusalém e outros cruzados”, en Yara Frateschi Vieira, José Luís Rodríguez, M. Isabel Morán Cabanas e José António Souto Cabo [eds.], *Carolina Michaëlis de Vasconcelos: Glosas Marginais ao Cancioneiro Medieval Português*, Coimbra, Universidade de Coimbra / Universidade de Santiago de Compostela / Editora da UNICAMP, 2004:219-273 (= *Acta Universitatis Conimbrigensis*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Traballo que forma parte da serie de estudos histórico-literarios e ecdóticos sobre a lírica galego-portuguesa medieval que a autora publicou en 16 entregas entre 1896-1919. O tema principal desta entrega é a Balteira, identificada en documento do mosteiro de Santa María de Sobrado (a. 1257) como Maria Peres, “cruzada”. A autora contesta a datación proposta por Cesare de Lollis (ca. 1269), examinando as cruzadas en que a soldadeira podería ter tomado parte. Conclúe que non se trataría, probablemente, de ningunha das sete ou oito cruzadas, nin dunha expedición a África, senón dunha viaxe de peregrinación á Terra Santa. Resume e edita as cantigas da Balteira e as que se refiren ao Ultramar, que sitúa entre os anos 1236 e 1257: Afonso X [B 471 bis (Inc.: *Maria Pérez vi muit' assanhada*), V 64 (Inc.: *Joan Rodríguez foi osmar a Balteira*)]; Fernan Velho [B 1504 (Inc.: *Maria Pérez se maenfestou*)]; Vasco Perez Pardo [B 1506 (Inc.: *De qual engano prendemus*), B 1509 (Inc.: *Pedr' Amigo, quero de vós saber*)]; Pero Mafaldo [B 1513 (Inc.: *Maria Perez, and' eu muy coychado*)]; Johan Vasquez de Talaveira [B 1546 (Inc.: *O que veer quiser, ai, cavaleiro*)]; Pero Garcia d' Ambroa [B 1574 (Inc.: *Os beesteiros d' aquesta fronteira*), V 1129 (Inc.: *O que Balteira ora quer vingar*), V 1130 (Inc.: *Querri' agora fazer hun cantar*), V 1131 (Inc.: *Se eu no mundo fiz algun cantar*)]; Pero Garcia Buralês [V 982 (Inc.: *Maria [B]alteyra, por que [j]ogades*)]; Gonçal' Eanes do Vinhal [V 1004 (Inc.: *Pero d' Anbroa, senpr' oy cantar*)]; Johan Soarez Coelho [V 1013 (Inc.: *Joan Fernández, o mund' é torvado*)]; Pero Gomez Barroso [V 1057 (Inc.: *Pero d' Anbroa, se Deus mi pardon*)]; Johan Baveca [V 1066 (Inc.: *Pero d' Anbroa prometeu de pram*), V 1070 (Inc.: *Par Deus amigos, gran torto tomei*)]; Afonso Eanes do Cotón [V 1118 (Inc.: *Paai Rengel e outros dous romeus*)]; Pero da Ponte [V 1176 (Inc.: *Maria Pérez, a nossa cruzada*)]; Pedr' Amigo de Sevilha [V 1195 (Inc.: *Quen mh' ora quysesse cruzar*), V 1196 (Inc.: *Pero d' Anbroa, tal senhor avedes*), V 1197 (Inc.: *Maria Balteyra que se queria*), V 1198 (Inc.: *Joham Baveca e Pero d' Anbrõa*), V 1199 (Inc.: *Marinha Mejouchi, Pero d' A[n]brõa*), V 1203 (Inc.: *Per[o] Ordón[h]ez, torp' e desenbrado*)] [Adaptación do resumo que aparece na tradución portuguesa].

**604.** VASCONCELOS, Carolina Michaëlis de: “Randglossen zum altportugiesischen Liederbuch: X. Das Zwiespaltlied des Bonifazio Calvo”, *ZRPh*, XXVI/1, 1902:71-75. | Trad. port.: “Glosas

Marginais ao Cancioneiro Medieval Português: X. O descordo de Bonifácio Calvo”, en Yara Frateschi Vieira, José Luís Rodríguez, M. Isabel Morán Cabanas e José António Souto Cabo [eds.], *Carolina Michaëlis de Vasconcelos: Glosas Marginais ao Cancioneiro Medieval Português*, Coimbra, Universidade de Coimbra / Universidade de Santiago de Compostela / Editora da UNICAMP, 2004:293-298 (= *Acta Universitatis Conimbricensis*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Traballo que forma parte da serie de estudos histórico-literarios e ecdóticos sobre a lírica galego-portuguesa medieval que a autora publicou en 16 entregas entre 1896-1919. Nesta entrega a autora presenta argumentos internos e externos para rebater a opinión de Mario Peláez de que a lingua utilizada no descordo plurilingüe é unha lingua mista, de transición entre o provenzal e o castelán, que contén aragonesismos. Inclúe a edición da estrofa en que aparecen os versos escritos en galego-portugués [Adaptación do resumo que aparece na tradución portuguesa].

**605.** VASCONCELOS, Carolina Michaëlis de: “Randglossen zum altportugiesischen Liederbuch: XI. Im Nordosten der Halbinsel”, *ZRPh*, XXVI/2, 1902:206-219. | [Trad. port.]: “Glosas Marginais ao Antigo Cancioneiro Português no Noroeste da Península”, *Signum*, 2, 2000:171-187. | Trad. port.: “Glosas Marginais ao Cancioneiro Medieval Português: XI. No Nordeste da Península”, en Yara Frateschi Vieira, José Luís Rodríguez, M. Isabel Morán Cabanas e José António Souto Cabo [eds.], *Carolina Michaëlis de Vasconcelos: Glosas Marginais ao Cancioneiro Medieval Português*, Coimbra, Universidade de Coimbra / Universidade de Santiago de Compostela / Editora da UNICAMP, 2004:299-313 (= *Acta Universitatis Conimbricensis*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Traballo que forma parte da serie de estudos histórico-literarios e ecdóticos sobre a lírica galego-portuguesa medieval que a autora publicou en 16 entregas entre 1896-1919. Nesta entrega ofrece unha interpretación do sirventés B 1330 bis / V 937 (Inc.: *Ora faz ost' o senhor de Navarra*) do trobador portugués Johan Soarez de Pávia. Por unha serie de referencias contidas na composición, a autora identifica o rei de Navarra como Sancho VIII de Navarra. Polos acontecementos aludidos, o sirventés é datado entre 1212-1234, período aínda máis limitado por Cesare de Lollis e Henry Lang entre 1214-1216, pero discorda coa identificación do rei de Aragón con D. Jaime. Carolina Michaëlis pretende dar luz á vida e ás orixes do trobador e explica os contactos que puido manter con poetas provenzais. A partir das glosas marxinais e polo estudo das obras e elaboración de biografías, cre máis probable que a cantiga de amor sexa obra de xuventude, mentres que os sirventés moralizantes e as cantigas de escarnio datarían de anos posteriores. Conclúe que o galego-portugués -como idioma da lírica- estaba desenvolvido arredor do 1200 e, polo tanto, as orixes da poesía palaciana remóntanse ao século XII. Por outro lado, os poetas do nordeste peninsular empregaron o galego-portugués por seren vasalos de Alfonso VIII e dos sucesores e, xa que logo, orientados a Castela [Adaptación do resumo que aparece na tradución portuguesa].

**606.** VASCONCELOS, Carolina Michaëlis de: “Randglossen zum altportugiesischen Liederbuch: XII. Die Romanze von Don Fernando”, *ZRPh*, XXVI/2, 1902:219-229. | Trad. port.: “Glosas Marginais ao Cancioneiro Medieval Português: XII. O romance de Dom Fernando”, en Yara Frateschi Vieira, José Luís Rodríguez, M. Isabel Morán Cabanas e José António Souto Cabo [eds.], *Carolina Michaëlis de Vasconcelos: Glosas Marginais ao Cancioneiro Medieval Português*,

Coimbra, Universidade de Coimbra / Universidade de Santiago de Compostela / Editora da UNICAMP, 2004:315-326 (= *Acta Universitatis Conimbragensis*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Traballo que forma parte da serie de estudos histórico-literarios e ecdóticos sobre a lírica galego-portuguesa medieval que a autora publicou en 16 entregas entre 1896-1919. Nesta entrega edita e interpreta a cantiga de escarnio B 863 / V 466 (Inc.: *Desfiar enviaron ora de Tudela*) de Airas Nunez, que Teófilo Braga considerara un romance sobre lendas do tempo do Cid e relacionara con D. Fernando o Grande. Segundo a autora, o crego galego trata de acontecementos e personaxes históricas contemporáneos: os fillos de Fernando son identificados como os Infantes de Aragón, D. Alfonso e D. Fernando de la Cerda, e o episodio aludido tería ocorrido durante o enfrontamento dos partidarios dos infantes con D. Sancho en 1289. Complétese o estudo con informacións sobre Airas Nunez e sobre a liñaxe dos Velas e dos señores de Oñate [Adaptación do resumo que aparece na tradución portuguesa].

**607.** VASCONCELOS, Carolina Michaëlis de: “Randglossen zum altportugiesischen Liederbuch: XIII. Don Arrigo”, *ZRPh*, XXVII/1, 1903:153-172; XXVII/2, 1903:257-277; XXVII/3, 1903:414-436; XXVII/4, 1903:708-737. | Trad. port.: “Glosas Marginais ao Cancioneiro Medieval Português: XIII. D. Arrigo”, en Yara Frateschi Vieira, José Luís Rodríguez, M. Isabel Morán Cabanas e José António Souto Cabo [eds.], *Carolina Michaëlis de Vasconcelos: Glosas Marginais ao Cancioneiro Medieval Português*, Coimbra, Universidade de Coimbra / Universidade de Santiago de Compostela / Editora da UNICAMP, 2004:327-430 (= *Acta Universitatis Conimbragensis*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Traballo que forma parte da serie de estudos histórico-literarios e ecdóticos sobre a lírica galego-portuguesa medieval que a autora publicou en 16 entregas entre 1896-1919. Nesta entrega examina, a partir de abundante documentación histórica, a rebeldía de D. Henrique (Arrigo), infante de Castela e irmán de Afonso X, contra o rei, os posibles amores coa madastra, D. Xoana de Ponthieu, e as actividades bélicas e políticas en Italia e Tunes. Punto de partida literario é o feito de D. Arrigo ser tamén o autor do sirventés italiano *Allegramente - e con grande baldanza*, contra Carlos de Anjou. Procura esclarecer a cuestión da autoría e as referencias a D. Arrigo nos cancioneiros galego-portugueses e nos libros de liñaxes. Editada a cantiga de amor A 135 / B 256 (Inc.: *Nostro Senhor e ora que será*) do trobador portugués Roi Queimado e as cantigas de amigo B 1390 / V 999 (Inc.: *Amigas, eu oy dizer*), V 1008 (Inc.: *Sey eu, donas, que deytad' é d'aqui*) de Gonçal' Eanes do Vinhal [Adaptación do resumo que aparece na tradución portuguesa].

**608.** VASCONCELOS, Carolina Michaëlis de: “Randglossen zum altportugiesischen Liederbuch: XIV. Guarvaya”, *ZRPh*, XXVIII/3, 1904:385-434. | Trad. port.: “Glosas Marginais ao Cancioneiro Medieval Português. XIV. Guarvaia”, en Yara Frateschi Vieira, José Luís Rodríguez, M. Isabel Morán Cabanas e José António Souto Cabo [eds.], *Carolina Michaëlis de Vasconcelos: Glosas Marginais ao Cancioneiro Medieval Português*, Coimbra, Universidade de Coimbra / Universidade de Santiago de Compostela / Editora da UNICAMP, 2004:431-485 (= *Acta Universitatis Conimbragensis*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Traballo que forma parte da serie de estudos histórico-literarios e ecdóticos sobre a lírica galego-portuguesa medieval que a autora publicou en 16 entregas entre 1896-1919. Nesta entrega trata de datar a cantiga A 38 (Inc.: *No mundo non me sei parella*), atribuída ao trobador galego Pai Soarez de Taveirós, e de establecer a autoría da cantiga de amigo B 456 (Inc.: *Ai eu coitada! Como vivo en gram cuidado*), á luz das relacións entre Sancho I de Portugal, a súa favorita, María Pais Ribeira, e o trobador Pai Soarez de Taveirós. A primeira cantiga é entendida como poema de circunstancia, composto polo trobador para celebrar a entrada de María Pais no palacio real. Edita e comenta outras cantigas de Pai Soarez (A 35 / B 150 [Inc.: *Como morreu quen nunca ben*], A 37 [Inc.: *Eu são tan muit' amador*], B 638 / V 239 [Inc.: *O meu amigo, que mi dizia*], B 639 / V 240 [Inc.: *Donas, veeredes a prol que lhi ten*]), analiza, cun longo excursus sobre as vestimentas da época, o significado da voz *guarvaia* e investiga os datos histórico-biográficos do trobador e de María Pais Ribeira. Na parte dedicada á cantiga de amigo, identifica no Cancioneiro Colocci-Brancuti a inclusión dun “cancioneiro de reis”, edita o seu título, discute a atribución autoral de Angelo Colocci a Bembo, propón ler *guarda* como topónimo e determina a autoría de Sancho I, entre os anos 1194-1199, presentando a edición da cantiga de escarnio B 457 (Inc.: *Mester avia Don Gil*). Fechan o estudo algunhas observacións etimolóxicas sobre as voces *guarvaya*, *garnacha*, *escarlata* [Adaptación do resumo que aparece na tradución portuguesa].

609. VASCONCELOS, Carolina Michaëlis de: “Randglossen zum altportugiesischen Liederbuch: XV. Vasco Martinz und D. Afonso Sanchez”, *ZRPh*, XXIX/4, 1905:683-711. | Trad. port.: “Glosas Marginais ao Cancioneiro Medieval Português. XV. Vasco Martins e D. Afonso Sanches”, en Yara Frateschi Vieira, José Luís Rodríguez, M. Isabel Morán Cabanas e José António Souto Cabo [eds.], *Carolina Michaëlis de Vasconcelos: Glosas Marginais ao Cancioneiro Medieval Português*, Coimbra, Universidade de Coimbra / Universidade de Santiago de Compostela / Editora da UNICAMP, 2004:487-519 (= *Acta Universitatis Conimbrigensis*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Traballo que forma parte da serie de estudos histórico-literarios e ecdóticos sobre a lírica galego-portuguesa medieval que a autora publicou en 16 entregas entre 1896-1919. Nesta entrega trata de esclarecer a orixe do manuscrito achado pola autora na Biblioteca Municipal do Porto, que pertencera a André de Resende e que contén a tensó entre Afonso Sanchez e Vasco Martinz de Resende B 416 / V 27 / P / M (Inc.: *Vasco Martiiz, pois vos trabalhades*). Examina a árbore xenealóxica do humanista, establecendo que o autor desta peza é Vasco Martinz de Resende, neto de Vasco Martins Pimentel e contemporáneo do Conde de Barcelos, de Afonso Sanchez e de Afonso IV. Logo ofrece unha breve biografía de Afonso Sanchez e unha visión de conxunto do seu cancioneiro. A continuación dá noticias do manuscrito de Madrid, achado por José Leite de Vasconcellos, edita a tensó, as cantigas de Afonso Sanchez (B 406 / V 17 [Inc.: *Muytos me dizem que sservy doado*], B 407 / V 18 [Inc.: *De vos servir, mha senhor, non me val*], B 408 / V 19 [Inc.: *Pero eu dixeu, mha senhor*], B 409 / V 20 [Inc.: *Sempre vos eu d'outra rremm mays ameij*], B 410 / V 21 [Inc.: *Vedes, amigos, que de perdas ey*], B 411 / V 22 [Inc.: *Estes que m'ora tolhem mha senhor*], B 412 / V 23 [Inc.: *Tam grave dia que vos conhoci*], B 413 / V 24 [Inc.: *Mha senhor, quen me vos guarda*], B 414 / V 25 [Inc.: *Poys que vós per hy mays valer cuydades*], B 415 / V 26 [Inc.: *Conhocedes a donzela*], B 781 / V 365 [Inc.: *Un ricome, a que un trobador*], B 782 / V 366 [Inc.: *Afons' Afonses, batiçar queredes*], B 783 / V 367 [Inc.: *Quand', amiga, meu amigo veer*], B 784 / V 368 [Inc.: *Dizia la fremosinha*]) e a cantiga de escarnio B 1448 / V 1058 (Inc.: *Come asno no mercado*) de Johan de Gaia, dirixida a Fernão Vasques Pimentel [Adaptación do resumo que aparece na tradución portuguesa].

**610.** VASCONCELOS, Carolina Michaëlis de / FRATESCHI VIEIRA, Yara [ed.] / RODRÍGUEZ, José Luís [ed.] / MORÁN CABANAS, Isabel [ed.] / SOUTO CABO, José António [ed.]: *Carolina Michaëlis de Vasconcelos: Glosas Marginais ao Cancioneiro Medieval Português*, Coimbra, Universidade de Coimbra / Universidade de Santiago de Compostela / Editora da UNICAMP, 2004, 593 p. (= *Acta Universitatis Conimbrigensis*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Tradución (agás no caso da entrega nº 16 e última, que constitúe unha reedición do texto portugués publicado en 1919 [vid. entrada 596]) da serie de estudos histórico-literarios e ecdóticos sobre a lírica trobadoresca galego-portuguesa publicados pola ilustre filóloga alemá-portuguesa ao longo de 33 anos e que aínda hoxe se deben incluír entre os traballos fundamentais para o coñecemento desta tradición literaria. As referencias bibliográficas completas dos que teñen interese filolóxico-lingüístico poden acharse como entradas independentes neste caderno.

**RECS.:** Víctor Millet, "Punto de partida obrigado para o estudo da poesía medieval galego-portuguesa", *Grial*, XLIII/166, 2005:146-147.

**611.** VÍÑEZ SÁNCHEZ, Antonia: *El trovador Gonçal' Eanes Dovinhal: Estudio histórico y edición*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 2004, 334 p. (= *Verba. Anexo*; 55).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Edición crítica das dezasete cantigas do trovador portugués Gonçal' Eanes do Vinhal: nove de amigo [B 706 / V 307 (Inc.: *Que leda que oj' eu seja*), B 707 / V 308 (Inc.: *Par Deus, amiga, quant' eu receey*), B 708 / V 309 (Inc.: *Quand' eu soby nas torres sobe' lo mar*), B 709 / V 310 (Inc.: *O meu amigo, que me quer gram ben*), B 710 / V 311 (Inc.: *Amiga, por Deus vos venh' ora rrogar*), B 711 / V 312 (Inc.: *O meu amigo que[i]xa-se de my*), B 712 / V 313 (Inc.: *Meu amigu' é d' aquemd' ido*), V 1008 (Inc.: *Sey eu, donas, que deytad' é d' aqui*), B 1390 / V 999 (Inc.: *Amigas, eu oy dizer*)] e oito de escarnio [V 1000 (Inc.: *Pero Fernandiz, home de barnage*), V 1001 (Inc.: *En gran coyta andaramus con el-rey*), V 1002 (Inc.: *Non levava nen dinheyro*), V 1003 (Inc.: *Hunha dona foy de pram*), V 1004 (Inc.: *Pero d' Anbroa, senpr' oy cantar*), V 1005 (Inc.: *Abadesa, Nostro Senhor*), V 1006 (Inc.: *Quantus mal am se quere[n] guarecer*), V 1007 (Inc.: *Maestre, todo' lus vos-sos cantares*)]. Para cada cantiga ofrécese a tradución ao castelán, así como apdos. dedicados á métrica, a aspectos retórico-literarios e notas aos versos. A edición complétase cun rimario (p. 275-277) e un glosario (p. 279-302) con todas as voces empregadas nas cantigas, seguidos dunha táboa de concordancias con ms. e edicións precedentes, así como un índice de documentos utilizados principalmente para a elaboración da parte previa á fixación dos textos, consistente na reconstrución histórico-biográfica. O estudo introdutorio complétase cun cap. dedicado á métrica e ás técnicas literarias utilizadas polo trovador (dobre, mozdobre, paralelismos semánticos, estruturales e literales) e outro en que se ofrece unha descrición detallada da transmisión da obra na tradición manuscrita.

**612.** ZAPICO BARBEITO, María do Pilar: "As dúas cantigas do *Cancioneiro de Ajuda* atribuídas a Pero Gomez Barroso", en *O Cancioneiro da Ajuda, cen anos despois: Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón os días 25-28 de maio de 2004*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, 2004:525-541 (= *Colección de difusión cultural*; 41).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA



Ofrece a edición crítica das dúas cantigas de amor atribuídas a Pero Gomez Barroso: A 222 / B 392 / V 2 (Inc.: *Quand' eu, mha senhor, convosco faley*), A 223 / B 393 / V 3 (Inc.: *Par Deus, senhor, tan gran sazon*). As propostas de lectura van complementadas cos correspondentes aparatos críticos e notas consideradas pola autora como de interese para os estudosos da materia. A edición aparece precedida dunha introdución en que se ofrece unha reseña biográfica do trobador, a referencia ao conxunto da súa produción poética e os criterios que rexen a fixación dos textos. A cada unha das dúas composicións dedícase un estudo en que se localizan os testemuños e se alude a determinados problemas de edición.

Vid. tamén a entrada 177.

## 6512 Edicións de textos científico-técnicos

**613.** DOMÍNGUEZ FONTELA, Juan [trans.]: “Tratado de Albeitería por Jordán Rubio, de Calabria: Prefacio y transcripción crítica por [...] de la Real Academia de la Historia”, *BCPMHAOr*, XI/238, 1938:302-309, 1 il.; XI/239, 1938:345-352; XI/240, 1938:395-402, 1 il.; XI/241, 1938:451-458; XI/242, 1938:495-502; XI/243, 1938:543-550; XII/244, 1939:13-20; XII/245, 1939:93-100; XII/246, 1939:109-115, 1 il.; XII/251, 1940:261-264 (“El Códice de Albeitería de Alvaro Eans o Yans da Seira. Epílogo”). | [Ed. facs. dix.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Promoción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. E | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO CIENTÍFICO-TÉCNICO)

Transcrición deficiente dun texto galego que se conserva nun manuscrito de principios do séc. XV (entre 1409-1420), copia -con erros- dun orixinal perdido do séc. XIV e pertencente ao notario de Baiona (PO) Alvaro Eans da Seira. Trátase da tradución do *De medicaminibus equorum*, obra escrita polo Mariscal de Federico II de Sicilia, Iordanus Ruffus de Calabria, e que “tuvo un éxito extraordinario en los siglos XIII y siguientes, y ha sido traducido a varias lenguas” (p. 262 da última entrega). No epílogo, ademais dunha noticia sobre traducións a outras linguas do códice orixinal e de varias impresións, inclúese unha táboa en que se sinalan varios erros de transcrición.

**614.** PENSADO, José Luis (ed.) / PÉREZ BARCALA, Gerardo (ed.): *Tratado de Albeitaria*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Política Lingüística, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2004, 414 p.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. E | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO CIENTÍFICO-TÉCNICO)

Edición que deixou preparada José Luis Pensado Tomé deste manuscrito galego de inicios do séc. XV. Contén unha “Introdución” (p. 15-53) que trata os aspectos ortográficos, fonéticos e léxicos do texto, unha transcrición semipaleográfica acompañada dunha fotocopia do mesmo (p. 55-159), un “Glosario” (p. 161-355) onde para cada termo se ofrece un equivalente castelán e as ocorrencias do mesmo e as “Referencias bibliográficas” (p. 357-364). Finalmente, recóllese nun “Apéndice” (p. 365-414) unha



proposta de edición crítica interpretativa debida a Gerardo Pérez Barcala, precedida dos criterios de edición empregados.

## 65131 Edicións de coleccións documentais

**615.** GONZÁLEZ BALASCH, María Teresa: *El tumbo B de la catedral de Santiago de Compostela: Edición y estudio*, Tesis Doctoral, Universidad de Granada, 1987. | [Ed. facs.]: Granada, Universidad de Granada, Servicio de Publicaciones, 1987, 23 microfichas. | [Nova ed.]: *Tumbo B de la Catedral de Santiago*, Santiago de Compostela, S.A.M.I. Catedral / Seminario de Estudos Galegos, 2004, 749 p., il.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. PME | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Edición do totalidade dos docs. que constitúen o Tombo B da Catedral de Santiago de Compostela. Son 371 docs. datados entre os sécs. IX e XV, case todos reais (españóis e portugueses) e pontificios e algún eclesiástico e particular, que reflicten a concesión de privilexios, propiedades e exencións á catedral de Santiago. Foron copiados entre 1346 e 1354 polos escribas García Pérez e Alfonso Pérez, por orde do tesoureiro capitular Aymerico de Anteaquo. Case todos os docs. van seguidos da fórmula notarial dos notarios xurados de Santiago, Andrés Pérez e Alfonso Eanes, indicando que o traslado concorda co orixinal que lles presentaron. Precede á edición un estudo que inclúe unha ampla análise codicolóxica, outra paleográfica e outra diplomática, así como un índice toponímico e outro antroponímico, ademais dunha táboa de correspondencias entre o lugar que ocupan os docs. nas páxinas do códice e a súa ordenación cronolóxica [TESEO].

RECS.: Nicandro Ares Vázquez, *Lucensia*, XV/31, 2005:396-397.

**616.** PÉREZ RODRÍGUEZ, Francisco Javier [ed.]: *Os documentos do Tombo de Toxos Outos*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Sección de Patrimonio Histórico, [2004], 880 p. (= *Fontes para a historia de Galicia*). | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2005], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/tombo\\_toxos\\_outos.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/tombo_toxos_outos.pdf)>, [Formato: PDF],[Consulta: 02/09/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. PM | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Ofrece a transcripción dos 796 documentos que constitúen este tomo, a meirande parte dos cales aínda non foran publicados. Están escritos en latín ou galego e cronoloxicamente abranguen dende o ano 1038 ata o 1289. Inclúe índice toponímico (p. 721-765), antroponímico (p. 767-823) e socio-profesional (p. 825-874).

## 65132 Edicións de documentos soltos

**617-1.** “Fuero dado à la villa de Bono burgo de Caldelas por el rey D. Fernando II de León y la reina D. Urraca”, *BCPMHAOr*, III/70, 1909:395-399; III/71, 1909:412-416 (“El fuero de Bono burgo de Caldelas romanizado (año 1228)”). | [Ed. facs. dix.]: [Ourense], Grupo Mar-

celo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Promoción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. PM | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Na primeira entrega ofrécese a transcripción do texto latino do primeiro foro outorgado a esta vila ourensá en 1172 polo rei Fernando II de León e a raíña dona Urraca. Na segunda transcríbese o texto galego de confirmación do foro realizada en Allariz polo rei Afonso IX en 1228, pero esta transcripción ten escaso interese desde o punto de vista filolóxico. Este segundo documento está considerado actualmente como o máis antigo escrito en galego do que temos noticia e foi transcrito de novo por Henrique Monteagudo Romero [*O Foro do Burgo do Castro Caldelas, dado por Afonso IX en 1228: O documento máis antigo escrito en galego* (2005, vid. *BILEGA* 12756)].

**617-2.** ANTONIO RUBIO, María Gloria de: *Los judíos de Ribadavia: La judería de Ribadavia y sus personajes en los siglos XIV-XV*, Santiago de Compostela, Lóstrego, 2004, 148 p. (= *Ex cathedra*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. E | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Estudo histórico da comunidade xudea de Ribadavia, a partir da documentación conservada en diversos arquivos. Tamén se analizan as referencias a esta comunidade que aparecen na *Crónica de Prois-sart*. No apéndice documental ofrécese a transcripción de 28 documentos notariais escritos en galego (11, datados entre 1432-1487 e case todos conservados no AHPOurense) e castelán (17, datados entre 1423-1671). Inclúe índice antroponímico (p. 139-141).

**618-1.** CAL PARDO, Enrique [trans.]: “La lengua gallega del siglo XIII en los calendarios de la catedral de Mondoñedo”, en Manuel C. Díaz y Díaz (coord.), Manuela Domínguez García (colab.) e Mercedes Díaz de Bustamante (colab.), *Escritos dedicados a José María Fernández Catón*, [1], León, Centro de Estudios e Investigación «San Isidoro» / Caja España de Inversiones / Archivo Histórico Diocesano, 2004:111-131 (= *Fuentes y estudios de historia leonesa*; 100).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. PM | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Ofrece a transcripción de trece documentos notariais en galego redactados en Vilamaior (Mondoñedo) entre 1282-1299 e que acabarían sendo inseridos ao comezo e ao final dos dous calendarios da catedral de Mondoñedo datados no séc. XIII (o primeiro destes calendarios foi copiado no séc. XVIII). O autor considéraos como os máis antigos escritos en galego na zona norte da provincia de Lugo. Completa o traballo cun apdo. en que ofrece uns mínimos comentarios sobre o léxico e a grafía dos textos.

**618-2.** DACOSTA ALONSO, Marta [trans.]: “Noticia de Baiona no século XIII”, *REMiñ*, 4, 2004:5-16.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Reproduce cinco documentos notariais referentes a Baiona escritos en galego e datados entre 1280-1296, previamente publicados por Clarinda de Azevedo Maia en *História do Galego-Português* (1986, vid. *BILEGA* 2411). O traballo, que inclúe referencias aos topónimos e antropónimos que se achaban neles, subliña -con pretensión unicamente divulgativa- o interese deses textos para coñecer a Baiona do séc. XIII.

**618-3.** DEAÑO GAMALLO, Carlos A.: *Ribadavia y su comarca en la Baja Edad Media*, Sada, A Coruña, Edición do Castro, 2004, 202 p. (= *Publicacións do Seminario de Estudos Galegos. Galicia medieval: Estudos*; 11).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. ME | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Rigoroso estudo histórico que ofrece abundantes datos tirados dun amplo corpus documental. Centrado no territorio que corresponde aos actuais concellos ourensáns de Arnoia, Avión, Beade, Boborás, Carballeda de Avia, O Carballiño, Castrelo de Miño, Cenlle, Leiro, Maside, Melón, Punxín, Ribadavia e San Amaro, cronoloxicamente analiza o século e medio comprendido entre os anos 1330-1480. Inclúe un apéndice documental coa transcripción de 29 documentos inéditos (principalmente, cartas de aforamento e de venda e algunha manda), maioritariamente escritos en galego (27). Están datados entre os anos 1337-1476 e consérvanse no AHNMadrid (Seccións Clero e Códices), ACOurense (Fondo de Pergameos Monacais) e AHPOurense (Encomenda de Beade, Diplomas de San Clodio e Libro de Foros de San Clodio nº 1).

**619.** DOMÍNGUEZ FONTELA, Juan [trans.]: “Documento del archivo de la catedral de Tuy”, *BCPMHAOr*, VI/146, 1922:468-473. | [Ed. facs. dix.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Promoción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. E | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Ofrece a transcripción do testamento de Gomez Correa, veciño da Guarda (PO), que forma parte da documentación do ACTui. O texto, redactado en galego polo notario Juan Rodriguez na cidade de Ourense, está datado en 1471 e aparece inzado de interferencias do castelán. A transcripción é mellorable desde o punto de vista filolóxico.

**620.** DOMÍNGUEZ FONTELA, Juan [trans.]: “Documentos arcaicos gallegos del Códice de minutas del notario de Bayona de Miñor, Alvaro Eans das Eiras o Alvaro Yans da Seira, a principios del siglo XV”, *BCPMHAOr*, XII/246, 1939:116 (I); XII/250, 1940:233-240 (II-VIII); XII/251, 1940:257-261 (IX-XIII). | [Ed. facs. dix.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Promoción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. E | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Transcribe 12 documentos redactados en galego polo notario citado no título e datados entre os anos 1409-1421. Estas escrituras forman parte do mesmo códice en que se copiou a tradución galega do *De medicaminibus equorum* de Iordanus Ruffus de Calabria [“Tratado de Albeitería por Jordán Rubio, de Calabria: Prefacio y transcripción crítica por Juan Domínguez Fontela de la Real Academia de la Historia” (1940, vid. *BILEGA* 1410)]. A elas engade a transcripción doutro documento, tamén escrito en galego no ano 1290, do convento de Santo Domingo de Tui.

**621.** EMILIANO, António H. A. / PEDRO, Susana: “De Notícia de Torto. Aspectos paleográficos e scriptográficos e edición do mais antigo documento particular portugués conhecido”, *ZRPh*, 120/1, 2004:1-81.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Edición paleográfica e interpretativa da *Notícia de Torto*, documento notarial da segunda década do séc. XIII (ca. 1211-1216), descuberto na segunda metade do séc. XIX e que os editores consideran como “o mais antigo documento notarial particular escrito em português conhecido” (p. 1); por esta razón consideran que se trata dun texto “de relevância excepcional para o conhecimento de uma fase antiga da produção documental em língua portuguesa” (ibid.). Néganlle validez á habitual consideración do texto como unha especie de borrador provisional de documento escrito por un notario pouco competente; estas teses “necessitam de ser revistas à luz dos conhecimentos actuais sobre a escrituralidade antigo-portuguesa, em particular, e ibero-românica, em geral. Tais teses, sobretudo, não têm valor heurístico no sentido em que não ajudam a compreender a génese do texto no contexto cultural e escritural em que foi produzido. As características peculiares apontadas pelos diversos comentadores da *Notícia* [...] não permitem qualquer tipo de apreciação negativa ou pejorativa do documento, antes, pelo contrário, devem levar a acentuar o seu valor linguístico e escritural e a classificar o seu escriba como um indivíduo inventivo, letrado e competente” (p. 4). Coa finalidade de apoiar esta nova consideración do texto, os dous tipos de edición complétanse cun minucioso comentario paleográfico (apdo. 4, p. 30-40) e escriptolóxico (apdo. 5, p. 41-62) do mesmo.

Recs.: *LLBA*, 38, 2004:[LL10471].

**622.** FERNÁNDEZ ALONSO, Benito [trans.]: “Documentos históricos (LIV)”, *BCPMHAOr*, II/45, 1905:371-375. | [Ed. facs. dix.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Promoción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Transcrición (de escaso interese desde o punto de vista filolóxico) da carta real da vila e couto de Rabal a favor de don Juan Abade e o mosteiro de Celanova (a. 1350, gal.). Non se fai constar a procedencia do doc.

**623.** FERNÁNDEZ ALONSO, Benito [trans.]: “Documentos históricos (LXXI-LXXII)”, *BCPMHAOr*, III/54, 1907:111-112. | [Ed. facs. dix.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería

de Cultura, Promoción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. E | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Transcrición (de escaso interese desde o punto de vista filolóxico) dos seguintes docs. da serie que publicou esta revista: (nº LXXI) carta de pago do concello de Ourense a un canteiro por obras na ponte da cidade (a. 1499, gal. con numerosos castelanismos); (nº LXXII) carta de arrendo da ponte de Ourense (a. 1499, gal. con numerosos castelanismos). Non consta a procedencia dos docs.

**624.** FERNÁNDEZ ALONSO, Benito [trans.] / VÁZQUEZ NÚÑEZ, Arturo [trans.]: “Documentos históricos (XII-XIV)”, *BCPMHAAOr*, I/14, 1900:254-256. | [Ed. facs. dix.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Promoción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Transcrición (de escaso interese desde o punto de vista filolóxico) dos seguintes docs. da serie que publicou esta revista: (nº XII) sentenza de Ruy Perez, xuíz de Ourense, ordenando respectar o privilexio do emperador Afonso VII polo que se eximía ao mosteiro de Santa María de Oseira do portádego na ponte de Ourense (a. 1347, gal.); (nº XIII) tradución gal. (a. 1366) da carta de poboación outorgada en 1183 polo mosteiro de Celanova aos que quixesen habitar a vila de Verín; (nº XIV) carta de doazón dunha leira de Santa Marta de Velle, feita por Joan Brabo, veciño de Ourense, a favor do mosteiro de San Pedro de Rocas (a. 1389, gal.). O doc. XII foi transcrito por Benito Fernández Alonso e os docs. XIII-XIV por Arturo Vázquez Núñez. Non se fai constar a procedencia dos docs.

**625.** FERNÁNDEZ ALONSO, Benito [trans.]: “Documentos históricos (XVIII-XX)”, *BCPMHAAOr*, I/17, 1900:301-310. | [Ed. facs. dix.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Promoción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. PE | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Transcrición (de escaso interese desde o punto de vista filolóxico) dos seguintes docs. da serie que publicou esta revista: (nº XVIII) Copia feita en 1681 do instrumento de unión das Vicarías anexas á Colexiata de Santa María de Xunqueira de Ambía (OU), feita polo bispo de Ourense D. Lorenzo, xuntamente co Cabido da dita cidade (a. 1230, lat.); (nº XIX) Manda de Pero Vazquez de Puga e Guiomar Lourenzo de Temes, señor da torre de Louredo, e a súa muller (a. 1476, gal.); (nº XX) Manda de Pedro Vazquez de Puga o Branco, fillo do anterior (a. 1430, gal.). Non se fai constar a procedencia dos docs.

**626-1.** FERNÁNDEZ ALONSO, Benito [trans.]: “Interesantes donaciones y privilegios á que el monasterio de Osera, llamado *El Escorial de Galicia*, debió su grandeza y desenvolvimiento: Cotos de Oira, Barxielas y Cuesta del Viso”, *BCPMHAAOr*, III/56, 1907:136-139. | [Ed. facs.

dix.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Promoción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. E | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Última entrega dun traballo que repasa as doazóns e privilexios outorgados ao mosteiro de Santa María de Oseira (OU) durante a Idade Media. Ofrécese aquí a transcripción dunha carta de aforamento (a. 1480, gal.) dos lugares de Soutoriz outorgado polo mosteiro a Lope Conde e a súa familia. Non consta a procedencia. A transcripción faise “con el dobre objeto de dar á conocer un contrato de aforamento como modelo de documentos del siglo XV, y una muestra completa del dialecto gallego que entonces se hablaba y oficialmente se escribía, para que pueda servir de base, tanto á la Real Academia recientemente fundada como á los escritores y poetas de la región que se expresan en la lengua de nuestra tierra” (p. 137). O traballo ten escaso interese desde o punto de vista filolóxico.

**626-2.** FERNÁNDEZ DE VIANA Y VIEITES, José Ignacio [trans.]: “Ensalada de documentos de la catedral de Lugo del siglo XIII”, en Manuel C. Díaz y Díaz (coord.), Manuela Domínguez García (colab.) e Mercedes Díaz de Bustamante (colab.), *Escritos dedicados a José María Fernández Catón*, [1], León, Centro de Estudios e Investigación «San Isidoro» / Caja España de Inversiones / Archivo Histórico Diocesano, 2004:477-491 (= *Fuentes y estudios de historia leonesa*; 100).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. PM | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Ofrece a transcripción de dez documentos notariais (algúns inéditos ata agora) que pertenceron á catedral de Lugo e que se conservan no AHNMadrid. Sete están escritos en latín [a. 1201 (Sección Clero, Lugo, Catedral, 1326 C/7; inédito), a. 1218 (Sección Clero, Lugo, Catedral, 1326 H/11; inédito), a. 1222 (Sección Clero, Lugo, Catedral, 1327 B/11; inédito), a. 1222 (Sección Clero, Lugo, Catedral, 1327 B/12; inédito), a. 1222 (Sección Clero, Lugo, Catedral, 1327 B/13; inédito), a. 1226 (Sección Clero, Lugo, Catedral, 1327 C/5; inédito), a. 1258 (Sección Clero, Lugo, Catedral, 1329 D/6)] e tres en galego [a. 1259 (Sección Clero, Lugo, Catedral, 1329 E/12), a. 1261 (Sección Clero, Lugo, Catedral, 1329 H/15; inédito), a. 1264 (Sección Clero, Lugo, Catedral, 1330 C/23; inédito)].

**627.** FERRO COUSELO, Xesús [trans.]: “Contratos de obra da ponte de Ourense”, en Xesús Ferro Couselo, *A vida e a fala dos devanceiros: Escolma de documentos en galego dos séculos XIII ao XVI. I. Terras de Ourense*, II, Vigo, Galaxia, 1967:410-413 [docs. 405 e 406]. | [Ed. facs.]: Vigo Galaxia, 1996. | [Nova ed.]: *Murguía*, 3, 2004:19-22.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. E | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Transcripción de dous contratos de obra relativos á construción da ponte de Ourense (AMOurense, Libros de Notas de Concello, VIII, 9 v. e 11, a. 1438, gal.). O título do artigo corresponde á nova ed. na revista *Murguía*.

**628.** GÓMEZ CANEDO, Fr. Lino (O.F.M.) [trans.]: “Dos documentos de interés para la historia de Galicia”, *BCPMHAOr*, IX/207, 1932:441-449. | [Ed. facs. dix.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Promoción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Transcrición (de escaso interese desde o punto de vista filolóxico) dos traslados de dous documentos do séc. XIV: a escritura de doazón da infanta dona Violante (filla ilexítima de Sancho IV) ao seu fillo, don Pedro Fernández de Castro, de varias vilas, castelos e herdades (ACSantiago, Tombo C, a. 1320, cast., agás a parte final en que se fai constar que se trata dunha copia) e o testamento de dona Moor Rodriguez, muller de Alfonso López de Lemos (ACSantiago, Tombo C, a. 1323, gal.).

**629.** GUTIÉRREZ PICHEL, Ricardo [ed.]: “Edición dun texto medieval. Acta de apertura do testamento de Martín de Pazos (1422)”, *Murguía*, 3, 2004:22-55.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. E | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Edición dun doc. (ACSantiago, Carpeta 14 de Documentos particulares, nº 36, a. 1422, gal.) que recolle a apertura e lectura pública da manda de Martín de Pazos, veciño de Santa Baia de Boiro (CO), outorgada o 15-XI-1421. A transcrición vai precedida da descrición das coordenadas espazo-temporais, o contido e tipoloxía do documento, a descrición física e as normas de transcrición. Tras a transcrición, analízanse as formas *morrilla* < gót. *MAURHWALUS* e *pelote*, derivado do subst. *pel* < lat. *PELLEM*. O traballo complétase cun glosario das voces do doc. (p. 38-49) ordenadas alfabéticamente, un índice antroponímico (p. 50-51) e outro toponímico (p. 52-53). O glosario presenta a seguinte microestrutura: categoría gramatical, variantes gráficas e/ou formas con alternancia vocálica ou consonántica, formas flexionadas; acepción (cando o significado resulta equívoco), nº de ocorrencias de cada forma e localización no doc.

**630.** LEIRÓS, Eladio [trans.] / LEIRÓS, María de los Ángeles (colab.): “Documentos sobre el puente de Orense”, *BCPMHAOr*, XVIII/1, 1953-54:37-110. | [Ed. facs. dix.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Promoción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. E | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Despois dunha síntese histórica sobre a construción da ponte de Ourense, ofrécese a transcrición (ás veces só parcial) dunha rica colección de 51 documentos (ACOurense / AMOurense [actualmente no AHPOurense], aa. 1367-1606) do cabido, do concello e de particulares, relacionados con esta obra: contratos de obra ou de materiais, pagamentos, rexistro de ingresos e gastos, arrendo da portaxe, etc. Aparecen redactados en galego 34, sendo o máis antigo de 1367 e o máis novo de 1498; entre eles está o *Libro de despesa e gasto da obra da ponte dourens* (a. 1447).



**631.** LEIRÓS, Eladio [trans.]: “Un foro del monasterio de Sar”, *BCPMHAAOr*, IX/191, 1930:41-45. | [Ed. facs. dix. da reed.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Promoción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. E | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Ofrece a transcripción (de escaso interese desde o punto de vista filolóxico) dun aforamento (ACOurense, a. 1483, gal.) feito polo mosteiro de Santa María de Sar (Santiago de Compostela, CO) sobre bens que posuía preto de Ourense. Inclúe copia do poder (a. 1482) outorgado polo prior e outros coengos deste mosteiro a favor de Vasco Blanco, rexidor da cidade de Ourense, para que puidese aforar as posesións que tiñan na freguesía de San Pedro de Cudeiro.

**632.** LEIRÓS, M. [trans.]: “Pergaminos del archivo municipal”, *BCPMHAAOr*, XII/254, 1940:326-328. | [Ed. facs. dix.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Promoción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Transcripción de tres documentos pertencentes ao fondo do convento de Santa Clara de Allariz (OU), conservados no AMOurense (actualmente no AHPOurense). Están escritos en galego e datados en 1293 [2] e 1294 [1]. A transcripción ten escaso interese desde o punto de vista filolóxico.

**633.** LIS QUIBÉN, Víctor [trans.]: “Copia de uno de los testamentos de Pedro Madruga”, *BCPMHAAOr*, XVII/2, 1950:131-135. | [Ed. facs. dix.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Promoción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. E | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Ofrece a transcripción dunha copia dun testamento de Pedro Madruga outorgado en Tui o 15-XII-1466. Esta copia consérvase no museo de Arcade (PO). O texto está escrito en galego, pero aparece inzado de castelanismos. A transcripción non ten moito interese desde o punto de vista filolóxico.

**634.** LÓPEZ CARREIRA, Anselmo [trans.]: “O casamento de Mencía, xudía conversa”, *Murguía*, 3, 2004:23-26.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. E | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Despois dunha breve contextualización histórica referida á presenza dos xudeus en Galicia e, particularmente en Ourense, ofrece a transcripción dun privilexio (ACOurense, Registro de varios escribanos,

fol. 72, a. 1483, gal.) outorgado polo concello de Ourense a quen case con Mencía, filla de “mestre Abraao”, con motivo da súa conversión ao cristianismo, consistente na exención de tributos. O documento publícase aquí por primeira vez.

**635.** LÓPEZ FERREIRO, Antonio (co acrónimo A. L. F.) [trans.]: “El ajuar de un menestral compostelano á principios del siglo XV”, *Galicia Histórica*, I/5, 1902:340-345. | [Ed. facs.]: *Galicia Histórica: Revista bimestral publicada bajo la dirección del M. I. Señor D. Antonio López Ferreiro, canónigo archivero de la S. I. A. y M. de Santiago de Galicia: Estudios*, [s.l.], Edicións do Cerne, [1998]. | [Nova ed.]: Antonio López Ferreiro, “El ajuar de un menestral. Á principios del siglo XV”, *Murguía*, 3, 2004:11-18.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. E | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Descrición do contido e transcrición dun doc. (Arquivo do convento de Santa Clara de Santiago, mazo XVII de Escrituras, nº 23, a. 1402, gal.) que detalla a relación de bens mobles de Fernan Eanes, *peliteiro* de Santiago, e a súa muller María Troquesa.

**636.** LÓPEZ, Fr. Atanasio (O.F.M.) [trans.]: “Apuntes históricos sobre el convento de Santa Clara de Allariz (Siglos XIII y XIV)”, *BCPMHAOr*, VIII/172, 1927:8-18, il.; VIII/173, 1927:25-32 (Continuación); VIII/174, 1927:49-53 (Conclusión). | [Ed. facs. dix.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Promoción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. PM | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Inclúe a transcrición de varios documentos conservados no AHNMadrid e relacionados coa historia do convento, nomeadamente co litixio que mantivo co bispo de Ourense, don Pero Eans de Novoa. Na primeira entrega aparecen os seguintes: doc. pontificio (a. 1281, lat.), doc. pontificio (a. 1290, lat.), documento real (a. 1291, cast.), testamento de dona Violante, fundadora do convento (a. 1292, cast.). Na segunda, dous docs. reais (a. 1283, cast.), doc. do bispo de Salamanca Fr. Pedro Fechor (a. 1293, lat.), dous docs. sobre consagración da igrexa e cimiterio do convento (a. 1293, gal; a. 1294, gal. e lat.), doc. de Pero Domingo, procurador do convento (a. 1298, gal. e lat.), doc. de solicitude de cumprimento do testamento de dona Violante (a. 1302, cast.). Na terceira, doc. de doazón ao convento por parte de Pero Fernandes de Castro (a. 1334, gal.), testamento de Ruy Paes de Banma en que deixa un importante legado ao convento (a. 1345, gal.). As transcricións teñen escaso interese desde o punto de vista filolóxico.

**637.** LÓPEZ, Fr. Atanasio (O.F.M.) [trans.]: “Documentos referentes a monasterios orensanos”, *BCPMHAOr*, VIII/188, 1929:422-424; VIII/189, 1929:435-440. | [Ed. facs. dix.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Promoción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. ME | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Na 1ª entrega transcribe dous docs. que son propiedade da familia de D. Ricardo Blanco Cicerón: un do a. 1516 escrito en latín, polo que se condona unha débeda ao mosteiro de San Salvador de Celanova (OU), e outro do a. 1311 escrito en galego, que corresponde a un pacto entre dona Sancha Rodrigues, abadesa do mosteiro de San Salvador de Sobrado de Trives (OU), e Alvar Sanchez. Na 2ª entrega transcribe dous docs. redactados en galego e conservados no ADOurense: un do a. 1361, que reflicte unha venda realizada polo convento de San Francisco (OU), e outro do a. 1366, que reflicte unha doazón do mesmo convento. As transcricións teñen escaso interese desde o punto de vista filolóxico.

**638.** LÓPEZ, Fr. Atanasio (O.F.M.) [trans.]: “Documentos relativos a la provincia de Orense”, *BCPMHAOr*, IX/195, 1930:135-138. | [Ed. facs. dix.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Promoción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. PM | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Transcribe tres docs.: un do a. 1204, escrito en latín e conservado no Museo Blanco Cicerón de Santiago de Compostela, e dous dos a. 1301 e 1324, escritos en galego e conservados no AHNMadrid. As transcricións teñen escaso interese desde o punto de vista filolóxico.

**639.** LÓPEZ, Fr. Atanasio (O.F.M.) [trans.]: “Documentos sobre el Convento de Santa Clara de Allariz”, *BCPMHAOr*, X/221, 1935:335-340. | [Ed. facs. dix.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Promoción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Ofrece a transcrición de dous docs. copiados no sec. XVIII, procedentes do fondo do convento de Santa Clara de Allariz: o testamento de Aldonza López (AHNMadrid, a. 1344), escrito nunha mestura de galego e castelán, e o testamento de Tereixa Yáñez (AHNMadrid, a. 1350), escrito en galego. As transcricións teñen escaso interese desde o punto de vista filolóxico.

**640.** LUCAS ÁLVAREZ, Manuel [trans.]: “El monasterio de San Salvador y San Nicolás de Cis”, *Estudios Mindonienses*, 20, 2004:603-728, 2 mapas.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. PME | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Ampla noticia histórica sobre o mosteiro de San Salvador e San Nicolás de Cis (Oza dos Ríos, CO), que inclúe a edición de 42 documentos escritos en latín, galego e castelán e datados entre 911-1502. Entre eles, hai catro redactados en galego e datados en 1294 (AHDsantiago, Fondo de San Martiño Pinarío), 1367 (AHUS), 1431 (AHDsantiago) e 1468 (AHRG).

**641.** MACÍAS, Marcelo [trans.]: “Documentos históricos”, *BCPMHAOr*, VII/169, 1926:415-419. | [Ed. facs. dix.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Promoción Social e

Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. P | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Transcrición dos seguintes docs. da serie que publicou esta revista: carta de doazón dunha herdade na parroquia de Matamá (Laza, OU), feita pola abadesa Maria Sancí ao mosteiro de San Estebo de Ribas de Sil (a. 1190, lat.); carta de venda feita por Pelagius Petri e a súa muller Maria Martini ao prior e mosteiro de Santa María de Xunqueira de Espadanedo de todas as propiedades que posuían nos lugares de Sio-ta (Xunqueira de Ambía, OU) e Nogueiras (Verea, OU) (a. 1238, lat.). As transcricións van acompañadas dalgunhas notas léxicas en que se identifican os lugares referidos nos docs. e se salientan algunhas formas romanceadas. O traballo ten escaso interese desde o punto de vista filolóxico.

**642.** MACÍAS, Marcelo [trans.]: “Importante documento filolóxico: Escritura otorgada por los condes don Gutierre i doña Ilduara y confirmada por su hijo San Rosendo”, *BCPMHAOr*, VIII/185, 1929:329-335, 2 il. | [Ed. facs. dix.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Promoción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. P | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Transcribe un documento (ACOurense, a. 938, lat.), corrixindo os erros observados na primeira transcrición do mesmo publicada nesta mesma revista en 1926. Ademais, ofrece algunhas notas sobre as evolucións do latín ao romance galego que se observan nel: a sonorización das consoantes xordas intervocálicas, a consolidación do sistema medieval de sibilantes, os vocábulos rematados en -u e a vacilación vocálica. A transcrición ten escaso interese desde o punto de vista filolóxico.

**643.** MACKENZIE, David: “Un documento *bilingüe* galego-castelán do século XV”, en Rosario Álvarez e Antón Santamarina (eds.), (*Dis*)*curso*s da escrita: Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza, [A Coruña], Fundación Pedro Barrié de la Maza, [2004]:459-473 (= *Biblioteca Filolóxica Galega / Instituto da Lingua Galega*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. E | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Edición e estudo lingüístico dun documento que o autor xa editara e analizara parcialmente nun traballo co mesmo título publicado en 1993 (vid. *BILEGA* 6023). O documento está datado en 1489 e nel autorízase a realización de copias para os cóengos da Colexiata de Santa María de Iria (Padrón, CO) dun instrumento legal polo que o Arcebispo de Santiago aboliu en 1479 a Colexiata de Santa Comba de Louro, uníndoa á de Santa María de Iria. O texto-marco do Cabido de Iria aparece en galego e o escrito orixinal de Alonso de Fonseca está en castelán. A análise identifica os posibles castelanismos das dúas partes do texto escritas en galego (que clasifica nos seguintes grupos: ámbito eclesíástico, voces relacionadas coa lei, formas verbais, outras voces non encadrables nun campo léxico específico e omisión do artigo ante posesivo) e os galeguismos da parte escrita en castelán (casos de ausencia de ditongación, formas verbais, outras formas, hipercorreccións).

**644.** MARTÍNEZ SUEIRO, Manuel [trans.]: “Fueros municipales de Orense”, *BCPMHAOr*, IV/72, 1910:1-7 [1]; IV/73, 1910:25-34 [2]; IV/74, 1910:49-54 [3]; IV/75, 1910:73-84 [4]; IV/77, 1910:121-130 [5]; IV/78, 1911:1-10 [6]; IV/79, 1911:33-45 [7]; IV/80, 1911:57-61 [8]; IV/81, 1911:81-94 [9]; IV/82, 1912:105-112 [10]; IV/83, 1912:129-135 [11]; IV/84, 1912:153-162 [12]. | [Reed.]: *Fueros municipales de Orense*, [Ourense], [s.n.], 1912, 106 p. | [Ed. facs. dix. da 1ª ed.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Promoción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. ME | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Amplio estudo histórico en que se describen as vicisitudes da vida municipal do concello de Ourense -nomeadamente, os pleitos entre o concello e o bispado- desde o ano 1071, momento en que o rei Sancho II concedeu o privilexio de restauración da sé episcopal ourensá, ata o reinado dos Reis Católicos (aínda que na entrega final tamén se fan referencias ao séc. XVII). Inclúe a transcripción (de escaso interese desde o punto de vista filolóxico) dos seguintes documentos en galego: na entrega nº 4, traslado (AMOUrense, fondo do AMOUrense, a. 1338, gal.) dunha sentenza do rei Afonso X o Sabio (a. 1263, cast.) nun pleito entre o Concello e o Cabido de Ourense; na entrega nº 6, doc. de concordia entre o concello e o cabido (a. 1384); na entrega nº 7, escrito de denuncia de agravios do bispo D. Pascual García ao concello (a. 1385); na entrega nº 9, ordenanzas do concello (a. 1427).

**645.** MAURE RIVAS, Xulián [ed.]: “Notarios de Baiona (1). Lourenço Martins (1365-1404)”, en Rosario Álvarez e Antón Santamarina (eds.), (*Dis*)*cursos da escrita: Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza*, [A Coruña], Fundación Pedro Barrié de la Maza, [2004]:527-540 (= *Biblioteca Filolóxica Galega / Instituto da Lingua Galega*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. E | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Ofrece a transcripción de sete docs. redactados en galego polo notario público de Baiona Lourenço Martins entre 1365-1404 e conservados no AHDTui. O autor trata de emendar as múltiples grallas que presenta desde o punto de vista filolóxico a transcripción do mesmo grupo de docs. realizada por María del Carmen Sánchez Carrera [*El Bajo Miño en el siglo XV: El espacio y los hombres* (1997, vid. *BILEGA* 12155)] na sección “Pergaminos de Baiona” (p. 357-407). O traballo complétase cun apéndice léxico (p. 537-539) que recolle unha serie de lemas que non aparecen na tese de doutoramento de Fernando R. Tato Plaza [*O libro de notas de Álvaro Pérez, notario da terra de Rianxo e Postmarcos (séc. XV)* (1999, vid. *BILEGA* 5215)]; para cada un indicase o significado e as formas baixo as que aparece, xunto coa localización nos textos.

**646.** MERUÉNDANO, Leopoldo [trans.] / EGUÍA, Vicente (tr.): “El fuerro municipal de Ribadavia”, *BCPMHAOr*, III/66, 1909:314-327; III/67, 1909:333-347; III/68, 1909:357-368; III/69, 1909:373-385. | [Ed. facs. dix.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Promoción

Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. P | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Despois de contextualizar historicamente este documento en latín, outorgado polo rei Fernando II de León en 1164, describe o seu contido desde un punto de vista xurídico e ofrece a edición do mesmo, acompañada da tradución ao castelán realizada por Vicente Eguía. O traballo complétase con dous apéndices que recollen a transcripción de tres docs. en castelán (a. 1295 (2) e 1336), dous deles dirixidos ao concello de Ribadavia polos reis Fernando IV e Afonso XI de Castela. A transcripción ten escaso interese desde o punto de vista filolóxico.

**647.** PARDO VILLAR, Aureliano [trans.]: “El convento de Santa María de Belvís (Apuntes históricos)”, *BCPMHAOr*, XV/2, 1945:32-100. | [Ed. facs. dix.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Promoción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. PM | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Nun apéndice (p. 88-100) inclúe a transcripción de oito documentos (catro en latín dos anos 1306, 1310, 1313 [2], un en galego do ano 1305 e tres en castelán dos anos 1327, 1342 e 1704). Trátase de copias dos orixinais feitas por Juan Martínez, notario de Santiago de Compostela, o 10-II-1427 e forman parte do *Libro de pergamino* nº 51 do arquivo do convento. As transcripcións teñen pouco interese desde o punto de vista filolóxico.

**648.** ROMANÍ MARTÍNEZ, Miguel [trans.] / OTERO PIÑEYRO MASEDA, Pablo S. [trans.]: “Un pleito recurrente: el monasterio de Armenteira contra los clérigos de la iglesia de San Gao do Val de Marín (1320-1389)”, *CEG*, LI/117, 2004:239-262.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

No “Apéndice documental” (p. 246-255) inclúe a transcripción de tres documentos do séc. XIV escritos en galego e conservados no AHNMadrid.

**649-1.** SANTOS OTERO, Sergio [trans.]: “Pegadas de antigos escribáns. Documentos de Santa Clara de Allariz”, *BAU*, XXXIV, 2004:137-148.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Catalogación e transcripción (de escaso interese desde o punto de vista filolóxico) de nove documentos inéditos do fondo do convento de Santa Clara de Allariz (OU) datados entre 1270-1500. Dos transcritos (tres só aparecen catalogados, por ser imposible a lectura debido ao deficiente estado de conservación do pergamino), catro están escritos en galego (dous datados en 1270 e outros dous en 1299 e 1314) e un en latín e galego (a. 1294).

**649-2.** SECA, Adriano de la [trans.]: “Curioso documento del archivo municipal”, *BCPMHAOr*, VII/171, 1926:472-476. | [Ed. facs. dix.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Promoción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. E | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Transcrición (de escaso interese desde o punto de vista filolóxico) dun documento (a. 1499, gal.) de compra por parte do concello de Ourense duha viña situada cabo da ponte de Ourense. Non se fai constar a procedencia.

**650.** TATO PLAZA, Fernando R. [ed.]: “Sobre o testamento de Estevo Pérez. Lectura crítica e nova proposta de datación”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, III, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:765-784, 1 mapa. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2006], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_3.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_3.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 09/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Ademais de repasar as noticias anteriores sobre este documento procedente do fondo do mosteiro de Santa María de Oseira (OU) e conservado no ACOurense, ofrece unha descrición do manuscrito, a edición crítica acompañada de ed. facsímile e unha nova proposta de datación (a. 1260), en lugar do a. 1230 proposto anteriormente polo paleógrafo Miguel Román Martínez [no v. I, publicado en 1989, da *Colección diplomática do mosteiro cisterciense de Santa María de Oseira (Ourense)* (2003, vid. *BILEGA* 5957)]. Tamén se aborda o problema da localización do documento, baseándose nunha exhaustiva análise dos topónimos que aparecen nel, e o da identificación dos personaxes.

**651.** VÁZQUEZ NÚÑEZ, Arturo (co acrónimo A.V.) [trans.]: “Documentos históricos (II)”, *BCPMHAOr*, I/2, 1898:35-37. | [Ed. facs. dix.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Promoción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Transcrición (de escaso interese desde o punto de vista filolóxico) dunha carta de venda (a. 1321, gal.) de varias herdades en Vila de Lamas, feita por María Lopez a favor de Joan Martin, prior do mosteiro de Santa María de Ribeira (Xinzo de Limia, OU). Non se fai constar a procedencia do doc.

**652.** VÁZQUEZ NÚÑEZ, Arturo (co acrónimo A.V.N.) [trans.]: “Documentos históricos (IV)”, *BCPMHAOr*, I/4, 1898:69-71. | [Ed. facs. dix.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura,



Promoción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. E | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Transcrición (de escaso interese desde o punto de vista filolóxico) dun privilexio outorgado por Juana de Castro ao mosteiro de Santa María de Oseira (a. 1357, gal.). Non se fai constar a procedencia do doc.

**653.** VÁZQUEZ NÚÑEZ, Arturo [trans.]: “Documentos históricos (LXIX)”, *BCPMHAOr*, III/52, 1906:79-80. | [Ed. facs. dix.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Promoción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Transcrición (de escaso interese desde o punto de vista filolóxico) dunha sentenza de avinza entre o concello de Allariz e Tereya Eanes, redactada en Ourense polo notario Miguel Eanes Jurado (a. 1273, gal.). Non se fai constar a procedencia do doc.

**654.** VÁZQUEZ NÚÑEZ, Arturo [trans.]: “Documentos históricos (X)”, *BCPMHAOr*, I/9, 1899:170-173. | [Ed. facs. dix.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Promoción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Transcrición (de escaso interese desde o punto de vista filolóxico) da manda de Moor Fernandez, veciña de Ourense (a. 1348, gal.). Non se fai constar a procedencia do doc.

**655.** VÁZQUEZ NÚÑEZ, Arturo [trans.]: “Documentos históricos (XXXI)”, *BCPMHAOr*, II/28, 1902:79-80. | [Ed. facs. dix.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Promoción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Transcrición (de escaso interese desde o punto de vista filolóxico) da carta de venda de varios bens ao mosteiro de Santa María de Ribeira, feita por Dominga Perez e o seu home (a. 1286, gal.). Non se fai constar a procedencia do doc.

**656.** VÁZQUEZ NÚÑEZ, Arturo [trans.]: “Fuero de Allariz”, *BCPMHAOr*, III/55, 1907:113-123; III/56, 1907:129-136; III/58, 1907:161-170 + 1 il. (“El fuero de Allariz”). | [Ed. facs. dix.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de

Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Promoción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. P | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Despois de contextualizar historicamente este documento, outorgado polo rei Afonso VII entre 1153-1157 e inspirado no que concedeu o mesmo rei á vila de Sahagún en 1152, ofrece a edición do texto latino acompañada de tradución ao castelán. O editor xúlgao como o máis antigo dos foros outorgados a concellos galegos. A transcripción ten escaso interese desde o punto de vista filolóxico.

**657.** VILLA-AMIL Y CASTRO, José [trans.]: “Documentos históricos (LXXXIV-LXXXVI)”, *BCPMHAOr*, III/70, 1909:400-402. | [Ed. facs. dix.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Promoción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. PM | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Transcripción (de escaso interese desde o punto de vista filolóxico) dos seguintes docs. da serie que publicou esta revista: nº LXXXIV (fondo SMClodio, a. 1189, lat.), nº LXXXV (fondo SMMelón, a. 1281, traslado gal. dun doc. orixinariamente escrito en castelán), nº LXXXVI (fondo SMMelón, a. 1281, traslado gal. dun doc. orixinariamente escrito en cast.).

Vid. tamén as entradas 288, 533, 534, 535, 536.

## 6514 Edicións doutros tipos de textos

**658-1.** ÁLVAREZ BLANCO, Rosario / RODRÍGUEZ MONTEDEERRAMO, Xosé Luís: “Escrita epistolar en galego: a correspondencia de don Diego Sarmiento de Acuña, I Conde de Gondomar (1567-1626) (I)”, *BRAG*, 365, 2004:253-291, il.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. E | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA, INF. DIATÓPICA

Edición crítica e facsimilar de dez cartas escritas en galego por diversos personaxes entre os anos 1596-1619 e dirixidas a Diego Sarmiento de Acuña, I Conde de Gondomar. Seis delas xa foran dadas a coñecer por Luís Tobío Fernández en tres traballos [“Gondomar e o galego” (1973, vid. *BILEGA* 316); “Outras dúas cartas en galego a Gondomar” (1977, vid. *BILEGA* 1872); “Galego familiar escrito a comezos do século XVII” (1980, vid. *BILEGA* 1873) e unha máis por Xosé Luís Rodríguez Montederramo (“Otra carta en gallego dirigida al conde de Gondomar”, *Avisos*, 17, 1999:8). A elas engádense agora outras tres inéditas dos anos 1596 (2) e 1605 (1). As edicións van precedidas dun estudo histórico dos textos e unha caracterización lingüística xeral en que se presta especial atención ás alternancias de lingua que se observan neles. Anúnciase unha segunda entrega do traballo que virá completar o estudo histórico e lingüístico e que tamén incluírá un glosario.

**658-2.** ÁLVAREZ BLANCO, ROSARIO / XOVE FERREIRO, Xosé: “Achegas para a historia da lingua: unha carta do século XVIII”, en Rosario Álvarez e Antón Santamarina (eds.), (*Dis*)cursos da escrita: Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza, [A Coruña], Fundación Pedro Barrié de la Maza, [2004]:35-64 (= *Biblioteca Filolóxica Galega / Instituto da Lingua Galega*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. E | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO COLOQUIAL), INF. DIATÓPICA

Transcrición e estudo do contido e dos trazos lingüísticos das dúas copias dunha carta escrita en galego polos fregueses a frei Plácido Emelgo, prior de Camanzo (Vila de Cruces, PO) en 1788. O texto forma parte dun mazo de catro cartas, tres do referido frade en castelán e as copias da carta que lle dirixen os fregueses (transcrita por el), datadas en maio-xuño de 1788, que se conservan no Arquivo Histórico de San Paio de Antelares, inventariadas como *Cartas 2 S. E, A-B*. Canto á representación gráfica, os autores analizan, entre outros aspectos, a puntuación, o emprego das maiúsculas, a presenza / ausencia do <h>, o emprego de <r> e <rr>, a representación do seseo, a representación das sibilantes. Os trazos dialectais presentes no texto son, entre outros, o seseo explosivo, os plurais das palabras rematadas en -n (*debrós*), a evolución das terminacións -ANU, -ANA > -ao, -á, o emprego da forma tónica do pronome *tu*, a forma *lle* como singular e plural, formas verbais como *dis*, *ten*, *habemos*, *trougeche*, o uso da conxunción copulativa *e* ante consoante e *i* ante vogal, etc. No que se refire a outros fenómenos lingüísticos, constátase a presenza de castelanismos léxicos, a distinción entre *te* / *che*, a evolución do grupo *PL-*, harmonizacións vocálicas e a alternancia vocálica no verbo, entre outros. Finalmente, no apéndice (p. 58-64) inclúese a transcrición dos textos.

**659.** ÁLVAREZ BLANCO, ROSARIO / XOVE FERREIRO, Xosé: “Un testamento do galo de 1786”, en Teresa Amado Rodríguez, Concepción Cabrillana Leal, Eva Castro Caridad, Cecilia Criado Boado e Amelia Pereiro Pardo (eds.), *Iucundi acti labores: Estudios en homenaje a Dulce Estefanía Álvarez*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 2004:501-521 (= *Homenaxes*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. E | 5. LINGUA ESCRITA

Ed. crítica do *Testamento do galo*, incluído nunha carta do séc. XVIII que se conserva no AHNMadrid. O texto corresponde á *corrida do galo*, que forma parte dos festexos do entroido; os editores, a partir dos datos da carta sobre topónimos e antropónimos, sitúano nas terras da comarca da Barcala (CO). A edición vai acompañada dun detallado estudo lingüístico do texto.

## 652 Traballos de diplomática, codicoloxía e escriptoloxía

**660.** LORENZO, Ramón: “Edición de documentos medievais. Problemas que presentan algunhas abreviaturas”, en Rosario Álvarez e Antón Santamarina (eds.), (*Dis*)cursos da escrita: Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza, [A Coruña], Fundación Pedro Barrié de la Maza, [2004]:449-458 (= *Biblioteca Filolóxica Galega / Instituto da Lingua Galega*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. ME | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Analiza os problemas que presentan certas abreviaturas contidas nos textos notariais medievais tomando como referencia as solucións adoptadas polo propio autor na edición dos documentos do mosteiro de Santa María de Montederramo (datos entre os sécs. XII e XVI). Entre os criterios editoriais recomendados destaca a preferencia por marcar en cursiva só as formas desenvolvidas que teñen máis dunha posibilidade de lectura ou, en caso de dúbida (por exemplo, *feito / feyto*), escollendo a forma plena máis frecuentemente empregada polo escriba. Por outra banda, comenta a problemática de determinadas abreviaturas con diversas posibilidades interpretativas, centrándose no caso do trazo sobre as vogais, que pode resolverse como consoante nasal <n> ou <m> (antes de <p> / <b>). Para a nasalización debida á perda dun -N- intervocálico latino, a nasalidade debe representarse na primeira das vogais en contacto, e nas formas procedentes das terminacións latinas -ANEM, -ENEM, -INEM, -ONEM, -UNEM suxire a restitución da consoante nasal (*bē* > *ben*, *razō* > *razon*, *nō* > *non*, *tēpo* > *tempo* / *tenpo*, *māda* > *manda*, etc.); fronte a estes casos, sinala outros en que o trazo representa unha vogal palatal media (así, *homēs* / *omēs* debe desenvolverse como *homees* / *omees*). Tamén describe as solucións adoptadas para os antropónimos abreviados á latina, presentando a problemática dos apelidos *Vázquez* e *Míguez*. Por último, sinala as opcións preferidas nos substantivos *KALENDAS* > *caendas* (*kalandas* tamén en docs. do séc. XIII), *tēga* (nos textos latinos *teega*, *taaga*, *taega* e nos romances *teega*, *tēga*), *moeda* e *mosteiro* (*moesteyro*, *moosteyro*, *mosteyro*).

**661.** MACHADO FILHO, Américo Venâncio Lopes: *A pontuação em manuscritos medievais portugueses*, Dissertação de Mestrado, Universidade Federal da Bahia, Instituto de Letras, 1999, 215 p. | [Public.]: Salvador, Editora da Universidade Federal da Bahia, 2004, 129 p., il.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA

Traballo que acadou o *Prémio ANPOLL 2002 de Lingüística*. A puntuación dos manuscritos medievais portugueses, aínda que moi pouco estudada pola lingüística moderna en opinión do autor, considerouse ata hoxe como pouco sistemática e arbitraria. Neste traballo, baseado nun corpus representativo da primeira fase do período arcaico da lingua portuguesa (a fase galego-portuguesa), inténtase demostrar que a puntuación desa fase, ademais de parecer reflectir aspectos directamente relacionados coa prosodia da lingua falada, estaba regularmente condicionada por motivacións de orde lóxico-gramatical [CAPES].

**662.** VEIGA ALONSO, Valentina: “Os documentos baixomedievais do Mosteiro de San Mamede de Seavia custodiados no arquivo de San Paio de Antealtares”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, III, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:785-792. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2006], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_3.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_3.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 09/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. E | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Ofrece as liñas xerais da análise dos documentos do mosteiro de San Mamede de Seavia con vistas a unha futura edición filolóxica. Trátase de seis pergamiños datados entre 1423-1487 e conservados no ASPAntealtares (Santiago de Compostela). O traballo iníciase cun panorama histórico do mosteiro, seguido da identificación dos documentos e dunha caracterización diplomática, codicolóxica e lingüística dos mesmos. O traballo insírese no proxecto de investigación *Gramática histórica da lingua galega*, que se está a desenvolver no ILG.

Vid. tamén a entrada 621.

## 66 Historiografía da lingüística histórica e a filoloxía galegas

663. SHARRER, Harvey L.: “Estado actual de los estudios sobre el *Cancioneiro da Ajuda*”, en *O Cancioneiro da Ajuda, cen anos despois: Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón os días 25-28 de maio de 2004*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, 2004:41-54 (= *Colección de difusión cultural*; 41).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Destaca o traballo realizado por Carolina Michaëlis de Vasconcelos na edición do cancionero publicada en 1904. Con anterioridade, o manuscrito, conservado na Biblioteca do Palácio de Ajuda, fora obxecto de dúas edicións parciais: 1) a publicada en París en 1823 por Charles Stuart, coa transcripción de 260 cantigas; 2) a publicada en Madrid en 1894 por Francisco Adolfo de Varnhagen, coa transcripción de 302 cantigas. Máis tarde apareceu a edición paleográfica de Henry H. Carter, publicada en 1941 e reimpressa en 1975, e a edición facsimilar dirixida por Manuel Cadafaz de Matas, publicada en 1994. Comenta a difusión e o interese que espertou o códice xa no séc. XIX e as copias parciais e completas que se realizaron del. Así mesmo, salienta os estudos sobre o cancionero realizados por Ana Maria Ramos. Presta atención ás conclusións de diversos estudosos sobre a cronoloxía do códice, baseándose en aspectos paleográficos e lingüísticos (incluídos os gráficos), nas relacións stemmáticas dos códices, na cronoloxía dos autores representados nesta antoloxía e en detalles ornamentais. A continuación, fai alusión a contribucións como o *Repertorio metrico della lirica galego-portoghese* de Giuseppe Tavani e o “Rimario del *Cancioneiro da Ajuda*” (1989, vid. *BILEGA* 10050) de Antonia Viñez; destaca como ferramentas de grande utilidade o *Nuovo repertorio bibliografico della prima lirica galego-portoghese* (1981, vid. *BILEGA* 4946) de Silvio Pellegrini e Giovanna Marroni, as seccións dedicadas ao galego e ao portugués no *Boletín Bibliográfico de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (BBAHLM)* e a *Bibliografía de Textos Antigos Galegos e Portugueses (BITAGAP)*, compilada por Arthur L.-F. Askins, Harvey L. Sharrer, Aida Fernanda Dias e Martha E. Schaffer (con ed. en CD-ROM de 1999 e accesible a través da Internet desde 1997).

Vid. tamén as entradas 72, 78, 79, 80-1, 80-2, 83, 568, 569.

## 661 Informes sobre proxectos de investigación de lingüística histórica

664. SANTANA, Maria Olinda Rodrigues: “Edição e estudo estatístico-lexical da documentação foraleira transmontana: um projecto em curso”, en Ana Maria Brito, Olívia Figueiredo e Clara

Barros (orgs.), *Linguística Histórica e História da Língua Portuguesa: Actas do Encontro de Homenagem a Maria Helena Paiva (Faculdade de Letras da Universidade do Porto, 5-6 de Novembro de 2003)*, Porto, Universidade do Porto, Faculdade de Letras, Departamento de Estudos Portugueses e de Estudos Românicos, Secção de Linguística, [2004]:329-360.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. SINCRÓNICO | 4. PM | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Como primeira fase do proxecto de investigación titulado *Núcleo de Documentación Foraleira Transmontana*, a autora presenta neste traballo, a partir da revisión e ampliación das clasificacións historiográficas e xurídicas existentes neste dominio, 1) un esbozo de tipoloxía das fontes de foros medievais outorgados polos reis portugueses a localidades de Trás-os-Montes e Alto Douro; 2) un esbozo de tipoloxía das fontes de foros da época manuelina outorgados ás mesmas localidades. Ambas as dúas tipoloxías baséanse en descrições diplomáticas, documentais e, sobre todo, discursivas, tendo en conta as definicións e explicacións textuais rexistradas nos propios documentos.

665. VARELA BARREIRO, Francisco Xavier: “Un proxecto do ILG no abalo da *Gramática Histórica da Lingua Galega*”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:649-684. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_2.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. MEC

O autor presenta o labor desenvolvido no proxecto *Gramática Histórica da Lingua Galega* do ILG. Comeza ofrecendo unha síntese dos estudos de gramática histórica galega realizados antes da creación do ILG no ano 1971. Pasa logo a describir o labor levado a cabo no proxecto, que, malia nacer co obxectivo de elaborar unha gramática histórica, estivo ata agora centrado na construción dun corpus informatizado de textos medievais, necesario para enfrontar cunha base sólida a redacción dunha obra deste tipo. O corpus está formado por textos (literarios, notariais e técnicos) redactados en Galicia e Portugal entre o séc. XIII e o séc. XVI e actualmente pode consultarse en liña [*TMILG: Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega [Versión 1.0.4]* (entrada 726)]. Por último, sinala os problemas –nomeadamente, os referentes ás grafías– cos que se tivo que enfrontar o equipo para a codificación dos textos e as solucións que adoptaron; ademais, indica as posibilidades que ofrece o programa informático TACT para facer buscas e a información que permite recuperar (obra, páxina, liña, data, autor, etc.).

## ► 7 PSICOLINGÜÍSTICA E NEUROLINGÜÍSTICA

666. PÉREZ PEREIRA, Miguel: “Efectos do bilingüismo na adquisición da linguaxe dos nenos pequenos: un estudio con nenos galegos”, en Anxo M. Lorenzo Suárez, Fernando Ramallo e Xoán Paulo Rodríguez Yáñez (eds.), *Bilingual Socialization and Bilingual Language Acquisition = Socialización bilingüe e Adquisición lingüística bilingüe: Proceedings from the Second International Symposium on Bilingualism = Actas do Segundo Simposio Internacional sobre o Bilingüismo (University of Vigo, Galicia-Spain, October 23-26, 2002)*, [Ed. dix.]: [Vigo], Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións, 2004:305-318 [CD-ROM]. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Seminario de Sociolingüística e Bilingüismo, [2005], <<http://webs.uvigo.es/ssl/actas2002/02/11.%20Miguel%20Perez%20Pereira.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 01/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

O autor comeza por amosar o controvertido que segue a ser o tema dos efectos do bilingüismo sobre o desenvolvemento da linguaxe a través dun repaso da bibliografía pertinente. Logo presenta os resultados dunha avaliación da capacidade de comprensión e produción do vocabulario, así como do coñecemento morfolóxico e sintáctico dos nenos e mesmo do uso de formas de comunicación prelingüística polos máis pequenos. A mostra utilizada estaba constituída por 706 nenos e nenas galegos, dos que 431 (61%) vivían nun medio familiar bilingüe castelán-galego e 275 (39%) nun medio monolingüe galego. A proba empregada para avaliar o nivel de desenvolvemento comunicativo e lingüístico foi a versión galega da escala MacArthur ou *Inventario para o Desenvolvemento de Habilidades Comunicativas*, que “presenta moi bós valores de validez, fiabilidade e consistencia interna” (p. 309) e cuxo contido se describe detalladamente. A partir dos datos recollidos, fíxose unha análise comparativa das medias obtidas polo grupo de nenos bilingües e monolingües e cada un dos principais apartados das dúas formas da escala MacArthur (*Palabras e xestos*, destinada a nenos de entre 8-15 meses, e *Palabras e oracións*, destinada a nenos de entre 16-30 meses). Os resultados dos nenos bilingües nos diferentes apartados do inventario *Palabras e xestos* son mellores que os dos monolingües, malia que as diferenzas non cheguen a ser estatisticamente significativas. Polo que atinxe ao inventario *Palabras e oracións*, os nenos bilingües sempre acadan mellores resultados que os monolingües e as diferenzas en apartados como “uso/entendemento da linguaxe” ou “Complexidade das frases” chegan a ser estatisticamente significativas.

Vid. tamén a entrada 22.



## ► 8 DIDÁCTICA DO GALEGO, TRADUCIÓN, INTERPRETACIÓN E DOBRAXE

### 81 Didáctica do galego: Traballos globais

667-1. PÉREZ MAGDALENA, Rosario: “O ensino non regrado da lingua galega. Pequena achega á súa situación actual”, en Henrique Monteagudo e Xan M. Bouzada (coords.), *O proceso de normalización do idioma galego*, III: *Elaboración e difusión da lingua*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua, [2003]:333-362 (= *Colección Base*). | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2004], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/normalizacion\\_III.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/normalizacion_III.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/07/2004].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Descríbese o desenvolvemento dos cursos non regrados de galego, principalmente a partir de 1983, cando se aproba a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (DOG do 14/07/1983) e se crea a Dirección Xeral de Política Lingüística (DXPL). Os cursos presenciais son os máis frecuentes, sendo varias as institucións ou entidades que os promoven: 1) a DXPL (cursos de iniciación e perfeccionamento da lingua galega, de linguaxe xurídica, de linguaxe administrativa, cursos dirixidos a traballadores dos medios de comunicación: *Curso de galego oral*, *Curso de galego escrito*, *Curso de fonética-estilística*, *Curso de ortofonía e dición*); 2) o ILG e a RAG, coa colaboración da DXPL (*Cursos de verán de lingua e cultura galegas para estranxeiros*); 3) cursos organizados por diversas entidades (Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela, Confederación Galega de Empresarios, Asociación Socio-Pedagóxica Galega, Colectivo Bambán), dirixidos a sectores profesionais ou sociais concretos. Outro tipo de cursos son os publicados en xornais ou revistas como *El Ideal Gallego* (*Do idioma galego*, *Galego para todos*), *La Voz de Galicia* (*Curso de Galego*, *Galego coloquial* [vid. BILEGA 802], *¿Imos aló?*), *A Nosa Terra* (*Curso de lingua*), etc. Participan tamén nesta promoción outros medios de comunicación como a radio (*De boca a boca* da Radio Galega ou *Cousas da lingua* da Radio Municipal de Tui), a televisión (*Faíscas da lingua*, *Curso de galego ¿Imos aló?*, *Cousas da lingua* da TVG) ou Internet (*Proxecto Rábade*, *Galego para viaxeiros*, *A palabra herdada* [vid. BILEGA 7273] ou *Galilingua* [vid. BILEGA 9803]). Canto aos materias, sinálase o feito de que a maioría están destinados a potenciar a competencia escrita deixando un pouco de lado a competencia oral. Conclúe a autora que o ensino non regrado é un “dos chanzos máis febles e precaria estrutura na que se apoia a educación dos adultos en xeral” (p. 351), cómpren materiais axeitados e unha planificación de contidos tendo en conta o tipo de alumnado, os coñecementos previos, a competencia comunicativa que se quere potenciar, a competencia produtiva ou receptiva e as variedades.

667-2. SILVA VALDIVIA, Bieito: “Aspectos sociolingüísticos na didáctica de linguas en contacto”, en Aurora Marco, Pilar Couto Cantero, Elva Aradas Carollo e Fernando Vieito Liñares (eds.), *Actas del VII Congreso Internacional de la Sociedad Española de Didáctica de la Lengua y la Literatura*, I, A Coruña, Diputación Provincial de A Coruña, 2004:207-224.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Obradoiro centrado no ensino / aprendizaxe dunha lingua nun contexto de contacto lingüístico como acontece co galego / castelán en Galicia. Sinálase que nas aulas de lingua, ademais das destrezas comunicativas, se deben abordar os factores “sociolingüísticos, interaccionais e pragmáticos específicos que inciden no uso que se fai deses idiomas” (p. 207). O obradoiro centrouse en dous aspectos fundamentais: 1) “Manifestacións discursivas do contacto lingüísticos e tratamento didáctico” (p. 208-216): relacións entre as distintas linguas en contacto e as súas manifestacións en distintos contextos; 2) “Variación lingüística e norma oral na clase de lingua” (p. 216-223): variantes internas da lingua e maneiras de abordalas no ensino, principalmente no caso de linguas minorizadas.

**668.** VEZ JEREMÍAS, José Manuel: “Didáctica da Lingua e da Literatura: Introducción”, en Miguel Anxo Santos Rego (dir.), *A investigación educativa en Galicia (1989-2001)*, [Santiago de Compostela], [Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria], 2004:307-333.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

Balance da investigación relacionada coa “Didáctica da lingua e da literatura” desenvolvida en Galicia entre as datas sinaladas no título da monografía. Ofrécese información sobre publicacións, proxectos de investigación, teses de doutoramento, congresos, seminarios e xornadas relacionados con este eido. A información organízase nos seguintes bloques: 1) a adquisición/aprendizaxe da lingua e/ou a gramática; 2) a apreciación e estudos sobre creadores de literatura galega e/ou outras literaturas; 3) estudos sobre niveis de competencias lingüísticas da poboación escolarizada; 4) problemas que lle afectan ao proceso institucionalizado da ensinanza/aprendizaxe da lingua galega e/ou outras linguas; 5) estudos de tipo histórico-cultural e didáctica sobre o ámbito disciplinar da Didáctica da lingua e a literatura; 6) dicionarios e materiais curriculares ou formación do profesorado.

Vid. tamén a entrada 353.

## 8121 Cursos de galego

Vid. as entradas 39, 40, 44.

## 8122 Dicionarios escolares

**669.** FEIXÓ CID, Xosé (dir. e red.) / María Isabel FERREIRO RODRÍGUEZ (red.) / María Cruz LÓPEZ MARTÍNEZ (red.) / Xosé Antonio PENA ROMAY (red.): *Diccionario Cumio da lingua galega: Secundaria. Bacharelato*, Vigo, Edicións do Cumio, [2000], XXIX + 1037 p. + 1 CD-ROM. | 2ª ed., [2003], XXIX + 1037 p. + 1 CD-ROM. | [Nova ed. actualizada]: Xosé Antonio PENA ROMAY (dir. e red.) / María Cruz LÓPEZ MARTÍNEZ (red.) / Xosé Avelino HERMIDA BORRAJO (red.) / María Isabel FERREIRO RODRÍGUEZ (red.) / María do Carme PAMPÍN OTERO (red.), *Diccionario Cumio da lingua galega: Secundaria e Bacharelato*, Vigo, Edicións do Cumio, [2004], 1117 p.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

Edición reducida do *Diccionario Cumio da lingua galega* (1999, entrada 54) orientada a estudantes de Ensino Medio. Vai acompañada do *Diccionario da lingua galega* en CD-ROM (edición electrónica do mesmo). Constituído por unhas 30.000 entradas con 80.000 acepcións; inclúe 3.000 acepcións terminolóxicas, 2.000 exemplos, 3.000 locucións, frases e xiros, 15.000 remisións de sinonimia, antonimia e confrontacións, 300 préstamos e 400 xentilicios. Formato: 16'5 x 24 cm. A nova ed. preséntase adaptada ás novas normas ortográficas e morfolóxicas aprobadas pola RAG en 2003 [vid. entrada 456] e inclúe información etimolóxica e entradas normativamente incorrectas (precedidas dun asterisco) con remisión á forma correcta.

**670.** FEIXÓ CID, Xosé (dir. e red.) / FERREIRO RODRÍGUEZ, María Isabel (red.) / LÓPEZ MARTÍNEZ, María Cruz (red.) / PENA ROMAY, Xosé Antonio (red.): *Pequeno diccionario Cumio da lingua galega*, Vigo, Edicións do Cumio, [2000], XI + 979 p., il. | 2ª ed., [2001], XI + 979 p., il. | [Nova ed. actualizada]: Xosé Antonio PENA ROMAY (dir. e red.) / María Isabel FERREIRO RODRÍGUEZ (red.) / Xosé Avelino HERMIDA BORRAJO (red.) / María Cruz LÓPEZ MARTÍNEZ (red.) / María do Carme PAMPÍN OTERO (red.), *Pequeno diccionario Cumio da lingua galega*, Vigo, Edicións do Cumio, [2004], 959 p.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

Constituído por algo máis de 24.000 entradas, 60.000 acepcións, 2.000 acepcións terminolóxicas ou de coñecemento específico, 2.000 exemplos, 3.000 locucións frases e xiros, 15.000 remisións de sinonimia e antonimia e 200 préstamos. Constitúe a versión en formato reducido (11 x 16'5 cm.) do *Diccionario Cumio da lingua galega: Primaria* (2000, entrada 671). A nova ed. preséntase adaptada á nova proposta de codificación ortográfica e morfolóxica aprobada pola Real Academia Galega en xullo de 2003 [vid. entrada 456].

**671.** FEIXÓ CID, Xosé (dir.) / PENA ROMAY, Xosé Antonio (dir. e ed.) / LÓPEZ MARTÍNEZ, María Cruz (red.) / FERREIRO RODRÍGUEZ, María Isabel (red.) / HERMIDA BORRAJO, Xosé Avelino (red.) / SANTOS FERREIRÓS, Sonia (red.) / GONZÁLEZ CARBALLÁS, María Lucía (red.) / PENA ROMAY, Xosé Antonio (red.): *Diccionario Cumio da lingua galega: Primaria*, Vigo, Edicións do Cumio, [2000], XVI + 972 p. | [Nova ed. actualizada]: María Cruz LÓPEZ MARTÍNEZ (dir. e red.) / María Isabel FERREIRO RODRÍGUEZ (red.) / Xosé Avelino HERMIDA BORRAJO (red.) / María Lucía GONZÁLEZ CARBALLÁS (red.) / Xosé Antonio PENA ROMAY (red.) / María PAMPÍN OTERO (red.), *Diccionario Cumio da lingua galega: Primaria*, Vigo, Edicións do Cumio, [2004], 878 p.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

Edición reducida do *Diccionario Cumio da lingua galega* (1999, entrada 54) coa redacción e organización das entradas adaptada para o Ensino Primario. Constituído por algo máis de 24.000 entradas con 60.000 acepcións; inclúe 2.000 acepcións terminolóxicas ou de coñecemento específico, 2.000 exemplos, 3.000 locucións, frases e xiros, 15.000 remisións de sinonimia e antonimia, 200 préstamos e 300 xentilicios. Formato: 16'5 x 24 cm. (1ª ed.); 15 x 22 cm. (nova ed. actualizada). A nova ed. preséntase adaptada ás novas normas ortográficas e morfolóxicas aprobadas pola RAG en 2003 [vid. entrada 456].

**672.** LÓPEZ MARTÍNEZ, María Cruz (dir.) / PAMPÍN OTERO, María do Carme (red.) / FERREIRO RODRÍGUEZ, María Isabel (red.) / HERMIDA BORRAJO, Xosé Avelino (red.) / PENA ROMAY, Xosé

Antonio (red.) / GONZÁLEZ CARBALLÁS, María Lucía (red.) / LÓPEZ MARTÍNEZ, María Cruz (red.): *Diccionario Cumio da lingua galega: Básico*, Vigo, Edicións do Cumio, [2004], 1039 p.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

Edición reducida do *Diccionario Cumio da lingua galega* (1999, entrada 54) coa redacción e organización das entradas adaptada para cubrir as necesidades na etapa de transición entre os niveis educativos da primaria (terceiro ciclo) e secundaria (primeiro curso). Constituído por unhas 30.000 entradas con 100.000 acepcións; inclúe 4.000 acepcións terminolóxicas ou de coñecemento específico, 4.000 exemplos, 6.000 locucións, frases e xiros, 20.000 remisións de sinonimia, antonimia e confrontacións, 300 préstamos e 300 xentilicios. Formato: 16 x 24 cm. Preséntase adaptado ás novas normas ortográficas e morfolóxicas aprobadas pola RAG en 2003 [vid. entrada 456] e inclúe información etimolóxica e entradas normativamente incorrectas (precedidas dun asterisco) con remisión á forma correcta.

**673.** NAVAZA BLANCO, Gonzalo (coord.) / ARES VÁZQUEZ, Carme (red.) / CARBALLEIRA ANLLO, Xosé María (red.) / IGLESIAS SIERRA, Primitivo (red.) / LEMA SUÁREZ, Xosé María (red.) / LÓPEZ FERNÁNDEZ, Rosa (red.): *Pequeno diccionario Xerais da lingua*, Vigo, Xerais, 1989, XIII + 659 p. | 2ª ed., 1989, XIII + 659 p. | 3ª ed., 1990, XIII + 659 p. | 4ª ed., 1991, XIII + 659 p. | 5ª ed., 1992, XIII + 659 p. | 6ª ed. rev. e act., 1993, XIX + 659 p. | 7ª ed., 1995, XIX + 659 p. | 8ª ed., 1996, XIX + 659 p. | 9ª ed., 1997, XIX + 659 p. | 10ª ed. rev. e act., 1997, XIV + 777 p. + lám. [18 p.] | 11ª ed., 1999, XIV + 777 p. + lám. [18 p.] | 12ª ed., 2000, XIV + 777 p. + lám. [18 p.] | 13ª ed., 2001, XIV + 777 p. + lám. [30 p.] | 14ª ed., 2002, XIV + 777 p. + lám. [30 p.] | 15ª ed., 2002, XIV + 777 p. + lám. [30 p.] | 16ª ed., 2003, XIV + 777 p. + lám. [30 p.] | [Nova ed. act.]: *Pequeno diccionario Xerais da lingua*, Vigo, Xerais, 2004, 626 + XXXV + lám. (XXV p.).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

Consta de 16.000 entradas que ofrecen información gramatical e etimolóxica, sobre discurso repetido e familias léxicas. A fonte é o *Diccionario Xerais da Lingua* (1986, vid. *BILEGA* 1999). Aínda que só pretende recoller léxico normativo, inclúe variantes das palabras. Na 10ª ed. engadíronse 18 p. de "Láminas de Léxico". Na nova ed. actualizada -que segue a nova codificación do galego aprobada pola RAG en xullo de 2003 [vid. entrada 456]- recóllense preto de 18.000 entradas e engádesse con respecto ás anteriores a caracterización dos verbos como transitivos, intransitivos ou pronominais.

RECS.: "Un diccionario escolar galego", *Educación en Galicia*, 7, 1989:23.

## 8125 Outros materiais didácticos

Vid. a entrada 41.

## 8126 Informes sobre materiais didácticos

**674-1.** ALONSO MONTERO, Xesús: "A lingua galega nos libros de lectura da Escola Primaria nos primeiros anos do franquismo", *RGEN*, 43, 2004:107-147.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA

Dentro do esquema monolítico e monolingüista da España de Franco nos seus primeiros anos, o autor achégase a tres libros de lectura dos que non está ausente o galego: *Galicia por la España nueva* (Lugo, 1937, 52 p.) de Esther Gallo Lamas (1908-1990), *Anaquiños: Lecturas gallegas* (Barcelona, 1942, 124 p.) de Manuel Fernández Novoa (1908-1984) e *Nociones de lenguaje: Vocabulario gallego-español* (Palma de Mallorca, 1942, 28 p.) de Miquel Porcel y Riera (1869-1933). Examínanse estas tres sorprendentes mostras e ofrécense datos (moitos inéditos) sobre os seus autores. Nas p. 119-146 ofrécense unha edición facsímil do último dos tres traballos [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

**674-2.** SILVA VALDIVIA, Bieito / MOURIÑO CAGIDE, Xabier: “Os materiais para o ensino e a aprendizaxe da lingua galega”, en Henrique Monteagudo e Xan M. Bouzada (coords.), *O proceso de normalización do idioma galego, III: Elaboración e difusión da lingua*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua, [2003]:289-332, il. (= *Colección Base*). | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2004], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/normalizacion\\_III.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/normalizacion_III.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/07/2004].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C

Análise dos materiais didácticos que teñen como destinatarios os estudantes de lingua galega. O traballo artéllase en catro apdos.: 1) “A lingua galega na escola: antecedentes e marco xurídico actual” (p. 289-294), centrado nos cambios producidos ao longo do séc. XX, principalmente a partir da aprobación da Constitución Española do 27 de decembro de 1978 (*BOE* do 29/12/1978) e coa aprobación de normas legais como o Real Decreto 1981/1979, do 20 de xullo, que regula a incorporación da lingua galega ao sistema educativo de Galicia (*BOE* do 21/08/1979), o Estatuto de Autonomía de Galicia [Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril (*BOE* do 28/04/1981)], a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (*DOG* do 14/07/1983) ou a aplicación da Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo (LOXSE) (*BOE* do 04/10/1990); 2) “Dúas décadas de materiais para o ensino da lingua galega” (p. 294-308), que describe a evolución dos materiais escolares, as publicacións e a súa tiraxe, a distribución segundo os niveis educativos, a distribución por editoriais, os soportes, etc.; 3) “Análise dos materiais para o ensino da lingua” (p. 308-328), que avalía os cambios producidos desde as primeiras publicacións ata a actualidade, con “transformacións substanciais no tratamento e presentación dos contidos” (p. 310), establecendo o contraste entre as diversas publicacións atendendo a tres aspectos: a selección dos saberes lingüísticos, o deseño e presentación dos materiais e as tarefas; 4) “Conclusións” (p. 330-332), onde se sinala que a gran transformación sufrida polos materiais didácticos veu determinada polos cambios políticos e as modificacións do sistema educativo e que os materiais didácticos acadaron en pouco tempo un nivel aceptable, comparable “en moitas das súas dimensións a calquera outra área do currículo” (p. 332), tanto desde un punto de vista cualitativo como cuantitativo.

## 813 Propostas didácticas e experiencias pedagóxicas

**675.** CASTRO SOLIÑO, Dorinda / GULLÓN GONZÁLEZ, Rosa: “Didáctica da lingua nos medios de comunicación”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega

/ Instituto da Lingua Galega, [2004]:433-441. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_2.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA

As autoras estudan a presenza en prensa de programas ou publicacións destinados ao ensino da lingua galega, tendo en conta que os seus destinatarios son moitos e moi heteroxéneos. Sinálanse, entre outros, as publicacións de cursos de lingua galega en distintos xornais, como *El Ideal Gallego*, a publicación en *La Voz de Galicia* das *Normas ortográficas do galego* (1980, vid. *BILEGA* 1750) xunto con artigos destinados á súa explicación, a emisión de cursos de galego en distintas emisoras de radio e os programas da TVG “¿lmos aló?” e “Cousas da lingua”.

**676.** COSTA RICO, Antón: “Frei Martín Sarmiento. Escritos de Educación. Significado histórico-pedagóxico”, *RGen*, 35, 2002:41-68. | [Ed. facs. dix.]: en *Revista Galega do Ensino: Décimo aniversario (1993-2003)*, [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Política Lingüística, [2004], 1 CD-ROM. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2004], <<http://www.edu.xunta.es/ftpserver/portal/DXPL/revistagalega/rge35.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 30/06/2006].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO

De especial interese lingüístico é o apdo. 5.5 (“Ensinar en galego”, p. 60-62), en que se glosa a reivindicación por Sarmiento dun cambio substancial no sistema educativo da época: o ensino desde o galego como punto de partida para a aprendizaxe de todas as materias.

**677.** FERNÁNDEZ REI, Elisa: “O ensino da fonética galega a castelánfalantes: problemas e métodos”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:443-452. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_2.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

Análise dos problemas existentes para a adquisición da fonética galega por parte de castelánfalantes. Descríbense as principais diferenzas fonéticas entre ambas as dúas linguas e logo sinálase a precariedade dos materiais destinados á adquisición da fonética da lingua galega, uns materiais que deberían estar enfocados, por unha banda, á “aprendizaxe da pronuncia correcta dos sons” e, por outra, á “aprendizaxe da entoación” (p. 451).

**678.** GARCÍA PIQUERAS, Isabel: “Adquisición y recepción de la lengua gallega: Una perspectiva castellano-hablante”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:467-474. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela,

Consello da Cultura Galega, [2005], <[http:// www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_2.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Análise dos problemas aos que se enfrontan os castelán-falantes á hora de aprenderen galego, problemas que poden ser de tipo sociocultural ou lingüísticos. Estes últimos son consecuencia, segundo a autora, das variantes dialectais no ámbito da morfoloxía, polo cal “reacciona con incertidumbre cuando los esquemas gramaticales se alteran o varían *incumpliendo las normas*” (p. 472).

**679.** PELIQUÍN PÉREZ, Florentina: “Estratexias didácticas para unha mellora das actitudes lingüísticas”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:481-488. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <[http:// www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_2.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

A partir dos decretos de currículo da área de lingua galega, a autora propón unha serie de estratexias didácticas co obxectivo de mellorar as actitudes lingüísticas do alumnado, de favorecer o uso da lingua galega e de potenciar a normalización lingüística.

**680.** PELIQUÍN PÉREZ, Florentina / PÉREZ RECAREY, Celestino / RODEIRO BARROS, Mercedes: “O lecer e a lingua oral: Unha proposta creativa para a Educación Secundaria Obrigatoria”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:489-501. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <[http:// www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_2.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

Proposta didáctica destinada a alumnos da ESO que ten como obxectivo a práctica da lingua oral a través dun tema interesante para o alumnado como é o lecer. Indícase o material con que se traballa e a súa organización, os obxectivos, os contidos, as orientacións metodolóxicas e avaliativas e o desenvolvemento da actividade.

**681.** ZAMORA RODRÍGUEZ, Elisa Teresa: “Posibilidades de uso do ordenador como recurso ou apoio na aprendizaxe da lingua galega”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:513-518. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <[http:// www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_2.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].



1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Análise das posibilidades que ofrece a informática como recurso didáctico para o ensino / aprendizaxe da lingua galega. Sinala a importancia da asistencia por medio do ordenador, das bases de datos que poden incluír moita e moi variada información, da tecnoloxía multimedia coa creación de programas interactivos ou das redes telemáticas.

## 814 Outros traballos de didáctica da lingua

**682.** ALONSO ESTRAVIZ, Isaac: “A lengalenga popular galega como meio de ensino”, en Aurora Marco, Pilar Couto Cantero, Elva Aradas Carollo e Fernando Vieito Liñares (eds.), *Actas del VII Congreso Internacional de la Sociedad Española de Didáctica de la Lengua y la Literatura*, I, A Coruña, Diputación provincial de A Coruña, 2004:291-302.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Análise das posibilidades didácticas que ofrecen as *lengalengas*, xa que pola súa estrutura “é método muito eficaz para aprender nomes de animais, de plantas, de instrumentos, de pezas de vestuario, etc.” (p. 302).

**683.** DOMÍNGUEZ DAPENA, Cristina: *Técnicas de expresión oral: o uso da voz*, Vigo, Galaxia, 2004, 71 p., il. (= *Biblioteca de Teatro. Breviarios*; 2).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL

Proposta de traballos coa voz destinada, basicamente, a actores. Inclúe ao tempo breves descrições teóricas e exercicios de práctica de voz. Aparece estruturada nos seguintes apdos: 1) “A anatomía da voz” (p. 11-12); 2) “A respiración” (p. 13-25); 3) “A emisión” (p. 27-52); 4) “A dicción” (p. 53-61); 5) “O uso expresivo da voz falada” (p. 63-69).

**684.** FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Xulia: “Aportacións á aprendizaxe do galego como L2”, en J. M. Oro Cabanas e J. Varela Zapata (eds.), *Adquisición y aprendizaje de lenguas segundas y sus literaturas: Actas del I Congreso Internacional «Adquisición e aprendizaxe das linguas segundas e as súas literaturas»*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, 1997:177-183 (= *Cursos e Congresos da Universidade de Santiago*; 102). | [Nova ed.]: “Reflexións sobre a aprendizaxe do galego como L2”, *RGE*, 13, 1996:41-50. | [Ed. facs. dix. da nova ed.]: en *Revista Galega do Ensino: Décimo aniversario(1993-2003)*, [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, [2004], 1 CD-ROM. | [Ed. facs. en liña n.v. da nova ed.]: [2004], <<http://www.edu.xunta.es/ftpserver/portal/DXPL/revistagalega/rge13.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 30/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

O traballo iníciase cunha reflexión xeral sobre o proceso de ensino-aprendizaxe de linguas e, particularmente, sobre a aprendizaxe de segundas linguas fóra do ambiente familiar en comunidades bilingües, así como sobre os obxectivos do ensino do galego como segunda lingua, segundo os especifica o *Marco Curricular da Reforma Educativa de Galicia* (1989). Logo (apdo. 3) ofrécese unha descripción sintética da situación sociolingüística de Galicia e preséntanse algúns dos resultados dun estudo levado a

cabo pola autora sobre as actitudes lingüísticas cara ao galego dos estudantes de ensino primario. Este traballo baseouse nunha enquisa realizada en 1992 a partir dun cuestionario de 80 preguntas a uns 1.200 alumnos de 5º e 8º de EXB de 25 centros da provincia de Lugo (públicos e privados). Por último, fanse unha serie de reflexións pedagóxico-didácticas sobre a adquisición do galego como segunda lingua e especificanse algúns principios básicos de intervención educativa, así como os obxectivos que cómpre asumir na aprendizaxe de calquera lingua e, particularmente, dunha segunda lingua.

**685.** FRAGA CELEIRO, Xoán Carlos: “Os cursos de lingua para adultos: ¿Unha experiencia ca-duca?”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:453-466. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_2.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

O autor defende a utilidade dos cursos de lingua galega para adultos, se ben propón o emprego dun modelo pragmático de ensino que ofrece mellores resultados que o tradicional. Presenta unha programación dos distintos niveis dividida en tres partes: *Lingua oral*, *Lingua escrita* e *Lectura* e inclúe unha serie de actividades para lograr que o alumnado ao final do curso sexa quen de comprender e elaborar textos en galego. Critica, así mesmo, a avaliación por medio dunha proba escrita final baseada en encher ocós e propón unha valoración continuada por medio de distintas probas que permitan comprobar o nivel de comprensión e de elaboración de textos por parte do alumnado.

**686.** MEJÍA RUIZ, Carmen: “O ensino do galego en Madrid”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:475-480. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_2.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Descrición da situación dos estudos de Lingua e Literatura galegas na Universidade Complutense e na Escola Oficial de Idiomas de Madrid. En canto á Universidade Complutense, indícase cal é a presenza dos estudos de galego nas distintas licenciaturas e nos distintos cursos de doutoramento. Así mesmo, sinálanse as opinións do alumnado das dúas institucións sobre a lingua e a cultura galega.

**687.** SOTO ARIAS, María Rosario / GONZÁLEZ GARCÍA, Luís: “Aplicacións didácticas dos refráns”, *CFG*, 6, 2004:231-250. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, [2005], <<http://www.cirp.es/pub/docs/cfg06.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/12/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. MC

Traballo que lles intenta ofrecer aos docentes de bacharelato un pequeno corpus de exercicios cuxa materia prima son os refráns galegos. O enfoque que se adopta é dobre: inmanente (o refrán como obxecto de estudo de seu) e transcendente (o refrán ao servizo da lingua e da literatura) [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

Vid. tamén as entradas 149, 153, 364, 370, 420, 740.

## 82 A tradución: Estudos xerais

**688.** BAXTER, Robert Neal: “*Não te falo como um irmão* ou a nec(ess)idade da tradução intralingüística: o caso do galego-português”, en Carlos Garrido (org.), *Ferramentas para a tradução*, Ourense, Associação Galega da Língua, 2004:127-141.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA

Trata o tema da tradución de obras portuguesas ao galego, práctica coa cal o autor está en desacordo xa que o que se consegue, segundo el, é establecer diferenzas entre as dúas comunidades lingüísticas.

**689.** ROUPEIRO LUSQUÍÑOS, María Martina: “A linguaxe da publicidade nas guías de turismo. Análise para a tradución”, *Viceversa*, 9-10, 2003-04:83-106.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA

Preséntase unha solución práctica á hora de traducir textos publicitarios relacionados co turismo. Párase da guía inglesa *Fiord Norway* e reflexiónase sobre este tipo de textos e a súa tradución [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

Vid. tamén a entrada 141.

## 821 A tradución: Estudos específicos

**690.** ALÉN SILVA, Carlos: “Localización ao galego do programa IrfanView 3.85”, *Viceversa*, 9-10, 2003-04:107-146.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO CIENTÍFICO-TÉCNICO)

Detállase o proceso de adaptación ao galego deste programa informático, co que se pretende “facer lingüística e culturalmente axeitado un produto dado para o *locale* meta (país / rexión e idioma) onde se usará e venderá” (p. 110). Isto implica a tradución do programa e por iso se inclúe un “Anexo. Glosario da tradución do Irfan View 3.85” cunhas 750 entradas organizadas en dúas columnas: a primeira cos termos e expresións en inglés e a segunda coa tradución ao galego.

**691.** GONZÁLEZ REY, María Isabel: “Unha proposta didáctica para o ensino das expresións idiomáticas en lingua extranxeira”, *RGE*n, 6, 1995:161-173. | [Ed. facs. dix.]: en *Revista Galega do Ensino: Décimo aniversario (1993-2003)*, [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Política Lingüística,

[2004], 1 CD-ROM. | [Ed. facs. en liña n.v.]: [2004], <<http://www.edu.xunta.es/ftpserver/portal/DXPL/revistagalega/rge06.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 30/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Pretende “achega-lo mundo da Fraseoloxía ó ensino das linguas extranxeiras, intentando demostra-lo interese de introducila como parte integrante da aprendizaxe activa dos alumnos” (p. 172). Con esta finalidade, ademais de sinalar os criterios para recoñecer as expresións idiomáticas e de reflexionar sobre a metodoloxía para o seu ensino, ofrece un corpus coas seguintes locucións verbais, “partindo do galego como lingua fonte e traducíndoas a catro linguas diferentes: castelán, francés, italiano e inglés” (p. 161): *Pasalas canutas = Pasalas de todas as cores, Facer a escola no camiño = Facer a lata = Facer a godalla, Facerlle a rosca / o conto / a pelota a un = Pasar a man polo lombo = Poñer a alguén nos cornos da lúa, Ter moitos fumes = Subirse ás estrelas, Subírselle a un o fume á cabeza, Lavar as mans coma Pilatos, Traballar para o inglés / o mono / o demo, Contigo pan e cebola, Fuxir da cinza e caer nas brasas = Fuxir do lume e caer na borralla, Estar pegado ás saias da nai, Estar nas brasas, Varrer para un = Varrer para a casa = Levar a auga para o seu muíño, Darlle carta branca a un, Descubrir o xogo, Facer castelos no aire / de naipes = Ter unha leira en Toledo, Ter un ollo morado, Meter o zoco, Confundir o touciño coa velocidade, Andar coa mosca na orela = Andar coa area no zoco, Falar miúdo = Falar coa lingua pequena = Falar polo baixo, Non andar con voltas = Non ter pelos na lingua = Non andar con arredores, Non ter un peso = Estar sen branca = Non ter unha cadela, Dormir coma unha pedra = Dormir como un lirón, Chover a chapuzos = Chover a Deus dar = Chover a arroiar / de ballón / a cachón / a caldeiradas / a canados / a xerros, Non ter sangue nas veas, Avinagrárselle a un o sangue, Chorar bágoas de crocodilo = Ser o pranto do herdeiro, Tirar dos pelos, Catar as pulgas ao gato = Ser coma pelo de ovo, Onde van cen, vai ti tamén.*

692. LUNA ALONSO, Ana: “El comportamiento de la traducción en lengua gallega”, en Assumpta Camps (ed.), *Ética y política de la traducción en la época contemporánea*, Barcelona, PPU, 2004:113-130.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA

Reflexiona sobre a importancia da tradución nas linguas minorizadas e a situación desta actividade en Galicia. Analiza o tipo de textos traducidos e as causas que motivan a selección, as linguas orixe das obras traducidas e a repercusión no panorama literario galego. Segundo a autora, as traducións concéntranse en textos da literatura infantil e xuvenil e recórrese con frecuencia a obras literarias clásicas debido a factores como os dereitos de autor e de tradución. Sinala, así mesmo, a falta de interese -ata o de agora- por parte das autoridades competentes pola promoción das traducións de obras actuais e constata que, mentres que desde a aprobación da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (DOG do 14/07/1983) o número de traducións foi ascendendo, a partir do 1998 o proceso invírtese de forma considerable. Segundo a autora, “[u]n sistema en situación normal no puede seguir viviendo sólo de la traducción literaria para los más pequeños, ni tampoco de la creación” e a anarquía na selección de obras por parte das editoras débese á inexistencia dun apoio claro ao sector por parte das institucións do Estado.

Vid. tamén a entrada 21.

## 8211 A tradución de textos literarios

**693.** ALONSO MONTERO, Xesús: “José Hierro traduce *Follas novas* en 1945. Gabanza dun tradutor e datos sobre unha recente edición facsimile non exenta de picaresca”, *RER*, 2, 2002:155-161. | [Reed.]: en Xesús Alonso Montero, *Páxinas sobre Rosalía de Castro*, Vigo, Xerais, 2004:162-168.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. CASTELÁN | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Estudo da tradución *Follas novas: Antoloxía* (1945) feita por José Hierro e ilustrada por Ricardo Zamorano, que contén composicións dos poemarios *Follas novas* (1880) e *En las orillas del Sar* (1884) da Rosalía de Castro. O tradutor “evita a tradución literal e comprometeuse [...] cunha versión que respectase os valores da rima e da métrica rosaliana” (p. 164). Inclúe, ademais, datos sobre historia do libro desde 1945 ata que se volve ter noticia del en 1996, cando se oferta en poxa pública en Madrid. Pouco despois, en 2001, Ediciones Federico Domenech presenta unha edición facsimile sen previamente ter consultado ao tradutor e ao ilustrador da obra.

**694-1.** CHARLÍN PÉREZ, Francisco X.: “Valle-Inclán en galego”, *Cuadrante*, 9, 2004:12-32, il.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

En xaneiro de 1919, o xornal *A Nosa Terra* publicou en tres números consecutivos outros tantos contos de Ramón María del Valle-Inclán (1886-1936) traducidos ao galego: *Malpocado* (nº 77), *O Medo* (nº 78), *Un cabecilla* (nº 79). Estes tres textos son as únicas traducións ao galego coñecidas da obra do escritor vilanovés. O autor trata de avaliar “a importancia que estes contos traducidos poidan ter tanto no corpus bibliográfico valleinclaniano coma na evolución funcional do galego escrito” (p. 13). Comeza por contextualizar a publicación en que aparecen, para logo analizar as características fonéticas, morfolóxicas e léxicas (lusismos, arcaísmos, castelanismos, dialectalismos) que amosan as tres traducións no contexto da ampliación dos ámbitos de uso que nalquel momento se intentaba acadar para a lingua galega. En derradeiro lugar, estuda a orixe destas versións galegas e ofrece o texto das mesmas.

**694-2.** DASILVA, Xosé Manuel: “A tradución máis antiga dun poema de Rosalía ao portugués”, *BGLi*, 31, 2004:81-89.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Noticia da tradución ao portugués do poema rosaliano “O gaiteiro” de *Cantares Gallegos* (1863). Reprodúcense as dúas versións e sinálanse as solucións lingüísticas máis acertadas e máis arbitrarias. [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

**695.** FRÍAS CONDE, Xavier: “Traducir desde e para o galego”, en Antonio Domínguez Rei e Xavier Frías (eds.), *O espírito da palabra: Textos das III e IV edicións do Seminario Internacional de Tradución de Rianxo: Auliga (2002-2003)*, A Coruña, Espiral Maior, 2004:53-65 (= *Auliga*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Abórdanse distintos aspectos relacionados coa tradución de e para o galego: a necesidade dun estándar ortográfico e morfolóxico, a estandarización do léxico, a función dos dicionarios, as linguas ponte, os problemas léxicos, a tradución literaria, as traducións de galego a outras linguas, etc.

RECS.: Manuel Rodríguez Alonso, "A tradución da poesía", *Cartafol de libros*, 25-XI-2004, <<http://www.vieiros.org/publicacions/veredicion.php?Ed=38>>, [Consulta: 18/07/2005].

**696-1.** GUERBEK, Ekaterina: "Traducir a Dostoievski: do ruso ao galego", *Viceversa*, 9-10, 2003-04:155-164.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

A autora expón os problemas e as solucións que adoptou na tradución ao galego da obra de Fiódor Dostoievski, *Crime e castigo* (Vigo, Galaxia, 2003). Entre outros, sinala os seguintes problemas: a inexistencia dun dicionario ruso-galego, a inestabilidade das normas de codificación do galego, a adaptación ao galego de variantes diatópicas e diastráticas empregadas polo autor para caracterizar distintos personaxes, os falares de estranxeiros.

**696-2.** LORENZO MODIA, María Jesús / MÍGUEZ BEN, Manuel / SACIDO ROMERO, Jorge / LOJO RODRÍGUEZ, Laura María / RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, Beatriz: "Aproximación a la evaluación de la traducción en diferentes lenguas romances: *Time Passes* y un fragmento de *Ulysses*", en Jesús Varela Zapata, J. M. Oro e JoDee Anderson (eds.), *Lengua y sociedad: Lingüística aplicada en la era global y multicultural*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 2004:419-438.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Analizan a tradución ao castelán e ao galego de dous textos literarios ingleses contemporáneos, tratando de amosar o distinto nivel de evolución das linguas meta no momento en que se levaron a cabo, así como a función de normalización cultural e lingüística que as traducións teñen nos territorios en que se falan linguas que durante moito tempo careceron do estatus de oficialidade. O traballo ten dous obxectivos: 1) ofrecer unha hipótese verbo da autoría da recentemente descuberta tradución ao castelán da sección central ("Time Passes") da novela *To the Lighthouse* (1929) de Virginia Woolf, publicada na *Revista de Occidente* en 1931 e considerada como a primeira tradución desta autora ao castelán na Península Ibérica; 2) avaliar a tradución ao galego duns fragmentos do *Ulysses* (1922) de James Joyce, realizada por Ramón Otero Pedrayo e publicada na revista 'Nós' en 1926.

**697.** MEJÍA RUIZ, Carmen / TUDORAS, Laura Eugenia: "Problemas de traducción na poesía galega e romanese contemporánea", en Antonio Domínguez Rei e Xavier Frías (eds.), *O espírito da palabra: Textos das III e IV edicións do Seminario Internacional de Traducción de Rianxo: Auliga (2002-2003)*, A Coruña, Espiral Maior, 2004:91-113 (= *Auliga*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Inclúe a tradución ao romanés dos poemas galegos *Se o vento nos levasse* de Fermín Bouza Brey, *Memoria e voz* de Manuel Pereira, *Estación e Coma palabras sen vivencia* de Manuel Pereira, *Temo non ser* de Xavier Frías Conde e *Eu cántolle* de Victoria Veiga e a tradución ao galego dos poemas romanese *Singura în noapte* de Ileana Malancioiu, *Anotimpul discret* de Stefan Agustin Doinas, *Liman* de Constanza Buzea, *Antichitate* de Dorin Tudoran e *Interrogatii* de Casian Maria Spiridon. Sinálanse os problemas cos que atoparon as tradutoras en cada unha das composicións e as solucións adoptadas.

RECS.: Manuel Rodríguez Alonso, "A tradución da poesía", *Cartafol de libros*, 25-XI-2004, <<http://www.vieiros.org/publicacions/veredicion.php?Ed=38>>, [Consulta: 18/07/2005].

**698.** MEYER, Franck: “Siddhartha en galego”, *Viceversa*, 7-8, 2001-02:249-254. | [Ed. en liña n.v.]: A Coruña, eDixital, 2004, <[http://bvg.udc.es/ficha\\_obra.jsp?id=Sienga++1&alias=Franck+Meyer](http://bvg.udc.es/ficha_obra.jsp?id=Sienga++1&alias=Franck+Meyer)>, [Formato: TXT], [Consulta: 07/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Comentario sobre a tradución ao galego da obra de Hermann Hesse, *Siddhartha*, realizada polo propio autor (Vigo, Galaxia, 1999). Ao tempo que verte algunhas reflexións sobre o tema do canon, considerando a hipótese de que esta obra sexa canónica, ofrece a súa percepción sobre o proceso traditolóxico do texto, en relación coa tradución de *Baixo as rodas*, tamén da súa autoría. En función do seu labor como tradutor, refírese a outros aspectos importantes para este eido, como os rexistros lingüísticos e a actitude do corrector, que en moitas ocasións empobrece a versión galega.

**699.** MILLÁN-VARELA, Carmen: “Hearing Voices: James Joyce, Narrative Voice and Minority Translation”, *Language and Literature*, 13/1, 2004:37-54.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Análise das voces en textos literarios traducidos a unha lingua minorizada. Tomando como punto de partida conceptos bakhtinianos e centrándose na tradución galega de *The Dead* de James Joyce, rastrexase a voz dos tradutores e a súa interacción con outras voces xa presentes no texto orixinal. Este tipo de estudo cualitativo mostra que os textos traducidos a linguas minorizadas constitúen un ámbito ideal para explorar non só procesos de tradución, senón tamén cuestións de lingua, ideoloxía e identidade no contexto meta.

**700.** NOIA CAMPOS, Camiño: “As traducións ao galego de *Le cimetière marin*”, *Viceversa*, 9-10, 2003-04:41-69.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Análise das traducións ao galego do poema de Paul Valéry *Le cimetière marin*, feitas por Francisco Fernández del Riego en 1965, por Florencio Delgado Gurriarán en 1969 e por Antón Avilés de Taramancos en 1994. Faise un estudo de cada unha das traducións e compáranse as distintas solucións escollidas polos tradutores.

**701.** PÉREZ ROCHA, Inma: “O galego e as linguas da Europa oriental: a tradución de M. Eminescu”, en Antonio Domínguez Rei e Xavier Frías (eds.), *O espírito da palabra: Textos das III e IV edicións do Seminario Internacional de Traducción de Rianxo: Auliga (2002-2003)*, A Coruña, Espiral Maior, 2004:67-77 (= *Auliga*; 1). | [Ed. en liña n.v.]: Romania Alternativa, [2002], 8 p., <<http://www.romaniaminor.net/alternativa/eminescu.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 07/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Analiza, en primeiro lugar, os problemas que xorden na tradución ao galego das linguas eslavas e, a seguir, as principais dificultades e as posibles solucións da tradución ao galego da obra do poeta románés Mihai Eminescu (1850-1889).

**RECS.:** Manuel Rodríguez Alonso, “A tradución da poesía”, *Cartafol de libros*, 25-XI-2004, <<http://www.vieiros.org/publicacions/veredicion.php?Ed=38>>, [Consulta: 18/07/2005].



**702.** RON FERNÁNDEZ, Xosé Xabier: “Anotacións sobre a coordinación medieval galego-portuguesa dende a praxe tradutora: o caso da *Demanda do santo Graal*”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, III, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:251-276. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2006], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_3.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_3.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 09/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Tras unha introdución en que se aborda a recepción e difusión da Materia de Breña na Península Ibérica e as súas versións ao galego, estúdanse as construcións copulativas e disxuntivas na época medieval a partir dos datos que ofrece *A Demanda do Santo Graal* [ed. de Irene Freire Nunes (1995, vid. *BILEGA* 8028)]. Nesta análise faise “un percorrido dende a morfoloxía ata a sintaxe” (p. 263), contraponendo o texto orixinario co texto galego. Nas conclusións sinálase que “a tradución responde, no que se refire a esta importante partícula relacional, a unha perfecta adecuación e correspondencia” (p. 273). As diferenzas máis significativas entre o texto orixinario e o texto galego radican na menor presenza da conxunción e no texto galego e na maior funcionalidade do *ne* do francés con respecto ao *nem* do galego. Canto á copulación positiva, destácase que tanto en galego como en francés o nexo deriva do ET latino, se ben o *et* do francés antigo rivaliza co adverbio *si* e na tradución galega se opta por empregar *e*. A copulación negativa exprésase en latín por medio de ET NON e NEC (NEQUE) e o traballo analiza a tradución da forma fr. *ne* á gal. *nem*. As conxuncións disxuntivas latinas máis empregadas eran AUT e VEL e da primeira deriva a forma francesa *ou*, que se traduce ao galego como *ou*.

**703.** SOUTO PRESEDO, Elvira: “The Front Page”, en Carlos Garrido (org.), *Ferramentas para a tradución*, Ourense, Asociación Galega da Língua, 2004:27-40.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Analiza as dificultades da tradución dun texto dramático a partir da obra *The Front Page* de Ben Hetch e Charles MacArthur, aínda sen traducir ao galego.

**704.** VALADO, Liliana: “Os irmáns Corazón de León”, *Viceversa*, 9-10, 2003-04:165-183.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Analiza os problemas que xurdiron na tradución para o galego da obra de Astrid Lindgren, *Os irmáns Corazón de León* (Vigo, Galaxia, 2003), realizada pola autora en colaboración con Märta Dahlgren Thorsell. Céntrase, principalmente, nos problemas relacionados coa coherencia entre as ilustracións e o texto, a tradución dos antropónimos e a revisión da obra.

**705.** VILARIÑO MARTÍNEZ, Agustín: “Estudio de las divergencias entorno a las traducciones ibéricas del cap. IX del *Erec en prose*”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, III, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:329-347. | [Ed. facs. en liña n.v.]:

Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2006], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_3.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_3.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 09/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. IBERORROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO E DIACRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Analízanse as diverxencias textuais de tipo semántico, intentando esclarecer as causas que, en determinados lugares do *Erec*, levaron á modificación dos contidos. En primeiro lugar, preséntanse observacións xerais sobre o texto desde o séc. XI ao XV, para abordar logo a análise das traducións realizadas na Península Ibérica. Examínanse comparativamente os textos peninsulares, facendo alusión ás diferenzas no título, ás supresións, ás interpolacións e ás imprecisións léxicas. Nas conclusións describíense as características dos tradutores e o grao de dependencia e relación que se establece entre o códice francés, a tradución castelá e a tradución portuguesa.

## 8212 A tradución de textos científico-técnicos,

**706.** GARRIDO, Carlos: “Análise e ensaio da crítica da tradución (para galego) de libros técnico-científicos”, en Carlos Garrido (org.), *Ferramentas para a tradución*, Ourense, Associação Galega da Língua, 2004:41-125.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO CIENTÍFICO-TÉCNICO)

Análise crítica da tradución ao galego de obras científico-técnicas. O autor expón a metodoloxía que se debe seguir á hora de analizar este tipo de traducións e aplícala á obra *The Growth for Biological Thought: Diversity, Evolution, and Inheritance* (1982) de Ernst Mayr, traducida ao galego por Emilio Valadé del Río co título *Historia do pensamento biolóxico: Diversidade, evolución e herdanza* (1998). O autor, a través da comparación entre o texto orixinal e a tradución, fai unha análise pomenorizada dos erros indicando se son léxicos, morfosintácticos, etc.

**707.** GARRIDO, Carlos: “Funcionalismo e tradución de textos científicos de carácter didáctico”, *Agália*, 79-80, 2004:11-31.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO CIENTÍFICO-TÉCNICO)

Analiza os problemas que xorden á hora de traducir textos científicos de carácter didáctico, xa que este tipo de tradución require “umha transmissom de informaçom que seja *fiel* aos contéudos do texto original e *adequada* às características dos seus destinatários e da comunidade sociocultural receptora, de modo a se conseguir umha traduçom verdadeiramente *comunicativa*”. A partir da tradución ao galego feita polo autor da obra *Einführung in die Phylogenetik und Systematike* de Walter Sudhaus e Klaus Rehfeld (*Manual de Evoluçom e Sistemática*, Santiago de Compostela, Laiovento, 2002), analízanse os problemas cos que se atopa o tradutor, concretamente as esixencias relacionadas coa conservación do texto fonte e as relacionadas coa reprodución eficaz dos contidos.

**708.** RODRÍGUEZ, Ánxela / MIRAMONTES, María: “A Traducción institucional: O Servicio de Traducción da Xunta de Galicia”, en Susana Cruces Colado e Ana Luna Alonso (eds. e co-

ords.), *La traducción en el ámbito institucional: autonómico, estatal y europeo*, Vigo, Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións, 2004:23-54 (= *Monografías da Universidade de Vigo. Humanidades e ciencias xurídico-sociais*; 62).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Comézase por facer un breve repaso da historia do Servizo de Tradución da Xunta de Galicia (antes e despois da aprobación da Lei da Función Pública de Galicia) e sinálanse os requisitos necesarios para acceder a un posto de traballo deste Servizo. A seguir, indícanse as funcións básicas do Servizo de Tradución -tradución e corrección de textos, creación e fixación dun estilo administrativo, creación de terminoloxía específica nos campos máis diversos e coordinación da normativización e centralización dos criterios de corrección- e a metodoloxía empregada para resolver os distintos problemas que se lle presentan. Así mesmo, achéganse distintos modelos prácticos de textos.

RECS.: Óscar Ferreiro Vázquez, "Ó redor da tradución institucional", *Viceversa*, 11, 2005:241-244.

**709.** Ros, Joandomènec: "Reflexons de um tradutor científico sobre a grandeza e a servidom do oficio", en Carlos Garrido (org.), *Ferramentas para a traducom*, Ourense, Associação Galega da Língua, 2004:11-26.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO CIENTÍFICO-TÉCNICO)

Céntrase nos problemas que presenta a tradución de obras de carácter científico e a adaptación de termos dunha lingua a outra [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

**710.** RUIZ LAMAS, Fernando C. / CALVO SILVOSA, Anxo Ramón / PIÑEIRO SÁNCHEZ, Carlos: "XBRL: unha proposta de tradución ao galego da taxonomía IAS-PFS", *RGEc*, 13/1-2, 2004:237-274. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, [2005], <[http://www.usc.es/econo/RGE/Vol13\\_1\\_2/Galego/art13g.pdf](http://www.usc.es/econo/RGE/Vol13_1_2/Galego/art13g.pdf)>, [Formato PDF], [Consulta: 31/01/2006]. | [Versión cast. en liña n.v.]: "XBRL: una propuesta de traducción al gallego de la taxonomía IAS-PFS", [2005], <[http://www.usc.es/econo/RGE/Vol13\\_1\\_2/Castelan/art13c.pdf](http://www.usc.es/econo/RGE/Vol13_1_2/Castelan/art13c.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 31/01/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO CIENTÍFICO-TÉCNICO)

A extensión da Internet como medio para a comunicación de información financeira impón a necesidade dun mínimo de normalización na súa presentación, como aconteceu coa presentación en papel. A todo isto engádeselle o achármonos nunha fase de harmonización das normas contables empregadas nos diferentes países. Tal normalización debe abranguer a linguaxe utilizada nas diferentes fases de captación, procesamento e transmisión dos datos; de aí que surxise unha proposta de linguaxe estandarizada como XBRL (eXtensible Business Reporting Language) e que o *International Accounting Standards Board* (IASB) desenvolve unha taxonomía coas etiquetas necesarias para definir os diferentes epígrafes dos estados financeiros obrigatorios. A posibilidade de examinar automaticamente os devanditos epígrafes en diferentes linguas require a existencia de traducións que os identifiquen correcta e univocamente en calquera idioma. Así, a *Asociación Española de Contabilidad y Administración de Empresas* (AECA) elaborou a tradución ao castelán da citada taxonomía e neste traballo preséntase unha proposta de tradución ao galego [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

## 822 Problemas de tradución

711. BELLO RIVAS, María Xesús: “A interferencia negativa na tradución do castelán ó galego”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, I, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:469-487. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2004], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA

Estudo do proceso de tradución entre linguas próximas como son o galego e o castelán. Na primeira parte do traballo a autora desenvolve unha reflexión xeral sobre as dificultades que xorden á hora de traducir entre dúas linguas tan próximas e sobre as distintas estratexias seguidas polos tradutores (fidelidade ao texto orixinal ou afán diferencialista, manifestado a través das chamadas *interferencias negativas*); na súa opinión, estas “técnicas, ben de achegamento, ben de diferencialismo, son de uso común entre os falantes, chegándose as máis das veces, ó abuso e á incorrección” (p. 474). A seguir, para tratar de identificar os diferentes mecanismos postos en práctica polos tradutores, analiza, en contraste cos correspondentes textos casteláns, a versión galega da *Crónica General de España* realizada no séc. XIV e as dúas traducións ao galego do *Evanxeo de San Mateo* (Londres, 1861) feitas por Vicente de Turnes e por José Sánchez de Santa María. Esta análise permítelle concluír que, mentres o tradutor da *Crónica General de España* e mais Vicente de Turnes tratan de elaborar unha tradución orixinal verbo do texto de partida, José Sánchez de Santa María representa a tendencia “á confluencia, a manter como base o texto de saída” (p. 481); porén, debe terse en conta que “Santa María recibiu de mans de [Louis Lucien] Bonaparte a versión galega preparada por Turnes, e temos constancia de que a tivo en todo momento presente á luz dalgunhas correccións que fai sobre o seu manuscrito, feito que pode explicar, cando menos en parte, a súa opción de fidelidade ó castelán xa que este era un modo de diverxer do texto preparado por Turnes” (p. 481-482).

712. GARRIDO, Carlos (org.): *Ferramentas para a traduçom*, Ourense, Associação Galega da Língua, 2004, 171 p.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Obra que inclúe os seguintes traballos de interese relacionados co ámbito da tradución cuxos datos bibliográficos completos poden acharse como entradas independentes neste caderno: “Reflexons de um tradutor científico sobre a grandeza e a servidom do ofício” de Joandomènec Ros [entrada 709]; “The Front Page” de Elvira Souto Presedo [entrada 703]; “Análise e ensaio da crítica da traduçom (para galego) de libros técnico-científicos” de Carlos Garrido [entrada 706]; “*Não te falo como um irmão* ou a nec(ess)idade da tradução intralinguística: o caso do galego-português” de Robert Neal Baxter [entrada 688].

713. SEVILLA MUÑOZ, Julia / VEIGA NOVOA, Cristina (tr.): “O concepto *correspondencia* na tradución paremiolóxica”, *CFG*, 6, 2004:221-229. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, [2005], <<http://www.cirp.es/pub/docs/cfg06.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/12/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA

A tradución de paremias ou enunciados sentenciosos supón un atranco para moitos tradutores, motivado xeralmente por teren unha escasa competencia paremiolóxica e non aplicaren o procedemento tradutolóxico máis axeitado en función da natureza destas unidades lingüísticas. Dado que no proceso de tradución paremiolóxica resulta importante o concepto de *correspondencia*, este traballo trata de precisar o devandito concepto e ilustra as explicacións con paremias de procedencia xeográfica moi variada, aínda que a maioría proveñen principalmente das linguas romances (entre elas, o galego) [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

714. TAVARES, Maria Fernanda Fernandes: “A falsidade amiga dos falsos amigos”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:503-512. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_2.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

A partir do seu labor docente como profesora de portugués e da experiencia como portuguesa que vive en Galicia, a autora analiza como se debe abordar o tema dos falsos amigos entre galego e portugués (palabras existentes nas dúas linguas con total ou gran semellanza fonética e/ou gráfica, mais con significados distintos). O estudo desenvolvido permite comprobar que a “falsidade podía ser muito mais amiga do que habitualmente se pensa” por dúas razóns, basicamente: “por um maior treino fonético, e [...] pelo recurso mais habitual a conhecimentos [...] de outras línguas” (p. 503). A autora recolleu “palavras que funcionavam como falsos amigos quer perfeitos quer parciais e outras -ou mesmo certas estruturas- que, não podendo ser considerados falsos amigos, criavam aquilo a que chamarei uma certa falsidade” (p. 504). Entre os falsos amigos máis significativos indica, entre outros, *oficina*, *espantoso*, *abrigo*, *bandeja*. Mais non só basea o traballo en palabras con significado distinto, senón tamén no grao de utilización de certas palabras que, mesmo existindo en ambas as dúas linguas, son máis empregadas nunha que noutra ou nunha delas se usan en contextos moi determinados (cf. *berro*, *volver* ou *troco*). Así mesmo, a partir da súa propia experiencia como portuguesa que aprendeu galego, sinala a axuda que supón o coñecemento doutra lingua romance como o francés, que permite determinar o significado que presentan en galego palabras como *billete*, *demandar*, *prender* ou *pipa*. A seguir apela á importancia da exactitude dos dicionarios de falsos amigos e artigos publicados sobre este tema, xa que en moitos casos a información que ofrecen é parcial. Indica, ademais, que contribúen á creación de falsos amigos entre galego e portugués fenómenos lingüísticos e culturais como os seguintes: 1) a falsa amizade de certas actitudes fonéticas; 2) a non realización da consoante sibilante sonora; 3) a non realización das vogais nasais e a ligazón do *-m* final á palabra seguinte; 4) determinados elementos fonéticos e prosódicos como a abertura das vogais ou o corte de palabras; 5) certos posicionamentos lóxicos, como *escova de dentes*; 6) o emprego indiscriminado do pretérito perfecto simple no canto do pretérito perfecto composto e o abuso do posesivo de terceira persoa; 7) a formación dos plurais rematados en *-z*; 8) a tendencia a desfacer grupos consonánticos.

## 823 A tradución xurada

715. REI DOVAL, Gabriel: “A traducción xurada de lingua galega”, en Susana Cruces Colado e Ana Luna Alonso (eds. e coords.), *La traducción en el ámbito institucional: autonómico, estatal y europeo*, Vigo, Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións, 2004:55-82 (= *Monografías da Universidade de Vigo. Humanidades e ciencias xurídico-sociais*; 62).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C

Análizase o labor dos tradutores xurados en lingua galega, os distintos modos de acadar as habilitacións e a súa finalidade. No que respecta á tradución en si, indícanse os materiais existentes e como afrontar traducións de nomes comerciais, slogans, etc. Finalmente, inclúense unha serie de textos comentados para traducir.

RECS.: Óscar Ferreiro Vázquez, “Ó redor da tradución institucional”, *Viceversa*, 11, 2005:241-244.

## 825 Didáctica da tradución

Vid. a entrada 87.

## 826 Historia da tradución

716. NOIA CAMPOS, Camiño: “El ámbito de la cultura gallega”, en Francisco Lafarga e Luis Pege-naute (eds.), *Historia de la traducción en España*, Salamanca, Ambos Mundos, 2004:721-790.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. MEC

Ofrece unha detallada descrición da actividade tradutora ao galego dende a Idade Media ata hoxe.

RECS.: Anxo Fernández Ocampo, “Baixo o impulso da repetición: *Historia de la traducción en España*”, *Viceversa*, 11, 2005:261-266 [263-264].

Vid. tamén a entrada 693.

## 8261 Catálogos de traducións

717. PUENTES CHAO, Antonio: “Breve contribución ó catálogo da tradución ó galego durante a segunda metade do s. XIX”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, III, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:401-414. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2006], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_3.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_3.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 09/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA

Traballo que “pretende ser unha pequena contribución ó estudio do que significou durante unha parte do chamado fenómeno do *Rexurdimento* a presenza de traducións doutras linguas ó galego, feito este que sen dúbida debeu de axudar en boa medida a que a nosa lingua e literatura incorporasen influencias das linguas e literaturas próximas (e non tanto) e que a esas altura posuían un prestixio moi superior” (p. 401). Para levalo a cabo, o autor procedeu “a consultar unha serie de publicacións periódicas escritas integramente en galego aparecidas ó longo da segunda metade do século XIX, coa intención de localizar aqueles textos que constituísen unha tradución ou versión dun orixinal dunha lingua diferente” (ibid.). As publicacións consultadas son as seguintes: *O Tío Marcos d’a Portela* (Ourense, 1876-1889), *O Galiciano* (Pontevedra, 1884-1889), *A Fuliada* (Betanzos, 1887), *A Fuliada* (A Coruña, 1888), *O Novo Galiciano* (Pontevedra, 1888-1889), *A Monteiro* (Lugo, 1889-1890), *A Tía Catuxa* (Pontevedra, 1889-1890), *As Burgas* (Ourense, 1894-1895). Nesta pescuda chega a identificar 60 textos (en máis dun caso, repetidos) en que dalgunha maneira se indica a súa procedencia doutra lingua e dos que se ofrecen aquí datos sobre o xénero, as linguas traducidas, os autores traducidos e os autores das traducións. O traballo conclúe cunha reflexión xeral sobre as actitudes que reflicte este labor verbo do que podía representar a tradución de textos prosísticos para a normalización do galego.

718. SEIXAS SEOANE, Miguel ANXO: “Traducións e versións do alemán ó galego. Inventario de 1896 a 1996”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, III, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:425-447. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2006], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_3.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_3.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 09/06/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA

Tal como sinala o autor, trátase dun inventario das obras traducidas ou versionadas do alemán para o galego entre as datas sinaladas no título. Comeza por sinalar o coñecemento do alemán que había no séc. XIX e o seu ensino e como repercutiu na publicación de obras alemás en lingua galega. Así, en 1899 publícase en *O Tío Marcos da Portela* o relato “O doutor sábeo-todo” dos irmáns Grimm e en 1890 en *A Monteiro* aparece traducido ao galego un poema de Heine, se ben posiblemente se trate de traducións feitas a través do castelán. O coñecemento do alemán no séc. XIX débese basicamente aos homes de ciencia que acoden a Alemaña “en busca de coñecemento e aprenderán a lingua, [...] e tentarán que os seus discípulos aprendan ese idioma” (p. 430). Mais as versións en galego de obras alemás medran a partir da creación das Irmandades da Fala, aumentando o número de traducións a medida que se avanza no tempo, se ben cómpre ter en conta a paralización que supuxo a ditadura e o novo pulo que experimentaron a partir de 1950. Ofrécese unha extensa relación das obras traducidas do alemán para o galego ata 1996, que inclúe poesía, narrativa e teatro.

## 83 A interpretación

719. BACIGALUPE, Luís Alonso / CRUCES COLADO, Susana / MASCUÑÓN TOLÓN, Sylvie: “A interpretación en Galiza: unha profesión emerxente”, *Viceversa*, 9-10, 2003-04:11-30.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL



Balance dos primeiros dez anos de historia da Licenciatura de Tradución e Interpretación na Universidade de Vigo. Descríbese que é a interpretación e as distintas técnicas existentes, así como os ámbitos en que se desenvolve. Os autores sinalan que a interpretación non é unha simple transferencia lingüística, senón unha comunicación intercultural. Subliñan, ademais, a importancia de contar con intérpretes nun ámbito como o galego, que ten dúas linguas co-oficiais.

## 84 A dobraxe

720. PÉREZ FAXIL, Pilar: “Algúns recursos expresivos na dobraxe ó galego”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:389-397. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_2.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIAFÁSICA

A través da análise dunha serie de películas dobradas ao galego e partindo do suposto de que o estilo xeral das dobraxes que actualmente se emiten pola TVG debe “basarse na realidade viva e plural de situacións comunicativas no noso idioma e nos recursos dos que botan man os falantes para establecer comunicacións eficaces” (p. 389), a autora trata de “facer unha pequena avaliación [...] dalgúns dos recursos expresivos habitualmente empregados nesta clase de producións audiovisuais de relativamente recente aparición no noso idioma” (ibid.). Tamén xulga importante avaliar “a adecuación dalgúns destes recursos ós diferentes contextos, ás situacións comunicativas en que se producen, ás características dos interlocutores que aparecen nos actos de fala e ós rexistros esperables neses actos de fala” (ibid.). O obxectivo desta avaliación é “avanzar unha serie de orientacións que contribúan a evita-la pobreza expresiva que ás veces se detecta nestas producións que se emiten pola TVG. Con iso procurárase autenticidade nos diálogos e tenderase a facelos máis próximos e máis cribles para os telespectadores” (ibid.).

## ► 9 TECNOLOXÍAS DA LINGUAXE

### 91 Recursos de axuda á edición

#### 911 Verificación ortográfica: Recursos, informes e estudos

**721.** *Imaxin 2.mil: Corrector de Galego de Office 2000*, [Santiago de Compostela], Imaxin, 2001, 1 CD-ROM. | [Ed. en liña n.v.]: [s.d.], <<http://www.imaxin.com/2mil/download.htm>>, [Formato: HTML], [Consulta: 06/04/2004]. | [Ed. en liña n.v.]: [s.d.], <<http://www.edu.xunta.es/ftpserver/portal/DXPL/2mil.zip>>, [Formato: ZIP], [Consulta: 06/04/2004]. | Nova versión: *2.mil3: Actualización do Corrector de Galego para Office 2000, Office XP e Office 2003*, [Santiago de Compostela], Imaxin, 2004, 1 CD-ROM. | [Ed. en liña n.v.]: [s.d.], <<http://www.imaxin.com/corrector2mil3.asp>>, [Formato: ZIP], [Consulta: 09/06/2006]. | [Ed. en liña n.v.]: [s.d.], <<http://www.edu.xunta.es/portal/>>, [Formato: ZIP], [Consulta: 09/06/2006].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA

Deseñado para o paquete Office de Microsoft ou calquera das súas aplicacións (MS Word, MS Access, MS Excel, MS Powerpoint, MS Outlook) coa finalidade de integrar o galego como un idioma máis das opcións de corrección. Baséase no *Vocabulario ortográfico da Lingua Galega* (1989, vid. *BILEGA* 288) elaborado polo ILG e procesa máis de 46.000 palabras válidas por minuto, permitindo diversos tipos de corrección (erros ortográficos, palabras incorrectas, palabras repetidas, dialectalismos, formas de plural, erros complexos, etc.) e a función de hifenización. Inclúe un dicionario personalizable e permite inserir dicionarios externos. Requisitos recomendados: 1) Computador Pentium II a 233 Mhz. ou superior, con lector de CD-ROM; 2) Sistema operativo Windows; 3) Ter instalado o paquete Office 2000 ou calquera das súas aplicacións. A actualización *2.mil3* está adaptada ás normas ortográficas e morfolóxicas aprobadas pola RAG en xullo de 2003 [vid. entrada 456] e funciona cos paquetes sinalados no título, pero para o correcto funcionamento no paquete Office 2000 é necesario ter instalado previamente a versión do corrector *2.mil*.

Recs.: *O Cartafol*, 1, 2001, <<http://ocartafol.usc.es/pasafolla.asp?OCartafol=1>>, [Consulta: 25/11/2005].

**722.** VILARES FERRO, Manuel / OTERO, J. / BARCALA, Francisco Mario / DOMÍNGUEZ NOYA, Eva: “Automatic Spelling Correction in Galician”, en José Luis Vicedo, Patricio Martínez-Barco, Rafael Muñoz e Maximiliano Saiz Noceda (eds.), *Advances in Natural Language Processing: 4th International Conference, EsTAL 2004 (Alicante, Spain, October 20-22, 2004): Proceedings*, Berlin / Heidelberg / New York, Springer, 2004:45-57 (= *LNAI*; 3230).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA

Descrición dunha proposta de sistema de corrección ortográfica automático para o galego. O obxectivo dos autores é poñer de manifesto a flexibilidade dunha nova técnica que ofrece unha calidade equivalente ás estratexias globais, pero cun custo computacional moito menor. Para desenvolvela aproveitan a información gramatical que contén o recoñecedor e que permite recoller dinamicamente información situada á dereita e á esquerda do lugar dunha palabra en que se detén o recoñecemento,

na medida en que esa información se podería considerar relevante para o proceso de corrección. As probas experimentais realizadas demostran a validez desta aproximación con respecto ás anteriores, atendendo ao rendemento e aos custos [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

## 92 Lingüística de corpus

### 921 Recursos

#### 9211 Corpus monolingües

**723.** LÓPEZ PEREIRA, José Eduardo (dir.) et. al.: *CODOLGA: Corpus Documentale Latinum Gallaeciae*, [Ed. en liña n.v.]: [Santiago de Compostela], Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2004-, <<http://corpus.cirp.es/codolga>>, [Consulta: 01/10/2004].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. P | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Proxecto que se está a desenvolver no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e cuxo obxectivo é constituír un corpus textual coa totalidade da documentación medieval escrita en latín relacionada con Galicia, desde o séc. VIII ata o XV (ambos os dous incluídos). Abrangue os textos recollidos nos cartularios e coleccións documentais dos centros monásticos, así como os documentos das sés catedralicias de Santiago de Compostela, Mondoñedo, Lugo, Tui, Ourense e Astorga, e documentos doutras institucións. O proxecto está a materializarse na base de datos *GALADOC*, en continua ampliación e revisión, que conta actualmente con case 10.000 documentos que conteñen uns 8.000.000 de rexistros e reflicten o contido de 144 edicións. Co buscador *CODOLGA* é posible realizar buscas na base de datos *GALADOC* de calquera palabra, parte de palabra ou conxunto de palabras segundo diversos criterios. No equipo de investigación que desenvolve este recurso participan ou participaron Xosé Luís Couceiro Pérez, José Manuel Díaz de Bustamante, Fernando López Alsina, Francisco Carrillo Boutoureira, Mar Sueiro Pena e María Inés Verde Pena.

**RECS.:** Dieter Kremer, "Corpus Documentale Latinum Gallaeciae (GALADOC)", *Galicien Magazin*, 13, 2002:58-66. [Ed. facs. en liña n.v.]: [Trier], Galicien-Zentrum der Universität Trier, [2005], <<http://www.uni-trier.de/uni/fb2/romanistik/galicia/pdf/galicien-magazin13.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 24/10/2005].

**724.** ROJO, Guillermo (dir.) / LÓPEZ MARTÍNEZ, María Sol (dir.) / GARCÍA GONDAR, Francisco (dir.) / DOMÍNGUEZ NOYA, Eva (coord.) / BARCALA, Francisco Mario (software e xestión informática) et. al.: *CORGA: Corpus de Referencia do Galego Actual*, [Ed. en liña n.v. da versión 1]: [Santiago de Compostela], Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, [2001-04], <<http://corpus.cirp.es/corga>>, [Formato: SGML], [Consulta: 30/06/2006]. | [Ed. en liña n.v. da versión 1.1.1]: [2004-], <<http://nunes.cirp.es/corgaxml/>>, [Formato: XML], [Consulta: 31/08/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO CIENTÍFICO-TÉCNICO, REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO), LINGUA LITERARIA

Proxecto iniciado en 1994 co obxectivo de ofrecer en formato electrónico unha colección de textos do galego moderno producidos a partir de 1975, lematizados e anotados morfolóxica e sintacticamente.

Os textos foron seleccionados con criterios suficientemente amplos como para poder seren considerados representativos do uso lingüístico do galego actual. A primeira versión do *CORGA* consta dun total de 17.646.907 formas gráficas (excluídas as cifras), que corresponden a 329.803 formas distintas. A segunda versión -en cuxa ampliación se traballa actualmente- consta de 13.323.093 formas gráficas (excluídas as cifras), que corresponden a 266.282 formas distintas. Nela están xa procesados 378 xornais, 85 revistas e 145 libros. Arestora *CORGA* aínda non contén ningún tipo de anotación lingüística, de tal xeito que só é posible facer buscas por palabras, combinacións de palabras ou patróns de palabras illados ou en distintas combinacións, mediante a utilización de operadores lóxicos. No equipo de investigación que desenvolve este recurso participan actualmente ou participaron os seguintes bolseiros do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades: María Teresa Araújo García, Xosé Bestilleiro Bello, Cristina Blanco González, Amparo Cereixo Silva, Inés Diz Gamallo, Sandra Domínguez Carreiro, Beatriz Fernández Paredes, Susana Ferreiro García, Susana García Rodríguez, Sonia Gómez Castro, Déborah González Martínez, Ana Ledo Villaverde, Belén López Gómez, Mónica Martínez Baleirón, María Teresa Monteagudo Cabaleiro, Xesús Mosquera Carregal, Luísa Pita Rubido, Antón Porto Sánchez, Damián Suárez Vázquez, Sonia Varela Pombo, Pilar Vázquez Grandas e Susana Vázquez Recarey.

**725.** SANTAMARINA, Antón (dir.) / REGUERA LÓPEZ, Arturo (software para concordar e lematizar) / IMAXIN SOFTWARE (software para a visualización a través da Internet): *TILG: Tesouro Informatizado da Lingua Galega*, [Ed. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega, [2003-], <<http://www.ti.usc.es/TILG/>>, [Consulta: 31/08/2004].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO CIENTÍFICO-TÉCNICO), LINGUA LITERARIA

Riquísima base de datos de voces galegas tiradas de textos datados dende 1612 ata a actualidade. Foi concibida como corpus para a elaboración dun dicionario, pero o autor subliña tamén a súa posible utilidade para a realización doutros traballos lingüísticos. O proxecto iniciouse en 1985 e segue aberto. Na versión actual conta con 11.409.358 rexistros e 90.000 lemas. No desenvolvemento deste recurso formaron ou forman parte do equipo de traballo como colaboradores as seguintes persoas: Daniel Asoy Vidal, María Xesús Bugarín López, Luz Curés Vázquez, Luciano Fernández Martínez, Carme Fernández Rodríguez, Ana Belén Fortes López, Xesús García Amboage, Maricarme García Ares, Delio García Represas, Carme González Bueno, Alberte González Montañés, Fátima Miguéns Horta, Margarita Neira López, Xosé Manuel Pérez Sardiña, Fátima Rodríguez Ruibal, María Belén Rodríguez Suárez, Rosa Salgueiro Salgueiro, Remedios Sánchez Estévez, María Victoria Sánchez Regueiro, Miguel Seoane García, Anxos Sobriño Pérez, Balbino Testa Fernández, Afonso Toimil Castro, Ana Vidal Meixón, Silvia Viso Pérez.

RECS.: *Agália*, 77-78, 2004:260.

**726.** VARELA BARREIRO, Xavier (dir.) et al.: *TMILG: Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega [Versión 1.0.4]*, [Ed. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega, 2004-, <<http://corpus.cirp.es/tmilg/>>, [Formato: XML], [Consulta: 30/09/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 4. ME | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO), LINGUA LITERARIA

Ofrece en formato electrónico unha importante colección de textos galegos datados entre o séc. XIII e principios do séc. XVI. Polo momento inclúe a totalidade das obras non notariais e unha boa parte das notariais (85%). Contén uns 12.500 documentos en que se achán máis de sete millóns de formas. O sistema de consulta permite buscar unha ou varias palabras, facer buscas booleanas e empregar comodíns. Ademais, pódense refinar as buscas facendo restricións cronolóxicas, por xénero, por subxénero ou por obra. No equipo filolóxico e paleográfico do proxecto figuran os seguintes investigadores: Ramón Lorenzo Vázquez, Xosé Luís Couceiro Pérez, María Sol López Martínez, Ramón Mariño Paz, Eduardo Moscoso Mato, José Antonio Puentes Romay, Alexandre Rodríguez Guerra, Carme Silva Domínguez, Xavier Balsas Barbeira, María Xesús Bello Rivas, Xosé Bestilleiro Bello, Manuel Blanco López, Alexandra Cabana Outeiro, Amparo Cereixo Silva, Ana Escourido Pernas, Sonia Gómez Castro, Ana González Iglesias, Ricardo Gutiérrez Pichel, Clemente López Leizán, Liliana Martínez Calvo, Paulo Martínez Lema, Vicenta Outeiro Suárez, María do Carme Pérez Picallo, Ana Belén Rey Rodríguez, Xoán Carlos Rodríguez Pérez, Xosé Soto Andión, Marta Souto Vaqueiro, Damián Suárez Vázquez, Valentina Veiga Alonso, Ana Vidal Meixón.

**727.** XAVIER, Maria Francisca: *CIPM: Corpus Informatizado do Português Medieval*, [Ed. en liña n.v.]: Lisboa, Universidade Nova de Lisboa, Faculdade de Ciências Sociais e Humanas, 2003-, <<http://cipm.fcsh.unl.pt/>>, [Consulta: 16/08/2004].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. PORTUGUÉS | 4. PM | 5. LINGUA ESCRITA

Proxecto iniciado en 1993. Contén textos latino-romances do séc. IX ao séc. XII e textos galego-portugueses e portugueses do séc. XII ao séc. XVI. Ata 2003 incluíronse textos notariais, cronísticos e de prosa didáctico-moral xa publicados ou fornecidos polos propios editores.

## 9212 Corpus multilingües

**728.** SEMINARIO DE LINGÜÍSTICA INFORMÁTICA DA UNIVERSIDADE DE VIGO: *CLUVI: Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo*, [Ed. en liña n.v.]: [Vigo], Universidade de Vigo, Seminario de Lingüística Informática, [2003-], <<http://sli.uvigo.es/CLUVI>>, [Formato: XML/TMX], [Consulta: 31/08/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO CIENTÍFICO-TÉCNICO, REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO), LINGUA LITERARIA

Corpus constituído por un conxunto de memorias de tradución de rexistros especializados, que se pode consultar a través dunha interface web que permite facer buscas simples e complexas (con comodíns) de palabras illadas ou de secuencias de palabras, para obter as equivalencias bilingües / plurilingües dos termos pescudados nos seus contextos de uso, en traducións reais e documentadas. A web é especialmente útil como dicionario bilingüe e tamén funciona como un dicionario de frases. O número de obras aliñadas e os pares de linguas dispoñibles aumenta con regularidade, pois o *CLUVI* é aínda un corpus en construción. No seu estado actual, os textos do *CLUVI* con presenza do galego pertencen a cinco rexistros especializados (económico, literario, xurídico-administrativo, xornalístico e de informática) e a cinco combinacións lingüísticas verbo do galego (galego-castelán, francés-galego, inglés-galego, inglés-galego-francés-castelán, alemán-galego). Repártense en oito subcorpus: *EGAL* [corpus paralelo de economía galego-castelán (2004-, entrada 729), con 718.642 formas], *FEGA* [corpus

paralelo de textos literarios francés-galego (2004-, entrada 730), con 1.267.119 formas], *TECTRA* [corpus paralelo de textos literarios inglés-galego (2003-, entrada 731), con 1.476.020 formas], *UNESCO* [corpus paralelo de textos de divulgación científica inglés-galego-francés-castelán (2004-, entrada 732-1), con 3.724.620 formas], *VEIGA* [corpus paralelo de subtitulación de películas inglés-galego (2003-, entrada 732-2), con 78.032 formas], *LEGA* [corpus paralelo de textos xurídico-administrativos galego-castelán (2003-, entrada 733), con 5.877.769 formas], *DEGA* [corpus paralelo de textos literarios alemán-galego (2006-, vid. *BILEGA* 13536), con 76.364 formas], *LOGALIZA* [corpus paralelo de localización de software inglés-galego (2006-, vid. *BILEGA* 13537), con 1.701.834 formas]. Na data da última consulta os textos con presenza do galego contiñan un total de 14.920.400 formas.

**RECS.:** *O Cartafol*, 13, 2004, <[http://ocartafol.usc.es/con\\_creto.asp?OCartafol=13&Artigo=80](http://ocartafol.usc.es/con_creto.asp?OCartafol=13&Artigo=80)>, [Consulta: 30/11/2005].

**729. SEMINARIO DE LINGÜÍSTICA INFORMÁTICA DA UNIVERSIDADE DE VIGO:** *Corpus EGAL de economía galego-español*, [Ed. en liña n.v.]: [Vigo], Universidade de Vigo, Seminario de Lingüística Informática, [2004-], <<http://sli.uvigo.es/CLUVI>>, [Formato: XML/TMX], [Consulta: 31/08/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO CIENTÍFICO-TÉCNICO)

Subcorpus paralelo integrado no *CLUVI: Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo* (2003-, entrada 728). Na data da última consulta contiña 718.642 formas. A interface web permite facer buscas simples e complexas (con comodíns) de palabras illadas ou de secuencias de palabras, para obter as equivalencias bilingües dos termos pescudados nos seus contextos de uso, en traducións reais e documentadas.

**730. SEMINARIO DE LINGÜÍSTICA INFORMÁTICA DA UNIVERSIDADE DE VIGO:** *Corpus literario FEGA francés-galego*, [Ed. en liña n.v.]: [Vigo], Universidade de Vigo, Seminario de Lingüística Informática, [2004-], <<http://sli.uvigo.es/CLUVI>>, [Formato: XML/TMX], [Consulta: 31/08/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Subcorpus paralelo integrado no *CLUVI: Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo* (2003-, entrada 728). Na data da última consulta contiña 32.796 unidades de tradución con 1.267.119 formas (658.221 do francés e 608.898 do galego). A interface web permite facer buscas simples e complexas (con comodíns) de palabras illadas ou de secuencias de palabras, para obter as equivalencias bilingües dos termos pescudados nos seus contextos de uso, en traducións reais e documentadas.

**731. SEMINARIO DE LINGÜÍSTICA INFORMÁTICA DA UNIVERSIDADE DE VIGO:** *Corpus literario TECTRA inglés-galego*, [Ed. en liña n.v.]: [Vigo], Universidade de Vigo, Seminario de Lingüística Informática, [2003-], <<http://sli.uvigo.es/CLUVI>>, [Formato: XML/TMX], [Consulta: 31/08/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Subcorpus paralelo integrado no *CLUVI: Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo* (2003-, entrada 728). Na data da última consulta contiña 51.096 unidades de tradución con 1.476.020 formas (758.575 do inglés e 717.445 do galego). A interface web permite facer buscas simples e complexas (con comodíns)

de palabras illadas ou de secuencias de palabras, para obter as equivalencias bilingües dos termos pescudados nos seus contextos de uso, en traducións reais e documentadas.

**732-1.** SEMINARIO DE LINGÜÍSTICA INFORMÁTICA DA UNIVERSIDADE DE VIGO: *Corpus UNESCO inglés-galego-francés-español de divulgación científica*, [Ed. en liña n.v.]: [Vigo], Universidade de Vigo, Seminario de Lingüística Informática, [2004-], <<http://sli.uvigo.es/CLUVI>>, [Formato: XML/TMX], [Consulta: 31/08/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO CIENTÍFICO-TÉCNICO)

Subcorpus paralelo integrado no *CLUVI: Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo* (2003-, entrada 728). Na data da última consulta contiña 3.724.620 formas. A interface web permite facer buscas simples e complexas (con comodíns) de palabras illadas ou de secuencias de palabras, para obter as equivalencias plurilingües dos termos pescudados nos seus contextos de uso, en traducións reais e documentadas.

**732-2.** SEMINARIO DE LINGÜÍSTICA INFORMÁTICA DA UNIVERSIDADE DE VIGO: *Corpus VEIGA de subtitulación de películas inglés-galego*, [Ed. en liña n.v.]: [Vigo], Universidade de Vigo, Seminario de Lingüística Informática, [2003-], <<http://sli.uvigo.es/CLUVI>>, [Formato: XML/TMX], [Consulta: 31/08/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA

Subcorpus paralelo integrado no *CLUVI: Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo* (2003-, entrada 728). Na data da última consulta contiña 8.717 unidades de tradución con 78.032 formas (43.423 do inglés e 34.609 do galego). A interface web permite facer buscas simples e complexas (con comodíns) de palabras illadas ou de secuencias de palabras, para obter as equivalencias bilingües dos termos pescudados nos seus contextos de uso, en traducións reais e documentadas.

**733.** SEMINARIO DE LINGÜÍSTICA INFORMÁTICA DA UNIVERSIDADE DE VIGO: *Corpus xurídico LEGA galego-español*, [Ed. en liña n.v.]: [Vigo], Universidade de Vigo, Seminario de Lingüística Informática, [2003-], <<http://sli.uvigo.es/CLUVI>>, [Formato: XML/TMX], [Consulta: 31/08/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Subcorpus paralelo integrado no *CLUVI: Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo* (2003-, entrada 728). Na data da última consulta contiña 132.690 unidades de tradución con 5.877.769 formas. (2.819.950 do galego e 3.057.819 do inglés) A interface web permite facer buscas simples e complexas (con comodíns) de palabras illadas ou de secuencias de palabras, para obter as equivalencias bilingües dos termos pescudados nos seus contextos de uso, en traducións reais e documentadas.

## 922 Informes e estudos

**734.** AGUIRRE MORENO, José Luís / ÁLVAREZ LUGRÍS, Alberto / BRAGADO TRIGO, Iago / CASTRO PENA, Luz / GÓMEZ GUINOVART, Xavier / GONZÁLEZ LOPO, Santiago / LÓPEZ LÓPEZ, Ángel



/ PICHEL CAMPOS, José Ramom / SACAU FONTENLA, Elena / SANTOS SUÁREZ, Lara: “Alinhamento e etiquetagem de corpora paralelos no CLUVI (*Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo*)”, en José João Almeida (ed.), *CP3A 2003: Workshop em Corpora Paralelos, Aplicações e Algoritmos Associados (Braga, 3 de Junho)*, Braga, Universidade do Minho, 2003:33-47. | [Ed. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Seminario de Lingüística Informatica, 2004, <<http://webs.uvigo.es/sli/>>, [Formato: PDF], [Consulta: 20/07/2004].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA

Presentación do etiquetario morfosintáctico utilizado no Seminario de Lingüística Informática da Universidade de Vigo (SLI) para a anotación lingüística do *CLUVI: Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo* (2003-, entrada 728). No momento de ser redactado este traballo, os textos da sección escrita do *CLUVI* pertencían a catro rexistros especializados (xurídico-administrativo, xornalístico, informático e literario) e a tres combinacións lingüísticas verbo do galego (monolingüe galego, tradución galego-castelán e tradución inglés-galego), cun total aproximado de 4 millóns de palabras. Repártense en catro subcorpus, cada un deles con arredor de 1 millón de palabras: *TECTRA* (corpus paralelo de textos literarios inglés-galego), *LEGA* (corpus paralelo de textos xurídico-administrativos galego-castelán), *XIGA* (corpus monolingüe de textos sobre informática en galego) e *MEGA* (corpus monolingüe de linguaxe dos medios de comunicación social). Na exposición ofrécese: 1) unha descrición do etiquetario morfosintáctico para a lingua galega elaborado polo SLI consonte as directrices europeas establecidas por *EAGLES (Expert Advisory Group on Language Engineering Standards)*; 2) as correspondencias entre o etiquetario do galego e o etiquetario intermedio proposto polo *EAGLES* como representación lingüísticamente neutral do conxunto de pares atributo-valor que describen a información lingüística codificada nas etiquetas; 3) a metodoloxía desenvolvida polo SLI e a empresa Imaxin Software para a lematización e etiquetaxe morfosintáctica da sección galega do *CLUVI*; 4) a aplicación web deseñada polo SLI para a consulta pública dos corpora paralelos do *CLUVI*.

**735.** DÍAZ DE BUSTAMANTE, José Manuel: “Noticia e presentación dunha nova ferramenta de investigación: *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae (CODOLGA)*”, *Compostellanum*, IL/3-4, 2004:755-762.

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓ | 2. ÁMB. GALEGO | 4. P | 5. LINGUA ESCRITA

Describe o contido e as distintas fases do proceso de creación da base de datos *GALADOC: Gallaecia Latinae Documenta*, que se está a desenvolver no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Esta base de datos constitúe a materialización do proxecto *CODOLGA: Corpus Documentale Latinum Gallaeciae*, accesible a través da Internet desde 2004 [vid. entrada 723] e cuxa estrutura e posibilidades de explotación tamén se describen neste traballo. O autor subliña que o corpus textual reunido neste proxecto é “unha ferramenta útil para investigacións de todo tipo: o sistema informático no que se basea a enorme cantidade de documentación recollida permitirá facer todo tipo de buscas, clasificacións, índices e concordancias léxicas, a través das que será posible analizar os fenómenos fonéticos, morfolóxicos, sintácticos e semánticos do latín medieval en Galicia, fundamentais mesmo para o coñecemento das orixes da lingua galega: por isto, o *CODOLGA* engloba unha sección adicada aos estudos *etimolóxicos* galegos que, a partir duns índices de toponimia e antroponimia, senta as bases do estudio e localización etimolóxica dos nomes de persoa e lugar citados na documentación” (p. 755-756). Por outra banda, “[n]un terreo máis especificamente lingüístico e documental, esta base textual servirá [...] para realizar estudos léxicos e semánticos cara á investigación da terminoloxía en

diversos campos: pesos, medidas, ferramentas, obxectos de culto, roupas, lingua xurídica e relixiosa, así como a análise de fórmulas e estruturas documentais na busca de posibles interpolacións ou falsificacións” (p. 756).

**736.** GÓMEZ GUINOVART, Xavier / SACAU FONTENLA, Elena: “Métodos de optimización de la extracción de léxico bilingüe a partir de corpus paralelos”, *PLN*, 33, 2004:133-140. | [Ed. en liña n.v.]: [2004], <<http://www.sepln.org/revistaSEPLN/revista/33/33-Pag133.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 16/04/2005]. | [Ed. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Seminario de Lingüística Informática, [2004], <<http://webs.uvigo.es/sli/>>, [Formato: PDF], [Consulta: 31/08/2004].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA

Preséntanse as estratexias adoptadas na extracción de léxico bilingüe inglés-galego a partir do *CLUVI: Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo* (2003-, entrada 728), elaborado polo Seminario de Lingüística Informática. Coa intención de minimizar as desviacións derivadas das asimetrías típicas dos corpus paralelos constituídos por textos orixinais e traducións (adición, supresión ou reordenamento de segmentos de tradución), os autores deseñaron estratexias para optimizar a extracción automática de léxico bilingüe inglés-galego. O traballo complétase coa inclusión dun apartado dedicado a avaliar os resultados da devandita extracción (Adaptación do resumo que aparece na publicación) [P.M.F.].

**737.** GÓMEZ GUINOVART, Xavier / SACAU FONTENLA, Elena: “Parallel Corpora for the Galician Language: Building and Processing of the CLUVI (*Linguistic Corpus of the University of Vigo*)”, en Maria Teresa Lino, Maria Francisca Xavier, Fátima Ferreira, Rute Costa e Raquel Silva (eds.), *Proceedings of the 4th International Conference on Language Resources and Evaluation, LREC 2004 (Lisboa, 26-28 May 2004)*, IV, Paris, European Language Resources Association (ELRA), 2004:1179-1182. | [Ed. dix.]: Paris, European Language Resources Association (ELRA), 2004, 1 CD-ROM. | [Ed. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Seminario de Lingüística Informática, 2004, <<http://webs.uvigo.es/sli/>>, [Formato: PDF], [Consulta: 20/07/2004].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA

Descrición da metodoloxía desenvolvida polo Seminario de Lingüística Informática da Universidade de Vigo para a construción e procesamento do *CLUVI: Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo* (2003-, entrada 728). Para a lematización e a etiquetación morfosintáctica dos textos empregouse o estándar XML e un conxunto de etiquetas elaborado polo propio Seminario, a partir das recomendacións de *EAGLES (Expert Advisory Group on Language Engineering Standards)*. Amósanse as características do formato TMX, que constitúe o sistema de codificación estándar en linguaxe XML para as memorias de tradución e corpus paralelos, con independencia da aplicación utilizada, e as solucións adoptadas no *CLUVI* para codificar as equivalencias de tradución, cando a correspondencia entre o orixinal e a tradución non é directa debido á omisión, adición ou reordenación de frases na tradución. Tamén se presenta a solución adoptada para unir a información morfosintáctica coa relativa ás equivalencias de tradución, así como as técnicas computacionais e lingüísticas empregadas para xerar dicionarios bilingües baseados en corpus. Por último, descríbese a aplicación web creada para facilitar o acceso libre a través da Internet aos corpus paralelos que constitúen o *CLUVI*.

**738.** GÓMEZ GUINOVART, Xavier / SACAU FONTENLA, Elena: “Técnicas de procesamento lingüístico-computacional de corpus paralelos no CLUVI (*Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo*)”, [Ed. en liña n.v.]: Vigo, Universidade de Vigo, Seminario de Lingüística Informática, [2004], <<http://webs.uvigo.es/sli/>>, [Formato: PDF], [Consulta: 20/07/2004].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA

Comunicación presentada no *VI Congreso de Lingüística General* (Universidade de Santiago de Compostela, 3-7 de maio de 2004). Describe a metodoloxía desenvolvida polo Seminario de Lingüística Informática da Universidade de Vigo para a construción e procesamento do *CLUVI: Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo* (2003-, entrada 728). No momento de ser redactado este traballo, os textos da sección principal do *CLUVI* pertencían a catro rexistros especializados (xurídico-administrativo, xornalístico, informático e literario) e a catro combinacións lingüísticas verbo do galego (monolingüe galego, tradución galego-castelán, tradución francés-galego e tradución inglés-galego), cunha extensión aproximada de 6 millóns de palabras. Repártense en cinco subcorpus, cada un deles con arredor de 1 millón de palabras: *TECTRA* (corpus paralelo de textos literarios inglés-galego), *FEGA* (corpus paralelo de textos literarios francés-galego), *LEGA* (corpus paralelo de textos xurídico-administrativos galego-castelán), *XIGA* (corpus monolingüe de textos sobre informática en galego) e *MEGA* (corpus monolingüe de linguaxe dos medios de comunicación social). Neste traballo amósanse as solucións adoptadas para a anotación dos seus corpus paralelos *TECTRA*, *FEGA* e *LEGA* e para a súa dispoñibilidade na web (no enderezo <<http://sli.uvigo.es/CLUVI>>).

**739.** LÓPEZ MARTÍNEZ, María Sol: “CORGA (*Corpus de Referencia del Gallego Actual*)”, en *Hizkuntza-corpusak: Oraina eta geroa (2002-10-24/25)*, [Ed. en liña n.v.]: [2004], <<http://www.uzei.com/nagusia.cfm?hizkuntza=1&orria=terminologia&atala=ponentziak>>, [Formato: PDF], [Consulta: 31/12/2004].

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA

Descrición sumaria das características do *CORGA: Corpus de Referencia do Galego Actual* (2001-, entrada 724), proxecto que se está a desenvolver no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Constituído por textos datados entre 1975 e 2002, se ben o carácter aberto do proxecto permite a inclusión de novos textos; trátase sempre de textos publicados que, no caso de teren máis dunha edición, figuran no corpus coa primeira. Aparecen clasificados segundo o medio (xornal, revista e libro) e os temas (economía e política, cultura e artes, ciencias sociais, ciencia e tecnoloxía e outros), o cal permite buscas selectivas. No momento en que foi redactado este artigo, *CORGA* constaba de 17'5 millóns de formas ortográficas [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

**740.** PALACIOS MARTÍNEZ, Ignacio M. / MARTÍNEZ INSUA, Ana E.: “Corpus Linguistics and Language Teaching”, en Teresa Amado Rodríguez, Concepción Cabrillana Leal, Eva Castro Caridad, Cecilia Criado Boado e Amelia Pereiro Pardo (eds.), *Iucundi acti labores: Estudios en homenaxe a Dulce Estefanía Álvarez*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, Servizode Publicacións e Intercambio Científico, 2004:168-179 (= *Homenaxes*).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

Despois dunha breve introdución sobre o estatus da Lingüística de corpus e dos tipos de corpus actualmente existentes, estúdanse as distintas posibilidades de aplicación dos corpus lingüísticos no ensino

de primeiras e segundas linguas. Con este obxectivo, lévase a cabo unha aproximación ao concepto de *Learner Corpus*, acompañada dunha listaxe de recursos deste tipo actualmente existentes para o inglés e dunha breve relación de corpus non especificamente deseñados para o ensino do galego e do castelán, pero que poden resultar útiles nese ámbito. Distínguense os distintos tipos de córpora “with special reference to the so called *learner corpora*” (p. 168) e sinálanse as distintas aplicacións desde o punto de vista do ensino de primeiras e segundas linguas. Entre os corpus cos que traballan os autores encóntrase o *CORGA: Corpus de Referencia do Galego Actual* (2001-, entrada 724), de cuxo funcionamento e posibilidades de aplicación se fai unha breve descrición. O traballo complétase cun apartado dedicado a demostrar mediante exemplos prácticos a aplicabilidade dos *Learner Corpora* e dos *Native Corpora* no ensino de linguas [P.M.F.].

Vid. tamén as entradas 566, 736.

## 94 Recuperación de información: Recursos, informes e estudos

Vid. a entrada 736.

## 96 Tecnoloxías da fala

### 961 Síntese da fala: Recursos, informes e estudos

741. GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel: “A síntese de voz en lingua galega: o proxecto Cotovía”, *RGen*, 44, 2004:199-215, il.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

Traballo que describe a arquitectura do sintetizador de voz *Cotovía*, primeira ferramenta deste tipo en lingua galega que comezou a desenvolverse no ano 1995, ao abeiro do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, por un grupo de traballo de carácter interdisciplinar constituído por lingüistas da Universidade de Santiago de Compostela e enxeñeiros de telecomunicación da Universidade de Vigo. Un sintetizador de voz é unha ferramenta que permite a conversión dun texto escrito nunha cadea oral, de xeito que a transferencia texto-voz poida ser levada a cabo cunha calidade aceptable sen a intervención directa do falante. Con este instrumento acádase un dos principais obxectivos para a integración do mundo tecnolóxico na sociedade: dotar ás máquinas da capacidade para emitiren mensaxes orais. *Cotovía* é un conversor texto-voz baseado na técnica de concatenación de unidades, a máis utilizado hoxe en día porque é a que permite unha maior aproximación á calidade da voz humana [Adaptación do resumo que aparece na publicación].

### 962 Conversión de texto a fala: Recursos, informes e estudos

742. FERNÁNDEZ SALGADO, Xavier: *Análise e síntese prosódica do galego para conversión texto-fala*, Tese de Doutoramento, Universidade de Vigo, Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de

Telecomunicacións, Departamento de Teoría do Sinal e Comunicacións, 2003, XXX + 270 p. | [Ed. dix.]: en *Teses de doutoramento da Universidade de Vigo: Curso 2003*, Vigo, Universidade de Vigo, [2004], 1 CD-ROM.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL/ESCRITA

Análise da entoación e da base temporal da fala a partir dun corpus de frases galegas lidas que se conxuntaron posteriormente cos datos fonético-prosódicos de duración e entoación para obter a base de datos lingüístico-prosódica empregada na investigación. O traballo iníciase cun achegamento aos conceptos básicos da prosodia: os tons e o seu significado, a representación da prosodia mediante sistemas de transcrición e a definición de unidades prosódicas. A seguir, faise unha revisión do que é un sintetizador de voz e dos algoritmos empregados na parte do procesamento acústico dos sintetizadores de texto a voz; tamén se describen as limitacións e os condicionamentos con que se atopa un estudo deste tipo. O autor emprega técnicas de análise e síntese tanto en entoación como en duración. No tocante á entoación faise primeiro unha análise da curva de entoación a distintos niveis (grupo fónico, grupo tónico e alofónico) para descubrir os patróns entonativos. A partir desta información desenvólvense varios modelos de síntese automática da curva de entoación, entre os que destaca o *modelo xerárquico*. Verbo da duración, o autor propón tres modelos para a asignación de duración á síntese de voz: 1) o baseado en *curvas de ritmo*, que intenta transplantar patróns de duración normalizados no nivel do grupo tónico; 2) o baseado na busca en táboa, que emprega a sílaba como unidade en que se predí a duración, que é posteriormente repartida na duración de cada alófono; 3) o que ten en conta os factores de tonicidade e a posición na oración, que determinan a partición do modelo xeral en catro submodelos. A última parte do traballo está dedicada ao modelado de duración de pausas, para a que se propón un sinxelo modelo que asigna a duración final a partir dunha compoñente determinística máis unha compoñente aleatoria; deste xeito, intenta modelarse a alta variabilidade que amosan as duracións das pausas. Froito desta investigación, produciuse abondoso software informático empregado no sintetizador de texto a fala *Cotovía*, desenvolvido nun proxecto de colaboración entre o Grupo de Teoría do Sinal da Universidade de Vigo e o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades de Santiago de Compostela, así como nun analizador-sintetizador de verbos en galego [Adaptación do resumo publicado en <<http://www.duvi.uvigo.es>>].

## 97 Lexicografía computacional: Recursos, informes e estudos

Vid. as entradas 54, 152, 222-1, 223-1, 669.

## ► 10 TRABALLOS SOBRE VARIEDADES NON XEOGRÁFICAS DO GALEGO

### 101 O galego dos textos literarios e paraliterarios,

743. FERREIRO FERNÁNDEZ, Manuel: “Análise lingüística de ¡Mal ollo!...”, en Cándido A. González, ¡Mal ollo!...: *Comedia de ambiente mariñeiro*, A Coruña, Universidade da Coruña, Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística, 2004:27-35 (= *Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor. Serie azul*; 33).

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Estudo lingüístico da obra de Cándido Alfonso González, “¡Mal ollo!... Comedia de ambiente mariñeiro” (Buenos Aires, 1954), que reproduce a variante occidental do galego cos plurais en *-ns* e a terminación *-án* para masculino e feminino. A análise abrangue aspectos gráficos, fonéticos, morfosintácticos e léxicos.

744. GARCÍA LÓPEZ, José Ángel: “Análise dos niveis da lingua na obra poética en galego de Ángel Johán”, *Pontenorga*, 3, 2004:39-79.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Detallada análise das características gráficas, fonéticas, morfosintácticas e léxico-semánticas do modelo de lingua empregado polo poeta Ángel Johán (1901-1965) na súa obra en galego.

745. GIORDANO, Alberto / BATISTA RODRÍGUEZ, José Juan: *Literatura románica medieval (parte teórica)*, La Laguna, Universidad de La Laguna, Servicio de Publicaciones, 2004, 160 p. (= *Materiales didácticos universitarios. Filología*; 3).

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Manual de literatura románica medieval en que se fala das distintas áreas e tradicións en función da lingua de produción. Merecen especial atención os apdos. incluídos no capítulo dedicado á lírica galego-portuguesa (p. 91-130), onde figuran brevemente comentados aspectos filolóxicos do corpus e a presentación dos cancioneros e manuscritos transmisores das cantigas. Ao final do capítulo inclúese tamén un comentario de varias cantigas de amigo en que se presta atención a características lingüísticas relevantes.

746. LIU, Benjamin: *Medieval Joke Poetry: The Cantigas d'escarnho e de mal dizer*, Cambridge, Mass. / London: Harvard University Press, 2004, 166 p. (= *Harvard Studies in Comparative Literature*; 50).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Estudo sobre o xénero de escarnio da lírica galego-portuguesa medieval en que, entre outros temas, se analizan as referencias aos nomes propios que aparecen nestas composicións, os xogos de palabras e o recurso da *equivocatio*. Fálase da obscenidade e transgresión da cantiga B 484 / V 67 (Inc.: *Fui eu poer*

*a mão noutra di-/a*) de Afonso X o Sabio, que, polos termos que inclúe, se considera unha composición atrevida e sacrílega. Alúdese ao contacto entre linguas diversas na Península Ibérica no momento da produción da lírica galego-portuguesa, así como á recorrencia á ambigüidade semántica das cantigas de escarnio, fundamentalmente coa finalidade de facer rir ou insultar.

747. LÓPEZ CID, José Luis: “Curros Enríquez en la lírica”, *BCPMHAAOr*, XVIII/2, 1955:145-173. | [Ed. facs. dix.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Promoción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Explora a figura de Manuel Curros Enríquez (1851-1908) desde varias perspectivas. En primeiro lugar, abórdase a súa condición de humanista ao mesmo tempo romántico e positivista e de ideólogo satiricamente anticlerical. En segundo lugar, faise un máis demorado estudo da súa linguaxe. Neste estudo resáltase, por un lado, o seu emprego fluído e correcto do castelán e, por outro, no que se refire ao galego, destácase a evolución que experimentou ao longo da súa traxectoria literaria. Así, se, mercé ao seu descoñecemento dos cancioneros medievais, o galego que emprega nas primeiras obras está cheo de formas coloquiais, castelanismos e dialectalismos, en etapas posteriores verificase un afán depurador que o levou ao abandono de dialectalismos (*ahi* en lugar de *ehi*, *se ouce* en lugar de *s’oy*) e de castelanismos (*cheirosiñas* en lugar de *perfumadas*, *botarche copras* en lugar de *cantarche*), así como a mudanzas de estilo (*fúlxidos luceiros* en lugar de *ceiriños craros*, *corazón frido* en lugar de *corazón chorando*). Finalmente, inclúese un apartado dedicado aos seus críticos (Leopoldo Pedreira e o Padre Blanco García) e á influencia de Curros nos seus contemporáneos (Aureliano J. Pereira e Enrique Labarta Pose) e na actualidade [P.M.F.].

748. MEILÁN GARCÍA, Antón Xosé: “A forma de *Elexías á miña vida pequena* [de Manuel María]”, en Manuel María, *Elexías á miña vida pequena*, [Vilalba, Lugo], Instituto de Estudos Chairegos, 2004:20-25 (= *Biblioteca chairega*; 1).

1. DIVULGACIÓN/OPINIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Ofrece unha breve descrición formal dalgúns trazos fónicos, sintácticos, morfolóxicos, semánticos e estilísticos deste poemario constituído por 13 composicións elexiacas, datado en 1950 segundo o texto orixinal mecanografiado e publicado agora por primeira vez.

749. PARDO DE NEYRA, Xulio: *O labor lírico do ‘ilustrado’ cura de Fruíme: Textos galegos de Zernadas y Castro*, Santiago de Compostela, Laiovento, 2002, 380 p. (= *Ensaio*; 160). | [Reed. dos apdos. 6.2 e 7]: A Coruña, eDixital, 2004, <[http://bvg.udc.es/ficha\\_obra.jsp?id=Olal%EDdo%3C1&alias=Xulio+Pardo+de+Neyra](http://bvg.udc.es/ficha_obra.jsp?id=Olal%EDdo%3C1&alias=Xulio+Pardo+de+Neyra)>, [Formato: TXT], [Consulta: 07/03/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. E | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Estudo fundamentalmente literario que inclúe caracterización gráfica, fónica, gramatical, léxico-semántica e pragmática dos textos editados (p. 278-298).

RECS.: Teresa Seara, *Tempos Novos*, 72, 2003:69.



**750.** PENA, Xosé Ramón: “«Vós non trobades come proençal». A invención do lirismo galego(-portugués) medieval”, *A Trabe de Ouro*, 60, 2004:23-33 [455-465].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. DIACRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Presenta as ideas sobre a orixe da lírica galego-portuguesa desenvolvidas por António Resende de Oliveira en *O trovador galego-portugués e o seu mundo* (Lisboa, Noticias, 2001) e a partir delas comenta certas inexactitudes socio-históricas. Explica a adopción da lingua galega como lingua da lírica nos reinos de León e Castela e fai alusión ao “desvío galego” en relación coa lírica provenzal, reflexionando sobre a posible pegada que os provenzais deixaron na tradición galego-portuguesa e ata que punto se pode falar da elaboración dun modelo propio.

**751.** RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Mariola: “A antítese no *Cancioneiro da Ajuda*”, en *O Cancioneiro da Ajuda, cen anos despois: Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón os días 25-28 de maio de 2004*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, 2004:627-639 (= *Colección de difusión cultural*; 41).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Avalía o uso da antítese nas cantigas de amor do *Cancioneiro da Ajuda*. Despois de sentar as bases instrumentais coas que traballa, a autora explica os conceptos relacionados coa antítese: cohabitación, oxímoron e paradoxo. Canto ás porcentaxes de uso, conclúe que o 39’38% das composicións presenta este recurso (o 30’92% en rima e o 69’08% noutra posición); o oxímoron aparece no 89’88%, o paradoxo no 8’96% e a correctio no 1’6%. Na maior parte dos casos a antítese fai referencia aos sentimentos contraditorios experimentados polo trovador, establecéndose unha agrupación segundo os campos sémicos da *concordia de amor*, o *amor insatisfeito* e a *prohibición de amor*. O campo sémico do amor confórmasse cos substantivos *amor*, *prazer*, *ventura*, *ben*, *sabor*, cos verbos *prazer*, *prouguer*, *amar*, *lezer* e co adxectivo *venturado*. En oposición a estes aparecen os substantivos *coita*, *pavor*, *pesar*, *affan*, *desamor*, os verbos *soffrer*, *desamar*, *pesar* e os adxectivos *cativo*, *coitado*, *desamparado*, *desesperado*. A partir destes é posible establecer as parellas antitéticas, ás que autora engade, entre outras, *cantar / chorar*, *vida / morte*, *viver / morrer*, *nembrar / escaescer*, *loucura / cordura*, *folia / mesura*, *dar / quitar*, *prender / quitar*, *chegar / partir*, *vir / ir*.

**752.** TAVANI, Giuseppe: “O galego de Raimbaut de Vaqueiras e o provenzal de Airas Nunez”, *A Trabe de Ouro*, 60, 2004:13-22 [445-454].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. XERAL/PANROMÁNICO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: LINGUA LITERARIA

Presenta o uso monolingüe nas líricas medievais das distintas áreas románicas para despois sinalar o uso do galego-portugués por tres trobadores provenzais (Raimbaut de Vaqueiras, Bonifaci Calvo e Cerveri de Girona) e o uso do provenzal por poetas galegos (García Mendiz d’ Eixo e Airas Nunez). De todos estes casos, céntrase primeiro no descordo plurilingüe de Raimbaut de Vaqueiras, que contén toda unha cobra en galego-portugués. Fai alusión a aspectos biográficos do trovador e mais á tradición manuscrita da composición, sinalando a corrupción do texto debida aos posibles erros de copia sumados ao descoñecemento lingüístico do autor; segundo o estudoso italiano, Raimbaut non se inspirou nunha cantiga de amor determinada, senón que seguramente estivo en contacto con diversos textos. A continuación, sinala a pegada provenzal dos poetas occitanos nos trobadores galego-portugueses, exemplificada principalmente pola cantiga bilingüe B 875-876-877-878 / V 459-460-461 (Inc.: *Vi eu*,

señor, vosso bon parecer) de Airas Nunez que, segundo Tavani, foi un trobador hábil na adopción e reelaboración de versos alleos.

Vid. tamén as entradas 6, 18, 23, 79, 93, 100, 106, 108-2, 120, 122, 136, 138, 155, 157, 159-1, 163, 164, 165, 167, 168, 169-1, 169-2, 170, 171, 172, 173, 174, 175, 176, 177, 226, 227, 289, 290, 291, 316, 424, 477, 478, 479, 568, 569, 570, 571, 572, 573, 575, 576, 577, 578, 579, 580, 581, 582, 583, 584, 585, 586, 587, 588, 589, 590, 591, 592, 593-1, 593-2, 594, 595, 596, 597, 598, 599, 600, 601, 602, 603, 604, 605, 606, 607, 608, 609, 610, 611, 612, 663, 693, 694-1, 694-2, 695, 696-1, 696-2, 697, 698, 699, 700, 701, 703, 704.

## 102 O galego dos textos científico-técnicos

753. DÍAZ ABRAIRA, Carlos: “A linguaxe administrativa galega: Situación actual”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:291-296. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_2.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Análise da situación en que se encontra a linguaxe administrativa tras ser incorporado o galego a este ámbito. En opinión do autor, a lingua galega debe enfrontarse ao novo modelo de linguaxe administrativa que xa está en marcha noutros países para acadar un estilo claro e sinxelo que permita a fácil comprensión por parte de toda a sociedade. Así mesmo, o galego ten que superar o modelo e a influencia casteláns, potenciando e consolidando as formas propias.

Vid. tamén as entradas 614, 706, 707, 710.

## 1021 O galego dos textos xurídico-administrativos

754. ALMEIDA, Maria Luísa: “A estrutura textual de documentos notariais da Idade Média”, en Ana Maria Brito, Olívia Figueiredo e Clara Barros (orgs.), *Linguística Histórica e História da Língua Portuguesa: Actas do Encontro de Homenagem a Maria Helena Paiva (Faculdade de Letras da Universidade do Porto, 5-6 de Novembro de 2003)*, Porto, Universidade do Porto, Faculdade de Letras, Departamento de Estudos Portugueses e de Estudos Românicos, Secção de Linguística, [2004]:9-27.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. M | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Análise da estrutura das cartas de venda do *Livro dos Bens de D. João Peres de Portel*, datadas entre 1249 e 1284, e das lexías complexas que se repiten en cada unha das partes dos documentos. En canto á estrutura, distínguense tres partes xerais: 1) Protocolo, formado por invocación, notificación e subscrición; 2) Texto-objeto, formado por disposición, motivación, constatación, conclusión e sanción; 3) Escatocolo, subdividido en validación e local e data. As lexías complexas preséntanse organizadas segundo a parte do documento en que se empregan, como por exemplo *En nome de Deus. Amén / Esta é carta de uendiçõ e de perdurauil firmidõe / mandamos e outorgámos a fazer / e este meu sinal*, etc.

755. FERNÁNDEZ GIL Y CASAL, J.: “Aportaciones históricas (Parte primera)”, *BCPMHAOr*, XII/254, 1940:329-336. | [Ed. facs. dix.]: [Ourense], Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provincial de Ourense / Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Promoción Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, [2004], 1 DVD-ROM (= *Patrimonio bibliográfico de Galicia. Serie facsimilar*; 1).

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. E | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Analiza as formas galegas presentes nun documento castelán datado en 1484 e redactado polo notario Juan García, contraponendo a evolución da lingua galega e a portuguesa, que entre os sécs. XIII e XVI “tenían ya características distintas, conservando la primera las suyas primordiales casi sin variación, mientras la segunda adquiriría elementos que la diferenciaban de aquella” (p. 334). Analiza a forma gal. *contribuyçõ* < *CONTRIBUTIONE*, fronte á port. *contribuição*. En canto a <j> “no debió pronunciarse *d’oche* sinó *d’oxe*, mas no con el sonido un tanto áspero de la ‘x’” (p. 335). Tamén analiza o emprego da grafía <y>, que neste documento “tenía por objeto, empleada en lugar adecuado, dotar a la sílaba de que ella formaba parte del valor que a otras palabras le daba el acento prosódico” (p. 336).

756. GALANES SANTOS, Iolanda / GÓMEZ MÉIXOME, Antón / GONZÁLEZ MONTAÑÉS, Alberte / SOUTO GONZÁLEZ, Marta: *A lingua dos documentos xurídicos (Borrador)*, [Ed. en liña n.v.]: [2004], <<http://www.avogacia.org/~sal/cdcomforma/doc/aldx.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 23/09/2004].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA: INF. DIAFÁSICA (REXISTRO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO)

Céntrase na lingua empregada nos documentos xurídicos e aconsella a utilización dunha linguaxe próxima aos destinatarios. Para lograr a lexibilidade do texto sinaláanse distintos aspectos a ter en conta á hora de redactar un documento deste tipo: estruturación do texto, emprego dunha linguaxe non discriminatoria, redacción concisa en que se manteña a orde dos elementos da oración e non se abuse de subordinadas e enlaces, emprego de termos e construcións propias do galego, utilización de termos cultos e técnicos na súa xusta medida, puntuación, ortotipografía ou composición da páxina.

Vid. tamén as entradas 5, 6, 102-1, 115, 125, 126, 127, 128, 159-2, 530, 532, 533, 534, 535, 536, 542, 547, 566, 574, 615, 616, 618-1, 621, 629, 642, 643, 645, 650, 660, 662, 664.

## 103 O galego dos medios de comunicación

757. HERMIDA GULÍAS, Carme: “A lingua da publicidade”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, II, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [2004]:361-378. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [2005], <[http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego\\_historia\\_2.pdf](http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/galego_historia_2.pdf)>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/01/2005].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ESCRITA

Tras unha breve introdución sobre a publicidade e as súas repercusións lingüísticas na sociedade, a autora analiza o galego empregado nos anuncios publicitarios, en que se rexistran erros ortográficos, morfolóxicos, sintácticos, léxicos ou de expresión. Entre eles pódense sinalar os que afectan á acentuación, ao emprego de <b> / <v>, á formación do plural dalgunhas palabras, ao emprego de *lle* e *lles*, á colocación do pronome, ao emprego do infinitivo conxugado, á presenza da preposición *a* ante CDir, ao uso de castelanismos e dialectalismos, etc.

## 105 Xergas

758. HERMIDA GULÍAS, Carme: “Xergas, verbos e latíns de Galicia”, *A Trabe de Ouro*, 56, 2003:491-505. | [Reed.]: *Cotaredo*, VII, 2004:34-59. | [Ed. facs. en liña n.v. da reed.]: [2004], <<http://www.forcarei.net/cotaredopdf/COTAREDO%202004.pdf>>, [Formato: PDF], [Consulta: 13/02/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIASTRÁTICA (XERGAS)

Análise das xergas existentes en Galicia: a dos canteiros, dos albaneis, dos telleiros e dos afiadores (barallete). Todas elas teñen como idioma base o galego, o cal se reflicte na súa fonética, morfoloxía e sintaxe, foron creados por profesionais obrigados, periodicamente, a deixar o seu lugar de orixe e tiñan como obxectivo protexer a identidade do gremio; ademais, a maioría das profesións estaban desempeñadas por xente procedente de zonas moi reducidas. A perda destas variedades lingüísticas na actualidade é froito dos cambios producidos a nivel laboral. En canto á súa produción literaria, cómpre sinalar que eran variedades orais e por iso só hai literatura oral; a que se conserva escrita débese á inclusión por parte dalgunhs escritores de palabras soltas ou breves diálogos, agás no caso de Domingo Álvarez, antigo telleiro, que publicou no verbo dos telleiros algunhas colaboracións en prensa.

759. RODRIGUES GOMES, Jorge: “Três criptolectos gremiais galegos: o *verbo dos xingreiros*, a *lafrada* e o *barallete dos granhudos*”, *Agália*, 79-80, 2004:59-94.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIASTRÁTICA (XERGAS)

Estudo da creación de palabras en tres xergas galegas: a dos xingreiros, empregada polos músicos da Terra de Celanova (OU), a *lafrada* dos albaneis de Bueu (PO) e o *barallete* dos grañudos [vendedores ambulantes da Graña (Covelo, PO)]. Analiza en cada unha delas os distintos tipos de formación de léxi-

co: derivación (interna e externa), composición, préstamos e modificación semántica. Inclúe, ademais, un vocabulario dunhas 350 entradas coa correspondencia en galego común da xerxa dos xingreiros (p. 72-78), outro da lafrada con 84 entradas (p. 85-87) e, finalmente, un do barallete dos grañudos con 50 entradas (p. 91-92).

**760.** VARELA POSE, Francisco Javier: “O Latín dos canteiros en Cabana de Bergantiños = Hewer’s Latin in Cabana de Bergantiños”, *Madrygal*, 7, 2004:113-122. | [Ed. facs. en liña n.v.]: Madrid, Universidad Complutense de Madrid, Portal de Revistas Científicas Complutenses, [2005], <<http://www.ucm.es/BUCM/revistas/fil/11389664/articulos/MADR0404110113A.PDF>>, [Formato: PDF], [Consulta: 12/01/2006].

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIASTRÁTICA (XERGAS)

Descrición das características da xerxa dos canteiros de Cabana de Bergantiños (CO), tamén coñecido como *galrrucio*. Tras unha presentación das distintas hipóteses sobre a orixe destas xergas e a súa posible relación co éuscaro e outras linguas europeas, ofrécese un inventario de 47 vocábulos propios desta xerxa e compárase cos datos recollidos por Julio Ballesteros Curiel [*Verbo dos arginas (Jerga-latín de los canteros)* (1923, vid. *BILEGA* 2044)] e Feliciano Trigo Díaz [*O verbo dos arginas de Aveda: Xerxa gremial dos canteiros de Pontevedra* (1993, vid. *BILEGA* 2589)] sobre o latín dos canteiros doutras zonas de Galicia. Constátase que as diferenzas son mínimas e que todos teñen como base a lingua galega, o cal permitiría unha comunicación perfecta entre os distintos grupos.

Vid. tamén a entrada 224.

## 106 Outras variedades non xeográficas do galego

**761.** FERRO RUIBAL, Xesús: “O *Cantigueiro popular da Limia Baixa* de Xaquín Lorenzo”, *BRAG*, 365, 2004:93-122.

1. INVESTIGACIÓN | 2. ÁMB. GALEGO | 3. SINCRÓNICO | 4. C | 5. LINGUA ORAL: INF. DIATÓPICA (GALEGO CENTRAL, GALEGO OCCIDENTAL)

Describe polo miúdo a estrutura, cronoloxía e contido (toponimia, antroponimia, información etnográfica, noticias históricas) do *Cantigueiro popular da Limia Baixa* (1973, entrada 303) de Xaquín Lorenzo Fernández, riquísima compilación de 2.588 composicións recollidas da cultura oral. Tamén ofrece algunhas notas gramaticais, léxicas, fraseolóxicas, psicolingüísticas, estilísticas e ortográficas sobre a lingua das composicións.

